

PREMIOS DE INVESTIGACIÓN  
HISTÓRICA, CULTURAL  
E ETNOGRÁFICA  
CONCELLO DE FRIOL

VOLUME I





■

PREMIOS DE INVESTIGACIÓN  
HISTÓRICA, CULTURAL E ETNOGRÁFICA

# CONCELLO DE FRIOL

VOLUME I

■









PREMIOS DE INVESTIGACIÓN  
HISTÓRICA, CULTURAL E ETNOGRÁFICA

CONCELLO DE FRIOL

CRISTINA BARREIRO ABUÍN  
LAURA FERRO DEVESA  
ESTEFANÍA PENA FERRO  
BRAIS RODRÍGUEZ ROMERO  
XABIER MOURE SALGADO  
ANA FARIÑAS RODRÍGUEZ  
ALBERTA LORENZO ASPRES  
M<sup>a</sup> DEL CARMEN PRADO PENAS



PREMIO DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA, CULTURAL E  
ETNOGRÁFICA "CONCELLO DE FRIOL"

1.ª edición, marzo de 2022

Deseño e maquetación  
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Deseño de cuberta  
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Impresión e encuadernación:  
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

Coordinación:  
Xesús Rodríguez Rodríguez

Equipo de Trabajo:  
Dolores López Caión  
José Manuel Iglesias Espiño  
Mª do Mar Pérez Fra  
Montserrat Castro Rodríguez  
María de los Ángeles Buján Burgo  
Xesús Rodríguez Rodríguez

Revisión Lingüística:  
Dolores López Caión

© os autores e autoras, polos seus textos  
© fotografías e gráficos, os seus autores e autoras

Reservados todos os dereitos. Non se permite a reprodución total ou parcial desta obra, nin a súa incorporación a un sistema informático, nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, fotocopia, grabación ou outros) sen autorización previa e por escrito dos titulares do copyright. A infracción dos ditos dereitos pode constituír un delito contra a propiedade intelectual.

Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra. Pode contactar con CEDRO a través da web [www.conlicencia.com](http://www.conlicencia.com) ou por teléfono no 91 702 19 70 / 93 272 04 47.

Andavira, no seu desexo de mellorar as súas publicacións, agradecerá calquera suxerencia que os lectores fagan ao departamento editorial por correo electrónico: [info@andavira.com](mailto:info@andavira.com).

Depósito legal: C 511-2022  
ISBN: 978-84-125227-6-1

Edita: Concello de Friol

Para citar este traballo:  
Rodríguez Rodríguez, J. (Coord.) (2022). Premio de Investigación histórica, cultural e etnográfica "Concello de Friol". Friol: Concello de Friol.

# ÍNDICE XERAL

<b>Prólogo</b> .....	<b>15</b>
JOSÉ ÁNGEL SANTOS.....	15

## VOLUME I

<b>A arquitectura renacentista de índole civil e relixiosa en Friol.</b>	
<b>Posta en valor e dignificación</b> .....	<b>17</b>
CRISTINA BARREIRO ABUÍN .....	17
➤➤ 1. Introducción .....	17
➤➤ 2. Albores da construción: o castro da Castronela.....	18
➤➤ 3. A etapa medieval.....	19
3.1. A liñaxe dos Seixas .....	20
3.2. Hospital das Seixas .....	20
3.3. As loitas irmandiñas.....	21
3.4. A destrución da fortaleza.....	24
3.4.1. Os canteiros do Renacemento .....	24
3.4.1.1. Os canteiros medievais e as súas marcas ou signos lapidarios .....	24
3.4.2. Os signos lapidarios .....	25
3.4.3. Signos lapidarios nas construcións do Concello de Friol .....	28
3.5 A veciñanza da fortaleza de Pambre.....	29
➤➤ 4. A reconstrución da fortaleza: conversión a residencia palaciega .....	32
➤➤ 5. Pervivencia de elementos renacentistas na contemporaneidade.....	35
5.1. As ventás de San Paio .....	35
5.1.1. A ventá: función e utilidade.....	35
5.1.2. A ventá da torre de homenaxe: programa iconográfico.....	37
5.1.3. A ventá da rampa: programa iconográfico .....	39
5.2. Similitudes: ventás de Aranza (Baralla, Lugo) .....	40
5.3. As chemineas renacentistas de San Paio de Narla.....	46
5.3.1. A cheminea renacentista do salón principal .....	46
5.3.2. A exaltación da realeza: programa iconográfico da cheminea superior. ....	47
➤➤ 6. As chemineas no século XVI.....	49
➤➤ 7. O refinamento dos costumes no Renacemento: nova decoración.....	54
7.1. Elementos decorativos das chemineas: os dragóns .....	54
7.2. A unión do símbolo e da protección: a figa.....	59
7.3. Os dragóns: tema mitolóxico recorrente.....	61

7.4. Arquitecturas decorativas similares: Narla e Tovar.....	62
7.5. Reafirmación da nosa teoría iconográfica .....	70
➤ 8. Outras fortalezas de Friol: as ruínas do Hospital das Seixas .....	75
8.1. Os Seixas .....	75
➤ 9. San Paio de Narla e a súa presenza nos arquivos: lectura paleográfica.....	77
➤ 10. San Paio de Narla: adquisición e conversión en museo. ....	77
➤ 11. As medidas restauradoras.....	80
11.1. Estudo gráfico.....	83
11.2. Historia e idiosincrasia das torres de homenaxe. Razón de ser. ....	89
11.3. Variacións arquitectónicas: redimensionamento espacial.....	91
➤ 12. San Paio de Narla membro da Rede Museística Provincial.....	92
➤ 13. O labor de museoloxía social en San Paio de Narla.....	93
➤ 14. Actualidade do museo de San Paio De Narla.....	93
➤ 15. Conclusión.....	95
Arquitectura relixiosa renacentista: Santa María de Guimarei.....	95
➤ 1. A igrexa de Guimarei. Estudo histórico.....	95
➤ 2. A estrutura arquitectónica. Estudo formal. ....	96
➤ 3. O estudo arquitectónico de Guimarei segundo Huerta López .....	99
3.1. Marco teórico: análise límite .....	100
3.2. Estudo das patoloxías .....	100
3.3. Posible historia dos danos .....	102
3.4. Agretamento da bóveda da nave.....	103
3.5. Estabilidade .....	103
3.6. A bóveda de canón .....	103
3.7. O sistema de contrafortes .....	104
3.8. Inclinación dos estribos .....	104
3.9. Conclusión. Medidas de consolidación. ....	104
3.10. Anotacións de Huerta acerca de Guimarei .....	105
3.10.1. O estilo construtivo de Hontañón .....	106
3.10.2. O regramento: sistematización e funcionamento .....	107
3.10.3. Seguridade construtiva: o contraforte .....	108
3.10.4. O ditame construtivo do Renacemento .....	108
3.10.5. A perigosidade na construción .....	109
3.10.6. Posible historia das patoloxías.....	111
3.10.7. Posibilidades construtivas do arco.....	111
3.10.8. Planificación da construción: pasos a seguir.....	113
3.10.9. Consideracións sobre a seguridade: medidas de intervención. ....	113
3.10.10. Especificidade das medidas. ....	114
3.10.11. Conclusións .....	114
➤ 4. Desglose informativo sobre a parroquia e santuario de Guimarei.....	114
4.1. A autoría ou atribución dunha obra.....	117
4.2. Outras dependencias.....	118

➤ 5. Comparativa con outras edificacións: Santa María de Taboexa (As Neves) .....	126
➤ 6. O discípulo Juan de Álava e as súas influencias en Guimarei .....	130
6.1. O construtivo de Álava aplicable a Guimarei.....	131
➤ 7. O programa iconográfico de grutescos de Guimarei .....	142
7.1. Constantes en programas iconográficos.....	150
7.2. A aparición e xénese dos grutescos.....	155
7.3. Galería fotográfica de grutescos.....	159
➤ 8. Arquitectura civil .....	163
8.1. Os pazos de Friol: os esquencidos .....	163
8.1.1. O concepto de pazo.....	163
8.1.2. As casas fidalgas de Friol.....	168
➤ 9. Un fermoso achádego: a casa renacentista da Purreira.....	173
➤ 10. Marcas delatadoras doutro tipo de arquitecturas: os arcos conopiais e outros aditamentos. ....	177
➤ 11. Bibliografía .....	179
➤ 12. Anexos.....	187
12.1. Tipoloxía de ventás.....	187
12.2. Esquema explicativo das Torres de Allo .....	192
12.3. Detalles das ventas vellas da torre de Allo en Zas .....	193
12.4. Recetas decorativas do Renacemento: os anxelotes de San Paio Narla, dos Luaces de Mondoñedo e San Pedro de Allo.....	194
12.5. .A torre de homenaxe na arquitectura fortificada .....	195
12.6. Galería fotográfica .....	201
12.7. Arciprestados de Galicia e datos poboacionais de Friol.....	208
12.8. A xenealoxía: importante fonte auxiliar .....	212
12.8.1. A xenealoxia de Guimarei.....	212
12.8.2. A liñaxe dos Seixas.....	212
12.8.3. A árbore xenealóxica de San Paio de Narla .....	216
<b>Toponimia do Concello de Friol.....</b>	<b>219</b>
<b>LAURA FERRO DEVESA, ESTEFANÍA PENA FERRO</b>	
➤ 1. Contextualización histórica .....	219
➤ 2. Contido.....	219
1. Anafreita (San Pedro) .....	219
2. Anxeriz (Santa María) .....	222
3. Brá (San Martiño) .....	223
4. Carballo (San Xiao) .....	224
5. Carlín (Santa María) .....	226
6. Cotá (San Martiño) .....	227
7. Friol (San Xiao) .....	228
8. Guimarei (Santa María) .....	229
9. Guldriz (Santiago) .....	230

10. Lamas (Santa María) .....	231
11. Lea (San Xurxo) .....	232
12. Madelos (Santalla) .....	233
13. Miraz (Santiago) .....	234
14. Narla (San Pedro) .....	235
15. Nodar (San Mamede) .....	237
16. Ousá (San Xiao) .....	238
17. O Pacio (Santa María) .....	240
18. Prado (San Martiño) .....	241
19. Ramelle (Santa María) .....	242
20. Rocha (San Cosme) .....	243
21. Roimil (San Xiao) .....	244
22. San Cibrao da Pregación (San Cibrao) .....	245
23. Condes (San Martiño) .....	246
24. Santalla de Devesa (Santalla/Santa Eulalia) .....	248
25. Seixón (San Paio) .....	248
26. Seoane da Pregación (San Xoán) .....	249
27. Serén (Santa Cruz) .....	250
28. Silvela (Santa María) .....	251
29. Trasmonte (Santiago) .....	252
30. Vilafiz (Santa María) .....	253
31. Vilalvite (San Pedro) .....	254
32. Xiá (Santa María) .....	255
➤ 3. Bibliografía.....	258

## **As mámoas e os petróglifos do concello de Friol..... 261**

BRAIS RODRÍGUEZ ROMERO, XABIER MOURE SALGADO

➤ Presentación.....	261
➤ Xeografía .....	261
➤ O Neolítico: As mámoas.....	262
➤ As mámoas no concello de Friol .....	264
➤ A Idade do Bronce: Os petróglifos .....	266
➤ Os petróglifos do concello de Friol .....	266
➤ Parroquia de Anafreita (San Pedro).....	267
➤ Parroquia de Anxeriz (Santa María).....	270
➤ Parroquia de Bra (San Martiño).....	273
➤ Parroquia de Carballo (San Xiao) .....	275
➤ Parroquia de Carlín (Santa María).....	277
➤ Parroquia de Cotá (San Martiño) .....	278
➤ Parroquia de Friol (San Xiao).....	283
➤ Parroquia de Guimarei (Santa María) .....	287

➤ Parroquia de Guldriz (Santiago) .....	290
➤ Parroquia de Lamas (Santa María) .....	294
➤ Parroquia de Lea (San Xurxo) .....	296
➤ Parroquia de Madelos (Santalla) .....	297
➤ Parroquia de Miraz (Santiago) .....	298
➤ Parroquia de Narla (San Pedro) .....	302
➤ Parroquia de Nodar (San Mamede).....	308
➤ Parroquia de Ousá (San Xiao).....	309
➤ Parroquia de O Pacio (Santa María).....	315
➤ Parroquia de Prado (San Martiño) .....	316
➤ Parroquia de Ramelle (Santa María).....	316
➤ Parroquia de Rocha (San Cosmede).....	317
➤ Parroquia de Roimil (San Xiao) .....	318
➤ Parroquia de San Cibrao da Pregación (San Cibrao) .....	319
➤ Parroquia de San Martiño de Condes (San Martiño) .....	320
➤ Parroquia de Santalla de Devesa (Santalla) .....	323
➤ Parroquia de Seixón (San Paio).....	327
➤ Parroquia de Seoane da Pregación (San Xoán).....	328
➤ Parroquia de Serén (Santa Cruz) .....	330
➤ Parroquia de Silvela (Santa María) .....	332
➤ Parroquia de Trasmonte (Santiago).....	334
➤ Parroquia de Vilafiz (Santa María) .....	336
➤ Parroquia de Vilalvite (San Pedro) .....	339
➤ Parroquia de Xiá (Santa María) .....	341
➤ Glosario de termos.....	344
➤ Bibliografía.....	347
➤ Anexo 1.....	350

## Friol prehistórico. Un estudo dos petróglifos, túmulos e castros do

<b>concello de Friol.....</b>	<b>357</b>
ANA FARIÑAS RODRÍGUEZ .....	357
➤ 1. Introducción .....	357
➤ 2. O espazo xeográfico .....	358
➤ 3. Os petróglifos .....	359
3.1. Historiografía .....	359
3.2. Qué son os petróglifos?.....	360
3.3 Os petróglifos de Friol: unha visión de conxunto .....	362
3.4. Listaxe.....	365
➤ 4. Os túmulos.....	367
4.1. Historiografía .....	367
4.2. Que é o megalitismo? .....	368

4.3. Os túmulos de Friol: unha visión de conxunto.....	369
4.4. Listaxe.....	370
➤ 5. Os castros .....	414
5.1. Que é o mundo castrexo? .....	414
5.2. Historiografía .....	415
5.3. Os castros de Friol .....	415
5.4. Listaxe.....	416
➤ 6. Conclusións e perspectivas de futuro .....	422
➤ 7. Bibliografía.....	423
7.1. Petróglifos.....	423
7.2. Túmulos .....	425
7.3. Castros.....	426

## VOLUME II

### **Friol como paradigma de estudo do románico rural galego..... 429**

ALBERTA LORENZO ASPRES.....	429
➤ 1. Introducción .....	429
➤ 2. Influencia compostelá.....	430
San Paio de Seixón .....	432
➤ 3. Innovacións estilísticas.....	438
Santa María de Anxeriz.....	443
San Pedro de Narla.....	451
➤ 4. Últimas reminiscencias .....	458
San Pedro de Anafreita.....	460
San Mamede de Nodar.....	469
San Martiño de Prado .....	474
Santa María de Silvela.....	480
Santiago de Trasmonte .....	486
➤ 6. Conclusións.....	492
➤ 7. Bibliografía.....	492

### **Catalogación etnográfica do patrimonio hidráulico de Friol. Os muíños..... 497**

CRISTINA BARREIRO ABUÍN, M <sup>a</sup> DEL CARMEN PRADO PENAS.....	497
➤ 1. Introducción .....	497
➤ 2. Contexto histórico-social de Friol .....	497
➤ 3. As orixes dos muíños na Antigüidade.....	500
➤ 4. Os muíños .....	500
4.1. O funcionamento dun muíño .....	502
4.1.1. Tipoloxía de muíños.....	504



4.2. A pedra dos canteiros nos muíños .....	507
4.3. O labor do muiñeiro.....	509
4.4. A materia prima nos muíños: o cereal.....	510
4.5. Caso autóctono: os muíños friolenses.....	511
4.6. Situación dos muíños na actualidade.....	512
➤➤ 5. Outro patrimonio da auga: pontes, pontellas, muíños de mareas.....	513
➤➤ 6. O ambiente festivo nos muíños: as foliadas.....	514
➤➤ 7. A temática poética centrada nos muíños.....	516
➤➤ 8. Bibliografía.....	518
➤➤ 9. Apéndice: Fichas de catalogación .....	520
9.1. Muíños habilitados na actualidade como vivenda particular: concello de Friol.....	625
➤➤ 10. Galería fotográfica .....	625
➤➤ 11. Listado e fonte de autoría das imaxes da catalogación .....	733
➤➤ 12. Anexos. Croquis das principais concas fluviais do Concello de Friol.....	746



# PRÓLOGO

JOSÉ ÁNGEL SANTOS  
Alcalde do Concello de Friol

Dende o Concello de Friol estamos moi orgullosos de que este libro, que recolle os traballos de investigación premiados en estas tres primeiras edicións do PREMIO DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA, CULTURAL E ETNOGRÁFICA “CONCELLO DE FRIOL”, poida saír á luz, para que toda a poboación poida saber un pouco máis do noso pobo e da nosa contorna. Con esta publicación continuamos a darlle valor á historia, cultura e etnografía do noso municipio.

Este traballo de recompilación dos seis primeiros premios que se entregaron dende que se iniciara o certame, lévase a cabo gracias á colaboración da Asociación Carballo Vivo e a USC, co inestimable traballo e esforzo do noso “veciño” Suso Rodríguez.

Aproveito estas liñas para agradecer a todas as persoas que quixeron participar en estes premios, aportando os seus interesantes e laboriosos traballos de investigación, levados a cabo no pobo de Friol. Tamén agradecer ás persoas que actuaron como Xurado en todas as edicións, e que tomaron a difícil decisión de que estes eran os mellores traballos presentados en cada ocasión.

Os traballos premiados son os que se enumeran a continuación, e que ao longo de este libro poderán descubrir e desfrutar:

- A arquitectura renacentista de índole civil e relixiosa en Friol. Posta en valor e dignificación
- Toponimia do Concello de Friol
- As mámoas, petróglifos e os Castros do concello de Friol
- Friol prehistórico. Un estudo dos petróglifos, túmulos e castros do concello de Friol
- Friol como paradigma de estudo do románico rural galego
- Catalogación etnográfica do patrimonio hidráulico de Friol. Os muíños

Como Alcalde de este Concello, quero transmitir que a intención que temos coa publicación de estes traballos, é dar a coñecer aos nosos veciños e veciñas, e a poboación en xeral, unha pequena parte de toda a riqueza que este municipio atesoura.

Tamén espero que esta recompilación dos mellores traballos de investigación presentados e premiados, sirva de reclamo para todas aquelas persoas que aínda non tiveron o pracer de acercarse a Friol, ou aquelas que xa o fixeron, poidan e queiran repetir a visita para seguir desfrutando do noso pobo e da nosa xente. E que ao mesmo tempo, sirva para que os friolenses que vivimos aquí, e os que viven lonxe, saibamos e coñezamos un pouco máis da nosa cultura e do noso concello.

Un saúdo afectuoso para todas as persoas que teñan o pracer de ollar este libro.



# A ARQUITECTURA RENACENTISTA DE ÍNDOLE CIVIL E RELIXIOSA EN FRIOL: POSTA EN VALOR E DIGNIFICACIÓN

CRISTINA BARREIRO ABUÍN  
1º Premio de investigación do Concello de Friol

## ➤ 1. Introducción

Unha boa forma de poder opinar sobre algo é coñecelo, ter unha primeira idea de sobre que versa o asunto, por iso comezo contextualizando historicamente San Paio; máis adiante falaremos da súa importancia artística como conxunto patrimonial que se rodea dun halo de exquisita estética; tamén falaremos do seu contido museolóxico, incidindo especialmente na sección de etnografía, unha das súas salas referenciais, pois sempre estivo presente a pesares da remodelación a que, recentemente, se someteu este singular edificio.

Remontándonos na súa historia, temos que dicir que se descoñece a data exacta da construción da fortaleza de San Paio de Narla (Xiá-Friol) pero, en documentación de 1350, aparece xa citada como “rocha de nárrela” e vencellada á liñaxe dos Seixas. Derruída nas Revoltas Irmandiñas do século XV, foi reconstruída por Vasco das Seixas na centuria seguinte. Ao longo da súa historia, esta torre pertenceu a diversas familias (Ulloa, Seixas, Ordóñez...) das cales aparecen brasóns no escudo da portada.

A fortaleza de San Paio de Narla foi adquirida, e salvada da demolición, pola Deputación Provincial en 1939, grazas ás xestións de D. Manuel Vázquez Seijas. Dende entón, o edificio sufriu, en distintas etapas, diversas reparacións e restauracións e estivo realmente infrautilizado ata que no ano 1983, por iniciativa de D. Felipe Arias Vilas, quen tiña presentado na Deputación Provincial varias propostas neste senso xa dende os anos setenta, se abre o Museo Etnográfico de San Paio de Narla cun proxecto de montaxe elaborado por el mesmo, trasladando á torre boa parte dos fondos etnográficos do Museo. Con esta iniciativa corríxíase, a un tempo, o problema da infrautilización do edificio e gañábase espazo para dispoñer máis racionalmente as coleccións do Museo Provincial de Lugo. Quedaba creado así este Museo Etnográfico que dende o seu momento de creación foi xestionado dende o Museo Provincial.

A visión que temos actualmente da fortaleza de San Paio encádrase nos séculos XVI- XVIII e é un fantástico telón de fondo que dá cobixo, tal coma xa dixemos na introdución, a lendas que misturan o quimérico co real e verosímil. Arquitectonicamente consta dun gran corpo central de planta rectangular, franqueado pola torre de homenaxe e por un gran torreón, construído todo con grosos muros de cantaría nos que abundan signos lapidarios; ao final dunha rampa, con peitoril ornamentado con pináculos, están situadas a única porta de acceso a San Paio de Narla e a capela, probable obra do século XVIII. O seu interior está musealizado alternando dependencias que reflexan a vida medieval, coma un dormitorio, seccións adicadas ao liño e á recreación dunha adega, cabaleirizas que contan con xamugas, cadeiras de montar, carrozas... de impecable e interesante factura artística. Xuntamente con isto hai dúas salas onde se dispoñen tódolos útiles etnográficos cos que conta a fortaleza, divididos nunha sección de apeiros de labranza e noutra nunha cociña que conta cunha lareira na que se aprecian tódolos elementos básicos como os potes, unha filloeira, unha gramalleira, unha capoeira... Esta sala musealizouse nunha remodelación que se acometeu na fortaleza e que albergou as pezas en vitrinas debidamente acondicio-


nadas nas que se depositaron as cartelas convintes que explicaban que era cada peza, con isto gañouse en progreso e avance, ao tempo que se protexían as pezas de actos de agresión.

A fortaleza conta con restos que nos falan do seu pasado renacentista coma dúas chemineas moi ornamentadas con motivos xeométricos e quiméricos; de feito, aparecen dragóns, flores de lis, unha man simulando unha figa... ademais, conta con dúas xanelas exteriores que presentan cornixas molduradas e ornamentación a base de medallóns e bustos, un esquema repetido noutras construcións renacentistas.

## ➤➤ 2. Albores da construción: o castro da Castronela


Non cabe dúbida que toda edificación, ben sexa civil ou relixiosa, ten un comezo e uns antecedentes, mesmo incluso se chega a dar unha reutilización de elementos construtivos entre uns edificios e outros. Asemade, coa cristianización dáse un fenómeno moi característico e identitario, xa que se tende a cristianizar todo asentamento castrexo tildado de pagán e profano e que atenta co desenvolvemento do cristianismo. Na Baixa Idade Media, prodúcese unha auténtica voráxine polo control dos "locus" e a súa consecuente inmersión na cristianización.

Sen embargo, as orixes do castro da Castronela sobre o que se asenta a fortaleza son bastante incertas, o que nos leva a movernos no terreo das elucubracións e pesquisas, contando coa axuda duns planos atesourados na Real Chancillería de Valladolid que nos amosan unhas pequenas construcións que asociamos cun asentamento castrexo polo perímetro adoptado pola zona residencial de cada vivenda e pola súa curiosa teitume, un xeito peculiar de tellar as casas a base de palla. Esta é unha pista que nos permite situarnos cronolóxicamente na Idade do Ferro, constatando a evidencia da habitabilidade da zona e da consecuente evolución que se foi producindo ata a erección da fortaleza de San Paio.



Fonte: Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. Dibujo de la torre de San Payo de Narla en Giá (Lugo). Planos y dibujos, desglosados, nº 60, fecha de creación, 1510 (siglo XVI). Portal dixital PARES.

Na actualidade, inda se poden percibir restos da construción da plataforma da croa e vese, claramente, o destacamento dun promontorio que eleva e encumbra, considerablemente, a fortaleza de San Paio, dándolle un aspecto de castelo rochedo case inexpugnable. Pouco máis queda desta época tinguida de certo oscurantismo, agás un pequeno muíño circular musealizado no patio interno da fortaleza, e que presenta a súa peculiar disposición, sendo un muíño xa romanizado por ser rotatorio e non barquiforme.



Muíño circular de claustro de San Paio



Muíño barquiforme

Moer é unha das técnicas máis antigas que existen na humanidade, anterior mesmo ó cultivo dos cereais. O gran convértese en fariña mediante un sinxelo proceso mecánico: o peso e a fricción dun obxecto pesado tritura a cáscara exterior do gran e libera o “endospermo”, é dicir, o potencial nutritivo da cáscara. Durante miles de anos, polo menos dende o Natufiense<sup>1</sup> tardío, identificáronse nos xacementos arqueolóxicos instrumentos de pedra para o procesado de cereais. Nun principio, o gran machacábase sobre outra superficie acompañándose do ritmo acompasado dos brazos humanos que imprimían a forza precisa para o esmagado do gran. Pero este muíño barquiforme era moi rudimentario, lento e desgástabase no medio, dando lugar á forma polo que se coñece: naviforme ou barquiforme.

A primeira innovación chegou co muíño de manivela ou xiratorio, chamado frecuentemente muíño tipo Olinto, porque nesa zona grega se atoparon moitos. Trátase este, de San Paio, dun muíño formado por dúas pedras rectangulares situadas horizontalmente unha sobre outra, con estrías acanaladas nas superficies opostas. Implicaba dúas importantes melloras: a primeira, que tamén aparece nos outros tipos, era a creación dunha apertura na pedra superior, de modo que puidese introducir gran sen que a persoa que moese tivese que pararse constantemente para colocar novos grans na pedra inferior. En xeral, pódense distinguir tres grandes tipos de muíños a partir do século V a de C.:

1. Muíños de tolva, (mola trusatutulis)<sup>2</sup>
2. Muíños rotatorios bicónicos
3. Muíños rotatorios
  - 3.1. De tipo manual
  - 3.2. De tipo de tracción animal

### ➤➤ 3. A etapa medieval

Será a Baixa Idade Media o momento no que atopemos a meirande parte de documentación esclarecedora, mesmo incluso podemos abrir unha árbore xenealóxica posto que contamos coas nupcias de D. Vasco das Seixas e Catalina de Andrade. Precisamente agora imos falar de linaxes, posto que temos a presenza da liñaxe dos Seixas que comezamos a analizar agora mesmo.

1 Información extraída da exposición do Centrad Panem Romanorvm, celebrada dende o 23 de setembro ao 31 de novembro do 2014.

2 Información extraída da exposición do Centrad Panem Romanorvm, celebrada dende o 23 de setembro ao 31 de novembro do 2014.

### 3.1. A liñaxe dos Seixas

Rastrexar a orixe dos Seixas supón saír do concello de Friol. Esta liñaxe ten orixe toponímica que fai referencia ás formacións de “seixo” que coroan o alto do Corno do Boi, na parroquia de Merlán, pertencente ao concello de Palas de Rei. Desta zona procedían os Seixas, onde índa subsisten topónimos como Castro das Seixas, onde se ubicaba a primitiva fortaleza, Hospital das Seixas, ou tamén Pazo do Monte, vencellado á mesma liñaxe. Nestas terras enfrentáronse polo control da zona Vasco das Seixas e Gonzalo de Ozores de Ulloa (fundador do castelo de Pambre) no século XIV. Concretamente, na posición estratéxica do Corno do Boi, no Hospital das Seixas, Vasco Gómez das Seixas constrúe outra fortaleza que é demolida por Gonzalo Ozores de Ulloa, quen chegaría incluso a sitiar a fortaleza de San Paio de Narla.

A fotografía que adxuntamos está tomada no Hospital das Seixas, nun tramo do Camiño Primitivo de Santiago, no que se poden ver as formacións de seixo ás que facíamos referencia. Nesta localidade ofertábase cobixo aos peregrinos, sendo os cabaleiros templarios os que aseguraban a seguridade de tránsito cara os santos lugares. Este primitivo camiño que viña dende Oviedo, aproveitaba o trazado dunha antiga vía romana, a vía XIX do Itinerario Antonino<sup>3</sup>.

Hoxe en día, véñse diferentes vertentes colocadas en cada cornello para controlar mellor o territorio e que xeran excepcionais panorámicas. A súa ubicación lembra a dun castelo roquedo, con reminiscencias ao castelo de Rocha Forte de Santiago de Compostela, a pesar de que neste caso a orografía non era tan pronunciada e accidentada. A continuación, adxuntamos un apéndice de imaxes:



### 3.2. Hospital das Seixas

Aquí atopáñse os restos dunha das fortalezas que pertencían ao señor Vasco das Seixas a cal foi derribada por Gonzalo Ozores de Ulloa, e hoxe aprecian os seus impactantes cimentacións a base de contundentes formacións minerais de cuarzo que, por outra parte, forma parte do escudo de armas da familia dos Seixas.

Cómpre lembrar que “cuarzo” en galego cóñecese como “seixo”, de aí nace o nome desta liñaxe que se identifica como “dos Seixas”. O seixo é o mineral máis abundante, escollido como material para erixir esta fortaleza no hospital das Seixas.

3 <http://algomaisquepanequeixo.blogspot.com>



En 1985 publicábase *O castelo de Pambre*, de Antonio López Ferreiro, no que se narran os enfrontamentos entre Gonzalo Ozores de Ulloa e Vasco Gómez das Seixas no século XIV. Nesta obra, López Ferreiro demostra o profundo coñecemento que tiña da historia de Galicia. Despois da batalla de Porto de Bois (en Ponte Campaña), na que é derrotado Fernando de Castro, conde de Lemos, fronte ao primeiro conde de Trástamara, a casa de Ulloa derrúbase, e o seus dominios son repartidos: D. Pedro Enríquez, sobriño do rei Enrique II, queda con toda a Ulloa e Monterroso, e Vasco Gómez das Seixas apoderase dos demais estados que estaban ao norte do río Ulla, entre Sobrado, Melide, a Vasco Fernández (señor de Vilar de Mella), a Pedro Fernández de Sonar, a Ares Vázquez Vaamonde e a Álvaro Páez de Sotomayor, todos eles partidarios da causa de Don Pedro. Pola súa banda, Vasco das Seixas tiña como aliados a aqueles que apoiaran a causa de D. Enrique, D. Pedro Enríquez, Fernán Pérez de Andrade e afíns, procedentes de Lugo, Narla, Vilalba e Trasparga. Seguindo a obra de López Ferreiro, os enfrontamentos entre os dous nobres resólvense en catro campañas que resumo a continuación:

1ª Campaña: Gonzalo de Ozores de Ulloa ataca a fortaleza que Vasco Gómez das Seixas tiña no alto da mámoa de Losoiro (Melide, parroquia de Meire), nun punto estratéxico de gran visibilidade. Os homes de Ares Vázquez de Vaamonde atacan dende o lado norte da montaña (parroquia de Érmora), Gonzalo de Ozores dende o sueste (parroquia de Meire), e o resto das forzas dende o lado este (cara Cuíña). Ao solpor inician o ascenso. A fortaleza apenas tiña homes que a defendesen, polo que é doadamente tomada e demolida. En represalia, Vasco Gómez das Seixas ataca o Pazo de Vilar de Mella.

2ª Campaña: Toma de Curbián. En Curbián estaba o castelo máis simbólico dos Ulloa, agora en mans de Vasco das Seixas. Nun monte próximo á igrexa de Pambre reúnense preto de mil homes, mentres que dende San Justo de Repostería chegaban os homes de Álvaro Páez de Sotomayor, os de Camba e os de Deza (algo máis de 500 homes). O castelo estaba defendido por uns 40 homes. Aproveitando un pasadizo subterráneo que comunicaba coa torre de homenaxe, algúns homes consiguen entrar na fortaleza, mentres que o resto inician un ataque por todos os flancos. A rendición foi rápida. Ulloa recupera Curbián.

3ª Campaña: Batalla no castro de Ambreixo. Informado Vasco Gómez do acontecido, recluta máis de 3.000 homes no Castro das Seixas e diríxese cara Curbián. Gonzalo Ozores pretendía atacar San Paio de Narla para obrigar a Vasco Gómez a abandonar o Castro das Seixas e tomalo. Pero decide saír ó encontro do seu inimigo dando un rodeo para sorprendelo pola retagarda. O choque entre as dúas forzas ten lugar no Castro de Ambreixo. Os besteiros de Álvaro Páez inician o ataque mermando as forzas de Seixas, mentres os homes de Gonzalo Ozores conseguen rodealos. O saldo foi demoledor para Seixas: vence Ulloa e Nuno, fillo de Vasco das Seixas, morre. Vasco das Seixas refuxiase en Cuíña.

4ª Campaña: Asedio de San Paio de Narla. A vitoria de Ulloa anima a máis partidarios a unirse á súa causa, polo que chegaría a contar con máis de tres mil homes. Dous días despois do choque en Ambreixo, os partidarios de Ulloa chegan pola noite a San Paio. Vasco Gómez das Seixas decide pórse en marcha desesperadamente para protexer a súa fortaleza máis emblemática. Durante o asedio, un grupo capitaneado por Ozores encamiñase cara a fortaleza de Castro das Seixas, con seguridade de que queda totalmente indefenso, como así foi. A fortaleza é doadamente tomada e de inmediato volta a San Paio. Vasco Gómez das Seixas tívoo todo perdido. Non quedaba máis remedio que negociar. O conflito resólvese firmando a paz e un xuramento polo cal, Vasco Gómez das Seixas devolve os territorios usurpados a Gonzalo Ozores de Ulloa, e éste renuncia á toma de San Paio.

### 3.3. As loitas irmandiñas

A irmandade estaba xa en marcha dende 1465, se ben debeu permanecer na sombra durante os dous anos seguintes. Isto foi o motivo polo que se produciu exitosamente, así pois a Fusquella, como foi denominada, someteuse nos seus inicios a un profundo secretismo. En 1467 a organización xa estaba consolidada e preparada para actuar de inmediato<sup>4</sup>. Reuníronse en Santiago, Lugo e Melide como

---

4 Pardo de Guevara y Valdés; Eduardo: *Los señores de Galicia. Tenantes y condes de Lemos en la Edad Media I*. Colección Galicia Histórica (preparada por el Instituto de Estudios Gallegos "Padre y Sarmiento" CSIC, Fundación Barrié La Maza, A Coruña, p.366.

puntos principais; precisamente foi aquí onde os irmandados se reuniron con varios representantes da nobreza: Don Fernán Pérez de Andrade, Don Sancho Sánchez de Ulloa e Don Gómez Pérez das Mariñas son alomenos os que citan as testemuñas que comparecerían moitos anos despois no pleito Tavera-Fonseca. Alí pediuselles a entrega das fortalezas aos “cuadrilleros” para proceder ao seu derribo, pois eran expresión do bandolerismo nobiliario. A hora da sublevación xeral chegou, finalmente, na primavera de 1467, cando as Xuntas das Irmandades, organizadas en todas as comarcas galegas, lanzaron o seu célebre berro e consigna: ¡¡abaixo as fortalezas!!.

Inmediatamente despois, unha profunda conmoción sacudiu Galicia enteira. As diferentes columnas irmandiñas, que algunhas testemuñas do pleito Tavera-Fonseca cifraron en máis de oitenta mil homes, percorreron o territorio galego con ímpetu arrollador. Á cabeza delas figurou, dende o primeiro momento, un importante número de grandes cabaleiros e fidalgos, destacando Don Alonso de Lanzós, Don Pedro Osorio e Don Diego de Lemos. O primeiro deles operaría na zona de Betanzos e no bispado de Mondoñedo, o segundo faríao na área de Compostela e o terceiro, por último, faríao xa na de Ourense. Actuaban movidos polo odio e ansia de vinganza, Osorio non esquecía o trato dado a seu pai, o conde de Trastámara. O de Lanzós tamén tería moi presentes os nomes de Don Fernán Pérez de Andrade e Don Pedro Pardo de Cela, os cales tan só un pouco antes lle derrocara a fortaleza de Ortigueira, despois de ter cercado e rendido por fame a fortaleza de Mesía- como lembra García Salazar- dentro da cal se atopaba a súa muller. O de Lemos, por último, é seguro que non perdoara, asimesmo, a ofensa recibida cando os grandes señores galegos correron ás terras de Don Sancho de Ulloa, porque éste déralle en matrimonio a súa filla Dona Mayor, desprezando as solicitudes de Don Juan de Zúñiga. Sen embargo, sería moi aventurado estender estas consideracións á xeneralidade dos moitos cabaleiros e fidalgos que naquela difícil coxuntura se aliaron cos pecheiros, especialmente en vilas e en cidades.

En todo caso, a sorpresa foi un factor decisivo para o trunfo irmandiño. A nobreza, desconcertada ante a magnitude do levantamento, foi de todo incapaz de facerlle fronte, polo que renunciou á loita case ao tempo que se iniciou. Foi a hora en que se produciu a fuxida. A grande maioría intentou saír de Galicia, Don Sancho de Ulloa e Don Diego de Andrade encamiñáronse cara Castela “*por medo que tiñan dos da irmandade*”, pero foron interceptados pola condesa de Ribadavia, muller do Adelantado maior de Galicia, que os mantivo en prisión por espazo de dous anos. O conde de Lemos, Pardo de Cela e os seus buscaron refuxio tras os muros de Ponferrada. O arcebispo Fonseca, que se atopaba no seu desterro en Redondela, fuxiu tamén para Castela, pero ao non atopar a axuda que buscaba pasouse a Portugal, onde rumiaban a súa vinganza outros importantes persoeiros galegos, como Don Juan de Zúñiga, Don Pedro Álvarez de Sotomaior ou Don Xoán de Pimentel. Houbo algúns, sen embargo, que intentaron resistir á marea revolucionaria; Don Álvaro Páez, por exemplo, pechouse en Tui, se ben, pouco antes da súa repentina morte, ordeou abrir as portas da cidade aos cinco mil irmandiños que a sitiaban. E houbo outros que se mantiveron agochados, errantes, polas terras galegas; foi o caso, por exemplo, de Don Suro Gómez, señor de Lantaño e parente de Don Álvaro Páez, que “*andaba escondidamente por la tierra y le daban de comer los labradores*” como recordaría na súa declaración Alfonso Piñeiro. Outro tanto deberon de facer Don Gómez Pérez das Mariñas, que segundo Vaamonde Lores permaneceu refuxiado no mosteiro de Samos, Don Lope Sánchez de Moscoso, recién chegado de Castela para pórse ao fronte da casa de Altamira, e outros moitos cabaleiros de menor relevo como García Mariz de Barbeira, Fernán Álvarez de Carantoña, Vasco Gómez das Seixas...

As terras de Lemos non foron, dende logo, unha excepción nesta violenta explosión da ira popular. O conde de Lemos, cabeza dos magnates galegos, tiña que ser necesariamente un obxectivo primordial. Contra el, lanzáronse conxuntamente as forzas irmandiñas de Monforte, Sarria e Lugo que mobilizaron un exército superior aos quince mil homes, figurando ao seu fronte Diego de Lemos, un caudillo prestixioso e estreitamente vencellado con esta comarca. Malia que o conde Don Pedro foi incapaz de resistir tan descomunal empuxe, o certo é que en ningún momento parece que fora apresado polos seus levantiscos vasallos, como apuntou I. Beceiro. Polo contrario, segundo a anotación de Couselo, foi el mesmo o que tivo preso a un cuadrilleiro – ou alcalde- da irmandade, chamado Álvaro Rodas, ao cal non puxo en liberdade ata que recibiu un rescate de cinco mil maravedís. Non obstante, ao cabo dun

tempo, si que se impuxo a fuxida e o de Lemos, como xa se adiantou máis atrás, buscou refuxio tras as murallas da fortaleza de Ponferrada, probablemente na compañía do mariscal Pardo de Cela e os seus, que segundo parece foran derrotados en terras de Mondoñedo polas columnas de Don Alonso de Lanzós. En persecución de todos eles saíu, entón, un poderoso exército irmandiño, formado por acaso uns trinta mil homes, na súa maioría procedentes das columnas que actuaran en Sarria, Chantada e Monforte, a fortaleza e muralla dos cales derrocaran coa axuda dun tal Alonso de Soto, sen dúbida experto neses mesteres.

A vitoria da sublevación irmandiña foi rápida e completa en toda Galicia. A soa lembranza das fortalezas que sufriron o empuxe esmagador da rebelión resulta verdadeiramente impresionante, ao tempo que se expresa mellor que calqueara outra consideración o grao de violencia e a magnitude mesma que coa irmandade galega actuou durante o breve período no que os grandes señores permaneceron no seu forzado exilio. Os autores máis próximos a estes acontecementos proporcionan interesantes relacións das fortalezas, entendendo como tales dende os castelos ata as sinxelas torres ou casas fortes que foron total ou parcialmente derruidas e o número das cales puido ser sensiblemente superior ás cento trinta<sup>5</sup>.

Sen embargo, o trunfo tamén foi fugaz. A heteroxeneidade das forzas que se uniran en torno á irmandade- alta e baixa nobreza, clero, burgueses e campesiños- fixo que non existira unha unidade interna efectiva. Pronto xurdiron os enfrontamentos, creando o ambiente propicio que agardaban todos os cabaleiros e grandes persoeiros que permanecían ao axexo. Na primavera de 1469, un importante continxente de forzas señoriais, reunidas en torno ao arcebispo Alonso de Fonseca, Don Juan de Pimentel e o sempre inqueda Don Pedro Álvarez de Sotomaior, sumando entre casteláns, portugueses e galegos, un total de trescentas lanzas, entraron dende Portugal dispostos a recuperar as súas terras e derrotar aos irmandiños<sup>6</sup>.

Pouco a pouco, os nobles recuperan os seus territorios, pero atópanse cunha nutrida e moi consolidada resistencia irmandiña nos dominios da casa de Andrade. Don Diego de Lemos decide retirarse pacificamente aos seus estados de Sober e Ferreira<sup>7</sup>. O desmoronamento irmandiño foi irreversible.

O pleito Tavera- Fonseca arroxa moitísima documentación sobre o conde de Lemos, quen inicia a coidada reconstrución das súas fortalezas, labor que puido prolongarse, canto menos, durante os quince ou vinte anos seguintes, obrigando aos seus vasallos a exercer tal mester, tal e como se sabe que sucedeu coa reedificación da fortaleza de Sarria, con pena de seiscentos maravedís para aqueles que non se presentasen.

Sábese, tamén, que a Coroa aprobou *a posteriori* o derribo das fortalezas galegas, por ser estas receptoras dos “*malfechores e defensoras dellos e de los omes criminosos*”. Para a nosa investigación, é moi relevante o feito de pedir a restitución de Don Pedro de Zúñiga, “*mi guarda e vasallo e del mi consejo, la villa y castillo de Monterrey, por quanto que estando en mi servijio e seyendo como es mío*” o seu irmán Don Juan de Zúñiga, destacado partidario do príncipe Don Alfonso, “*le entró e tomó e ocupó por fuerça e contra su voluntad, la su villa de Monterrey, con su castillo e fortaleza e que la ha tenida e tomada e ocupada fasta agora que la avés tomado*”

E a paleografía así nos di para aseverar e consolidar as nosas investigacións:

“*Por quanto el arzobispo de Santiago, acompañado de mucha soberbia y codicia de señorear las ciudades villa e lugares del Rey nuestro señor; y así los bienes efasciendas de los caballeros e fidalgos de ese Reino de Gali-*

5 Pardo de Guevara y Valdés; Eduardo: *Los señores de Galicia. Tenantes y condes de Lemos en la Edad Media I*. Colección Galicia Histórica (preparada por el Instituto de Estudios Gallegos “Padre y Sarmiento” CSIC, Fundación Barrié La Maza, A Coruña, p.373.

6 Pardo de Guevara y Valdés; Eduardo: *Los señores de Galicia. Tenantes y condes de Lemos en la Edad Media I*. Colección Galicia Histórica (preparada por el Instituto de Estudios Gallegos “Padre y Sarmiento” CSIC, Fundación Barrié La Maza, A Coruña, p.366.

7 La batalla y el Parlamento de Pedro Madruga con Don Diego de Lemos en V. DE APONTE, Relación, 123. Asimismo, S. PORTELA PAZOS *Galicia en tiempos de los Fonseca*, 64-65.

*cia, que en su igrexa e dignidad le restituieron, de lo cual estaba despojado por la hermandad para la destruir e ocupar las casas e fasciendas de los sobredichos caballeros e fidalgos, para lo qual se ha dicho e confederado con la marquesa de Astorga, en nombre de los marqueses, sus hijos, e con otros caballeros, no habiendo memoria de los grandes dannos e males que por aquella hermandad, según es notorio en estas ruinas de Castilla e Galicia, los sobredichos hubieran recibido, para lo cual resistir e de aquella nos comparar e defender, e así del sobredicho Arzobispo e marqueses e Hermandad, las casas por nosotros poseídas<sup>8</sup>*

### 3.4. A destrución da fortaleza

A documentación atopada na Real Chancillería de Valladolid amósanos o feito de que o seu derribo foi algo verídico e que realmente aconteceu. Así no século XVI, Vasco das Seixas chama a unha serie de canteiros de orixe vizcaína, para encomendarlles a reconstrución da fortaleza pese á oposición eclesiástica. Isto sêrvenos para falar do labor dos canteiros.

#### 3.4.1. Os canteiros do Renacemento

A estabilidade e persistencia do deseño dos instrumentos dos canteiros chega a tal extremo que moitos deles datan alomenos de época romana, en particular os de labra. Polo tanto, non nos atoparíamos cunha rémora medieval, senón coa pervivencia do mundo clásico. En segundo lugar, varios instrumentos conservan no Renacemento a forma aparente que tiñan durante a Idade Media, pero o seu modo de emprego cambia, nunhas ocasións de forma sutil e noutras de maneira radical. Agrupemos os instrumentos en tres categorías: os empregados na realización de trazados previos, os instrumentos xeométricos empregados na labra, que en moitas ocasións teñen por finalidade levar as formas obtidas nos trazados á pedra; e os instrumentos mecánicos empregados na labra, ou instrumentos de labra propiamente ditos.<sup>9</sup>

Grazas ao emprego de plantillas, podían controlar a talla das pezas, por complexas que fosen as interseccións entre as súas partes. En case todos os casos, esta é unha práctica empregada para resolver con facilidade o problema da presenza, no mesmo lugar, de dous ou máis elementos e que dá lugar a detalles formais obtidos como consecuencia natural dese proceso. Noutras ocasións, as maclas entre molduras non son deliberadas, pois non dan lugar a unha forma significativa, neste grupo hai que incluír os chamados “arrepentimentos”.

##### 3.4.1.1. Os canteiros medievais e as súas marcas ou signos lapidarios

Dende a máis remota Antigüidade, os homes desenvolveron certos sistemas de sinais ou marcas para deixar patente a súa identidade étnica, nacional ou familiar (emblemas e pendóns dinásticos, signos de liñaxe, etc.). Tamén se empregaron para consignar a autoría das manufacturas. O estudo de tales signos orixinou ciencias específicas tales como a Vexiloloxía, a Heráldica, a Sixilografía, a Numismática, a Filatelia, etc. que poden agruparse en torno ao que xenericamente se denomina Emblemática<sup>10</sup>.

Un dos principais inconvincentes que nos atoparemos á hora de investigar a heráldica gremial é a ausencia de regras e criterios específicos fronte a outras modalidades da emblemática como a heráldica nobiliaria ou eclesiástica. En boa medida debeuse a que, a partir do século XIII, a heráldica nobiliaria e a eclesiástica foi convertida polos reis de armas ou heraldos e demais analistas nun sistema homoxéneo relativamente ben trabado con vocación de universalidade. Polo contrario, a espontaneidade e a flexibilidade da heráldica corporativa non tivo aos seus “reis de armas” nin especialistas equivalentes que proporcionaran as bases

8 ADA, Sección de Lemos, C-85-36 (Lo publica J.GARCÍA ORO, *Señorío y Nobleza*, Apéndice VI, 251- 252, el comentario en 121).

9 Calvo López, José: *La arquitectura tardogótica castellana entre Europa y América. Los instrumentos de los canteros en la transición del gótico al Renacimiento*. Editorial Cedro, Madrid, 2011, p.417.

10 Alvarado Planas, Javier: *Heráldica, simbolismo y usos tradicionales de las corporaciones de oficio: las marcas de canteros*. Ediciones Hidalguía, Madrid, 2009, p.9.

para integrar a heráldica gremial nun sistema universal de signos. De feito, polo xeral, a heráldica das corporacións de oficios limitábase a imitar ou adaptar os usos heráldicos nobiliarios.

A meirande parte das marcas dos canteiros baséanse nunha linguaxe xeométrica. Incluso moitas delas se fundamentan en fórmulas clásicas da xeometría universal (o trazado da sección áurea, a medida  $\sqrt{2}$  ou a diagonal do cadrado regular, o trazado dun pentágono ou hexágono regular, etc.). A xeometría proporciona, polo tanto, unha linguaxe universalmente recoñecible capaz de traspasar as barreiras lingüísticas, relixiosas, políticas e de calquera outra índole, aceptable por quenes comprenderan a arte con independencia das súas crenzas relixiosas e do imaxinario colectivo da época.

Lamentablemente, o debate sobre a pervivencia medieval dos *collegia fabrorum* romanos centrouse no marco xeográfico das fontes e institucións occidentais. E certamente, é case imposible documentar unha continuidade ininterrumpida da actividade dos *collegia fabrorum* de época romana ata as corporacións de oficios da Alta Idade Media Europea.

O mestre de obras foi un dos poucos oficios que apareceu rodeado dunha nebulosa de misterios e lendas. A historia presenta ao construtor de catedrais coma un personaxe posuidor de segredos que herdou dos seus maestros e que terá que transmitir celosamente aos seus discípulos. Certamente, cabe supór que algunhas corporacións de oficios gardaron celosamente “*os segredos da súa arte*”. Limitándonos a aspectos formais do oficio; cómpre sinalar que os tales “*segredos*” do magister *murii* radicaban esencialmente no coñecemento dos métodos xeométricos precisos para trazar o proxecto dun edificio “*partindo tan solo de la justa medida, la escuadra y el compás*”. É máis, o mestre de obras podía erixir unha igrexa sen un proxecto previo coa soa axuda de tales instrumentos. Tal “segredo” mantívose durante moitos séculos a pesar dalgunhas divulgacións máis ou menos parciais. En efecto, no século XIII, aparecen traballos en linguas vernáculas, como a anónima *Pratike Geometric* en dialecto picardo, el de Saint Geneviève ou o *Caderno de notas de Villard de Honnecourt* desvelan algúns segredos do oficio relativos a construcións elementais da xeometría.

### 3.4.2. Os signos lapidarios

A fin de abordar o complexo panorama das clasificacións dos signos lapidarios gravados nas construcións do occidente medieval e moderno, podemos seguir o seguinte criterio profesional:

- a) Marcas ou signos máxicos, relixiosos ou conmemorativos. Algúns signos lapidarios gravados nas construcións non son marcas persoais do canteiro ou do taller senón signos de tipo relixioso, astrolóxico ou máxico que tiñan funcións diversas como as de actuar de recoñecemento para o peregrino, de protección ou conxuro ante as influencias negativas, servir de soportes de meditación, representar o momento en que se rematou a obra, etc. Exemplos destes signos son a cruz, a esvástica, o selo de Salomón, o pentalfa, o labirinto, etc. Cómpre extremar a prudencia á hora de interpretar este tipo de signos a fin de que a falta de formación na técnica do tallado de pedras unida ao exceso de imaxinación, nos induza a desafortunados tropezos.
- b) Marcas do doante. Dado que algúns signos lapidarios pouco teñen que ver cos útiles da construción, cabe supór que tales petroglifos foron a signatura colectiva dunha corporación ou dun particular que, costeando parte dun cadeirar, columna, bóveda, ou de calquer outra parte da obra, quería deixar un signo que lembrase a súa doazón. Por suposto, tampouco podemos salienta a posibilidade de que tales signos sexan auténticas marcas de canteiros mediante as cales o autor quixera reflectir o seu anterior oficio.
- c) Marcas de cantaría, cabe distinguir a súa vez entre:
  - Marcas utilitarias:
    - Marcas das canteiras de procedencia da pedra. Nalgunhas rexións, a forma específica de organización do traballo, orixinou o costume de marcar as pedras en bruto que saían das canteiras para distinguilas das sacadas doutros xacementos e poder calcular fielmente o seu número e prezo. Sen embargo, noutras ocasións, as pedras saían das canteiras cara o seu lugar de destino perfectamente escadradas, o que dalgunha maneira equipara a labor doutros canteiros sacadores cos canteiros que traballan a pé de obra.

- Marcas auxiliares. Non hai que confundir as “marcas de canteiro” en sentido estricto coas “marcas de asentó” ou “marcas de situación”. As “marcas de asentó”, de “aparellamento”, “de posición”, localización ou de “altura”, de “espesor”, consistían en raias, cifras ou letras de deseño sinxelo que facilitaban a montaxe ordenada dos bloques ou o seu lugar de emprazamento das fiadas, nas doelas dos arcos (fig.nº1). Nesa categoría poderían incluírse os planos ou esquemas xeométricos de partes da obra que aparecen gravados nalgunhas paredes ou chans do edificio (fig. nº1), incluídas as monteas (trazadas a escala natural) e os replantexos ou liñas trazadas sobre os paramentos, para facilitar as referencias verticais e horizontais dos elementos subseguintes.




Fig. nº1.



Fig. nº2.

- d) Marcas de canteiro. As marcas ou firmas individuais ou do obradoiro para identificar o traballo concluído foron un sistema universalmente empregado. En función do tema ou motivo do seu deseño, as marcas de canteiro na Europa medieval e moderna poden ser clasificadas alomenos en dos grupos básicos:



Fig. nº3.

- Marcas biográficas do canteiro, como no caso anteriormente mencionado de marcas de doante, certos signos lapidarios tamén poderían facer alusión á condición social pasada do canteiro (a ballesta ou a espada indicaría a profesión anterior de soldado, (como na casa do fidalgo de Prado (fig. nº3) a letra S maiúscula dividida por unha liña expresaría un estado anterior de servidume (de feito en San Paio de Narla, véñse signos lapidarios deste tipo), as súas creenzas ou devocións (unha cruz), ou o seu nome en forma de inicial

ou monograma (fig.nº2), etc. Polo xeral, o signo ou marca elixida polo mestre canteiro facía referencia a un instrumento da construción (compás, escadra, regra, escaleira, maza, etc) ou a motivos xeométricos básicos empregados en arquitectura (liñas paralelas ou perpendiculares, círculo, triángulo, cadrado, ou a combinación deles) ou incluso a fórmulas xeométricas (trazado da sección áurea, da raiz cadrada de dous, etc.)

- Marcas reticulares de canteiro: este tipo de trazado xenuinamente tradicional baséase na existencia dunha plantilla, matriz xeométrica ou rede fundamental, composta de diversas figuras xeométricas das que se sacarían fragmentos ou cortes parciais para configurar as marcas persoais de cada canteiro. Nalgúns casos, o trazado de tal marca xeométrica coincide con letras do nome ou apelidos do mestre de obras (fig. nº4)




Fig. nº4.

Pero ¿cal era a función deste signo ou marca? En liñas xerais, a marca é un signo de autoría. Non obstante, na actualidade, índa persiste unha viva polémica sobre as razóns polas que tales marcas de canteiro só aparecen nalgunhas pedras da obra e, pola contra, están ausentes noutras. Polo xeral, crése que as pedras sen marcar terían sido pulidas e talladas por canteiros contratados a soldo fixo e cun réxime de adicación exclusiva. Sen embargo, cando había que acelerar o ritmo de traballo das obras ou era preciso contratar traballos de cantaría que entrañaban unha maior dificultade ou cualificación, recurríase a destallo. Esta modalidade, común en toda Europa (habitual en época romana e índa usual no mundo bizantino tal e como acreditaría a pervivencia da tarifa de Diocleciano), recibiu en España o nome de contrato a destallo, sendo denominados tales canteiros como “destajeros”. Por este sistema de traballo contratábase eventualmente a máis operarios, malia que tamén servía para que os propios canteiros da obra fixeran horas extraordinarias en momentos de necesidade. De tal xeito, terminado o tallado de cada pedra, o canteiro gravaba o seu signo e a fábrica págaballe en función das marcas contabilizadas, e incluso algúns deles protestaban cando consideraban que o salario era exigüo. Así, en 1521 un dos mestres canteiros que traballaban no claustro da Catedral de Santiago, Alonso de Contín, denunciaba ao aparelador da obra. Alonso da Costa “*porque non escribia las piedras de cada uno como era, é que esto es verdad, e lo marco de su marca \**”

Sen embargo, outras marcas aparecen nalgúns lugares perfectamente visibles, ben á entrada dun pasillo ou escaleira de caracol, na rosca dun rosetón, á altura da vista nalgunha columna dunha capela, etc. Nestes casos, con independencia de que a pedra fora contratada ou non a destallo, o maestro canteiro quería deixar a súa marca persoal na obra ao sentirse especialmente orgulloso dese traballo. Á vez que servía de reclamo publicitario e de afianzamento do prestixio do taller, o mestre canteiro aspiraba a que o seu signo quedara inmortalizado.

Con independencia do anterior, nas corporacións centroeuropeas de canteiros a concesión dunha marca confería ao afiliado unha proba do seu lugar de nacemento como “oficial” do taller que podía empregar como signo de recoñecemento ou de paso en contactos con membros de loxias afiliadas ou durante as súas de formación. Posiblemente, a marca servía como medio de recoñecemento ou de contrasinal ao visitar outras loxias.

Na meirande parte das corporacións de oficios, cada mestre ou oficial estaba obrigado a consignar o seu selo ou marca no produto terminado non só para demostrar a súa autoría, senón tamén para responder da súa calidade. Para iso, o mestre tería que declarar a súa marca ante as autoridades do Municipio e da súa corporación; tamén tiña unha marca que había de quedar reflectida en tódalas manufacturas dos seus asociados. A tal efecto, debían declarar a súa marca nun rexistro público, podéndose inspirar en deseños xeométricos, se observamos o repertorio de signos lapidarios románicos e góticos españois.<sup>11</sup>

A consideración das marcas do mestre canteiro como “marcas de honra” responde en boa medida a un fenómeno de imitación dos escudos de armas das casas nobiliarias que, tempo atrás, tería dado orixe ao desenvolvemento da ciencia heráldica e a todo o seu universo de “leis” ou normas sobre o correcto uso de emblemas, pezas, mobles, cores ou esmaltes, particións, etc. A utilización de signos ou emblemas é antiquísima porque forma parte da linguaxe non verbal do home.

É só a partir do século XV, cando os emblemas heráldicos son asociados a fazañas portentosas e exemplares do seu portador de modo que, dalgunha maneira, virían a amosar un retrato social ou *curriculum* dos membros desa linaxe. Falarase así da heráldica como ciencia ou xurisprudencia heroica, pezas memorables e, en definitiva, as armerías considerarán como “marcas de honor”. Así, na Baixa Idade Media, os mestres de diversas corporacións de oficios comencan a “asumir armas” ao colocar unha marca xeométrica ou signo persoal dentro dun escudo. Respecto ás marcas de honra de tipo xeométrico, a súa difusión prodúcese en Centroeuropa durante os séculos XIV e XV ata o punto de constituir un verdadeiro sinal de identidade das corporacións de oficios en canto que representaban a dignidade incorporada á mestría de certos oficios e, en xeral, á *honra* do denominado *tercer estamento*.

### 3.4.3. Signos lapidarios nas construcións do Concello de Friol

Na fortaleza de San Paio de Narla atopámonos cos seguintes signos lapidarios:

Os segundos atópanse no último andar na fortaleza de San Paio de Narla, chegando xusto á saída cara a terraza do almenado.

---

11 Alvarado Planas, Javier: *Heráldica, simbolismo y usos tradicionales de las corporaciones de oficio: las marcas de canteros*. Ediciones Hidalguía, Madrid, 2009, p.74.





Pola súa parte, a igrexa de Santa María de Guimarei presenta os seguintes, onde se ve a autoría do mestre de obra, Amaro de Campo.




Imagen de signo lapidario de Guimarey

### 3.5 A veciñanza da fortaleza de Pambre

Non podíamos deixar pasar por alto a proximidade desta fortaleza co concello veciño de Palas de Rei, pola súa maxestade constructiva e por manterse inalterable ao paso dos séculos tan só ameazada pola vexetación, habida conta de que resistiu incólume ao asedio irmandiño, cousa que San Paio de Narla non, esborallándose a súa torre de homenaxe. Sen embargo, Pambre non percibiu os influxos do

renacemento escultórico coa mesma puxanza que San Paio. Coma unha imaxe vale máis que cen verbas, ollemos a diferenza nos seus ventanais:

## EVOLUCIÓN DE VANOS

### *Castelo de Pambre*

Vanos moi estreitos, angostos, con pouca entrada de luz e decoración moi limitada, sen concesión ao decorativismo nin á ornamentación, tan só hai presenza dunhas molduras a xeito de cornixa e alféizar con moito resalte e saledizo.



## VANOS EN SAN PAIO DE NARLA

*Evolución estilística, compositiva e arquitectónica*


Apréciase un gusto renacente pola decoración e o preciosismo escultórico en arquitecturas que, antes, só tiñan funcións secundarias como a de iluminación e ventilación. Agora, coa irrupción do Renacemento, os vanos simbolizan unha arquitectura parlante que convida á contemplación polas súas grandes doses de beleza e atractivo.




#### ➤ 4. A reconstrución da fortaleza: conversión a residencia palaciega




Plano ARCV: nº57.



Plano ARCV: nº58



Plano ARCV: nº59.



Plano ARCV: nº60

Fonte: Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, Dibujo de la torre de San Payo de Narla en Gia (Lugo). Planos y dibujos, desglosados, nº57, nº58, nº59 y nº60, fecha de creación, 1510, siglo XVI.

Na Real Chancillería de Valladolid consérvanse gravados da fortaleza de San Paio de Narla tras do asalto e desolación cometida polos irmandiños no século XV. Dados no século XVI, concretamente no ano 1510, hipoteticamente cando se reconstrúe, encadraríase a construción da primeira xanela que se ve cando se acomete o ascenso ata a entrada da fortaleza. Sería nesta época cando os canteiros vizcaínos farían a súa aparición e comezarían o seu labor construtivo, do cal quedou moi boa testemuña na cantidade de signos lapidarios diseminados por todos os muros da fortaleza. É xusto nese momento cando, hipoteticamente podería coincidir a decoración das xanelas de San Paio coa creación/erección da bóveda de Guimarei.

Non temos tan clara a ubicación da segunda xanela, porque nun gravado vése que nesa zona, a fortaleza presentaba unha disposición moi diferente á que hoxe en día presenta, co cal hai cabida á posibilidade dunha reutilización de elementos removidos doutra parte da fábrica. En ambos dous casos, as xanelas presentan clipeos dispostos en perfil que podemos asimilar coas medallas renacentistas, podendo servírnos de axuda para arroxar luz sobre o significado destes medallóns dispostos en sendas xanelas.


No plano nº1 vese como a torre de San Paio de Narla tería modillóns de rolos como sistema de almenado, ao igual ca fortaleza de Pambre co cal no 1510 perviven resabios goticistas ou medievalistas e non estarían instauradas plenamente as formas renacentistas. De feito, véñse dúas ventás bíforas con semicircunferencia nos vanos, por tanto, un sistema de iluminación moi primitivo e arcaico se o comparamos co esplendor das actuais e resplandecentes ventás renacentistas que hoxe en día poblan a fachada da torre de homenaxe. Tamén se ve un foxo circundando toda a fortaleza arredor e a superficie de asentamento é un corpo prismático cunha disposición esquinada de varias vertentes.



Plano nº1.



Sistema de modillón de rolos aplicado no castelo de Pambre.



Plano nº2.

No plano nº2 vese a torre de homenaxe derruída no século XV coa Revolta dos Irmandiños. Apréciase totalmente o declive da mesma que está totalmente afundida no seus paramentos laterais e carece de sistema de almenado, tamén se ve un vano a xeito de porta de acceso que, ao noso xuízo, se corresponde coa actual porta de acceso que, cremos, comunicaba a zona palaciega coa torre de homenaxe.

Nun lateral vese un profundo resquebraxamento do muro, así coma unha fendidura rectangular moi profunda que, posiblemente, puido albergar un vano. Nesta zona, na actualidade, hai unha xanela con sistema triangular de alintelamento e descarga empuxes e presións. Un muro vese cego, sen rastro da saeteira que presenta na actualidade.


Este debuxo testemuña que a torre foi moi remodelada e que se lle engadiron corpos que antigamente non existían como a entrada con escaleiras, inexistente neste debuxo que corta o corpo da fortaleza no acceso da rampa e presenta un corpo cuadrangular con tellado a dúas augas, con perfecta sillería e amplo portalón de entrada ao xeito das casonas galegas antigas.

Véñense diferentes superficies de terrapléns onde se dispoñen diferentes casas que evocan ás pallozas con antiga teitume de palla, así como outro corpo volumétrico de disposición rectangular que alude a outro tipo de construción totalmente descoñecida, posible casa de arrendatarios?

No plano nº3 amósase claramente como San Paio de Narla tiña dúas torres, conservando só unha na actualidade que se corresponde coa torre de homenaxe, onde actualmente está a xanela renacentista do clípeo da misteriosa figura dun guerreiro armado. Pola parte traseira vese un amplo e robusto machón a xeito de contraforte externo que actuaría de contrarresto de presións e empuxes.


Nesta ilustración apréciase a clara diferenciación entre a zona de vivenda e a zona defensiva. E nunha das torres podemos ver unha oquedad que se pode corresponder coa saeteira que hoxe, en día, se conserva na sala de armas de San Paio de Narla.

Do mesmo xeito, tamén se aprecia o arranque dun paseo de rolda con apertura de vanos para vixianza externa dos centinelas; vese o atisbo dunha xanela semicircular, abocinada, con moldura de bocel robusta e abultada. Fronte a unha perfecta e escadrada sillería, vese unha mampostería descomposta e desorganizada a base de croios e cantos rodados sen pulir nin desbastar. Contraste entre a perfecta simetría e escadrada distribución dos cadeirares coa desorde e desconcerto da mampostería máis rudimentaria e caótica. Vese un saínte, que poderíamos identificar cunha gárgola ou modillón de rolos.



Plano nº3.

No plano nº4 vese como esta fortaleza comeza a ser máis palaciega que defensiva dende o punto de vista medieval, e vese un matacán, e unha ladroeira pero sen decoración. Tamén vemos a construción das casas nun terraplén ou foxo. Cómpre lembrar que a fortaleza de San Paio de Narla está nunha pendente, o cal condiciona e repercute na súa edificación.



Plano nº4.

A continuación abriremos un epígrafe sobre a decoración escultórica das xanelas, e cremos que nun medallón que presenta, ao noso xuízo, uns rasgos máis femininos. A presenza de flores é moi frecuente na medallística, sendo, incluso, decoración hexapétala de seis pétalos ou máis.

Moi probablemente, a xanela da rampa de acceso fose removida e recolocada; parece apreciarse unha variedade de ocos e refundidos, sobre todo palpables no medallón central que efixia a un guerreiro con helmo e barbado, que ten unha réplica case idéntica dentro do Pazo de Aranza, que se recopila nun libro sobre os pazos de Aranza (máis adiante explicaremos este concepto detalladamente).

Os clípeos de San Paio, ubicados nas ventás renacentistas poden ser representacións alegóricas da virtude e da fortitudo (=fortaleza), pode haber inspiracións na iconoloxía de Ripa e a emblemática de Alciato. Non sorprende a recurrencia desta forma como predilecta, tendo en conta que no momento da súa creación estamos no século XVI. Polo tanto, en Pleno e Alto Renacemento que tanto volta a vista cara atrás, ao mundo grecolatino. A súa presenza nestas ventás implica que se procura esta forma (paso do militar ao palaciego) para conferirlle á representación un halo de maxestuosidade e solemnidade, de profunda reverencia a un áureo pasado. Este clípeo sería unha alegoría dun guerreiro medieval que simboliza a fortaleza. No caso de Vasco das Seixas sería unha forma de amosar o seu poderío militar mediante a robustez da súa fortaleza (en concreto, a torre de homenaxe onde se dispón a ventá máis o clípeo) e así atemorizar a outros señores da guerra como Gonzalo Ozores, señor da fortaleza de Pambre. Isto vén sendo unha mostra de como os valores da Antigüidade están en alza e o clípeo é unha forma decorativa afianzada e instaurada polo seu propio peso.

## ➤➤ 5. Pervivencia de elementos renacentistas na contemporaneidade

### 5.1. As ventás de San Paio

#### 5.1.1. A ventá: función e utilidade

A ventá, dende o punto de vista arquitectónico, considerase como unha unidade estrutural, que en condicións malas de uso está sometida aos esforzos dinámicos do vento e á acción combinada de éste con outros axentes atmosféricos<sup>12</sup>. O comportamento das xanelas a estas accións externas, queda determinado a través do estudo dos seguintes parámetros:

12 Ortiz Gutiérrez, Jaime: *Optimización del diseño de ventanas como unidad constructiva*, Madrid, 1984,p.1.



- Permeabilidade ao aire.
- Estanqueidade á auga.
- Resistencia ao vento.

A súa principal finalidade é proporcionar luz e ventilación, de aí ven o seu nome, do latín “ventus”, facendo referencia á capacidade de ventilación que proporciona.

Antigamente a ventá tamén se denomina “fenestra” ou “finistra”, de forma idéntica a como se chama en latín e en grego. Este sería o modo directo de derivación etimolóxica.

Está presente en case todas as fachadas de edificios, constituíndo un dos elementos primordiais da súa composición estética. Inda tratándose de sinxelos ocios rectangulares provistos de calquer aditamento ornamental, a súa repetición armoniosa e rítmica, nuns casos, ou, pola contra, a súa aleatoria disposición de aparencia desordenada noutros, adoita producir un efecto de apreciable valor artístico. Este mesmo resultado inténtase acadar en ocasións, dotando á propia xanela de formas chamativas, incluso dun certo barroquismo exento de calquer funcionalidade que non sexa a decorativa, dándose unha extensa variedade: románicas, xanelas axemizadas, as góticas caladas de primorosa tracería, as conopiais isabelinas, as efectistas ventás angulares, as barrocas, as modernistas, etc.

Trátase dun elemento arquitectónico con dobre personalidade xa que liga a utilidade co estético, e pode ser receptora de escultura e iconografía. Unha xanela pode aliviar a robustez dun muro e permitir a visión e, como elemento presente na arquitectura, foi evoluíndo ao longo da historia sendo permeable a modas e innovacións, influxos e influencias, cambios e alteracións.

Todo o territorio hispano é fecundo na proliferación de fermosas xanelas que adornan e embelecen sólidos paramentos murais, normalmente máis profusas en decoración na arquitectura civil (sobre todo en casas da burguesía ou pequena nobleza) que na eclesiástica, un pouco máis comedida e contida.

Hai zonas españolas cunha gran beleza plasmada nos seus vanos, na zona de Cataluña, por exemplo, temos a mostra na Almoina, onde figuran uns discretos e ben cortados vanos cadrados na planta baixa, resoltos no interior co chamado capialzado de “San Antonio”, unha das moitas formulacións que a partir do século XV constitúen o extenso e novedoso catálogo de solucións de cortes de pedra. As xanelas da planta nobre, con rebaixadísimo arco conopial, baquetóns cruzados, afilegranadas tracerías e alfís, acentúan poderosamente a imaxe gótica na fachada e, como veremos, tiveron as súas réplicas noutras próximas.<sup>13</sup> Non é de estrañar que a mirada se fixara na decoración dos vanos, pois as novas formas renacentes déixanse ver de xeito exclusivo neles. Sorprendentemente, a porta de entrada mantívose allea aos cambios, persistindo o tradicional arco de medio punto con largas doelas, cando na área castelá a portada supuxo, polo seu carácter decorativo e escultórico, un ámbito privilexiado na inicial adopción de formas italianas. As estruturas arquitectónicas, módulos compositivos e disposición espacial das casas permaneceron invariables ao longo do período contemplado<sup>14</sup>.

Son múltiples as variantes de ventá, podendo ser de ascendencia tal vez oriental, románica ou gótico-bizantina ou as chamadas ventás aximezadas. En canto ás formas, poden ser ventás de medio punto e con poucas doelas, ou ben xanelas apuntadas, lanceoladas ou conopiais. Pola súa compartimentación, é dicir, polas columnas que as dividen, poden ser bíforas, dunha ou dúas columnas, ou tríforas. A partir da segunda metade do século XV a tipoloxía de xanelas tivo que convivir con outras modalidades de indubidable matriz gótica, incorporando arco conopial rebaixado, tracerías e baquetóns xunto con lixeiras variantes como o alfís rectangular. Salientar as tracerías caladas de deseño tardogótico que remontan os arcos, así como o resto da súa profusa ornamentación arquitectónica, zoomórfica e vexetal<sup>15</sup>, podendo combinar con motivos emblemáticos. Tal como a define Garrigou a ventá é “*le signe de reconnaissance le*

13 Álvaro Zamora, María Isabel: *La arquitectura en la corona de Aragón entre el gótico y el Renacimiento*. Fundación Tarazona Monumental, Zaragoza, 2009, p.208.

14 Álvaro Zamora, María Isabel: *La arquitectura en la corona de Aragón entre el gótico y el Renacimiento*. Fundación Tarazona Monumental, Zaragoza, 2009, p.220.

15 Álvaro Zamora, María Isabel: *La arquitectura en la corona de Aragón entre el gótico y el Renacimiento*. Fundación Tarazona Monumental, Zaragoza, 2009, p.222.



*plus immédiat et le plus parlant de la façade*”, pois nela conflúen funcións prácticas, proxeccións sociais e intencións estéticas; non debe sorprender que poda converterse en escaparate idóneo para novidades all’antiga. Así, nalgúñas fachadas de tradición gótica, conserváronse testemuños interesantes deste afán por amosar que “*s’estava al día*”, a la moda<sup>16</sup>.

En canto á decoración podía ser máis refinada, a chamada a *candelieri*, ou a base de rolos, mascaróns, aves estilizadas e incorporando pilastras con pedestais. Algunhas xanelas poden ter entaboamento rematado por blasóns e flanqueado por grotescos, e poden ser renovadas prescindindo da unidade estilística do conxunto do edificio. É posible, tamén, atopar pilastras con pedestais nos que se tallan bustos de perfil e guirlandas.

A tipoloxía é moi rica e variada, atopándonos coa ventá cruzada que é un alarde de variedade e heteroxeneidade na súa decoración; inútil resulta o intento de ver nelas certa noción de orde, imponéndose máis ben o desorde ca posibilidade de asimetrías.

### 5.1.2. A ventá da torre de homenaxe: programa iconográfico

Estamos ante un vano de non moi grandes dimensións, que desprega todo o seu esplendor nunha magnífica ornamentación que o rodea en todo o seu perímetro. Dispónse sobre unha cornixa moldurada con ovas, que moi posiblemente teña relación cunha peza que hai no interior do claustro do museo. Na nosa opinión, a peza que se conserva no claustro presenta unha labra moi similar á deste vano, co cal lanzamos a hipótese de que pode ser un resto de fábrica, índa sen desbastar e sen extraer completamente da pedra, tal e como se pode ver nas fotos que aportamos a continuación:



Xanela da torre de homenaxe de San Paio de Narla.




Peza do claustro (posible resto de fábrica).

A cornixa moldurada ensánchase cara ás esquinas, presentando un saínte cuadrangular abultado que repousa nunhas pequenas columniñas dunha técnica preciosista exquisita. O motivo desta afirmación radica en que pese ao seu diminuto carácter e personalidade presentan unha riqueza decorativa enorme.

Para dar comezo, na súa parte inferior e superior son distintas, o remate superior é cuadrangular e macizo, moi robusto: a partir de aquí, a columna estreitase pero ao seu carón acompáñase dun sogueado moi ben labrado e delimitado, coas incisións precisamente marcadas e dispostas. En canto á parte inferior, remata nun perfil circular moi redondeado, coma se se tratase dun dobre anel, que presenta na súa base un saínte moldurado pero un pouco difuminado polo paso do tempo.

16 Álvaro Zamora, María Isabel: *La arquitectura en la corona de Aragón entre el gótico y el Renacimiento*. Fundación Tarazona Monumental, Zaragoza, 2009, p.223.



Clípeo con rostro humano.



Tumba da catedral de Nantes.

Ademais, no programa iconográfico desta xanela, contemplamos un elemento horizontal, con dous escudos de labra apenas perceptible pola erosión e desgaste, pero que poden pertencer a unha das liñaxes propietarias da fortaleza (Seixas, Ordóñez...) aínda así, o que máis destaca é un medallón circular (a xeito dos antigos clípeos grecorromanos e renacentistas) cun busto de guerreiro armado con casco. Trátase dunha figura que analizaremos máis adiante, ao establecer unha análise comparativa para amosar a similitudes con outras comparacións parecidas entre as que existen paralelismos razonables.

Falamos, pois, dun elemento horizontal, que descansa sobre dous verticais, a modo de xambas, ricamente molduradas. Estas xambas están compartimentadas en tres frisos. Cada friso pecha no seu interior un rombo cunha roseta enchendo o seu espazo interno; dispoñense tanto na marxe dereita como na esquerda. Van acompañadas por un listel horadado con múltiples e pequenos círculos a xeito de botóns moi grosos, con pouca separación entre sí. A disposición liñal destes elementos contribúe a que a visión do conxunto iconográfico se faga de forma que a vista ascende en sentido crecente

e non decrecente, e dá como resultado unha lectura moito máis dinámica, que enfatiza o centro da composición: o clípeo ou medallón con ese busto de factura renacentista.

O busto é bastante enigmático porque non hai moita documentación ao respecto entre os fondos bibliográficos cos que conta a fortaleza de San Paio de Narla. A súa presenza de guerreiro armado pode levar a identificalo como un soldado de época ou coma unha alegoría defensiva que fala da fortaleza e dureza da edificación de San Paio de Narla. Cando o tema da fortaleza é, ademais, moi de gusto do Renacemento. Sen ir máis lonxe, figura na tumba de Francisco II, que se atopa na catedral de Nantes,

realizada entre 1502-1507. Nela vese un dragón que sae das fendaduras dunha torre e que sostén a muller coa man esquerda, mentras que coa dereita, estrangula á besta e trata de arricala do seu cubil<sup>17</sup>.

### 5.1.3. A ventá da rampa: programa iconográfico

Supón outra representación escultórica e iconográfica de factura renacentista, que dificulta inda máis o grao de comprensión, debido á multitude de personaxes que a integran. Comezando por unha análise estilística, aquí tamén nos atopamos cun cimacio ou cornixa moldurada a base de decoración con dente-llóns e ovas, os seus extremos ensánchanse dando como resultado unha forma moi abultada que repousa en cada columna. Estas columniñas atópanse compartimentadas no seu interior e atravesadas por unha liña sinuosa e en zig-zag que se acompaña por uns motivos circulares con botón interno que poden simular flores. Estes esbeltos soportes columnarios descansan sobre cabezas antropomorfas con todos os rasgos faciais delimitados e perfectamente definidos, que emerxen dunhas manchas abullonadas, como nebulosas curvilíneas con incisións no peche a modo de serpenteantes estrias. Pódese barallar a hipótese e posibilidade de que son anxos, criaturas celestiais e protectoras; de aí esas formas hinchadas ou infladas que fan sobresáír a cabeza antropomorfa do paramento mural.

A complicación reside en tres bustos situados en sendos clipeos, un central e dous laterais, dispostos de maneira simétrica, á dereita e á esquerda do eixe central, de tal xeito que haxa un equilibrio. O busto lateral parece o dun home de perfil (non quere dicir que o autor non domine a técnica de bulto redondo, que plasma nas cabezas antropomorfas, senón que se trata dunha característica representativa do Renacemento, no centro voltamos a atopar un guerreiro armado e barbado (pero a súa traza e disposición é diferente á doutra ventá). Por último, noutro clipeo aparece enmarcado outro busto que revela un aire quizais feminino.



Ventá da rampa de acceso á fortaleza.

Se buscasemos unha interpretación máis alegórica e poética, poderíamos dicir que representan a Vasco das Seixas e Catalina de Andrade, seguindo a estela doutras mostras renacentistas de matrimonios potendados como o de Federico Montefeltro e Batista Sforza, ou sen ir máis lonxe os Reis Católicos que aparecen na fachada do Colexio Fonseca en Santiago de Compostela. Estas imaxes a modo de retrato exercen unha gran fascinación porque descoñecemos a identidade das persoas aí representadas. E é que o retrato trascende a aparencia física, revélanos a esencia íntima das persoas e suscita a reacción

<sup>17</sup> Aguayo, Antonio: *Simbolismo en las fachadas renacentistas compostelanas*. Edicións do Castro, A Coruña, 1983, p.28.

do espectador. Os retratos que fanse por múltiples razóns, quizais aquí se pretenda reafirmar un estatus social, proclamar determinadas inquedanzas intelectuais manifestar o poder e a magnificencia<sup>18</sup>. O Renacemento fixo do individuo o centro do universo, pode considerarse ao retrato o xénero artístico por excelencia deste período, pois ningún outro permite adentrarse mellor na natureza humana<sup>19</sup>. Obviamente, non é retrato pictórico, si o é escultórico e representa dúas persoas; descifrar a súa identidade e importancia é o noso cometido.

No centro dispónse a figura dunha alegoría da fortaleza bendicindo ao matrimonio que fusiona a liñaxe dos Seixas e dos Andrade. Debaixo destes clipeos dispoñense dous círculos con flores de nove pétalos e botón interno, que no caso de Catalina de Andrade podía falar da pureza da unión ou a recreación da primavera, unha estación apreciada polo seu carácter benefactor e alegre. Non obstante, somos conscientes que esta é unha interpretación con encanto pero que quizais non goce do suficiente rigor histórico e científico. Barallamos unha segunda hipótese: os medallóns laterais representan a súbditos e o central a Vasco das Seixas, estaríanlle rendindo tributo e pleitesía nunha representación que transmite ao resto dos señores medievais da zona (Gonzalo Ozores, señor da Ulloa) que Vasco das Seixas é un home de guerra que goza do respecto das súas “huestes” e que ten un carácter loitador e ambicioso que deberá ser temido por todos. As flores serían representacións aleatorias e complementarias que engalanan o resto da composición.

O tema do clipeo tamén se pode observar (tal e como asevera Manuel Vázquez Seijas nos seus traballos) no Pazo de Aranza, onde non se dubidou en empregar esta forma para facer recaer a atención sobre unha xanela que presenta unha idéntica disposición á xanela de San Paio. Décorase con dous guerreiros barbados con moitas similitudes aos de San Paio, como se observa na foto coa que se acompaña este parágrafo.



Foto escaneada do libro de Xulio Pardo de Neyra.

## 5.2. Similitudes: ventás de Aranza (Baralla, Lugo)

Tras acceder ao interior do pazo de Aranza (agradecemos ao fillo do propietario que xentilmente nos permitira o acceso), en Baralla, atopámonos con sendas xanelas cun programa iconográfico moi similar ao de San Paio de Narla, se ben é por istmos, é dicir, por partes illadas, atopamos pezas que se repiten, como se de “plantillas” decorativas renacentistas ao uso se tratasen, en San Paio e Aranza.

18 AA.VV.: *El retrato del Renacimiento*. Museo Nacional del Prado. Ediciones El Viso, 2009 (prólogo).

19 AA.VV.: *El retrato del Renacimiento*. Museo Nacional del Prado. Ediciones El Viso, 2009 (prólogo)



Xa temos falado longo e tendido da utilidade e funcionalidade das xanelas, é agora o momento de amosar as semellanzas. Para comezar, nótase un gusto pola recreación de guerreiros, polo tanto, temática belicista. As xanelas de Aranza son dunha beleza e importancia artística indescriptible, xa non pasaron desapercibidas a ollos de Don Manuel Vázquez Seijas que realizou este gravado que adxuntamos unhas liñas máis enriba, peza clave na nosa investigación para dar co achádego.

Ollamos un guerreiro moi similar a este outro de San Paio de Narla:



E marabillámonos co que vemos en Aranza:



Se ben o rostro de San Paio parece emerxer con máis rotundidade do marco que o envolve, este é un só dos tres guerreiros de Aranza, de perfil máis aplanado e pouca plasticidade a pesar do seu detallado virtuosismo. Nótanse todos os detalles dun logrado helmo con escotilla incorporada, poblada barba con rizados bucles e pervivencias goticistas palpables na forma amendoada dos ollos e no nariz lixeiramente inclinado. Adáptase ao marco sen atreverse a saír das súas delimitacións, é un relevo constreñido ao espazo. Sen embargo, atópamonos con esto:



Uns guerreiros barbados máis protuberantes e macizos, insertos nuns clipeos máis abultados e con maior resalte; trátase dunha forma circular que contrasta coas columniñas estriadas que delimitan a composición. Polo tanto, estamos ante forma dinámica (o círculo denota movemento) versus forma vertical, máis estática pero que acentúa a lectura visual con creces. O movemento acentúase inda máis, se cabe, coa disposición ondulante do friso ou lintel que, a metade do seu desenvolvemento, vese truncao e se desdobra en dous ribetes de considerable grosor e tamaño engrosado. Isto en canto á composición, pero ¿en canto á simboloxía? ¿cal é o significado desta iconografía? Ata o momento nada ou pouco se dixo en torno a este programa iconográfico.



Polo que a nós atinxe, cremos que no centro se representa unha alegoría da realeza e nobreza protexida polos seus súbditos para ennobrecer e engrandecer a linaxe dos Neyra efixiado mediante un caldeiro surmontado cunha cruz latina. A composición engalánase con rosetas, tamén presentes en San Paio, onde a súa fiestra da rampa de acceso “copia” e fusiona elementos das dúas ventás de Aranza, que reproducimos a continuación para dar paso á análise comparativa entre ambos elementos:

Fig. 1 e 2: Ventás do pazo de Aranza.



Fig. 3: Ventá de San Paio de Narla.

*Similitudes:*

- Ambas utilizan unha cornixa con decoración a base de ovas.
- Presenza de anxelotes, tamén visibles no escudo dos Luaces.
- Apetencia pola temática floral con proliferación de rosetas.
- Mesmo remate de columniñas na ventá do escudo de Aranza e a da torre de homenaxe de San Paio de Narla.
- Representación antropomorfa, descoñecendo a identidade e se é home ou muller.
- Presenza de heráldica; na ventá de Aranza a heráldica representa as armas de Vaamonde (un escudiño axedrezado rodeado de dúas serpes coas colas unidas e as cabezas entre unha pequena moldura trapezoidal), Cela (representado por un cuartel que contén outro escudo con sete pezas estriadas), Andrade (dúas cabezas de dragón cunha barra engolada) e Pardo (unha aguia coroada). En San Paio de Narla, na súa ventá da torre de homenaxe, campan as armas de Ordóñez e Seixas.



Columniña rodeada a ambos lados dereito e esquerdo dun sogueado con capitel cuadrangular que serve de elemento sustentante ao voladizo da cornixa, e cunha basa redondeada co seu saínte con forma redonda moi abultada, presentando abundante molduración de refinada factura. Se ben, as de San Paio son semicolumniñas mentres que en Aranza son máis longas.





Faise evidente a presenza de ovas como motivo decorativo, o anxelote e un tipo de columniña cun aparente capitel con dobre anel cilíndrico que na súa parte alta pecha entre dous aneis unha serie de bolñas dispostas espaciadamente. É unha réplica en miniatura da columna que hai no interior da fortaleza e que sostén a cambota da cheminea.

Os temas ou prototipos que se repiten en sendos programas iconográficos de San Paio de Narla son os que se reproducen neste organigrama:



Gustos por representar rostros humanos sen identidade:




A heráldica é moi do gusto dos pazos galegos, cerca desta zona na montaña luguesa atópase o pazo de Quindós, fundado por Don Paio Quindós nos albores do 1500. Sobresaen dous torreóns cilíndricos que flanquean a fachada, con catro caras e patio interior. Escudo heráldico en porta principal adintelada cun cuartel e labre de árbore e dúas lebres dos Quiroga e o caldeiro dos Navia. Troneiras e ventás distribuídas polas paredes de pizarra. Interior con solares e alcobas con pinturas ao fresco moi deterioradas. Todo forma conxunto coa igrexa, antes capela familiar e o grupo de casas do núcleo urbano. En Vilasante, CANCELADA, a Casa Grande “do Fabal”, solar que nace en 1599, de cara ao castro de Pena Tallada. Con fachada



coverta de verde hedra, dúas plantas en L entre as que se aprecia unha galería, antiga solana, capela con oratorio de 1736 e retablo barroco que contén un debuxo coas liñaxes que entroncan no pazo dos Quindós, Quiroga, Ribadeneira, Luaces e Navia.

Aparecen en ambos escudos de Quindós e de Aranza, a liñaxe dos Neyra co seu característico caldeiro de cruz latina surmontada. Neste caso, é o escudo neoclásico con influencias barrocas da espadaña de entrada de Aranza, non é o do interior, de creación renacentista.



Escudo da entrada ao pazo de Aranza en Baralla.


Aranza foi, no pasado, importante, pois temos presenza documental nos protocolos notariais do Arquivo Histórico Provincial que o mencionan, tal e como se atestigüa aquí:

Mención á feligresía de Santiago de Aranza

“Sepan quantos esta carta de venta bieren como yo juº de darnica e ijo de... arnica de fundo nº que soy de la feligresía de santiago de aranza que es concejo de neyra nesto asinare otorgo nozes...e doy en benta y presento conforme terrenia desde agora para siempre e jamas por vra heredad a los señores franco saco de quiroga e vezino de la feligresía en la santa yglesia de lugo...”

Pero Aranza inda nos tiña reservadas máis sopresas, malia o recóndito da ubicación das xanelas e o difícil acceso ao interior por mor da invasión masiva da maleza, xa moi enraizada que houbo que cortar, para intentar acadar unha boa visibilidade e para sacar unas boas instántaneas que arrojasen máis luz

sobre as nosas investigacións. Son tantas as similitudes coas ventás entre sí, pero inda nos cuestionamos máis incógnitas, non se ven concomitancias entre as columniñas da ventá de Aranza e isto que amosamos a continuación?



Trátase da columna que sustenta a cambota da cheminea da lareira de San Paio de Narla. O feito de ter atopado o escudo con columniñas no pazo de Aranza de Baralla e, saber pola bibliografía que está documentado no século XVI, e ver, por outra parte, as semellanzas entre unha e outra, podemos poñernos sobre a pista do mesmo canteiro que labrou as decoracións de San Paio de Narla e de Aranza, ou ben, que existise un libro con “plantillas” ou recetas decorativas que fosen do gusto do Renacemento e se copiasen por doquier, indistintamente da localización ou do mecenado. Referímonos a unha forma ou estilo decorativo que estea de moda, como no barroco compostelano as placas ou sartas de froitas, e que debido a súa recurrencia e cuantiosas aparicións alcanza gran popularidade.

Non obstante, estes modelos de San Paio de Narla e de Aranza son casi inéditos, xa que no Renacemento galego non son moi frecuentes, exceptuando estes dous sitios, non se voltan ver noutras edificacións ¿estaremos ante modelos case xenuinos dun único canteiro?

### 5.3. As chemineas renacentistas de San Paio de Narla

#### 5.3.1. A cheminea renacentista do salón principal

Trátase dunha peza de gran envergadura e de considerable anchura (alto 2,17 x largo 1,30 x 3,50 cm) que presenta no seu frontis un busto alado que se corresponde e identifica cun anxo. O seu semblante destaca sobre uns ombreiros moi grandes e anchos en proporción co resto do corpo. En canto ás súas ás, son de gran tamaño e abultadas porque se recorre a pequenas redondeces na pedra que se aglutinan para formar a engrosar a fisionomía dunha á, que se ve etérea e case como feita de amidón. No peito do anxo véñense unhas letras que poden pór: *MARÍA??*, quizais en alusión á Virxe María. Este anxo vese asediado por dous dragóns que se agochan nos laterais, agazapados e agardando o momento oportuno para abalan-zarse sobre o incauto e desprevido anxo. Son dragóns de fauces moi prominentes e destacadas, que abren a boca en actitude amenazadora, como se avisaran que son capaces de calquer tipo de maldade, pero un deles suaviza a súa diabólica expresión porque da súa boca sae unha flor. É un programa iconográfico que se pode interpretar como o asedio das forzas malignas (de aí os dragóns) sobre a relixión cristiá que aparece representada polo anxo no centro, que é un intercesor da Virxe María na terra.



Mostra dun dragón da cheminea.

Esta cheminea susténtase en dous piares verticais perfectamente ornamentados e cun preciosismo de corte selecto e admirable. Cada piar está engrosado por tres columnas que se engarzan polo seu remate por un listel abultado que se atopa percorrido por un sogueado. Baixo esta moldura dispoñéñse pequenos filamentos alongados que lle dan máis esbeltez e delgadez á composición, alixeirando o peso da pedra que se dinamiza con esta composición. Estes filamentos rematan nunha moldura que presenta numerosas incisións a modo de dentellóns, que a súa vez repousan nunha estrutura esquinada que presenta unha cenefa que discorre lonxitudinalmente e que se compón a base de pequenos rombos engarzados, que gardan no seu interior unhas flores moi ben labradas e de preciosa factura que alivian a pesadez do conxunto. Non son as únicas flores presentes nesta cheminea, xa que nas esquinas de dispoñen dúas pequenas rosetas con dobre círculo concéntrico, engrosado polos abultados pétalos que pechan un botón.

### 5.3.2. A exaltación da realeza: programa iconográfico da cheminea superior.

A cheminea máis señorial é de corte máis ceremonioso (medidas: alto 1,56x largo 3,40 cm x 42 cm) atópase no último piso da torre de homenaxe, e presenta un elaborado programa iconográfico de gran sutileza e moi logrado. Se ben esta é unha cheminea moito máis pequena e baixa que a do salón, gáñalle amplamente en presenza escenográfica e en detallismo.




A parte máis visible e vistosa atópase no seu frontis onde aparece unha flor de lis flanqueada por dous leóns rampantes, que se encaran con outros dous dragóns que emerxen polos laterais da peza en si. Esta disposición responde a un programa iconográfico da loita do ben contra o mal, de feito cos dragóns atacan a flor de lis que representa a realeza que é defendida polos leóns dispostos a cada lado e que simbolizan a fortaleza e a nobreza. Na loita contra o mal recórrase a elementos profilácticos como unha figa, que actúa como elemento protector contra as desgrazas e o mal de ollo. O frontis desta cheminea ten disposición trapezoidal que se vai estreitando a medida que se vai baixando. Nun primeiro plano, dispóñense os elementos zoomorfos e fitomorfos, que repousan sobre unha cadeneta de motivos circulares que se cortaba ao chegar á altura dos leóns. A partir de aquí dispónse outra moldura máis ancha en bocel, que se orixina dende un lateral saíndo da boca dun dragón, o que supón unha licencia decorativa que se permitiu o escultor en concreto.

Os elementos horizontais descansan sobre uns verticais moi decorados, o encabezamento está engrosado por unha serie de columniñas que aparecen de forma sinuosa, xerando movemento e dinamismo. A parte alta presenta unha cadeneta con círculos, a continuación levan un listel groso e debaixo discorre un friso con motivos en espiral que se ven interrompidos por dúas formas figurativas en sogueado e en disposición claramente descendente, cortados na súa extensión, por unhas molduras de triple anel. Desde aquí discurren os fustes monolíticos das columnas que acaban nunhas basas denticuladas, delimitadas por molduras de dobre anel que dan paso a uns filamentos pequenos de tamaño rectangular, que obrigan a facer unha lectura liñal do conxunto.

No lado esquerdo varía a decoración, pois presenta unha moldura ladeada en espiral que serve de peche e un friso que discorre paralelamente e está compartimentado. Cada compartimento presenta unha decoración diferente: sogueado ou rombos invertidos con motivos florais que lembran aos cadrifollos do renacemento veneciano, presentes en palacios como o Ca d'Oro e/ou o palacio do Dux en Piazza de San Marcos, na carismática Venecia, cidade dos canais.

Os cadrifollos do renacemento venecianos dos palacios anteriormente mencionados sí son aplicables á cheminea renacentista de San Paio de Narla. A única diferenza que existe é que os cadrifollos venecianos son de maior tamaño (de considerables dimensións), de perspectiva exterior e que teñen a forma de catro pétalos ou follas (de aí cadrifollos) pero non contan cun botón interno que anexe os pétalos. É unha teoría que ven confirmando o gusto pola tracería e os motivos florais. O Ca d'Oro ten un singular friso de vanos cadrilobulados no eixo coa cuadrífora inferior. Tamén se ve no Palacio do Dux, o seu deseño copiou e variou en numerosas residencias da cidade ata a segunda metade do Quattrocento. É unha concepción da arte moi florida e primaveral.





No Renacemento son típicas as chemineas como a elegante cheminea do Quattrocento tardío do palacio do Dux de Venecia, na cal se distingue o escudo do Dux Francesco Erizzo (1631-1646) o monumento funerario do cal se atopa na igrexa de San Martino, nas cercanías do Arsenal.<sup>20</sup> Deste xeito, vese como os palacios e fortalezas botaban man dunha peza como a cheminea, tan funcional, para decorar con suntuosidade e opulencia.

Os palacios venecianos contan coa bicromía dos seus fustes para acadar formas máis sutís e vibrantes, mentras que en San Paio de Narla tan só se conta coa monocromía da tonalidade gris da pedra granítica, que só rompe na cheminea da torre de homenaxe, na que o seu corpo vese salpicado pola presenza esporádica de pequenas manchas de ladrillo de cor roxiza alaranxada, que se deben ao traslado sufrido. Esta cheminea tapaba unha saeteira na actual sala de armas; decidiuse voltar a amosala e subiuse a cheminea a súa actual localización.

## ➤ 6. As chemineas no século XVI

Elemento arquitectónico de singular beleza, a cheminea constitúe un dos atractivos histórico-artísticos máis relevantes e quizais menos coñecidos da historia da arquitectura civil e residencial española, xa popular, xa culta ou hedonista. Sexa pola súa aparencia grácil e ascendente, polo seu aspecto masculino que lembra na distancia a unha freudiana escultura do deus Príapo, sexa pola súa capacidade para destacarse no entorno urbano en que se atope, o certo é que desde os vales de Aveilar e Güvercinlik en Capadocia ata os palacios de Gaudí, sen esquecer as cidades idealizadas en xilografías e burís por Sebastiano Serlio ou Cesáreo Caesarino nos seus respectivos tratados de arquitectura, ou os contemporáneos caños fabriles recollidos por De Chirico, erixiuse en sinal de identidade de cidades e entornos urbáns<sup>21</sup>.

Un dos períodos históricos en que estas estruturas se monumentalizan e convirten en auténticas referencias visuais da cidade e entornos suburbanos será o Renacemento. Espazos capitais deste tempo como Venecia, Vicenza ou Padua, no Véneto, Yprés, Bruxas e Gante nos actuais Países Baixos, Londres ou o norte de Francia, poboaranse de novas arquitecturas de fume, das que deixarán constancia nos seus prontuarios contrastados arquitectos como Philibert L'Orme ou recoñecidos humanistas como C. Caesarino e D. Barbaro. S. Serlio propón ideas acerca da construción de chemineas nun dos seus tratados.

Extremadura e o seu paisaxe urbano renacentista, tan característico pola súa variedade e riqueza de inxenios e outra sorte de estruturas arquitectónicas, simbólicas e parlantes- rolos xurisdiccionais, soleadores, balcóns en rincón e esquina, grandes escudos, esculturas de auga- onde se solapan e atopan tamén unha diversidade de culturas e estilos, conservan inda entre os seus sinais de identidade primeiros a arte dos seus tellados e voladizos: unha sorte de fitos urbáns e referencias visuais que fan dos seus palacios e vivendas residenciais de primeira orde verdadeiros centros sensoriais e de confluencia de puntos e liñas perspectivas.

Acaso polo seu carácter funcional, que dúbida cabe, pode parecer unha obviedade lembrar que esta arquitectura civil dos grandes palacios do momento tería que contar cun amplo grupo de chemineas con que facer máis levadeiro e comfortable os extremos do clima cacereño, chegando mesmo incluso a formar parte principal do programa iconográfico-arquitectónico, das trazas ou do deseño da ortografía mesma da arquitectura do edificio. Deste xeito, o que antano tería tido unha utilidade meramente práctica, hogano era chamado a convertirse tamén en módulo ornamental, decorativo e escenográfico da nova arquitectura “al romano”.

20 Manno, Antonio: *Los tesoros de Venecia. Guía de arte y viajes*. Madrid, Editorial Libsa, 2006, p.111.

21 Sanz Fernández, Francisco: *Esculturas de humo, chemineas y caños de Alto Renacimiento en la Alta Extremadura*. Anuario del Departamento de Historia y Teoría del Arte, nº22, 2010, p.58.

Fixemos mención a chemineas exteriores, se ben a nós o que nos interesa é San Paio de Narla e centrámonos nas súas chemineas interiores, auspiciados e motivados por presentar sendos programas iconográficos, dotados de certa complexidade que incrementa o noso apetito investigador.

Tras ler abundante bibliografía, topámonos co libro de Xaquín Lorenzo e moi satisfactoriamente comprobamos como ao falar das casas dos séculos XVI, XVII e XVIII é corrente atopar “lumierias” (lintel en castellano) con inscricións ben referentes á data de construción, ben contendo algún saúdo-*AVE MARÍA*- ou algunha forma relixiosa – *IHS VIVA MARÍA*<sup>22</sup>. Atópanse tamén nelas as iniciais do Dono, o algunha alusión ao oficio que na casa se desempeña, tamén cruces e símbolos profilácticos. Na cheminea do salón principal de San Paio, sobre a cornixa, apréciase un esgrafiado que, a noso xuízo, se corresponde cas siglas de *MARIA*, e que se enfatiza inda máis ao acompañarse cun anxo que denota maior sentido de relixiosidade.

Por tanto, podemos falar de certo carácter profiláctico do Ben encarnado no anxo como intercesor da Virxe María na terra que, á súa vez, é protexido das forzas demoníacas representadas en maléficos dragóns de pavorosas fauces que, avanzañan sixilosamente polos laterais da cheminea para abalanzarse sobre o incauto anxo; facendo ver o trunfo do Mal sobre o Ben.

O concepto de “cheminea” en Galicia iba implícito a casa luxosa, a chamada “casa grande” ou “pazo”, sendo infrecuente en pequenas e humildes vivendas campesiñas. Polo contrario nas cidades eran máis usuais e frecuentes.

A cheminea consta de tres partes: a campá, a cheminea ou *cheminé* propiamente dita, e a capa, que non todas levan. A campá ten forma de tronco de pirámide e queda na súa totalidade por debaixo do tellado. Na casa campesiña adoita ser de pallabarro ou de barrotes e cal, quedando vencellada por dous lados á parede e sostida a outra esquina pola inclinación que forma a aresta, que colga da armadura do tellado. O borde inferior leva unha táboa que serve de estante para pousar nel candieiros, botellas, vaixela, etc.

Inda quedan casos de labradores onde se atopan chemineas de certa magnitude, feitas en pedra e descansando sobre unha rexia columna tamén de pedra. Este mesmo tipo, de maiores dimensións, é o que se atopa nas casas grandes e nos pazos, alcanzando algunhas, verdadeira monumentalidade, especialmente na parte exterior, que neste xénero de vivenda é tamén de pedra. As casas restantes adoitan facer a parte exterior da cheminea de pallabarro e, con tempos actuais, tamén de ladrillo que logo se cubre de cal, aparte dos aludidos con revestimento de tellas.

Avanza o tempo e as fortalezas adquiren un maior aspecto de pazo, de residencia palaciega, cunha orixe xurisdiccional que arrinca dos vellos señoríos, castelos, encomendas, etc, faltando nel o aspecto económico que presenta a casa grande, alomenos como factor fundamental. Por outra parte, o pazo é produto culto, malia que aproveite os elementos populares, indispensables dado o terreo en que se produce. É unha vivenda na que o elemento suntuario predomina, sobrepoñéndose ao utilitario, caendo, polo tanto, no campo da arqueoloxía máis que no da etnografía. O pazo é, en resumo, a casa grande traducida por un mestre de obras culto, falando formalmente, xa que a súa orixe e desenvolvemento corresponden ás actividades da historia<sup>23</sup>.

Por último, as chemineas alcanzan no Renacemento unha época de gran apoxeo e expansión, chegando a facer creacións moi vistosas e de gran beleza; por exemplo, temos o caso da cheminea do Palacio do Dux, do Quattrocento tardío no que se distingue o escudo do Dux Francesco Erizzo (1631-1646), o monumento funerario do cal se atopa na igrexa de San Martino, nas cercanías do Arsenal.

22 Fernández Lorenzo, Xaquín: *A casa*. Editorial Galaxia. Biblioteca Básica de Cultura Galega, Vigo, 1982, p. 18.

23 Fernández Lorenzo, Xaquín: *A casa*. Editorial Galaxia. Biblioteca Básica de Cultura Galega, Vigo, 1982, p. 113.



A cheminea renacentista do palacio do Dux en Venecia.

Precisamente, desta época, do Renacemento, é a tratadística de Serlio que amosa unha recopilación de posibles modelos para levar a cabo a elaboración de determinadas chemineas:



Modelos de chemineas de Serlio.

Dentro de tipoloxía deste mobiliario, eminentemente práctico e funcional, pois a súa utilidade é única e exclusivamente a de dar lume, aproveitase para crear un verdadeiro marco escultórico que embelece o espazo e o intensifica na súa plenitude. O certo é que a cheminea é un elemento arquitectónico importante e de especial significación, habida conta de que ocupaban privilexiadas posicións en señoriais salóns, cunha situación moi salientable; era obxecto de todas as miradas, de aí a intención de facelas atractivas visualmente. Temos a cheminea de Peñaranda en Burgos, que é dunha beleza indescriptible e dunha presenza escenográfica espectacular, esta é unha imaxe da devandita:



Cheminea de Peñaranda en Burgos.



Cheminea de Hans Holbein el viejo (boceto) e cheminea de Leeds en Inglaterra.



A diversidade tipolóxica das chemineas é dunha riqueza enorme, existindo chemineas de lareira máis rudimentarias e pobres en canto á profusión de decoración, relegadas a un segundo plano, isto é a cociña, como vemos en San Paio de Narla e na fotografía de Torres de Allo, que adxuntamos a continuación:



Cheminea de Francisco I.

Fieis a súa función de dar calor, as chemineas adoitaban poñerse en torres defensivas como a de San Sadurniño en Cambados para aliviar o frío nas longas noites de vixía dende o alto da torre, apostados na estreitez dunha xanela, agardando atentos o máis mínimo atisbo de movemento.





Cheminea con cambota de San Sadurniño, en Cambados.

No caso das chemineas de San Paio de Narla, a decoración escultórica é dun gusto moi refinado e dunha factura exquisita, a súas flores dispostas en estruturas romboidais lémbrennos aos cadrifollos renacentistas, tal que así:




Cadrifolios do palacio do Dux de Venecia.

Os cadrifollos son dunha abundante proliferación, frecuentes en toda a arquitectura italiana, no só civil senón tamén eclesiástica, porque tamén están presentes na catedral de Siena, por pór un exemplo da apetencia por temas florais como recurso decorativo.

## ➤➤ 7. O refinamento dos costumes no Renacemento: nova decoración.

### 7.1. Elementos decorativos das chemineas: os dragóns

A presenza de elementos quiméricos no Renacemento é un feito factible de recurrencia e evidencia innegables; a súa expansión, case invasión, en fachadas de edificios de diversa índole tanto civil como eclesiástica, é evidente. Convértese, esta, na excusa perfecta para engalanar e embelecer elementos subsidiarios e incluso mobiliario como chemineas, do cal temos unha boa representación en San Paio de Narla que nos amosa dous espléndidos exemplos, moi interesantes de someter a unha concienzuda análise.



Cadri-folios do palacio do Dux de Venecia.



Cadri-folios do colexio do cardeal Rodrigo de Castro en Monforte de Lemos.

Atopámonos con dúas chemineas ubicadas en diferentes estancias da fortaleza de San Paio de Narla, unha está no salón principal e outra foi confinada ao último piso da torre de homenaxe tras ter sido removida da súa ubicación orixinal, que corresponde co actual sala de armas, así coñecida.

A cheminea do salón crese que está na súa posición primixenia, se ben presenta unha labra moi erosionada que se percibe nos dragóns que emerxen dos laterais, un deles apenas perceptible por sobresaír moi pouco da superficie muraria. Sorprende a súa lingua afiada e longa, que desplega nun alarde de intimidación para deixar manifesta a súa presenza amenazadora e inquietante. É unha advertencia de que o maligno axexa e en calquera momento se abalanza sobre aquel que está despistado e confía na tranquilidade da vida, que non sempre terá que ser perpetua nin perdurable.

Tan só emerxe a cabeza do dragón deixando á imaxinación cómo sería o resto do corpo, trataríase dun ser híbrido, é dicir, unha combinación de dous corpos prismáticos? O seu fluír é moi liñal, pois atópase inserido entre dúas franxas do entaboamento alintelado con cornixa en crecente diminución, de perfil aristado e sección abultada; non presenta un movemento ondulante como se ve nos dragóns que conforman o programa iconográfico da igrexa de Guimarei.

Cercano ás súas fauces abertas, de aparencia demoníaca, atópase unha roseta de dobre botón e fenduras pétreas a xeito de pétalos con moito realce. Convén fixarse no programa escultórico de Puy onde os dragóns vomitan flores, é quizais un intento de dulcificar a imaxe aterradora destes dragóns ou, ben, unha forma de frear as forzas do Mal coa interposición de flores, vencelladas ao cristianismo e que encarnaban á súa Virxe María? Isto explicaría a presenza dun anxo de carnosas ás situado na parte central da cheminea e que parece levar labradas as letras de *MARÍA* no seu peito. Desprevido, ignora o avance sixiloso pero certo de sendos dragóns, que o flanquean pola dereita e pola esquerda. O anxo presenta rasgos faciais doadamente identificables cos dun ser humano; non é un ser asexuado, presenta rasgos masculinizantes que o identifican cun varón, quizais un tanto afeminado pola súa cara e cabelo en forma de bucles. Ademais, represéntase de medio busto, pero non se perciben mans ou outras extremidades, sendo, por tanto, unha representación tendente a rozar o esquematismo.

O entaboamento, disposto a modo de friso corrido, descarga o seu peso sobre uns piares a modo de baquetóns esquinados que presentan unha inclinación ata que quedan totalmente embebidos no muro. Son fustes que non se decoran na súa totalidade, senón parcialmente, isto é, nas súas basas ou remate inferior e na súa parte superior onde de ubicaría o capitel. Son elementos sustentantes que, a súa vez, se convierten en superficies moi recomendables e susceptibles de recibir decoración, e, ademais, unha decoración de profunda raigame renacentista que gusta e se reproduce ata a saciedade na cheminea superior. É isto último, o seguinte obxecto do noso estudo, por presentar unha serie de particularidades moi interesantes de desmenuzar e revalorizar.





No que se refire á cheminea do último piso, perde en tamaño e en presenza escenográfica por ser máis pequena e non presentar rotundidade de formas nin alarde de potencial macizo; aínda así non desmerece ni ten nada que envexar á outra cheminea, xa que presenta un nexo discursivo centrado nun brillante programa iconográfico, sinxelo que non simple, e doado de describir, asimilar e entender con garantías de éxito.



No seu frontis, presenta unha flor de lis protexida por dous leóns rampantes en actitude de defensa e protección leal á nobreza (encarnada en flor de lis) que se ve asediada por criaturas maléficas simbolizadas en dragóns de aspecto amenazante. Se observamos aos leóns, podemos decatarnos de que as súas patas dianteiras e traseiras presentan unhas gadoupas un tanto peculiares xunto co aspecto de remate final da súa cola, pode ser unha creación dun león un tanto tamizada polas influencias de códices e bestiarios retomados en época renacentista? é, cando menos, unha curiosa composición e, á par, identificación dos leóns, dispostos a dereita e esquerda, cunha afiada lingua na que se ve marcado un plegue que a subdivide en dúas partes. Ademais, ao chegar aos pés do león, a sucesión dunha moldura en cadeneta con diminutas boliñas se interrómpese para dar paso e protagonismo central á escena principal: dous leóns coa flor de lis no medio, como elemento vertebrador e definidor da composición.



Na escena, os dragóns atrevéñense a saír máis alá do marco e podemos observar o longo pescozo dun deles, traballado con abundantes escamas que contribúen a crear xogos lumínicos e contrastes de luces e sombras. É unha concatenación de dous dragóns, saíndo un despedido da boca do outro, como se fose expulsado das súas entrañas con virulencia. É unha prolongación, ou quizais, un acusado desdoblamento que imprime maior dinamismo á composición, restándolle estatismo e rompendo a inercia ao pasivo e inerte, ao tempo que dá máis empuxe ao incluso despregar unha curva que se quebra á altura da unión dunha cara

lateral co frontis da cheminea, superficie destinada á parte máis emblemática do programa iconográfico, é dicir, o protagonista da célebre peza funcional (é unha cheminea para dar calor) e decorativa que é esta cheminea. Como xa demostráramos anteriormente, estas chemineas teñen, en canto á estrutura, unha copia exacta no palacio de Tovar en Vilanova de Lourenzá e unha presenza recorrente en cada edificación torrificada (pois é o medio ou conduto de dar calor nas vivendas e salas) como é o caso da cheminea do palacio dos Monterrei.



Falando dos fustes, aquí son máis pequenos, acórtase a súa esbeltez ao minguar a súa verticalidade, non sendo isto óbice para desprezar unha exquisitez decorativa sublime. Neste desprezo escultórico, percíbense basas con franxas decorativas, entre as que se ven dentellóns, sogueados entrecortados por franxas lonxitudinais con disposición horizontal contraposta á vertical, cadenetas, espirais ladeadas que se encadenan dando lugar a un movemento sinuoso, cadrifollos enmarcados en superficies romboidais que rompen a simetría ao dispoñer 3 ou 4 pétalos indistintamente

e non gardando as equivalencias nin a equidade. Isto vese na cara interna da cheminea, a un lado un cadrifollo de tres pétalos deformes onde non se distingue o botón central e a outra un cadrifollo cos pétalos perfectamente definidos e un botón central a modo de unión. Pode ser froito da ineficiencia dun canteiro pouco hábil ou quizais unha licencia decorativa, plasmada a gusto e capricho do artífice ou encomendada por expreso desexo dun comitente.

Para completar o que é un programa escultórico de incuestionable calidade, salientamos a presenza de sendas figas a modo de amuleto profiláctico para previr a interferencia e acción das forzas malignas. Trátase dunha man voluminosa que fai o característico xesto da figa, leva un puño dunha prenda de vestir decorado co que se supón ser encaixe e unha pulseiriña de bolas ou perlas (atribución dunha man feminina?), da cal brota unha roseta moi similar á que hai na cheminea do salón. A figa dispónse sobre un dragón máis reducido cós outros e con menos profusión de escamas, do que se ven unha ringleira de cadriculados dentes entre os que brota unha lingua que se perde e confunde cun listel do entaboamento da cheminea, dando así lugar a unha fusión do escultórico co tectónico.

Aproveitamos esta mención á figa de San Paio de Narla para falar un pouco dos amuletos profilácticos no século XVI e as crenzas que xiraban en torno a eles. Lonxe de mitigarse o seu uso tras a Idade Media, a súa influencia perpetuouse ata o Renacemento, voltándose máis sofisticados e presentando desbastados menos toscos e máis elaborados. É dicir, nótase unha elaboración máis detallada no traballo do acibeche, pedra fósil e *alma mater* do taller dos acibecheiros de Santiago de Compostela que “deu á luz” a maravillosas e inxeniosas creacións de arte que pasaron a engrosar unha riquísima colección de orfebrería galega.

## 7.2. A unión do símbolo e da protección: a figa

A presenza desta figa, na cheminea do último piso da torre de homenaxe da fortaleza de San Paio de Narla, dá para falar longo e tendido. Coa súa aparición ábrese a veda da tradición da acibechería e do carácter profiláctico dos amuletos. Centrándose primeiro sobre a importancia do acibeche, queremos falar un pouco da súa importancia e da súa incursión no panorama histórico-artístico.

Daremos comezo dicindo que o acibeche é unha sustancia fósil: variedade dura e moi compacta do lignito. A súa procedencia orgánica é análoga á do carbón de pedra, se ben se corresponde a distinta época paleontolóxica. É a materia designada por Plinio<sup>24</sup> co nome de *lapis gagates*<sup>25</sup> que provén do nome Gagas dun pobo de Licia, en Asia Menor, e do río do mesmo nome na desembocadura do cal se atopa a devandita pedra. O nome de *gagates* é de forma grega, como tomado da rexión onde o grego era falado. O nome *az-azbach*<sup>26</sup>, tivo acaso raíz en voz persa, aplicada á nosa memoria.

Sabemos moi pouco da orixe e da xénese do acibeche pero, cales foron as circunstancias influíntes que determinaron a aparición das figas? O punto de inflexión atópamolo xa dende moito atrás, pero o século XVI contribuíu enormemente á súa expansión. Déronse a man nuns mesmos acibeches a antiquísima superstición pagana e o culto do Santo Apóstolo a imaxe do cal adoitaba rematar en figa que ceibase do mal de ollo. Pero, non obstante, a crenza nas virtudes máxicas do acibeche remóntase, ao parecer, ata tempos prehistóricos tal e como asevera Plinio. Nese período críase que o acibeche tiña a virtude de escorrentar ás serpes, e tal crenza, abundaría, sen dúbida, para que algunha vez fose levado como amuleto. En Inglaterra atopáronse en soterramentos anteriores á invasión romana: torques, brazaletes, contas e “dijes” de acibeche.

24 C. Plinii: Naturalis Historia, lib. XXXVI, C.XXXV.

25 De onde deriva a antiga vox francesa “jayet”, que máis adiante se escribiu “jais”. En inglés é “jet”.

26 Nos códices copiados na Idade Media, máis índa se cabe cando se trata do nome propio árabe que se transcribe no códice latino, son frecuentes as equivocacións por confundir aos copistas ao interpretar mal a colocación de puntos diacríticos no orixinal. Así advirte o Sr. Asín de catro textos que se conservan dunha mesma obra, só nun se transcribe correctamente o nome árabe *az-zabach*.

Ao acibeche recoñecíasele, no primeiro século da nosa era cristiá, potencias á vez supersticiosas e medicinais, que na Idade Media camiñaban case do brazo. Hai textos que así o recoñecían e transmitían, como o escrito polo médico e naturalista Bendudaris, que viviu na corte de Ahmed Almastaín, en Zaragoza, entre os anos 1085 e 1109 escribe que “*en España el pueblo dice az-zabach con z (en vez de con s), e agrega que en España se ponen azabaches al cuello de los niños por librarles del mal de ojo*”<sup>27</sup>



Figa da cheminea de San Paio de Narla.

A superstición da figa contra o mal de ollo, que dende o século XI se nos dera a coñecer no Mostainí, confirmao no século XIV outro escritor español, o malagueño Benalbeitar. Antes do ano 1248, consigna no seu “Tratado de los Simples” que “*el que viste un aljerce de esta materia ó se pone al dedo un anillo de esta materia, aparta de sí el de ojo*”.

Con anterioridade, eran denominados “dijes”, eran unha man pequenísima e toscamente labrada, na postura tan coñecida de puño pechado e asomando o dedo polgar entre o índice e o do medio, que máis tarde –en España non antes do século XVI– se chamou figa<sup>28</sup>.

No museo Ashmolean, de Oxford, consérvase un amuleto exipcio, de louza ou pasta cerámica azul, con taladro para levalo colgado, e toscos, que, máis evidentemente, representa unha figa. No mesmo museo hai outro amuleto análogo, achado en Umrit, e que se considera fenicio<sup>29</sup>. Entre os obxectos atopados nas covas da necrópole cartaxinesa apareceron amuletos en forma de man que poden ser de ata os séculos X ao V a. de .C.; e no Museo de Bolonia gárdase un que é unha figa, de feitura que nos lembra moito aos cartaxineses de Ibiza: como que poden ser exemplares case contemporáneos.

Pero, de volta ao Renacemento, período artístico no que se inscribe a realización desta cheminea, campo escultórico da figa, obxecto do noso estudo e análise. Cando a comezos do século XVI o gusto do Renacemento clásico trascendeu na corte de Carlos V, e inda máis na de Felipe II, a moda dos amuletos de ámbar, coral, cristal, marfil ou acibeche; persistía a crenza do mal de ollo, que viña respaldada por importantes teólogos cristiáns como Tomás de Aquino<sup>30</sup>; explicaba que a maxia psíquica dalgunhas persoas podía exercer o seu efecto malévolo mediante os espíritos vitais do corpo do fascinador acumulados nos seus ollos, e transmitindo dito efecto maléfico a través do aire ao cal infecta; así, a mirada é dañina e velenosa, principalmente para os nomes cuxo corpo está máis disposto a recibir a impresión. A man como símbolo da figa é un xesto que traspasa fronteiras e culturas, xa que tamén é asimilable ao Islam. Na civilización islámica atópamonos con *jamsa*, a man aberta, á que os europeos chaman a man de Fátima, que se acompañan dunha pequena imprecación proferida en voz alta: “*jamsa fi aynac*” es decir: “(estos) cinco (dedos) en tu ojo” que se acompaña do xesto.


27 Tezto del Mostainí, apud Dazy e Engelmann: Glossaire des mots espagnols dérivés de l’arabe (2ª edición; Leyde: 1889), p.221.

28 Foi tradición importada do nome francés e italiano “*figue*”, “*fica*”. A imaxe do nome naqueles países deixou de ser obxecto de conxeturas fantásticas.

29 Elwerhty: The Evil Eye (Londres: 1985), p.255.

30 Summa theol. Pars I, q. 117, a.4.






Pedra fósil do acibeche sen devastar.



Diferentes mostras de higas ou figas en acibeche.

### 7.3. Os dragóns: tema mitolóxico recorrente

Non soamente temos dragóns nas chemineas de San Paio de Narla, tamén os podemos observar en Santa María de Guimarei desplegados ao longo da liña de imposta con colas en constante ebulición coma se dunha voráxine se tratase, e en actitude axexante e sobre un desprevido mascarón que simboliza o humano fronte ao quimérico das forzas do mal. Tamén temos constancia deles na catedral francesa de Puy, moi interesante por estar enclavada na rutina de peregrinación cara Santiago de Compostela, co cal os influxos e vía de introdución da información iconográfica está máis que xustificada.





Tamén se representan os dragóns como estatuas formando parte de cortexos fúnebres en sepulcros de nobres notables e importantes personalidades como este de Nantes.

En concreto, trátase da tumba de Francisco II na catedral de Nantes, executada a principios do século XVI por Michel Colombe e Jean Perréal. Considerada coma unha obra mestra da escultura francesa, establece un nexo entre épocas (da Idade Media cara o Renacemento) e entre rexións (o estilo italiano coexiste e únese armoniosamente ao estilo francés).

#### 7.4. Arquitecturas decorativas similares: Narla e Tovar

Aprécianse analoxías con San Paio de Narla nas chemineas interiores que están bastante máis desgastadas e deterioradas en Tovar que en San Paio de Narla. Inda así, a estrutura é moi similar á que presenta a cheminea do salón de San Paio de Narla, co mesmo entaboamento e similares columnas. Pódese falar de certas recetas decorativistas do gusto do Renacemento que tenden a repetirse.

En Tovar vese como unha torre medieval intenta adaptarse aos novos gustos estéticos e artísticos imperantes, dun estilo que vén pisando forte como é o renacentista que supón unha ruptura con todo o que había antes.


O Renacemento implica refinamento e gusto pola estética; agora os propietarios intentan demostrar que comungan cun novo credo artístico e que se amoldan a él. É por iso que a parte máis salientable de toda a fortaleza, a torre de homenaxe, se engalana e embelece profusamente para alardear da adopción e da aperta que se fai a esta nova corrente estilística.

Tovar presenta unhas xanelas dunha factura exquisita combinándoa con heráldica e diversos enlacements tipo alfís que lle dán máis elegancia e esbeltez, ao tempo que introducen unha nova linguaxe arquitectónica e estética nunha poboación como a galega, situada na periferia e reticente ao novadoso; de feito é o último lugar onde chegaron os ecos renacentistas e onde máis tardan en calar.

As ventás son unha xustificacón estética para embelecer algo funcional como é un vano que se precisa para ver, observar, deterse a contemplar, saber quen vén, se é amigo ou sospeitoso de afrenta, e tamén para iluminar e airear, permitindo a hixiene e garantindo a salubridade.



Exterior da fortaleza de Tovar



Torre de homenaxe de Tovar.

En San Paio, xa falamos delas, hai unhas xanelas, e é o gusto da época recurrir a elas para plasmar a ornamentación como se ve nas torres de Allo de A Coruña. Polo tanto, continuaremos investigando para intentar descifrar o significado iconográfico das ventás de Narla, apoiándonos no pazo de Aranza onde aparece unha decoración de guerreiros barbados moi similar á de Narla.

Parece que o belicismo é un tema moi do gusto do Renacemento, en Tovar tamén aparecen dous guerreiros con helmo á entrada da porta sobre o entaboamento que descansa en sendas xambas de apoio sustentante. Sería interesante descubrir un libro de ornamentación para ver a inspiración en modelos que, polo que vemos, tenden a repetirse. Podemos consultar en libros de medallas, por exemplo, como a medalla de Cosme de Médicis.

A partir de aquí voltamos a caer no xogo iconográfico sobre modelos decorativos do Renacemento. O anxelote é moi recorrente, vémosto en San Paio de Narla e tamén no escudo dos Luaces en Mondoñedo.





Nas chemineas tamén se ven similitudes, se ben a cheminea de Tovar está moi deteriorada e ennegrecida en comparanza coa de San Paio que resistiu mellor o paso do tempo. En ámbalas dúas, vese un amplo acornisamento que descansa sobre un entaboamento que, aparte de exercer funcións de sustentación, se emprega como campo escultórico para labrar figuración. No caso de Tovar, sitúase un escudo coa heráldica erosionada, mentras que en San Paio atópamonos coa curiosa iconografía dunha figura alada, posible anxo? que nos relaciona co celestial, ao tempo que parecen escritas sobre o seu peito unhas incisións gráficas que parecen por “María”. Se nos fixamos nos laterais da cheminea de San Paio, descubre dous leóns de fauces feroces que parecen simbolizar o maligno que se abalanza sobre a figura alada, representación do divino e da bondade.

Ademais, se nos fixamos nas columnas descubrimos motivos escultóricos moi similares, é dicir, de formas xeométricas e denticuladas, insertas en pequenas cuadrículas ou retículas que fan un xogo óptico moi logrado. É frecuente ver o tema de cadrifollos, pequenas flores ou rosetas con botón circular insertas en superficies xeométricas cadradas que tamén vemos na portada principal do colexio do Cardeal Rodrigo de Castro de Monforte de Lemos. Estas coincidencias e similitudes preséntannos a seguinte cuestión: podemos falar dunhas recetas escultóricas e arquitectónicas aplicadas só ao Renacemento?



Cheminea en San Paio de Narla



Cheminea de Tovar.

En canto aos clipeos, debemos buscar as imaxes na medallística. As medallas son seguramente menos útiles pero, en recompensa, son moito máis agradables pola fermosura das cousas que representan. As moedas case non precisan máis que o valor que lles dá a súa materia, e as medallas sacan a súa vantaxe das figuras que sinalaron nelas, para inmortalizar aos homes grandes e as súas heroicas accións. As máis antigas que temos son as gregas, e non sabemos nada das hebraicas ou exipcias.



Medalla de Cosme de Médicis.

Os metais serviron, case sempre, de materia ás medallas e moedas; pois eles sós teñen as cualidades precisas para a súa fundación, para a gravadura, ou para non corromperse. O ouro, a prata e o cobre son os tres que se usaron principalmente, como máis nobres. A limpeza da medalla, a fermosura da historia que se representa nela e o pouco tempo que reinara o Príncipe que a mandou fabricar, aumentaron o seu valor<sup>31</sup>. Non podemos desprezar as inscricións que se len arredor de aqueles a quen representan.

Como podemos extrapolar esta información a San Paio de Narla? pois ben, pretendemos centrar a nosa atención nos medallóns das ventás deste edificio, especialmente os da segunda ventá que resultan os máis irrecoñecibles e difíciles de descifrar iconográfica e cronoloxicamente.

Na ventá mencionada anteriormente, vese un medallón que representa unha figura con rasgos máis masculinos e severos que no outro medallón que presenta, ao noso xuízo, uns rasgos máis afeminados. A presenza de flores é moi frecuente na medallística, onde aparecen con relativa frecuencia, sendo, incluso, hexapétalas, é dicir, de 6 pétalos ou máis. Non obstante, se dispuxésemos de máis espazo escrito, faríamos unha análise comparativa con medallas por contraposición con outras.

Sen embargo, sospeitamos que a ventá da rampa de acceso a San Paio foi removida e recolocada, apréciase perfectamente en moitos dos seus ocos e refundidos, sobre todo palpables no medallón central que efixia a un guerreiro con helmo e barbado, que ten unha réplica case idéntica do pazo de Aranza, que recolleu Manuel Vázquez Seijas, dentro dun libro sobre pazos e/ou casas grandes, como xa analizáramos previamente con detalle.



31 Patín, Carlos: *Historia de las medallas*, escrita en francés y traducida al castellano por D. Francisco Pérez Pastor, Madrid, p. 127.

Chama a atención a superficie redondeada na que se inscriben os representados, remítenos á Antigüidade e aos clipeos, sendo unha decoración frecuente do Renacemento que, en ocasións, alterna o compositivo co mitolóxico tal como se pode ver no medallón da rúa de Tras Salomé que representa a unha divinidad acuática da mitoloxía grecorromana.

Falamos dun tritón, toda unha xoia escultórica nun contexto arquitectónico incomparable. Dentro deste tema dos clipeos, ímonos centrar nos sartegos paleocristiáns (imago clipeata) e nos clipeos do convento renacentista de San Marcos.



Beleforonte matando á Quimera.



Hércules do convento de San Marcos.

Axudando na teoría das medallas comparativas cos medallóns de San Paio, temos un exemplo moi representativo que é o díptico de Urbino que recolle o enlace entre Federico de Montefeltro e Batista Sforza, representados con anverso e reverso como se dunha moeda/medalla se tratase e narrando un feito histórico e épico, por diante e por detrás, ao igual que acontece coas moedas que presentan no anverso a cara do efixiado e o reverso unha historia mitolóxica alusiva ás fazañas da persoa representada na moeda ou medalla.



Parte da incógnita destes medallóns de San Paio, aparte de descubrir a quen representan, está o tema de saber se representan a un home ou a unha muller; a través da historia e da arte descubrimos aspectos que concernen á realidade de muller. Sendo a muller máis suxeito da arte que obxecto do mesmo,



especialmente a partir da Idade Moderna ata finais do século XIX<sup>32</sup>. Posiblemente, este medallón representa a Catalina de Andrade, cónxuxe de Vasco das Seixas, quen puido ter apostado pola promoción artística dotada de certa sensibilidade e gusto artístico, xa que é certo que se tiña moi claro o prestixio que a promoción de empresas artísticas reportaba á monarquía, como podía ser a realeza de San Paio de Narla. Nesa época, unha muller podía apostar só polo matrimonio ou por ingresar nun convento, sempre presente o rexeitamento á súa condición feminina por encarnarse nela todas as tentacións; porque, detrás de cada muller, a Igrexa sempre está vendo a Eva, e malia que o Renacemento fixo de Venus a potencia creadora, o discurso eclesiástico da Contrarreforma, de enorme influencia, insiste nas pautas marcadas pola tradición patrística. Dende este punto de vista, hai que resaltar como a muller é evocada como o suxeito que aparta o varón de elevacións espirituais<sup>33</sup>.

Por unha parte, a análise da iconografía profana na arte medieval dámos unha visión fragmentaria, inexacta e partidista; fragmentaria, porque a arte prerrománica concedeu escasa importancia á temática figurada, e cando aparece é de carácter relixioso. E inexacta e partidista porque non recolle todos os aspectos sociais da muller, nin reflicte a súa auténtica situación social, nin o seu poder. Por outra parte, permítenos constatar como os roles atribuídos ás mulleres son impostos por motivacións xurdidas en sistemas ideolóxicos e non en razón das súas cualidades innatas, e como, en determinados momentos o pensamento medieval se serviu da arte- en especial a escultura románica- para outorgar ao sexo feminino un determinado papel, que foi transformándose ao compás dos cambios socio-económicos.

Sen embargo, nestes primeiros séculos alto medievais, en contra do que se puidera pensar, a muller foi moi valorada. As causas foron varias, en primeiro lugar están os valores sociais que aportaron as tradicións xermanas; para os xermanos, as mulleres encarnaban un elemento de santidad e profecía, polo que as súas opinións e consellos deben ser oídos. Por outro lado, a baixa densidade demográfica da muller; de aí que o home que desexara casarse tivera que aportar unha forte dote, e a escaseza de recursos que impoñía a acentuada ruralización da sociedade.

As raíñas asumían auténticas funcións administrativas nas casas reais. Frecuentemente, fundaban conventos coa esperanza de asegurarse un refuxio seguro e pacífico para a súa ancianidade, e tamén para albergar as raíñas viuvias, ás princesas solteiras e ás esposas repudiadas. A posición da muller dentro da igrexa non foi menos influínte. Un gran número de abadías foron dirixidas por mulleres –sempre de elevado rango social- chegando a convertirse en grandes administradoras e devotas relixiosas<sup>34</sup>. O estudo era un elemento social do que a muller de elevado rango participaba.

A arte prerrománica, coa súa diversidade de estilos, o seu medo á idolatría e a súa pobreza escultórica figurativa, non constitúe un material apropiado capaz de aportaren ao estudio da situación da muller nestes séculos. Só cabe salienta a arte carolinxa, que no seu intento de renacer a arte clásica recolle fórmulas iconográficas herdadas do paganismo, e por tanto non nos pode estrañar que plasme alegorías das virtudes, nin que sexa na súa época cando se establezan os atributos das virtudes cardinais. A Prudencia, sostén un libro, símbolo do discernimento entre o bo e o malo; a Xustiza sostén a balanza, que lle pertence dende tempos remotos; a Templanza verte unha xarra chea de agua, etc.

Pois ben, aquela sociedade de cambio, inestable e insegura dos primeiros séculos do Medievo, a pesar de ofrecer unhas duras e violentas condicións de vida ás mulleres, paradoxicamente permítelles gozar dunha participación activa, dunha favorable condición xurídica e de acceso á cultura. En definitiva, posuír unha liberdade e influencia das que ían carecer as súas sucesoras.

A reforma clunniacense non dubidou en adxudicar á muller un papel relevante neste tebeo pétreo para iletrados que era o relevo, convertíndoa en encarnación do mal, do pecado, da seducción, etc.,

32 Camacho Martínez, Rosario: *Iconografía y creación artística. Estudios sobre la identidad femenina desde las relaciones de poder*. Servicio de publicaciones. Centro de ediciones de la Diputación de Málaga (CEDMA), Málaga, 2001, p.6.

33 Camacho Martínez, Rosario: *Iconografía y creación artística. Estudios sobre la identidad femenina desde las relaciones de poder*. Servicio de publicaciones. Centro de ediciones de la Diputación de Málaga (CEDMA), Málaga, 2001, p.14.

34 Camacho Martínez, Rosario: *Iconografía y creación artística. Estudios sobre la identidad femenina desde las relaciones de poder*. Servicio de publicaciones. Centro de ediciones de la Diputación de Málaga (CEDMA), Málaga, 2001, p.28.

símbolo dun dos peores vicios: a luxuria. Un dos temas máis sorprendentes e importantes da escultura románica é o da muller espida, envolta e devorada por serpes, que simboliza o castigo da luxuria, se ben esta iconografía presenta variacións, en ocasións sapos e serpes devoran os seus senos e sexo, enroscándose entre os brazos e muslos; noutras, as serpes- raíñas da fauna diabólica- mórdenlle os senos, a lingua e introdúcenselle polo nariz.

A muller nunca estivo ben considerada nas Sagradas Escrituras, comezando pola Xénese, e continuando polos comentarios dos apóstolos, nin nos textos dos Santos Padres, nin sequera na filosofía clásica, en especial Aristóteles, que tanto influíu no pensamento medieval; todos conceden á muller un papel pexorativo e de sumisión ao varón. A responsabilidade de Eva na existencia do pecado no Mundo proporcionaba unha explicación para xustificar a posición de inferioridade da muller e reforzar o dereito divino que o home tiña para gobernala. En cambio, aquí, en San Paio de Narla, sorprende atopar o medallón feminino, á mesma altura co masculino, nunha posición igualitaria e nunca discriminatoria ou vexatoria.

Creemos que a muller renacentista se ve un pouco despoxada da etiqueta do “sexo débil” que levaba na Idade Media, e que a bo seguro, minaba a súa propia personalidade, albergando unha visión atemorizada da súa sexualidade e un profundo sentimento de culpa ao incitar inconscientemente ao pecado, e á vez sentirse predestinada a él pola súa propia condición feminina, a súa presión psicolóxica debeu ser tan forte que levou aos teólogos a buscar unha saída, e así o século XII é o século do Rexurdimento Mariano, María- unha muller tamén- trouxo a Salvación e a Vida á Humanidade, e nela se encarnan tódalas virtudes. Isto unido á herdanza carolinxa e clásica motivará na arte románica a presenza da muller para simbolizar as virtudes.

A pesares disto, a educación da muller seguía tendo como meta a supeditación ao home. A educación nestos séculos baixomedievais queda case exclusivamente restrinxida ao varón; só un reducido número de nenas, sempre de elevada clase social (como o foi no seu día Catalina de Andrade) aprendían a ler e escribir, porque só nesas esferas a muller cultivada tiña importancia. Por outro lado, os tratados didácticos da época, destinados a orientar a formación daquelas nenas, atenden a dous aspectos diferentes: por un lado, á formación relixiosa e intelectual, e por outro lado, estaba a educación cortesana o obxectivo da cal era preparar á muller para que brilara en sociedade: debía saber bordar, cantar, tocar instrumentos musicais, narrar historias... en suma, facer a vida máis agradable ao home<sup>35</sup>.



Pazo de Catalina de Andrade en San Tirso de Abres (Asturias).

35 Camacho Martínez, Rosario: *Iconografía y creación artística. Estudios sobre la identidad femenina desde las relaciones de poder*. Servicio de publicaciones. Centro de ediciones de la Diputación de Málaga (CEDMA), Málaga, 2001, p.73.

Sendo realistas, o Renacemento non cambiou gran cousa este panorama e, malia que o Humanismo fixo de Venus a potencia creadora, o discurso eclesiástico seguiu insistindo nas pautas marcadas pola gran tradición patrística. A muller só tiña dúas saídas: a do matrimonio e a conventual, en termos metafóricos: o amor sacro e o amor profano.



Amor sacro e amor profano, obra de Tiziano.

### 7.5. Reafirmación da nosa teoría iconográfica

A correcta interpretación dos significados das imaxes artísticas é un problema arduo. A naturalidade tradicional da relación entre a linguaxe e a realidade, entre formas e significados, foi substituída no século XX polo que se chamou a “*lóxica da sospeita*”, polo convencemento de que, baixo a máscara superficial da aparencia da materia, das palabras, das imaxes, en suma, de toda a realidade, ocultáanse complexos universos de significados latentes. A sospeita da existencia de significacións ocultas foi acompañada por unha transformación da propia idea de significado das formas icónicas, a ampliación e metamorfose da cal continúa inda hoxe en día. O desenvolvemento de disciplinas como a Psicoanálise, a Hermenéutica moderna e, especialmente, a Semiótica e a Iconoloxía, afectou, quizais non suficientemente inda, aos fundamentos teóricos e prácticos da Historia da Arte como disciplina que estuda a significación das imaxes artísticas<sup>36</sup>.

Así, a Iconoloxía, influída directa ou indirectamente pola psicoanálise, postulou a existencia de niveis de significado baixo a tranquila superficie das imaxes. A comprensión do significado dunha forma icónica deixou de ser un proceso sinxelo baseado no recoñecemento dos temas representados, para converterse, progresivamente, nunha intrincada e non sempre evidente relación entre as imaxes e os símbolos, conceptos e significados propios das tradicións culturais. A *lóxica da sospeita* destruíu, quizais para sempre, a confianza na inocencia e unidimensionalidade das imaxes. A progresiva aplicación de postulados semióticos, da filosofía analítica, da psicoanálise freudiana e jungiana, da Hermenéutica, e do estruturalismo, entre outros mares teóricos, á interpretación de obras de arte, enriqueceu considerablemente o panorama metodolóxico, pero converteu, ou debería converter, cada acto de interpretación dunha imaxe, nun problema, máis que nunha certeza.

Pola súa parte, a Idade Media legou ao Renacemento unha aceptación do fantástico e monstruoso das artes plásticas como depositario de significados morales negativos, do pecado, asociado ao mal, ao demo e á deformidade física, nunha interpretación que concebía a Deus como a causa última das categorías Ben-Bondade-Beleza e, polo tanto, asociaba a fealdade coas categorías contrapostas. Deste

36 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.17.

xeito, unha opción estética de raíz teolóxica unirase na nova sensibilidade filosófica para ir delimitando o papel do fantástico nas coordenadas estilísticas do Renacemento<sup>37</sup>.

Se falamos de Renacemento en España, temos que falar, por excelencia, da fachada da Universidade de Salamanca os rasgos esenciais da cal foron interpretados e reinterpretados con resultados dispares e case contradictorios no que se refire á interpretación de personaxes alegóricos e mitolóxicos que a poboan, pero esta disparidade pón de manifesto a absoluta necesidade dunha identificación precisa dos motivos para intentar proceder ao asalto do significado, e non a inexistencia dun programa coherente. Pretender que se trata dunha obra só parcialmente significativa supón unha simplificación do problema que, ao noso xuízo, nada resolve, mentres non se aclare por que unhas imaxes posúen significado e outras non, e por que debe ser preferida unha interpretación que só se serve duns poucos elementos a fin de obter un resultado global. Isto non quere dicir que non exista unha xerarquización de motivos, nesta ou noutras obras, que convide a pensar que os motivos decorativos poden non desempeñar máis que unha función adxetiva ou “modal” de precisión a un programa xeral. No caso salmantino, a existencia dunha intención xeral alusiva á tutela da Igrexa e ó poder dos señores feudais en relación á Universidade non impide en absoluto que as restantes imaxes, sexan ou non grutescas, posúan un significado relativo a esta idea, un carácter de adxetivos icónicos en sí significantes ou só comprensibles en relación aos conceptos expresados no conxunto do programa xeral. Non obstante, a obscuridade inda non declarada deste e doutros conxuntos iconográficos nos seus elementos de maior rango icónico permiten comprender en parte o porqué das dificultades á hora de asignar significados ao que é xeralmente unha estrutura visual complexa e abigarrada.

Podemos extrapolar estes datos e intentar adaptalos a San Paio de Narla e ás súas xanelas renacentistas. Non resulta ilóxico insinuar que a decoración destes elementos arquitectónicos e, á vez, usados como marco escultórico e iconográfico, pode estar vencellada á nobreza xa que no interior da fortaleza moraban señores feudais, en concreto Vasco das Seixas e Catalina de Andrade, que fan coincidir o seu reinado e mandato coa época renacentista, momento no que presupoñemos foron construídas as xanelas, chemineas e portas renacentistas da fortaleza.

Ao longo do século XX, a interpretación dos significados das obras de arte deixaron de ser un proceso doado, de carácter obxectivo e evidente, para converterse, ante todo, nun problema teórico e metodolóxico de primeira magnitude. A obxectividade e naturalidade dos significados das imaxes, garantidas pola existencia de tradicións iconográficas establecidas, coñecidas e aceptadas, viuse substituída por unha interrogación constante non só sobre a natureza dos significados iconográficos, senón incluso sobre a propia noción de significado na súa relación co artístico, plantexando as preguntas esenciais: que e como, significan as obras de arte. A proliferación de novas perspectivas teóricas e metodolóxicas orixinou unha transformación, unha crise, nas concepcións tradicionais dos obxectos artísticos e dos seus significados<sup>38</sup>.

A distinción entre imaxes posuídas de significado e imaxes carentes del e provistas tan só dun valor ornamental, cómodamente asumida e naturalizada pola tradición cultural e pola práctica da historia da arte, resulta en realidade dificilmente sostible dende un punto de vista teórico. A tradición cultural occidental privilexiou determinadas tipoloxías icónicas como portadoras dunha profunda carga de significado, e erixiu determinadas formas como vehículo de plasmación e fixación de valores ideolóxicos de gran transcendencia, sexan de tipo relixioso, político, militar, científico, etc. En cada período artístico e histórico, a innegable existencia de formas especialmente dotadas de significacións simbólicas importantes serviu para establecer unha fronteira entre as formas que fixan e transmiten ditos valores e aquelas que non parecen portar significado algún. A constante tendencia occidental á xerarquización e á lóxica

37 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.23.

38 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.285.

oposicional afectou así á comprensión das formas artísticas, propiciando que determinadas tipoloxías icónicas se viran excluídas aprioristicamente de calquera posibilidade semántica<sup>39</sup>.

Os procesos de interpretación das imaxes comezan cando se establecen as diferentes identidades que unha imaxe pode posuír. Isto é un dos presupostos conceptuais básicos que están presentes na formulación do método iconolóxico, que repousa esencialmente na determinación de distintos niveis formais, expresivos, semánticos e simbólicos na configuración dunha obra artística. De acordo con esta división, unha obra de arte posúe unha estrutura formada por estratos da súa significación de complexidade crecente, e a súa percepción por parte do historiador da arte require coñecementos e principios metodolóxicos de rigor e complexidade igualmente crecentes.

Á hora de estudar estas imaxes, deben ter sentido, e deberíamos buscar naqueles textos e documentos conexos da obra estudada<sup>40</sup>, no que as súas imaxes poden ser contrastadas e propostas como unha tradición icónica de conceptos culturais, de momento ninguén se meteu a abordar en profundidade o programa iconográfico de sendas xanelas e chemineas e outros aditamentos interiores. En todo caso, calquer interpretación iconolóxica, ou simbólico-iconográfica, debe preocuparse por desenvolverse nun plano homoxéneo cada vez, de modo que os tipos de fontes documentais, de campos de significado cos que se pretenden interpretar as imaxes dun programa, sexan igualmente homoxéneos.<sup>41</sup>

Debemos fuxir da exclusión da condición simbólica dos elementos icónicos destas partes da fortaleza, para evitar que queden reducidos á categoría de mera decoración, e sendo conscientes de que a identificación se afirma por medio de relacións ricas e xustificadas con fontes e conceptos culturais, e non por medio de asociacións arbitrarias. Podendo falar de referentes humanísticos, alegóricos e simbólicos, enfocados, tal vez, dende unha dimensión histórica.

Dentro do terceiro e último nivel diferenciado por Panofsky, o denominado significado intrínseco da obra de arte, están contidos os diferentes significados simbólicos que unha imaxe artística pode posuír e que constitúen, en conxunto, o contido iconolóxico dunha obra. Deste xeito, a obra establece un diálogo constante co entramado histórico-cultural da que formou parte no seu momento de creación. Isto pódese apreciar nas ventás de San Paio, que conservan marcados rasgos renacentistas na súa traza, así como tamén son palpables nas chemineas e portas inferiores da devandita fortaleza.

Cada un dos tres niveis significativos da obra de arte caracterízase pola necesidade dunha experiencia subxetiva previa por parte do espectador, que require de modo imprescindible, o coñecemento das tradicións históricas, culturais e hermenéuticas, que serven en cada caso de principios controladores da interpretación iconolóxica do historiador. Deste xeito, a liberdade interpretativa queda limitada pola necesidade de acadar coherencia coas fontes documentais para non caer nunha contradición que axudan a delimitar as cualidades significativas dunha obra<sup>42</sup>.

Delimitar cales son as características específicas do simbólico é un problema aínda non resolto polas disciplinas que estudan o simbolismo. O mesmo termo de símbolo preséntase coma unha realidade dificilmente definible, precisamente porque o indefinible, o incognoscible, constitúe na maior parte das ocasións un dos termos de definición. Son posibles numerosas formas de interpretación simbólica, sempre que se podan definir axeitadamente e non se confundan os resultados dunhas coas restantes.

Falando de símbolos, a concepción tradicional de símbolo define a este como calquer signo, imaxe ou realidade, que substitúe e/ou está en lugar de, simboliza, un concepto ou realidade de orde preferen-

---

39 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.286.

40 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.500.

41 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.500.

42 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.312.

temente metafísico, espiritual, dunha realidade o coñecemento da cal non pode ser totalmente cognoscible nin abarcado pola conciencia. O símbolo é, en primeiro lugar, o significante dun significado que sobrepasa, desborda, as dimensións e posibilidades do significante. O significado dun símbolo, o simbolizado, excede os límites do significante, faino estalar, o cal se manifesta no acto de percepción do símbolo en forma dunha reacción emocional intensa e difusa á vez<sup>43</sup>. O significado xorde na cultura e desenvólvese nela, polo tanto o clípeo da torre de homenaxe situado na ventá debe ser entendido no marco e contexto histórico do Renacemento, momento ou período no que se labra.

Toda imaxe podía ser considerada como obxecto simbólico, independentemente da súa forma e do seu contido específicos, por iso convén definir dun xeito máis preciso en que condicións poden realmente, as imaxes, ser consideradas como portadoras de significacións simbólicas, como signos que condensan e comunican un contido conceptual<sup>44</sup>. Obviamente, os significados culturais deben ser coetáneos ou anteriores ao momento histórico de plasmación da forma iconográfica; posto que relacionar formas con contidos desenvolvidos en momentos históricos posteriores supón introducir un principio de arbitrariedade que dificulta o esclarecemento do significado orixinal das obras de arte<sup>45</sup>.

A primeira distinción básica no que se refire ao nivel simbólico-iconográfico consistirá por tanto na definición e diferenciación do que son significados históricos (contemporáneos á obra ou anteriores a ela) e culturalmente explícitos (pertencentes ao mesmo ámbito cultural que a forma e delimitados culturalmente nela). Estas dúas categorías básicas opóñense lóxicamente á búsqueda de significados non históricos e culturalmente implícitos, que non parten dun sistema cultural, senón da asociación por analogía, que se serve de calquer significado cultural análogo, sexa este coetáneo ou non, coterráneo ou non.

O significado da imaxe sería coñecido polo artista, fixado por este na imaxe e recoñecido sen dúbida nin ambigüidade por un espectador. Sen embargo, sería precisa unha evidencia da existencia de tal intención simbólica por parte do artista, evidencia que, en último extremo, debería ser incluso xustificada por medio dalgún testemuño, diferente da propia materialidade da obra, no que a vontade do artista constase explícitamente. De calquer xeito, o factor que permitiría afirmar a obxectividade desta relación de significado é o emprego dun código cultural común por parte do artista e do espectador, código no que os significados das formas sexan razoables con estas de modo explícito. Neste caso, o descoñecemento do código simbólico empregado polos artistas (feito que acontece en San Paio coas súas formas renacentistas) e mentores renacentistas parte do suposto, non demostrado, de que realmente a significación existise e que sexa preciso reconstruír por medio de conxeturas apoiadas no coñecemento profundo do contexto cultural e as circunstancias concretas de cada imaxe<sup>46</sup>. Noutro caso, o significado existirá na imaxe, senón que o artista teña sido consciente da súa presenza na obra, pero un espectador, coñecedor das claves precisas, lograría descubrir o contido oculto.

Noutro suposto, no cal a imaxe posuiría un significado simbólico, que non tería sido percibido nin polo creador nin polo espectador dunha imaxe artística, é unha mera posibilidade teórica, pero que non pode exemplificarse porque só ten existencia real se se supón que existen significados, baixo a experiencia de formas coñecidas, inda non explicitadas. Se acaso, neste senso, poderían ser incluídas nesta categoría todas aquelas metodoloxías, aínda por formular, que algún día afirmen ter descuberto novos niveis de significado da realidade e nas obras de arte. En canto métodos potencialmente existentes, pero inda non formulados, non foron coñecidos polo artistas nin o son hoxe por ningún espectador, como era coñecida a psicoanálise antes da formulación das súas leis por parte de Freud, pero, teoricamente, os

---

43 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.24.

44 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.41.

45 García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*. Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001, p.51.

46 García Álvarez, César: *Iconografía fantástica y simbolismo en el Renacimiento*. Universidad de León, 2000, p.51



significados estarían aí, nas imaxes, agardando a sabiduría que saiba arrincalos<sup>47</sup>. Por tanto, despléganse ante nós tres programas iconográficos de gran interese e beleza dos que apenas se ten dito nada, agás do programa iconográfico da cheminea do último piso que amosa a figa como elemento profiláctico e un león defendendo a flor de lis, símbolo da nobreza, ante dous dragóns de fauces feroces. Pero, sobre o demais, non se esclareceu nada, tan só se nola encadrou dentro do período do Renacemento; quizais temos a oportunidade de atopar o método para revelar que se representa na cheminea do salón principal e nas ventás exteriores.

O recurso á relación concreta entre unha imaxe e un texto (ou varias imaxes e varios textos), propio do método iconolóxico, non permite validar ou negar totalmente unha interpretación determinada, posto que as relacións son posibles entre as imaxes e os textos de diferentes épocas culturais, non teñen un límite claro e evidente. As imaxes poden absorber numerosos significados debido a súa condición de textos hipocodificados (ou sobredimensionados) e revélanse capaces de responder efectivamente a múltiples interrogantes de sentido. Non obstante, a pesar da imposibilidade de reducir a significación simbólica a unha soa, definible mediante textos, parece innegable que a base esencial, o principio regulador do método iconolóxico, posúe plena validez. Referímonos á afirmación da imaxe como reflexo de e como medio para acceder á mentalidade e cultura dunha época. Parece indiscutible o feito de que a función e o significado dunha imaxe (alomenos unha das súas funcións e das súas dimensións de sentido) dependen do seu momento histórico; que se pode establecer unha relación privilexiada entre ambos elementos, relación de carácter dialéctico, de modo que o coñecemento dunha época clarifica o significado da imaxe e que, polo contrario, o estudo dunha imaxe arroxa luz sobre a época e o grupo humano que o creou<sup>48</sup>.

Esta evidencia require a súa vez maiores precisións. É preciso preguntarse en qué medida a presenza dunha imaxe iconográfica concreta nunha obra de arte determinada, nun contexto xeográfico igualmente preciso, participa do conxunto de significados que dita imaxe poida desempeñar ou posuír en contextos artísticos conexos pero diferentes. Plantexámonos en que medida as imaxes chegadas do Renacemento italiano conservan, no seu paso a un medio social diferente, a súa carga de significados culturais e simbólicos, e en que medida, artistas e mecenas das obras, son conscientes de ditos significados á hora de empregalos nas súas creacións artísticas, ou incluso se son engadidos novos simbolismos no seu emprego sen que teñamos constancia documental dese feito<sup>49</sup>.

Que facer en canto ás fontes? Canto menor sexa o número de fontes e máis homoxéneas sexan estas, maior será a fiabilidade da relación entre elas e as imaxes; é dicir, se un programa pode explicarse na súa totalidade por medio dun só texto, a interpretación será posiblemente correcta e dificilmente refutable. Se é preciso acudir a dous textos, probablemente se logre explicar mellor maior número de características da obra. Se se recorre a un terceiro, o un cuarto, a precisión probablemente aumentaría. Pero, ao mesmo tempo, o aumento do número de fontes supón tal apertura no número de relacións posibles que se produce unha progresiva entropía da adecuación entre imaxe e texto, debido a que as categorías se van tornando cada vez máis vagas<sup>50</sup>.

O número e calidade das fontes debe ser, polo tanto, o máis reducido e homoxéneo posible, debendo ao mesmo tempo, proporcionar unha explicación suficiente que abarque a totalidade da obra artística, do programa iconográfico estudado. Non obstante, no recoñecemento teórico da necesidade da homoxeneidade e limitación numérica das fontes, non se resollen todos os problemas.

En relación co artista, existen dúas posibilidades básicas: que sexa consciente dos significados e valores que posúen as imaxes que emprega, ou que se sirva destes, que os reproduza, sen posuír noción

47 García Álvarez, César: *Iconografía fantástica y simbolismo en el Renacimiento*. Universidad de León, 2000, p.53.

48 García Álvarez, César: *Iconografía fantástica y simbolismo en el Renacimiento*. Universidad de León, 2000, p.65.

49 García Álvarez, César: *Iconografía fantástica y simbolismo en el Renacimiento*. Universidad de León, 2000, p.65.

50 García Álvarez, César: *Iconografía fantástica y simbolismo en el Renacimiento*. Universidad de León, 2000, p.86.

do seu valor simbólico<sup>51</sup>. No primeiro caso, o problema da existencia dun significado nas imaxes queda resolto en sentido afirmativo, e unicamente se precisa definir o método axeitado para clarificalo e lelo correctamente. No segundo caso, non é posible negar categoricamente que as imaxes porten significados, pero será preciso establecer teoricamente cal é o grado de inmanencia, de cohesión entre significantes icónicos e significados conceptuais.

O que pretendemos con este traballo é penetrar no sentido da obra renacentista, no seu significado máis profundo, no seu simbolismo.

## ➤ 8. Outras fortalezas de Friol: as ruínas do Hospital das Seixas

Aquí atópanse os restos dunha das fortalezas que pertencían ao señor Vasco das Seixas, a cal lle foi derribada por Gonzalo Ozores de Ulloa e hoxe aprecianse as súas impactantes cimentacións a base de contundentes formacións minerais de cuarzo que, por outra banda, forma parte do escudo de armas da familia dos Seixas.

Hoxe en día, véñse diferentes vertentes colocadas en cada esquina para controlar mellor o territorio, e que xeran excepcionais panorámicas. A súa ubicación lembra a dun castelo roquedo, con reminiscencias ao castelo de Rocha Forte de Santiago de Compostela, a pesar de que neste caso a orografía non era tan pronunciada e accidentada.

Convén lembrar que cuarzo en galego se coñece como “seixo”. De aí nace o nome desta liñaxe que se identifica como “dos Seixas”. O “seixo” é o mineral máis abundante, escollido como material para erixir esta fortaleza no Hospital das Seixas.

### 8.1. Os Seixas

Rastrexar a orixe dos Seixas supón saír do Concello de Friol. Esta liñaxe tiña orixe toponímica que fai referencia ás formacións de “seixo” que coroa o Alto do Corno do Boi, na parroquia de Merlán, pertencente ao concello de Palas de Rei. Desta zona procedían os Seixas, onde inda subsisten topónimos como Castro das Seixas, ou tamén Pazo do Monte, vencellado á mesma liñaxe. Nestas terras enfrontáronse polo control da zona Vasco Gómez das Seixas e Gonzalo Ozores de Ulloa (fundador do castelo de Pambre) no século XIV. Concretamente, na posición estratéxica do Corno do Boi, no Hospital das Seixas, Vasco Gómez das Seixas constrúe unha fortaleza que é demolida por Gonzalo Ozores de Ulloa, quen chegaría, incluso, a sitiar a fortaleza de San Paio de Narla.

A fotografía que amosamos está tomada no Hospital das Seixas, nun tramo do Camiño Primitivo de Santiago, no que se poden ver as formacións de seixo ás que facíamos referencia. Nesta localidade, ofertábase acubillo aos peregrinos, sendo os cabaleiros templarios os que aseguraban a seguridade de tránsito cara os santos lugares. Este primitivo camiño que viña dende Oviedo, aproveitaba o trazado dunha antiga vía romana, a vía XIX do Itinerario Antonino<sup>52</sup>.

Hoxe en día, véñse diferentes vertentes colocadas en cada esquina para controlar mellor o territorio, e que xeran excepcionais panorámicas. A súa ubicación lembra o seu carácter desafiante e aspecto rudo. Os restos fotografiados deixan entrever unha fortaleza de razoables e espaciaosas dimensións.

A continuación, adxuntamos unha galería de imaxes:

51 García Álvarez, César: *Iconografía fantástica y simbolismo en el Renacimiento*. Universidad de León, 2000, p.185

52 <http://algotmaisquepanequeixo.com>



Fonte: elaboración propia.

## ➤ 9. San Paio de Narla e a súa presenza nos arquivos: lectura paleográfica

### ARRENDAMENTO DA FORTALEZA DE SAN PAIO DE NARLA

*Dentro de la fortaleza de San Paio de Narla...la feligresía de Santa María de Xiá a cinco días del mes de julio de mil seiscientos y diez días por ante mi escribano y testigos hizo presente don Alonso Órdoñez...y Tobar de la dicha fortaleza e dixo que arrendaba e daba en arrendamiento por dos años corridos de día de San Julián a día de San Julián a Fran<sup>co</sup> Lopez derrabade Vz de la fortaleza de Santiago de Meda que presente estaba asaver que ansi learrendaba y daba en este arriendo por los dichos dos años todas lasrentas...del cotodecirio y lo del anexo y por tiene veynte años y de qualquiera calidad y condición que sean y huella sean mitad en el dicho coto de año y sus partidas y sean en manoxo todo lo que le arrendaba y daba en arriendo según por el se cobraba por el qual le dixo Fran<sup>co</sup> Lopez derrabade ha de dar y pagar en cada un año el dicho don Alonso ciento y corenta ducados<sup>53</sup>, ciento y bente ducados luego y sesenta para la navidad que viene este presente año que hesta paga del primero año y los otros cientos y hoypresente ducados de la paga del segundo año todo lo llevo al numero que viene doscientos y doce puestos y pagos su poder y hago del ayo su Don L<sup>o</sup>....y este arriendo para San Ju<sup>o</sup> de junio viene del año de seiscientos y doce y años Fran<sup>co</sup> Lopez derrabade perracon...de lo uso y pago al dicho Don L<sup>o</sup> la primera...los dichos ciento y beynte ducados de... (...)*

*Al asedio por pago y entrega...lo demas dixo Fran<sup>co</sup> Lopez derrabade con su persona y bienes muebles...a ver dudar y pagar que dho L<sup>o</sup> lo demas que ha declarado a los placeres...con las costas y que la deja de se casaren durante este arriendo e dixo y se obligo de hacer cierto sano y seguro les bienes de ste arriendo y ambas partes y cada una lo que le toca se obliga segundo dixo es lo cumplir dieron poder en sus personas y a las justicias seglares de su fuero...y las mas que de susodicho puedan y deben conocer para que ansi se lo hagan cumplir y pagar como si todo fuese llevado por sentencia*

*¿legítima? de juez competente pasada y juzgada y cada uno de ellos daba yuno apela y pasada en cassa juzgada cerca de lo qual anunciaron todas leyes de su favor y la ley general que dize que general renunciación de leyes fecha no daba en...derecho qual otorgaron della escritura de arriendo ante mi el presente escribano y testigos con poder al dicho Fran<sup>co</sup> Lopez derrabade para que pueda aber y cobrar de todo lo susodicho de los dichos fueros durante el tiempo dixo que tan ansi las partes le otorgaron y firmaron de sus nombres estando por testigos el abad...López Martínez clérigo y Fernando de Polano p<sup>o</sup> de curas de la dicha feligresía y escribano cuando fe conosco los otorgantes y testigos entiéndose que en este arrendamiento para entrar la sinacura de San Bartolomé de Lea que trae Adan Diaz Ferro de su ¿parte?<sup>54</sup>*

## ➤ 10. San Paio de Narla: adquisición e conversión en museo.

A fortaleza de San Paio de Narla foi adquirida, e salvada da demolición, pola Deputación Provincial en 1939, grazas ás xestións de D. Manuel Vázquez Seijas. Dende entón o edificio sufriu, en distintas etapas, diversas reparacións e restauracións e estivo realmente infrautilizado ata que no ano 1983, por iniciativa de D. Felipe Arias Vilas, que tiña presentado na Deputación Provincial varias propostas neste senso xa dende os anos setenta, se abre o Museo Etnográfico de San Paio de Narla, cun proxecto de montaxe elaborado por el mesmo, trasladando á Torre boa parte dos fondos etnográficos do Museo Provincial. Con esta iniciativa, a un tempo, corríxíase o problema da infrautilización do edificio e gáñabase espazo para dispoñer máis racionalmente as coleccións do Museo Provincial de Lugo. Quedaba creado así este Museo Etnográfico que dende o seu momento de creación foi xestionado dende o Museo Provincial.

53 Archivo Histórico Provincial de Lugo. Protocolo notarial de Sanjurjo, 1561-1566, 00007, p. 350.

54 Archivo Histórico Provincial de Lugo. Protocolo notarial de Sanjurjo, 1561-1566, 00007, p. 360

A fortaleza de San Paio é o continente dun contido canto menos heteroxéneo, é dicir, as súas salas dan cabida a todo un tipo de obxectos de interesante perfil artístico que son moi diferentes entre sí pero, quizais, isto sexa un dos seus principais atractivos: facer da diversidade un novo enfoque para entender a cultura.

San Paio de Narla experimentou unha serie de remodelacións. Concretamente, no ano 1967 traballouse na recuperación da súa torre de homenaxe, reformas que se estenderon ao longo dos anos 1979-1980, xa no ano 1982-1983 insuflóuselle vida coa instalación dunha serie de coleccións que, no ano 2003, se perfeccionaron museoloxicamente falando. No ano 2003 as atencións enfocáronse en restaurar partes deterioradas e danadas polo paso do tempo. Isto polo que respecta a nivel utilitario e funcional porque, ademais, modernizouse o seu deseño (o anagrama que está na entrada é froito desa modernización; é unha nova imaxe para un museo que se adapta a innovación dos tempos actuais), fíxose unha recepción cun maior enfoque e trato personalizado ao visitante pois hai máis espazo para distribuílos folletos e unha zona onde deixar as mochilas. Antano a entrada contaba cuns paneis informativos de madeira que foron substituídos por planchas plastificadas con información impresa que recolle datos coma a árbore xenealóxica, explicación de signos lapidarios... Estes novos paneis acompañáanse dunha estrutura de arame que simula un cabalo que está debidamente equipado coa súa cadeira de montar, o seu zurrón, os seus estribos...

Na anterior montaxe, as paredes dos muros da fortaleza estaban engalanadas con tapices, panoplias de pechaduras, cerroxos, petadores... Estes paneis foron retirados e no seu lugar dispuxéronse imaxes en branco e negro que retratan esceas da vida popular galega coma a sega, a vendima... Ao redor dun patio acristalado, que no seu centro ten unha serie de pezas de pedra que non podemos datar cronoloxicamente pero que a nós nos parece que teñen antigüidade, ou senón son unhas recreacións ou réplicas moi logradas. Pois ben, como dicimos, ao redor deste patio dispónse a sección de apeiros de labranza, que con esta remodelación gañou en montaxe máis elaborada e pormenorizada, pois agora as pezas están agrupadas en paneis, acompañadas do seu nome identificativo e, ademais, dispuxéronse contedores de terra para situar enriba deles o arado e a grade. Quizais no que se saiu perdendo foi en perder o cartaz no que se identificaba cada parte do carro que non perdeu protagonismo xa que segue a ocupar o centro da sala. Rodeando o claustro, sitúanse unha serie de cestos e cestas e unha coraza que antecede a entrada as cortes ou cabaleirizas nas que, coa nova montaxe, se crearon elementos sustentantes para dispór, enriba deles, as cadeiras de montar que deste xeito, gañaron en presenza escénica pois elevaban o seu nivel de visualización dende estar no chan a ascender uns centímetros, o cal lles resultou moi favorecedor. Nesta sección as carrozas e liteira de man foron sometidas a restauración na que se recuperaron as cores da súa policromía que estabn envexecida, así como coa nova iluminación estas cores desprenden maior vivacidade.

Nas cabaleirizas existía unha exposición de útiles de zapateiro cos seus moldes, a bigornia... Esta exposición está retirada ao público e atópase almacenada, co cal cómpre centrar agora a nosa atención nunha sala aledaña a ésta e á que se accede a través dun arco. Nela créase unha adega onde antes había unha sala adicada ao liño cun gran mazo no seu centro. Tal como vimos explicando, esta sección do liño foi substituída, elimináronse algunhas pezas, e dispuxéronse na zona superior, xustamente enriba da mesma sala. A esta nova estancia accédese a través dun acceso secundario, un tanto incómodo e tortuoso, pois consiste nunhas escaleiras moi reducidas e fráxiles e unha trapela. Este sería o primitivo acceso que terían os vasalos para acceder á zona nobre. Esta diferenciación entre nobres e vasalos está perfectamente explicada na unidade didáctica: "Vivir no pasado", na que se xera unha ambientación de época medieval disfrazando aos nenos e nenas e retrocedendo na historia para acostumalos a pensar como nenos medievais.

A entrada á planta nobre pódese facer por dous accesos, dende unha escaleira de madeira que conecta directamente coa cociña, ou ben a través dunha escaleira granítica, máis solemne e señorial que leva ao salón no que se atopan pezas de moi considerable valor artístico, comezando pola cheminea renacentista que preside a estancia. No centro da sala hai unha serie de vitrinas con pezas ou obras de arte de imaxinería relixiosa (escapularios, medallóns, ostentorios...), outras son pezas de ourivería e outras de acibechería: colares de abadesa, figas, unha pedra de acibeche sen desbastar... Circundando a

sala atópase diverso mobiliario como bargueños, mobles con vaixela con estampación mitolóxica (puttis vendimadores, posiblemente en alusión a ritos báquicos ou dionisiacos), reloxos policromados... e a presenza case que de ambientación historicista dos parladoiros. Esta sala presenta dúas saídas, unha que conecta cun corredor no que se expón a colección de morteiros zoomorfos, antropomorfos, con figuras de anxos..., unha colección de quinqués e candeiros e que conta coa presenza dunhas pezas moi peculiares que son as espabiladeiras.

Dende este corredor que, bordea o claustro (ou patio acristalado), accédese a un despacho no que se expoñen vitrinas con útiles de escribanía e bastóns con empuñaduras figuradas ou non, e con cuidada ornamentación ou sen ela, dependendo do esmero que se puxera na elaboración da peza. Estes bastóns antes estaban sen expór en vitrinas, e coa remodelación museolóxica do 2003 pasaron a ubicarse en expositores debidamente acondicionados. Completan a estancia un bargueño con múltiples caixóns e decoración a base de pequenos balaustres e filamentos cromáticos, e un moble moi exótico pois presenta cores moi vivas, resultado da recuperación de boa parte da súa policromía e que remata nun escudo acuartelado con acabado de coroa, o que lle da un aire de rancio “abolengo”. Saíndo desta sala, entramos no dormitorio que a lenda sitúa coma pertencente ao matrimonio de Don Vasco das Seixas e Dona Catalina de Andrade, onde se di que este home tratou de asasinar á súa Dona con veneno e, ao non conseguilo, lle asestou unha serie de puñaladas, acusándoa de adulterio, dando pé así a unha das lendas da fortaleza que non é infundada, porque pode ser que teña unha parte de ficción, pero o certo é que ten un alto contido de realidade e verosimilitude.

Está recollido en diversos escritos que foi un feito verídico, non foi froito da febril imaxinación popular. Nesta sala atópase exposta unha cama con decoración balaustrada na súa cabeceira e sobre da cal se dispoñen pezas de roupa de liño e un quentacamas; a carón da cama un berce que a lenda quere ver como o que tiña Berta, a filla dos nobres da fortaleza, como leito. As pezas restantes son un moble con cofaina destinada á hixiene diaria; na montaxe anterior había un sillón Don Pedro que se confinou, coa remodelación, á planta alta da fortaleza, á que da acceso a torre almenada.

Como dicía antes, dende o salón hai dous accesos, un que leva ás salas anteriormente comentadas e outro que leva á cociña no que se dispoñen os útiles etnográficos cos que conta San Paio, nos que a peza fetiche é a lareira que conta cos seus potes, a súa filloeira, a trepia, a gramalleira... nunha fantástica recreación do que fora unha das pezas claves da tradicional casa galega de labranza do medio rural. No centro desta sala dispoñense unha serie de vitrinas que recollen as pezas que antes estaban espalladas pola sala, entre as cales atopamos unha sella con garfelo e tapa, xarras, pranchas de ferro, unha queixeira con perforacións para soltar a auga (16 cm. de diámetro), unha peizoeira en barro... Como mobiliario, nesta estancia, atopámonos cunha alacena con corpo superior calado e dúas portas, con columnas torneadas e dous corpos inferiores, unha capoeira, un banco con bandexa que se articula para poder xantar ou cear, e nun recuncho da sala atópase o excusado agochado cunha estrutura de madeira envellecida e ennegrecida.

Ao final da sala atópamonos cun forno de pedra cos seus útiles de traballo, é dicir, as pás para sacar o pan, unha artesa, un forcado para meter a leña no forno... Ó chegarmos até aquí, temos dúas opcións, ou ben baixar unhas escaleiras que conducen ós aseos e que nos permiten poder ver os cabeceiros de diferentes camas (diversas cronoloxías e estilos) en cerámica vidriada, ou ben continuar o noso acceso cara a torre de homenaxe.

No ascenso á zona almenada e entrando no primeiro piso da torre de homenaxe, contamos coa vantaxe de que a sección de armería se retirou das panoplias e foi depositada en vitrinas gozando de maior iluminación e con cartelas identificativas; non obstante retirouse un busto con armadura con cota metálica, espada e luva metálica. A sala conta con armas de diversa procedencia: atopámonos coitelos de tipo asiático, machetes, sables, puñais de forma curva e cenefa decorada, navallas, puñais de ferro, kris malaio con folla sinuosa e vaina de madeira, un kris filipino, un kris tagalo... Pero, sen lugar a dúbidas, o meirande atractivo desta sala é o cristal vidriado que permite ver a mazmorra no fondo do cal se atopa exposta unha grosa cadea con grilletes e candeado, o que chama a atención de todo o público que a mira nunha mezcla entre curiosidade, incredulidade e intriga.



A seguinte sala da torre de homenaxe amósanos a recopilación dunha serie de pistolas, baionetas, fusís, trabucos, escopetas... debidamente colocados no interior dos seus correspondentes expositores. Outra exposición coa que conta esta sala é a dun conxunto de canóns cos seus proxectís de diferente tamaño e un manaquí de medio corpo sobre o que pendura unha cota de malla, porque dubidamos se formaba parte do conxunto dunha armadura, espada e luva metálica. Deixamos atrás esta sala e accedemos a última do castelo, na que se atopa unha das pezas que a nós máis nos gusta, nin máis nin menos que a cheminea renacentista con decoración iconográfica. A iconografía desta cheminea presenta, na parte frontal dous leóns opostos, símbolos da rotundidade, da enerxía e tamén da realeza, parecen defender a flor de lis, símbolo da pureza, a inocencia, a beleza, a virtude, etc. e, situado entre eles, fronte aos dragóns que aparecen nos laterais da cheminea que simbolizan os poderes maléficos, as forzas subterráneas... A idea de representación podería ser a seguinte; para que o ben triunfe é preciso aniquilar o mal representado polos dragóns. Tralos dragóns aparece a figa, figura dun puño pechado amosando o dedo pulgar entre o índice e o dedo maior e que, segundo nos ilustra a sabiduría popular sobre da superstición, serve para librarnos do mal de ollo. O estilo ao que pertence encadrase na arte do renacemento e cronoloxicamente correspóndese co século XVI.

Polo que respecta ao resto da sala, figuran unha cama con taracea representando a dous guerreiros con helmo e armadura, é dunha cor cobriza e, aos seus pés, dispónse un rolo. Figura tamén a cadeira de brazos Don Pedro que, antigamente, estaba no dormitorio dos nobres. Como peza de arte decorativo atópase unha bandexa que representa a conquista colonial de América, véndose contada por personaxes e mesmo contando coa presenza dos Reis Católicos e Cristóbal Colón efixiados na peza.

Finalmente, a nosa visita remata accedendo á torre de homenaxe na súa zona almeada, na que se vislumbra unha magnífica panorámica que permite observar toda a orografía e vexetación autóctona da comarca de Friol; é o lugar dende o que se poden tomar fotografías panorámicas de gran beleza.

Este é un brevísimo percorrido pola fortaleza de San Paio de Narla no que, a bon seguro, nos quedaron moitas cousas no tinteiro pero a síntese esixíanos non extendernos, motivo polo cal non podemos falar de quen realmente sente o museo e que fai que o museo sinta, que son os nenos e nenas que coa súa ledicia fan que siga a ver ganas de imaxinar, de crear, de ilusionarse... Porque San Paio é un museo que busca empatizar, é unha fiestra aberta a calquera mirada ávida de aprender e coñecer o pasado, pois San Paio ten incluso historia castrexa, xa que se atopa asentado sobre o macizo rochoso da Castronela (topónimo que indica a presenza dun castro). Por todo isto, dicimos que San Paio é un museo vivo, así que convidamosvos a que visitedes o concello de Friol e vos mergulledes na historia dun museo que naceu para ser querido.

## ➔ 11. As medidas restauradoras

A unidade de estilo é moito máis ca un criterio de intervención sobre o patrimonio arquitectónico, constitúe unha corrente idealista e pragmática de enfrontarse ao edificio histórico que entende restauración como reintegración. Os que os aplicaron pretenderon recuperar o carácter orixinal e a unidade formal en que foi concebido o obxecto arquitectónico a intervir, eliminando os engadidos posteriores que, ao seu xuízo, distorsionan a pureza da súa imaxe, e reintegrando todas aquelas pezas ou elementos correspondentes ao seu concepto, función e deseño iniciais<sup>55</sup>.

Esta postura fundamentada no século XIX e atribuída fundacionalmente ao arquitecto francés Eugéne Viollet-le-Duc (1814-1879) deriva da construción dunha das escolas máis significativas de restauración monumental de España, desenvolvida durante o século XX con Vicente Lampérez e Romea (1861-1923) como máximo defensor; de influencia destacada na formación académica e na obra de Francisco Pons Sorolla.

55 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.26.

Violet-le-Duc defende unha intervención que rescata rigurosamente o estilo orixinal da obra a intervir. Na súa propia definición de restauración-, RESTAURAR un edificio non é conservalo, refacelo ou reparalo, é restituílo a un estado completo que pode que non existira endexamais<sup>56</sup>; deixa clara a intención de atopar a perfección formal inda cando esta non se chegara a acadar na súa concepción orixinal. Ignacio Varas resume o obxectivo da restauración estilística como a intención de conseguir o monumento ideal, de estilo unitario e carácter pechado, onde as pegadas do deterioro se eliminarán e o edificio ofrecerá a aparencia externa da obra recién creada<sup>57</sup>.

A finalidade da unidade de estilo estriba en recuperar o suposto estado orixinal do inmovible. Para isto permítese o derribo das construcións estilísticas que rompen a unidade morfolóxica orixinal, así como a reprodución de pezas perdidas, mutiladas ou ideais. Este amalgama de restaurar e proxectar é o que Antón Capitel explica como a confusión creada polo eclecticismo do momento, levando aos arquitectos a que as súas reconstrucións en estilo deriven en deseños de nova planta. Isabel Ordieres recolle como Violet-le-Duc acaba preferindo un suposto hipotético, que lle permita obter a pretendida unidade de estilo, en troques dun documento obxectivo e verdadeiro<sup>58</sup>.

Xunto á corrección de imperfeccións –aditamentos modernos–, a reconstrución do edificio primitivo realízase sen distinción entre o antigo e o moderno. Este rexeitamento de notoriedade implica que entre as críticas máis comúns á unidade de estilo se atope a de falso histórico ou pastiche. Certo é que Violet-le-Duc é partidario absoluto de aplicar os avances técnicos do seu momento á restauración arquitectónica, pero en ningún momento pretende diferenciarlos dos orixinais. Xustifica a reprodución de pátinas e a copia de motivos moldurados para conseguir un duplicado do suposto orixinal. Esta actitude implica para Javier Rivera unha evidente despersonalización do arquitecto restaurador ante o edificio histórico, e para Ignacio González Varas unha sobrevaloración da idea contida na obra de arte máis que da súa materia.

Dilucidar sobre o concepto de falsificación condúcenos de modo inmediato á distinción realizada por Cesare Brandi (1906-1989) sobre copia-imitación-falsificación. Brandi deixa ben claro que esta última diferenciase dos outros termos pola vontade consciente de enganar. Neste sentido, a ausencia premeditada de notoriedade na recreación violetiana considérase como un claro exercicio de falsificación.

A restauración estilística resulta permisiva e mimética. Acepta formular cambios no edificio a intervir xa sexan para sustentar a estrutura ruínosa ou para solventar os danos producidos polo paso do tempo; impón o derribo das adicións posteriores, a fin de lograr a presenza dun só estilo na construción: o orixinal. Para conseguir ambos obxectivos alérase tanto a historicidade do obxecto, ao suprimir accións que o convirten en documento, como a súa estética, ao retirar os aditamentos que por si son legados únicos e irrepitibles doutras épocas e linguaxes artísticos.

O marco legislativo español- Lei sobre Defensa, Conservación e Acrecentamento do Patrimonio Histórico-Artístico Nacional de 1933- e os acordos internacionais sobre conservación do patrimonio cultural- Carta de Atenas de 1931 e Carta Internacional de Conservación e Restauración de Monumentos e Sitios, suscrita en Venecia no ano 1964- rexeitan absolutamente os principios da restauración estilística e a unidade de estilo. No artigo 2º da Carta de Atenas reflíctese a tendencia xeral de abandonar as restituicións integrais e determinase tanto o respecto ao obxecto arquitectónico, valorando todos os estilos históricos, como a obriga de diferenciar a parte intervida da orixinal. O artigo 9º da Carta de Venecia incide no respecto cara os valores estéticos e históricos do monumento e fixa como límite para a restauración

---

56 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.26.

57 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.26.

58 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.27.

alí onde comece a hipótese; e o artigo 12º recolle a necesidade de reemplazar harmoniosamente as partes inexistentes con evidente notoriedade das orixinais, evitando calquer falsificación<sup>59</sup>.

Para conseguir a unidade de estilo son habituais as consolidacións, demolicións, reconstrucións e reintegracións, ideadas de modo diferente en cada edificio histórico, malia que cun sustrato técnico bastante parecido. Os criterios que determinan os traballos de entoación e reprodución filolóxica, están presentes de modo alterno nas restauracións que coordina Pons Sorolla.

A entoación é a pauta máis insistente na proxección das intervencións e consiste en igualar ao máximo as partes novas coas orixinais, a fin de acadar unha harmonía perfecta, facendo uso do rexuntado e o emprego de material análogo. O seu resultado é análogo ao orixinal en tono, calidade e gran, o cal permite que a substitución de pezas mutiladas ou o reemprazamento daquelas perdidas resulte máis fiel á linguaxe formal do conxunto, unidade de estilo e, ao tempo, permite evitar un aspecto excesivamente recente das partes novas. Outro principio é a notoriedade, isto é, a acción de facer notable a intervención de restauración e diferenciala claramente das zonas orixinais, evitando calquer confusión cronolóxica ou sintáctica entre os compoñentes dunha obra. Este criterio – defendido por Camilo Boito, internacionalmente aceptado tras a Carta de Venecia (1964) e que Pons Sorolla aplica esporadicamente- resulta contradictorio coa restauración estilística. Malia que maioritariamente as súas reconstrucións de monumentos tenden á semellanza total coas partes orixinais, nalgúns casos distingue as pezas repostas<sup>60</sup>.

Digamos que o que se fixo en San Paio, foi baleirar un interior histórico conservando unicamente a súa fachada principal, excepcionalmente tamén as laterais, para erguer detrás dela unha nova construción, diferente en linguaxe e composición á orixinal; é a práctica arquitectónica denominada fachadismo. A súa praxe xeneralizada é sinónimo de camuflar un novo interior detrás da súa fachada antiga, conservada in situ, ou trasladada doutra edificación e recolocada nunha de nova planta. Deféndese o valor monumental, representativo e memorial, simbólico do elemento turrificado.

Se recurrimos á lexislación patrimonial, o artigo 13 da Carta de Venecia (1964) advirte que as adicións non poden ser toleradas se non se respetan todas as partes que afectan ao edificio, o seu ambiente tradicional, o equilibrio do seu conxunto e as súas relacións co ambiente circundante. A Carta do Restauro (1972) redactada por Cesare Brandi coa colaboración de Guglielmo De Angelis D'Ossat, ademais de ampliar o acordo anterior- aconsellando mantemento de formas externas, individualidade tipolóxica e secuencia de percorridos internos do organismo construtivo- apunta á renovación funcional dos órganos internos do organismo construtivo, sendo fundamental o respecto ás cualidades tipolóxicas e construtivas dos edificios, prohibindo todas aquelas intervencións que alteren os seus caracteres, así como os baleirados da estrutura edilicia ou a introdución de funcións que deformen excesivamente o equilibrio tipolóxico–construtivo do organismo<sup>61</sup>.

Na torre de San Paio de Narla pode buscarse a repriminación formal ou un fachadismo estético, priorizando a calidade formal da arquitectura tradicional baseada na pedra como material solemne rexeitando as formas industriais realizadas en ferro e cristal identificadas coa modernidade<sup>62</sup>. Incluso podemos falar dun fachadismo ideográfico que pecha unha finalidade propagandística, representativa e simbólica, a torre de homenaxe de San Paio está pensada para representar unha idea de poder. Buscamos enfatizar a dimensión estética da arquitectura e a capacidade expresiva, parlante, desta fachada revestida

59 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.26.

60 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.30.

61 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.35.

62 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.40.

cun vano iconográfico-renacentista. Sendo conscientes, en todo momento, que unha boa adaptación compatibiliza os vellos usos cos novos.

A Carta de Cracovia (2000, art. 6) retoma a necesidade de manter esa autenticidade e integridade dos edificios históricos -espazos internos, mobiliario e decoración dacordo coa súa conformación orixinal- mediante a concesión dun uso apropiado, compatible co espazo e o significado existente<sup>63</sup>. Tamén se supera a dimensión monumentalista de atender unicamente aos fitos construídos para protexer a súa inserción na trama histórica, ampliando a tutela proteccionista aos arredores de San Paio, pois trátase dos restos dun castro, de aí a toponimia A Castronela.

Sen embargo, tanto Violet-le-Duc (postura estilística) como Ruskin (postura conservadora), entenden os edificios históricos como individualidades, incluso os violetianos aceptan a demolición de engadidos coa fin de aillar a edificación e convertila nun punto de referencia; pola súa parte os conservadores anulan o valor do medio en favor do respecto máximo cara o monumento<sup>64</sup>. Giovannoni promove a Carta del restauro italiana (1932) onde se formula un ataque á práctica de *sventramenti* e a restauración estilística, recomendando o respecto absoluto dos monumentos, coas adicións posteriores do valor histórico-estético e das súas condicións ambientais. Para conseguir este último propósito repudia novas edificacións que resultan invasoras polos seus rasgos compositivos (cor, volume, estilo).

### 11.1. Estudo gráfico

O conto das actuacións que proxecta e dirixe en Galicia entre os anos 1945 e 1985, pón de manifesto a destacada posición de A Coruña, triplicando en porcentaxe a Lugo e Pontevedra e dobrando a Ourense. Agora ben, se computamos o valor de Santiago de Compostela coas capitais de provincia, obtemos un resultado bastante diferente: A Coruña e Pontevedra, rexistran un ritmo de traballos en torno a cinco veces inferior ao de Compostela, mentras que Lugo e Ourense mostran unha proporción de intervencións en torno a dez veces menos que aquela.<sup>65</sup>


---

63 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.45.


64 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.49.

65 Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000, p.63.

### Intervencións por provincias dirixidas por Francisco Pons Sorolla



### Intervencións en capitais de provincia e de comunidade autónoma dirixidas por Pons Sorolla



Fonte: Castro Fernández, Belén María: *Francisco Pons Sorolla. Arquitectura y restauración en Compostela (1945-1985)*. Consorcio de Santiago. Universidade de Santiago de Compostela, 2000.

Análise dos propósitos que impulsan a conservación do patrimonio histórico- artístico:



1. TRADICIONALISTA → Corrente que considera os bens históricos polo seu valor intrínseco, pero concibe a súa conservación ao marxe do seu uso actual; preocupación por manter inalterados a través do tempo a existencia material, os modelos estéticos e simbólicos.
2. MERCANTILISTA → Contempla ao patrimonio como posibilidade para valorizalo economicamente ou ben como obstáculo ao progreso polas limitacións da súa presenza: a preservación supeditase ao destino comercial, turístico e recreativo para obter rendibilización.
3. MONUMENTALISTA → O principal protagonista é o Estado: utilización de monumentos como marcos histórico-simbólicos para promover a exaltación da nacionalidade.
4. PARTICIPACIONISTA → a conservación enténdese como necesidade colectiva; os interesados elixen o obxecto a preservar e determinan os criterios a empregar a partir dos seus hábitos e opinións; visión que procura evitar a creación de cidades-museo e áreas só para artistas e intelectuais onde a sociedade queda excluída.

Por exemplo, San Paio de Narla reviste a súa epiderme arquitectónica dunha coidada decoración/ ornamentación renacentista, analizando o seu programa escultórico caemos nunha discriminación estética, xa que ensalzamos o estilo renacentista en detrimento do estilo medieval, o que denostamos como arcaico e ríxido. Introduce timidamente elementos ou recetas decorativas renacentistas como escudos nobiliarios, rosetas, bustos insertos en clípeos, “anxelotes”, ovas... Novos compoñentes escultóricos integradores dunha linguaxe artística nova e xenuinamente auténtica pola súa exclusividade e orixinalidade<sup>66</sup>. A acumulación de elementos estéticos ou pintorescos son lugares propicios para a evocación histórica, restaurar San Paio introducindo masivamente pastiches non é o correcto, máis ben buscar as liñas sinxelas nos novos edificios que podan lembrar o tipo dominante na fortaleza e sen que sexan unha negación da modernidade e brillando o monumento renacentista xunto á arquitectura popular. Precisamos refrendar a imaxe renacentista da fortaleza de San Paio de Narla, diversidade arquitectónica= mestría e inxenio creativo.

As novas políticas sobre o patrimonio cultural oriéntanse a asegurar a permanencia da poboación nos recintos históricos con programas de rehabilitación que revaloricen o patrimonio arquitectónico pero que á vez melloren a vida dos veciños nestes recintos; o único xeito de manter vivos estes conxuntos urbanos singulares<sup>67</sup>.

A torre de homenaxe da fortaleza de San Paio de Narla tamén resposta a un plantexamento de xerarquización visual porque actúa como fito indicador dun señorío e do carácter de rudeza e poderío da edificación.

No caso de San Paio, unha análise estilística servirá para deducir que elemento constructivo foi anterior e cal posterior –algo polo demais habitual en calquera proceso construtivo palatino- pero a

66 Antigüedad del Castillo Olivares, M<sup>a</sup> Dolores: *Úbeda, la consolidación de la imagen renacentista*. UNED. Espacio, Tiempo y Forma Serie VII, H<sup>a</sup> del Arte, t. 17, p.44.

67 Antigüedad del Castillo Olivares, M<sup>a</sup> Dolores: *Úbeda, la consolidación de la imagen renacentista*. UNED. Espacio, Tiempo y Forma Serie VII, H<sup>a</sup> del Arte, t. 17, p.54.



situación agrávase ao descoñecer o tracista e os canteiros que interviron nas obras, ou a cronoloxía das mesmas. Estamos falando, por tanto, dun Renacemento autónomo e experimentalista, subsidiario das novas linguaxes italianas, pero que gusta de conservar os seus propios códigos emanados dunha tradición construtiva propia e secular. San Paio gusta de lembrar o carácter belicista propio das pugnas da controvertida época medieval, de aí a proliferación de bustos de guerreiros.

Estos clípeos, poderían facer referencia a unha clásica galería de “uomini famosi”, un magnífico repertorio “de claris mulieribus” e “de viris illustribus”? É dicir, poderíase estar ensalzando a liñaxe dos Seixas nunha arquitectura residencial fortificada por torreón de reminiscencias medievais? O sustrato medieval está moi latente, tan só se atreve a introducir breves e tenues pinceladas renacentistas en elementos subsidiarios externos como as xanelas e internos como as portas e chemineas. As reminiscencias medievais son máis evidentes cas palaciegas.

É indubidable que a torre queda vencellada cun tempo pretérito de enfrontamentos partidarios, de loitas entre bandos enfrontados, características dunha Baixa Idade Media tan turbulenta como presente na mentalidade das nobiliarias liñaxes, que cun ideal cortesano de corte renacentista. A torre continuaba sendo para un patriarcado urbán de orixe militar un claro emblema de poder, un símbolo de prestixio nobiliario, e tal vez nunca deixou de estar presente na construción da nosa arquitectura civil<sup>68</sup>. Don Vicente Lámperez referíase á existencia de torres na arquitectura palatina española como “un rango” nacional que, en realidade, non desaparecería ata o século XVIII e, na súa análise histórica da arquitectura civil española, considera estes elementos integrais como un importante medio defensivo, á par que un modo de exteriorización de nobleza e poderío. Este autor chega a establecer un catálogo de tipoloxías, a tenor da colocación da mesma na fábrica palaciana, que vai dende a torre única, ergueita, dominando o palacio, ata a torre amplamente aberta e profusamente ornamentada, pasando pola torre ubicada no ángulo do edificio, ou en dous ou máis, se o palacio estaba descuberto por todos os seus lados. No caso de San Paio de Narla, é unha torre única, ergueita, “málica” e dominante cun halo de desafío malia que por planos da Chancillería de Valladolid, se sabe que tivo, en orixe, dúas torres.

A fortaleza de San Paio de Narla é exenta e independente, proclamando a singularidade e autosuficiencia da edificación, cun módulo residencial apartado do defensivo e novo espazo emblemático da construción. A torre ten dobre función: mirador e baluarte. Na arquitectura civil aragonesa e andaluza, a orixe da torre está no mirador das casas moriscas, afastándose da súa remota xénese militar.

San Paio é unha construción exenta, orgánica, a súa estrutura interna proxéctase nunha fachada capaz de intervir e ordear o espazo urbano circundante; non exenta de licencias decorativas nas súas ventás, préstamos literais e caprichosos de diferentes exemplares de tratadística que, beben, directamente de Sebastián Serlio. Coa súa torre de homenaxe, San Paio de Narla marca un novo eixo de axialidade, é autosuficiente e ordeado dun xeito racional en virtude dun solemne patio central. A torre acentúa unha focalización emblemática do edificio constituínte da fortaleza de San Paio de Narla, ademais evoca o medieval e fai medievalizante a estrutura turrificada que, en canto a concepto, difunde fortaleza e dureza, e tipoloxicamente actúa como un elemento embebecedor dunha fortaleza renacente que evoca e amosa o seu pasado glorioso como bastión defensivo e, hoxe destinada a baluarte de protección e signo de distinción social, por antonomasia.

A focalización pretendida deste torreón, ou o que é igual, o intento de captación simbólica dunha perspectiva visual na ordenación espacial do conxunto, vai na liña do anteriormente explicado, facer da torre de homenaxe un signo evidente de empoderamento e distintivo de poder, vencellado ao feudalismo e ao esplendor dunha época favorable pola liñaxe dos Seixas. De feito, ramificouse ata as torres de Allo en Zas (A Coruña). A torre de homenaxe de San Paio leva o protagonismo; así instálase o vano e no clípeo como punto articulador e vertebrador de toda a composición escultórica que, asemade, é un prototipo tipolóxico pois repítese noutras construcións como o pazo de Aranza en Baralla. Non obstante, sorprende o uso deste elemento en fortalezas arcaizantes e de pervivencia medieval irremplazable

68 Moreno Mendoza, Arsenio: *El palacio ubetense del século XVI. Entre la tradición medieval y la renovación clasicista*. UNED. Espacio, tiempo y forma. Serie VII, Hª del Arte, 2003, p.32.

como San Paio de Narla. A súa existencia débese á explicación da demanda dunha nova e refinada clase nobre.

En San Paio de Narla, emblemático paradigma de focalización visual, o magnífico desenvolvemento do seu aparato decorativo, con ingredientes innovadores e transmisión culta desplegados nas ventás renacentistas da torre de homenaxe e da rampa de acceso ao interior da fortaleza, é digno de eloxio e estudo. Quizais a súa segunda ventá non agocha a súa principal función propagandística e ostentosa, que non é outra que o verdadeiro despregue de toda unha árbore xenealóxica familiar. Un manifesto contundente, de talante nobiliario, expoñente da turbulenta personalidade do seu comitente, home arrogante e violento, do que temos -a través da paleografía da Real Chancillería de Valladolid- sobradas mostras do seu bizarro carácter.

Nestas ventás, vese unha ambivalencia de formulacións tipolóxicas e a versatilidade de concepcións espaciais é ben expresiva, coa impronta defensiva das súas torres por un modelo consolidado, e ata codificado, de torre mirador, dotado de valores simbólicos señoriais e unha forte vocación por dotar ao entorno, dun claro referente de xerarquización visual con marcada configuración medieval<sup>69</sup>.

En toda edificación acastelada que se preze, a presenza da torre de homenaxe xoga un papel definitorio e identitario moi relevante, aparte de atalaia defensiva, e é tamén un símbolo de distinción e de engullecemento da liñaxe familiar, dono da propiedade.



Nunha época como a medieval construída a sangue e lume, a torre de homenaxe é tamén unha advertencia do poderío do seu propietario como home de guerra, a historiografía cóntanos as contendas do señor de Pambre, Gonzalo Ozores de Ulloa, e o señor de San Paio de Narla; cada un deles pertrechado nas súas inexpugnables fortalezas, combatendo e competindo por encumbrarse na gloria.

A paleografía atopada na Real Chancillería de Valladolid mencionanos Pambre no século XVI; polo tanto, descubrimos que esta fortaleza mantivo a súa forma primixenia sen modificarse nin alterarse para adaptar os novos plantexamentos estilísticos do Renacemento. Ao noso xuízo, é indubidable que o feito da resistencia de Pambre ante as Revoltas Irmandiñas xugou un papel moi importante, posto que ao non ser derruida non fixo falta a súa reedificación, preservando ata a actualidade o seu aspecto prístino, case apenas alterado, co seu característico sistema de almenado a base de matabancos ou modillóns. Precisamente, este almeado

orixinal alértanos claramente do pastiche que se fixo na fortaleza de San Paio de Narla coa súa construción do coroamento da fortaleza a base dunhas ameas denticuladas, froito dun anacronismo e non corres-

69 Moreno Mendoza, Arsenio: *El palacio ubetense del século XVI. Entre la tradición medieval y la renovación clasicista*. UNED. Espacio, tiempo y forma. Serie VII, Hª del Arte, 2003, p.53.

pondentes á época histórica. Na imaxe adxunta, liñas enriba, amosamos o aspecto da fortaleza cando non fora alterada a súa cuberta, e nesta apreciación a diferenciación da cor das fiadas, amosando unha parte máis antiga e outra máis recente.



Polo tanto, é a nosa labor indagar que pátina de antigüidade pervive na torre de homenaxe de San Paio. Consideramos que varias fiadas en sentido ascendente sí son renacentistas, alomenos ata a altura onde se atopa enclavada a ventá coa súa iconografía moldurada.

A presenza abundante de signos lapidarios de cantaría fálanos da presenza de mestres canteiros como reconstructores. Sen embargo, a ánsia de reedificación de Vasco das Seixas atópase co freno do estamento eclesiástico, co bispo de Lugo, Don Pedro de Ribera, á cabeza. Prohíbese a Vasco das Seixas a súa acometida; desoíndo este as ordes, entáblase un pleito contra el, habida conta de que o clero decidira non construír fortaleza ningunha tras o asedio irmandiño. De feito, o mestre canteiro Juan de Álava, foi requerido en labores de tasación, aproveitando a súa estancia nos traballos edilicios da catedral de Santiago de Compostela.

De aí que a atribulación de Vasco das Seixas fora vista coma unha ousadía e unha afrenta aos intereses seculares. Non obstante, a fortaleza si foi erixida e aproveitouse para imprimir un halo de novidade creando unha epiderme escultórica que abraza o perímetro en sendas ventás con curiosa iconografía. Cambios visibles ao exterior pero tamén ao interior xa que emprega as chemineas como peza ornamental á par que funcional, e en pequenos reductos tralas portas, atopamos decoracións similares ao palacio de Miraflores, como xa mencionamos no traballo anteriormente. Sirva esta imaxe de recordatorio:



Decoración de porta en San Paio de Narla

## 11.2. Historia e idiosincrasia das torres de homenaxe. Razón de ser.

A torre de homenaxe é a máis salientable e a parte máis forte e defendible dunha fortaleza, concebida como o seu último reducto de resistencia e que polo tanto debe poderse illar do resto das fortificacións da plaza e ofertar un certo grao de autonomía funcional, particularmente para “*la aguada*”.

Intentouse, con arduas interpretacións de oscuros pasaxes textuais, rastrexar as orixes da torre de homenaxe ou *magna turris* do medievo occidental en precedentes helenísticos ou bizantinos como o de Filón de Bizancio ou o Procopio, malia que sen chegar ao acordo unánime de aceptar a súa condición de torre principal e autosuficiente, queréndose ver en ocasións a descrición dunha gran bestorre.

Polo momento todo parece indicar que as grandes homenaxes construídas polos francos de ultramar no século XII, como os de Saone (Sahyoun, Siria; c.1108-1132), Chastel-Blanc (Safita, Siria; c.1170) ou Margot (Marqab, Siria; c.1190) foron a plasmación de conceptos traídos con eles dende os reinos de influencia capeta e non préstamos conceptuais bizantinos, aculturación da terra conquistada. Para entón os condes de Blois e Anjou cara varias xeracións que construíran, en pedra, os seus grandes *Donjons* de Doué-la-Fontaine (Maine-et-Loire, c.950), Langeis (Indre-et-Loire, 994) ou Montzabon (Indre-et-Loire, 994), familiarizando aos futuros cruzados coas vantaxes destas estruturas, que constituirían un dos sinais de identidade de Europa durante máis de medio milenio.

Como é lóxico en tan dilatado espazo de tempo, perfiláronse substanciais matices formais e sobre todo funcionais, que permiten distinguir notables diferencias entre o *Donjon* francés, o *keep* británico, o *bergfried* xermánico, o *mastio* italiano ou a torre de homenaxe castelá, e incluso en cada un deles segundo épocas, zonas ou titularidades. Igualmente prodúcense epifenómenos directa ou indirectamente dimanados da gran torre, como o *pele* irlandés, escocés ou dos condados septentrionais ingleses, a *torrona* da metade norte española, as *tour-beffrois* alsacianas, o *cloitech* do monasticismo irlandés ou, ao fin, as *Martello-towers* das costas opostas á eclosión napoleónica.

A cronística medieval europea está sementada de tráxicos sucesos nos que a gran torre exerce de peza clave no principio de compartimentación da defensa, chave no dispositivo xeral e último reducto con certa autonomía loxística e táctica, ás veces con resultados sorprendentes para os anguriados defensores, tal como vemos na fortaleza cruzada de Darum (Dayr al-Balah, Gaza)<sup>70</sup> asediada en 1170 polas forzas de Saladino, que penetran no castelo mentras os defensores superviventes se refuxian na máis forte e prominente das torres ás que os sirios incendian a porta, irrumpindo na planta baixa ao tempo que os de dentro conseguen replegarse en orde á superior, onde se fan fortes ata ser socorridos con reforzos enviados por Amalarioc de Jerusalem (1135-1163/1174), quen construíra o propugnáculo poucos anos antes. Non houbo tanta sorte cando, tras a derrota de Hattin, Saladino volve a Darum (1187), tomándoo por completo e deixando guarnición que, a súa vez, foi asediada en 1191 por Ricardo I de Plantagenet (1157-1189/1199) quen atopou unha fortaleza completamente transformada respecto a vinte anos antes, con dezasete torres onde houbo catro; o vello Darum de Amalarico era un modesto forte con catro torres esquineras na tradición dos postos fronteirizos bizantinos desplegados por Xustiniano I (482-527/565), que nos catro anos de ocupación siria fora convertido nun eficaz castelo concéntrico envolvéndoo cunha falsabrega torreada.

A valoración da torre de homenaxe experimenta cambios significativos segundo rexións e épocas. Por exemplo, no mundo anglogalés os grandes *keep* normandos dos séculos XI ao XIII experimentan un certo retroceso a fins deste período, suplantados no seu auxe polo novo esquema de castelo concéntrico propagado na marca galesa por Eduardo I (1239-1272/1307), un modelo castral precisamente carente de *keep*, o que non impediu pervivencias ata finais do século XV deste tipo de torre, con algún exemplar tardío e esplendoroso como na fortaleza galesa de Raglan (Gwent), cuxa *Yellow Tower* debeu ser labrada cara 1435 por Sir William ap Thomas a xeito de gran torre albarrana. Unha particularidade británica é a variedade e número, inexistentes no resto de Europa, dunha curiosa polivalencia poliortocética, a combinación de torre de homenaxe e torre-porta, que se quixo relacionar cun intento de extremar o control

70 Mora-Figueroa, Luis de: *Glosario de arquitectura defensiva medieval*. Ministerio de Defensa. Secretaría General Técnica. Madrid, 2006, p.208.

de acceso ao propugnáculo por parte do propio titular, desconfiando da alta porcentaxe de mercenarios que adoitaban empregarse nos séculos XIV e XV para guarnecer as prazas<sup>71</sup>.

En terras francesas, onde todo indica que nacera a *tour maîtresse*, quizais en parte como derivación do *aula maior* de tradición carolinxia, recrecida e fortificada tal como vemos en Doué-la-Fontaine (Maine-et-Loire, c.900-950) xeneralízase, ao longo do século XI, unha gran torre de pedra, cadrangular e flanqueada de pequenos e inoperantes contrafortes a xeito de diminutos borxes. Este Donjón, a propia raíz da cal no *dominium* latino apunta ao carácter dominical da súa construción, adquire dende o principio unha preminencia táctica e simbólica clara, ao tempo que acumula as funcións defensivas e residenciais, con evidente supremacía da primeira sobre a segunda, sen constrinxir en exceso a súa habitabilidade, matiz este que o separa e diferencia do *bergfried*, e ata certo punto da torre de homenaxe hispánica, equidistante en termos domésticos dos seus precedentes alemán e francés, pois inda que non adoita ser unha torre refuxio como o *bergfried*, alomenos en canto a superficie cuberta dispoñible, tampouco pode equipararse en habitabilidade coa *tour maîtresse*. En xeral, a torre de homenaxe dos Reinos peninsulares, salvo a autonomía de “aguada”, e non sempre, carece de chemineas, letrinas, tacas, augamanís, fornos e demais elementos estruturais de índole doméstica que demostren a súa condición de vivenda estable, permanente, para os Donos titulares dun patrimonio tan costoso e significativo como unha fortaleza. A pesar dalgúns detalles, tardíos polo demais, como poios de fábrica nos tabucos ventaneiros (o *festejador da finestra catalano-aragonés*) parece evidente que as torres de homenaxe resultan no seu plantexamento interior un incómodo amparo dos días aciagos, con esperanza na brevidade do trance, concibidas para unha “*mala noche en una mala posada*”.

Non menos obvio se manifesta que *dungeon* Plantagenet ou o Donjón Capeto, trescentos anos anteriores ao seu teórico equivalente tardo-trastamara, se amosan moito máis habitables que este último, a pesar do tempo que os separa, de incesante mellora na cotidaneidade doméstica europea. Esta diferenza non atopa máis explicación que unha discrepancia de uso e destino. Mentras a *gran torre* anglo-francesa se concibe dende un principio como *residencia intensamente fortificada*, a hispánica xorde, tardía, como unha *fortificación levemente habitable*.

Pode argüirse, entre outros, dous motivos que explican o carácter non residencial da torre de homenaxe entre os Reinos peninsulares. En primeiro lugar, a nobreza con nivel e intereses económicos para construír ou adquirir unha fortaleza era preferentemente urbana, máis que rural, nas súas predileccións residenciais; e malia que o seu patrimonio estivera no terrazgo, a súa casa lábrase a intramuros dun núcleo urbano, cidade ou aldea, que é onde inda se conservan os poucos e modestos vestixios ao respecto. Este absentismo da terra nutricia, abandono das raíces rústicas, pode ser máis intenso no sur que noutras zonas, pero é xeral en case toda a Península, e constitúe un matiz definitorio, con maior transcendencia psicolóxica e sociolóxica do que poidera pensarse, que separa o estamento dos seus homólogos europeos e se reflicte na concepción arquitectónica nobiliaria durante séculos, inda despois da vixencia castral.

En segundo lugar, nos poucos castelos con signos de ter tido esporádica vida señorial (na súa maioría moi tardíos e inmediatos a un mezquino burgo, como fuxindo das soidades do predio), só adoitan conservarse as estruturas máis recias; torres e murallas exteriores decaendo a trama interna, normalmente en torno a un patio porticado, e con ela o pouco que de palaciego puido ter. Ao percibirse case en exclusiva o que estivo situado máis alá do *usque intrare licet*, é dicir, as disposicións defensivas, adoita facerse extensiva ao destruído, a natureza do inda observable sen previa excavación arqueolóxica, deducindo erroneamente unha absoluta predominancia da fortaleza inhóspita sobre a hospitalidade doméstica, predominio certo para a torre de homenaxe e outros reparos defensivos, pero máis dubidoso uns metros abaixo, en patios e cruxías, onde houbo de transcurrir a lenta cotidianeidade<sup>72</sup>.

71 Mora- Figueroa, Luis de: *Glosario de arquitectura defensiva medieval*. Ministerio de Defensa. Secretaría General Técnica. Madrid, 2006, p.209.

72 Mora- Figueroa, Luis de: *Glosario de arquitectura defensiva medieval*. Ministerio de Defensa. Secretaría General Técnica. Madrid, 2006, p.211.



### 11.3. Variacións arquitectónicas: redimensionamento espacial

Dende a Antigüidade existiu unha tendencia a construír edificios simétricos sempre que foi posible, algo que poderíamos relacionar coa tendencia de imitación da natureza que se plantexaba no mundo clásico. Pero en determinados momentos da historia, como a Idade Media, parece haber unha tendencia cara ás composicións asimétricas xerándose, a partir de aí, pero xa no século XIX, un gusto polo “pintoresco” que marcaría decisivamente a traxectoria da arquitectura contemporánea.

Sen embargo, na transición entre os séculos XV e XVI experimentábase un raro fenómeno: asistimos á creación de solemnes e elegantes composicións nas fachadas das grandes mansións aristocráticas, onde se fará unha estraña concesión á asimetría mediante unha disposición desprazada do acceso. Esta situación sería comprensible se imos atopar como un recurso intencionado en obras de nova planta. Isto fainos pensar na vontade de emular determinados modelos que, actualmente, poderían estar desaparecidos ou moi transformados<sup>73</sup>. E pensar no caso de San Paio de Narla como unha fortaleza que sufriu múltiples cambios e variacións ao longo da súa historia, cambio que intentaremos descifrar para, posteriormente, explicar convincentemente.

As fortalezas era importantes, pero tamén o eran os hospitais, determinantes para estudar a introducción da linguaxe renacentista na España de comezos do XVI, senón tamén social, buscando a racionalización do funcionamento das novas institucións asistenciais e dos costes da beneficencia pública. Tal renovación arquitectónica camiñou parella a unha nova concepción de entender o patrocinio rexio, que asumiu como propias as ideas modernas respecto á función do obxecto artístico, creando unha estabilidade dunhas formas arquitectónicas que se convertiron na imaxe dun poder omnímodo en todo o territorio da monarquía católica<sup>74</sup>.

Sospeitamos que a ubicación actual das ventás, pode non ser a orixinal. É un rasgo moi característico da arquitectura renacentista (que, en parte, bebe das fontes da arquitectura hispano-flamenca), o tema dos elementos decorativos de certos espazos marxinais (arquivoltas de vanos- portas e xanelas- enxutas, impostas e cresterías) que se adornan cunha profusa vexetación na que pululan animais reais e fantásticos, ou seres humanos diversos, o que dá lugar a motivos cunha interesante iconografía de carácter profano. Durante a segunda metade do século XV, trátase dun fenómeno extensible a outras manifestacións artísticas executadas no ámbito da Coroa de Castela.<sup>75</sup>


Tal como dixemos previamente, na Real Chancillería de Valladolid atópanse gravados da fortaleza de San Paio de Narla, nos que se ve como tralo asalto e desolación cometida polos irmandiños no século XV. Datados no século XVI, concretamente no ano 1510, apréciase claramente como a torre de homenaxe está derruída sendo no século XVI cando se volta reconstruír, momento no cal se encadraría a construción da primeira xanela que se ve cando se acomete o ascenso ata a entrada da fortaleza. Sería nesta época cando, como xa dixemos, os canteiros vizcaínos farían a súa aparición e comezarían a labor constructiva, da cal quedou moi boa testemuña na cantidade de signos lapidarios diseminados por todos os muros da fortaleza. Na imaxe de abaixo, apréciase o derrumbamento da fortaleza e unha porta que, ao noso xuízo, coincide coa actual que da acceso á zona da torre de homenaxe separándose, por tanto, da zona palaciega destinada a vivenda.

---

73 Iborra Bernard, Federico: *La arquitectura tardogótica castellana entre Europa y América. El problema de las fachadas asimétricas en la arquitectura residencial del tardogótico castellano*. Algunos modelos y referentes. Editorial Cedro, Madrid, 2011, p.339.

74 Fuertes García, Yolanda: *La arquitectura tardogótica castellana entre Europa y América. Infancia y marginación en la época de los Reyes Católicos*. Editorial Cedro, Madrid, 2011, p.361.

75 Villaseñor Sebastián, Fernando: *La arquitectura tardogótica castellana entre Europa y América. La decoración marginal de la arquitectura tardogótica castellana y sus otros correlatos artísticos*. Editorial Cedro, Madrid, 2011, p.366



Fonte: Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, Dibujo de la torre de San Payo de Narla en Gia (Lugo), Planos y dibujos, desglosados, nº59, 1510 (s. XVI). Portal dixital: PARES.

Nestes gravados vese o alterada que está a fortaleza de San Paio de Narla na actualidade con respecto as súas orixes, amosando unha disposición moi diferente, co cal hai cabida á posibilidade dunha reutilización de elementos removidos doutra parte da fábrica.

## ➤ 12. San Paio de Narla membro da Rede Museística Provincial

No ano 2006 nace a Rede Museística Provincial con eixo central no Museo Provincial de Lugo e con tres museos case que temáticos, xa que o museo de San Cibrao representa o mundo do mar, o pazo de Tor o mundo da nobreza e fidalguía galega e San Paio Narla o mundo rural, agrario e etnográfico, así como outro ronsel de disciplinas: armería, coitelería, armamento medieval...

A Rede Museística Provincial xurdiu froito do afán de superación e de adaptación aos novos tempos e cobrou auge no ano 2006 que marcou un punto de inflexión e ano a partir do cal empezou a cobrar máis protagonismo e significado. A súa estrutura atópase composta por catro museos, tres deles están na provincia de Lugo ocupando diferentes comarcas. Na zona do interior, en Friol, temos o Museo Fortaleza de San Paio de Narla, mentres que na zona do Val de Lemos atopamos o Museo Pazo de Tor e na zona da Mariña lucense (zona de especial relevancia turística) atópase enclavado o Museo Provincial do Mar en San Cibrao. Por outra parte, na capital da provincia éríxese o cuarto compoñente da Rede Museística: o Museo Provincial de Lugo.

É un edificio moi importante, non en van foi declarado Monumento Histórico-Artístico o día 1 de marzo de 1962 (hoxe BIC) e é o máis antigo dos museos existentes na provincia. Trátase dun museo público, de titularidade e ámbito provincial e de carácter xeral, con seccións de arqueoloxía, etnografía, Belas Artes, etc.

En canto as súas seccións, o museo artéllase en torno ao claustro, na porta inferior dispóñense as coleccións de heráldica, epigrafía e arqueoloxía, cunha interesante colección de reloxos de sol (1685). Conta tamén con salas de arte sacra e unha zona ampliada con mosaicos, de Dédalo e Pasifae (séc. III) e o xeométrico. Ascendendo por unha escaleira neobarroca, chégase a un vestíbulo onde se dispóñen esculturas de Asorey; a partir de aquí dáse paso ás diferentes e restantes salas do museo que contemplan pintura e escultura dos séculos XIX e XX (Pérez Villamil, Fierros, Avendaño, Sotomayor, Llórens...), salas individuais de Corredoira, Julia Minguillón, Castro Gil..., sala de cerámica de Sargadelos, cerámica española e vidro da Real Fábrica de La Granja e dúas salas adicadas á arte moderna e contemporánea.

### ➤ 13. O labor de museoloxía social en San Paio de Narla

San Paio é un museo aberto ás novas xeracións que se esmera en ser entretido e ameno, por iso explota o seu potencial histórico para crear actividades tan divertidas coma a simulación dunha Revolta dos Irmandiños na que os nenos e nenas se disfrazaron de medievais e comprenderon un pouco mellor o pasado histórico de Galicia no Medievo. Tamén se aproveitaron os referentes renacentistas cos que conta a fortaleza para crear unha actividade chamada “Peiteados e aderezos” na que se trataba de recrear peiteados de damas renacentistas e de gentilhuomo, homes cunha posición destacada na sociedade renacentista; peiteados que os nenos e nenas realizaban co seu propio pelo.

E hai unha preocupación latente de facer de San Paio un museo para todos e entre todos, co cal quero dicir que a oferta de actividades se adapta á esixencia de cada visita, tanto se traballa con grupos escolares, con nenos e nenas que acoden aos obradoiros, con persoas maiores (as actividades Tirando do fío), ou incluso San Paio se torna elegante e sofisticado para acoller celebracións de eventos culturais como a proxección de filmes coma “Laberinto Ario” amosando que ten un carácter camaleónico e versátil. Un carácter que lle impulsa a non dicir nunca que non a un reto, porque a innovación é o seu buque insignia, non quere ser un almacén de obxectos, quere ser a canle a través da cal as persoas manifesten a súa paixón pola cultura e que aprendan a ser críticos con ela cando non lles interesa.

Non somentes é a conxunción da arte e da historia o que fai fermosa esta fortaleza, senón que tamén é importante a contribución de patrimonio humano que encerra. É o excepcional contedor de historias e lendas que lles acontecen ás xentes daquela etapa histórica na que Galicia era un reino fortemente vertebrado e, que son, a cotío, rescatadas para deleitar ás persoas da nosa contemporaneidade, co que ese patrimonio se torna vivencial. Vivencias do pasado rexorden nun ámbito idóneo para que gocen da consideración que merecen e fagan sentir interese pola historia desta fortaleza.

Escollimos San Paio como ente de difusión cultural, sobre todo, porque está cheo de vida, xa que se anda sempre á procura do entusiasmo e ilusión por explotar ao máximo un traballo de dinamizar o entorno rural, creando unha serie de actividades para que as xentes do lugar teñan acceso á cultura, interesando especialmente a formación dos máis pequenos, que descubriron que os museos son lugares para aprender e divertirse, non para aburrirse con soporíferas explicacións. Aмосa que a educación non ten por qué estar reñida co entretenemento sempre que este sexa didáctico e divulgativo.

Gústanos especialmente que as xentes do lugar non o vexan coma algo lonxano e diríxense a ela cariñosamente como “a torre”, sentíndose orgullosos de ter un referente cultural que os identifique e atraia a tantos visitantes, que lles serven para observar outros ámbitos e formas de vida pois, habitualmente, xérase un diálogo entre estos e os que somos veciños do lugar. Vemos ese intercambio de opinións e de culturas, voltando de novo a recalcar a importancia do patrimonio vivo; por iso dicimos que San Paio é un museo vivo, porque cremos que está aberto a todos e a tódas as iniciativas que veñan marcadas pola impronta da cultura. Pero o que é especialmente fermoso é observar como os habitantes de Friol saben as lendas vencelladas á torre e a lembran dende os seus albores; son unha fonte viva de lembranzas, eles son os que poñen voz á historia de San Paio porque levan toda a vida vendo a súa pétrea figura recortada sobre os ceos máis fríos ou calurosos. Eles ven a fortaleza sen formulismos artísticos, esquécese moitas veces da esencia do belo per se.

Falamos de proxectos como o de fotografía e a cegas en prol da inclusión e non exclusión social, presentacións de libros como o de Dona Catalina de Andrade, proxecto “Quien le da la vuelta a tortilla” etc.

### ➤ 14. Actualidade do museo de San Paio De Narla

Lonxe de quedar atrapado e languidecer no tempo, San Paio de Narla camiña acorde aos tempos e déixase mergullar nas novas problemáticas sociais. O Museo como ente social non pode permanecer illado da sociedade á que ten obriga de representar, por iso diseña constante e continuamente novos programas de índole sociocultural para dar cabida a todo tipo de públicos.

Deste xeito, durante o ano 2015 fíxose a actividade “Pontes de diálogo” colaborando intensamente con diversos países de Latinoamérica (México, Arxentina, Uruguai, Brasil, República Dominicana, Colombia, Perú) e ofertando unha temática moi variada centrada en encontros, conferencias, entrevistas, obradoiros, festivais, exposicións... Asemade contouse coa colaboración doutras entidades museísticas como o Museu Maritim e o Museo Etnolóxic de Barcelona, e o de L'Hospitalet no caso de diálogo a establecer entre Lugo e A Coruña. O eixo vertebrador foi o seguinte:

1. CARTAS FALADAS. HISTORIAS DE AQUÍ E DACOLÁ-
2. NOS+OUTRAS EN REDE
3. DOMINICANAS
4. FESTIVAL MUSICAL

Traballaron a temática de inmigración e da emigración, coincidindo co Día Internacional do migrante 2015, e man a man coa asociación de Rioplatenses en Lugo e Tango Club Galicia, afondando nos sentimentos e nas emocións en clave cultural entre diferentes xeracións, amosando unha vez máis a permeabilidade do ser humano a falar e compartir experiencias, sobrecolledoras en ocasións, noutras amenas e singulares. O obxectivo foi tender pontes de unión entre colectivos de migrantes afincados en Lugo.

De igual xeito, o museo de San Paio apoia causas como a loita pola inclusión e non exclusión social, contando cun departamento de Capacidades Diferentes e Accesibilidade na Rede Museística, creando auténticos proxectos-xoia como o de *Fotografía a cegas*, e abríndose a ser espello do labor de asociacións como Anade.

Considérase que San Paio sen a súa comunidade friolense está abocada a extinguirse, por iso se volcan de cheo para aproximar cultura aos e ás nenas do rural e, así, sabedores de que a unión fai a forza, mesturáanse co tecido asociativo friolense e colaboran de cheo con Carballo Vivo e A Castronela. San Paio é como un pequeno navío, diminuto en infraestrutura pero grande en valores humanos e sociais. Así pois, a intención e total dispoñibilidade para traballar coas familias e xente de Friol, facendo un museo de comunidade e afianzando a loita e o avance da museoloxía social nun crisol de culturas, opinións, crenzas...de diversa índole.



Diversos proxectos de museoloxía e inclusión social, traballo con invidentes, culturas en diálogo (Latinoamérica), etc.

## ➤➤ 15. Conclusión

A nosa elección débese a que consideramos que San Paio reúne tódolos condicionantes precisos para facerse coa fórmula do éxito: unha envexable contextualización nun entorno rural de montaña, no que aínda a man do home non causou estragos nunha paisaxe eminentemente agrícola na que a acción humana, como dicimos, non foi dañina en exceso e inda se conserva unha paraxe ídlica e bucólica. Xunto a esto salienta que a súa imponente torre de homenaxe debuxa unha silueta turrificada moi esbelta, que se recorta sobre un perfil de paisaxe abrupta e sinuosa e, ademais, que ten o atractivo de ter un interior musealizado no que se recolle unha ampla exposición de útiles de etnografía popular galega, sección de armería, instancias acomodadas simulando as dependencias dunha vida medieval, e unha zona almeada (entre outras moitas cousas) que serve de improvisada atalaia a toda mirada inquisitiva que se queira pór a escudriñar a magnífica vista panorámica da comarca friolense, que lle serve de manto e berce á fortaleza de San Paio de Narla.

## ARQUITECTURA RELIXIOSA RENACENTISTA: Santa María de Guimarei

### ➤➤ 1. A igrexa de Guimarei. Estudo histórico

Atópase situada a 5 kilómetros da capitalidade do municipio de Friol e a 30 km de Lugo. Conta con 58 habitantes, dato non actualizado ao presente ano, agrupados nas entidades de Abrigueiro, Campo da Feira, Eirexe, Guimarei de Arriba e Meigonte.

Guimarei é un exemplo de pequena aldea do rural galego que conta cunha marabillosa paisaxe (carballeira autóctona) e abundante patrimonio en forma de muíños, construcións de arquitectura civil do ano 1800 e a súa igrexa gótica-prerrenacentista. Esta sorprende ao exterior cuns sólidos e macizos contrafortes e un rosetón calado. Nos seus muros pódense ver as reformas e modificacións ás que foi sometida ao longo da súa historia. Sobreelevada sobre un pequeno basamento e de aparello de cadeirares graníticos aínda garda máis sorpresas no seu interior. No seu interior atopamos o testeiro cun retablo que o antecede e que enmarca unha cabeceira precedida por un sobrio altar; é un espazo que se atopa rodeado por unha imposta con molduracións florais e cun escudo fundacional alusivo á liñaxe de Andrés de Berbetouros e Inés de Montenegro. É un espazo abovedado, cunhas pechinas trapezoidais e con decoración antropomorfa a base de anxiños que lle serven de asentamento á bóveda, que é un magnífico exemplar de bóveda precursora do Renacemento con plementería e nervadura, con claves marcando o discurso e curvatura dos nervios. Na liña da tradición arquitectónica emprendida por Rodrigo Gil de Hontañón, adalid da causa do Renacemento galego.

É de estilo gótico, do século XV agás a bóveda que xa anuncia o estilo renacentista. Conta con exemplos de heráldica da liñaxe dos Berbetouros, isto é, dous touros ao pé dunha árbore. E, incluso, conserva restos de pinturas murais que representan motivos vexetais e en zig-zag nunha chamativa e viva cor vermella con tonalidades amaralentas e ocre.

Nos seus muros pódese ver como a igrexa foi máis grande e amplia nun pasado, quizais se corresponde a cando pertencía a un mosteiro.

A historia di que baixo o altar e cunha discreta lápida atópase soterrado o mecenas Andrés de Berbetouros. A súa muller Dona Inés de Montenegro foi artífice da creación desta igrexa que empezou sendo un pequeno mosteiro, e do que se deducen relacións de vencellamento con San Paio de Narla.




## ➤ 2. A estrutura arquitectónica. Estudo formal.

Consideramos a estrutura formada por un material ríxido-unilateral, que resiste compresións pero non resiste traccións. É dicir, imaxinamos a fábrica como un conxunto de bloques indeformables en contacto seco e directo que se sosteñen polo seu propio peso. Supoñemos tamén que as tensións son baixas, existindo perigo de fallo de resistencia, e que o rozamento entre as pedras é suficientemente alto como para impedir o seu deslizamento. Estas tres hipóteses dan lugar aos principios de análise límite das fábricas:

1. a fábrica presenta unha resistencia á compresión infinita,
2. a fábrica ten unha resistencia á tracción nula;
3. o fallo por deslizamento é imposible.

En canto á estrutura, trátase dunha cabeceira de planta cadrada, onde se sitúa o altar, cuberta por unha bóveda de crucería estrelada. A forma e dimensións das nervaduras parecen indicar que corresponde ao gótico máis tardío, probablemente do século XVI. A continuación, unha nave cuberta con bóveda de canón e dividida en tres tramos por arcos perpiaños. O último tramo aos pés da igrexa presenta un coro e no arco do coro está escrito o que pode ser a data de terminación deste corpo: 1699.



Mostra da existencia do corpo engadido de Santa María de Guimarei.  
Documentación cedida polo párroco de Guldriz Don Antonio.



Ademais hai unha sancristía, e nos contrafortes do leste da cabeceira quedan enxarxes que semellan indicar a existencia doutro corpo anexo, hoxe desaparecido. Da inspección da sillería exterior dedúcese que os catro grandes contrafortes centrais, así como os outros catro pequenos, foron engadidos con posterioridade ao muro exterior e ao resto de contrafortes: as fiadas horizontais presentan unha discontinuidade que só parece ten esta explicación.

O sistema construtivo da cabeceira é gótico: unha bóveda de crucería estrelada, en forma moi próxima á bóveda baída, na que os nervos terían servido de cimbra permanente durante o peche da plementería. O espesor dos plementos é o mínimo construtivo (uns 15 cm é medida habitual). Trátase pois, dunha construción lixeira que precisa pouco contrarresto. Os construtores góticos adoitan utilizar unha regra xeométrica para dimensionar os estribos: dáse como espesor do estribo o cuarto da luz libre que cubre a bóveda. A regra cúmplese aproximadamente neste caso.

O construtor quixo aplicar unha regra gótica a unha estrutura que non o era. Temos novas de ruínas e desplomes debido a esta aplicación indebida de regras estruturais a tipos distintos. Dada a insuficiencia dos estribos “góticos” para a bóveda de canon, con toda posibilidade estes comenzaron a ceder nada máis descimbrar (ou quizá, sinxelamente ao baixar as cimbras sen chegar a descimbrar de todo); a estrutura foi apeada de inmediato e colocáronse os grandes contrafortes que existen na actualidade<sup>76</sup>.

Pode ocorrer que o arco esté formado por doelas que teñen todo o espesor da rosca, senón por superposición de varios arcos. Isto é habitual en arcos de ladrillo. En arcos de pedra preséntase no caso de arcos perpiaños baixo unha bóveda de canón de sillería.<sup>77</sup>

Bóveda de canón:

- os nichos que alixeiran o muro nun dos lados do tramo central supónse que están presentes a ambos lados. Isto, evidentemente, vai a favor da seguridade.
- non se ten en conta o arco do cor, debido o seu escaso peso (o arco suxeitase así mesmo). En calquera caso, o muro no tramo do coro, non ten nichos e unha cousa compensaríase con outra.
- ao estar a nave unida ao muro, do arco toral, ao producirse o movemento na zona central, a bóveda tería tendido a “arrastrar” ao muro do arco toral.



76 Huerta Fernández, Santiago: *Informe sobre a estabilidade de la igrexa de Guimarei*. Universidad Politécnica de Madrid, p.3.

77 Huerta Fernández, Santiago: *Informe sobre a estabilidade de la igrexa de Guimarei*. Universidad Politécnica de Madrid, p.6.

- a seguridade da igrexa de Guimarei depende do funcionamento dos grandes contrafortes engadidos. O papel dos contrafortes depende, de forma crítica, da traba entre éstos e o muro.

O que se fai nunha primeira intervención é estabilizar de forma definitiva a xeometría actual, deformada pero suficientemente estable, a continuación consolidar muros e contrafortes. A deformación débese a un desplome cara afóra dos muros por insuficiente contrarresto orixinal. Para estabilizar a xeometría tería que impedir que dito desplome aumentara. Hai varias solucións posibles, pero parecennos a máis axeitada colocar tirantes de aceiro. A colocación de tirantes presenta as seguintes vantaxes:

1. Economía. É, sen dúbida, a solución máis barata.
2. Sinxeleza de execución.
3. Reversibilidade. Se en algún momento se decidira eliminar os tirantes, cunha intervención mínima, a fábrica voltaría ao seu estado anterior.
4. Seguridade. Unha vez colocados, e debidamente ancorados, o desplome dos muros non é posible e desaparece o perigo de afundimento por esta causa.
5. Tranquilidade visual. Os tirantes vistos, evidencia dunha actuación de consolidación, tranquilizarían ao visitante.

Parece moi convinte consolidar uns muros e contrafortes que teñen un núcleo de mampostería moi probablemente degradado pola entrada de auga, que foi disolvendo o antigo mortero de cal





Pinturas murais.

Fonte das composicións: Elaboración propia.

### ➤ 3. O estudo arquitectónico de Guimarei segundo Huerta López

Fíxose un informe por parte de Santiago Huerta López que indagaba sobre as causas do desplome, as medidas que se tomaron para afianzar a súa estabilidade e os posibles medios de consolidación. Sendo de especial interese as grandes deformacións e como se valorou e calculou a deformación límite<sup>78</sup>.

A igrexa consiste nun presbiterio cadrado e unha soa nave rectangular, a nave presenta un elevado coro ao fondo. O presbiterio foi construído arredor de 1650 nun estilo gótico e está cuberto por unha bóveda de crucería. A nave foi finalizada en 1699 (a data de finalización aparece no lado recto do arco antes do elevado coro), e cúbrese por unha pesada bóveda de canón dividida en tres cruxías por arcos transversais.

A nave causou preocupación dende o seu remate. Só un ano despois, en 1700, o bispo nunha viaxe de inspección, avisou do mal estado da nave e a necesidade de chamar a unha comisión de expertos para propoñerlles a consolidación posterior.

78 Huerta López, Santiago: *Stability and consolidation of an ashlar barrel vault with great deformation: the church of Guimarey*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.587.

En 1995, algúns terremotos sen importancia levantaron a alarma da xente que asistía á igrexa. Decíase que estaba ao borde do colapso e consecuente desplome. Os servizos relixiosos foron interrompidos e a igrexa pechou. O equipo de arquitectos da E.T.S.A. foi requerido polo goberno autonómico (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura e Comunicación Social, Xunta de Galicia) para facer un informe acerca da orixe das patoloxías, para garantir a seguridade da igrexa e para suxerir, se fose preciso, medios de consolidación.


### 3.1. Marco teórico: análise límite

Centrándose nas ideas, principios e teoremas da teoría da análise límite de estruturas de cantaría e mampostería, desenvolvidos principalmente polo profesor J. Heyman nos últimos 25 anos, supoñemos que a mampostería aquí non ten resistencia á tensión, que a forza compresiva é infinita (o material é ríxido-unilateral) e o deslizamento é imposible. Co material ríxido unilateral, os tres teoremas fundamentais da análise límite poden ser probados.

No contexto dun experto, é particularmente importante o límite inferior a un teorema “seguro”: si podemos atopar a traxectoria das forzas internas (unha liña ou superficie de empuxe) un equilibrio coas forzas externas, dentro da estrutura, entón esta estrutura estará segura. O poder deste teorema minto no feito de que a liña de empuxe non precisa unha liña de empuxe real, ningunha liña de empuxe en equilibrio coas presións externas será suficiente para demostrar que a estrutura é segura. Finalmente, o grao de seguridade por ser medido xeometricamente dende a distinción relativa da liña de empuxe ás superficies, o cal limita a mampostería.

### 3.2. Estudo das patoloxías

Unha estrutura de mampostería (feita de material ríxido-unilateral) non pode deformarse sen agretamento. Resulta de interese investigar que clase de movementos produciron o modelo real de gretas, neste caso debería ser tamén investigado si os movementos e deformacións son recentes ou tiveron lugar despois da finalización e descentramento das bóvedas.



O muro do presbiterio, conectado á bóveda, intenta impedir o movemento e, non sendo capaz de resistir o empuxe, inclínase só un pouco; o arco do presbiterio mostra o correspondente agretamento (a cercana zona da bóveda nervada estaba lixeiramente afectada (fig.1)






Fig.1.

Para a inspección do cadeirar externo enfrontándose ao que podemos deducir son catro grandes contrafortes, B, que apoian a zona central da nave e outros catro pequenos A, nas esquinas, que foron engadidos despois da finalización da igrexa (fig.2).




Fig.2.

Efectivamente, a pedra horizontal descurre e faise evidente unha discontinuidade en ambos contrafortes A e B (fig.3); ademais as pedras dos grandes contrafortes en contacto co muro non son cadrados, pero presentan unha cara inclinada xusto para encaixar na inclinación do muro. Ademais, na pedra que discurre por estes catro grandes contrafortes é perfectamente horizontal. A conclusión é que os contrafortes A e B foron engadidos como medio de consolidación despois de que os muros laterais foron sacados fóra do plano.




Fig. 3.

### 3.3. Posible historia dos danos

Probablemente, a maioría dos orixinais contrafortes foron demasiado febles para soportar o empuxe da pesada bóveda de canon da nave. Pódese percibir que os restantes contrafortes orixinais teñen as mesmas dimensións cos contrafortes góticos do presbiterio. Quizais un ignorante construtor quixo construír e continuar a nave co mesmo sistema de contrarresto do xa existente presbiterio. Isto non debería de estrañarnos. Os vellos mestres de fábrica empregaron regras xeométricas para determinar o contrarresto para unha bóveda e a súa luz. Diferentes tipos de estrutura conduciron a diferentes regras, e debe ser que o construtor da nave de Guimarei aplicou unha regra gótica a unha bóveda renacentista (é dicir, por cronoloxía tivo que facer unha bóveda do século XVI seguindo plantexamentos xeométricos do século XV e cun edificio que non estaba preparado para facer fronte a tantos empuxes). As bóvedas nervadas foron a miúdo construídas en España durante o século XVII e, incluso, durante o século XVIII. Na súa larga transición dunha estrutura a outra, moitos erros foron cometidos o que conduciu, en ocasións, ao colapso da estrutura.

Existen mostras contemporáneas, Juan García de Berrugilla, un arquitecto español do século XVI, comentou no seu tratado: *“sobre la verdadera práctica de la geometría, as diferentes regras para os estribos de las bóvedas”* e enfatiza sobre a contradición entre algunha delas. Na figura 4, a chamada regra de Bondel, a cal é gótica e está entendida para bóvedas góticas, é comparada coa regra renacentista do tercio da luz. A diferenza é evidente e conclúe dicindo que propiciou os colapsos: *“ambas regras son muy viejas, y la contradicción entre ellas es bien visible. Es el origen de muchas ruinas que se fueron experimentando por todo el mundo...”*. O debuxo é explícito e, de feito, unha bóveda de canon precisa 30-40%, máis de contrarresto cunha bóveda nervada<sup>79</sup>.

En Guimarei, é bastante probable que despois do descentramento e o subseguinte asentamento, os estribos se terían inclinado cara afóra, con flagrante deformación da bóveda, a nave enteira ameazou colapso (quizais neste estado viu o bispo a igrexa). A bóveda deformada non era de superficie semicircular alongada; o incremento da luz e o combado da cima, fan a referencia relación altura/luz do arco do canon diminuír dende 0,5 a 0,43. O resultado é lixeramente complicado xa que a bóveda precisa máis contrarresto cá xeometría semicircular orixinal. En realidade, os novos contrafortes son 2/5 en prol de 1/3, 20% máis, un incremento proporcional<sup>80</sup>.

79 Huerta López, Santiago: *Stability and consolidation of an ashlar barrel vault with great deformation: the church of Guimarey*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.590.

80 Huerta López, Santiago: *Stability and consolidation of an ashlar barrel vault with great deformation: the church of Guimarey*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.590.

### 3.4. Agretamento da bóveda da nave

Todos os danos están concentrados na nave e no arco do presbiterio, e a súa consecuencia é a inclinación dos muros orixinais e contrafortes. Na seguinte figura, representanse ambos, os orixinais (contrafortes hipotéticos) e a xeometría real distorsionada e deformada.




Fig. 4.

Deberíase ter notado que a inclinación dos nervos é diferente dentro e fóra. Esta diferenza de inclinación produciu unha separación de ambas caras (interna e externa) do muro, a cal despois provoca movementos independentes. Cando os novos contrafortes foron engadidos, a deformación permaneceu. Esta inclinación interna define a deformación da bóveda, a cal se verificou calculando o ancho do agretamento no cumio (57 mm) e comprendo este valor no ancho real (55 mm)

### 3.5. Estabilidade

Normalmente as deformacións da estrutura son tan pequenas que supoñemos que as ecuacións de equilibrio antes e despois da deformación son as mesmas. Isto non é o caso de Guimarei. A inclinación dos muros produciu unha notable distorsión da xeometría orixinal. Así pois, na análise da estabilidade usouse a xeometría real deformada. Intentando adquirir máis información sobre as posibles orixes de patoloxías, nós estudamos tamén a estabilidade da bóveda deformada cos hipoteticamente contrafortes góticos.

E na análise usáronse técnicas moi coñecidas acerca da liña de empuxes. Os cálculos foron feitos exhaustivamente e rexistrados en gráficos para avaliar os resultados. Este sistema gráfico na súa metodoloxía foi suficientemente preciso na maioría dos casos<sup>81</sup>.

### 3.6. A bóveda de canón

Esta bóveda de canón é feita de bloques de cadeirares graníticos. O tellado consiste en vigas, xunto co caballete e unha lámina de muro. Hoxe en día, permanecen no extradós da bóveda. A cobertura é feita de enormes pezas de pizarra (ao redor de 0,60x0,60 m. e 5 cm. de grosor). Despois de moitos anos de reparacións, o baleiro entre as vigas e o extradós desapareceu e está cheo de fragmentos de pizarra.

81 Huerta López, Santiago: *Stability and consolidation of an ashlar barrel vault with great deformation: the church of Guimarey*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.593.

Debido ao aumento da luz no nivel dos goznes de 36 cm. a clave da bóveda afundiuse 32 cm. Nótase o cambio notable de dirección e o aumento do empurre nos goznes inferiores<sup>82</sup>.

### 3.7. O sistema de contrafortes

Hai dúas aportacións claves e dúas indicacións claras. A igrexa está emprazada sobre un montículo granítico, algunha agrupación granítica pode ser vista só a uns metros da igrexa. A perfecta nivelación das pedras discorre e o enorme sistema de contrafortes proba que non se apreciou movemento dende a súa construción. Así pois, súponse que a igrexa está fundada nunha rocha sólida.

A estabilidade na máis baixa ensambladura quedou manifesta. A posición do empuxe nesa xunta dará unha medida da seguridade do sistema de contrarresto. Como antes, o equipo fixo dúas análises, unha para xeometría orixinal non distorsionada. É evidente que no primeiro caso a estabilidade fose precaria e que a progresiva inclinación do estribo (sistema de estribos) foi probablemente existente (de feito, sábese que pasou). A avaliación do segundo factor non é evidente. Se os contrafortes foron engadidos ao redor de 1700, como amosa a evidencia histórica, é o feito de que a igrexa foi sobrevivindo case 300 anos nesta situación e é, así pois, suficientemente segura. Pero se comparamos este valor cos factores xeralmente considerados inaxeitados no século XIX, é demasiado baixo.

### 3.8. Inclinación dos estribos

As consideracións xerais levan a investigar a seguridade en relación á inclinación límite dos estribos, que causarán o colapso da bóveda. O empuxe da bóveda medra rapidamente coa inclinación dos muros. Así como o empuxe da bóveda medra na xunta máis baixa dos estribos aproximándose ao límite. Un ilimitado movemento do contraforte terá lugar e a bóveda colapsará. Sen embargo, o contraforte por si mesmo non colapsa (sendo esta inclinación límite moito maior) e conservando algunha verticalidade despois do colapso da bóveda. Nas ruínas dos edificios vemos a miúdo esta situación: a bóveda colapsou pero os muros e os contrafortes permanecen.

### 3.9. Conclusión. Medidas de consolidación.

Os defectos e danos orixinados nun deseño inaxeitado do contraforte orixinal. Probablemente, a maioría da igrexa foi consolidada xusto despois da súa finalización polo engadido de novos contrafortes. As deformacións permanentes permanecen, pero a igrexa sobreviviu case 300 anos nas súas condicións de distorsionamento.

Sen embargo, o factor de seguridade en relación a novos movementos, aparece un pouco baixo. Parece prudente, así pois, recomendar medidas que estabilizarán a xeometría. Suxeriuse engadir tirantes de aceiro a aproximadamente dous tercios da altura da bóveda, baixo as grietas. A análise do presbiterio e do arco gardan similares valores e incluso tamén se recomendou engadir un tirante de aceiro, esta vez incrustado na mampostería arredor da pedra angular ou doela.

A solución de engadir tirantes tivo varias vantaxes: non é caro, doado de executar, absolutamente seguro, reversible e ademais, pode transmitir tranquilidade visual para os visitantes da igrexa. A diferente iluminación das caras externa e interna do muro suxire unha grieta no muro do coro, tamén pode ser recomendada para facer algo de lechada para consolidar os muros da nave<sup>83</sup>.

---

82 Huerta López, Santiago: *Stability and consolidation of an ashlar barrel vault with great deformation: the church of Guimarey*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.593.

83 Huerta López, Santiago: *Stability and consolidation of an ashlar barrel vault with great deformation: the church of Guimarey*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.596.

### 3.10. Anotacións de Huerta acerca de Guimarei

Os construtores medievais non tiñan unha teoría estrutural científica, sen embargo, as catedrais góticas non foron construídas sen unha teoría. Os mestres góticos tiñan unha “ciencia” e esa ciencia “scientia” foi firmemente baseada na xeometría. É a forma de garantir un seguro sistema de equilibrio.

En moitas fontes góticas, atopamos regras para deseñar os elementos estruturais, con especial énfase no deseño do contraforte. Estas regras conducen en moitos casos a un deseño proporcional, independente de escala (a profundida do contraforte como fracción de luz). O último arquitecto gótico español, Rodrigo Gil de Hontañón, formulou regras aritméticas, as cales conduciron a deseños non proporcionais (os contrafortes son máis esbeltos así como o tamaño xeral medra).

As regras estruturais góticas foron un medio para rexistrar formas estables. As regras proporcionais son correctas en esencia e aplicadas á maioría dos casos. As regras de Rodrigo Gil de Hontañón expresan un delgado estilo gótico por contraforte, bóvedas e deseño de torres<sup>84</sup>.

A construción de catedrais góticas non era unha tarefa amateur. Os construtores medievais non eran “mestres”: estruturas góticas xustifican este título e incluso hai unha boa e desenvolvida teoría estrutural para moi poucos arquitectos e enxeñeiros, que non se atrevían a pór nome aos seus proxectos (o cal é un problema nos traballos de restauración e tamén para nós á hora de atribuír unha autoría á igrexa de Guimarei).

Houbo colapsos, evidentemente, pero moi poucos en comparación co número de éxitos. Ademais, houbo variacións nun deseño e introdución de novos tipos de estrutura. O desenvolvemento do gótico foi revolucionario, unha explosión de creatividade estrutural.

Os construtores góticos tiñan unha “scientia”, unha teoría, un corpo de coñecemento que permite deseñar e construír estruturas seguras (Heyman, 1995). Esta “scientia” non era científica no sentido que lle damos hoxe en día a esta palabra, o cal non se deduce de leis xerais e principios científicos, non é unha “ciencia aplicada”. As regras e procedementos foron deducidos empiricamente dende a observación dos edificios existentes. Esta aproximación empírica non é científica. Cada edificio foi un experimento exitoso e a observación de ruínas e estruturas colapsadas eran tamén informativas. Finalmente, durante o proceso de mampostería (sillería, a estrutura móvese e axítase, adaptándose ás diferentes fases de construción). Estes movementos suxiren correccións para mellorar a estabilidade do traballo e poden conducir cara novos modelos de equilibrio. A construción dunha catedral gótica: “*involved many different operations: surveying, soil mechanics, foundation design, centring, buttress and vault design, stereotomy, carpentry, lifting devices, labour organization, etc.*”

A aplicación de regras góticas a un edificio renacentista, por exemplo, conduce ao desastre: o empuje dunha bóveda gótica de crucería pode ser menos da metade dunha bóveda de canon renacentista. Os períodos de transición foron críticos e, de feito, hai evidencia documental de ambos en tratados e nos rexistros de moitas igrexas de patoloxías asociadas co uso de regras incorrectas (tal e como acontece en Guimarei, ao noso xuízo).

Unha bóveda gótica está composta de nervios, claves e retículas (mampostería curvada que enche os ocos entre os nervios). Só se mencionan os nervios, dise especificamente que os nervios de crucería son semicirculares, outras indicacións refírense á xeometría doutros nervios e son difíciles de interpretar debido á ausencia de debuxos. Hai varias regras para as seccións transversais dos nervios. Como exemplo, Lechler di “*that the depth of the cross rib should be one-third of the wall thickness (that is s/30), and the width was to be one-half of its depth. The dimensions of the tranverse ribs were a function of the cross-rib. Tranverse arches should be one-third larger than the cross-rib (s/22 nearly)*”<sup>85</sup>.

84 Huerta López, Santiago: *Geometry and equilibrium: the gothic theory of structural design*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.23

85 Huerta López, Santiago: *Geometry and equilibrium: the gothic theory of structural design*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.24.



Outras regras góticas sobreviviron durante o Renacemento e o Barroco en tratados de arquitectura, sendo importantes debido ao seu amplo uso. Hernán Ruiz dá a regra como método para obter o estribo para arcos sinxelos, pero é, de novo, unha regra gótica para o deseño de mampostería. A mesma construción é dada por Ungwitter (1859) como regra para o tamaño da sillería dunha ábsida gótica poligonal. Ungwitter di que *“nothing of its origin, but, it is very probable that both have the same gothic origin. The appearance of the same rule in so many different places an epochs is a demonstration of their importances and widespread use”*.

### 3.10.1. O estilo construtivo de Hontañón

Sen embargo, o grupo máis completo de regras góticas aparece no manuscrito do tratado arquitectónico de Rodrigo Gil de Hontañón (1500-1577), quizais o máis importante e prolífico dos arquitectos españois do século XVI. Era fillo do famoso arquitecto gótico Juan Gil de Hontatón, e del herdou a tradición da construción gótica, pero durante a súa vida asimilou tamén o novo vocabulario renacentista.

O manuscrito trata, de forma sistemática, os diferentes aspectos do deseño dunha igrexa de gótico tardío. En particular, o capítulo nº6, trata especificamente o tamaño de elementos estruturais empregando certas regras xerais. É esta última parte, precisamente, a que converte o manuscrito en único. En ningunha outra fonte gótica aparece unha separación tan concienzuda e meticulosa do esqueleto estrutural. A pesar desto, as regras non foron recibidas cunha grande expectación, só Kubler (1944), Sanabria (1982,1984) e Huerta (2004) as estudaron en detalle. Estas regras poden ser divididas en dous grupos:

1. regras para o deseño de elementos estruturais dunha igrexa gótica.
2. regras para investigar os contrafortes para un arco nunha arcada renacentista.

As bóvedas baídas son unhas bóvedas os nervios das cales están dispostos moi preto na superficie da esfera a cal ten de diámetro o diagonal do oco (os nervios de crucería son perfectamente circulares). Todos os exemplos do manuscrito corresponden a este tipo de bóveda. Rodrigo explica o proceso de construción das bóvedas, sendo a única descrición dun mestre gótico que sobreviviu, non obstante as notas son difíciles de entender se un carece de práctica e experiencia, ou se non se é mestre canteiro, on non se estivo presente no peche dunha bóveda de canón.

O plan dunha bóveda é debuxado sobre ela e as claves colocáanse en posición ao redor de puntuais de madeira. Entón, os centros entre as claves son armados, os nervios constrúense e finalmente a retícula de mampostería entre os nervios dispónse. O esqueleto do nervio funciona como centro permanente e os nervios e as claves deberían ter certas dimensións, polo tanto este esqueleto estaría en equilibrio, non soamente ao final, senón durante todo o proceso construtivo.

Rodrigo afirma que este é o tamaño correcto para soste o empuxe dos arcos. O obreiro pode engadir algo máis porque é mellor ter de máis que de menos, malia que este tamaño sexa suficiente, como se fose expresado. Incide que isto é a profundidade dos contrafortes ao nivel do oco das bóvedas, pero cara abaixo aumentará pola forma dos intervalos que se vaian producindo. Consideraba moi necesario ter en conta a elevación do templo para determinar que elementos estaban empurrando contra os contrafortes.

O tamaño dos nervios e as claves trátase xunto. Rodrigo incide na importancia deste problema, para él é mellor coñecer o tamaño correcto e o espesor dos nervios das bóvedas son demasiado pesados e entón moito máis longos do que os nervios poden soportar, ou demasiado lixeiros polo que o peso dos nervios pode causar agretamento nos muros. Rodrigo alude, probablemente, non só a bóveda completa senón tamén a bóveda baixo construción.

Para os nervios dá unha forma aritmética simple. Intenta reconciliar as fórmulas xeométricas góticas antigas co deseño por analoxía do corpo humano: para tomar unha regra xeral, a cal é a que nós queremos, debemos entender que o dedo polgar debe ser visto como o arco transversal, o índice e o dedo anular como terceletes, o dedo maior como o nervio diagonal e o maimiño como o formero. Para determinar a proporción dos dedos das mans, tome a metade destes dedos, que é a lonxitude de cada unha dividindo en 20 partes, unha parte debería ser a altura da doela do nervios transversal. A lonxitude do tramo dividida en 24 partes será a altura do nervio diagonal. Os terceletes serán un 28 e os formeiros un

30. Así pois, deberán estar proporcionados, de acordo co traballo que eles fan (función). O espesor dos nervios en función da luz son:



Para as claves da regra é de novo aritmética, é unha das máis difíciles de interpretar. A regra dá o peso das claves en quintais (un quintal= 46 kg. aproximadamente, o peso dun pé cúbico de pedra). Na fórmula entra de novo a lonxitude dos nervios, pero a distinción debería ser feita entre estes membros que sosteñen e aqueles que son sostidos, os cales son sustraídos dos sustentantes, destacando os terceletes e as presións de carga correspondentes, polo cal hai fórmulas específicas.

As claves serven, obviamente, para solucionar un complicado problema estereotómico (a unión de diferentes nervios) pero tamén xogan un importante rol para establecer o esqueleto do nervio durante a construción das retículas de sillería<sup>86</sup>.

### 3.10.2. O regramento: sistematización e funcionamento

Os mestres góticos usaban regras empíricas para deseñar elementos estruturais dos seus edificios. Estas regras eran só unha parte dun corpo moito máis complexo de coñecemento, e non podían ser empregados con seguridade a non ser por un mestre construtor. Foron amplamente coñecidas tanto xeográfica como cronoloxicamente e hai unha abundante evidencia do seu uso a través de Europa.

A gran maioría de regras estruturais para mampostería son proporcionais, é dicir, producen formas similares en senso xeométrico. Dan, por exemplo, a profundidade dun contraforte para un arco dependendo da súa curva de intradós pero tendo en conta o seu tamaño. Noutras palabras, implicitamente crese na existencia da "lei de similitude", unha forma estrutural válida que continúa para ser correcta independentemente do seu tamaño.

A mesma propiedade aplícase a estruturas complexas, por exemplo, nunha arquitectura góticas as formas e dimensións dos seus elementos permiten un sistema de forzas internas compresivas que transmiten as cargas dentro da sillería, na mesma forma que acontece cun arco único.

Moitas das regras de Rodrigo non son proporcionais, por tanto, incorrectas e sen sentido. No gótico tardío español, as bóvedas tiñan o espesor das retículas moi presente na súa estrutura requirindo un mínimo para ser construídas. Nesta situación, o peso e o empuxe da bóveda gótica aumenta no cadrado das súas dimensións lineais; o peso do contraforte polo contrario aumenta co cubo<sup>87</sup>.

Finalmente, Rodrigo incide na importancia dun tamaño correcto das pesadas claves góticas. O esqueleto dos nervios debe permanecer estable durante a construción. O deseño dos nervios dos arcos e a súas regras son unha fracción de luz. A construción da retícula debería ter progresado dende o perímetro ao centro. Nesta situación, é posible que o esqueleto dos nervios descargue principalmente nas ménsulas,

86 Huerta López, Santiago: *Geometry and equilibrium: the gothic theory of structural design*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.26.

87 Huerta López, Santiago: *Geometry and equilibrium: the gothic theory of structural design*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.27.

podendo colapsar polo elevamento da clave central. As claves desplazaranse na cima dos puntuais de madeira dando un peso pasivo, se fose preciso, que estabilizaría o esqueleto do nervio durante a construción. A liña de puntos completamente fóra dos nervios representa a situación sen unha clave e os nervios colapsarán para dentro polo elevamento da clave.

En resumo, as regras non proporcionais representan un delgado axuste/modificación á non-lineal relación de variables implicadas. Deducíranse empiricamente dende unha pechada observación de estruturas existentes e estruturas baixo construción. É importante unha boa lectura destas teorías. Unha lectura crítica e prexuzosa de vellos tratados góticos serviu para divulgar algunhas propiedades do deseño das cinco estruturas de sillería que non serán xeralmente coñecidas<sup>88</sup>.

### 3.10.3. *Seguridade construtiva: o contraforte*

A bóveda é o principal elemento na maioría dos edificios históricos. As bóvedas de mampostería exercen un empuxe inclinado que debe ser contido por unha masa de sillería: o contraforte. O sistema de contrarresto asegura a seguridade da construción enteira. O deseño das estruturas máis tradicionais engade o problema do deseño do contraforte: Aí, un arquitecto ou enxeñeiro asesorando sobre a seguridade da estrutura dunha construción histórica precisa estimar a seguridade do sistema de contrarresto con precisión. Isto non é un asunto sinxelo. Entre outros posibles fallos, un contraforte pode fracturarse baixo certas condicións cunha perda notable de estabilidade, pode haber certa inclinación ou incluso separación do muro. É máis, os sistemas de contrarresto son sistemas complexos -combinación de muros e estribacións, contrafortes aéreos, etc. feita de diferentes tipos de sillería- e o seu cálculo (estimación) non pode ser sostido nunha forma abstracta.

Convén analizar o uso de contrafortes ao longo das diferentes etapas da historia. Arquitectos, historiadores e enxeñeiros contemporáneos que traballan en restauración precisan un entendemento e comprensión destes problemas de inestabilidade, primeiro para completar a histórica visión do conxunto, e, segundo, para adquirir coñecemento sobre un monumento sen ningunha intervención xulgada como arbitraria<sup>89</sup>.

As regras foron específicas para cada tipo de estrutura: as regras usadas para o deseño de contrafortes de bóvedas góticas non pode ser aplicado a bóvedas pesadas do Renacemento e do Barroco, referímonos a bóvedas de canón. Este asunto foi estudado con detalle noutro lugar (Huerta, 2004). Para entender a natureza do deseño das regras, dúas regras, unha gótica e outra orixinaria do Renacemento, son agora consideradas. As regras de deseño gótico eran de dous tipos: xeométrico e aritmético, sobreviviron no tardío Renacemento e Barroco en manuais de cantaría que seguen a tradición dos canteiros medievais.

### 3.10.4. *O ditame construtivo do Renacemento*

As bóvedas renacentistas foron xeralmente bóvedas de canón (ás veces con lunetos). O empuxe exterior dunha bóveda de canón é moito maior ca nunha bóveda gótica (típicamente, o seu peso debe ser dúas veces o dunha bóveda gótica do mesmo plan). As regras góticas foron inútiles e novas regras de deseño foron desenvolvidas, baseadas principalmente en observacións das bóvedas romanas e das ruínas e tamén, quizais, da indagación de igrexas románicas. Como o perfil dunha bóveda foi sempre semicircular non era preciso considerar a forma dunha bóveda; unha simple fracción da luz era usada. A regra establece que o contraforte debería ter unha profundidade entre un tercio e metade da luz, e cítase en moitos manuais de arquitectura. De novo, o deseñador decidirá en cada caso que dimensións deberá ter.

88 Huerta López, Santiago: *Geometry and equilibrium: the gothic theory of structural design*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.28.

89 Huerta López, Santiago: *The safety of masonry buttresses*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.3

O arquitecto español Frai Lorenzo de San Nicolás falaba de dous tipos de contrafortes: un muro continuo e un muro reforzado con estribacións. A súa exposición é tan sistemática que pode resumirse e estudarse exhaustivamente, pero non é o noso cometido agora.

No Renacemento, o contraforte (muro+estribación) debería ter unha profundidade de, alomenos, un tercio de luz mentres que no gótico é un  $\frac{1}{4}$ , o que supuxo unha discrepancia enorme que conduciu a algúns desastres estruturais. O construtor renacentista, educado na tradición medieval, debería ter considerado a esterotomía das modernas bóvedas renacentistas, pero debería ter sabido como determinar o tamaño preciso do contraforte. En España, onde a arquitectura gótica continúa para determinar ata o século XVIII, hai unha evidencia documental deste problema. O arquitecto García Berruguilla (1747) fixo unha comparación das regras e remarcar que moitas ruínas e desastres tiveron lugar debido a esta discrepancia<sup>90</sup>.

A regra de metade tercio para seccións rectangulares é coñecida pero aparece como condición de forza, compatible coa elástica aproximación; de feito, a consideración dun estrés ou presión non tensora conduce a unha condición xeométrica estricta. É esta condición xeométrica a que asegura seguridade.

O grosor dos muros xeralmente ten tecidos exteriores de máis ou menos mampostería regular e un núcleo interior de mampostería de escombros. O método de adhesión cos contrafortes pode variar significativamente e a natureza da mampostería de escombros pode tamén variar co peso. Na igrexa de Guimarei a mampostería do núcleo estaba moi ben na elasticidade das bóvedas pero moi pobre (argamasa de terra) entre os contrafortes<sup>91</sup>.

### 3.10.5. A perigosidade na construción

Os edificios de mampostería presentan agretamentos que corren, a miúdo, a través do grosor enteiro de muros e bóvedas. Podían terse pechado na superficie (por algún estucado), pero a greta permanece dentro, oculta e descoñecida. A interpretación física do arco equilibrado é unha serie de lisas doelas coas xuntas sempre normais cara a curva do intradós. A aproximación conduce a certa fixada forma para a transmisión de empuxes: a liña de intradós. A teoría non dá información sobre o espesor e grosor do arco e non explica o fenómeno común do agretamento dos arcos.

A liña de empuxe é o lugar do punto de aplicación dos empuxes (forzas internas ou resultantes de presións para as xuntas). Os empuxes non precisaban ser normais cara as xuntas (debería ser soamente contidos dentro da fricción cónica) e o debuxo da liña permite rexistrar a principal declaración sobre o material: a mampostería debe traballar en compresión e, así pois, a liña de empuxe debe ser contida dentro do arco.

O teorema de seguridade tamén xustifica a técnica do corte para a análise das bóvedas góticas; así pois non hai dúbida que a bóveda non colapsará e ten, alomenos, a seguridade calculada. Con referencia ás gretas nas bóvedas góticas, as mesmas observacións se aplican nas cúpulas. As gretas deberían de ser interpretadas como a división de estruturas nun certo número de bloques, o cal permite o movemento imposto polo medio ambiente.

Nas catedrais góticas, a estrutura e os elementos son moi evidentes, nas igrexas románicas e bizantinas, non son tanto. Debería ser enfatizado que esta previa análise ten unha importancia primordial: unha desaxeitada identificación da estrutura e os seus elementos levará a cometer erros. Afortunadamente, o número de tipos básicos de históricas estruturas de mampostería e os seus elementos é limitado e Heyman estudou xa a maioría dos tipos máis básicos.

Algúns problemas son mellor tratados graficamente: o analista ve o traballo das forzas e a forma da estrutura, sendo a estabilidade da arquitectura unha mostra de xeometría, é razoable empregar méto-

90 Huerta López, Santiago: *The safety of masonry buttresses*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.5.

91 Huerta López, Santiago: *The safety of masonry buttresses*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.20.

dos xeométricos. A tarefa non é doada, pero o analista está na situación de facerse preguntas relevantes e dar significativas respostas.

Estúdase o colapso de estribos de fábrica sometidos a cargas laterais puntuais. Dada a falta de resistencia á tracción da fábrica, no momento de colapso fórmase unha fractura que diminúe significativamente a resistencia ao volco. Considerando a fábrica como un continuo, infinitamente resistente á comprensión, sen resistencia á tracción e supoñendo o deslizamento imposible, os autores demostran a forma que ten a fractura e determinan a carga crítica de colapso para algunhas formas típicas de estribo. Propóñense procedementos xerais para a análise a volco de estruturas de fábrica, incluíndo exemplos de cálculo. Finalmente trátanse métodos posibles para avaliar a seguridade de estribos existentes<sup>92</sup>.

A seguridade das estruturas de fábrica abovedadas depende da estabilidade dos estribos que soportan o empuxe dos arcos e das bóvedas. Mentres o comportamento dos arcos foi tratado con profundidade nas publicacións existentes, os investigadores non teñen estudado suficientemente a seguridade dos estribos. Sen embargo, o fallo dos estribos conduciría a un colapso catastrófico da estrutura. Resulta significativo que a maioría das regras tradicionais do proxecto (por exemplo, na Idade Media e no Renacemento) se refiran ao dimensionado dos estribos.

Aparentemente, coñecido o empuxe do arco a bóveda, a análise ou cálculo dos estribos é un problema sinxelo de estática: o movemento desestabilizante que produce o empuxe debe ser contrarrestado polo peso do estribo. Usualmente considérase que os estribos son monolíticos, considerando todo o peso do estribo para resistir as forzas laterais. Ésta foi a hipótese habitual dende os inicios do cálculo científico de estribos e continúa aplicándose na actualidade.

Sen embargo, un estribo de fábrica está formado por unha serie de pedras (ou ladrillos) dispostos en fiadas máis ou menos horizontais, tomadas con algún tipo de morteiro ou en seco. O material pode unicamente transmitir esforzos de comprensión, e os esforzos de tracción separarían as pezas, xa que a adhesión que proporciona o morteiro é moi pequena: a fábrica é un material unilateral. A isto hai que engadir que as tensións de comprensión son tipicamente moi baixas nas construcións de fábrica tradicionais e xeralmente o material non fallará por comprensión. Polo tanto, pódese considerar a fábrica como un material ríxido e infinitamente resistente a comprensión. Finalmente, o coeficiente de rozamento entre as pedras é moi alto; as pedras non deslizan e, polo tanto, as estruturas de fábrica manteñen a súa forma e o fallo por deslizamento non é posible (por suposto as pedras deben ter unhas dimensións mínimas; é imposible construír un muro de area).

Como consecuencia do carácter unilateral do material, é posible que se produza un agretamento ou fractura do estribo durante o colapso, do mesmo modo que acontece coas torres inclinadas. No equilibrio inestable, xusto antes de volcar, parte do estribo permanecería apoiado na base e formaríase unha superficie inclinada de fractura. Monasterio deuse conta de que a rotura do estribo no colapso afectaría as cargas de colapso do sistema bóveda-estribo, e concentra o seu estudio neste aspecto xeral, considerando un aparello isódomo de pedras iguais e mantendo constante a inclinación da fractura.

Aquí en Guimarei, hai unha nave cuberta con bóveda de canón e dividida en tres tramos por arcos perpiaños. O último tramo, aos pés da igrexa, presenta un coro e no arco do coro está escrita a que pode ser a data de terminación deste segundo corpo: 1699. Ademais, hai unha sancristía, e nos contrafortes do leste da cabeceira quedan enxarxes que parecen indicar a existencia doutro corpo anexo, hoxe desaparecido. Da inspección da sillería exterior dedúcese que os catro grandes contrafortes centrais (B), así como os outros catro pequenos (A), foron engadidos con posterioridade ao muro exterior e ao resto de contrafortes: as fiadas horizontais presentan unha discontinuidade que só parece ter esta explicación.

Todas as patoloxías aparecen na nave e na súa unión coa cabeceira (arco toral e muro superior). Todas elas corresponden, ademais, ao mesmo tipo de movemento: o sistema de contrarresto da nave cedeu, a luz da bóveda aumentou e esta agretouse para adaptarse ao movemento.

---

92 Huerta López, Santiago: *The safety of masonry buttresses*. Departamento de Estructuras de Edificación. Escuela Técnica Superior de Arquitectura. Universidad Politécnica de Madrid, p.27.

Chegados a este punto, plantexámonos se é posible que houbera unha nave renacentista que foi suplida no barroco pola actual, provocando desaxustes ao non poder adaptarse a bóveda do testeiro cadrangular ao corpo de naves. O testeiro é idéntico ao das Neves, o da igrexa de Santa María de Taboexa que analizaremos máis adiante.

### 3.10.6. *Posible historia das patoloxías*

O sistema construtivo da cabeceira é gótico: unha bóveda de crucería estrelada, en forma moi aproximadamente de bóveda baída, na que os nervios serviron de cimbra permanente durante o peche da plementería. O espesor dos plementos é o mínimo construtivo (uns 15 cm. é a medida habitual). Trátase, pois, dunha construción lixeira que precisa pouco contrarresto. Os construtores góticos adoitaban empregar unha regra xeométrica para dimensionar os estribos: dáse como espesor do estribo o cuarto da luz libre que cubre a bóveda. A regra cúmplese aproximadamente neste caso.

O construtor da nave decidiu continuar a obra cunha bóveda de canón seguido con arcos perpiaños a intervalos. Para o contrarresto decidiu empregar a mesma proporción ca existente na cabeceira gótica: o espesor do muro e dos estribos orixinais que permanecen teñen a mesma dimensión. Isto deu lugar a un grave erro. Unha bóveda de canón empurra moito máis que unha bóveda de crucería e as regras do século XVII para bóvedas de canón daban sistematicamente, alomenos, un tercio da luz aos estribos (véxase, por exemplo, Frai Lorenzo de San Nicolás (1639); para unha discusión completa das regras estruturais, Huerta, (1990)).

Quixo aplicar unha regra gótica a unha estrutura que non o era. Temos noticias de ruínas e desplomes debido a esta aplicación indebida de regras estruturais a tipos distintos. Dada a insuficiencia dos estribos “góticos” para a bóveda de canón, con toda probabilidade estes comencaron a ceder nada máis descimbrar (ou quizá, sinxelamente ao baixar as cimbras sen chegar a descimbrar de todo); a estrutura foi apeada de inmediato e colocáronse os grandes contrafortes que existen na actualidade. Que isto foi así, o próba a inclinación horizontal das fiadas e o perfecto axuste da sillería dos contrafortes, cortados os cadeirares coa inclinación do muro. De feito, as gretas e desplomes presentes na obra proceden con toda probabilidade desta época.

Con tantas equivocacións e erros na fábrica, debemos cuestionarnos se a igrexa de Guimarei é ou non obra dun discípulo de Rodrigo Gil de Hontañón, ao que lle supoñemos mestría por aprender dun dos grandes; cabe a posibilidade de que a bóveda de Guimarei a estivese realizando un canteiro vizcaíno do século XVI que estaba remodelando a torre de homenaxe de San Paio de Narla. É algo arriscado, precisamos máis probas e argumentos que asenten a nosa teoría.

### 3.10.7. *Posibilidades construtivas do arco*

No caso de Guimarei, atópamonos con arcos perpiaños baixo unha bóveda de canón de sillería. É habitual que un arco soporte un muro de sillería. Se o arco se deforma debido a unha apertura dos seus estribos o muro superior ten que acomodarse a este movemento e, para elo, ten que agretarse. Este fenómeno é o que se produciu no arco toral de Guimarei e as gretas son evidentes dende o exterior. Ao ceder os apoios fórmanse dúas gretas inclinadas a cada lado do eixo do arco que illan unha sorte de triángulo sobre a clave do arco.

Medíronse os desplomes dos muros a ambos lados, así como apertura das grietas na clave do arco. Os desplomes nos muros producen un incremento da luz nos apoios da bóveda e arco perpiaño, que se adaptan ao movemento por formación de articulacións. A secuencia é:

O arco adintelado do coro terma de sí mesmo, neste senso produciuse un certo deslizamento, debido ao corte vertical das caras da doela central. Esta disposición é inusual, vai en contra das regras da boa construción e abona a hipótese xa exposta da falta de pericia do construtor da nave da igrexa. Co cal non pode ser un mestre ou discípulo dos talleres hontañonianos porque a estes supónselles maior pericia e destreza. Pero, tamén se pode dar o caso de que a bóveda fose construída por outro arquitecto, xa que



sabemos que a nave é autoría de Amaro da Ponte. Comete moitos erros construtivos. Polo mal deseño do corte da clave, calquer movemento ou temblor provoca descensos na fábrica.

Constatamos a presenza dun desplome límite para os estribos que soportan un arco ou unha bóveda de canón. O proceso de movemento dende pequenas deformacións ata o afundimento da bóveda é difícil de coñecer con exactitude. Sería preciso saber, en primeiro lugar, arredor de qué punto están xirando os estribos. Dado que este xiro se produce debido a unha consolidación diferencial do terreo, é máis que probable que o xiro vaia acompañado de descensos e que, asemade, en cada momento o centro do xiro sexa distinto. Así pois, un estudo teórico detallado requiriría un coñecemento das condicións da contorna, difícil e incluso imposible de obter. En calquer caso, ese coñecemento sería efímero, dado que as variacións no contido de humidade, pequenos temblores e outros factores imprevisibles producirían cambios notables no comportamento do chan.

Non obstante, se ben o coñecemento do proceso de afundimento é difícil, é posible conter valores límite das deformacións, que son moi insensibles aos movementos intermedios. Esta afirmación pódese comprobar buscando as deformacións límite para situacións moi distintas; por exemplo, supór que só se move un dos estribos, primeiro, e logo supór, que se moven os dous, etc. Pode suceder que o estribo non sexa quen de soportar o empuxe da bóveda. Actualmente, a construción é segura, todo apunta a que as deformacións actuais existen dende a construción dos grandes estribos pero é moi recomendable tomar medidas que impidan nun futuro o aumento do desplome destes. As conclusións definitivas requiren un estudo de estabilidade para a xeometría sen deformar e para a xeometría actual deformada. O estudo da xeometría orixinal cos contrafortes góticos aportará máis datos ás hipóteses sobre a orixe das patoloxías, namentres que a análise da xeometría deformada permitirá establecer a seguridade da estrutura na situación actual. En ambos casos supórase que o plano de cimentación sobre o que se apoian os estribos está perfectamente consolidado. Pero supoñemos que os estribos cederon lixeiramente e que, polo tanto, a liña de empuxes adopta a súa posición máis peraltada e estamos ante un problema isostático ao quedar definida a liña de empuxes e poder virse a estrutura abaixo, ameazando colapso.

Analizando conxuntamente o tramo central e o coro e creando un tramo "tipo" detéctase que, hipoteticamente, os nichos alixeiran o muro nun dos lados do tramo central, supónse que están presentes a ambos lados o cal xera un ambiente de seguridade. No caso do coro está carente de nichos, pero o seu peso é escaso (o arco térmase de si mesmo) e isto da un balance compensatorio ao conxunto da edificación. En canto aos contrafortes, fálase dun goticismo nos da cabeceira e apenas se deixa entrever de que estilo son os restantes, quizais de construción máis actual e recente, tendo os estribos (alixeirados polos nichos) unha función crucial ao contrarrestar os empuxes.

O punto de tanxencia das liñas de empuxes define a posición das articulacións, isto das gretas, que na clave ábrense cara abaixo e nos riles cara arriba, no caso de arcos e bóvedas de sillería a greta adoita formarse na xunta máis próxima á posición teórica. A posición destas articulacións para pequenos desplazamentos permanece fixa, podendo variar lixeiramente en grandes desplazamentos (particularmente cando estes van acompañados de xiros). Na zona da bóveda, as gretas ábrense cara a zona de recheo; non obstante, a existencia de gretas nos riles da bóveda puido comprobarse ao desmontar parcialmente a teitume para ver a súa estrutura, contáronse os cadeirares e puidose comprobar que a súa situación coincidía moi aproximadamente coas do perpiaño. A resultante do empuxe do arco e a bóveda debe ser resistida polo contrarresto do estribo que forma o muro máis o contraforte, dando un problema na estrutura que parece ter unha única solución que varía en función da unión do contraforte co muro, se esta é perfecta ou se, pola contra, o contraforte forma un estribo coa parte de muro adxacente; os muros aos lados presentan unha unión feble co devandito estribo. Finalmente, outra opción que se da é a do muro dunha peza e a él adósase o contraforte.

Cal sexa o modo de comportamento do sistema depende, fundamentalmente, da forma e calidade da construción. Dende o punto de vista da estabilidade non é un asunto trivial; o contrarresto que oferta o sistema varía moi sensiblemente segundo estemos nunha situación ou noutra, é dicir, dependendo

da construción (ou do estado interno da fábrica) a resistencia pode reducirse á metade ou a un tercio, para a mesma xeometría.

No caso de Guimarei, os arquitectos consideraron, en principio, que a traba do muro e contraforte é suficientemente boa como para falar dunha situación precaria, mesmo incluso falando dunha situación favorable para o estribo, pero sen esquecer a concentración de tensións que probablemente a fábrica pode resistir, pero que causaría no terreo debaixo da cimentación unha consolidación diferencial que faría xirar todo o estribo cara fóra. Isto é, sen dúbida, o que aconteceu nada máis descimbrar (ou nun período de tempo moi breve); a situación de estabilidade era demasiado precaria como para manterse moito tempo. A estrutura foi apeada, pero xa cunha deformación permanente e, con posterioridade, engadíronse os grandes contrafortes que hai na actualidade.

### **3.10.8. Planificación da construción: pasos a seguir**

Elíxese un sistema de planos que pasa por puntos homólogos da xeometría orixinal anterior. O aumento do empuxe e, en particular, a maior inclinación, requiren unos contrafortes considerablemente maiores aos precisos para a xeometría orixinal sen deformar. Así, se para o último caso, a proporción habitual para o estribo é de 1/3 da luz, os contrafortes colocados conducen a unha proporción de 1/2,5.

Finalmente, estudouse o empuxe que produce o arco do coro que, pola súa magnitude e posición (na metade inferior do estribo), apenas inflúe na posición da liña global de empuxes.

O arco toral presenta tamén unha patoloxía debida aos desplomes do sistema de contrarresto. Estes desplomes son, sen embargo, considerablemente menores aos presentes na nave. Debuxouse unha liña de empuxes para o arco toral e o seu sistema de contrarresto considerando que contribúen á estabilidade das partes correspondentes do muro da cabeceira e a nave; malia que as deformacións son inferiores ás da nave, son suficientemente considerables como para ter que realizar unha nova análise para a xeometría deformada. A fábrica é estable (e probablemente leva case 200 anos con esta estabilidade), pero o valor da estabilidade é lixeiramente inferior ao recomendado. A situación, sen embargo, está inda confortablemente afastada do colapso.

### **3.10.9. Consideracións sobre a seguridade: medidas de intervención.**

A seguridade da igrexa de Guimarei depende do funcionamento dos grandes contrafortes engadidos. Que estes dan á igrexa, na actualidade, unha estabilidade suficiente demostra, sinxelamente, que a igrexa leva en pé sen presentar movementos apreciables dende a súa colocación (as fiadas da sillería dos contrafortes permanecen sensiblemente horizontais). Sen embargo, a medida da estabilidade está un pouco por debaixo da considerada tradicionalmente idónea por construtores e arquitectos para este tipo de construcións. Asemade, hai dúas preocupacións que poderían iniciar un movemento que conducira á ruina da bóveda da nave como,

1. correntos e cambios nas propiedades do chan que poderían ameazar con arruinar a bóveda da nave,
2. o papel dos contrafortes que depende de forma crítica da traba entre estes e o muro.

Neste senso hai motivos de preocupación. A teitume, en mal estado, permitiu a entrada de auga na igrexa e tamén nos muros (como o testemuñan o verdín e as manchas de humidade que aparecen practicamente por todas partes). A auga pode ter comenzado a disolver o mortero de cal que faría amoldarse mellor a mampostería que forma o núcleo do muro. Ademais, os desplomes da cara exterior e interior non coinciden; isto pode proceder da primeira época antes de colocar os contrafortes (é o máis probable); en caso contrario, suporía que existe nos muros un agretamiento vertical que os debilitaría considerablemente sumou, así mesmo, a parte proporcional do empuxe que produciría a bóveda de cruceira da cabeceira.

Desta forma, fíxose o seguinte no proxecto de consolidación do ano 1995: en primeiro lugar estabilizar de forma definitiva a xeometría actual, deformada pero suficientemente estable; en segundo lugar, consolidar muros e contrafortes. A deformación débese a un desplome cara afora dos muros por insufi-

ciente contrarresto orixinal. Para estabilizar a xeometría, habería que impedir que o devandito desplome aumentara. Hai varias solucións posibles, pero parécenos a máis axeitada colocar tirantes de aceiro. A colocación de tirantes presenta as seguintes vantaxes:

1. Economía
2. Sinxeleza de execución.
3. Reversibilidade. Se nalgún momento se decidira eliminar os tirantes poderíase facer con unha intervención mínima e a fábrica voltaría ao seu estado anterior.
4. Seguridade. Unha vez colocados, e debidamente ancorados, o desplome dos muros non é posible, e desaparece o perigo de afundimento por esta causa.
5. Tranquilidade visual. Os tirantes vistos, evidencia dunha actuación de consolidación, tranquilizarían ao visitante.

### 3.10.10. *Esppecificidade das medidas.*

Estudouse o efecto de colocar un tirante a 6,40 m. do chan da igrexa, isto é, a uns 30 cm. por debaixo das liñas de articulación no trasdós da bóveda. Nesta situación, un tirante que resistira 6,40 toneladas centraría os empuxes dentro do estribo dando lugar a unha nova liña de empuxes máis favorable. No arco e muro toral parece máis axeitado colocar o tirante dentro do muro, pasando uns centímetros por encima da clave do arco para non estorbar a visión do altar e o retablo.

Colocado o tirante procederáse á inxección da lechada de morteiro. A chapa de ancoraxe deberá levar un dispositivo (quizais unha tuerca) que permita introducir un esforzo de 1 tonelada, para dar unha certa precompresión á fábrica circundante.

Coa colocación dos tirantes, a traba entre o muro e o contraforte non é tan crítica para a estabilidade. Non obstante, parece moi convinte consolidar uns muros e contrafortes que teñen un núcleo de mampostería moi probablemente degradado pola entrada da auga, que foi disolvendo o antigo morteiro de cal.

### 3.10.11. *Conclusiones*

Resúmense a continuación as principais conclusións:

- Orixe das patoloxías, débese á insuficiencia dos contrafortes orixinais. En consecuencia os muros comezaron a desplomarse, abríndose gretas na bóveda da nave, nos arcos perpiaños e no arco toral.
- Situación actual: para deter o movemento colocáronse, moi probablemente inmediatamente despois do descimbramento, os grandes contrafortes actuais. A xeometría xa estaba deformada e as patoloxías remóntanse a esa época. Non parece ter habido movementos apreciables con posterioridade, como o demostra a horizontalidade das xuntas da sillería dos novos contrafortes.
- Estabilidade; a igrexa na súa situación é estable, cun coeficiente de seguridade lixeiramente inferior ao recomendado tradicionalmente. Non obstante, novos movementos ou unha maior degradación da mampostería do núcleo dos muros, poderían conducir a unha situación crítica.
- Recomendacións de intervención: deberán ir encamiñadas a estabilizar a xeometría mediante a colocación de tirantes de acero inoxidable, e a consolidar os muros e contrafortes da nave por inxeccións de morteiro.

## ➤ 4. Desglose informativo sobre a parroquia e santuario de Guimarei

A parroquia de Santa María de Guimarei é unha das cinco que compoñían a antiga xurisdicción de “Torre de San Paio de Narla”, bispado de Lugo, arciprestado de Narla- Parga- Gaioso. Anexo antano a Xiá e, anteriormente, ao igual que na actualidade, de Vilalbite e Guldriz.

Segundo o catastro do Marqués da Ensenada:

“Tendría de levante a poniente  $\frac{1}{4}$  de legua e norte a sur o mesmo; confinando por Levante con Sta. María de Vilafiz, por poniente con San Martiño dos Condes, norte con Santiago de Guldriz y sur con Santa María de Pacios”<sup>93</sup>

O diccionario Catastral de Pascual Madoz del año 1850, descríbea como:

“Guimarey (Santa María, de); felig. en la prov. dióc. y part. Jud. de Lugo (3 leg) y ayunt. de Friol (3/4). Sit. en paraje desigual con buena ventilación y clima frío, pero sano; comprende los de Abrigueiro, Guimarey y Meigonte que reúnen 16 casas de pocas comodidades. La igrexa parroquial (Santa María) es anejo de Santa María de Giá. El térm. confina por N con Santiago de Guldriz, por E. con Santa María de Vilafiz; por S parte con la de San Juan de Pregación y San Román da Retorta, y por O con San Martiño dos Condes extendiéndose por Donde más  $\frac{1}{4}$  de leg.; tiene fuentes de buena agua y le baña un riachuelo que tiene su origen en el mismo término y con otros afluentes va a formar el río Lobengos que corre a la parroquia de Devesa. El terreno arcilloso y de mala calidad: sus montes que llevan el nombre de los citados y otro denominado para el consumo y pocos pastos”.

“El camino que se dirige a la capital del partido y los vecinales se encuentran en estado regular, y el correo se recibe de Puente Ferreira. Produce centeno, patatas, avena, trigo, lino y legumbres; cría ganado vacuno, lanar y de cerda; se cazan liebres, perdices y otras aves de monte. Ind. la agrícola, la arriería y algunos molinos harineros. Celebra feria en la cuál se beneficia algún ganado y se surte de lo que necesita. Pobl.: 16 vecinos, 82 almas. Contr.: con su ayuntamiento”.

Tense constancia como veciño deste lugar de D. Francisco das Seixas e Ulloa, fidalgo notorio e de sangue, fillo lexítimo de D. Rodrigo López das Seixas e Ulloa, agora difunto, e da súa muller D<sup>a</sup> Isabel Pardo Ribadeneyra; e neto por parte paterna de D. Francisco das Seixas e da súa muller, agora difuntos, veciños que tamén foron de Guimarei. E que tamén deixou a D. Francisco no estado de fidalgo, como o foi o seu pai e avó e tamén outros que o nomearan, sexan gardando as franquicias reais<sup>94</sup>.

A orixe deste santuario temos que buscala na especial devoción dos veciños de Friol á Virxe María, constatada non só pola adicación de igrexas como a de Xiá ou capelas como a das Pardellas, ao que se suma a lenda popular da Virxe que se aparacera no campo de Guimarei para pór paz nunha confrontación fraticida.

É pois santuario mariano cargado de lendas piadosas e xurdidas xunto á antiga que pregonan ben ás claras, que son os mecenas deste templo que se ergue polas súas devocións. E dentro desta familia temos en primeiro lugar ao cabaleiro:

Don Nuño Sánchez de Berbetoros (u Baamonde), Dono entre outros patrimonios da Casa de Virís de Begonte que herdara o seu sobriño. O 13-6-72 merca o lugar e caserío de Rosende (feligresía de San Vicente de Paradela- Concello de Paradela) a Bartolomé Nieves, veciño de Portomarín, segundo escritura pasada ante escribano desta vila Rodrigo González. En 16-6-1590, segundo testemuña de Pedro González de Parga; outro veciño de Portomarín, Pedro Díaz de Páramo, véndelle a metade do lugar chamado da Fonte, que pertencera a Fernán Ares de Sarria, e que se atopaba encravado na xurisdición daquela antiga encomenda.

Por outro lado, na provisión de prazas do Convento das Agustinas de Lugo, atopamos algúns datos xenealóxicos importantes, así temos que a...

“Segunda de las plazas sería para os parientes de Dña. Isabel de Losada, que lo fueran por parte de su madre D<sup>a</sup> Sancha Taboada, teniendo en el momento de la redacción de este documento la primacía D<sup>a</sup> Luisa

93 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.81.

94 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.83.

*Osorio, sobrina de Dña. Isabel mujer de D. Juan de Montenegro, para ella y para sus hijas, y después de ocupada la primera vez, la vacante sería para una nieta, hija de varón, de D. Diego de Berbetouros, hermano de Dña Isabel de Losada. Las siguientes plazas serían cubiertas por las hijas y descendientes de Luisa Osorio, y en caso de no tener esta señora descendencia, pasaría a los hijos de D. Diego de Berbetoros, y en acaso de acabarse esta sucesión, pasaría el derecho de presentar al Sr. de la Casa de Friol, origen de la descendencia de Dña. Isabel” (este D. Diego a quien llamaremos “o Nobo” confúndese moitas veces con outro antepasado do que temos algún dato procedente da documentación do século XVI)<sup>95</sup>.*

Na capela agustina de Guimarei, hai unha cartela colocada que di:

“A LA MEMORIA DE D. ANDRÉS

ANTONIO BERBETOROS SR. DE LA VILLA DE PUERTOMARÍN I  
CAVO MILITAR DE SUS BASALLOS I SU MUGER

DOÑA INÉS DE MONTENEGRO Y NEIRA

SUS DESCENDIENTES MANDO HACER A SU COSTA Y POR SU  
DEBOCION ESTA CAPILLA MAIRO CON SU SACRISTÍA I COLATERAL

ES LA HERMOSURA I ONRA GRANDEZA DE MARÍA  
SANTISIMA SEÑORA NUESTRA AÑO DE 1689”

Don Andrés casouse con D<sup>a</sup> Inés de Montenegro Páramo y Neira, filla de D. Pedro de Páramo e de Dona Isabel Santiso e Neira, irmá esta do Ilustrísimo Sr. D. Diego Osorio y Llamas, bispo e virrei de México<sup>96</sup>.

Este santuario adicado a Nosa Señora das Angustias, ou da Piedade, foi fundado por un membro dunha familia que tiña unha especial predilección pola orde de San Agustín.

Por eso, ademais da obra física de construción do propio santuario, preocupouse da continuidade das súas devocións e esta inqueda viuse materializada en forma dunha irmandade denominada “Irmandad de los devotos de Nuestra Señora” e con este nome de “devotos”, eran coñecidas popularmente as irmandades pertencentes á Orde Terceira Agustina.

Esta irmandade contou dende un principio con multitude de mandas e legados testamentarios. Ténse constancia, alomenos, de dous testamentos con legados a Nuestra Señora de Guimarei, así como outras mandas que se atopan en diversas documentacións particulares. Isto da unha idea da importancia que o Santuario tivo no seu momento e que o levou a constituir un importante patrimonio de fincas urbanas e rústicas, entre as que estaba, próxima á fábrica principal, unha casa denominada “dos Devotos” ou casa da irmandade, e outra nomeada “do Auditorio” onde se redactaron parte dos documentos. Un destes libros denominado “Libro de Nuestra Señora”, contiña todo o relativo á historia do Santuario.

A primeira das conclusións é que a irmandade dos Devotos de Nuestra Señora, adscrita á orde terceira de San Agustín, estaba constituída por nobres da zona e persoas do estado xeral, tendo como capelán ao párroco da feligresía e, asemade, un administrador laico que se encarga ademais do control das obras. O administrador que figura na documentación consultada, nas postremeiras do século XVII, era Don Rodrigo López das Seixas e Ulloa.

95 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.87.

96 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.88.

Sabemos tamén que as obras da Capela Maior son costeadas pola casa de Berbetouros, parentes dos Señores da Torre de Friol, o mestre de obras da cal, parece ser que foi o que ampliou a torre e edificou esta igrexa<sup>97</sup>.

Outro feito que se constatou pola documentación atopada é que tras a devandita capela estaba emprezada a antiga igrexa parroquial, que é de supoñer fose de estilo románico, e que era de presentación da casa de San Paio de Narla (=importante vencello ou vinculación).

Completaban o conxunto, ademais, a casa da irmandade, coñecida como “casa de los devotos de Nuestra Señora”, a xa mencionada do Auditorio e fronte á mesma, unha casa adicada ao estanco, propiedade de D. Rodrigo López das Seixas. Ademais destas casas, cóstanos a existencia doutra destinada a cantina e outra máis destinada á ferrería.

#### 4.1. A autoría ou atribución dunha obra

O encargado da construción do santuario será o mestre de obras pontevedrés Amaro de Campo. Del pouca cousa sabemos, unicamente que se sitúa na esfera dos mestres de obras de transición do renacemento ao barroco, e que era discípulo de Melchor de Velasco, encargándose sobre todo da dirección de obras menores do mesmo. Así, atopámolo traballando no Baixo Miño en obras que influirán de forma notable na realización desta igrexa de Guimarei, que podemos considerar a súa última obra e que non chegará a concluír<sup>98</sup>. A primeira cita de Amaro de Campo atópamola con relación a algúns templos do actual Concello de As Neves en Pontevedra.

A edificación das Neves remóntase ao 1668, a raíz da aparición da Virxe a un neno da zona. Ao redor da súa fermosa torre piramidal escalonada foi medrando a vila de As Neves. É obra do arquitecto cántabro Melchor de Velasco que terá como axudante ao canteiro Amaro de Campo ao que vemos tamén relacionado coa cercana igrexa parroquial de Santa María de Taboexa, neste mesmo concello de As Neves. Esta última pódese considerar o modelo para a traza seguida en Guimarei. Era presentación dos Condes de Mos que ordearon o comezo das obras de reedificación cara o 1544 sobre a primitiva fábrica románica existente. Obra erguida e modificada por etapas o que dá esa impronta de transición da arte renacentista ao barroco e nas cales intervéñ Amaro de Campo como mestre de obras.

Esta igrexa marcará as pautas a seguir na igrexa de Guimarei no que atinxe aos seus trazados arquitectónicos e decorativos como podemos ver pola súa cuberta abovedada formada por arcos de medio punto similares aos da capela maior de Guimarei, así como polos contrafortes e os canóns de desaugue<sup>99</sup>.

En canto á imaxinería, as antigas imaxes desapareceron nunha época que non é doada de precisar pois polo libro de fábrica sabemos que durante a Guerra Civil da Independencia, o templo foi saqueado e incendiados parte dos edificios colindantes, así como algunhas imaxes, sen embargo, e segundo os comentarios escoitados no propio lugar, consta a existencia de dúas imaxes de Santos bispos que, segundo outras fontes consultadas, podían ser Sto. Tomás de Villanueva (da orde agustina) e o propio San Agustín<sup>100</sup>.

A imaxe titular do Santuario correspóndese coa Nosa Señora das Angustias. Dedúcese que se trataba dunha Piedade. A dedución é, por unha parte á vista das dimensións do camarín existente no retablo maior, máis ancho que alto que, unido aos datos do libro de fábrica no que se menciona “*un vestido de cordobán*” (unha especie de coiro repuxado) propio pola súa textura de imaxes que adoptan

---

97 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.92.

98 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.92.

99 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.93.


100 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.93.



unha forma triangular, así como a existencia de “los Tapapiés” que se destinaban a tapar parte dunha anatomía espida.

Todos estes indicios lévannos a pensar, que se trataría dunha Virxe das Angustias ou Piedade que figuraría sentada e co fillo no seu colo (outra representación das Angustias representa á Virxe cos brazos abertos e unha daga clavada no seu peito podendo verse tras ela unha cruz baleira e cuberta coa saba do descendemento). Por outra parte, os retablos laterais estaban adicados á Inmaculada (imaxe que se conserva na actualidade) e ao Apóstolo Santiago (vese a advocación mariana nunha das claves da bóveda “AV” da igrexa de Guimarei)

#### 4.2. Outras dependencias



Fonte: Material de documentación da Cofradía de Santo Apóstolo de Santiago, cedida polo párroco de Guldrid, D. Antonio.

**Casa de Nuestra Señora:** ubicada nas inmediacións do templo parroquial, áchase un conxunto edificado, ao cal nos documentos se lle dá o nome de “casa de Nuestra Señora”. De todos eles sobresae o inmediato ao camiño pola súa esmerada construción, tanto exterior como interior. Destaca na súa fachada principal, orientado ao sur, un balcón volado que descansa sobre airosas ménsulas, cuberto por un pequeno telladiño soportado<sup>101</sup> por dúas columnas de sección prismática e decoradas con motivos do denominado barroco de placas. No seu interior e fronteira á porta de acceso, unha escalinata de pedra que dá acceso ás dependencias da planta alta, nunha das cales atopamos un armario empotrado realizado con cadeirares de granito, no cal, cremos estivo o arquivo. En 1782 figura como arrendatario do Casal de Nosa Señora, Juan Cao.

**O pesillo de fábrica fálanos tamén dun curioso costume denominado “pesillo de Nuestra Señora”.** Tradición moi arraigada nos santuarios agustinos. O chamado “pesillo” consistía na entrega do equivalente ao peso dun neno ofrecido á Virxe, en aceite ou cereal.

**Capela da Virxe ou Igrexa Vella:** situada nas inmediacións do templo, mencionase en Visitas de 1800 e 1804.

101 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.95.

**Cruceiro:** desapareceu en 1936.

**Os restos da calzada Lugo-Sobrado:** atópanse baixo a actual pista.

O antepeito da rexa da capela maior, atópase fraccionado e reutilizado como linteis nunha das edificacións do campo da feira, conservándose na igrexa solamente os arranques laterais<sup>102</sup>.

O certo é que cando o diñeiro se pón ao servizo do talento resulta practicamente seguro o xurdimiento da obra de arte. O de menos é o tema ou o argumento, o estilo ou a técnica, o soporte ou a materia prima, o campo ou as condicións de traballo. O importante é a obra de arte, que aparecerá radiante en calquer momento.

Claro que non sempre, nin en tódolos campos, o talento ou a inspiración precisan do diñeiro para acadar a éxtase creativa; pero si é precisa a converxencia dos dous factores para que a arte -as obras de arte- se convirta en referente de identidade e fonte de vida espiritual dunha sociedade nun entorno e momento dados.

Agora ben, tampouco debemos plantexarnos sempre a figura dos mestres como meros traballadores manuais. Ao longo dos séculos XV e XVI, atopamos figuras sobresaíntes que, sen chegar á situación cultural de moitos artistas do Renacemento italiano, posuíron unha certa bagaxe formativa. Non hai dúbida de que Juan e Simón de Colonia non foron só “artesáns” mecánicos da arquitectura, capaces de solucionar exclusivamente coa práctica os problemas que se lles plantexaban. Deberon posuír coñecementos de xeometría, matemáticas e, quizais, incluso ciencias humanas. Á que tamén se debe de extrapolar ao arquitecto de Guimarei pola súa pericia á hora de erguer a bóveda. A pesares disto, a cultura teórica dos artistas foi, na meirande parte dos casos, mínima.

Ata esa época, a cultura visual era, igualmente, reducida e fundamentábase nas obras que tiveron a oportunidade de coñecer as obras nos territorios do entorno, pois foron poucos os que desenvolveron grandes viaxes que lles permitiran ampliar os seus horizontes estéticos; pero a chegada de artistas estranxeiros e os formados fóra, incrementaron as súas posibilidades inspirativas o que contribuíu a que os repertorios de formas e de solucións técnicas iniciaran un interesante proceso de adaptación aos novos usos europeos. A aparición da imprenta e o gravado favoreceu a rápida difusión de modelos, xa dende o último cuarto do século XV documentamos a utilización de gravados por pintores e escultores. A partir do século XVI, o coñecemento polos autores de estampas italianas foi esencial na difusión dos novos motivos ornamentais e das composicións de grandes mestres europeos, como Rafael, que tivo en Marco Antonio Raimondi un dos seus principais propagadores.

Outra constante foi a chegada de tratados de arquitectura como Serlio, Palladio, Vignola, etc. que malia que non foran entendidos na súa parte textual, ao estar escritos en italiano e algúns non traducirse ata datas avanzadas, podían ser empregados como fonte inspirativa por ir acompañados dun enorme repertorio gráfico. Grazas a todo isto, produciuse, dende finais do século XV, unha posta ao día dos mestres burgaleses en relación coas transformacións da arte europea, o que repercutirá no foco salmantino que chegará radiando a Galicia e centralizándose en Santiago de Compostela.

Aí, en Santiago, establécense os obradoiros, os “talleres” con dobre acepción e perspectiva. En primeiro lugar, como ámbitos físicos nos que se desenvolven as tarefas productivas e, en segundo lugar, como conxunto disciplinado de profesionais organizados en torno á figura dun mestre, caso de Guimarei. Os grandes mestres tiñan ás súas ordes a múltiples axudantes que traballaban dun xeito ou doutro nas obras (como puido acontecer na fábrica de Guimarei) como oficiais e aprendices. Os primeiros recibían un soldo, mentres que os segundos contentábanse con ter cubertas as necesidades vitais e recibir a información precisa que lles permitira, nun futuro, actuar como oficiais, ou incluso mestres. O labor dos responsables dos talleres foi en moitos casos, exclusivamente, a de deseñar a obra, contratala e dirixir o proceso construtivo, controlando que as partes que lles encargaban aos artífices que estaban baixo a súa responsabilidade se executaran conforme aos modelos e á calidade que se lles esixía. Este puido ter sido o *modus operandi* de Guimarei, quizais a bóveda foi trazada por Rodrigo Gil de Hontañón pero edificada

---

102 Abel Expósito, José Manuel: Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano nº38 (Vol. XIX), Lugo, 2009, p.95.

e erixida por un discípulo seu, sen necesidade de estar presente o mestre. Certo é que os artistas non limitaron o seu radio de acción ás grandes cidades senón que o estenderon a outros pobos de inferior categoría, onde sobre todo os centros monásticos lles daban toda clase de medios, para exercitar a súa profesión respectiva.

Falar dun autor para a bóveda de Guimarei é un tanto arriscado, recurrido á lectura de Pérez Constanti, atopamos a varios artistas traballando en Galicia, como Gaspar de Arce Solórzano que traballou na catedral de Lugo, pero descartado pola súa falta de mestría para erguer un sistema de abovedamento tan complexo como o de Guimarei.

Outro mestre de cantaría é Pedro Artiaga quen en 1570 tiña ao seu cargo a obra das casas consistoriais da cidade de Mondoñedo<sup>103</sup>, por tanto movíase na provincia de Lugo afastado do tentador foco artístico que supoñía Santiago de Compostela. É indubidable a importancia de atracción de primeira orde, en Lugo tivemos o caso de Monforte de Lemos que atraeu a mestres tan importantes como Diego de Isla, natural da terra de Bizcaia, que traballou nos últimos anos do século XVI<sup>104</sup>. Quizais tamén merece a pena salientar a Pedro de Morlote, mestre de obras, veciño do lugar de Secadura, no correximento de Laredo (Santander) e que traballou en Mondoñedo<sup>105</sup>.

Tense constancia doutro artista relevante como foi Juan de Náveda, quen estando ao seu cargo en 1577 as obras de “la puerta vieja de Betanzos” e tendo rematado en mil cen ducados as da ponte de Cigarrosa, despachose previsión en 20 de agosto de dito ano pola audiencia de Galicia que residía en Ourense, para que a Náveda se lle recibisen finanzas, o que así tivo efecto en Lugo a 26 do referido agosto<sup>106</sup>. En 1579 (4 de febreiro) fixo contas co rexidor da propia cidade de Lugo, Juan Rodríguez de Parga, en nome de aquel concello, do que se lle debía, do compartido á mesma e a súa provincia para as obras da devandita ponte de Betanzos.

Traballando, tamén en Lugo, temos a Hernando de la Portilla, mestre de cantaría, quen correu coas obras de construción do Seminario de Lugo, fundado en 1594 polo bispo D. Asencio de Otaduy, segundo trazas e condicións feitas polo irmán da Compañía de Xesús, Andrés Ruiz<sup>107</sup>. Xunto a el destacamos, de igual xeito, a Juan de Seara, veciño de Monforte de Lemos, e a Lope de la Sota Carriazo. Este último, residindo en Lugo en 1587, otorgou un convenio (22 de outubro) con Pedro Vázquez de Vaamonde, veciño da dita cidade, para facerlle un cruceiro de pedra “*un poco más acá de la igrexa de señor Santamoro sito en la feligresía de San Andrés de Castro, en el camino real que viene de la dha igrexa para esta ciudad (Lugo)*”.

Sobresae outro tracista, Bartolomé de Hermosa Alvear, como fiel herdeiro dunha trama da escola de cantaría montañesa dependente dos prototipos de Gil de Hontañón, inicia a súa actividade fóra de Cantabria, en Galicia, para, despois, regresar á súa terra co oficio perfectamente aprendido. Pero básicamente, debemos falar de dúas sagas como as principais sagas de arquitectos do tardogótico español, de procedencia montañesa: os Gil de Hontañón e os Rasines.<sup>108</sup>

Analizando estilisticamente a bóveda, pódese pór en relación cos talleres hontañonianos de Rodrigo Gil de Hontañón, pois obsérvanse características típicas da súa factura e indicativas da súa presenza directa ou indirecta. Tendo en conta que a entrada de Rodrigo Gil de Hontañón se fixo dende Zamora, dirección Lugo cara Santiago de Compostela, non é desatinado de todo pensar que algún dos seus discí-

103 Pérez Constanti, Pablo: *Diccionario de artistas del século XVI y XVII en Galicia*. Consellería de Presidencia e Administración Pública. Servicio central de publicaciones, Santiago de Compostela, 1988.-

104 IDEM, p.503.

105 IDEM, p.347.

106 IDEM, p.406.

107 IDEM, p.448


108 Polo Sánchez, Julio L.: *La arquitectura tardogótica castellana entre Europa e América. El modelo hal lenkirchen en Castilla*. Editorial Cedro, Madrid, 2011, p.302.

pulos ou el mesmo que, tras visitar as obras, delegase en algún subalterno, imprimise o seu estilo nesta pequena construción do ámbito rural. É, quizais, unha hipótese que convén argumentar convintemente antes de emitir argumentos doadamente convertibles en falsos xuízos.

A nosa intención é facer coincidir cronolóxica e estilisticamente a bóveda renacentista de Guimarei coa decoración da torre de homenaxe de San Paio de Narla a través das ventás molduradas. Sábese que a torre de homenaxe foi refeita tras o asedio irmandiño no século XVI por canteiros vizcaínos; é un novo século que implica unha nova linguaxe artística e arquitectónica. Fúxese do oscurantismo das fortalezas medievais e ábrese un gran vano na metade do corpo volumétrico ou prisma da fortaleza que se aproveita como campo escultórico e zona para atestemuñar o poder ao ir acompañada de sendos escudos nobiliarios. Polo tanto, empréganse formas do Renacemento que instaurarán unha nova imaxe e concepción arquitectónica. Cabe supoñer, pola escaseza de kilómetros entre unha zona e outra, que Guimarei, pertencente ao señorío de San Paio de Narla, erixese a súa bóveda neste momento histórico e que se deixase contaxiar polo novo estilo imperante. Isto explicaría o abandono de formas góticas por outras renacentes, así como o gusto por molduras e outras florituras, presentes na fábrica construtiva deste templo relixioso.

Guimarei presenta unha fachada principal flanqueada por dous contrafortes da fábrica orixinal, sobre os cales se asentan os floróns de pedra rematados en bola. Outros catro contrafortes, de factura tosca e proporcións grandes, fóronlle engadidos en data posterior, co cal quedaron divididos os laterais en tres entrepaños. Cunha porta tapiada igual aos laterais da nave. A obra, en conxunto, parece remontarse ao século XVI polas súas características arquitectónicas máis salientables.

A sacristía é unha tosca edificación adosada ao lateral esquerdo da capela maior, moito máis baixa ca ela, con tellado de madeira e pizarra a tres augas. O retablo ocupa todo o fondo da capela maior, adaptándose ao arco da bóveda. É unha boa obra do século XVIII, con estípites, en aceptable estado de conservación malia que a súa policromía, a base de brancos e dourados, está deteriorada. No corpo superior repródúcese o tema da cidade santa de Xerusalén. Completando o conxunto edilicio, figura unha inscrición e unha lápida funeraria ubicadas no lateral dereito da capela maior, baixo o arco correspondente de descarga, atópase unha inscrición rectangular orlada con decoración vexetal que alude a D. Andrés Antonio Berbetoros, señor da vila de Portomarín, e a súa muller D<sup>a</sup> Inés de Montenegro e Meira, que foron os que mandaron facer (ou refacer) a capela na honra de Nosa Señora. Consta a data de 1689. No centro da capela maior atópase unha sinxela lápida de granito con corazón atravesado por tres saetas e lenda que di: "ESTA SEPULTURA ES D. ANDRES VERBETOROS".<sup>109</sup>



Fonte: Inventario artístico de Lugo e a súa provincia. Tomo III, p.248

Nesta imaxe vese cómo se destaca en planta a bóveda estrelada de Guimarei, pero tamén se pode presentar en seccións, isto é, en cortes dados por medio dun único plano, sen ambigüedades nin indefinicións, agás nos casos nos que nos interesou completalos, de tal xeito que os encontros dos muros coas cubertas e os cortes de cúpulas e linternas son rigurosos; as partes proxectadas son convincentes perspectivas, dotadas de sombras e texturas axeitadas. O mestre, seguindo a práctica italiana, estaba interesado en representar en perspectiva as bóvedas seccionadas, por complexas que foran, mentras nas partes baixas predominan os alzados, de maneira que o chan é unha liña horizontal, pero tamén hai seccións nas que ata o chan é unha liña horizontal, pero tamén hai seccións nas que ata o chan está en perspectiva, e non faltan outras nas que a perspectiva é practicamente un alzado cos arcos frontais cortados en coidadoso escorzo. Todo isto seguindo un cálculo gráfico que, como se ten constancia, usaba Rodrigo Gil de Hontañón, xa que grazas aos arquivos se sabe que os arquitectos tardogóticos, contemporáneos dos Ruíz, deixaron nos seus edificios e nos arquivos da época unha apreciable cantidade de debuxos.

Se na análise das obras artísticas resulta preciso acercarse, en primeiro lugar, a aqueles que as executaron materialmente, non menos importante é coñecer as que foron os seus promotores, as razóns que os impulsaron a financiarlas e a participación que tiveron no seu deseño. Os motivos que os levaron a aplicar parte das súas rentas neste tipo de producións foron múltiples. Dende razóns piadosas, ata un intento de amosar aos seus coetáneos- a través da magnificencia- o destacado papel que ocupaban na sociedade, pasando polo desexo de dotarse de inmobles e de obxectos belos que fixeran máis agradable o seu paso por este mundo. Malia que non cremos que se desenvolvera, en sentido estrito, a figura do culto mecenas á italiana, impulsor de creacións artísticas polo mero placer de fomentalas e desfrutar no proceso da súa execución, estamos seguros de que moitos destes comitentes obtiveron un gran goce coas pezas que promocionaron. Como en momentos anteriores, foi a igrexa quen máis contribuíu ao desen-

volveremento artístico ao longo destes anos.As grandes parroquias viviron nos séculos XV e XVI notables procesos de mellora e transformación.<sup>110</sup>

A oligarquía nobre tamén foi moi importante debido a que intentaban asimilarse a condutas propias da nobreza e as súas actividades estiveron motivadas por razóns piadosas e devocionais, asemade tamén se construíron singulares lugares de residencia co desexo da preservación da memoria familiar. Non obstante, o renacentista soamente se introduciu epidermicamente a través de motivos ornamentais que se superpuxeron ás estruturas goticistas. Houbo que agardar ata o final do século XVI para que as formas plenamente clásicas trunfaran sobre as fórmulas constructivas herdadas da tradición gótica, xurdindo así unha arquitectura mixta de base medieval. Os cambios máis singulares producíronse nos repertorios ornamentais, tal como se ve en San Paio de Narla e en Santa María de Guimarei.

Na localidade valisoletana de Uruña atópase a igrexa de Santa María do Azogue, obra de Rodrigo Gil de Hontañón e que, coa súa amplitude espacial interior e a súa cabeceira articulada por potentes contrafortes, nos evoca reminiscencias e posibles similitudes con Santa María de Guimarei, podendo falar dun sistema e estilo construtivo afín.



Muros de contrafortes de Santa María do Azogue en Uruña (Valladolid).

De igual maneira, atopamos concomitancias coa igrexa de Santa María da Magdalena, edificada no século XVI por Don Pedro de la Gasca, virrei de Perú e bispo de Palencia e Sigüenza, que encarga o proxecto a Rodrigo Gil de Hontañón. Posúe unha soa e espaciosa nave con bóvedas de crucería e retablo maior, obra de Esteban Jordán que tamén realizou o sepulcro, labrado en alabastro, do bispo Fundador. Destaca a capela do Doutor Corral, oidor da Real Chancillería e membro do Consello Real con retablo obra de Francisco Giralte. A fachada principal, flanqueada pola torre, está presidida pola imaxe de María Magdalena e o monumental escudo nobiliario do seu promotor.

---

110 Ibáñez Pérez. Alberto C.: *Do tardogótico al Renacimiento. Artistas burgaleses entre 1450 y 1600*. Caja círculo, Burgos, 2008, p.30.





Santa María de Guimarei (Friol- Lugo).

No interior é onde nos atopamos certas semellanzas con Santa María de Guimarei deixando aparte o sistema de abovedamento a base de logradas bóvedas de crucería coas súas claves e plementería, atopamos os escudos nobiliarios a rentes da imposta que ata toda a nave de forma horizontal, imprimíndolle maior movemento e dinamismo ao muro, o mesmo que atopamos na igrexa de Santa María de Guimarei, obxecto do noso estudo. E, incluso, as bóvedas resultan un tanto similares, alzándose a gran altura e dando unha sensación etérea e volátil, coa diferenza de que aquí se recorre á *pietra serena* como cor decorativa-pictórica e tínguense de branco as claves, en contraposición con Guimarei que todo é a base de granito sen pigmentar.



Santa María Magdalena de Valladolid (1);  
Santa María Magdalena co escudo a imaxe e semellanza de Guimarei, baixo a liña de imposta (2);  
Bóveda de crucería de Santa María Magdalena (3)

## ➔ 5. Comparativa con outras edificacións: Santa María de Taboexa (As Neves)

A bóveda de Guimarei xera empuxes que provocan movementos na fábrica, para evitar esborrallamentos, ese contrarresto de presións tradúcese ao exterior en sólidos e macizos contrafortes que dan ese aspecto de gran volumetría e rotundidade, podendo falar case dunha arquitectura málica.

Estudando a bóveda, a nivel formal, atopámonos cunha figura xeométrica, correspondente a un cadrado, inscrita no centro e rodeada de formas lobuladas que se corresponden con catro óvalos que semellan crear unha abultada flor. Esta forma vese invadida por unha serie de nervios que suben dos pilares fasciculados, estes nervios entrecrúzanse cos combados colocando na intersección pequenas claves floreadas que marcan a conexión. Os nervios que se cruzan coas diagonais marcan a súa intersección con claves molduradas de maior tamaño e que, en ocasións, levan motivos relixiosos como cruces no interior da súa estrutura circular que se engalana cunha grilanda todo ao arredor. Xúntanse os nervios formeiros e os diagonais, sendo o punto de unión de ambos a clave central que presenta decoración cruciforme.



Esta é unha bóveda moito máis complexa e estética que a de Santa María de Taboexa, en As Neves (Pontevedra) xa que presenta maior complicación estrutural con múltiple disposición de nervios e proliferación de claves profusamente decoradas.


Como xa dixemos, a bóveda de Santa María de Taboexa é moito máis sinxela ca de Guimarei. Na bóveda do tramo da nave, un gran nervo percorre toda a superficie coma se dun eixo lonxitudinal se tratase, vese interrompido á metade por un nervio que o corta transversalmente. Na intersección dispónse unha clave que, a súa vez, distribúe as presións en dous nervios que xeran un aspa e que van morrer nos laterais da fábrica. Técese, así unha estrutura que lembra a unha estrela e que nos leva a falar dunha bóveda estrelada, que se vai desperdigando en claves no punto de unión dos nervios centrais cos secundarios. Como similitude, algunha das claves desta igrexa presentan cruces trinitarias e outros símbolos pertencentes a determinadas ordes eclesiásticas.

Pero, onde realmente, se ve a sinxeleza da bóveda de Santa María de Taboexa ao comparala coa de Guimarei, é na estrutura abovedada coa que se cubre o testeiro da cabeceira. Trátase dunha bóveda que debuxa unha sinxela circunferencia, sen atreverse a debuxar ningunha outra forma xeométrica máis complexa e/ou complicada.



Bóveda nave lateral de Santa María de Taboexa

Esta bóveda caracterízase por unha circunferencia interna que recolle todos os seus nervios secundarios, marcando as interseccións e unións con claves redondeadas; supoñendo a diferenza da clave central con disposición cadrangular e decoración antropomorfa no seu lugar. Non temos as formas lobuladas de Guimarei, sinxelamente a forma estrelada que se nutre de nervios que medran nos laterais da fábrica eclesial e que a definen formalmente e, que a súa vez, enmarcan a circunferencia disposta de tal maneira que se quere enfatizar a súa importancia dentro do abovedamento.



Bóveda cabeceira de Santa María de Taboexa.

O tipo de pedra é diferente, quizais o granito de Guimarei é máis claro e os seus cadeirares pertencen a unha labra máis simétrica que a de Taboexa, xa que están perfectamente escadrados e non presentan irregularidades, sendo a técnica de unión máis limpa nas súas xuntas e máis compacta que a de Santa María de Taboexa que deixa ver (quizais inflúa a calidade da fotografía) unha argamasa máis escura e con tendencia a deixar pensar que se trate de terra. O mesmo acontece co trazado da bóveda, a de Guimarei é máis clara e liviana, dá sensación de maior lixeireza ca de Taboexa, que presenta unha cor de pedra máis encendida que lle dá un aspecto de maior robustez e compactidade.

Pódese pensar que, ao ser ambos templos adicados a Santa María, se recorre a motivos florais para plasmalo na bóveda, que está nun plano celestial, por tanto vencellado á divindade. Pero, non obstante, trátase de suposicións e hipóteses que deberían estar máis argumentadas dende o punto de vista teórico.




Ambas igrexas sitúan as súas bóvedas nunha estrutura que, ao exterior, se traduce nunha voluminosa cabeceira de forma cuadrangular que, interiormente, dá cobixo a sendas bóvedas. Destaca enormemente o resto da fábrica, o que pode dar a pensar que, en ambas igrexas, os cambios e reformas foron a tónica xeral. Por exemplo, en Santa María de Guimarei temos constancia dos cambios introducidos por Amaro da Ponte en 1699, á altura do coro, e vemos que a cabeceira presenta entrantes e saíntes que poden falar dunha estrutura máis ampla ca actual. En Taboexa, a nave conserva mellor o seu aspecto primixenio pois atópase toda ela abovedada con bóvedas de crucería, co que non é posible ver tanta modificación.



Exteriores de Santa María de Taboexa



Lateral e portada da igrexa de Taboexa



Interior de Santa María de Taboexa



Cabeceira de Santa María de Taboexa





Torre-campanario

## ➤ 6. O discípulo Juan de Álava e as súas influencias en Guimarei.

En Guimarei percíbese a implantación dunha linguaxe clásica, aunando tradición e innovación cun léxico arquitectónico e decorativo que dá lugar a moitas conxecturas e especulacións, pois urxe a necesidade de darlle unha autoría. Pódese dicir, incluso, que en Guimarei, se dá unha renovación epidérmica do aparato decorativo, unha solución renacentista aplicada a un edificio realizado (en parte) segundo o sistema construtivo gótico.

Constatamos a presenza de grutescos nun posible programa iconográfico, con frecuencia faise patente o Humanismo cristián, e aviva un renacemento solapado nunha igrexa catalogada como gótica. O certo é que o gótico tardío é un estilo vivo que seguía representando á perfección os intereses materiais e espirituais non só da Igrexa senón tamén da clase política. Incluso se falou dun renacemento alternativo<sup>111</sup>, dunha modernidade baseada na renovación da tradición e non na recuperación da Antigüidade. En España, a Antigüidade que había que recuperar era a gótica, tras a ruptura que supuxo a presenza musulmana. O gótico estaba dotado dunha *auctoritas* cristiana, posto que os godos foron os restauradores da fé en España. A conxunción de arquitectura gótica coa decoración plateresca non supuxo ningunha contradición, posto que o patrón estético era a suntuosidade, ao colaboraban tanto as bóvedas de crucería estrelada como os grutescos<sup>112</sup>.

Indubidablemente, o foco compostelano foi fundamental para irradiar o Renacemento por toda Galicia. Nesta cidade confluiron artistas da talla de Rodrigo Gil de Hontañón e Juan de Álava, ambas persoas influíntes con contactos na Corte. Sábese que Juan de Álava estivo en Galicia en 1510 (ano no que se remodela San Paio de Narla), ano no que acudirá a trazar a obra do claustro da catedral por en-

111 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.16.

112 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.16.

cargo do seu arcebispo, Don Alonso de Fonseca, malia que a obra non daría comezo ata o 1521 (coincide cronolóxicamente no tempo coa remodelación de San Paio de Narla), sendo esta a primeira data documentada da relación entre Álava e os Fonseca.

En 1525 foi nomeado árbitro para a cuestión técnica do pleito sostido entre os arcebispos Fonseca e Tavera a propósito dos danos causados nas fortalezas da mitra compostelana no tempo das Revoltas Irmandiñas<sup>113</sup>, acción bélica devastadora que, sabemos por fontes documentais, tamén padeceu a fortaleza de San Paio de Narla.

Con Álava trasladábase unha cuadrilla de canteiros e oficiais, dando lugar ao que se coñece coma migración estacional é dicir, amplas masas de poboación de rexións como Trasmiera especializáronse no traballo da pedra e percorreron a península na procura de traballo nalgunhas das moitas empresas construtivas iniciadas no século XVI. Maioritariamente de Trasmiera entre un 58 e 90%, mentres que os vascos só estaban presentes de maneira moi escasa (entre un 4 e 0,7%). Emigraban en grupo e adoitaban pasar a maior parte do tempo fóra do seu lugar de orixe para voltar a él en inverno, época normalmente inactiva<sup>114</sup>. Estes desprazamentos, sen dúbida, enriquecían o contacto de Juan de Álava con outros plantexamentos técnicos ou outros postulados estéticos, ademais do coñecemento de ámbitos xeográficos diferentes, de distintas tradicións constructivas. Resultaría moi interesante e clarificador coñecer as vías de comunicación utilizadas e os medios de transporte, tanto por saber o tempo empregado nos desprazamentos como porque, quizais, en determinadas localidades destas rutas, os artistas contrataban novas obras<sup>115</sup>, como puido ter sido o caso de Santa María de Guimarei. Traballan colectivamente e de xeito individual nos labores que requirían un maior grado de especialización.

### 6.1. O construtivo de Álava aplicable a Guimarei

A Juan de Álava como a Rodrigo Gil, parecíalle que os baquetóns dos pilares e os nervios da bóveda se convertiran en elementos decorativos, pois a función sustentante cumprena os plementos. Ambos mestres coinciden na concepción do pilar, os baquetóns da cal entenden como elementos puramente decorativos, despoixados de función tectónica<sup>116</sup> a modo de molduras que percorren o fuste a xeito de prolongación dos nervios das bóvedas. Seguíase pensando que a molduración tiña que ver coa resistencia, polo cal propoñíanse grosas columnas en troques de finos baquetóns. Con Álava, dáse unha sutilización dos membros, de tal maneira que os baquetóns pasan a ser elementos puramente decorativos<sup>117</sup>, como xa dixemos anteriormente. En xeral, nestes plantexamentos construtivos, Álava busca a coherencia e crear un espazo unitario, en planta e en alzado.

O piar que mellor resposta ao gusto de Álava é aquel no que a volta dos arcos que nel se apoian parten á mesma altura, como se dunha palmera se tratase, e non a diferentes alturas, pois como el mes-

---

113 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.34.

114 Barrio e Moya distinguen a migración dos cántabros, que voltan o seu solar de orixe, e a dos vascos que, ao non posuír propiedades (polos maiorazgos), avécinanse onde traballan. BARRIO LOZA Y MOYA VALGAÑÓN, 1980, pp.285,286 e 228. Segundo os datos manexados por Aramburu- Zabala para Castela e León, en cada momento (entre 1575 e 1560) tal vez houberse uns 1.000 cántabros e uns 200 vascos. ARAMBURU-ZABALA HIGUERA, 1992, pp.40.42.

115 Unha carta escrita por Fonseca en Salamanca o 6 de outubro de 1506 lése no cabildo en Santiago o 19 deste mesmo mes: tarda, por tanto, 13 días. Juan de Álava e Juan Gil el Mozo tardan en desplazarse de Pontevedra a Vilvestre (Salamanca) tan só 9 días. Álava emprega en ir desde Salamanca a Plasencia e voltar ,máis unha breve estancia na cidade extremeña, tamén 9 días, a pesar da enfermidade que sufría en 1537. A.C.Sant. Libro 4º de Actas Capitulares, fol. 42A.D. Sant., leg. 47, fols. 10 vº- 6 rº. A.C.P. Actas Capitulares, 8, fol, 98rº. MORALES, 1991, PP.74 e 76.

116 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava: Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero, Salamanca, 2002, p.64

117 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.92.

mo declara “*moviendo las bueltas de diferentes alturas quedan los pilares con mucho trabajo y feos*”. Este conoide curvo invertido, similar á boca dunha trompeta, lembra as bóvedas de abanico inglesas<sup>118</sup>.

En Guimarei empréganse columnas tipo piar, quizais porque, en orixe, a cuberta era moi lixeira e non requería de potentes elementos sustentantes. Presenta motivos decorativos a base de flores, grilandas e vástagos vexetais, ademais de roleos a cada lado do ábaco. Quizais sexa un estilo pseudocorintio cunha fila de follas de acanto. Está adosado ao muro, non é unha columna exenta. Non sabemos se a decoración en acantos está presente e remata en caulículos nas esquinas, inspirado na orde corintia romana.<sup>119</sup>

En Guimarei tamén están presentes as ménsulas- “repisa” nalgúns documentos- con dobre función sustentante e decorativa. Son de carácter tectónico, pois recollen os empuxes da bóveda, resultando unha forma menos complexa que o emprego de pilares. Vémolos na Capela de Alba de Santiago de Compostela, destacan pola súa orixinalidade, xa que constan dun corpo cilíndrico con pequenos medallóns separados por pilastrinas, baixo este corpo, e con perfil ondulado, dispónse unha especie de capitel decorado cos máis variados motivos, para concluir nun corpo máis pequeno, a base de molduras, que reducen o seu tamaño progresivamente. En verdade, as ménsulas cubren a súa epiderme cos máis variados tipos decorativos, tales como ovas, dardos, cuentas, motivos vexetais ou animais, copas, mascaróns, cabeceiras aladas, etc. Existen as ménsulas de tipo goticista con molduras quebradas<sup>120</sup>, das cales Juan de Álava chegou a utilizar na capela Prima da Catedral de Santiago de Compostela, algúns exemplos arquitectónico-escultóricos.

En canto ao sistema de abovedamento, as bóvedas pasaron de ser unha estrutura articulada de plementos e nervaduras que soportaban diferentes tensións mecánicas e plementos a constituir unha estrutura continua, compacta e invertebrada; ao multiplicarse os nervios da bóveda, perde importancia a plementería, que chega a ser levísima, de tabique ou xeso; no século XVI téndese á utilización de arcos de medio punto e arcos dunha mesma circunferencia, pasando o rampante de ser pano a redondo, e as bóvedas a ser máis altas e de planta cadrada<sup>121</sup>. Álava prefere o abovedamento plano en cuestión de rampantes, é dicir, aquel que estaba determinado por unha mesma altura entre a clave polar e a clave do formalete.

A tracería dos nervios chega a ser tan persoal en Álava que se constitúe case nunha sinatura do mestre, ao tempo que hai un aumento progresivo dos combados curvos e, por outra, unha tendencia á unificación de modelos. É frecuente ver, na factura de Álava, un círculo arredor da clave central malia que este esquema básico de cadrifolio con círculo central, admite variantes, poidéndose alternar seccións ultrasemicirculares e outras dúas a base de curvas cóncavo-convexas, como se ve na bóveda central da igrexa das Úrsulas<sup>122</sup>. Hontañón prefere a forma cadrada en torno á clave central en vez do círculo, esquema que vemos na bóveda de crucería da igrexa de Santa María de Guimarei. Álava chega a duplicar os círculos, que se poden complicar engadindo series de conopios concéntricos.

Un terceiro elemento de importancia nas bóvedas, ademais de nervios e plementería, son as claves, a súa función pode ser sustentante ou decorativa. As claves polares e as dos terceletos son as que teñen carácter sustentante, sendo as máis decorativas. Convén lembrar que a riqueza, a autoridade da bóveda, estaba en función do número de claves que levaba, primaba o decorativo e o funcional. Por iso hai que determinar moi ben o peso e o volume das claves, e iso está en función dos contrarrestos da bóveda, particularmente as claves dos terceletos. Canto máis evolucionado é o sistema de contrarrestos, menos entidade ten a clave polar. Álava usou con preferencia claves horadadas, sobre as cales se colocaban as

118 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.94

119 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.103.

120 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.109.

121 Nembargantes, hai discrepancias sobre a orixe deste cambio estrutural, sendo para Chueca consecuencia da evolución das bóvedas de crucería, mentras que para outros só reflicte influencias das bóvedas baídas.

122 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.123.




Fig. 1-2: Distintas disposicións dos nervios: cóncavos, convexos, circulares... Fonte: *Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, p.305, p.589, respectivamente.

“filacteras” decorativas en madeira. En Guimarei, non hai este tipo de claves, son claves de cantaría maciza, e a súa plementería é autoportante (ao igual cós nervos) o que duplicaba o garante de estabilidade da bóveda.

Pero as claves, tanto se eran de madeira como de pedra, convertíanse nun soporte da decoración propia do momento, a base de grutescos (copas, delfíns, dragóns, cornucopias, anxiños, etc.) e tamén era o lugar idóneo para plasmar a heráldica, tal como se ve na bóveda de Guimarei co símbolo do escudo da familia dos Berbetouros. Malia que a estabilidade e resistencia das bóvedas tamén dependía doutros factores alleos á tectónica como o agretamento por corremento de terras e a humidade.

Outro elemento decorativo do gusto de Álava eran as cresterías, remates exteriores dos edificios (claustros, naves, fachadas<sup>123</sup>) labrados en pedra e normalmente calados. Os motivos decorativos que se utilizan son do máis variado, góticos ou renacentes, na catedral de Santiago utilizou un modelo a base de curvas e contracurvas, rematadas en tres tréboles e con pequenos pináculos que dividen cada tramo coincidindo cos contrafortes. Na catedral de Lugo vese unha crestería que, cremos, bebe dos ecos compostelanos, xa que presenta unha factura renacente que contrasta co resto do seu entorno arquitectónico. Xa a menciona Yzquierdo Perrín, e nós non lle perdemos a pista, porque cremos que pode botar moita luz sobre a indagación do autor da bóveda de Guimarei. En Lugo óptase por crestería en vez de balastrada, outro tipo de remate exterior do muro<sup>124</sup>, aquí acadase o maior empaque visual pola máxima simplicidade lograda ao eliminar todo tipo de elemento decorativo sobre o muro.

Álava aproveita os contrafortes das fachadas para incluílos dentro do esquema decorativo destas, e pasa a articularlos cunha serie de elementos construtivos superpostos (piares, entaboamentos, repisas e doseletes) que forman parte da concepción xeral da fachada. En ocasións, aparece o pináculo con función tectónica precisa: contrarrestar os empuxes diagonais exercidos polos arcos e as bóvedas mediante

123 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.133.

124 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.134.






Cresteria do pórtico norte da catedral de Lugo

peso vertical. Non obstante, os contrafortes de Guimarei son moito máis tardíos ca obra da bóveda de crucería e, ao noso xuízo, non se encadran en época tardogótica e/ ou prerrenacentista.

Outro aspecto que ten que ver coa iluminación dos templos é o emprego de interiores branqueados. Non só ten unha razón práctica, hixiénica e de conservación da pedra e luminosidade, senón tamén estética e simbólica. Según Rosenthal, o aspecto marmóreo que adquirían así os edificios asociábase coa Antigüidade; ademais, a cor branca, en opinión de Ghiberti, Alberti, Palladio ou Simón García- recollendo os escritos de Rodrigo Gil de Hontañón- considerábase o máis apropiado para os lugares de culto<sup>125</sup>. En ocasións, algúns elementos construtivos e decorativos- sempre nos interiores- recibían policromía. A aplicación da cor, non obstante, é bastante excepcional nos edificios góticos españoles, sendo máis frecuentes en Francia e Italia. Sen embargo, en Guimarei atopámonos con estas curiosas pinturas na sacristía:




Os mestres canteiros non se podían parar á minuciosidade da ornamentación, de aí que ésta non figurase nos contratos, pero tiñan unha especial predilección polos grutescos sacados do repertorio decorativo da Antigüidade que se difundiu a través dos gravados. Non existe unanimidade sobre a existencia dunha mensaxe icónica nesta decoración: a relación dos grutescos cos cultos báquicos descubriuse nos anos 50 do século XX por Wind; en España a iconografía ten adeptos e Santiago Sebastián foi un dos seus máis importantes representantes. Para outros, como Fernando Marías, non está claro que foran algo

125 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.149

máis que mero ornamento, ignorándose probablemente o seu contido paganizante que, deste xeito, carecería de interpretación iconográfica. Xunto aos grutescos adoitan ir medallóns, relevos e figuras que presentan homes e mulleres famosos da Antigüidade, da historia bíblica ou do tempo presente, dentro dun programa de carácter exemplarizante e moralizador, onde con frecuencia se fai patente o Humanismo cristián. Faise palpable a inspiración clásica e, probablemente, gran parte da decoración arquitectónica, se labraría unha vez asentada a pedra, o cal é lóxico, sobre todo se se pensa nos grutescos, a talla das cales esixía unha gran precisión para que concertaran os debuxos dun cadeirar a outro. Aspecto co que se puido traballar para facer os grutescos do arco triunfal que antecede á bóveda da igrexa de Santa María de Guimarei. Estes grutescos serían feitos por entalladores; a itinerancia destes explica a comunidade de estilo de grutescos e medallóns nunha ampla área xeográfica, podendo chegar a San Paio de Narla e ao pazo de Aranza en Baralla. Estaríamos a falar de recetas ou plantillas decorativas reproducidas constante e continuamente levados a cabo por torpes entalladores, descoñecedores do profundo simbolismo do programa iconográfico e non acostumados a manexar este tipo de repertorio<sup>126</sup>. Quizais en Guimarei haxa un gusto polo naturalista e certa tendencia ao carácter liñal e debuxístico polo escaso relevo e o desafogo con que os motivos se presentan, son moito máis sumarios debido á dificultade da labra en granito.

En ocasións, as bóvedas converten as súas claves en medallóns, malia que no programa iconográfico que articula calquer conxunto de medallóns pouco ou nada ten que ver o arquitecto, xa que o seu papel se limita á decisión de incluílo como elemento decorativo nos seus esquemas arquitectónicos e decidir a súa ubicación.<sup>127</sup> Son depositarias da heráldica, que se converte nun distinto imprescindible



Fonte: Garrote, Martín, A.: *El derecho de patronato en la presentación a beneficios eclesiásticos según las leyes canónicas y el derecho particular de España, Lugo, La Voz de la Verdad, 1921.* (Ref. Cit. Guldrid, Santiago, Guimarey, Sta. María, Serén, S. Cipriano.- Presentación de la casa de Monterrey, p.101.).

126 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento.* Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.154.

127 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento.* Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.162.



para designar con claridade quen é o promotor. Outros lugares apropiados para a ubicación dos escudos son os sepulcros e os retablos. Tamén son susceptibles as molduracións, en Guimarei temos unha liña de imposta marcada da que colga abundante ornamentación con certo detallismo, con abundancia de ovas que tamén vemos no claustro da catedral de Santiago de Compostela, coa diferenza de que Álava substituíu alternadamente unha ova por unha flor de catro pétalos<sup>128</sup>.

Álava actúa, en 1526, como tasador dos danos causados nas fortalezas do arzobispado de Santiago con motivo das revoltas irmandiñas da segunda metade do século XV, xunto con Gil el Mozo, representando respectivamente a Don Alonso de Fonseca, arcebispo de Toledo e a Don Juan Tavera, arcebispo de Santiago, que entablaron un pleito en 1525 sobre quen habería de pagar os desperfectos. Atopamos un dato moi relevante e esclarecedor na páxina 192 deste libro de Santamaría, e é a mención ao castelo de Alba de Tormes<sup>129</sup>, que se reforma no século XVI coa intención de dotar dun aspecto palaciego a un recinto militar; isto tamén o podemos extrapolar á fortaleza de San Paio de Narla que se reviste dunha nova linguaxe artística, o que explica a existencia das súas chemineas e ventás.



128 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.171.

129 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.192.

Voltando a Guimarei, temos que pensar na súa xerarquía construtiva, falando dun promotor (palabra que adquire un matiz cercano a xestor, é dicir, con capacidade de administrar os medios de financiación), patrón ou patrono (que encarnan os matices de superioridade, protección e aprecio pola obra), cliente (o que simplemente adquire, con frecuencia ao mesmo artista) e comitente (totalmente erróneo, pois é o que executa ou realiza). Ceballos<sup>130</sup> prefire o termo de mentor, ao que caracteriza por ocuparse non só de costear a obra materialmente, senón de velar pola calidade e o nivel artístico do produto, seguindo paso a paso a traxectoria da súa elaboración e marcando as pautas estéticas; ademais, é capaz de dialogar co artista, posúe unha sensibilidade artística persoal e un cultivo erudito e intelectual produto da súa formación universitaria. Sen embargo, este tipo de mentor non foi moi frecuente no ámbito español.

En Guimarei sabemos pola obra de Garrote Martín que a casa de presentación era a dos Monterrei, un dato moi revelador posto que Rodrigo Gil de Hontañón encargouse de edificar o palacio de Monterrei en Salamanca, establecéndose, así, un vencello salmantino con Galicia. Igualmente de importantes para Galicia foron os Fonseca, especialmente Don Alonso de Fonseca que promoveu unha interesante actividade artística en Santiago de Compostela, Salamanca e Toledo. En Santiago e Salamanca recurriría dende un principio a Juan de Álava, como o fixera seu pai, pero unha vez acadada a sé toledana empregaría a outros arquitectos, particularmente Alonso de Covarrubias e a Diego de Siloé<sup>131</sup>. O exercicio do padroado por parte de Don Alonso de Fonseca ía máis alá da financiación económica demostrando un interese persoal polo desenvolvemento das obras, manifestando a súa opinión- verbalmente ou por escrito- sobre as mesmas. O colexio Fonseca ou de Santiago Alfeo supón unha mostra de como se concertaban as obras dende fóra, non facía falta estar en Santiago in situ.

Nas obras do século XVI, tres correntes se funden en Galicia: unha castelá, outra centroeuropea e unha última portuguesa, sería resaltada por Camón Aznar e, máis recentemente, por Vila Jato<sup>132</sup>. A introdución da primeira corrente en Santiago, unha cidade moi ancorada nas súas tradicións medievais, débese en boa parte ó labor desenvolvido por Juan de Álava. Na construción do claustro catedralicio penetran as fórmulas do plateresco salmantino e no seu obradoiro fórmanse os canteiros que posteriormente a farán radiar. A súa influencia deixase sentir na planta baixa dos claustros abovedados da segunda metade do século XVI dos mosteiros cistercienses, malia que podados de pináculos e estrias, e incluso os seus ecos chegan ao claustro barroco da catedral de Lugo (tamén no pórtico norte). Polo que respecta á influencia portuguesa, lembrar o exemplo do Bon Jesús de Trandeiros.

A primeira constancia de grutescos témola no claustro de Santiago de Compostela a modo de friso que cumpre a función de unificar o ámbito interno co seu ritmo, rodea todo o claustro a tres metros e medio do pavimento e cúrvase para servir de marca aos seis vanos de medio punto correspondentes ás estancias da á norte, que quedan distribuídas de maneira irregular<sup>133</sup>.

Alusivo a este claustro, sabemos que Juan de Álava tiña dous discípulos, Alonso de Gontín e Juan Dogio; o primeiro deles desprazábase a Salamanca, o que demostra como se desprazaban dende un sitio a outro, e por outra parte, debía supeditarse ás ordes do seu mestre, o que pode aplicarse a Guimarei, obxecto do noso estudo. En base ás novas ordes que o oficial traía de Salamanca ou Toledo, executábase a obra conforme a esas novas condicións (dende 1532 Álava non volta a Santiago de Compostela).

Toca agora o momento de falar de Juan de Álava como tasador. En 1525 iníciase un pleito contra o entón arcebispo de Santiago, Don Juan Tavera e o seu antecesor na sé Don Alonso de Fonseca, naquel momento arcebispo de Toledo. O primeiro reclamaba ao segundo os desperfectos que foron causados en tempos de Don Alonso de Fonseca, pai de Don Alonso e predecesor del na Mitra, de quen era testamento o seu fillo. Estes danos foron causados durante a Segunda Guerra Hermandina (1467-1469), unha das máis importantes revoltas antifeudais da corona de Castela na Baixa Idade Media. Esta revolta

130 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.207

131 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.210

132 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.269

133 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero, Salamanca, 2002, p.278.



Bon Jesús de Trandeiras (influencia portuguesa)

puido causar a demolición de, alomenos, cento trinta fortalezas, pertencentes aos señores feudais. Delas, 17 pertencen á mitra de Santiago<sup>134</sup>.

Se a intención de Tavera é descargar a responsabilidade dos reparos en Fonseca, por parte deste pretendíase demostrar algo moi razoable: reparar as fortalezas suporía un custo importante e por entón xa eran inútiles para o arcebispado. Para evitar pleitos, ambos arcebispos chegaron a un compromiso ante o notario de Toledo Álvaro Pérez de Luaces e decidiron nomear árbitros, ós outorgaron poder o 26 de decembro de 1525; o arcebispo de Toledo, o licenciado Simón Rodríguez, pola parte técnica a Juan de Álava e ao canónigo Joaquín de Auñón, o arcebispo de Santiago o doutor Juan Bernal, e a Juan Gil e o bacharel Pedro de Muros; para a parte técnica.


Esta tasación levouse a cabo entre os días 5 de setembro e 7 de outubro de 1526, e presentouse en Salamanca o 11 de outubro do mesmo ano ante os notarios de Salamanca Hernando de Briviesca, nomeado por parte de Tavera, e Pedro González, nomeado por Fonseca. As fortalezas os danos das cales tasaron foron o castelo de Montesagro ou Pico Sagro, a fortaleza de Barrera, o castelo de Castro Monte, a fortaleza de Rodero, a casa de Grovas, a fortaleza de Mixía ou Mesía, a casa arcebispal de Santiago, a fortaleza do coto de Jallas, a fortaleza de Outes, o Tapal de Noia, a torre de Muros, as fortalezas de Padrón, a torre e fortalezas de Caldas de Reis, a fortaleza de Lobeira, a fortaleza de Pontevedra e a fortaleza de Vilvestre<sup>135</sup>. Álava e Gil non manifestan discrepancias respecto á valoración dos danos: a tasación total ascende a 274.301,5 maravedís; deles, 171.332, 5 correspondíanlle ao Patriarca (o 63%), 89.869 ao seu fillo, o arcebispo de Toledo (33%) e só 10.000 a Tavera, arcebispo de Santiago (4%).<sup>136</sup>

134 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.521.


135 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero. Salamanca, 2002, p.522.

136 Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero, Salamanca, 2002, p.522.

## Galería de fotos contrastada e documentada



Fonte: AA.VV *Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, 1993, p.31



Fonte: AA.VV *Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, 1993, p.273.



¿Claustro do Mosteiro da Vitoria?. Clifford (1853-1854). Contrafortes similares a Guimarei.




Casa de las muertes de Salamanca  
(proliferación de clipeos con bustos antropomorfos insertos)  
Fuente: AA.VV *Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, 1993, p.605.





Arco caxeado como o de Guimarei (correspóndese co colexio Fonseca de Salamanca). Arcos arbotantes do patio.  
Fonte: AA.VV *Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, 1993, p.463.



Mapa das fortalezas de Galicia (no recadro San Paio de Narla). Fonte: AA.VV *Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, 1993, p.521.



## ➤➤ 7. O programa iconográfico de grutescos de Guimarei

Hai presenza de dragóns de serpenteantes colas enroscadas, que axexan ao símbolo dun disco lunar con raios centelleantes, que é un símbolo pagano que o cristianismo fai relixioso mediante a súa atribución á Virxe María ao situalo no pedestal na devandita divindade, e atribuílo a unha Inmaculada Concepción. Temos ao seu antónimo, o disco solar do deus Helios, xa debidamente cristianizado. Este sol ten unha cara no interior; asistimos, polo tanto, a unha antropomorfización do simbolismo, é dicir, un símbolo figurativo adopta unha particularidade humana e, por certo, nada máis expresivo có rostro humano, principal fonte de reflexo de emocións e decepcións.

No centro atopamos unha figura tipo mascarón, das abundantes no Renacemento, con formas enroscadas simulando roleos e follaxe. Prodúcese unha ruptura do marco compositivo ao dispoñer por fóra unha moldura de tipo vexetal de abultadas e enrevesadas follas. O mencionado mascarón atópase flanqueado por dúas figuras de aves de tipo quimérico con espléndida plumaxe reproducida minuciosamente a modo de escamas. Aparecen en actitude ameazante coma se ansiasen atacar o mascarón situado en posición privilexiada, isto é, a central.

Pola súa parte, o sol vese ameazado por un dragón do que apenas vislumbramos a cabeza inmerso nunha voráxine de dentelladas; colas enroscadas que dan máis dinamismo e un auténtico movemento febril sen orde, pausa nin concerto que dificulta o entendemento desta peza escultórica, e é índa máis dificultoso determinar que animal ou forma é.

Aparecen dúas esbeltas pilastras caxeadas (constante e característica na obra de Rodrigo Gil de Hontañón) que presentan un fermosísimo capitel corintio con todo o programa escultórico desenvolvido: moldura de ovas, follas de acanto e roleos avolutados á dereita e á esquerda. A liña de imposta vese animada por dragóns sinuosos en actitude desafiante e ameazante, que se despregan a modo de cenefa. O movemento curvo enmarcado nunha estrutura rectilínea de tipo adintelado é significativo xa que, por tanto temos unha xustaposición da forma curva fronte á recta. Tan só se irrumpe a liña de imposta pola protuberancia de abultados relevos que sobresaen moitísimo do marco, e son claramente notorios e perceptibles. Vemos a presenza de forzas maléficas e malignas, como xa manifestamos en sendas chemineas de San Paio de Narla. Teríamos, polo tanto, un programa iconográfico da loita do ben contra o mal, auspiciado pola protección divina do cristianismo que afianza e “domestica” símbolos paganos inspirados no disco solar do deus Helios, da cultura grecorromana, e o lunar inspirado na deusa grecorromana, Selene.



Notamos unha posible vinculación de San Paio de Narla coa igrexa de Narla, porque na moldura da xanela vése unha figura esquemática identificable cunha árbore, moi similar ao que vemos na parroquia de Narla na súa igrexa principal.



Igrexa de San Pedro de Narla (remate portada de acceso).

Convén salientar a idea do sol como resurrección e prevalencia do bo e radiante, fronte á oscuridade das forzas malignas.

Podemos dicir que quizais o grutesco renacentista sexa a continuación desa arte medieval repleta de monstros que realizaron viaxes dende a mitoloxía, a literatura e arte antigas<sup>137</sup>. O certo é que os escritores e artistas do Medievo tiñan unha prolífica imaxinación. Estes monstros habitan nos rincóns e nos capiteis das columnas, escudriñan dende os baixorrelievos das catedrais, deslízanse arredor de pequenas pezas de marfín e acurrúcanse baixo os asentos do coro. Abundan máis que ningún outro tipo de obxecto. Dragóns decoran as marxes, retórcense para confeccionar letras e apíñanse nos espazos ao final das liñas texto. Animais correntes fusiónanse en combinacións imposibles, corpos humanos mistúranse con formas animais de maneira cómica á vez que grotesca. Para o home medieval, estas criaturas humorísticas e atroces significaban un atormentador indicio de mundos descoñecidos e perigos inconcebibles, á vez divertidos e aterradores.<sup>138</sup> Produto fantástico da invención artística, estes monstros metafísicos representaban perigos espirituais, mentres outros expresaban seguramente a multitude de perigos físicos que ameazaban a vida durante a Idade Media.<sup>139</sup>

O cristianismo non borrou todos os vestixios das civilizacións antigas, máis ben, o cristianismo mostrouse experto en absorber e adoptar aspectos da cultura pagana que non entraban en conflito coa nova fe. Os monstros das antigas mitoloxías quedaron dentro das reliquias culturais que atoparon nova vida en mans dos escritores e artistas cristiáns. De aí, a presenza de elementos paganos como un sol ou unha lúa, atribuídos a divinidades grecorromanas, que logo son cristianizados e pasan a formar parte do programa iconográfico de Guimarei situado no arco rebaxado disposto como arco triunfal que, ademais antecede e enmarca, a espléndida bóveda do século XVI.

Os artistas cristiáns empregaban a imaxinería dos monstros para demonizar aos estranxeiros e aos membros doutras relixións; iso vímolo en Santa María de Guimarei onde, na cenefa que discorre paralela á liña de imposta, se sitúan uns dragóns (=seres maléficos) de contorsionistas formas que simbolizan ao maligno. O principal cometido era explorar a verdade divina a través da interpretación do mundo natural, na constante loita do Ben contra o Mal.

137 Bovey, Alixe: *Monstruos y grutescos en los Manuscritos Medievales*. The British Library. A y N. Ediciones, 2002, p.5.

138 Bovey, Alixe: *Monstruos y grutescos en los Manuscritos Medievales*. The British Library. A y N. Ediciones, 2002, p.5.

139 <sup>3</sup>Bovey, Alixe: *Monstruos y grutescos en los Manuscritos Medievales*. The British Library. A y N. Ediciones, 2002, p.6.




Fig. 1 O sol con cara antropomorfa; Fig.2. O disco lunar (Selene= Virxe cristiana)  
Fig. 3 Dragón de enroscada e zigzagueante cola; Fig.4. Capitel corintio con ovas, volutas e acanto

A fealdade dun monstro e/ou grutesco dános a clave da súa corrupción moral interna. As bestas retratadas eran símbolos evocadores do poder corruptor do Diaño e das consecuencias espirituais de sucumbir ante a maldade<sup>140</sup>. A batalla entre o Ben e o Mal como era de agardar, encárnase en formas rotundamente monstruosas. Por tanto, incidimos no carácter moralizante do programa iconográfico de Guimarei, utilizando monstros como reflexo das faltas cometidas contra a relixión cristiá. O grutesco pode ser aterrador, e, ao mesmo tempo, rozar altas doses de comicidade hilarante e desternillante.

Podémonos preguntar cál é a orixe da palabra “grutesco”? É unha combinación antinatural de formas animais, vexetais e humanas, é un termo moderno cunha interesante liñaxe posmedieval<sup>141</sup>, que se inspirou nas artes decorativas antigas tal e como se atoparon no palacio de Nerón<sup>142</sup>. Para o século XVI empezárase a utilizar o termo grutesco (derivado da palabra *grotta*) para describir as imaxes que contiñan motivos de decoración de derivación clásica como os atopados en Roma.

Aquí en Guimarei, interpretámolos como unha lección adoctrinante de advertencia cara os perigos da pulsión humana que deberá rendir contas co día do Xuízo Final, malia que, a miúdo, é probable que

140 Bovey, Alixe: *Monstruos y grutescos en los Manuscritos Medievales*. The British Library. A y N. Ediciones, 2002, p.28.

141 Bovey, Alixe: *Monstruos y grutescos en los Manuscritos Medievales*. The British Library. A y N. Ediciones, 2002, p.43.

142 Bovey, Alixe: *Monstruos y grutescos en los Manuscritos Medievales*. The British Library. A y N. Ediciones, 2002, p.44.

se trate só dunha subversiva expresión da imaxinación artística<sup>143</sup>. Quizais aquí, nesta igrexa, os grutescos se dispoñan a modo de *exempla*, reflexionando sobre o estado moral que ha de tender cara o racional fronte ao irracional e visceral. A preocupación pola moralidade está na base de moitos deles.

Ligado ao grutesco está a idea de imaxe e símbolo, que son as partes substanciais das que, basicamente se compón o grutesco, veñen a ser o significado e o significante, no sentido de que a imaxe, como significante, dáche a visión e o símbolo dáche o significado, polo que o grutesco cobra valor, revalorízase e vese o ponderables que son estes conceptos xa que chegan a desempeñar un papel determinante posto que definen a dimensión do grutesco e o xustifican facéndoo críble, que se dá unha razón de ser. De tal xeito é decisiva ou decisoria a introdución dun símbolo, dándose a casualidade de que hai certos grutescos, que sen a presenza de condicionantes simbólicos non gozarían da transcendencia da que gozan.

Podemos referirnos á semántica, ciencia que estuda as relacións entre os signos verbais, visuais ou acústicos e o seu significado; así, deste modo, si se parte da premisa de que os signos visuais forman parte do contido iconográfico das obras de arte non só polo seu valor figurativo, senón tamén polo seu valor “semántico”, a contribución desta disciplina á investigación iconográfica pode resultar de grande interés. De feito, contido e significación dunha obra non se cinguen tan só á representación figurada dun tema, senón que estes podan estar tamén expresados tanto na elección dunha determinada linguaxe simbólica ou alegórica como aspectos de tipo formal (cor, trazo, composición, etc.) . A semántica analiza así a relación existente entre a morfoloxía e función da obra, significación e expresión e entre significado e valor estético.

Se a linguaxe verbal se compón de palabras – suma de signos- cun significado concreto, o equivalente das palabras en arte son as distintas “formas debuxadas ou coloreadas”, que se dispoñen dun xeito ordenado para obter un significado.

- Círculo con raios ► sol
- Un cuarto crecente ► lúa

O símbolo consiste na presentación dun signo ou dunha imaxe (significante) que fai referencia a unha realidade (significado) que, a pesar de ser distinta da imaxe, é unha parte intrínseca dela, de maneira que acaba por identificarse con esta.

Na representación simbólica existe, entre a figura significante e a cousa significada, unha relación conceptual, inmediata e directa que implica a súa correspondencia automática, reversible e case unha identificativa. Ao contrario que no símbolo, na alegoría o significante é sempre distinto do significado, ambos son diversos e non identificables, e entre eles non existe relación.

Por outra parte, cando nos referíamos aos emblemas de Alciato, podemos sacar a colación as teorías de Bialostocki alusivas aos temas de encadre, por exemplo un tema como o de San Xurxo matando ao dragón é un tema recorrente e moi utilizado posto que se representa o modelo do home vencendo á besta, a este respecto abundan os exemplos. Belerofonte matando á Quimera. Tamén poderíamos falar das imaxes arquetípicas, estudadas por Jung, que son aquelas que están no subconsciente de cada persoa e que no caso dos emblemas son atribuíbles á figura de Ícaro, ese home que voa, porque en todas as civilizacións sempre se tivo a ambición de voar.

Para ilustrar este epígrafe atopamos moi bos exemplos na iconoloxía I e II de Cesare Ripa e na embleática de Alciato, se ben na primeira se desenvolve máis un enfoque cara a identificación dos vicios e virtudes, adxudicándolles unha figura alegórica cos seus atributos correspondentes que nos amosa cómo se encarna ou personifica a envexa, a luxuria, a severidade, etc. No segundo exemplo atopámonos ou móvemonos nunha esfera diferente, xa que tratamos con emblemas a idiosincrasia dos cales é máis rica e require unha análise máis detallada e pormenorizada.

O grutesco esixe diversos modos de interpretación e o seu significado obriga a unha lectura plural que atenda a todas e cada unha das partes; ten unha función aleccionadora e adoctrinante, encárgase de demostrar cal é o comportamento correcto que, leva ao éxito, e mostran cómo as malas accións conducen a una vida errada e desarraigada, que levan á maridaxe perfecta da desmotivación e apatía.

---

143 Bovey, Alixe: *Monstruos y grutescos en los Manuscritos Medievales*. The British Library. A y N. Ediciones, 2002, p.55.




Bon Jesús de Trandeiras

Pero ademais, os emblemas constitúen un código gráfico-literario que é imprescindible para establecer unha lectura o máis obxectiva posible das pezas históricas, de modo que son vehículo excelente para acercarse á mentalidade da época e ao mesmo tempo, axúdannos a descubrir as motivacións que tiveron os seus autores.

- O rei Sol ► comparar coa figura de Helios e Apolo, imaxe do Sol.

A presenza das pinturas do Xuízo de Paris de San Miguel das Penas e dos grutescos de Guimarei (igreja, que por outra parte tamén presenta un exemplo de pinturas murais) fálannos dunha mostra da selecta educación artística dos artistas do século XVI en Galicia. De feito, estes grutescos veñen a ser unha contraposición a outra corrente de marcada influencia portuguesa: referímonos


aos grutescos que se atopan situados en Trandeiras, modelos de candelieri e grutescos con tratamento plástico diferente, véndose o hispano e o portugués combinado, así como unha proliferación de seres híbridos e quiméricos.





Moitas veces ao canteiro de turno danlle a iconografía e el plásmaa tal como a entende e, así, ao mellor non a sabe interpretar e plasma na pedra o que plasma, podendo producirse unha mala interpretación iconográfica da imaxe que se quere representar. O arquitecto fai a medición e non ten por que quedarse na zona elexida para a erección da igrexa ou catedral; que a familia teña posibilidades económicas inteprésate como o único requisito indispensable e a coincidencia na mesma cidade cun reputado e afamado mestre de fábrica. Por exemplo, sábese que o cardeal Calvete de Lugo estudou no Colexio de Santa Cruz de Valladolid e ten vinculación con Salamanca, que é de onde procede Juan de Álava e, doadamente, puido haber filiación construtivo-arquitectónica e, estar no século XVI, edificando o pórtico norte da catedral de Lugo ao constatar que non é un escudo o que figura na clave da bóveda senón que é o de Calvete. A carencia de fontes heráldicas, tan só contamos cos escudos de Crespo Pozo, para distinguir se o escudo é do bispo Ribera ou de Calvete.

No pórtico norte da catedral de Lugo reproducense recetas decorativas que se veñen reiterando noutras construcións de índole renacentista, por exemplo, tal e como atestigüamos a continuación coa proliferación de cunchas aveneradas:



Detalle cuncha avenerada na casa dos García Pumarino ou Palacio de Llano.



Guimarei está cheo de símbolos; sendo o símbolo un intento de definición de toda realidade abstracta, sentimento ou idea, invisible aos sentidos, baixo a forma de imaxes ou obxectos. É un todo que non pode descompoñerse, é dicir, hai que entendela na súa totalidade, dentro dunha asociación de ideas que nomeándoo nos evoquen a realidade do símbolo. Dentro desta realidade, cabe falar de arquetipos e repeticións, guiándonos por Jung e a teoría do inconsciente, do cal se descoñecera ata o daga a importancia. Posiblemente os grutescos de Guimarei puidesen ter dúas categorías de símbolos<sup>144</sup>, algúns cun dobre valor, un denominado esotérico (válido para os iniciados) e outro exotérico (válido para as masas): dobre connotación = dobre utilidade, para darse conta de que os símbolos son os primeiros ensaios de explicación do mundo.

A presenza dun sol en Guimarei fainos pensar nun hipotético *fusellus*, disco usado polo tecedor, que permitiu ao home vestirse e a forma circular do cal está asimilada á bóveda celeste. Este tipo de símbolos son os máis duradeiros: o oficio de tecedor non só era o atributo das parcas, senón tamén o de Penélope e, finalmente, o da Virxe da Anunciación na iconografía renacentista<sup>145</sup>. Pero non sempre nin para todo temos a explicación da multiplicidade dos feitos simbólicos, algúns resístense inda a unha doada clasificación, malia que quizais si que se pode falar dunha simboloxía universal, si que é factible, quere dicir que, para definir unha simboloxía universal, se debe facer caso omiso da nosa civilización occidental, que esqueceu os símbolos tradicionais, sobre todo a partires do momento decisivo da era histórica, marcada pola expansión da cultura helenística e a aparición do cristianismo?<sup>146</sup>

A creación das relixións organizadas corresponde a unha debilidade do pensamento simbólico, malia que o home se abre aos máis altos valores espirituais; o feito de atribuir a revelación a un home que encarna a Deus, debilita a idea da tradición, o mesmo que a codificación dos símbolos. Convén sinalar o sentido plástico e a pluralidade de símbolos lunares e solares, que gozan de gran predicamento durante os períodos construtivos da xénese das sociedades humanas<sup>147</sup>. Todo símbolo dende o momento en que é un atributo da divindade, pode tamén significar o seu contrario, esta ambivalencia fai tanto máis complexo o estudo dos símbolos e tanto máis preciso o estudo dos conxuntos e complexos símbolos<sup>148</sup>. Estes complexos de símbolos están dominados pola peculiar concepción primitiva, esencialmente prelóxica, do espazo e do tempo. Dánse repeticións e o home invéntase “parellas”, como por exemplo, o sol e a lúa presentes en Guimarei, no seu programa iconográfico. Quizais este programa iconográfico inspire a idea dunha relativa eternidade e asegure eventualmente a súa protección. Aproxímase á bóveda celeste, a inmutabilidade da cal contrasta coa vida terrestre<sup>149</sup>. A figura do círculo, de idea de centro, de protección, de unicidade, dá paso do plano terrestre ao plano celeste.

Todos os símbolos relacionados coa espiral, entrecruzamentos e enfrontamentos, típicos da arte mesopotámica, expresando, noutros sentidos, a idea de repetición, teñen unha tendencia natural a dexeñar en ornamentación<sup>150</sup>. Pero se os símbolos esotéricos son de reducida dimensión, os símbolos exotéricos, sobre todo na arte asiria, son xigantescos, e quizais vaian ligados a temas profíláticos. Á súa vez, a idea de centro aparece en certas tradicións como corolario da gran cantidade de temas lunares e con valor de fecundidade, que agruparemos baixo o signo polivalente da espiral<sup>151</sup>.

144 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos tau, Barcelona, 1970, p.10.

145 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos tau, Barcelona, 1970, p.11.

146 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos tau, Barcelona, 1970, p.12.

147 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos tau, Barcelona, 1970, p.15.

148 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos tau, Barcelona, 1970, p.17.

149 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos tau, Barcelona, 1970, p.18.

150 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.21.

151 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.22.

Ao símbolo da lúa con raios atribúeselle papel fecundador, de feito ese valor de fecundidade revélase nos monumentos coa presenza das serpes e dos dragóns, a miúdo asociados á imaxe circular propiamente dita, en relación coa idea de resurrección, en principio reservada unicamente a sacerdotes e iniciados. Círculo e serpe simbolizan a fin das repeticións, como o demostran as imaxes circulares exipcias e maias<sup>152</sup>. Pola súa parte, os símbolos solares co círculo teñen gran riqueza de sentido e líganse á idea de resurrección. É o resultado do dominio relativo dun ou doutro conxunto: círculo e serpe, centro e espiral. Parecen dominar a noción esotérica do círculo, e o tema do dragón (ou serpe) lígase ao círculo<sup>153</sup>.

A espiral expresa a idea do relativo, do devir e, como a lúa no curso das súas fases regulares e das súas desaparicións, evoca, falando con propiedade, a idea do eterno retorno, da repetición. A súa forma, por outra parte, imita a media lúa no curso das súas fases regulares e das súas desaparicións. A espiral significaba a fecundidade acuática e lunar e servía para indicar os puntos vitais e de fecundidade sobre ídolos femininos. A miúdo representada en grupos de dous, lembrando a idea dun principio masculino e outro feminino; así, a dobre serpe é símbolo máxico e esotérico, e ten valor de fecundidade. Tanto os enlaces como os confrontamentos de animais ou prantas, uns e outros frecuentes na arte mesopotámica, evocan o acto sexual e a fecundación. No escudo dos Berbetouros, atópanse dous touros heráldicos simbolizando a defensa dun centro natural que é unha árbore, que proxecta as súas raíces cara o ceo, simboliza, entre numerosas tradicións, o sustituto terrestre do deus celestial<sup>154</sup>. A árbore en xeral é a fonte da ciencia. No ámbito exeo e heleno, en conxunto de carácter mesopotámico, árbore-animais heráldicos defendendo a árbore é igualmente frecuente. Árbore da vida e da rexeneración.

Baixo o signo da lúa ábrese o ciclo das reencarnacións, mentres que a reaparición diaria do sol inspira a idea de regularidade, da rixidez. A serpe é luxuriante e heteroxénea, reproducindo a da natureza. Ten algunhas veces un valor cósmico. Aquí en Guimarei represéntase como un remuíño de dentelladas colas en constante axitación e frenética ebulición, sen calma nin sosego que dá como resultado un interesante xogo visual. Na Antigüidade, a morte considerábase identificada coa serpe, símbolo da resurrección, ou tamén se ve a serpe como portadora do Sol, influíndo a irrupción do simbolismo solar e a súa repercusión inmanente.

A árbore erixe a reaparición periódica da vida, debido á propiedade que ten de reverdecer en primavera; ten, polo tanto, valor de fecundidade. De feito, a árbore entre rombos é un símbolo con valor de fecundidade que data da época magdaliniense ou ben a árbore é a forma invertida do home e debe, coma os heroes, morrer para renacer<sup>155</sup>.

O círculo tamén retén, en circuito pechado, o que conseguiu penetrar nel.<sup>156</sup> O culto solar particular, sobre todo de Exipto, e dos pobos precolombinos, inspirou a miúdo imaxes circulares co sol no centro, lembrar o disco solar alado exipcio e o seu curioso análogo mexicano. Imaxes proféticas que a iconografía cristiá toma para si sen profundas modificacións, dispoñéndoo en planos centrados con simetría radial, aspecto máis frecuentemente adoptado pola igrexa cristiá<sup>157</sup>.

Parafraseando a Baltrusaitis, poderimos falar dunha dialéctica ornamental, é dicir, dunha reprodución máis ou menos literal das formas que exclúe a idea dun sentido preciso, pero convén lembrar que o símbolo só se conserva se evolúe, e pódese relacionar retrotraéndoo ao pasado para buscar similitudes e/ou ambigüidades, e tamén se debe saber ou intuír a importancia que o programa iconográfico de Guimarei tería durante os actos litúrxicos celebrados nas súas inmediacións. Debéndose considerar as

152 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.25.

153 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.28.

154 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.31.

155 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.56.

156 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.62.

157 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.67.


formas arquitectónicas, que teñen certo simbolismo, así como os elementos puramente ornamentais: decoración dos ábacos ou espirais das columnas<sup>158</sup>. No interior pode haber unha necesidade didáctica e apoloxética contra a herexía.

Non debemos impresionarnos demasiado pola cantidade de ritmos, dogmas e imaxes procedentes do antigo Exipto reatopadas no culto da Igrexa católica. A arte e o pensamento helénicos contribuíran poderosamente a enriquecer a iconografía exipcia e acrecentar o seu destino de supervivencia coa aparición do cristianismo. Pola súa parte, o papel xogado por Mesopotamia, Asiro-Babilonia, Siria e Asia Menor en materia de símbolos será máis concretamente de orde arquitectural e ornamental<sup>159</sup>.

Tódolos programas dunha certa importancia están dominados pola idea apocalíptica que tende máis a impresionar que a ensinar e, en lugar de temas dogmáticos, todo está centrado nunha visión única e confusa<sup>160</sup>, vencellada á repetición. En Guimarei, temos dúas quimeras opostas flanqueando un mascarón, podemos buscar explicacións no pensamento cántaro e maniqueísta, segundo o cal o home dende o seu nacemento está preso entre a alternativa do Ben e do Mal<sup>161</sup>.

Na medida en que os símbolos abandonan o seu propio ámbito, o das imaxes, para confinarse no noso inconsciente, tenderán a expresarse noutros niveis: filosofía, literatura, música, artes líricas- pero tenderán aínda a formar certos conxuntos que nos parecen comparables a aqueles xa percibidos.

### 7.1. Constantes en programas iconográficos



Queda patente a importancia do sol como astro supremo, de aí a súa vinculación co todopoderoso Deus cristián, onnipresente, onnipotente e omnisciente. Encadrábase dentro dos distintos sistemas cosmolóxicos ideados da Antigüedad, nos cales o principal punto de apoio pivota sobre a supremacía do astro rei: o Sol. De feito, a monarquía tamén buscou equipararse a este astro, de aí a denominación de Luis XV como Rei-Sol e toda a parafernalia e escenografía orquestrada en torno a el na súa corte chea de excesos e escándalos. Ademais, o Sol manifestado en lume do cal se terían creado os anxos sobre a terra,

158 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.84.

159 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.97.

160 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.116.

161 Beigbeder, Olivier: *La simbología*. Oikos-tau, Barcelona, 1970, p.120.

da cal nacería Adán<sup>162</sup>, outra proba máis da súa irrefutable valía e significación. Avicena, pola súa parte, eloxia o lume porque hai luz<sup>163</sup>, dando prevalencia ao sol pola súa luminosidade e candor.

Convén precisar se en Guimarei hai unha sistematización dos conceptos estilísticos e un cuestionamento iconográfico, seguindo a Shapiro, quen establece que o estilo non só está constituído por propiedades formais.<sup>164</sup> Podemos dicir que os grutescos de Guimarei son renacentistas porque respontan a un conxunto de formas cualitativas cheas de expresión, nas cales se manifestan a personalidade do artista e a filosofía de toda unha renacente sociedade. O artista é, ademais, un portavoz da expresión ao potenciar a expresión emotiva das formas. O estilo é a manifestación dunha cultura como un todo e representa unha característica visible da súa unidade.

Se entendese o estilo deste modo, ou sexa como “manifestación dunha cultura coma un todo” e “como característica visible da súa unidade”, aceptámolo coma unha suma de cualidades que son o resultado de innumerables datas de condicionamento social, espiritual e artístico. Dende logo que estas cualidades aparecen en ámbitos moi diversos e distintos, que posúen os suficientes elementos comúns como para abarcalos mediante un só concepto<sup>165</sup>. Unha unidade a validez da cal tamén pode ser demostrada en relación cos aspectos da vida e da sociedade alleos á arte. Segundo Schlosser tratábase de clasificar dous fenómenos diferentes: o verdadeiro estilo artístico (entendido como expresión dunha individualidade orixinal e sempre única) e a linguaxe lingüística (entendida como un fenómeno social e xeral que se manifeste nunha determinada situación de espacio-tempo<sup>166</sup>).

Cada artista de Guimarei dá unha forma diversa ao carácter do que desexan representar, por iso se nota a man dun mestre do século XVI, é a de Amaro de Campo que deixou constancia da súa actuación mediante a plasmación pétrea dun xeroglífico no coro. Falamos aquí de estilo, entendendo unha época artística diferente segundo o autor. Por outra parte, o concepto de “moda” permite determinar as diversas formas de expresión do mesmo artista ou do mesmo círculo artístico dentro dun mesmo período de tempo.<sup>167</sup>

Así como o estilo dun artista pode ser comprendido como algo subxectivamente condicionado (depende do tipo psíquico, do talento e da formación do artista), o “modo” da súa actividade está condicionada obxectivamente: depende do tipo da obra a crear, da expresión que se persegue. É moi raro que un artista se exprese nun estilo estraño ao seu tempo (a menos que se propoña realizar unha falsificación ou unha imitación). Sen embargo, xa é máis frecuente que un artista se exprese de “modos diferentes”. Nun obradoiro e na imaxinación dun creador poden aparecer obras que, aínda contendo características determinantes de estilo, están concebidos segundo “modos diferentes”<sup>168</sup>. Aplicado a Guimarei, temos que discernir que pegada pesa máis, se a do círculo de Rodrigo Gil de Hontañón ou a de Juan de Álava, tarefa na cal, nos axuda o concepto; demostrando que este concepto é un instrumento terminolóxico para

---

162 Vernet, Juan: *Astrología y astronomía en el Renacimiento. La revolución copernicana*. Editorial Ariel, Barcelona, 1974, p.43.

163 Vernet, Juan: *Astrología y astronomía en el Renacimiento. La revolución copernicana*. Editorial Ariel, Barcelona, 1974, p.51.

164 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.13.

165 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.13.

166 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.14.

167 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.15.

168 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.15.

comprender certos fenómenos que serían moi difíciles de explicar doutra forma. Cada imaxe precisa un modelo que a caracterice, aquí en Guimarei despréndese un todo harmonioso á par que enigmático.

Esta tendencia aos modos tamén se atribúe a Vitruvio<sup>169</sup> que os aplicou á arquitectura destinando o modo corintio a Venus, Flora, Proserpina e as ninfas, xa que este é o máis apropiado por ser máis airoso e está adornado con flores, follas e volutas, de acordo co delicado carácter das deusas; o cal é extrapolable ao cristianismo e á súa Virxe María presente no templo de Guimarei por ser este de advocación mariana. Esta concepción clásica da arquitectura e a súa ornamentación foi desenvolvida por Serlio e Lomazzo, entre outros<sup>170</sup>, en consonancia coa teoría do “decorum” e do “costume”: representar as cousas na súa beleza e natureza máis perfecta. Aquí, os grutescos de Guimarei supoñen unha multiplicidade de expresión estilística que determina unha culminación na obra creadora, cun coidado esmero na síntese das proporcións, o deseño, a expresión e a composición.

Quizais tamén se busque un alto grado de reflexión, de superrefinamento e intelectualismo, e haxa, do mesmo xeito, certo virtuosismo, é dicir, unha inclinación cara o desexo de impresionar por medio dos coñecementos e capacidades técnicas e en certo carácter abstracto do modelo formal en que o mundo vital impón a súa rixidez decorativa pola forza<sup>171</sup>.

O programa iconográfico de grutescos de Guimarei é homoxéneo, orgánico e rico en expresividade, enfeitizado por certa recurrencia á abstracción e ao irracionalismo. Nel a representación dos obxectos naturais e a composición da obra de arte fixo posible esta perfecta obra renacentista inmersa nun contexto ruralizante que sorprende pola súa maxestuosidade no medio da nada, é dicir, sen un centro de produción artística inmediato e cercano.

Inda que quizais o Renacemento apareza nun momento e lugar determinados como expresión dunha situación ideolóxica que se pón de manifesto en xogo de formas e contidos que representan os rendementos individuais da actividade creadora, nacida dunha actitude determinada fronte á transmisión artística. Debemos considerar a individualidade e singularidade de Santa María de Guimarei como obra illada, e tamén a súa situación histórica.

En canto á iconografía de Guimarei, apréciase vida, cambio e movemento renovador para transmitirnos unha mensaxe que roza a ambigüidade e o difícil de desentrañar. Canto máis importante é a participación da individualidade dun artista nunha época histórica, tanto máis variado e numerosas son as transformacións iconográficas que aparecen en esa época<sup>172</sup>, quizais por que se lle dé máis marxe de acción ao artista?

En torno aos símbolos como o solar ou o lunar do arco triunfal de Guimarei, atopamos imaxes sobrecargadas dun significado especial e típico, e nos que tamén se poden atopar misturados contidos tanto cristián-relixiosos como profanos dentro da chamada “gravidade iconográfica” = unha imaxe existente atrae como un imán ás novas formas iconográficas que aparecen, obrigándoas a presentar certa similitude con ela. A forza e a dirección destas transformacións foron determinadas por leis diversas nas diferentes épocas<sup>173</sup>.

Segundo Jung, as imaxes arquetípicas exercen unha especial influencia máxica: encadenan o elemento consciente da psique, a forza da imaxinación e posúen unha capacidade extraordinaria para per-

169 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie iconológica. Barral Editores, 1973, p.18

170 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie iconológica. Barral Editores, 1973, p.19.

171 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie iconológica. Barral Editores, 1973, p.51.

172 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie iconológica. Barral Editores, 1973, p.112.

173 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie iconológica. Barral Editores, 1973, p.113.

manecer con vida<sup>174</sup> = PERDURABILIDADE DA IMAXE. Segundo o pensador Ernst Cassirer: “*o home non vive nun mundo puramente físico, senón simbólico.*”

Neste eido, o programa iconográfico de Guimarei enriquecíase dun sistema de coordenadas histórico-estilísticas xa existente; así, un dos diversos contidos ideolóxicos do mundo da imaxinación humana. O mecanismo das tradicións e transformacións iconográficas está dominado polas leis da “gravidade iconográfica” o que nos leva á conclusión de que cada novo tema se asimila ao tema antigo, xa ben coñecido (Guimarei inspirándose nos grutescos de Juan de Álava).

Que pode representarse en Guimarei? quizais entren en xogo as ideas de vanidade e a fugacidade, relacionadas dende o principio co pensamento da morte e, a miúdo, coa idea do futuro renacer, por medio da continuidade da especie, da entrada da vida na natureza (de aí a follaxe) ou ben nunha dimensión máis trascendental, por medio da vida situada máis alá dos sentidos, á que terá acceso a alma inmortal despois de terse librado desta existencia terrenal, mortal e miserable<sup>175</sup>. O papel do pensamento da vanidade e da mortalidade na ideoloxía cristiá medieval foi moi diferente á existente na Antigüidade. Por aquela época, a morte significaba a fin desta existencia e o paso á verdadeira vida. Fíxose resaltar a mortalidade da existencia terrenal para aumentar a importancia do máis alá cristián<sup>176</sup>.

Tal vez alusións á morte? o pensamento da morte como motivo persoal do individuo só voltou aparecer na conciencia cando se creou un novo sentido da realidade, na época gótica, este pensamento foi acompañado polo temor, o arrepentimento e o estremecemento. Durante o período gótico e gótico tardío a idea da vanidade atopouse estreitamente entrelazada co campo iconográfico da morte, e os fenómenos máis importantes a este respecto son xeralmente ben coñecidos. Foi unha época de terribles epidemias, durante a cal a morte estaba á vista de poetas e artistas, provocando esas imaxes na súa imaxinación.<sup>177</sup>

A idea de mortalidade foi posta en relación con outros pensamentos durante o renacemento, facéndose dunha forma máis optimista e referido a este mundo; a posición desta idea reflíctese na divisa: *Vitam non mortem recogita* (reflexiona sobre a vida, e non sobre a morte; escrita nunha medalla<sup>178</sup>). A pesar do familiar que era con anterioridade, a figura da morte aparece en moi raras ocasións na Italia do Renacemento. A idea de mortalidade, da vanidade da vida e dos seus bens non desaparece, pero pónse en relación con outros pensamentos simbólicos como o perecedeiro de todo o que vive, dun modo metafórico e sen necesidade de amosar a imaxe da morte. Vendo estes grutescos, tal vez se pón de manifesto a vaidade de todas as cousas terrenais e faise comprender á conciencia que a única posibilidade de redención se atopa en Deus? convén lembrar que se alude ao Sol como lume destrutor das cousas, ou as súas consecuencias, co obxecto de materializar a idea da mortalidade.<sup>179</sup>

A arma espiritual que se utilizou contra o pesimismo, condicionado polo pensamento da vanidade, foi durante moito tempo a fe cristiá na vida futura, nun mundo trascendente. O seu contrapunto, o principio hedonista do desfrute da vida, baseado na brevedade da vida e no seu inevitable final, atopou moi pouco na era cristiana. En vista da nulidade da vida, da mortalidade do amor e do desmoronamento do

---

174 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.117.

175 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.186.

176 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.187.

177 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.188.

178 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.192.

179 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie icnológica. Barral Editores, 1973, p.195.



destino individual, o home non se debía quedar como un ser ríxido e indiferente no baleiro nin mergullarse no aburrimiento total. Temos a idea horaciana da arte como garante da continuidade da vida<sup>180</sup>. Movémonos no plano teórico mencionando a Horacio, ao neoplatonismo e tamén o gnosticismo que, como é sabido, empregou a imaxe simbólica en grado sumo para a difusión da súa doutrina.<sup>181</sup>

É un programa versificado e moralizado, centrado nun contido temático, cun significado fáctico<sup>182</sup>, pois identificamos formas visibles en certos grutescos coñecidos pola existencia práctica; pola súa parte está o significado expresivo nos que o visualizado non se aprehende pola simple identificación senón por certa sensibilidade baseada na familiaridade do que coñecemos e asociamos co que vemos. Ambos significados, denomínanse primarios ou naturais, pola súa parte o intrínseco é un principio unificador que sustenta e explica á vez a manifestación visible e o seu significado intelixible, e determina incluso a forma en que o feito visible toma forma.

Toda a figuración que hai neste arco triunfal é portadora dun significado como motivo artístico, unha enumeración destes motivos sería unha descrición pre-iconográfica da obra de arte, relacionando estes motivos con temas ou conceptos e pasando ao campo da iconografía en sentido estricto.

Podemos someter o programa a unha análise puramente formal, pero aparte, é evidente que unha análise iconográfica correcta no sentido máis estricto presupón unha identificación correcta dos motivos, implicando a manifesta intención do artista de representar un sol, malia que as calidades expresivas da figura poden moi ben non ser intencionadas.<sup>183</sup> Intrínsecamente, late o desexo de expresar unha nova actitude emocional que manifesta o Renacemento e a súa nova linguaxe compositiva e estilística. Unha interpretación realmente exhaustiva do significado intrínseco ou contido podería, incluso, chegar a determinarnos datos para asentar a fábrica de Guimarei, conxuntamente co seu programa iconográfico como renacentista, e interpretaríamos os seus rasgos compositivos e iconográficos como as súas propiedades ou características peculiares.<sup>184</sup> Traballaremos iconográficamente, cando saibamos interpretar estes valores simbólicos, que quizais incluso fosen descoñecidos polo artista mesmo e que incluso poden diferir marcadamente do que o artista intenta expresar conscientemente. O feito de que apareza un símbolo rodeado dun halo de raios dourados non sería suficiente para esta suposición, pero o contido iconográfico pagano (grecorromano) inflúe poderosamente en crer que si e establece o feito como irrefutable. Somos capaces de descifrar o que vemos, ao facelo así termamos o nosa experiencia práctica a un principio de control que pode chamarse a historia do estilo<sup>185</sup>, neste caso, renacentista. Ademais, a presenza do sol ou da lúa, son temas ou conceptos específicos, facilmente transmitidos por fontes literarias e obxectos iconográficos a "descifrar" concienciadamente, para iso recurriremos á intuición sintética.

A estética do Renacemento tiña que loitar por unha nova forma de expresión, estilística e iconográficamente falando diferente da clásica, así como da medieval, e sen embargo relacionada e deudora de ambas.<sup>186</sup> Dende a Idade Media, o tema da morte veu pisando con forza, e unha forte asociación do día, rexido polo Sol coa Vida e Nova Testamento, e da noite, rexida pola lúa, coa Morte e o Antigo Testamento. A lenda *Pia gratia surgirt in ortu* introduce a idea do amencer, e a lenda *Lex tenet in occasum*,

180 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie iconológica. Barral Editores, 1973, p.213.

181 Bialostocki, Jan: *Estilo e iconografía. Contribución a una ciencia de las artes*. Bibliotecas de las historias. Serie iconológica. Barral Editores, 1973, p.228.

182 Panofsky, Erwin: *Estudios sobre iconología*. Alianza Editorial, Madrid, 1984, p.13.

183 Panofsky, Erwin: *Estudios sobre iconología*. Alianza Editorial, Madrid, 1984, p.17.

184 Panofsky, Erwin: *Estudios sobre iconología*. Alianza Editorial, Madrid, 1984, p.18.

185 Panofsky, Erwin: *Estudios sobre iconología*. Alianza Editorial, Madrid, 1984, p.20.

186 Panofsky, Erwin: *Estudios sobre iconología*. Alianza Editorial, Madrid, 1984, p.13.

a idea da caída da noite.<sup>187</sup> Máis referencias a isto atópamolas con Ficino, quen fala dun mundo celestial ou translunar e outro sublunar ou terrestre, que é corruptible porque é un composto de materia e forma, e, polo tanto, pode desintegrarse cando estes compoñentes se separan, non se move *per se*, senón con e polo mundo celeste.<sup>188</sup> O mundo sublunar participa da eterna vida e beleza de Deus que lle comunica a divina influencia, no seu camiño a través da rexión celestial o “esplendor da bondade divina”, tal como definen os neoplatónicos á beleza.<sup>189</sup>

## 7.2. A aparición e xénese dos grutescos

Como menciona Nicole Dacos: “*les grotesques n’ont jamais été étudiés si ce n’est de façon très marginale; leur intérêt dépasse pourtant largement le cadre traditionnel de l’ornement et leur importance est loin d’être secondaire dans la culture figurative du XVI<sup>e</sup> siècle. Leur analyse jette une lumière nouvelle sur l’intelligence du maniérisme et, du point de vue théorique, soulève plusieurs problèmes fondamentaux de la Renaissance, dont la portée n’avait pas échappé aux contemporains*”<sup>190</sup>

Tras o descubrimento dunha serie de pinturas na Domus Aúrea de Nerón, desatouse a paixón polos grutescos, así denominados por ter sido atopados nunha gruta, en italiano *grotta*. Coa súa chegada desatouse unha febril e desbocada actividade escultórica auspiciada por unha imaxinación desbordante capaz de crear e concebir as formas máis insólitas, o que quizais chocase co clasicismo comedido dalgúns teóricos. Pero o certo é que o grutesco foi a clave para a iconoloxía, que se acompañou dunha serie de animais e criaturas mitolóxicas que engalanaron os programas eruditos. Enriquecíanos a base de figuras caprichosas e de combinacións canto menos sorprendentes a base de seres quiméricos e híbridos, que reptaban por pilastras e demais elementos escultóricos nun torbellino de formas caprichosas e inverosímiles.

Sen dúbida, o mundo arqueolóxico influiu moito nos grutescos ao descubrir a Domus Aúrea en 1480<sup>191</sup> e permitir enriquecer a análise iconográfica que tan sabiamente se nutriu das fontes clásicas. O grutesco apareceu timidamente nas artes menores, para converterse no protagonista absoluto e indiscutible de programas iconográficos e escultóricos por antonomasia, introducindo unha ampla nómina de numerosos e xeniais artistas.

Estes artistas non só se inspiraron na Domus Aúrea senón tamén noutros insignes monumentos romanos como a Villa Adriana de Tívoli e o Coliseum de Roma, “*d’un accès aisé pour tous les artistes, les stucs du Colisée, encore visibles dans les passages Nord et Sud de l’amphithéâtre, sort probablement ceux qui ont marqué le plus fortement les hommes de la Renaissance*”<sup>192</sup>.

Convertiranse en algo tan recorrente e habitual, que haberá ata multiplicidade e recurrencia na profusión de grutescos na Italia do Quattrocento “*sur les tombeaux, dans les églises et dans les palais, le plus souvent les éléments architectoniques étaient ornés au Quattrocento de rinceaux ou de candélabres qui s’étendaient en frises ou s’élevaient le long de pilastrés; parfois ces motifs se mêlaient et se stylisaient et la tige du vase ou ses vasques succesives se terminaient en feuilles d’acanthé*.”<sup>193</sup> L’origine antique de ce type de décoration est manifeste. Les tailleurs de pierre interrogeaient les reliefs romains qui jonchaient le sol non

187 Panofsky, Erwin: *Estudios sobre iconología*. Alianza Editorial, Madrid, 1984, p.154.

188 Panofsky, Erwin: *Estudios sobre iconología*. Alianza Editorial, Madrid, 1984, p.192.

189 Panofsky, Erwin: *Estudios sobre iconología*. Alianza Editorial, Madrid, 1984, p.193.

190 Dacos, Nicole: *La découverte de la domus Aurea et la formation des grotesques a la Renaissance*. The London The Warbug Insitute University of London, 1969, préface.

191 Dacos, Nicole: *La découverte de la domus Aurea et la formation des grotesques a la Renaissance*. The London The Warbug Insitute University of London, 1969, p.8.


192 Cf. en dernier lieu. N. Dacos “Les stucs du Colisée. Vestiges archéologiques et dessins de la Renaissance”, dans *Latomus*, 31, 1962, pp.334-355, Dont n’est repris ici que l’essentiel, p.43.

193 Cf. notamment J. Baum, *Baukunst und dekorative Plastik der Frührenaissance*, Stuttgart, 1920.

*seulement á Rome mais aussi á Florence, á Padoue et dans tous les sites où des ruins étaient visibles. Mais si le point de départ est archéologique, une fois reproduits dans des cahiers de modèles, où le processus de stylisation est souvent très poussé, transmis de main en main et d'atelier en atelier ils se développent de manière autonome. Tel est le cas des dessins de Francesco di Giorgio, du recueil de Bellini, du Codex Escurialiensis ou des recueils de Giuliano das Sangallo, ensembles qui se distinguent par des variantes régionales, mais dont les répertoires s'enrichissent au contact les uns des autres et livrent aux artistes une sorte de koiné decorative, que les apports constants préservent de l'appauvrissement et de l'ankylose.*<sup>194</sup>

Expandíranse con tanta celeridade que “colonizarán” elementos artísticos da man de Ghirlandaio, Raphael, Filippino Lippi en Florencia, Signorelli en Umbria... Sen lugar a dúbidas, a contribución dos gravados será decisiva para a decoración ornamental das fachadas dos palacios, de cerámicas<sup>195</sup>... e mesmo, incluso, para a creación de novos repertorios artísticos.

Inspirándose na Domus Aúrea, nace o motivo reiteradamente repetido con posterioridade do *candileiri*, que veremos en Santa Eulalia de Banga e no renacemento salmantino.



Domus Aurea, sala 85, detalle dunha ábsida.

194 Dacos, Nicole: *La découverte de la domus Aurea et la formation des grotesques a la Renaissance*. The London The Warburg Institute University of London, 1969, p.57.

195 Dacos, Nicole: *La découverte de la domus Aurea et la formation des grotesques a la Renaissance*. The London The Warburg Institute University of London, 1969, p.78.



Codex de Pietro Cattaneo, fol.3. *Voûte de cryptoportique. Troisième composition de la partie Est, détails* (Florence, Offices, Arch. 3277)

Na anterior imaxe vese o tema recorrente dos animais fantásticos enfrontados un ao outro, tal como sucede en Guimarei, de feito o último híbrido vai na liña dos que están no arco triunfal onde se desenvolve o programa iconográfico de Santa María de Guimarei; tamén van alados.





École de Pietro Lombardo, *détail de una pilastre du grand arc* (Venise, San Marc des Miracles)

Na anterior imaxe vemos o movemento en espiral de animais fantasiosos que lembra as colas dos dragóns de Santa María de Guimarei. Aparte, o sol como motivo simbólico non é algo novedoso e inusual no programa iconográfico de Santa María de Guimarei, é visible noutros programas como:



Pinturicchio, *voûte de la salle du Credo* (Vatican, Appartements Borgia)

### 7.3. Galería fotográfica de grutescos



1. As quimeras flanqueando o mascarón antropomorfo invertido.



2. O símbolo lunar, reminiscencias paganas cristianizadas.



3. O símbolo sol antropomorfo.



4. O sol con cara.





5. Liña de imposta percorrida por dragóns de perfil sinuoso e ondulante (dinamismo fronte a linealidade).



6. Dragóns maléficos en actitude de atacar o mascarón



7. Detalle das escamas do dragón en actitude ameazante cara o mascarón do lado oposto da liña de imposta.



8. Ménsula antropomorfa, similar á existente no pórtico norte da catedral de Lugo.



9. O mascarón visualizado dende o lado da súa inversión.



10. A bóveda estrelada da cabeceira da igrexa de Santa María de Guimarei.



11. A cola serpenteante do dragón trepando polo arco triunfal.



## Despece da bóveda de Guimarei



1. O escudo coa xenealoxía dos Berbetouros



2. O anagrama IHS.



3. Roseta floral.



4. Anagrama da Virxe María.



Vista xeral da bóveda.



Visión en negativo da bóveda antecedida polo arco triunfal onde se desprega o programa iconográfico a base de grutescos.

## ➤➤ 8. Arquitectura civil

### 8.1. Os pazos de Friol: os esquencidos

#### 8.1.1. O concepto de pazo

A fidalguía galega foi calificada de “intermediaria” por ter conseguido grandes foros de mosteiros, mitras, cabidos e casas de aristocracia. Habitaban construcións señoriais denominadas “pazos” inseridos nunha paisaxe rural galega que se adorna aquí e alá con este tipo de arquitectura civil de gran forza evocadora e de rasgos sen dúbida singulares. Son as residencias campestres da fidalguía galega do Antigo Réxime que, só modernamente, terminaron por identificarse na linguaxe común co termo “pazo”, por máis que esa xenérica aplicación resulta cando menos inoportuna.

O vocablo pazo, preciso só en aparencia, dérvase do sustantivo latino palatium – o palatio ou paço das linguas romances que suxería no seu propietario o exercicio dunha certa potestade xurídica ou fáctica.<sup>196</sup> Sen embargo, sobre todo tras a vulgarización do mesmo, o concepto que lle dá significación revélase enormemente ambigüo e en moitas ocasións resulta incluso contradictorio. De aí, pois, a dificultade ou a propia imposibilidade de abarcar con unha sinxela definición a complexa realidade que se agocha tras esta arquitectura señorial tan característica dos nosos séculos modernos. Para uns, por exemplo, o termo “pazo” debería reservarse en exclusiva ás mansións singularmente luxosas, ou exactamente palaciegas, mentres que para outros, pola contra, serviría mellor para englobar a todo o amplo e variado conxunto de

196 Pérez González, Maurillo y Pérez Rodríguez, Estrella (edits.) *Corpus Christianorum. Lexicon Latinitatis Aevi Regni Legionis (s. VIII-1230) imperfectum*. Turnhout: Brepols, 2010, pp.542-543.



casas ou residencias da nobreza. É dicir, para a xeneralidade das edificacións blasonadas que caracterizan o espazo rural galego cando non - así o entenden algúns- ata os propios espazos urbanos.<sup>197</sup>

Por iso, poden ser grandes ou pequenos, suntuosos ou austeros, todos os pazos están cargados sempre dun certo grao de nobreza; era o que afirmaba socialmente ó seu propietario e, ao tempo, o que simbolizaba o seu desexo de sobrepoñerse ao seu entorno.

De aí, por conseguinte, que as dúas coordenadas fundamentais- o medio rural e a forma de vida señorial- procuran conxugarse formalmente neles con toda unha recurrencia de elementos e detalles. Entre os máis caracterizados, aínda que sen ningunha categórica adxetivación, figuran grandes muros e os portalóns, que delimitan e definen o conxunto, así como os patíns e as solanas, as arcadas e as escalinatas, as balaustradas, as fontes, as grandes chemineas<sup>198</sup> (= como en San Paio de Narla).

A orixe histórica deste tipo de edificacións debe buscarse, inevitablemente, na arquitectura militar medieval, inda cando a súa peculiar natureza e carácter puideran inducir doadamente a unha valoración moi diferente. E é que os castelos e fortalezas do Medievo, ao igual que os pazos dos séculos modernos, foron, sobre todo, unha referencia indiscutible e fundamental na conformación dos grupos familiares da nobreza e, moitos deles, tras sobrevivir aos cambios producidos no outono medieval, aínda o seguiron sendo despois.

En realidade, o dilema inevitable entre o abandono case absoluto ou a adaptación aos novos modos de vida foi o que lle permitiu transferir os adarves das torres en excelentes miradores e as frías salas de armas en amplos e refinados salóns. Esta singular adaptación descóbrese en infinidade de testemuñas repartidas polos rincóns máis apartados da xeografía galega. Con toda claridade obsérvase, cando menos, no castelo de Soutomaior, inda impresionante e soberbio, tamén no extraordinario conxunto monumental de Monterrei ou nas magníficas fábricas de Amarante, Oca, Xunqueiras, Vilamarín ou San Paio de Narla. A esta breve nómina, que sen dúbida foi moito máis extensa do que hoxe aparenta, mesmo podería incorporarse un elevado número de casos notables, malia que de menor orde, entre eles, só por exemplo, os de Teanes, Nogueira, Penela, Vilardefrancos, San Miguel das Penas, Miraz, Samarugo, Terrafeita...ou a de Tovar ou Canedo.



Pazo de Quindós (Cervantes, Lugo)

197 Véase Pereira Morales, Ana María: "Pazos, paisajes, artifices y moradores" en Lobato, Xurxo (coord.) *La Galicia de los pazos*. A Coruña: La Voz de Galicia, D.L. 2001, p.210.

198 Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo: *Los pazos y sus señores*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento", Santiago de Compostela, 2013, p.47.

Co tempo, a adaptación das edificacións medievais de carácter militar ou a súa directa ampliación con novas ás residenciais deu paso a fórmulas arquitectónicas claramente arcaizantes. Deles son testemuña os evocadores detalles de carácter militar que exhiben moitos dos pazos erguidos nos séculos modernos; desde os simples almenados -estratexicamente dispostos- ás verdadeiras torres e nova planta, como poden ser en Borraxeiros, Cereijo, Quindós, Lusío, San Tirso, Adelán ou Vilaboa.

Pese a todo, a gran maioría das residencias compostas da fidalguía galega carecen deses detalles tan característicos das construcións militares medievais ou, como moito, mostran, só algúns deles, un claro sentido ornamental e decorativo. O normal, certamente, é que os pazos galegos sexan de nova planta e responden, así mesmo, a novos criterios sociolóxicos e estéticos propios xa dos séculos modernos. Un número apreciable destas outras edificacións erguéronse a partir da segunda metade do século XVI- coincidindo coa xeneralización dos vínculos e morgados- e a maior parte durante as dúas centurias seguintes, cando xermina e trunfa o gusto barroco. Non poden ignorarse, sen embargo, a natural derivación deste tipo de edificacións como aqueles outros que se ergueron no século XIX- inda a comezos do século XX- en paraxes verdadeiramente privilexiadas e xa con evidente e case exclusivo carácter residencial.

Ata chegar a ese modelo postreiro, non menos singular, as mansións señoriais galegas pasaron por moi distintas fases tipolóxicas, recibindo no transcurso do tempo multitude de influencias<sup>199</sup>. Así dende as súas máis remotas orixes arquitectónicas, que segundo Álvarez Gallego deberían buscarse na casa romana<sup>200</sup> da primitiva arquitectura militar e tamén da propiamente campesiña e monástica, das casas de pracer italianas e das construcións portuguesas do mesmo tipo, sen que estén ausentes na evolución do conxunto pacego, por último, as claras influencias dos mestres santanderinos que viñeron traballar a Galicia. O resultado é, en suma, unha pauta construtiva tan especial que Bonet Correa chegou a calificala como un dos capítulos máis peculiares e sobresaíntes, tanto pola súa tipoloxía como polos seus aspectos estilísticos, atemporais e sincréticos, de arquitectura civil peninsular.<sup>201</sup>

Salvo contadas e moi sobresaíntes excepcións, como as torres de Allo- de sabor manuelino- o pazo de Mariñán ou o hoxe chamado pazo de Sistallo, nestas zonas de Galicia norte está moi caracterizada unha certa tendencia cara a sobriedade, oscilando case sempre entre o rústico e o campesiño. Os que máis acusan esta preferencia son, precisamente, aqueles que inda hoxe seguen designándose con expresións tan descritivas como casa-torre, casa-forte ou sinxelamente casa grande. En todos eles, tanto nas das montañas do interior coma nas do litoral, as harmónicas proporcións e as liñas repasadas e sinxelas conxúganse habilmente e con frecuencia non especialmente significativa. Estas singularidades, malia que en moitos casos non acadan en proporción ao conxunto o nivel do que estrictamente cabería situar no difuso ámbito do palaciego, si logran facer patente a particular vantaxe de simbolizar unha certa posición de poder ou a simple preeminencia social de quen os ergueron e habitaron, expresando ao propio tempo un certo grado de cultura, de refinamento ou de estilo de vida diferentes ou exactamente superiores ao dos seu entorno máis inmediato.

---

199 Para coñecer evolucións e características tipolóxicas, así como unha abundante caústica, segue resultando útil GARCÍA IGREXAS, Xosé Manuel, *Pazo de Galicia: inventario do patrimonio histórico artístico galego*, 2ª edición. Rev. Santiago de Compostela. Consellería de Cultura e Xuventude, 192, 2 vols.

200 ÁLVAREZ GALEGO, Gerardo: *Los pazos: estudio preliminar*. Cuadernos de Arte Gallego, núm. 25. Vigo: Castrelos, D.L. 1963, pp. 8-12.

201 BONET CORREA, Antonio: *La arquitectura en Galicia durante el século XVII*. Santiago de Compostela; CSIC, D.L. 1984, pp. 323-324.






Torres de Allo, Zas (A Coruña).

Pero máis aló desa materialidade física, a vixencia do concepto de pazo ou de vida pacega no seu sentido máis amplo, resultou ser un feito de natureza complexa, pois nel confluíron circunstancias de moi diverso carácter. Entre eles, en primer termo, aqueles que o convertiron nunha institución clave do réxime señorial galego e que non sexa só un tipo de morada máis ou menos suntuosa de nobleza dos séculos modernos. A través do pazo canalizábanse as relacións entre os distintos estamentos sociais que tiñan na agricultura a súa base económica; é dicir, os propietarios rurais e os campesiños fundamentalmente. De aí, pois, que a súa ubicación acostumara a ser sempre un punto estratéxico en medio da propiedade señorial, preferindo- polas súas condicións climáticas, a súa beleza e a súa produtividade- as campiñas, as suaves ladeiras e as cercanías dos ríos. E de aí, tamén, a propia confirmación do chamado conxunto pacego, onde o edificio principal- a resistencia ou morada propiamente dita dos seus propietarios- adoita complementarse con toda unha variada serie de dependencias anexas, polo xeral carentes de valor artístico, como as vivendas de caseiros e servidume, as cortes, os cobertizos de servizo, os palleiros, o pombal...<sup>202</sup>

---

202 Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo: *Los pazos y sus señores*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento", Santiago de Compostela, 2013, p.51.



Fonte: Archivo de la Real Chancillería de Valladolid, Dibujo de la Torre de San Payo de Narla en Giá (Lugo). Planos y dibujos, desglosados, nº58, fecha de creación: 1510 (s.XVI)

A liñaxe, por outra banda, isto é, a memoria xenealóxica, o culto aos antepasados e as continuas alusións á gloria da liñaxe; por se o renome ou apelido e as propias armas heráldicas fan os sinais identificadores de liñaxe, o soporte e referente material que o fundamentaba non foi outro que o patrimonio e, moi en particular, o solar que o identificaba, é dicir, a casa ou fortaleza no medievo e o pazo nos séculos de modernidade. Por iso, a continuidade e o acrecentamento de aquel garantían a propia pervivencia da liñaxe.<sup>203</sup>

A través da liñaxe do pazo, Antonio de Tovar amósanos a súa procedencia castelán-leonesa, destacando a súa vinculación das terras galegas coa área vallisoletana. Trala morte de Antonio de Tovar, acontecida antes do 6 de xullo de 1544, sucédese a organización das nupcias da súa filla Brianda de Tovar que contraeu matrimonio con Fernán Pérez das Seixas, señor do coto de San Paio. Isto supón un dato moi relevante porque implica a introdución de gustos arquitectónicos casteláns na área de Friol, previamente influenciada por ecos portugueses debido ao contacto de Vasco das Seixas con Portugal.

A carta de “contrato dotal” redactouse en Lugo o 13 de febreiro de 1548, incluíndose no seu texto a mellora “*con todo lo que a mi perteneçe en las casas de Lorençana, sitas en el coto de Canedo y los más a ellos anejo, en la jurisdición çebil y criminal según y de la manera que esté demarcada, para que después de mi fan y m(u) erte la dicha doña Brianda, mi hija y sus erederos y subçesores ayan de llebar y llevan toda la dicha casa enteramente*”<sup>204</sup>

A liña de titularidade continuou en Fernando das Seixas, señor da fortaleza “*de San Paio de Narla coa súa terra e jurisdicción, y de la casa y mayorazgo de Canedo, sito en el valle de Lorençana*” que con-

203 Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo: *Los pazos y sus señores*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, Santiago de Compostela, 2013, p.55.

204 VALLADOLID, Archivo de la Real Chancillería, registro de ejecutoria, caja 1657, núm. 9. fols. 6 r.v.

traeu matrimonio con Aldonza de Ulloa, nacente desta unión conxugal dúas fillas: María das Seixas e Brianda de Tovar.<sup>205</sup>

Ao igual que Vasco das Seixas, Antonio de Tovar encargárase de abrir novas ventás, reestructurar a composición interior e adecuarse ás linguaxes estilísticas do momento, en particular do gusto renacentista do que podería ter coñecemento directo en Castela, como unha adaptación a un modelo castelán dos que él coñecería, tal como as proporcións e trazos suntuosos de cheminea. Raramente atopamos unha construción correspondente a unha soa etapa construtiva, a meirande parte sufriu un crecemento desorganizado e algo caótico. Ambas torres, Narla e Tovar xeran connotacións ideolóxicas codificadas nunha militarización da paisaxe, en Tovar non se chegaría a construír arredor da metade do que estaba proxectado en orixe, ¿aconterecería o mesmo en San Paio de Narla? indubidablemente, si houbo moitas variacións e modificacións, perdendo así a caracterización arquitectónica que perseguía o fundador da fortaleza; o que temos en conta é un corpo palaciego residencial de planta rectangular, de aí a necesidade das chemineas, e espazos internos que se foron reutilizando continua e constantemente.

En suma, estamos ante unha fortaleza baixomedieval, con orixe nunha torre señorial, que inicialmente contaría con escasos vanos cara o exterior, pero que no século XVI se somete a unha reforma estética que conduce á apertura dunha serie deles, incluso provocando fallos estruturais, como o que pode observarse, no alzado desta torre de homenaxe. Nese momento é cando abandona o carácter militar para enfatizar a connotación pacega, ao igual que en San Paio de Narla.

San Paio articulase en torno ao patio, máis de tipo palaciano que castrense e non esquecemos o medio no que se empraza, que o dota de significación e o condiciona. Percibimos unha construción eminentemente residencial a execución da cal presenta un claro corte renacentista, onde quizais se quixese controlar o interior da zona pacega para liberar aos usuarios de interiores sombríos, fríos, húmidos e pouco acolledores e buscando unha visión unitaria e total (euritmia do conxunto).

### *8.1.2. As casas fidalgas de Friol*

Tendo en conta o señorío de San Paio de Narla que inflúe co seu poder nos seus arredores creando toda unha estrutura de influencias conformantes dun poderoso dominio, cabe pensar na nobreza cercana que puidese nutrirse da existencia desta insigne fortaleza.

Dalle máis luz a esta hipótese o feito de contar con pequenos vestixios que nos axudan a refortalecernos nas nosas impresións. Cerca de San Paio de Narla, atópamonos con Guimarei, xa estudado no compendio desta tese e que supón un reduto de exquisita arquitectura, prelude dun anunciado e agardado renacemento arquitectónico. Non obstante, non só sobresa Guimarei; moi preto tamén temos Prado, unha parroquia friolense que nos sorprende cos restos románicos da súa igrexa e unha enigmática casa coñecida como “casa do fidalgo” e que posúe un tímpano moi curioso no cal hai unha figura ou símbolo inciso que semella ser unha ballesta. Explicar a existencia dunha ballésta na casa “do fidalgo” supón abrir camiño ás especulacións. Pénsase que esta casa foi unha antiga torre de Prado, que como todas as construcións deste xénero, teñen a súa orixe na Idade Media. Enlazando co xa suposto sobre a historia das béstas e o seu controvertido uso, engadiremos que as circunstancias da nosa historia en constantes loitas cos reinos musulmáns, cara que a fin de xustificarse os medios, e polo tanto as denostadas béstas. E dado que a guerra era un medio de promoción social, a bésta non foi deslaxada. Incluso no século XIII, en Castela, a bésta está documentada en mans da cabaleiría e das mesnadas señoriais. No *Victorial* ou *Crónica de Don Pero Niño*, conde de Buelma, escrito no século XIV por alferez Don Gutiérrez Díaz de Games, descríbense como armas propias dos cabaleiros, a lanza e a espada, a maza, o arco e a ballesta.

Moitos fidalgos do norte peninsular teñen a súa orixe neste período de Reconquista polo que a súa orixe é castrense, se ben a súa evolución posterior será administrativa (posible reforzo para controlar a xurisdicción de San Paio de Narla?), condición que será herdada polas xeracións futuras cando o componente bélico quede relegado.

205 MADRID Archivo Histórico Nacional, sección Clero, L.6562. fol. 18r. 263 r.-264 r., 266 v.-267 r., 270 v.271 r., 280 v.- 281 r., 322 v. e 456 r. -460 r.

A partir de entón, o fidalgo vai participar activamente na administración local e gozar de privilexios. Quizais, neste contexto encaixa a representación da bésta na “casa do Fidalgo” como símbolo dunha orixe que foi preservada por xeracións futuras como unha anterga lembranza.

Por outro lado, e inda que o relevo en cuestión non é un escudo (non identificable como peza heráldica), a ballesta en heráldica é símbolo de intrépido guerreiro, disposto a vencer ou morrer no intento, e aparece en apelidos que evocan a súa orixe: Ballesteros, Ballester e en Galicia, no apelido Bonajo, Almoina, Almuiña, Cabo, Somoza, Xaviña (para saber máis *Simbología y diseño de la heráldica gentilicia Galaica* de Luis Valero de Bernabé e Martín Eugenio).

Tamén os ballesteros aparecían con frecuencia vencellados con ordes militares como a de Santiago, da que sabemos que tivo a súa presenza en Friol (Rocha de Narla, tamén unha casa torre ou torre, como supostamente Casa do Fidalgo). Hai escaseza de datos, pero algúns din que Antonio Prado e Ulloa, señor da casa de Prado, cruzou cabaleiro da Orde de Santiago en 1866, segundo Expósito.

Como última apreciación, só nos resta dicir que na Idade Media, as béstas era frecuentes nas laudas sepulcrais e tamén como signos lapidarios de canteiros, se ben, ningún destes casos encaixan co particular caso da bésta da casa “do fidalgo” de Prado, onde a entidade do relevo parece gardar outra intencionalidade.<sup>206</sup>



Relevo da bésta na casa do Fidalgo de Prado

No relativo aos pazos de Friol, percibimos unha serie de notorias e inconfundibles características, que pasamos a enumerar a continuación:

1. Arquitectura doméstica, polo tanto, é unha arquitectura sen turrificar e dulcificada para facer a vida máis cómoda e levadeira.
2. Búsqueda de luminosidade e ventilación, por iso a apertura dos vans e pérdese o medo á insistente necesidade de protexerse, moi arraigado na época medieval, de aí a presenza de saeteiras e troneiras salpicadas por doquier, caprichosamente, por toda a construción.
3. Perfecta fábrica construtiva- cadeirares perfectamente escadrados e labrados dando simetría.
4. Estrutura cadrangular en bloque.
5. Dimensión volumétrica nova e moi definida.
6. Arco de medio punto sobre a porta de acceso, constante moi repetida en todos os pazos de Friol.
7. Novo tratamento epidérmico, suavizado e tamizado, lonxe da rudeza de aparellos máis militarizados a xeito de fortalezas inexpugnables; búscanse cómodas vivendas civís.
8. Necesidade de alardear de nobreza, presenza de escudos nobiliarios na fachada para



testemuñar o poderío da familia.

9. Posibilidade de estruturas abalconadas sustentadas por potentes mensulóns de gran rotundidade volumétrica (ao estilo da casa torre de Friol, baixo estas liñas)



Pazo torre de Friol.

Outros vestixios da nobreza de Friol son exemplos como éstos nos que se ve a impronta renacentista:



Casa de Freixido.



Casa de Santalla de Devesa.

## Outros vestixios da parroquia de Prado



Capital corintio de Guimarei



Capitel románico de Prado.

Cales son as principais diferencias entre ambos capiteis?

O capitel corintio de Guimarei respoosta, en grande medida, ás directrices arquitectónicas desta orde, inspirado na Antigüedad. É a máis elegante e ornamentada das ordes arquitectónicas clásicas. Atribúese a súa creación ao escultor grego Calímaco no século IV a. de C. Esencialmente é similar á orde xónica, da que difire basicamente na forma e no tamaño do capitel. Unha das construcións máis destacadas executadas segundo as pautas estilísticas da orde corintia é o monumento de Lísicrates en Atenas, erguido cara o 334 a. de C.

En Guimarei, a columna semella apoiarse sobre un plinto, peza prismática de planta cadrada de pouco espesor. Aquí o fuste vai caxeado, en troques de repostar á normativa de ser de sección circular e



presentar unha longa éntase (é dicir, maior diámetro para dar harmonía ao fuste e dar a impresión de maior esvelteza á columna) e isto é unha das constantes e características máis definitivas da arquitectura hontañoniana, que puido ter absorbido e plasmado aquí algún discípulo de Rodrigo Gil de Hontañón. En canto ao capitel, aquí está reducido á súa mínima expresión, porque normalmente adoita ser ou amosar aparencia de campá invertida ou cesta da que reboasen as follas de acanto, os tallos do cal dan lugar a unha especie de volutas ou espirais (caulículos) nas catro esquinas. Isto faise palpable en Guimarei e supón, ademais, o elemento sustentante do que parte o arco triunfal no que se despliega todo o maravilloso e logrado programa iconográfico de grutescos da igrexa. Unha auténtica e excelsa xoia artística, sorprendente polo seu carácter unívoco e a súa autenticidade vencellada á súa singular unicidade, que a fai sobresaír e destacar por encima de todo (só quedando relegado pola bóveda de crucería) debido á súa gran valía artística.



Piar cajeado (característica da arquitectura de Rodrigo Gil de Hontañón)

Pola súa parte, o capitel románico non é tan canónico e permite maior diversidade escultórica. Mantén a función estrutural e compositiva, pero actúa como peza de transición entre dúas partes construtivas tan diferentes como aquelas entre as que se interpón. Pero nesta época medieval, o románico, foi, así mesmo, un instrumento didáctico de primeira orde, pois conferiuselle a tarefa de transmitir aos fieis as ensinanzas evanxélicas, as do Antigo Testamento ou as das vidas dos santos, por medio das representacións figurativas de escenas apropiadas, denominándose "capitel historiado". Durante o período gótico, o capitel foi perdendo categoría, sendo substituído por sinxelas molduras, ata tender a desaparecer na súa última fase, a principios do século XV. Co Renacemento e o Neoclasicismo voltouse á utilización dos capiteis clásicos segundo os canónes das ordes arquitectónicas gregas e romanas.



Capitel fitomorfo, é dicir, de tipo vexetal, presenta unha superposición a base de palmetas (lembra ás acróteras gregas) e abultadas follas de formas polilobuladas con liña divisoria central, dispostas a dereita, esquerda e ao medio, delimitando a forma prismática.

## ➤➤ 9. Un fermoso achádego: a casa renacentista da Purreira

A uns escasos kilómetros do núcleo urbano de Friol, atópase a localidade de A Purreira, cercana á parroquia de Narla. É nesta ubicación onde nos atopamos esta rara e inusual exquisitez, sorprendente polo seu carácter único e case excepcional. Destaca, sobremaneira, sobre os outros pazos renacentistas friolenses como Trasmonte, Freixido, Santalla de Devesa... pola súa beleza escultórica incrustada na arquitectura funcional dunha vivenda doméstica, o que nos permite falar de arquitectura civil fronte á eclesiástica.

En primeiro lugar, chama a atención como elemento central o *putti* ou anxelote similar ao de San Paio de Narla ou ao escudo dos Luaces de Mondoñedo. Xunto a el, temos a decoración a base de boliñas, a modo de cornixa como tamén atopamos na igrexa de Banga, en Ourense, sendo unha decoración moi lograda a base de bolas como o capitel do palacio de Miraflores. Esta decoración de bolas, máis esquemática, vémosla na pía bautismal de Vilaouriz, situada extramuros da igrexa, un feito curioso do que deixamos constancia nesta imaxe:



Pía bautismal.

Convén sinalar a decoración antropomorfa emprazada a ambos lados da cornixa do tellado con función apotropaica e defensiva contra o mal. De forma especialmente significativa, vese a combinación dunha decoración antropomorfa e outra fitomórfica no marco da dovelaxe da porta, a modo de ramas en expansión como prolongación, que reptan pola epiderme pétreo, intentando colonizar o espazo; na liña da porta do gótico mariñán de Rianxo.



Igrexa de Santa María das Areas  
(Fisterra- A Coruña)  
Porta lateral. Primeiro cuarto do século XVI

A molduración de boliñas dá un marcado carácter de horizontalidade en contraste coa verticalidade rompedora e contundente da portada disposta simetricamente no eixo vertebrador da fachada. Sobre a cabeza do querubín unha figura simbólica desdibuxada que se asemella á árbore da igrexa de Narla e ao que hai nunha xanela da torre de homenaxe de San Paio de Narla, lembrar que o territorio ocupado por esta fortaleza englobase dentro do arciprestadode Narla.



**Casa de la Jurisdicción.**

Anagrama. Casa da Xurisdicción. Abel Expósito [recurso en línea]

Esta é unha teoría esgrimida por Abel Expósito e que amosou nas redes sociais no grupo de Facebook: o parladoiro de Friol, e nós tamén cremos que aquí pode verse un anagrama de Cristo IHS, tal como tamén se ve nunha das claves da bóveda de Guimarei.

IHS é un monograma do nome de Xesucristo, é dicir, un cristograma. San Ignacio de Loyola (1491-1556) adoptou o monograma no seu selo superior da Compañía de Xesús (1541), e dese xeito converteuse no emblema do seu instituto<sup>207</sup>. En conclusión, a existencia deste anagrama indica a asimilación a Xesucristo e a súa presenza nesta edificación da Purreira pode ter carácter de protección ou de difusión da doutrina do cristianismo, dando a entender que os seus moradores son cristiáns e abrazan esta relixión monoteísta.



Guimarei, bóveda. Anagrama IHS




Sant Josep, 30. Moia  
<https://www.rondaller.cat/2021/01/09/el-monograma-ihs/>

207 <https://es.wikipedia.org/wiki/IHS>



## Análise compositiva e estilística da porta de Purreira




1. **Dualidade de cabezas apiñadas como remate de tellado a modo de acrótera.** O motivo de bustos en relevo enmarcados de láureas é, sen dúbida, un motivo ornamental habitual no Renacemento, pois trátase de imaxes apotropaicas, un elemento iconográfico tomado de Horapolo, con función simbólica é a defensa da casa.<sup>208</sup>
2. Liña de imposta con molduración a base de boliñas.
3. Cara con man figurada a modo de saledizo na cornixa.
4. Moldura con curioso anagrama. Escudo IHS ou casa xursidiccional? Abel Expósito [recurso en liña].
5. *Putti* ou anxelote de rostro redondeado e inflado.
6. Decoración fitomórfica a modo de ramaxes simulando como hedra.
7. Molduración de bolas, similar ao do palacio de Miraflores.

208 Moreno Mendoza, Arsenio: *El palacio ubetense del século XVI. Entre la tradición medieval y la renovación clasicista*. Uned. Espacio, tiempo y forma. Serie VII, Hª del Arte, 2003, p.33.



Molduración de San Paio de Narla e do palacio de Miraflores.

Vemos, en A Purreira, unha portada con fendaduras laterais, tipo abocinado, con dobre fendadura por onde discorre o botonado da decoración a modo de botóns protuberantes e abultados. Quizais, poderíamos falar de influxos manuelinos a imaxe e semellanza das Torres de Allo?



Xanela das Torres de Allo.

## ➤➤ 10. Marcas delatadoras doutro tipo de arquitecturas: os arcos conopiais e outros aditamentos.

A pervivencia de certas partes arquitectónicas e/ou escultóricas en fachadas ou construcións posteriores, fálanos dunha tendencia ou un gusto artístico enclavado nun período en concreto. É o caso dos arcos conopiais como o atopado na parroquia de Prado, no peche dun muro, moi próximo á xa devandita “Casa de Fidalgo”, e que nos inunda de dúbidas que tipo de construción puido existir alí?, pois non é un simple material de recheo, quizais unha peza de reutilización, pero, evidentemente trátase dun vano non dunha porta. Como enmarque dunha porta, temos o que se sitúa en Trandeiras tapiando unha porta:





Arco conopial de Prado (Friol)

Fonte: foto obtida pola xentileza do párroco D. Alfonso Fraga




Arco conopial enmarcando porta arquitectónica en Portugal



Bon Xesús de Trandeiras, porta con arco conopial tapiada

Outras similitudes:

1. Basa con boliñas do palacio de Miraflores de Lugo.
2. Remates de bolas en San Paio de Narla.





## ➤ 11. Bibliografía

- AA. VV.: *Medallas y otras "curiosidades" relacionadas con la moneda. Ciclo de conferencias. Madrid, 29 y 30 de noviembre y 1,2 y 3 de diciembre de 1993.* Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y archivos, Madrid, 1994.
- AA.VV.: *Galicia Arte. Galicia en la época del Renacimiento.* Tomo XII, Hércules de Ediciones, S.A, 1993.
- AA.VV.: Valle Pérez, Xosé Carlos (coord.) *Del tardogótico al manierismo. Galicia e Portugal.* Fundación Pedro Barrié. Fundación Calouste Gulbenkian, A Coruña- Pontevedra, 1995.
- AA.VV.: *Actas Congreso Internacional sobre San Bernardo e o Cister en Galicia e Portugal. Volumen I.* Ourense, 1992.
- AA.VV.: *El retrato del Renacimiento.* Museo Nacional del Prado. Ediciones El Viso, 2009.
- AA.VV.: *Galicia Arte. La época del Renacimiento. La pintura del século XVI.* Hércules de Ediciones S.A., 1993.
- AA.VV.: *Mecenazgo y conservación del patrimonio artístico: reflexiones sobre el caso español.* Fundación Argentaria, Madrid, 1995.
- AA.VV.: *Museos de Lugo.* Publicación de El Progreso con la colaboración de Fundación Caixa Galicia. Xunta de Galicia. Consellería de Educación e ordeación universitaria.

- AA.VV: *Arquitectura del Renacimiento en España 1488-1599*. Editorial Cátedra, Madrid, 1989.
- AA.VV: *El retrato del Renacimiento*. Museo Nacional del Prado. Ediciones El Viso, 2009.
- AA.VV: *Mecenazgo y conservación del patrimonio artístico: reflexiones sobre el caso español*. Fundación Argenteria, Madrid, 1995.
- AA.VV: Venecia y el Véneto. *Guías visuales*. Editorial País Aguilar, Madrid, 1ª edición, 1996, 2ª edición, 2008.
- AA.VV: Venecia y el Véneto. *Guías visuales*. Editorial País Aguilar, Madrid, 1ª edición, 1996, 2ª edición, 2008.
- Acuña J.R. y Cabo X.L.: *Imaxes do patrimonio arquitectónico desaparecido*, Vigo, 1992.
- Aguayo, Antonio: *Simbolismo en las fachadas renacentistas compostelanas*. Edicións do Castro, A Coruña, 1983.
- Alfredo Morales, J.: *Arquitectura del Renacimiento en España 1488-1599*. Ed. Cátedra.
- Almagro-Gorbea, Martín: *Medallas españolas*. Real academia de la historia. Catálogo del gabinete de Antigüedades, Madrid, 2005.
- Álvaro Zamora, María Isabel: *La arquitectura en la corona de Aragón entre el gótico y el Renacimiento*. Fundación Tarazona Monumental, Zaragoza, 2009.
- Angulo Íñiguez, Diego: La mitología y el arte español del Renacimiento, B.R.A.H. tomo (XXX (1952), pp. 63-209.
- Aparicio, Aurora: *Emblemas/Andrea Alciato*.
- Aramburu-Zabala, Miguel Ángel: *La casona barroca en Cantabria en Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, 1993.
- Arcaz Pozo, Adrián: *La fortaleza medieval: realidad y símbolo*, 1998.
- Archivo de la Chancillería de Valladolid, año 1510. Carpeta 4 nº57.
- Arias Vilas, Felipe: Guía del Museo Provincial de Lugo.
- Babelon, Jean: *Carlos V*. Traducción de Miguel de Hernani. Ediciones Vitae, Barcelona, 2003.
- Baliñas, Carlos (dir.): *Actas del Simposio. Filosofía y ciencia en el Renacimiento*. Universidad de Santiago de Compostela, 1988.
- Ballart Hernández, Josep: *Gestión del patrimonio cultural*. Ariel Patrimonio S.A. 1ª edición: 2001/4ª edición edición: 2008, Barcelona.
- Barreiro de Vázquez Varela, Bernardo: "Pleito en 1526 entre los Arzobispos de Santiago y Toledo D. Juan Tabera y D. Alonso de Fonseca sobre la ruina de los castillos y casas-fuertes del señorío compostelano". *Galicia diplomática*, año IV (1889), núms. 48,49 y 50 pp.329-331 y 341- 344.
- Barreiro Mallón, Baudilio: *Aspectos socio-económicos de Asturias en la Edad Moderna en Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, 1993.
- Barrio Loza, José Luis y Moya Valgañón, José Gabriel: El modo vasco de producción arquitectónica en los siglos XVI-XVIII KOBIE X (Bilbao, 1980); ii, pp. 283-369.
- Barrio Loza, José Luis y Moya Valgañón, José Gabriel: Los canteros vizcaínos (1500-1800). *Diccionario biográfico*. KOBIE XI (Bilbao, 1981), pp. 173-281.
- Bevan: *Historia de la arquitectura española*. Tra. Chueca Goitia, Barcelona, 1950.
- Bonet Correa, Antonio: *El colegio del cardenal y el clasicismo*. Jornadas sobre el cardenal Don Rodrigo de Castro, Monforte de Lemos, 2000.
- Bovey, Alixe: *Monstruos y grutescos en los Manuscritos Medievales*. The British Library. A y N Ediciones, 2002.
- Brandi, Cesare: *La Restauración. Teoría y aplicación práctica*. Departamento de Conservación y Bienes Culturales. Editorial Universidad Politécnica de Valencia, 2008.
- Broz Rei, Xosé Manuel: *Melide patrimonio histórico-artístico*. Museo da Terra de Melide, Deputación A Coruña, 2010.
- Burgo López, Mª Concepción: *Lugo y su provincia: el momento histórico*. Colección El reino de Galicia en época del emperador Carlos V. Editorial Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.

- Camacho Martínez, Rosario: *Iconografía y creación artística. Estudios sobre la identidad femenina desde las relaciones de poder*. Servicio de publicaciones Centro de ediciones de la Diputación de Málaga (CEDMA), Málaga, 2001.
- Casaseca Casaseca, Antonio: *Rodrigo Gil de Hontañón (Rascafría 1500-Segovia 1577)* Junta de Castilla y León. Consejería de Cultura y Bienestar Social, 1988.
- Castrillo Llamas, M<sup>a</sup> Concepción: *La fortaleza medieval: realidad y símbolo*, 1998.
- Castro Santamaría, Ana: *Juan de Álava. Arquitecto del Renacimiento*. Editorial Caja Duero, Salamanca, 2002.
- Chamoso Lamas, Manuel: Sobre la arquitectura plateresca en Compostela, B.R.A.G., año L, tomo XXVIII, núms. 309-20 (1956), pp. 95-
- Chao Espina, Enrique: *En torno al Viveiro del século XVI*.
- Checa Cremades, Fernando: *Carlos V. La imagen del poder en el Renacimiento*. Ediciones El Viso, Madrid, 1999.
- Checa Cremades, Fernando: *Carlos V. La imagen del poder en el Renacimiento*. Ediciones El Viso, Madrid, 1999.
- Checa, Fernando: *Felipe II Mecenas de las artes*, prólogo de Jonathan Brown. Editorial Nerea, Madrid, 1992.
- Conclusión obtida tras ler Brandi, Cesare: *La Restauración. Teoría y aplicación práctica*. Departamento de Conservación y Bienes Culturales. Editorial Universidad Politécnica de Valencia, 2008.
- Cortes de las antiguos reinos de León y de Castilla, ed. de la Real Academia de la Historia, vol. I, Madrid, 1861.
- Crespo Martínez, José: *A guerra na Galicia do Antigo Réxime (ss. XVI-XX). Textos e contextos*. Colección Anais, 2007.
- Dasairas Valsa, Xerardo: *Monterrei 1494-1994. 5 séculos de cultura*. Edición do Castro, A Coruña, 1994.
- De Jonge, Krista: *La arquitectura en la época de los Reyes Católicos en El arte en la corte de los Reyes Católicos. Rutas artísticas a principios de la Edad Moderna*. Fundación Carlos Amberes, Madrid, 2005.
- Diversos folletos sobre la historia de la fortaleza de San Paio de Narla publicados por la Deputación Provincial de Lugo.
- Eiras Roel, Antonio: *Carlos V. El precio del Imperio*. Colección El reino de Galicia en época del emperador Carlos V. Editorial Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
- F. Marías, *El século XVI. Gótico y Renacimiento*. Madrid, 1992.
- Fernández Cortizo, Camilo: *Economía rural y vida campesina en la Galicia occidental en tiempos de Carlos V*. Colección El reino de Galicia en época del emperador Carlos V. Editorial Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
- Fernández Gómez, Margarita: Los grutescos en la arquitectura española del protorrenacimiento. Generalitat Valenciana. Valencia, 1987..
- Fernández González, Etelvina: *La fortaleza medieval: realidad y símbolo*, 1998.
- Ferrer i Mallal, María Teresa: *La fortaleza medieval: realidad y símbolo*, 1998.
- Fidalgo, Ana María: *Veremendo Resta*, Sevilla, 1988.
- Fraga Díez, Guillermo Federico Carlos: *Castillos y fortalezas de Castilla en la Baja Edad Media: medios de ataque y defensa*.
- García Álvarez, César: *El simbolismo del grutesco renacentista*.  
Monografías de Historia del Arte. Universidad de León, 2001.
- García Iglesias, José Manuel: La actividad artística auriense en tiempos del Renacimiento. Portada da Aira nº1. Grupo Francisco Moure, 1988.
- García Igrexas, José Manuel: *La recepción de lo flamenco en Galicia*. Del tardogótico al Primer Renacimiento. Cornielles de Holanda. Stella peregrinatum. Xacobeo, Santiago, 2004.

- García Igrexas, José Manuel: *O manierismo galego e Portugal*. Do tardogótico ó manierismo. Galicia e Portugal. Universidad de Santiago de Compostela, 1995.
- García Oro y Romani, M.: *Viveiro en el século XVI*. Estudio mindoniense nº5.
- García Oro, J.: *Galicia en los séculos XVI y XV*.
- García Oro, José: *La nobleza gallega en el reinado de Carlos V*. Colección El reino de Galicia en época del emperador Carlos V. Editorial Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
- García Tapia, Nicolás: *Ingeniería y arquitectura en el Renacimiento español*. Universidad de Valladolid, 1990.
- García Terrón, Ángeles (coord.) en *Camiños portugueses de peregrinación a Santiago*. Comunidade de traballo. Galicia- Norte de Portugal. Xunta de Galicia, 1993.
- Gombrich, E.H.: *Los usos de las imágenes. Estudios sobre la función social del arte y la comunicación visual*. Editorial Debate.
- Gómez Sánchez, M<sup>a</sup> Isabel: *Las estructuras de madera en los tratados de arquitectura (1500-1810)*. Colección Arquitectura, 2006.
- González- Echegaray, M.C. y Alonos Ruiz, B.: *Los canteros de Cantabria en la arquitectura del Renacimiento y Barroco español* en *Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, 1993.
- González Lopo, Domingo L.: *El episcopado gallego en tiempos de Carlos V*. Colección El reino de Galicia en época del emperador Carlos V. Editorial Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
- Goy Diz, Ana: *Artistas, talleres e gremios en Galicia*. Biblioteca de divulgación. Serie Galicia nº22. Servizo de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1998.
- Goy Diz, Ana: *La arquitectura de la primera mitad del século XVI en Galicia. Entre la tradición y la modernidad*. Colección El reino de Galicia en época del emperador Carlos V. Editorial Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
- Haskell, Francis. *La historia y sus imágenes. El arte y la interpretación del pasado*. Editorial Alianza Forma, Madrid, 1994.
- Heinrich: *Renaissance et baroque*, Le Livre de Poche, Bâle, 1961.
- Herráez Cubino, Guillermo: *El léxico de los tratados de cortes de cantería españoles del século XVI*. Ediciones Universidad, Salamanca, 2007.
- Hoag D. John: *Rodrigo Gil de Hontañón. Gótico y Renacimiento en la arquitectura del século XVI*. Xarait Ediciones, 1985.
- Huerta Fernández, Santiago: *Informe sobre la estabilidad de la igrexa de Guimarei*, Universidad Politécnica de Madrid.
- Huerta, Santiago: *Arcos, bóvedas y cúpulas. Geometría y equilibrio en el cálculo tradicional de estructuras de fábrica*. Instituto Juan de Herrera. Escuela Técnica Superior de Arquitectura, Madrid, 2004.
- Ibáñez Pérez, Alberto C.: *Del gótico al Renacimiento. Artistas burgaleses entre 1450 y 1600*. Caja círculo. Burgos, 2008.
- Instituto Juan de Herrera. Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid. Actas del Séptimo Congreso Nacional. Historia de la Construcción, Santiago de Compostela, 2011.
- Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos: Cuadernos de estudios gallegos. *La huella de Fonseca en Salamanca*, Santiago de Compostela, Galicia, 1958.
- Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos: Cuadernos de estudios gallegos. Don Alonso de Fonseca y el arte del Renacimiento, Santiago de Compostela, Galicia, 2006.
- Jones, Mark: *El arte de la medalla*. Cuadernos Arte Cátedra, Madrid, 1988. La huella de Fonseca en Salamanca, C.E.G. tomo XIV (1959) pp. 209.
- Lámperez y Romea, Vicente: Conferencia pronunciada en el Salón de Actos del Colegio de Médicos el día 18 de junio de 1913, publicado en Asociación Española para el progreso de las Ciencias, Madrid, 1913



- en AA.VV.: *Mecenazgo y conservación del patrimonio artístico: reflexiones sobre el caso español*. Fundación Argentaria, Madrid, 1995.
- Lanza Álvarez, F.: *La colegiata de Ribadeo*.
- Lanza Álvarez, F.: op. cit. Pp. 133 e ss. Cfr. Soraluze Blond, J.R.
- Castillos y fortificaciones de Galicia. Coruña, 1985 pp. 111-112.
- López Carreira, Anselmo: *A cidade medieval galega*. Historia de Galicia. Monografías. Edicións A Nosa Terra. Vigo, 1999.
- López Martín, Jesús Manuel: La arquitectura en el Renacimiento placentino. Simbología de las fachadas. Institución Cultural "El Brocense". Excma. Diputación Provincial, Cáceres, 1986.
- Lorenzana Lamela, María Luisa: *Aportación documental al estudio histórico-artístico de las fundaciones monfortinas: el colegio de la Compañía y el Convento de las Clarisas*. Diputación Provincial. Servicio de publicaciones, 1989.
- Losada Varea, Celestina: *La arquitectura en el otoño del Renacimiento: Juan de Naveda 1590-1638*. Universidad de Cantabria, 2007.
- Madruga Real, Ángela: *Fernando Gallego y la decoración de la Universidad de Salamanca en El arte en la corte de los Reyes Católicos. Rutas artísticas a principios de la Edad Moderna*. Fundación Carlos Amberes, Madrid, 2005.
- Malvido, Montse: *Galicia en guías. Castillos y fortalezas*, La Voz de Galicia, 2005.
- Manno, Antonio: *Los tesoros de Venecia. Guía de arte y viajes*. Madrid, Editorial Libsa, 2006.
- Marías F.: *La arquitectura del clasicismo en Galicia*, en Galicia no tempo, 1991. Conferencias/otros estudios, Santiago, 1992.
- Martí Aris, Carlos: *Santiago de Compostela. La ciudad histórica como presente*. Ediciones del Serbal. Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela, 1995.
- Martínez Gómez, Javier: *El gótico español en la Edad Moderna. Bóvedas de crucería*. Universidad de Valladolid, 1998.
- Mira, Eduard: *El arte en la corte de los Reyes Católicos. Rutas artísticas a principios de la Edad Moderna*. Fundación Carlos Amberes, Madrid, 2005.
- Miramonte Castro, María J.: Aproximación al estudio de las fortalezas bajomedievales en Galicia. Castillos de España, 2ª época 22 (89) (1984) pp. 51-70.
- Monterroso Montero, Juan M.: *Las artes figurativas en Galicia durante el reinado de Carlos V*. Colección El reino de Galicia en época del emperador Carlos V. Editorial Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
- Monterroso Montero, Xoán: *Fonseca: patrimonio e herdanza. Arquitectura e iconografía dos edificios universitarios compostelanos (séculos XVI-XX)*. Universidade de Santiago de Compostela, 2000.
- Montoya Ramírez, Mª Isabel: *La vida cotidiana a través de textos (ss. XVI-XX)*. Editorial Universidad de Granada, 2009.
- Mora- Figueroa, Luis de: *Glosario de arquitectura defensiva medieval*. Ministerio de Defensa, 2006.
- Morales, Alfredo J.: *Arquitectura del Renacimiento en España, 1488-1599*, Madrid, 1989.
- Moscoso Boga, Ramón: *Guía dos castelos medievais de Galicia. Itinerarios, arquitectura, historia, lendas e información práctica*. Editorial Xerais, 2003.
- Nieto Alcaide, Víctor: *El Renacimiento. Formación y crisis del modelo clásico*. Arte y los Sistemas Visuales. Ediciones Istmo, Madrid, 1985.
- Nieto Alcaide, Víctor: *La luz, símbolo y sistema visual*. Cuadernos Arte Cátedra S.A. Madrid, 2ª Edición.
- Novo Guisán, Miguel J.: *Viveiro e as súas antigas murallas*. Seminario de Estudos de Terra de Viveiro, 1997.


- Olivera Serrano, César: *Beatriz de Portugal: la pugna dinástica Avis -Trástanara*. Santiago de Compostela. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Xunta de Galicia. Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento" 2005.
- Ortiz Gutiérrez, Jaime: *Optimización del diseño de ventanas como unidad constructiva*, Madrid, 1984.
- Ozores Marchesi, Javier: *Piedra y luz. Pazos, torres y castillos*. Editorial Everest, León, 2008.
- Palacios Gonzalo, José Carlos: *La cantería medieval. La construcción de la bóveda gótica española*. Ediciones Munilla-Iería, 2009.
- Palacios Gonzalo, José Carlos: *La esterotomía en Rodrigo Gil de Hontañón. Medievalismo y Neomedievalismo en la arquitectura española*. En el V Centenario de Rodrigo Gil de Hontañón (1500-1577). Ávila, 1-3 de octubre de 1999.
- Palacios Gonzalo, José Carlos: *Trazas y cortes de cantería en el Renacimiento español*. Ministerio de Cultura. Dirección General de Bellas Artes y Archivos. Instituto de Conservación y Restauración de Bienes Culturales, Madrid, 1990.
- Pardo de Guevara y Valdés: *Los señores de Galicia. Tenantes y condes de Lemos en la Edad Media I*. Colección Galicia Histórica (preparada por el Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento", CSIC, Fundación Barrié La Maza, A Coruña).
- Pardo de Neyra, Xulio: *Historia do Concello de Baralla. Pazos e fortalezas de Neira de Xusá*. El Progreso Artes Gráficas, S.L., Lugo, 1998.
- Parreño, Baltasar. *Nobiliario del Reyno de Galicia; introducción de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés (transcripción Dolores Barral Ribadulla, Óscar Ares Botana)*, Ediciones Boreal, A Coruña, 1991.
- Patin, Carlos: *Historia de las medallas*, escrita en francés y traducida al castellano por D. Francisco Pérez Pastor, Madrid, 1771.
- Paz Bernardo, Jaime: *Monedas galegas*, Pontevedra, 2002.
- Pedraza, Pilar: *La introducción del jeroglífico renacentista en España. Los enigmas de la Universidad de Salamanca*. Cuadernos Hispanoamericanos, 394 (1983), p.4-42.
- Peiró Graner, M<sup>a</sup> de las Nieves: *El palacio de Miraflores o Casa de la Viña*. Revista Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación. Biblioteca Seminario Diocesano n<sup>o</sup>19 (Vol. IX), Lugo, 1999.
- Peiró Graner, M<sup>a</sup> de las Nieves: *El palacio episcopal de Lugo y la documentación del século XVI*, Abrente, n<sup>o</sup>29, A Coruña, 1997.
- Peiró Graner, M<sup>a</sup> de las Nieves: *Las casas y fortalezas del obispado de Lugo en el século XVI*. Estudio y colección documental (tesis doctoral). Universidad de Santiago, 1995.
- Pérez Morán, Federico: *San Paio de Narla... un exemplo de señorío*. Guía de profesores. Servicios de publicaciones. Deputación Provincial de Lugo, 1994.
- Pérez Constanti, Pablo: *Linajes Galicianos*. Edición completa y ampliada de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. Ara Solis. Consorcio de Santiago, 1998.
- Pérez Constanti, Pablo: *Diccionario de artistas del século XVI y XVII en Galicia*. Consellería de Presidencia e Administración Pública. Servicio central de publicaciones, Santiago de Compostela, 1988.
- Pérez Rodríguez, Fernando: *Algunas consideraciones sobre la construcción del Colegio de Nuestra Señora de la Antigua de Monforte de Lemos (Lugo) 1592-1619*. San Lorenzo de El Escorial, Servicio de Publicaciones, 1995.
- Pérez Tudela y Velasco, M<sup>a</sup> Isabel: *La fortaleza medieval: realidad y símbolo*, 1998.
- Pijoán, José: *Summa Artis. Arquitectura y orfebrería española del século XVI*. Editorial Espasa Calpe, 1996.
- Pita Andrade, José Manuel: *Don Alonso de Fonseca y el arte del Renacimiento (E.G., tomo XIII (1958), fasx. 39, pp.173-193*.
- Pollard, Graham: *Renaissance medals from the Samuel H-Kress collection at the national gallery of art*. Phaidon, London, 1967.


- Ponte y Blanco, Francisco: *Tratado práctico de esterotomía: aplicaciones al corte de piedras, maderas y hierros*. Portela Pazos, Sebastián: Galicia en tiempos de los Fonseca. C.S.I.C. Madrid, 1957.
- Portela Silva, María José: *O condado de Monterrei no século XVI. Estudio histórico e colección diplomática*. Grupo Filatélico e numismático de Noia, 2006.
- Prentice, Andrew: *Renaissance Architecture and ornament in Spain*. Arquitectura y ornamentación del Renacimiento en España. A series of examples selected from the purest works executed between the years 1500-1650, by – A.R.I.B.A., Soare Medallist 1888. New Edition with introduction and additional illustrations by Harold W. Beaten B. Arch, A.R.I.B.A., A.N. Prentice Burser, Alec. Tiranti, London, 1970.
- Presedo Garazo, Antonio: *Comportamentos económicos e sociais da pequena fidalguía na Galicia interior, ss. XVI-XVIII*. Tesis de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1995.
- Presedo Garazo, Antonio: *Os devanceiros dos pazos. Economía e estratexias sociais da pequena fidalguía rural na Galicia interior (ss. XVI- XVIII)*. Editorial Gotelo Blanco, 1996.
- Rabasa Díaz, Enrique: *Forma y construcción en piedra. De la cantería medieval a la esterotomía del século XIX*. Editorial Akal. Textos de Arquitectura, 2000.
- Ramallo Asensio, Germán: *El palacio urbano en Asturias en Arquitectura señorial en el norte de España*. Universidad de Oviedo. Servicio de Publicaciones, 1993.
- Río, Manuel: *La fortaleza medieval: realidad y símbolo*, 1998.
- Rodríguez González, Ángel: *Las fortalezas de la mitra compostelana y los “irmandiños”*. Pleito Tabera- Fonseca. 2 vols. Fundación “Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa”. Preparada por el Instituto “P. Sarmiento” de Estudios Gallegos. Santiago, 1984.
- Rodríguez Otero, Ramón: *Taboexa- As Neves*, Historia y Arte, 2ª edición.
- Rodríguez Pantín, Alberto: *Aportación documental sobre la actividad artística compostelana de la primera mitad del século XVI: los fondos del Archivo Histórico de la Universidad de Santiago*. Memoria de licenciatura leída en la Facultad de Geografía e Historia de la Universidad de Santiago de Compostela; 1988 (inédita).
- Rosende Valdés, A.: *El grande y Real Hospital de Santiago de Compostela*. Consorcio de Santiago. Editorial Electa, 1999.
- Rosenthal, Earl E.: *The image of Roman architecture in Renaissance Spain*. Gazette des Beaux- Arts, tomo II (1958), VI période, pp. 329-346.
- Ruibal, Amador: *La fortaleza medieval: realidad y símbolo*, 1998.
- Ruiz Mateos, A.: *Arquitectura civil de la Orden de Santiago en Extremadura: la casa de la Encomienda*, Badajoz, 1985.
- Saavedra, Pegerto: *Mondoñedo y su provincia al comienzo de los tiempos modernos*. Colección El reino de Galicia en época del emperador Carlos V. Editorial Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2000.
- Sánchez Cantón, Francisco Javier: *Cinco cuadros del Sarto en el Colegio del Cardenal de Monforte de Lemos*. Archivo Español de Arte XX.
- Sánchez García, Jesús Ángel: *Torres de Allo: arquitectura e historia del primer pazo gallego (con capítulo de estudio genealógico y tablas por Jaime Bugallal y Vela)*. Deputación de ACoruña, 2001.
- Santos Ferro, José Ángel: *La fortaleza de San Paio de Narla. Formación de la estructura militar, la destrucción, las transformaciones y la rehabilitación*, 2011.
- Sanz Fernández, Francisco: *Esculturas de humo, chemineas y caños de Alto Renacimiento en la Alta Extremadura*. Anuario del Departamento de Historia y Teoría del Arte, 2010, p.57-72.
- Soraluce Blond, J. R.: op. cit. pp.113-114 Cfr. Castillo, A.: *Inventario monumental y artístico de Galicia*, Coruña, 1987.
- T. Paoletti y Gary, John: *El arte en la Italia del Renacimiento*. Ediciones Akal, S.A., 2002.
- Torres Balbás, Leopoldo: *Función de nervios y ojivos en las bóvedas góticas*. Investigación y Progreso, año XVI (1945), nn. 1-2, pp. 214-231.

- Torres Luna, M<sup>a</sup> del Pilar: *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela. Servicio de Publicacións e Intercambio científico. Monografías da Universidade de Santiago de Compostela nº138. Universidade de Santiago de Compostela, 1994.
- Valdés Fernández, F.: *La arquitectura militar de los cruzados en Oriente en los monjes soldados. Los templarios y otras órdenes militares*. Actas del IX Seminario sobre Historia del Monacato, Aguilar de Campoo, 1996.
- Valdés, Rosende: *El Renacimiento en AA.VV Historia del Arte Gallego*, Madrid, 1982.
- Varela Campos, María de la Paz: *La imagen del noble en el arte a través del ejemplo de los Andrade (ss. XIV, XV, XVI)*. Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Xeografía e Historia, 1989.
- Vázquez Seijas, Manuel: Fortaleza de San Paio de Narla. Separata de "Fortalezas de Lugo y su provincia". Publicaciones del Museo Provincial. Tomo I, pág. 107. Impreso en La Voz de la Verdad, Lugo, 1971.
- Venecia y el Véneto. Guías visuales. Editorial País Aguilar, Madrid, 1<sup>a</sup> edición, 1996, 2<sup>a</sup> edición, 2008.
- Vila Jato, M<sup>a</sup> Dolores: Alonso de Fonseca III, mecenas del Renacimiento gallego. El reino de Galicia en la época del emperador Carlos
- V. Antonio Eiras Roel (coordinador). Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2000, pp. 611-635.
- Vila Jato, M<sup>a</sup> Dolores: *Alonso de Fonseca III. Mecenas del Renacimiento en Arquitectura del Renacimiento en España, 1488-1599*. Madrid. Manuales de Arte Cátedra, 1989.
- Vila Jato, M<sup>a</sup> Dolores: *Galicia arte. Galicia en época del Renacimiento*. Tomo XIII. Hércules Ediciones, La Coruña.
- Wind, Edgar: *Los misterios paganos del Renacimiento*, Barral Editores, Barcelona, 1972.
- Wölfflin, Heinrich: *Classic art. An introduction to the Italian Renaissance*. The PhaiDon press, London, 1948.
- Wölfflin, Heinrich: *Reflexiones sobre la historia del arte*. Ediciones Península, Barcelona, 1988.
- Wölfflin, Heinrich: *Renaissance et Baroque*, Le livre de Poche, 1961.
- Xornadas sobre o Cardeal Rodrigo Castro: actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Monforte de Lemos. Editorial Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2001.
- Yebrá de Ares, Antonio Benito: *Pazos y señoríos de la provincia de Lugo*. Tomo I. Servizo de publicaciones de la Diputación Provincial de Lugo. Yzquierdo Perrín, Ramón: La catedral de Lugo en "Las catedrales de Galicia". Editorial Edilesa, 2005.
- Zuazo Ugalde, S.: *Los orígenes del Real Monasterio de El Escorial*, Madrid, 1948.


## ➔ 12. Anexos


### 12.1. Tipoloxía de ventás

TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRIPCIÓN
	<p>Ventá renacentista lateral ubicada no Museo de Valle-Inclán.</p> <p>Non é medievalizante, pois libérouse do sistema de disposición axemizada, con bíforas ou tríforas.</p>	Pobra do Caramiñal	<p>Presenta unha decoración moi exuberante e pomposa inspirándose en motivos da Antigüedade como a esfínxe a modo de quimera que rodea o telladiño da cuberta. Atópase enmarcada por dúas esbeltas e figurativas columniñas que na metade do seu corpo presentan decoración sustentante a modo de cariátides, polo tanto, decoración antropomorfa que contrasta con motivos fitomorfos e querubíns alados con cabeza de bulto redondo, emerxente do marco arquitectónico. O escultórico prevalece ao arquitectónico, acotado en pequenas seccións. É unha ventá con moito dinamismo e movemento, pois combina formas curvas (parte superior a xeito de vibrantes arcos dispostos como molduras de enmarque) con outras máis rectilíneas e formas volumétricas de liñas máis redondeadas.</p>


TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRIPCIÓN
	<p>Resabios medievais que abren paso a unha nova linguaxe artística.</p>	Torres de Allo en Zas (A Coruña)	<p>Xogo de vanos ricamente engalanados que vertebran unha fachada que se articula moi vibrante grazas ás disposicións cadrangulares que adoptan os alfís que circundan todo o perímetro que, a súa vez, se articulan a si mesmos con pequenas ménsulas a xeito de dentellóns, como se dos mútulos ou gotas dun frontón grego se tratase.</p> <p>Marcada liña de imposta que acentúa a horizontalidade fronte á verticalidade da fachada, baixo ela dispónse unha ampla balconada apoiada en mensulóns que resalta unha elegante porta cun arco de medio punto con boa disposición de cadeirares.</p>





TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRIPCIÓN
	<p>Renacentista, rompendo claramente cun encorsetado pasado medieval e creada baixo os parámetros dunha nova linguaxe artística.</p>	<p>Torre de homenaxe (posición estratéxica) de San Paio de Narla</p>	<p>Novo vano de gran beleza escultórica inserido nunha arquitectura case que parlante, que sae ao exterior e se expande por todo o arredor nunha lograda conquista do espazo que ornamenta e decora con múltiples molduras e outras florituras decorativas, así como a heráldica. Xoga coa superposición vertical e horizontal a base da disposición de logradas impostas que articulan un dinamismo coa disposición romboidal das xambas que, a súa vez, conteñen rosetas.</p> <p>Agora a ventá xa non é sinxelamente práctica e funcional, é unha estupenda excusa para recrear un programa iconográfico cun resaltado clipeo con destacada posición central.</p>


TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRIPCIÓN
	<p>Renacentista rompendo claramente co encorsetado pasado medieval e creada baixo os parámetros dunha nova linguaxe artística</p>	<p>Rampa de acceso á fortaleza de San Paio de Narla</p>	<p>Ventá menos exuberante e recargada que se recolle máis cara o interior e presenta menos derrame, a excepción dun prominente alfeizar que acentúa a horizontalidade.</p> <p>Combinación de decoración antropomorfa en tres medallóns ou clipeos e anxelotes a xeito de ménsula sustentantes.</p> <p>Estes anxelotes repítense no mundo renacentista con frecuencia, de feito véñse no escudo mindoniense dos Luaces.</p>


TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRICIÓN
	Gótico	Praza da Verdura de Pontevedra (casco histórico)	<p>Ventá con reminiscencias medievais dun gótico que dá os últimos coletazos de vida, tendo en conta a fábrica renacente da igrexa dos Mareantes que ven pisando forte e falando nunha nova linguaxe artística auspiciada por un artista estranxeiro como Cornielles de Holanda.</p> <p>É unha ventá bífora cuxa columna a xeito de parteluz únese cunha rexilla granítica de tracería calada que se xustapón e inserta na curvatura dun arco polilobulado.</p>

TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRICIÓN
	Renacentista	Basilica de Santa María a Maior ou a igrexa dos Mareantes	<p>Emprazada baixo unha suntuosa e elaboradísima cornixa que serve de sustento a unha crestería case de filigrana; aposéntase esta artística xanela cunha tracería menos tosca e acompañada de rosetas que se van desligando dunha arte medievallizante para encamiñarse cara unha renacente. Este tipo de rosetas e molduracións vémolos en outras igrexas co chamado estilo “gótico mariñán”</p>


TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRIPCIÓN
	Século XIV-XV (medieval)	Castelo de Pambre en Palas de Rei	<p>Total espido da pedra, frialdade compositiva sen concesión ao ornato con tendencia a un minimalismo en contraste coa profusión decorativa das xanelas de San Paio de Narla, de carácter máis barroquizante. Rotundidade categórica da pedra, sobria, como protagonista.</p> <p>Sinxeleza que non simplicidade, cunha articulación málica e unitaria, non se rompe o volumen para insertar molduración. Funcionalidade práctica non ornamental. Non hai espazo para o escultórico, só interesa a ventá para observar e ventilar, non é un marco para desenvolver molduración nin decorativismo. Prima a xeometría, o vano con forma cadrada xera sobriedade, esta forma xeométrica ocupa toda a nosa visión e actúa como eixo dominante e vertebrador.</p>

TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRIPCIÓN
	Gótico isabelino	Fortaleza de Tovar en Vilanova de Lourenzá	<p>Disposición de tres vanos en escalonamento discontinuo xerando unha liña serpenteante que imprime dinamismo e movemento a unha fachada con tendencia ao estatismo. As ventás enmarcanse baixo un alfis cadrangular que se desdobra para dar cobixa emblemas heráldicos que se acompañan de inscricións acreditativas.</p> <p>Non obstante, a figuración é nobiliaria, non hai concesión á iconografía e á inventiva creativa de formas caprichosas e decorativas que embelezan e engrandezan o conxunto arquitectónico.</p>

TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRICIÓN
	Período baixomedieval	Torre de Doncos en As Nogais	Ten sillarejo e mampostería disposta lateralmente, é propio da arte de repoboación do século XI que bebe da arquitectura visigótica.

TIPO DE XANELA	ESTILO	UBICACIÓN	DESCRICIÓN
	Período baixomedieval	Torre de Torés en Becerreá	Aquí as xanelas non andan á procura de ser decorativas senón cumprir coa súa función eminentemente defensiva, por iso non son vanos rectangulares de dimensións grandes como en San Paio de Narla, senón que tenden a estreitez para impedir a entrada de obxectos militares e arroxadizos e vixiar mellor o torreón. Un ten lintel adintelado, outro presenta unha pequena curvatura a xeito de semibovediña, denota progreso e mellora na técnica construtiva.

## 12.2. Esquema explicativo das Torres de Allo






### 12.3. Detalles das ventas vellas da torre de Allo en Zas

Tanto na xanela da torre de Allo como na de San Paio de Narla, observáse unha clave do arco e un rombo invertido, respectivamente. Trátase de licencias decorativas que se permite o canteiro para desenvolver e facer visible a súa mestría e pericia escultórica. Percíbese en ambas unha tendencia cara a ornamentación e decoración fastuosa. No caso de Allo, a inversión da clave do arco coñécese como “*tour de forcé*”, supón un auténtico alarde técnico desenvolvido só para mostrar a pericia dos canteiros, os cales tamén traballaron no Hospital Real de Santiago, pois empregan os mesmo arcos mixtilíneos. A finais do século XVII (1699), Don Gómez de Rioboó e Seixas (vencellamento coa liñaxe dos Seixas) mandou erguer a “torre nueva” e o corpo de unión intermedio. A nova obra coincidiu co matrimonio de D. Gómez con D<sup>a</sup> Jacinta de Lucas, decidindo o matrimonio ampliar a vella torre de Allo dacordo coas novas esixencias de confort e representación do barroco, cando a nobleza dos pazos se atopaba no cumio do poder. Debido a súa cronoloxía a cabalo entre a Idade Media e o século XVI, a “torre viexa” inda conserva rasgos defensivos medievais como a portada con saeteiras, mesmo cando xa camiña cara a modernidade, potenciando os amplos ventanais e outros elementos decorativos e representativos.





12.4. Recetas decorativas do Renacemento: os anxelotes de San Paio Narla, dos Luaces de Mondoñedo e San Pedro de Allo.




A igrexa de San Pedro de Allo.

## 12.5. .A torre de homenaxe na arquitectura fortificada


Una torre é unha estrutura de gran alzada en relación a su base. Xa na Antigüidade empezaron a asociarse a murallas e portas como elemento defensivo. En Occidente utilizaronse nas construcións relixiosas, ao lado da igrexa, pero no leste incorporábase a ela, dando lugar a unha gran variedade de solucións arquitectónicas. Na época carolinxia as igrexas occidentais tamén comezaron a incorporalas á súa estrutura. A principios do século IX deuse xa a fachada con dúas torres, como na igrexa alemana de San Miguel de Hildesheim (1000-1073), modelo que se foi extendendo por toda Europa ata facerse obrigatorio nas catedrais góticas. Posteriormente prescindíuse dunha delas e deuse máis importancia á outra. Na arquitectura civil da Idade Media tivo gran importancia nos castelos, o núcleo principal dos mesmos era a torre de homenaxe. Durante o Renacemento e o barroco caeu en desuso. Durante o século XIX acabáronse algunhas comezadas na Idade Media. As do século XX son en verdade os mastros de comunicación e os rañaceos. As culturas orientais e islámica tamén utilizaron torres nas súas construcións<sup>209</sup>.

A torre de homenaxe é a parte principal dun castelo que contiña os acondicionamentos precisos para servir de vivenda permanente e de refuxio en tempo de guerra. Recibe este nome porque nela se desenvolvía a cerimonia da homenaxe que vencellaba ao señor e ao cabaleiro. Outras torres son torres símbolo como as paleocristianas, que carecen de utilidade e funcionalidade; tan só figuran para resaltar unha efémeride ou unha ubicación que pasou a significar por un ritual ou suceso peculiar e especial.




Exemplo da torre de homenaxe: a de Monforte de Lemos.


209 Martí, Llorenç: Biblioteca Larousse. Diccionario de arte. Tomo II. Editorial RBA, Barcelona, 2002, p. 275.


TORRE	UBICACIÓN	CRONOLOXÍA	DESCRICIÓN
	<p>Monforte de Lemos, próxima á igrexa do Convento de O Pino.</p>	<p>Século XIV-XV</p>	<p>Fermosa torre de homenaxe que lembra o esplendor da liñaxe dos condes de Lemos e o florecemento dun magnífico burgo medieval, no que houbo ata unha xudería. De soberbia verticalidade, presenta un almeado en moi bo estado de conservación, así como unha moi boa labra e disposición de cadeirares simétricos, e ben desbastados. Con troneiras e saeteiras, sen vanos nin aditamentos, a única concesión decorativa que se produce é a presente nos campos de molduración heráldica dos escudos, dispostos nun franxa horizontal que rompe a verticalidade da torre.</p>

TORRE	UBICACIÓN	CRONOLOXÍA	DESCRICIÓN
	<p>Na localidade de Pambre, no concello de Palas de Rei.</p>	<p>Século XIII</p>	<p>Trátase dunha fortificación defensiva con reputación na historia tras resistir o asedio irmandiño e manterse incólume e inexpugnable. Conserva un bo corpo prismático, en estado regular de conservación, coa heráldica dos Ulloa en escudo blasonado e un voladizo almenado con perímetro cadrangular e almeas en pico, dispostas alternamente, que repousan sobre un replegado abano de modillóns, que lle dan á torre de homenaxe un aspecto aéreo moi grácil.</p>



TORRE	UBICACIÓN	CRONOLOXÍA	DESCRICIÓN
	No municipio de Doiras, en Cervantes.	Século XIV	<p>Declarada Ben de Interese Cultural, erixese desafiante sobre unha loma da parroquia de Vilapasantes.</p> <p>Construción do século XV do Conde de Grajal de Campos, señor de Cervantes; é de planta rectangular, con muros de mampostería de lousa e portada con arco de medio punto.</p> <p>Formidable torre de homenaxe e almeas.</p>

TORRE	UBICACIÓN	CRONOLOXÍA	DESCRICIÓN
	Torre de Doncos, en As Nogais	Século XIV	Lamentable estado de conservación, a pesares de que inda hoxe en día se ergue desafiante e emerxe maxestuosamente entre as lomas da montaña.

TORRE	UBICACIÓN	DESCRICIÓN
	Castroverde, aforas do núcleo urbán.	<p>Con imponente torre de homenaxe, a porta de torre corónase cun timpano cunha erosionada figura que para uns é un guerreiro e para outros un gaiteiro. A torre remátase en volados matacás e almeas, e noutra das súas paredes verticais, a simboloxía heráldica do seu señor. Conserva unha letrina con resalte na parede lateral da fachada, é vese que probablemente a torre de homenaxe se unise ao corpo paxego mediante a porta, visible como un gran van, na actualidade.</p>

TORRE	UBICACIÓN	CRONOLOXÍA	DESCRICIÓN
	<p>No concello de Friol, no lugar da Castronela, na parroquia de Xiá.</p>	<p>Século XIII- XIX</p>	<p>Espléndida torre de homenaxe froito da reconstrución por parte de canteiros vizcaínos (de feito, a fortaleza está invadida de signos lapidarios de cantería) tras a demolición por parte dos irmandiños na súa afamada revolución. De boa labra e disposición de cadeirares, con pastiche no almeado (por fotos sabemos que as almeas son un engadido contemporáneo) e suavizando o seu aspecto defensivo ao facer dela unha especie de mirador, insertando á metade do seu corpo prismático, unha fermosa xanela con molduración heráldica e iconográfica.</p>



Foto extraída de internet editada: FB\_IMG\_1448575916949.

Folga dicir que a provincia de Lugo está poboada de numerosas fortificacións como a de Sarria, a de Caldaloba, a de Vilalba, a de Miraz en Friol, a de Tovar en Vilanova de Lourenzá... Precisamente esta última ten sido xunto coa de San Paio de Narla, a que máis partido lle sacou á súa torre de homenaxe, ambas edificacións pasan a empregar as súas torres como lugares propagandísticos de súa liñaxe e con alegorías alusivas á súa realeza e fortaleza. A torre de homenaxe pola súa verticalidade, visibilidade e privilexiada ocupación espacial, é agora un fito indicador da nova linguaxe decorativa renacentista e un lugar para vanagloriarse e presumir da importancia do morgado e señorío da súa nobreza.


Na foto, a torre de Miraz que comparte con San Paio, o imaxinario popular da lenda dunha temible serpe:



E outras fortalezas, como a de Hospital das Seixas, totalmente en ruínas, da que nunca saberemos como era, en orixe, a súa torre de homenaxe:







Posiblemente esta fose a porta de acceso que comunicaba a zona paxega e residencial coa torre de homenaxe, neste caso na fortaleza de Castroverde, pero cremos que en San Paio de Narla tamén é perceptible a súa localización. Curiosamente, en Castroverde dispónse sobre a porta un curioso dintel cunha enigmática figura que algúns identifican cun gaiteiro ou un guerreiro; en todo, caso o tema do belicismo gusta, non se relega a espazos arquitectónicos marxinais, senón que se fai visible nos principais elementos arquitectónicos da fábrica construtiva. Esquema que se repite nas fortalezas de Tovar, San Paio de Narla...



## 12.6. Galería fotográfica

*A igrexa de Guimarei*

1. Alzado bóveda.



2. Primeiro plano bóveda.



3. Fachada exterior.



4. Cabeceira ou testeiro.



5. Arco de arranque.




6. Molduracións internas.



7 - 8. Basamento de apoio.



9. Parte alta contraforte



10. Pináculo de bola.



11. Fornela interior.



12. Remate bóveda.



13. Vista traseira.



14. Vista lateral conxunto.



15. Restos doutras edificacións (hipótese).



16. Lateral destacando contrafortes



17. Inscripción con signo lapidario.



18. Igrexa co peche do cemiterio.



19. Espadaña.



20. Detalle contrafortes.




21. Parte alta nave con tirantes.



22. Vano alto tribuna.



23. Pía bautismal.



24. Rosetón calado.



25-26. Tirantes nave lateral.



27. Vista nave central.



28. Remate en cruz de espadaña.



20-30. Bóveda de crucería y parte alta bóveda de cañón.



31. Arranque nervos bóveda de crucería.

### *Pazo de Trasmonte*



1. Vista xeral fachada.



2. Pináculo de bola en tellado.



3. Fachada principal.



4. Vano rectangular.



5. Heráldica en parede e con saledizos.



6-7-8. Porta de arco de medio punto. Parede fachada blasonada. Outra vista da fachada.







9. Fachada principal.



10 Porta de arco de medio punto.



11. Lateral esquinado amosando un prisma cadrangular.



12. Maleza= abandono total e ameaza de derrumbamento



13. Lateral da fachada.



14. Vista lateral variando posición



15 Madeira enmohecida do marco da porta

*Os grutescos da igrexa de Guimarei*



1. As quimeras flanqueando o mascarón antropomorfo invertido.




2. O símbolo lunar, reminiscencias paganas cristianizadas



O reloxo solar no pazo de Vilamarín.  
(Ourense) » pervivencia do paganismo.





3. O símbolo solar.



4. O sol con cara antropomorfa



5. Liña de imposta percorrida por dragóns de perfil sinuoso e ondulante (dinamismo frente a linealidade).



6. Dragóns maléficos en actitude de atacar ao mascarón.

*Relevos renacentistas*

1.



2.



3.



4.



5.



6.

Fig. 1-6: Fotografías alusivas ás molduracións renacentistas do pazo de Aranza



1.



2.



3.



4.

Fig. 1-3: Fotografías alusivas ás molduracións renacentistas de San Paio de Narla.

Fig. 4: Gravado de Manuel Vázquez Seijas que arroxa moitas luces, podendo incluso aventurarnos a falar dun mesmo canteiro para Aranza e San Paio ou da repetición reiterada dunhas plantillas decorativas de estilo renacentista.


## 12.7. Arciprestados de Galicia e datos poboacionais de Friol



Arciprestado de Narla (ao que pertence Guimarei, e a súa igrexa de Santa María)

FRIOL	NÚMERO NO MAPA	EXTENSIÓN KM2	PARROQUIAS	POBOACIÓN EN 1991	PROVINCIA LUGO
	95	295,1	32	Habitantes 5.138 Densidade 17,4	





Ubicación de Friol no mapa co número "95".

IDADES	HOMES		MULLERES		TOTAIS	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
0-9	73	1,7	64	1,49	137	3,19
10-19	134	3,13	139	3,24	273	6,37
20-29	213	4,97	203	4,73	416	9,7
30-39	250	5,83	233	5,43	483	11,26
40-49	307	7,16	249	5,81	556	12,97
50-59	338	7,88	274	6,39	612	14,27
60-69	242	5,64	266	6,2	508	11,85



IDADES	HOMES		MULLERES		TOTAIS	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
70-79	326	7,6	414	9,65	740	17,26
80-89	197	4,59	283	6,6	480	11,19
90-99	31	0,72	49	1,14	80	1,87
100-109	1	0,02	2	0,05	3	0,07
TOTAIS	2112	49,25	2176	50,75	4288	100

Fonte: Concello de Friol, datos extraídos do IGE (Instituto Galego de Estadística)


#### TÁBOA DE DATOS DE FRIOL (PARROQUIAS de 1981 a 1991)

MUNICIPIO/PARROQUIA	Nº NO MAPA	POBOACIÓN 1981	POBOACIÓN 1991	EVOLUCIÓN 1981-1991 %	DENSIDAD E 1991
FRIOL	95	5.724	5.138	-10,2	17,4
ANAFREITA (San Pedro)	3	83	75	-9,6	9,2
ANXERIZ (Sta. María)	4	140	125	-10,7	16,6
APREGACIÓN (S. Cibrao)	30	66	47	-28,8	12,7
BRA (S.Martiño)	5	74	62	-16,2	14,4
CARBALLO (S. Xulián)	18	257	215	-16,3	11,8
CARLIN (Sta. María)	8	98	88	-10,2	8,3
CONDES, OS (S. Martiño)	24	470	439	-6,6	25,1
COTÁ (S. Martiño)	22	216	175	-18,9	14,7
DEVESA (Santalla)	21	119	92	-22,7	12,3
FRIOL (S. Xulián) (cap. Friol)	20	620	606	-2,2	121,2
GUIMAREI (Sta. María)	28	52	58	+11,5	6,6
GULDRIZ (Santiago)	25	95	107	+12,6	19,1
LAMAS (Santa María)	17	79	53	-32,9	9,4
LEA (San Xurxo)	15	136	126	-7,3	18,2
MADELOS (Sta. Eulalia)	14	48	59	+22,9	42,1
MIRAZ (Santiago)	1	196	170	-13,3	13,6
NARLA (S. Pedro)	9	320	299	-6,5	15,9
NODAR (S. Mamede)	7	322	309	-4,0	15,4
OUSÁ (S.Xulián)	10	178	171	-3,9	13,0

MUNICIOPIO/PARROQUIA	Nº NO MAPA	POBOACIÓN 1981	POBOACIÓN 1991	EVOLUCIÓN 1981-1991 %	DENSIDAD E 1991
PACIO, O (Sta. María)	32	135	141	+4,4	16,2
PRADO (S. Martiño)	19	141	138	-2,1	18,4
RAMELLE (Sta. María)	16	120	104	-13,3	41,6
ROCHA, A (San Cosme)	12	118	106	-10,1	17,1
ROIMIL, (S. Xulián)	13	143	135	-5,6	43,5
SEIXÓN (S.Paio)	2	133	118	-11,3	19,0
SEOANE DE APREGACIÓN, (S. Xoán)	31	80	73	-8,7	11,7
SERÉN (Sta. Cruz)	26	35	28	-20,0	9,0
SILVELA (Sta. María)	11	294	162	-44,9	15,2
TRASMONTE (Santiago)	6	145	102	-29,6	12,6
VILAFIZ (Sta. María)	29	92	87	-5,4	8,7
VILALVITE (S.Pedro)	27	173	170	-1,7	15,1
XIÁ (Sta. María)	23	546	498	-8,8	19,9

## 12.8. A xenealoxía: importante fonte auxiliar

### 12.8.1. A xenealoxia de Guimarei



### 12.8.2. A liñaxe dos Seixas


A materia xenealóxica e nobiliaria, conformada ao longo dos séculos medievais como xénero histórico propio, se ben de perfís especialísimos, recibeu un singular impulso en Galicia na primeira metade do século XVI coa famosa redacción de Vasco de Aponte, o máis célebre dos nosos sabedores de liñaxes<sup>210</sup>. Malia que ningunha obra acadaría despois semellante relevancia, a historiografía galega oferta

210 La más reciente e impecable edición de la obra de Vasco de Aponte Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia, introducción y edic. crítica con notas (equipo de investigación "Galicia hasta 1500", integrada por M. Díaz y Díaz...), Santiago de Compostela, 1986. Unha relevante testemuña anterior a Vasco de Aponte, lamentablemente perdida, anque se pode supór intercalada entre os numerosos nobiliarios manuscritos que circularon por Galicia durante os séculos modernos, é o nobiliario que compuxo Juan Rodríguez de la Cámara, ou do Padrón, autor tamén de *Tratado da Nobreza e fidalguía* -ou *Códice del honor*- que acadou certa fama nas décadas centrais do s. XV.

Véase, C. MARTÍNEZ- BARBEITO Y MORÁS, Macías el Enamorado y Juan Rodríguez del Padrón. Estudio y antología, "Bibliófilos Gallegos", Santiago de Compostela, 1951, 126 y ss


un panorama indubidablemente rico neste ámbito tan específico. Deles, son boa proba non poucas e sobresaíentes testemuñas<sup>211</sup>.

*Liñaxe dos Seixas 1ª folia*



211 Pérez Constanti, Pablo: Linajes Galicianos. Edición completa y ampliada de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. Ara Solis. Consorcio de Santiago, 1998.


2ª folia




Fonte: Sánchez García, Jesús Ángel. *Torres de Allo: arquitectura e historia del primer pazo gallego* (con capítulo de estudio genealógico y tablas por Jaime Bugallal y Vela). Deputación de A Coruña, 2001.



3ª folia









# TOPONIMIA DO CONCELLO DE FRIOL

LAURA FERRO DEVESA

ESTEFANÍA PENA FERRO

1º Premio de investigación do Concello de Friol

## ➔ 1. Contextualización histórica

Friol é un concello da provincia de Lugo que se sitúa case no centro da comunidade galega. Ocupa unha superficie total de 295 km<sup>2</sup> e limita cos concellos de Guitiriz e Begonte polo norte; Outeiro de Rei e Lugo polo leste; Guntín e Palas de Rei polo sur; e Toques e Sobrado polo oeste. A súa poboación é de 4.202 persoas e ten unha densidade de 14,24 hab/km<sup>2</sup>. A súa festividade máis famosa é a Feira do Queixo e Pan de Ousá, que se celebra todos os anos no mes de marzo e que xa vai pola súa 24.<sup>a</sup> edición.

En canto á súa historia (aspecto moi determinante neste estudo), Friol sempre foi un enclave importante do noroeste peninsular. Quedan aínda vestixios megalíticos e castrexos que evidencian a antigüidade desta vila e o paso de varias tribos célticas. Por exemplo, pódense ver varias mámoas, entre as que merece a pena sinalar o dolmen da Muruxosa (parroquia de Cotá) ou algúns castros, como o castro de Lamas, o de Guldriz, ou o de San Martiño. Esta terra tamén foi ocupada polos romanos, o que non resulta extraño xa que está moi preto de Lucus Augusti. Boa mostra disto é o miliario que deixaron ao seu paso e que medía a distancia con respecto a cidade.

Porén, un dos pobos que máis influencia provocou na toponimia friolense foi o dos visigodos, xa que foron os primeiros en nomear e posuír as aldeas. Destes tempos data o condado de Naralliensis ou de Narla que, en torno ao século VI, xa estaba perfectamente delimitado. A súa capitalidade descoñécese, pero crese que podería estar na parroquia de San Martiño de Condes.

Xa na Idade Media, as familias Ulloa, Parga e Seixas repartíronse o poder neste municipio. Desta época perduraron numerosas construcións como pazos e torres: Torre de Friol, Torre de Miraz, Pazo de Remesil, Pazo de Trasmonte e Fortaleza de San Paio de Narla. Das xa mencionadas, é preciso destacar a Fortaleza, xa que a súa importancia histórica é tal que marcou a traxectoria dos friolenses desde o medievo ata case fai 100 anos. Edificouse no século XIV e remodelouse no XVI debido aos estragos provocados pola revolta dos Irmandiños. O seu señor, promotor desta obra e quizáis o seu morador máis coñecido foi don Vasco das Seixas. Gobernaba xunto con outras catro liñaxas (os Ulloa, os Lemos, os Saavedra e os Pardo) toda a provincia lucense, polo que podemos determinar que Friol era unha das capitais administrativas da época.

O feudalismo mantívose ata case finais do século XVIII e xa a partir do século XIX estableceuse o concello de Friol como orde administrativa tal e como a coñecemos hoxe.

## ➔ 2. Contido

### 1. Anafreita (San Pedro)

Parroquia cunha superficie de 8,1 km<sup>2</sup> situada ao noroeste do municipio e que limita co concello de Guitiriz. Conta con 48 habitantes repartidos en 10 entidades de poboación: O Baraxeiro, A Braña, A Carballosa, O Curral dos Mateos, O Curral dos Paos, A Devesa, Pardiñeira, Paredes, Portolamas e O Río. A súa densidade de poboación é de 5,92 hab/km<sup>2</sup>.





Trátase dun lugar cunha ampla historia que se remonta a finais do século X, cando xa se coñece a existencia da igrexa parroquial (que se adica ao seu patrón, San Pedro) nos chamados Tumbos de Sobrado. Tamén hai referencias posteriores datadas do século XVII e recopiladas por Andrés Martínez Salazar (Andrés Martínez Salazar, 1906: 16-23) referentes ás expedicións do licenciado D. Vázquez de Orjas, nas que se destaca o achado dunha mámoa nesas terras de Anafreita e tamén se mencionan freguesías anexas, como a de San Mamede de Nodar.

A orixe do topónimo de **Anafreita** é popularmente moi variada, e son moitas as correntes que se propoñen explicar o seu significado. Por un lado, existe a teoría de que provén de dous vocablos: *Naue Fracte*, citado en certos documentos dos mosteiros de Sobrado e Celanova dos anos 932, 982 e 989 (Joaquín Caridad Arias, 2006: 62-65), e *Naue Fracta*, mencionada noutros de 934, 942, 945 e 948. A procedencia destes vocablos é latina; basicamente fórmanse arredor do concepto de *fracta* que significa «rota, fracturada». Nicandro Ares, pola súa parte, defende a denominación *Nava Fracta* fronte a *Nave Fracta*, xa que esta última sería unha «nave fracturada», ou sexa, un barco roto. Isto leva a pensar nun río navegable ou lago de grandes dimensións, dos cales non se ten coñecemento pola zona, a excepción dun pequeno regato que practicamente desaparece na época estival. Aquí cobra interese o postulado de Ares, que sostén que a orografía destas terras é a que lles dá nome ás mesmas. Segundo a RAE, o termo prerromano *nava* correspóndese cun «terreo chan sen árbores, ás veces pantanoso, situado xeralmente entre montañas». Esta definición, unida ao adxectivo *fracta*, describe perfectamente a paisaxe de Anafreita, polo que non parece desatinado fixar «a nava abrupta» como a orixe do topónimo.

Porén, outras versións posteriores dos documentos de Sobrado, concretamente do século XII, aloxan os topónimos Nafreita, que elimina a *a-* inicial, posiblemente por considerala artigo feminino prescindible, como indica Joaquín Caridad<sup>1</sup>, e Anafreita, idéntico ao termo tal e como se coñece hoxe en día. Tamén parece ser que aparece a forma contaminada Nafrecta, que pode ser unha forma non evolucionada do grupo latino [kt] ao típico [it] na que non se produciu a vocalización da consoante, como explica Amable Veiga Arias<sup>2</sup>.

1 Joaquín Caridad Arias, Toponimia céltica de Galicia (2006): *En las versiones oficiales medievales pueden ocurrir dos cosas cuando la inicial es o-/a- (supuestos determinantes): 1) que se traduzcan por su equivalente castellano el o la, o 2) que simplemente se ignoren, como es aquí el caso.*

2 Amable Veiga Arias, Algunas calas en los orígenes del gallego (1983): *Algunas de las agrupaciones vocálicas que dan lugar al tratamiento [ai] > [ei] en gallego son debidas a la vocalización de una consonante; uno de los casos más típicos es el del grupo latino [kt] que pasa a [it], con lo que da lugar a la formación de un diptongo al precederle vocal nuclear. La evolución del diptongo [ai] así formado puede ser ilustrada por el topónimo Anafreita.*

Por outro lado, poderíase considerar a base latina *fracta* e a súa evolución *freita* para *A na freita*, é dicir, «a que está na fractura ou na brecha», referíndose á paisaxe e morfoloxía da zona.

Por último, a teoría máis asentada é a da orixe xermánica. En numerosos lugares do concello, incluíndo o seu propio topónimo, aparecen influencias xermánicas debido seguramente á presenza de pobos como os visigodos a partires do século V d.C. Segundo Caridad, Anafreita viría de *Ana-fred-a*, un antropónimo composto cuxo segundo termo remite á deusa nórdica *Freda*, *Freyja* ou *Freya*, asociada ao amor, á beleza e á fertilidade, pero tamén á guerra e á maxia, e que se recoñece por ser a máis venerada na cultura e mitoloxía xermana. Este nome está moi relacionado coa palabra *FrauJon* (muller) e co seu masculino *Freyr*, e segue a ser común como antropónimo por esas terras na actualidade. Non parece desatinado afirmar que o nome de *Freda* ou *Freya* é a base de moitos topónimos galegos, véxase Freituxe, no concello de Bóveda, ou o lugar de Freitemunde, en O Valadouro.

En canto ós lugares, **O Baraxeiro** provén do termo *varexar* ou *varear*, que significa «espazo situado preto ou a carón da casa labrega descuberto e xeralmente valado». N. Ares supón que en dito lugar esta tarefa se faría a miúdo e, polo tanto, adoptou ese nome, evolucionando o *-e* inicial a un *-a* moito máis aberto. Outras das aldeas son **O Curral dos Mateos** e **O Curral dos Paos**, con orixe no termo latino *currale* (curral, «espazo situado preto ou a carón da casa labrega, descuberto e xeralmente valado»). No primeiro caso, acompáñase de *Mateos*, que se refire ao nome do patrón *Matheus* ou quizais ao xentilicio *Matteius*. Por outro lado, **O Curral dos Paos** asóciase á palabra latina *palus* (concretamente, ao acusativo plural *palos*) que significa «pau», polo que seguramente abundasen nesta zona.

Por outra parte, **A Braña** e **A Carballosa** son dous fitónimos que se refiren á morfoloxía do terreo, xa que unha *braña* é un «prado ou monte baixo moi húmido típico das paisaxes labregas galegas» e unha *carballosa* sería un «lugar onde abunda o carballo». **A Carballosa** deriva da influencia prerromana *carba*, a través do aumentativo *carbalio*, como presupón N. Ares, e sería unha terra onde abundan os carballos. Pola súa parte, a orixe do termo *braña* é moi discutida. Para moitos autores, procedería do latín *ver*, como sostén Carolina Michäelis, seguida por Menéndez Pidal, Meyer-Lübke e Piel, evolucionado a *veranea*. En lugares como Asturias, esta explicación cobra sentido, posto que a acepción que se lles dá ás brañas é a de pastos de alta montaña nos que o gando está desde a primavera ata o outono. Pola contra, outros autores, como García de Diego, afirman que podería provir de *vorago-inis* («abismo, tremenda») aínda que a evolución deste termo non sería tan factible de cara ao actual. Existe outra vertente (Joan Corominas, 2012: 106) que defende as raíces celtas a partires do vocábulo *brakna*, lugar húmido, que se axusta máis ao paradigma galego, e neste caso ao friolense.

En canto ao nome de **A Devesa**, é un dos máis comúns tanto na toponimia galega como na española (coa súa consecuente tradución a *dehesa*), e está presente mesmo noutras tres parroquias do concello: Trasmonte, Prado e Condes. Procede do latín *defensa*, por tratarse dun terreo cheo de árbores e cercado (e polo tanto, defendido) no que se coloca o gando. Asimesmo, o resto dos lugares desta parroquia posúen influencias latinas, como é o caso de **Pardiñeira**, que evolucionou de *parietinaria* (*parietinae-arum*) co significado de «paredes vellas arruinadas». Ten base en *paries-etis*, que deu aquí mesmo en plural outro dos topónimos, que é **Paredes**. **Portolamas** é un composto de *portus* «porto, paso dun río ou montaña» con *lama*, polo que teríamos un «paso entre a lama». Por último, **O Río** orixínase a partir do latín *rivus* e non sofre ningunha modificación na súa evolución con respecto a outros topónimos da mesma raíz etimolóxica.

## 2. Anxeriz (Santa María)



Parroquia cunha superficie de 7,5 km<sup>2</sup> situada ó noroeste do municipio de Friol, que conta con 83 habitantes repartidos nos seguintes lugares: Anxeriz, O Coto, Cuiña, Ferreira, As Penelas, Piñeiro, Rosende, O Sabugueiro e Sisto. A súa densidade de poboación é de 11,06 hab/km<sup>2</sup>.

O monumento máis destacado desta parroquia é a igrexa, dedicada a Santa María. Trátase dunha construción románica do S. XII que sufriu reformas posteriores. Anxeriz foi unha das cinco primeiras parroquias que constituíron o Concello de Friol, xunto con Friol, Narla, Terra da Orde e Torrede. Isto tivo lugar no ano 1812, momento no cal se estableceu unha incipiente administración municipal.

O topónimo de Anxeriz repítese no Concello de Friol, onde o lugar lle deu nome á parroquia, e no de Tordoia, na Coruña, aínda que neste caso se trata de Santa Mariña de Anxeriz (e non de Santa María). Ademais, é un lugar da parroquia de Xerdiz, no Concello de Oroul, e da de O Castro de Ouro, en Alfoz.

Anxeriz responde ó xenitivo do antropónimo gótico *Ansericus*, nome do antigo posuidor da \*villa *Ansericus* (tamén chamada *Anserici* nun texto do ano 1031) e que garda relación co significado de « explotación agrícola ». Tamén alude aos *Anses*, semideuses da nación goda, e a *reiks*, un termo que garda relación co poder e que se empregaba na época visigoda para designar a un comandante militar (en grego « basilikos »). De feito, este título militar figura no nome de Athana-rik, o rei visigodo máis poderoso do S. IV. Deste xeito, o «s» comprendido entre o «n» e o «e» mudaría ao «x», o «s» final do termo «Anses» desaparecería, ao igual có «e» de *reiks*, e o grupo consonántico final «ks» pasaría á consoante «z». Deste xeito, «Anses-reiks» converteuse en «Anxeriz».

En canto ós lugares mencionados antes, **O Coto** procede da forma pre-latina \**cotto* («elevación dun terre»). Cabe destacar que *Couto* é moito máis frecuente ca *Coto*, un termo procedente neste caso da forma latina \**cautu* («lugar cercado»), que se refire a espazos acotados que dependían anteriormente de señoríos eclesiásticos. Por outro lado, para o topónimo **Cuiña** hai varias hipóteses. Algúns afirman que procede do latín *collis*, que en castelán dá o resultado «colina». Porén, o dobre -ll- non se perde ao pasar este termo ao galego, tal e como ocorre en resultados como *gallo*>*galo*. Outras opcións céntranse na súa condición de diminutivo de *coio/coia* ou mesmo de *coiña*, que procede do latín *caulis/colis*. Tamén se afirma que podería derivar do nome propio *Culinus/Culina*, tomados do termo latino *culina* («cociña»).

Outro lugar da parroquia de Anxeriz é **Ferreira**. Este topónimo procede do latín \**ferraria*, un adxetivo derivado de \**ferrum* («ferro»), que alude a un lugar onde había abundancia deste metal. Por outra banda, «As Penelas» é plural e diminutivo de *penna* («pena»), que no latín vulgar sería \**pinnellas* (o diminutivo

-ella- é un sinal distintivo da lingua vulgar). «Piñeiro», deriva de *pinearium* (en latín, *pinus*), a árbore productora da *pinea* («piña»). Ademais, existiu o antropónimo *Pinarius*. En documentos medievais aparecía como *Piniario*, *Pignario* e *Pinario*. Este topónimo adoita aparecer na súa forma singular, o que significa que os bosques de piñeiros non eran comúns, senón que estas árbores se atopaban dispersas.

**Rosende** procede de *\*villa Ranosindi*, a forma en xenitivo do nome persoal xermánico *Ranosindus*. Este está composto por dous termos: *\*hroth* (que cambia a *Rod-* ou *Rud-*), co significado de «gloria», e *sinth-* (que dá *sinde-*, *sende-*), que se traducen por «camiño» e «expedición bélica». Por conseguinte, Rosende ten o significado de «o camiño da fama» ou de «expedición militar famosa». Outro lugar dentro da parroquia é **O Sabugueiro**, unha denominación común galega para a árbore ou arbusto *Sambucus nigra*. Esta forma procede do latín *sabucus*, unha variante da forma clásica *sambucus*, ao que se lle engade o sufixo *-ARIU* (*sabucariu*>sabugueiro). No medievo, esta forma empregábase para usos toponímicos, antropónimos e como substantivo común.

O derradeiro lugar da parroquia de Anxeriz é **O Sisto**, un topónimo do cal a orixe aínda non está de todo clara. Por un lado, podería vir do nome persoal *Syxtus*, que levaron algúns papas que pasaron ó Martiroloxio Romano. Esta forma parece unha metátese do adxectivo grego *ξυστός* (*ksystós*), que ten o significado de «puído, alisado». Porén, tamén podería proceder do greco-latino *xystus* («pórtico, xardín»). Outra opción é que veña do latín *sisto*, *stiti*, *statum* («establecer, parar»), polo que tería o significado dunha parada nun camiño. Outras hipóteses son as seguintes: orixe toponímica derivada da configuración do terreo (J-L Pensado), variante con seseo da forma *cisto* (Sarmiento), pronunciación sueva do numeral ordinal *sexto* (Millán González-Pardo), forma paralela ó termo francés *sixte* e ao lombardo *sesto*... A pesares disto, as opcións máis aceptadas son as dúas primeiras.

### 3. Brá (San Martiño)




Trátase dunha parroquia cunha superficie de 4,3 km<sup>2</sup> localizada ao norte do concello. Posúe 38 habitantes repartidos en 5 entidades de poboación (Brá, A Cafúa, Os Campos, A Camposa e San Martiño). A súa densidade de poboación é de 7,6 hab/km<sup>2</sup>.

Neste caso, o lugar deulle nome á parroquia. O topónimo de **Brá** ten unha orixe difusa baseada na evolución do antropónimo *Veranus* (derivado de *Verus*) cara ás versións que aparecen nomeadas en varios documentos medievais, como poden ser os Tumbos de Sobrado. Nestes aparecen referencias a este lugar como *Berane confessus* ou *Villa Verani/Berani*. Por outra banda, no Tombo de Celanova, encontráanse os antropónimos Bera e Berane, ambos de procedencia descoñecida.

En canto aos lugares, **A Cafúa** proviría, ao igual có termo *la cafúa* (empregado coloquialmente nos países de Uruguay e a Arxentina como sinónimo de cárcere) do latín *caveola*, que é un diminutivo de *cavea* (cova). Da mesma base latina deriva *gayola*, que se relaciona directamente co significado que se lle atribúe a cafúa no ámbito sudamericano. Por outra parte, Nicandro Ares proporciona outra posible orixe, na que o topónimo sería unha variante de *cafuga* «caseta pequena feita fóra do pobo» (Xosé Luís Franco Grande, 1968: 202).

**Os Campos** e **A Camposa** teñen sendas raíces no latín *campus* «terreo chan no que medra herba». Concretamente, no caso de **A Camposa** referiríase a un «lugar no monte onde nace a herba de forma espontánea» (RAG). Por último, **San Martiño** refírese ao patrón da parroquia, ao que se lle dedica o día o 11 de novembro. Provéen de *Sanctus Martinus Turonensis*, San Martín de Tours, patrón dos soldados e tamén de certos países, como Francia e Hungría, ou de cidades coma Ourense.

#### 4. Carballo (San Xiao)



Parroquia cunha superficie de 18,1 km<sup>2</sup> situada ó oeste do Concello de Friol, que conta con 171 habitantes repartidos nos seguintes 17 lugares: O Albeiro, Barallobre, Bernadal, Carballo, A Cortella, Currás, A Fraga, A Freiría, Froxelle, A Gándara, Guntín, A Laxe, O Manxadoiro, Paredes, As Penelas, A Pereira e O Porto de Cas. A súa densidade de poboación é de 9,44 hab/km<sup>2</sup>.

A igrexa parroquial construíuse nos séculos XVIII e XIX e responde a gustos neoclásicos. A historia desta parroquia é ampla e estivo en boa parte marcada pola importancia da pequena fidalguía, concretamente da Casa da Fraga (1680-1800). Esta familia iniciou o seu dominio na freguesía mercándolles ós veciños varios lugares e predios. Co paso do tempo, este sistema foi mudando e a Casa da Fraga rematou por desaparecer. Na actualidade, en Carballo ten especial relevancia a área recreativa, situada no monte de Relucín e atravesada polo río Fulgueira.

O topónimo de Carballo repítese en moitos outros lugares de Galicia. É un concello pertencente á provincia da Coruña, que ademais lle dá nome a unha das súas parroquias (San Xoán de Carballo). Por outro lado, é unha parroquia do concello de Taboada (San Tomé de Carballo) e outra integrada no concello de Samos (San Xil de Carballo). Tamén existen moitos lugares que comparten este topónimo, coma o situado na parroquia de Abeledo, no municipio de Abadín, o de Vigo, no concello de Cambre, o da parroquia de Sismundi, en Cariño etc.

**Carballo**, ao igual ca outros topónimos como *Carba*, pertence a unha familia léxica fitonímica de orixe prerromana, aínda que non se sabe con exactitude de que estrato lingüístico provén. Corominas, por



exemplo, catalógao dentro da familia prerromana en xeral, sen precisar máis, mentres que outros como García de Diego afirman que é de orixe ibérica. Rivas, Alessio e Dauzat sitúano como un termo indoeuropeo. Por outro lado, hai moitos autores que consideran que existe unha estreita relación entre varias familias léxicas fitonímicas que teñen como base \*K-R «pedra», por ser especies propias de lugares pedregosos.

En canto á orixe deste topónimo, a hipótese máis extendida é a que considera *Carballo* como derivado da forma prerromana *carba* «matorral», á que se engadiría o sufixo \*-aliu. Esta teoría está moi establecida porque en documentos medievais xa escribían *carbaliu/carvalio*. G. de Diego suxeriu que deriba da forma ibérica *carbaculum*. Por outro lado, Sarmiento suxeriu unha relación entre *Carballo* e o latín *quercus* a través da evolución *querqualio*>*carqualio*>*carvallo*, pero non se considera moi probable.

En Galicia hai tamén moitos lugares chamados *Carballa*. Neste caso, a orixe toponímica do termo sería a mesma, pero algúns filólogos sosteñen que a terminación *-a* fai referencia a obxectos máis grandes cá terminación *-o*. Deste xeito, *Carballa* indicaría a presenza dun carballo de maior tamaño.

Tal e como explica Nicandro Ares Vázquez (2011: 857) **O Albeiro** procede do adxectivo latino *albarius*, que se relaciona frecuentemente co «muíño albeiro», que moe e dá pan branco, xa que este termo contén a mesma raíz ca *album*, un adxectivo latino que significa «albo, tirando a branco». Esta hipótese respáldana Bascuas (2002: 278) e Rivas Quintas (1982: 215). Ademais, *Albarius* empregouse como nome persoal e indicaba o oficio de branqueador ou caleeiro.

Outro dos lugares é **Barallobre**, sobre o que existen varias teorías. Segundo Moralejo Lasso, este topónimo vén de *varalia* «seto» e *obre*, unha forma prelatina derivada de *brigo/briga* «terreo elevado». Tamén pode ser que proceda do nome persoal *Bara* ou *Vara*, con derivados documentados, como *Baralius*, *Varel(l)us*, *Varillis* ou *Barillus*. O sufixo *-bre* procede do xenitivo *bere*, a forma latinizada da palabra indoeuropea *uer* ou *ber* («auga»). Deste xeito, a opción máis probable é a formada a partir de *Baralius bere*.

Por outro lado, **Bernadal** podería ter a súa orixe nos pastos *vernales*/*\*vernatales* («de primavera»), nos monxes bernardos de Sobrado, que tiveron posesións neste lugar, ou mesmo nos *vernas* («servos»). Outra opción é *\*vernetale*, unha forma derivada de *vernetum*, que tería unha hipotética base no celta *verna/vernia* («amieiro»). En canto ao lugar «A Cortella», correspóndese co diminutivo *curticula*, procedente do latín vulgar *cors/cortis* («corte, lugar onde se encerra o gando»).

Outro dos lugares é **Currás**, plural de *Curral*. Na toponimia galega, conviven as formas *Corral* e *Curral*, aínda que a Academia só dá por válida a segunda. Hai moitas teorías para explicar a orixe deste topónimo. Por exemplo, Corominas afirma que deriva de *\*currale* («circo de carreiras») e este de *currus* («carro»). Outros defenden que procede do latín *currere* («correr»). Ademais, autores como Rivas Quintas relaciónano coas formas célticas *cor-*, *corr-* («construción circular, curvo»). Tamén se fala dunha posible orixe preindoeuropea, xa que hai testemuños dunha base *kor-* no Sahara Occidental.

Por outro lado, **A Fraga** relaciónase co latín *fragum* (de feito, *fraga* é o seu plural neutro), que ten o significado de «lugar abrupto, espesura de árbores e matas bastas». Este descende do vocábulo latino *fraguere* («romper, crebar»). Outro lugar desta parroquia é **A Freiría**, *fratria* no latín medieval, que ten a súa orixe no termo *fratres*, «frades». Este topónimo alude ó mosteiro de Sobrado e ós seus frades, que administraban toda a contorna do cenobio.

En canto a **Froxelle**, dise que vén do xenitivo do antropónimo visigótico *Frogildus* ou da forma feminina *Frogildi/Frugilli*. Outra opción é a súa procedencia a partir de *\*(villam) Froielli*, pertencente a *Froiellus* (*Froji + ellus*). Neste caso, daríase a evolución estándar do sufixo *-elli* a *-elle*. Por outro lado, o lugar de **A Gándara** é, segundo Corominas ou García de Diego, unha voz preindoeuropea que parte da base *ganda* («pedregal»), aínda que este último tamén afirma que pode ser un termo derivado da forma latina *scandula* («táboa, pau»). Outros afirman que provén da forma *granda* («terreo pedregoso») ou do termo lombardo *ganda* («ladeira pedregosa»). Estas alusións teñen sentido, xa que actualmente o DRAG define *gándara* do seguinte xeito: «terreo baixo, arento, húmido e improdutivo, onde só medra a maleza».

Outro topónimo da parroquia de Carballo é **Guntín**. Esta forma procede do antropónimo visigótico *Guntinus*, posuidor do que naquel momento era a (*villa*) *Guntini*, hoxe *Guntín*. Este nome persoal debeu ser moi común na Galicia sueva, xa que hai trece lugares nas catro provincias galegas que proceden

del. Por outro lado, Corominas relaciona o lugar de **A Laxe** co termo *lagina* («pedra lisa»), de probable orixe celta. Esta forma evolucionou ao castelán *laja* «pedra plana, lisa, poco gruesa». O termo galego naceu como consecuencia do esvaecemento -a>-e.

O **Manxadoiro**, pola súa parte, relaciónase co latín *manducare* («comer») e debeu ser unha especie de presebe ou pasteiro para alimentar o gando. Por outro lado, o lugar **Paredes** (xa mencionado na parroquia de Anafreita) é un topónimo plural que ten a súa base na forma *paries*, -*etis*. No ano 1212 xa se rexistrou este topónimo, escrito *Parietes*. **As Penelas** (v. n.º 2) é o plural e diminutivo de *penna* («pena»), que no latín vulgar sería *\*pinnellas*.

O lugar **A Pereira** ten a súa orixe no plural do neutro *pirarium* (é dicir, en *piraria*), que é a árbore produtora de *pirum* («pera»), cuxa forma plural é *pira*. Como topónimo, rexistrouse no ano 1180 co nome de *Peraria*. Finalmente, **O Porto de Cas** é unha forma composta pola forma latina *portus* («paso, lugar de paso»), que se pode referir tanto a un paso entre montañas coma a un paso do río, e por *canis* («can»), que tamén pode ser un antropónimo (neste caso, grafado con maiúscula).

## 5. Carlín (Santa María)



Parroquia situada ao norte de Friol que conta con 57 habitantes repartidos en 6 entidades de poboación: Argá de Arriba, Argá de Abaixo, A Cabana, Carlín, A Pena do Muíño e Taín. Conta cunha superficie de 10,6 /km<sup>2</sup> e a súa densidade de poboación é de 5,37 hab//km<sup>2</sup>.

Nesta freguesía adquiren moita importancia as construcións relixiosas, posto que a *ecclesia de Carlím* xa se nomea nos Tumbos de Sobrado do século X (Nicandro Ares, 2011). Xunto á dita igrexa, érguese a capela da Nosa Señora do Ermo, un santuario de tradición mariana que celebra unha festa cada 25 de marzo na honra desta virxe. A palabra *ermo* provén da voz latina *eremus*, que significa solitario ou deserto, e que se relaciona co vocablo *ermida* (do latín *eremita*, termo derivado de *eremus* e este do grego *ἐρημος*, *ērhmos*) que se se refire a unha capela ou santuario situado nun lugar despoboado.

O topónimo de **Carlín**, que pertence tanto á parroquia como a un dos seus lugares, aparece xa nomeado na forma coa que o coñecemos hoxe en día no século XIII nuns documentos medievais lucenses, como afirma N. Ares. Carlín viría do antropónimo *Carolus/Carulus*, é dicir, «Carlos», un nome cuxa orixe exacta se descoñece, aínda que se pensa que é xermánico e que procede de *Kart* («home libre»). Outra das posibilidades é que derive do latino *Carus*, que significa «querido ou prezado», aínda que a falta do -l- no termo de orixe debilita esta hipótese.

Os lugares de **Argá de Abaixo** e **Argá de Arriba** fundaméntanse na posible existencia dunha *Villa Argana* propiedade dun tal *Arga*. Diferénzanse, como moitos outros pobos galegos, na simetría abaixo/

arriba, evolucionada dos latinos *bassus/ripa*. Este topónimo non é frecuente na xeografía galega nin na española. De feito, os dous únicos exemplos que atopamos son os analizados, o que fai aínda máis difícil determinar a súa orixe con claridade. A **Cabana** está claro que provén da palabra latina *capanna*, derivada do verbo *capere*, que significa «caber».

A **Pena do Muíño** refírese seguramente a un antigo muíño que había na zona (do latín *molinum*) no cal as tarefas de moer se levaban a cabo cunha pedra, neste caso *pena* do latín *pinna* ou *penna*, que designa unha aleta no seu significado inicial pero que rematou por dar nome a un saínte do terreo ou dunha fortificación. Xeralmente, o termo *molinum* funciona como adxectivo e acompaña ao substantivo *saxum* de forma que o sintagma resultante se refire á pedra molar, é dicir, á pedra xiratoria existente nos muíños tradicionais. En realidade, o vocábulo que se empregaba para designar este edificio era o de *pistrinum*. Por último, **Taín** procede do antropónimo *Taginii*, xenitivo de *Taginius*, un antigo posuidor de terreos da Idade Media.

## 6. Cotá (San Martiño)



Parroquia cunha superficie de 11,9 km<sup>2</sup> situada ó leste do municipio de Friol, que conta con 176 habitantes repartidos nos lugares de Agruñá. As Casas da Feira, Coído, Cotá, Dombrollo, Os Lagouzos, A Pena, A Ponte, Portasueiro, A Rexidoira e Silvarredonda. A súa densidade de poboación é de 14,7 hab/km<sup>2</sup>.

Nesta parroquia sitúase un resto milenario, o Dolmen da Moruxosa. Trátase dunha construción megalítica que aínda está por datar e que foi recentemente declarada Ben de Interese Cultural. A través deste monumento dedúcese que os primeiros poboadores do lugar habitárono hai miles de anos. En canto á economía, en Cotá tiveron moita importancia as feiras, que se celebraban o día 18 de cada mes. Nelas vendíase gando, produtos da terra, roupa... Malia a súa importancia, remataron por desaparecer.

O topónimo de Cotá tamén está presente no Concello de Cesuras, onde é un lugar da parroquia de Borrifáns (San Pedro de Borrifáns). Porén, non está presente en ningún outro lugar de Galicia.

**Cotá**, aldea que lle deu nome á parroquia, aparece con distintos nomes nos Tumbos de Sobrado: no ano 1212 «*Cotane*» e en 1218 «*Cotae*», ao igual ca no «Memorial de Aniversarios» da Catedral de Lugo do ano 1282, onde se refiren á igrexa como «*Sancti Martini de Cotae*» e pouco despois «*Sancti Martini de Cotay*». Tamén se atopou un documento do ano 998 onde se refiren a Cotá como *Cotani*. Deste xeito, dedúcese que en orixe puido ser unha (*Villa*) *Cottana*, pertencente a \**Cottanus*, derivado do antropónimo *Cotta*. Este topónimo, ao igual ca todos os rematados en «-a» tónico, resulta de pospoñer o sufixo adxectivo latino «-ana» ao nome dunha posesión territorial.

En canto aos lugares, **Agruñá** pode ser o resultado da evolución de *prunum*, a forma latina de «abruño». Porén, a hipótese máis probable é a que explica a súa orixe nunha *Villa Aproniana*, que estaría baixo o dominio de *Apronianus*. Como se explicou anteriormente, o sufixo latino «-ana» dá como resultado en galego un «-a» tónico. Por outro lado, **As Casas da Feira** débennlle o nome á actividade que se desenvolvía no lugar o día 18 de cada mes.


Outro dos lugares da parroquia é **Coído**, un orónimo que indica un emprazamento no que hai abundancia de *coio* («canto rodado»), unha palabra que podería proceder do termo céltico *crodios*. Este topónimo é frecuente sobre todo en lugares próximos ó mar, pero tamén nas ribeiras dos ríos (neste caso, do río Narla). **Dombrollo**, pola súa parte, procede do nome persoal autóctono *Domnus Braulius*. Esta hipótese vese reforzada polo achado que se fixo no século XIX duns documentos na catedral de Lugo nos que se fai referencia a *Don Broollo* coma un casal desta parroquia.

Por outra parte, **Os Lagouzos** é un hidrónimo que fai referencia á existencia de pequenas lagoas e que deriva do termo latino *lacus* («lago»), ao que se lle engadiu o sufixo vulgar *-uc(c)eus*. Deste xeito, *lacus+ucceus*>lagouzos. Outro topónimo é **A Pena**, que procede do latín *pinna* ou *penna* e que inicialmente designaba unha aleta pero que rematou por dar nome a un saínte do terreo ou dunha fortificación.

Outro lugar da parroquia de Cotá é **A Ponte**, un topónimo que procede do latín *pons*, *pontis*. Fai referencia á ponte que cruza o río, situada nese lugar. **Portasueiro**, pola súa parte, tal como indica Nicando Ares (2011: 860), relaciónase con *porta* e co nome persoal *Suarius/Suerius*, que se identificaba co animal *sus* («cocho») e que era un símbolo de humildade entre os cristiáns.

En canto a **A Rexidoira**, pode partir do verbo latino *regere* («rexedor, rexedora, rexedoría»), aínda que tamén se pode relacionar con *rugire* («ruxir»). Por último, **Silvarredonda** relaciónase con *silva* («selva») e con *rotunda* («redonda»), polo que se deduce que no pasado foi un couto con moita vexetación. Outra hipótese, aínda que moito menos probable, é que fose unha vila pertencente a unha persoa chamada *Silva* e apelidada *Rotunda*.

## 7. Friol (San Xiao)



Trátase dunha parroquia cunha superficie de 5 km<sup>2</sup> que conta con 579 habitantes concentrados nunha única entidade que é a vez a que lle dá nome a todo o concello. A súa densidade de poboación é a máis alta de todas as parroquias que aquí se analizan, 115,8 hab/km<sup>2</sup>.

Friol como capitalidade do concello sempre estivo ligada aos principais acontecementos históricos de todas as épocas, desde os pobos prerromanos ata a actualidade, e testigo disto son as numerosas pegadas que estes foron deixando. Dos primeiros poboadores consérvanse construcións catalogadas como

xacementos prehistóricos, principalmente mámoas ou medorras, un total de sete, aínda que a maioría se atopan cubertas pola maleza e son de escaso tamaño. Da época romana (S. I-II-III) perdurou un miliario do século III, que medía a distancia de 11 millas con respecto a Lucus Augusti (actual Lugo). Para conmemorar a importancia deste achado, colocouse no Campo da Feira de Abaixo unha réplica deste vestixio. Testigo dos poderes e as loitas do medievo é a Torre, quizais o monumento máis famoso da parroquia. Data do século XIII e seguramente pertencese á liñaxe dos Prados. Trátase dunha construción de grandes dimensións que, co tempo, foi quedando descoidada ata chegar ao actual estado de abandono.

O topónimo de **Friol** aparece xa nomeado na Idade Media nuns documentos dos Tumbos de Sobrado. Con esta base, numerosos autores trataron a súa orixe con resultados moi dispares. Joaquín Caridad Arias, por exemplo, asimilou as orixes de Friol e Friolfé a un antropónimo de orixe descoñecida que sería *Fridulfo* ou *Fredulfus*, xa que para o segundo concello hai unha referencia co nome de *villa Froliulfe* no ano 910 (Joaquín Caridad Arias; 2006: 225). Non obstante, no caso que nos concerne, esta teoría está moi difusa e non é posible a perda da sílaba «-fe». Outra crenza non moi probable é a popular, que relaciona o topónimo co adxectivo frío, aínda que Caridad Arias o desminte. Neste mesmo ámbito hai outra corrente que pretende explicar o nome a través do termo xermánico *wulpus* («lobo»), que definiría a Friol como unha «terra de lobos», tal e como di Celestino Fernández de la Vega. Á marxe destas hipóteses, consolídanse dúas ramas de estudo: por unha parte, o vínculo cos santos mártires *Julianus* e *Ferreolus* (defendida por J. M. Piel, E. Rivas Quintas, Moralejo e N. Ares) e, en segundo lugar, a posibilidade de que antigamente existira neste pobo un *forum Iulii*, é dicir, unha cidade de Xulio ou, noutras interpretacións, unha praza da familia Xulia.

J. M. Piel afirma que o topónimo debería vir dunha *villa Ferreoli*, ao igual que a cidade de Ferrol, na provincia de A Coruña. Nicandro Ares e Cabeza Quiles, pola súa parte, coinciden en que ambos lugares teñen unha dobre advocación, ou sexa, que teñen como patróns a San Xiao e a San Ferreol, personaxes relixiosos compañeiros de martirio. Polo tanto, como aprecia E. Rivas Quintas para Ferrol, sería nun principio a *ecclesia San Juliani et Ferreoli*, para derivar posteriormente en *San Julianus de Ferreol* e, por último, en San Xiao de Ferrol, evolución que Nicandro Ares considera tamén válida para San Xiao de Friol.

En canto á orixe en *forum Iulii*, non queda claro se podería ser unha praza fortificada da familia Xulia, unha cidade de Xulio ou un mercado dedicado a Xulio. De feito, estas combinacións tamén poderían variar. Neste caso, a evolución fonética comezaría coa desaparición do «m» final e a apócope das vogais «o» e «u» para comodidade do falante. Posteriormente, producíase a apertura do «u» de *Iulii*, para dar como resultado *Friuli* (nome tamén dunha poboación italiana) > *Friole* > Friol. Ambas hipóteses teñen os seus defensores e detractores, pero non se sabe a ciencia certa cal delas é a mais acertada.

## 8. Guimarei (Santa María)





Parroquia cunha superficie de 8,7 km<sup>2</sup> situada ó sur do municipio de Friol, que conta con 51 habitantes repartidos nos lugares de Abrigueiro, Campo da Feira, A Eirexe, Guimarei de Arriba e Meigonte. A súa densidade de poboación é de 5,86 hab/km<sup>2</sup>.

O máis destacado desta parroquia é a súa igrexa que, como se verá máis adiante, relaciónase co topónimo de «A Eirexe». Trátase dunha importante mostra do gótico tardío construída nos séculos XV, XVI e XVII co mecenado de Andrés de Berbetoros, Señor de Portomarín, que actualmente está enterrado nela, e a súa muller, Inés de Montenegro. Ademais, unha parte importante da economía da parroquia estaba baseada nas feiras, que tiñan lugar o 26 de cada mes. Non se sabe con exactitude cando comezaron a realizarse (aínda que hai constancia de que no S. XVIII se facían transaccións de gando), pero sobre os anos 70 do século pasado chegaron a ter unha importancia que superaba con moito os límites parroquiais.

O topónimo de Guimarei repítese tanto dentro do propio Concello (é un lugar da parroquia de Nodar), como noutros lugares de Galicia. En Baralla existe unha parroquia chamada (San Tomé) Guimarei, así como na Estrada, se ben neste último caso o santo que precede ó topónimo é San Xiao.

**Guimarei** ten a súa orixe no medioevo, cando os suevos e os godos nomearon moitos lugares segundo a cultura daquela época. A hipótese máis probable é que derive dunha antiga \**villa Wimaredi*, que se refire ao gran latifundio dun tal *Wimaredus*. Para Joseph M. Piel, a raíz «Wim-» significaría «loita». Deste xeito, o termo *villa* desaparecería por elipse e o grupo «Gu-» substituiría o «W» xermánico. Ademais, o «s» intervocálico eliminaríase co paso do tempo.

En canto ós lugares mencionados inicialmente, **O Abrigueiro** procede do latín *apricare* («abrigar»), e fai referencia a un lugar defendido dos ventos. **Campo da Feira**, pola súa parte, ten a súa orixe na forma latina *feriae* («feira») e remite ao campo no que se compran e venden mercadorías. **A Eirexe** deriva da forma latina *ecclesiae* (*locus*) e recorda ó emprazamento no que se localiza a maior igrexa parroquial. Este topónimo abunda por toda Galicia, xa que hai moreas de parroquias e (case) todas contan con igrexas.

**Guimarei de Arriba**, pola súa parte, relaciónase co antes explicado e contén o matiz diferenciador dunha maior altitude. Por último, para **Meigonte** existen hipóteses moi diferentes. Unha delas relaciónase con *Manigunda*, unha xermánica que fundou un mosteiro no ano 768 nas terras da Lombardía. Outra posibilidade, como indica Nicandro Ares Vázquez (2011: 81-83), é que o *Mei-* de Meigonte derive do gótico *manna* («varón»). Crese que puido existir o nome de muller \**Manigunthi*, que significaría «a que combate o varón» e que sería a que lle deu nome a esta aldea.

## 9. Guldriz (Santiago)



A parroquia de Santiago de Guldriz atópase no sudeste do concello e conta cunha superficie de 8,7 km<sup>2</sup>. Os seus 98 habitantes repártense en 7 lugares (A Abelleira, A Boleta, Guldriz de Abaixo, Guldriz de Arriba, A Leboreira, Seixalbo e As Veigas) cunha cifra de densidade poboacional de 11,26 hab/ km<sup>2</sup>.

Podemos atopar en Guldriz un castro dos poucos que quedan en bo estado de conservación no noso concello. Neste caso, está delimitado por un foso e ata non hai moito aínda había vestixios das vivendas, que foron empregadas para a construción de valados ou doutras vivendas de pedra.

O nome de Guldriz non só o leva a parroquia, senón tamén dúas das súas aldeas: **Guldriz de Arriba e Guldriz de Abaixo**. Estamos a falar das terras dun posuidor gótico que, segundo explica N. Ares, sería *Guldericus* (Nicandro Ares, 2011). A partir desta base, o termo que evolucionou ata os nosos días é o seu xenitivo *Gulderici*, que perdeu o «e» interconsonántico e tamén o «i» final, o que favoreceu o son /θ/. Nos Tumbos de Sobrado xa aparece sinalada unha *villa Guldriz/Golderiz* e unha *ecclesia Sancti Iacobi* (Santiago) nos séculos X e XIII. En canto á diferenciación entre arriba e abaixo (do latín *ripa* e *bassus* respectivamente), cabe sinalar que se debe á situación de ambas aldeas en función da altitude.

**A Abelleira** provén do latín *apicularia*, plural de *apiculare*, que significa «colmear», polo que seguramente se tratara dun lugar no que abundaban as colmeas. Outra teoría, aínda que menos afianzada, é a de Nicandro Ares, que especula coa posibilidade de que proliferase a herba abelleira (tamén chamada herba melisa) e por iso a aldea adoptase este nome. Nembargantes, ambas teorías están intrínsecamente ligadas, xa que a herba abelleira débelle o seu nome ao cheiro semellante ao do limón que desprende, polo cal as abellas se ven atraídas. Así, non parece desatinado pensar que estes insectos se asentaran preto dos lugares nos que abundaba esta planta.

Outro lugar, **A Boleta**, sería un diminutivo de bóla (do lat. *bullā*) e di N. Ares que «podería aludir a algunha pequena bóla ou mámoa prehistórica de forma semiesférica, a carón da cal nacería unha vila, que perdurou na aldea actual» (Nicandro Ares, 2011). A **Leboreira** viría de *lepus* («lebre»), posiblemente do vocábulo *leporaria*, que na cultura grecorromana designaba os parques onde se criaban e engordaban estes animais, posto que a súa carne era un manjar. Do latín *saxum album* (pedra branca) procede **O Seixalbo**, unha aldea na que se atopa unha pequena capela dedicada a San Antón na que se misa o día 13 de xuño na honra a este. Por último, **As Veigas** ten a súa raíz na voz prerromana *vaika/baika* que vén do ibero *vai* ou *ibai* «río» co sufixo *-ka* que en conxunto indica unha rexión do río, segundo Menéndez Pidal (Menéndez Pidal, 1968: 15). A súa evolución fonética sería polo tanto a seguinte: VAIKA > VEIKA (cambio natural do ditongo «ai» por «ei» no paso ás linguas románicas) > VEIGA (cambio da consoante velar xorda «k» pola súa sonora correspondente «g»). Adquire o significado de «terreo chan e fértil situado á beira dun río ou corrente de auga, no que hai prados e cultivos» (DiGalego).

## 10. Lamas (Santa María)



Parroquia cunha superficie de 5,6 km<sup>2</sup> situada no centro-leste do concello, que conta con 46 habitantes concentrados no lugar de Lamas, que lle deu nome á propia parroquia. A súa densidade de poboación é de 8,21 hab/km<sup>2</sup>.

Nesta parroquia consérvase un castro de case 100 metros de diámetro que se sitúa no camiño que une Lamas con Narla. Ademais, existe un total de cinco mámoas, aínda que o acceso a elas é en ocasións complicado debido á maleza.

Lamas é unha forma toponímia abundosa que dá nome a uns 90 lugares galegos. Por exemplo, é unha parroquia do concello de Lugo (Santalla de Lamas), así como dos municipios de Cospeito e San Cristovo de Cea (San Martiño de Lamas), entre outros. Ademais, existe unha gran multitude de aldeas que teñen esta forma toponímica, como é o caso da situada na parroquia de Peibás (Antas de Ulla), en Illán (Begonte), en Cardeiro (Boimorto), en Sísamo (Carballo) etc.

O nome de **Lamas** procede da forma plural latina ou prelatina *lama*, que ten o significado de «charco, pantano, lodazal». Tal e como indica Nicandro Ares (2011: 863) seguindo a Menéndez Pidal, a súa orixe puido resultar da mestura das culturas lígur e ilírica.

### 11. Lea (San Xurxo)



Parroquia cunha superficie de 6,9 km<sup>2</sup> situada no centro-oeste do municipio, que conta con 106 habitantes repartidos nos lugares de As Casas dos Galiñeiros, Cascancela, O Curral de Abaixo, O Curral de Arriba, A Gándara, Lea, O Outeiro e Pradedá. A súa densidade poboacional é de 15,36 hab/km<sup>2</sup>.

O monumento máis destacado desta parroquia é a súa igrexa, que data do século XVII e que é de estilo renacentista. Ademais, hai un pequeno castro e nos lugares de O Curral de Arriba e O Curral de Abaixo atópase cadansúa mámoa. Este topónimo, aparte de nomear unha parroquia do concello de Friol, tamén está presente no concello de Pol (San Bartolomeu de Lea). Ademais, é un lugar das parroquias de Santa María de Lagostelle e de San Vicenzo dos Vilares, ambas pertencentes ó municipio de Guitiriz.

**Lea** é o nome da parroquia e dunha aldea da mesma. En canto á súa orixe toponímica hai varias opcións, a primeira delas relacionada coa súa procedencia a partires da forma latina *ligare* («ligar»). No dicionario DiGalego aparece coas seguintes acepcións (ningunha delas relacionada co significado do topónimo, segundo Nicandro Ares):

1. Xuntar ou suxeitar dúas cousas por medio de cordas ou ataduras.
2. Poñer en relación varias cousas de xeito lóxico.
3. Combinar dous metais fundíndoos nun só para formar unha aliaxe.


4. Establecer unha forte relación entre persoas ou cousas.
5. Mesturar diversas substancias de xeito que formen unha masa homoxénea.
6. Formar unha substancia un todo homoxéneo.

Outra posibilidade é a súa condición de palabra celta, tomando como referencia un río, o Leia. Ademais, nalgúns documentos antigos aparece a forma *Legia*. Lea tamén puido ser algunha viúva romana do século IV, que algún haxiógrafo propón como variante de *Lia*, *Leah* en hebreo («vaca») (Nicandro Ares 2011: 864). Por último, hai unha hipótese que relaciona este topónimo cun antropónimo xermánico, o de (*villa*) *Eileuva*.

En canto ós lugares, **As Casas dos Galiñeiros** fan referencia a lugares nos que se crían moitas destas aves domésticas, cuxo nome deriva da forma latina *gallinarium*. **Cascancela**, pola súa parte, é unha forma que equivale a «casa da cancela», forma derivada do latín *cancellus* («varanda»). Outros topónimos son **O Curral de Arriba** e **O Curral de Abaixo**. Para explicar a parte non adverbial remitímonos á entrada n.º 2, mentras que a segunda parte de cada un deles proporciona información acerca da súa situación espacial, concretamente da altitude á que están situados.

Por outro lado, **A Gándara** explícase na toponimia da parroquia de Carballo (v. n.º 4). **O Outeiro**, pola súa parte, é un orónimo derivado do latín *altariu* («altar»), aínda que no latín medieval tamén consta a forma *auctarium*, constituída sobre o participio de *augere* (*auctum*), que significa «aumentar». Tamén pode ser un derivado do latín *altu* («alto») + o sufixo -eiro. Finalmente, **Pradeda** é un fitónimo con orixe no latín *plataneta*, e refírese a un lugar no que abundan os pradairos.

## 12. Madelos (Santalla)



A parroquia de Santalla de Madelos atópase ao noroeste do concello e ocupa unha superficie de 1,4 km<sup>2</sup>. Os seus 53 habitantes repártense en 5 entidades de poboación: Córneas, O Cotón, As Penas, A Vila Grande e A Vila Pequena. A súa densidade poboacional é de 37,86 hab/km<sup>2</sup>.

O nome de **Santalla de Madelos** procede, en primeiro lugar, da evolución de *Sancte Eolalia* («Santa Eulalia»), ao igual ca outra das parroquias deste concello, Santalla de Devesa. Esta virxe e mártir cristiá do S. IV é a patroa de numerosos lugares da xeografía española pero tamén da galega, con diferentes acepcións: Santoalla, Santa Baia, Santa Olaia etc.

- Santa Eulalia: Santa Eulalia de Merille (Ouro), Santa Eulalia de Guilfrei e da Quintá de Cancelada (Becerreá), Santa Eulalia da Portela (Cuntis), Santa Eulalia de Limodre (Fene), Santa Eulalia de Mariz (Guitiriz), Santa Eulalia de Lousada e de Pradeda (Guntín), Santa Eulalia de

Vilacova (Lousame), Santa Eulalia de Dena (Meaño), Santa Eulalia de Meira (Moaña), Santa Eulalia de Mos (Mos), Santa Eulalia de Batalláns (As Neves), Santa Eulalia de Senra (Oroso), Santa Eulalia de Suegos (Pol), Santa Eulalia de Ponte Caldelas (Ponte Caldelas), Santa Eulalia de Atios (O Porriño), Santa Eulalia de Bando (Santiago de Compostela), Santa Eulalia de Vilar de Cabalos (Taboada), Santa Eulalia de Budián (O Valadouro), Santa Eulalia de Vedra (Vedra) e Santa Eulalia de Lago (Xove).

- Santoalla ou Santa Oalla: Santoalla do Monte (Petín). Santoalla (Parroquia de Francos, Guntín).
- Santa Baia: Santa Baia de Urrós (Allariz), Santa Baia de Barroso (Avión), Santa Baia de Lañas (A Baña), Santa Baia de Boiro (Boiro), Santa Baia de Berredo (A Bola), Santa Baia de Vigo (Boqueixón), Santa Baia de Teilán (Bóveda), Santa Baia de Aguada e de Búbal (Carballedo), Santa Baia de Banga (O Carballiño), Santa Baia de Cañas (Carral), Santa Baia de Anfeoz (Cartelle), Santa Baia de Bolaño (Castroverde), Santa Baia de Oeste (Catoira), Santa Baia de Brens (Cee), Santa Baia de Laias (Cenlle), Santa Baia de Castro (Cerdedo), Santa Baia de Adá e de Pedrafitá (Chantada), Santa Baia de Castro (Coristanco), Santa Baia de Montes (Cualedro), Santa Baia de Dumbria (Dumbria), Santa Baia de Matalobos (A Estrada), Santa Baia de Donas (Gondomar), Santa Baia de Reádigos (O Irixo), Santa Baia de Donsión e Losón (Lalín), Santa Baia de Chacín (Mazaricos), Santa Baia de Mondariz (Mondariz), Santa Baia de Logrosa (Negreira), Santa Baia de Camos (Nigrán), Santa Baia de Vilar de Cerreda (Nogueira de Ramuín), Santa Baia de Beiro (Ourense), Santa Baia de Golpellás (Paderne de Allariz), Santa Baia de Bendollo (Quiroga), Santa Baia de O Araño (Rianxo), Santa Baia de Ribadumia (Ribadumia), Santa Baia de Camba (Rodeiro), Santa Baia de Longos (San Cristovo de Cea), Santa Baia de Nantes (Sanxenxo), Santa Baia de Cira (Silleda), Santa Baia de Silleda (Silleda), Santa Baia de Oza (Teo), Santa Baia de Chamosiños (Trasmiras), Santa Baia de Portela (Verea), Santa Baia de Alcabre (Vigo), Santa Baia de Arealonga (Vilagarcía de Arousa), Santa Baia de Boimorto e de León (Vilamarín), Santa Baia de Arzádegos (Vilardevós), Santa Baia de Tines (Vimianzo), e Santa Baia de Burgás (Xermade).
- Santa Olaia: Santa Olaia de Soaserra (Cabanas), Santa Olaia de Trabazos (Castro Caldelas), Santa Olaia de Esgos (Esgos) e Santa Olaia de Parderrubias (A Merca).

En segundo lugar, o termo **Madelos** xa aparece nomeado nos séculos X, XI e XIII en varios documentos dos Tumbos de Sobrado coas formas *Manadelos*, *Maladelos*, *Maladelus* e *Maadelos*. A partir disto, N. Ares afirma que proviría de *Manatellus*, diminutivo do antropónimo *Manatius*, aínda que tamén pode estar relacionado con *Malatellus*, de *Malada* «criado». (Nicandro Ares, 2011)

En canto aos seus lugares, **Córneas** procede seguramente do latín *cornu*, que tanto pode referirse ao apéndice dos animais, coma á parte máis alta dunha montaña. **O Cotón** vén da forma prelatina \**cotto* («elevación dun terreo») e é un aumentativo. **As Penas** deriva de *pinna* ou *penna*, palabra de orixe latina, que designa seguramente un lugar onde abundaban as rochas. Por último, tanto **Vila Grande** coma **Vila Pequena** proveñen do latín *villa* (cos significados de «facenda, granxa ou propiedade») combinado cos adxectivos latinos de tamaño *grandis* e *piccinnus*, este último procedente do latín vulgar hispánico e seguramente derivado de *pittinnus*. Este evolucionou noutros idiomas a *petit* (francés) e *pithinnu* (sardo), mentras que o vocábulo *piccinnus* deu lugar a *pequeño* (español), *piccolo* (italiano) ou *pequeno* (galego e portugués).

### 13. Miraz (Santiago)

Parroquia cunha superficie de 12,5 km<sup>2</sup> situada no noroeste do concello de Friol, que conta con 127 habitantes repartidos nos lugares de Corveiros, O Cural da Fonte, A Florida, As Laxes, O Outeiro Grande, O Outeiro, Os Picos, A Portella, Portoscarros e Vilaldar. A súa densidade de poboación é de 10,16 hab/km<sup>2</sup>.

O monumento máis coñecido desta parroquia é a Torre de Miraz, unha antiga fortaleza que se conserva moi ben a pesares das continuas reformas polas que atravesou. Ao seu carón atópase un pazo do século XVIII que na actualidade está habitado. Ademais, conta cunha área recreativa pequena e moi tranquila. Por outro lado, Miraz é tamén un lugar de confluencia de peregrinos xa que pasa por alí o Camiño Norte que vai a Santiago de Compostela.





Miraz, ademais de ser unha parroquia do concello de Friol, tamén o é do concello de Xermade (San Pedro de Miraz). Por outro lado, no municipio de Folgoso do Courel hai dous lugares que conteñen esta forma toponímica: Miraz de Abaixo e Miraz de Arriba.

Non está moi clara a orixe do nome de **Miraz**. En primeiro lugar, podería ser unha forma evolucionada a partir do antropónimo gótico *Mira*, que co tempo resultou en *Mirazi*. De feito, no século X figura o apelido *Mirazi* e un *nasario de Miraci*. No século seguinte hai constancia dunha *vox de Miraz* e dun *villare de Miraz*. Porén, estas coincidencias non superan o plano nominal, non son xeográficas. Outra hipótese é que proceda de *\*villa Mirachi*, a forma en xenitivo do antropónimo gótico *Mirachi*. Este nome tamén se rexistrou na época medieval.

En canto ós lugares, **Corveiros** semella ser un lugar no que hai moitos *corvus* («corvos»). **O Cural da Fonte**, pola súa parte, está parcialmente explicado no apartado da parroquia de Carballo (v. n.º 4), concretamente onde se fala do lugar de Currás. A segunda parte desta forma toponímica procede da forma latina *fonte*, que significa «auga, fonte, manancial». Por outro lado, **A Florida** podería proceder do antropónimo latino *Floridus*, aínda que o máis probable é que resulte da evolución do verbo *florire* («floreecer») ou da forma nominal *flos-floris* («flor»).


Outro topónimo da parroquia de Miraz é **As Laxes** que, como xa se mencionou anteriormente (v. n.º 4), estaría relacionado co termo *lagina* («pedra lisa»), de probable orixe celta. Esta forma evolucionou ao castelán *laja*, que rematou por perder o *-a* final e no seu lugar adoptou un *-e*. Do lugar **O Outeiro** xa se falou na parroquia de Lea (v. n.º 11). **O Outeiro Grande** é unha forma que non precisa maior explicación, pois refírese a un outeiro moi sobresaínte, é dicir, moi grande, como o propio nome indica.

Por outro lado, **Os Picos** procedería da forma celta *beccus* («pico») e, segundo Nicandro Ares, incluso poderían ser resultado da evolución da onomatopea *picc*. Ademais, **A Pontella** é unha forma que deriva do latín *ponticula*, diminutivo de *pons*, «ponte, paso no río». Por outro lado, **Portoscarros** é a forma patrimonial actual que evolucionou do latín *portus carrus/currus*, que alude ao paso de carros pola beira do río. Outra opción relaciona o segundo elemento do topónimo co nome persoal *Carrus*.

Por último, **Viladar** refírese a *villa Aldar*, unha extensión propiedade de *Alduarius* (visigótico) ou *Alduara* (xinecónimo). No século X rexistrouse unha *villa Alduari*, pero non nesta localización xeográfica.

#### 14. Narla (San Pedro)

Parroquia de 18,7 km<sup>2</sup> de extensión situada ao nordeste do concello que conta con 207 habitantes repartidos en 15 entidades de poboación: Cabeza de Vaca, O Chao, Cima de Vila, Eirexe, A Espiñeira,



Golmar, Lagoa, Montecelos, Pacios, A Pontella, A Porreira, A Portela, Seidoiro, Todón e O Vilar. A súa densidade de poboación é de 11,06 hab/ km<sup>2</sup>.

O nome de **Narla** nace do hidrónimo, un referente que xa se atopa mencionado por primeira vez como *Comitatus Nallarensis* no *Parrochiale Suevum*, un documento datado do S. VI no que se recolle a organización administrativa e eclesiástica do territorio por parte dos suevos. En torno ao S. X xa aparece nos Tumbos de Sobrado con denominacións variables: *in territorio Nallari*, *in valle Nalare*, *in territorio Nalare*, *in Nallare* etc. No S. XIV hai un cambio significativo que é o que posibilita a evolución da palabra tal e como a coñecemos na actualidade, xa que aparece citado como *Nárrela* e, polo tanto, vemos que a segunda vogal se converte en en átona, o que facilita a súa desaparición.


Dentro das súas 15 entidades de poboación atopamos nomes singulares como **Cabeza de Vaca**, do latín *capitia* (derivado de *caput*) máis *vacca*, do cal se poden facer moitas interpretacións (como indica Nicandro Ares: «se cadra, sería un alcume persoal do fundador desta aldea, coma Alvar Núñez Cabeza de Vaca, gobernador do Paraguai no S. XVI?») pero non se sabe con seguridade se algunha é acertada. **O Chao** sairía do latín *planus*, que designa un terreo chán. **Cima de Vila**, pola súa parte, indicaría un elemento topográfico, un alto (do latín *cyma*) dunha vila (latín *villa*).

A **Eirexe** procede do xenitivo greco-latino *ecclesiae*, e refírese á igrexa románica situada nesta aldea. A **Espiñeira** sería un lugar no que abundarían os espiños, do latín *spinus* (aínda na actualidade permanecen na súa paisaxe). En canto a **Golmar** e **Todón**, ambos xorden de nomes persoais góticos, *Golmarus* ou *Gualamarius* (segundo N. Ares) e *Teodone*, respectivamente. A **Lagoa** é o resultado da evolución da palabra latina *lacuna* e **Montecelos** provén do diminutivo de monte no latín vulgar, *monticellus*.

Outro dos lugares desta parroquia é o de **Pacios**, plural da palabra coloquial *pacio* (pazo) que adquire o significado de casa señorial de pedra reservada, na antigüidade, á residencia habitual ou temporal dos nobres, que estaba situada no medio rural e tiña nas paredes os escudos heráldicos da familia. A **Pontella** e A **Portela** son diminutivos das voces latinas *pons* (*ponticula*) e *porta*. A **Porreira** designaría un espazo no que habería exceso da planta do porro (do lat. *porrus*).

Sobre o topónimo de **Seidoiro** hai varias hipóteses: Nicandro Ares propón que o termo podería ser unha variante de *saidoiro* e polo tanto viría do verbo latino *salire*. Partindo do autor Alonso Estravís, pódese assimilar o termo a *saidoiro* ou *saidouro* («lugar na marxe do río que ofrece boa saída a quen o atravesa»). Outra opción é que proveña do nome persoal *Salitorius* («salgador»). Por último, **O Vilar** derivaría do termo latino *villaris*, que significa «casarío no campo con edificios e eidos anexos», como indica N. Ares.

## 15. Nodar (San Mamede)



Parroquia cunha superficie de 20 km<sup>2</sup> situada no oeste do municipio de Friol, que conta con 231 habitantes repartidos nos lugares de A Aldea de Arriba, O Bargo, O Bidueiro, A Cabana, Carballo do Vento, Carballoso, A Cerdeira, O Convento, A Corda, A Fábrica, As Fontes, Guimarei, Ledro, O Loureiro, Mantelle, Nodar, O Outeiro, A Penalba, A Ponteliñeira, Portocelo, O Rego do Orizo, A Roxica, Samede, Santo Estevo, A Travesa de Ledro e Vilariño. A súa densidade de poboación é de 11,55 hab/km<sup>2</sup>.

A familia máis coñecida da historia desta parroquia quizais fosen os Lamas de Prado. O primeiro membro do que se ten constancia é Gregorio López de Lamas, que viviu no século XVIII. A principios do S. XIX, construíuse un pazo novo que aínda se conserva na actualidade. Localízase nas proximidades da igrexa parroquial (que é de estilo románico), no camiño que conduce á Torre de Anafreita.

No concello de Friol, Nodar é un lugar que lle dá nome a unha parroquia. Ademais, atópase tamén nas parroquias de Santo André de Cesar (Caldas de Reis), Santa Baia de Aguada (Carballedo) e San Miguel de Arca (A Estrada).

En primeiro lugar, **Nodar** procede do antropónimo latino *Nodarius* ou *Notarius*. É importante sinalar que hai un documento que se estima que pode ser do século XIII no que xa se refiren a este lugar como *Sancti Mametis de Nodar*.

En canto ós lugares, **A Aldea de Arriba** alude a unha *al daia* árabe («aldea») e ao adxectivo latino *ripa*, que indica que dito núcleo de poboación se atopa nun lugar elevado. **O Bargo**, pola súa parte, procede da palabra celta *vargo*, que actualmente se mantén no noso idioma co significado de «lousa ou pedra grande de pouco grosor, que se crava na terra para cerrar un recinto» (DRAG). **O Bidueiro** é un fitónimo que procede do latín *betula*. Foi Sarmiento quen vinculou as formas hispánicas procedentes desta voz latina e recolleu as variantes galegas.

Por outro lado, **A Cabana** (tal e como se explicou no apartado de Carlín) procede da palabra latina *capanna* derivada do verbo *capere*, que significa «caber». **Carballo do Vento** é un lugar composto por un fitónimo (v. n.º 4) e pola forma «vento», que se discute se deriva do latín *ventu* ou se fai referencia ao nome persoal *Bento*. Nesta mesma liña, **Carballoso** tamén é un fitónimo procedente de *carballo* (v. n.º 4) ao que se lle engadiu o sufixo -osu. Deste xeito, remite a un «lugar con abundancia de carballos». Este topónimo atópase escasamente documentado nos diplomas medievais. Porén, nos Tumbos de Sobrado do S. XIII menciónase un lugar chamado *carueloso*.

**A Cerdeira**, pola súa parte, procede do latín *ceresia* > *cerceira* que, por disimilación, pasou a ser *cerdeira*, e fai referencia á árbore que dá cereixas. **O Convento** deriva do termo latino *conventus* e era

un lugar no que se celebraban asambleas e reunións, maiormente con fins eclesiásticos. **A Corda** é un orónimo que procede do latín *chorda* e remite a «cordal, serra, cima das montañas». En canto a **A Fábrica**, ten base no termo latino *faber* («obreiro»), que evolucionou a *ars fabrica*, nome que se lle daba ós talleres, ás actuais fábricas.

Por outro lado, **As Fontes** é un topónimo procedente do latín *fonte*, que significa «manancial, fonte» e refírese especialmente ao que brota naturalmente da terra. **Guimarei** explícase na entrada n.º 8. **Ledro** está citado nos Tumbos de Sobrado coa forma *Ledu* e *Ledur*, polo que se pensa que quizáis teña relación cun antropónimo. **O Loureiro** procede do latín clásico *laurariu* e é a denominación común galega do *Laurus nobilis*.

**Mantelle**, pola súa parte, aparece mencionado nos Tumbos de Sobrado do século X como *Mantelli* e, posteriormente, como *Manteli* e *Mantele*. Isto leva a pensar que proceda do antropónimo latino *Mantelius*. **O Outeiro** v. n.º 10. **A Penalba** deriva de *pinna/penna alba*, o que sería unha pena branca, aínda que tamén pode ser propiedade de *Albus/Alba*. **A Ponteliñeira** é unha forma composta por *pons* («ponte») e *linaria* («taller de liño»). Por outro lado, **Portocelo** debeu proceder da forma latina *porticulus*, que se pensa que puido evolucionar a *\*portucellus*.

**O Rego do Orizo** é un topónimo composto por dúas partes. A primeira, segundo Corominas (DCECH) procede do íbero-vasco *\*recu*, que no noso idioma se mesturou co céltico *rica*. Outra posibilidade é que derive de *riguus*, forma latina emparentada con *rigare* («regar»). A segunda parte resultaría de *ericius* («ourizo») ou do antropónimo *Auricius*. **A Roxica** é un topónimo cuxa orixe se descoñece aínda. Nicandro Ares (2011: 867) menciona unha suposta relación con «roxo».

Por outro lado, **Samede** é en realidade San Mamede pero os veciños acurtaron a forma por asimilación. San Mamede ten a súa orixe no nome *Mammes -etis* (o acusativo sería *Mammete* e o xenitivo *Mammeti*) que quizáis remita á palabra grega *mammé* («mamá») ou con *mamma* («nai, ama de cría»). Por iso se di que a nivel popular se considera un santo ó que lle rezan as amas de cría. **Santo Estevo** procede da forma latina *Sanctum Stephanum* e así figura nun documento do S. XIII. **A Travesa de Ledro** alude a unha (*via*) *transversa* («camiño transversal») que pasa por Ledro, antes analizado. Por último, **Vilariño** é o diminutivo de Vilar (v. n.º 14).

## 16. Ousá (San Xiao)

Ousá é unha parroquia con 13,1 km<sup>2</sup> de extensión situada ao nordeste do concello, que conta con 142 habitantes repartidos entre 15 lugares (O Campo, As Carpaceiras, A Casa de Parga, A Casa do Pazo, As Lamelas, Lourido, A Mámoa, Mazcarelle, O Mozón, Novexilde, A Pereira, O Portonovo, Quintá, Requeixo e O Vilar) e unha densidade de poboación de 10,83 hab/km<sup>2</sup>.

Nestas terras hai unha potente tradición panadeira que data do medievo e que foi transmitíndose de xeración en xeración ata converter esta parroquia nun referente a nivel rexional. Hoxe en día son moitos os negocios que levan o nome de pan de Ousá por toda a xeografía galega, e mesmo se celebra cada ano no mes de marzo unha feira para honrar este produto e tamén aos queixos de Friol.

**Ousá** é un topónimo que ten orixe no nome dun posuidor que, neste caso, tería varias posibilidades: por unha banda, N. Ares afirma que se trata de *Ausanius*, xa que nun documento aparece citada unha *villa in Ausani*; por outra banda, J. Caridad mantén que procede do antropónimo *Ausana*, mentras que F. Cabeza sostén que procede do topónimo *Ausius*. De forma complementaria a esta última aportación, J. M. Piel explica que un gran número de topónimos da Galicia central rematan en «-a» tónico debido a que son o resultado de pospoñer o sufixo adxectivo latino «-ana» ao nome do posuidor dun determinado territorio. Ao igual que noutros casos desta mesma parroquia, como **Quintá** (*villa Quintana*, do posuidor *Quintanus*), Ousá podería ser a suma do termo *Ausius* (F. Cabeza) máis o sufixo: *villa Ausiana* (interpretación propia).

En canto aos lugares, atopamos varios nomes relacionados coa morfoloxía do terreo como **O Campo** (do lat. *campus*, «terreo chan») e **As Lamelas** (lugar onde abonda a lama, do lat. *lama*), e outros tantos que son fitónimos: **As Carpaceiras** (onde abundan as carpazas, voz de orixe prerromana derivada ou ben de



*carpathium* segundo N. Ares, ou ben de *carapaccia*, como indica Corominas), **Lourido** (palabra derivada do lat. *laurus* «loureiro» co sufixo «-ido» que indica colectividade) e **A Pereira** (xeralmente considerouse procedente do lat. *pirus* ou do seu derivado *piraria* polo que indicaría a existencia destas árbores, aínda que tamén hai a posibilidade de que proveña de *petraria*, lugar onde abundan as *petra* «pedra»).

**A Casa de Parga** e **A Casa do Pazo** fórmanse a partires do termo latino *casa* seguido, no primeiro caso, do topónimo *Parga* (parroquia do concello de Guitiriz que ten orixe en *Parraga* ou *Párrega*, un hidrónimo que segundo J.J. Moralejo sería indoeuropeo, ou relacionado co substantivo prerromano *parra*, como afirma Corominas, aínda que sen moita argumentación) e, no segundo caso, de *Pazo*, do latín *palatium*. **A Mámoa** refírese a un túmulo ou sepulcro característico do megalitismo en Galicia que está constituído por un amoreamento de terra, xeralmente de planta circular, que acollía no seu interior unha anta ou dolmen, e cumpría funcións de tipo funerario. Etimoloxicamente provén de *mammula* ou *mamma*, xa que a súa forma cónica recorda á dun seno.

**Mazcarelle** ten unhas raíces difusas, xa que non se coñece con certeza cal é o seu significado; crese que podería ser o xenitivo dun nome *Mascarelus*, xa que aparece citado como villa *Mascareli* nos Tum-bos de Sobrado a mediados do s. X, pero autores como N. Ares relaciónano tamén con máscara e con *macarellus* que significa alcaioite, é dicir, unha persoa que serve de intermediaria en asuntos amorosos. **O Mozón** ten unha orixe descoñecida aínda que popularmente se consolidou a teoría de que é un aumentativo de mozo, do cal tampouco se sabe de onde provén (podería derivar ou ben do latín *mutilus* ou de *muteus*). Para N. Ares podería estar relacionado co semellante *motio-onis* «moción».

**Novexilde** vén seguramente dunha alteración evolutiva do antropónimo *Leovigildus*, que indicaría a posesión destas terras. **O Portonovo** explícase de forma sinxela: é o conxunto latino do substantivo *portus* e o adxectivo *novus*. **Requeixo** é unha palabra polisémica que en galego pode significar un terreo en pendente que vai dar a un val ou un lugar próximo á lareira onde se garda o lume. Partindo desta base, Nicandro Ares considera acertada a orixe nalgún dos verbos *re-cido*, *re-cidi*, *re-casum* «re-caer» ou de *re-cedo*, *re-cessi*, *re-cessum* «re-tirarse», referíndose á pendente do terreo mencionada anteriormente. Porén, para Corominas viría do verbo *quasiare* «queixarse». Por último, **O Vilar** xa foi explicado no apartado correspondente á parroquia de Narla.



## 17. O Pacio (Santa María)



Parroquia cunha superficie de 8,7 km<sup>2</sup> situada no sureste do concello, que conta con 104 habitantes repartidos nos lugares de O Burgo de Negral, A Casanova, A Grela, O Pacio, O Paraño, As Pedreiras, Tras do Agro, A Valiña, Vilacarpide e Vilar de Salgueiros. A súa densidade de poboación é de 11,95 hab/km<sup>2</sup>.

O monumento máis destacado desta parroquia é a súa igrexa. Na actualidade conta con bastantes visitantes xa que por aquí pasa o Camiño Primitivo que vai a Santiago de Compostela.

O lugar de O Pacio deulle nome á parroquia. No resto de Galicia, existen parroquias chamadas Pacios que, aínda que teñen unha desinencia lixeiramente diferente, comparten orixe coa que se analizará posteriormente. Ademais, hai unha gran cantidade de lugares que conteñen esta forma toponímica, como o situado na parroquia de San Pedro de Alais (Castro Caldelas), en Santiago de Mondriz (Castro de Rei) ou en San Pedro de Farnadeiros (O Corgo).

En torno ao nome de **Pacio** hai varias hipóteses, a primeira delas relacionada co termo latino *palatios*, forma plural de *palatium* («pazo»). A evolución da palabra deu no noso idioma dous resultados diferentes, que son Pazo(s), forma predominante nas provincias de A Coruña, Pontevedra e Ourense, e Pacio(s), que destaca especialmente na provincia de Lugo. *Palatium* podería relacionarse tanto cunha casa grande situada no medio rural como cun palacio real ou episcopal. Outra opción é que este termo parta do prerromano *palatio*, que se relaciona cun curro, un lugar no monte no que se gardan os animais.

En canto ós lugares, **O Burgo de Negral** está composto por dous termos. O primeiro deles é o xermánico *burg*, que está presente en moitos topónimos españois e europeos como Burgos, Luxemburgo ou Salzburgo. Este termo tiña o significado de «lugar fortificado», polo que se pensa que se refería a unha aldea pequena dependente dunha maior. Negral procede de *nigral*, derivado do *niger* latino, que alude á cor negra da lousa, moi común nesas terras. De feito, no concello de Guntín (limítrofe con esta parroquia), existe un lugar chamado Vilamaior de Nigral. O certo é que entre os dous concellos hai unha beta xeolóxica que se corresponde cun antigo mar paleozoico e que se estende ata a Mariña lucense.

Por outro lado, **A Casanova** correspóndese coas voces latinas *casa* e *nova*, que apenas evolucionaron ata os nosos días. **A Grela** pénsase que é un diminutivo do nome latino *agra* («campo»). Na súa orixe debeu ser *Agrela*, pero co tempo puido desfigurarse. **O Paraño** provén de *petraneum*, un derivado de *petra* («pedra»), un préstamo do grego. **As Pedreiras** tamén indican a abundancia das *petras* anteriormente mencionadas. O topónimo provén do termo do latín tardío *petraria* e remite a un camiño empedrado. **Tras do Agro**, pola súa parte, procede dos termos latinos *trans agrum*. Cabe sinalar que a voz *agro* deriva de *agru*, clásico *ager* («campo, dominio»). Este, á súa vez, vén do grego *αγρος* («campo»).

A **Valiña** pode ser o diminutivo de *vallis* («val»), é dicir, de *vallinus*. No pasado debeu ser unha (*villa*) \**Vallini* pertencente a *Vallius*. **Vilacarpide** alude a unha *villa* posiblemente pertencente a un tal \**Carpitus*. A xente do lugar en ocasións chámalle Vilacarpida, e nese caso procedería de *carpida*, participio do verbo *carpir* («chorar intensamente manifestando moitos xestos de dor»). Nesta liña cómpre lembrar ás carpideiras, as mulleres tan comúns nos enterros de fai anos que se dedicaban a chorar lamentando a morte do falecido. Por último, **Vilar de Salgueiros** relaciónase cun *villare salicarium*, árbore con nome derivado de *salix -icis* («salgueiro»).

## 18. Prado (San Martiño)



Parroquia situada no centro do concello que ocupa unha superficie de 7,5 km<sup>2</sup>. Posúe 104 habitantes que se reparten entre 11 entidades poboacionais: A Casanova, A Costa, A Devesa, O Empalme, Lousende, Outarelo, A Pena, Prado de Arriba, Prado de Abaixo, O Sisto e A Uceira. A súa densidade de poboación é de 13,86 hab/km<sup>2</sup>.

Esta parroquia conta con varios vestixios históricos. Por unha parte, debeu ser un enclave importante na época prerromana, pois perdurou ata os nosos días un castro semicuberto pola maleza pero que aínda non perdeu a forma nin o foso que o rodeaba. Por outra parte, dando un salto de case dous milenios, tamén atopamos unha referencia ao posto principal que ocupaba esta parroquia no conxunto do concello nos séculos XVIII, XIX e XX. No lintel dunha ventá do que era a Casa do Fidalgo obsérvase un grabado que indicaba que alí era o lugar onde os labregos debían ir pagar as súas rendas ano tras ano, seguramente ao señor da torre.

**Prado** xa aparece nos Tumbos de Sobrado no s. X (*villa Prato*). Procede do latín *pratum*, que designa un terreo onde medra a herba. Este topónimo, presente coa mesma forma noutros concellos como o de Lalín (San Martiño de Prado), denomina tanto a parroquia como dous dos seus lugares: **Prado de Arriba** e **Prado de Abaixo**, que se diferencian entre si polo nivel topográfico, arriba e abaixo, derivados dos latinos *ripa/bassus*.

A maioría dos nomes das entidades poboacionais están relacionados con características do terreo ou da paisaxe. Así atopamos **A Costa**, que significa «terreo con pendente» (do lat. *costa*); **A Devesa**, «terreo extenso, poboado de árbores non moi mestas, normalmente valado ou cercado» (do lat. *defensa*); **Outarelo** é o diminutivo de outeiro (do lat. *altarium*) que seguramente fose *altarellum*, segundo N. Ares; **A Pena**, que designa unha rocha (do lat. *pinna/penna*); e **A Uceira**, un terreo poboado de uces, arbustos

ramosos de flores brancas ou rosadas moi presentes na xeografía galega, asturiana e leonesa. Este último termo deriva do latín *ulex* («uz/uce») seguido do sufixo *-aria*, que daría como resultado a forma *ulicaria*.

A **Casanova** é o conxunto dos vocablos latinos *casa* e *nova*, que apenas sufriron ningunha evolución ata os nosos días. **O Empalme** é un odónimo que se refire a un cruce de camiños, onde estes se unen, e nace da fusión do prefixo latino *in-* máis a palabra *palomar*, que designa un tipo de fío que empregaban os mariñeiros para ligar artiluxios fortemente (Corominas reflexiona sobre a utilización do termo *paloma* para certos mecanismos, e afirma que este uso se dá debido a que en principio designaba obxectos que se lanzaban ao mar e semellaban o voo dunha pomba). **Lousende** é o xenitivo do nome *Leodesindus*, seguramente posuidor deses terreos. Por último, **O Sisto** parece proceder do antropónimo *Syxtus*, aínda que existe a teoría de que se formou a partir do latín *sisto*, *stiti*, *statum*, con significado de establecer ou parar, e que podería referirse a un descanso ou paradoiro por estas terras.

### 19. Ramelle (Santa María)



Parroquia cunha superficie de 2,5 km<sup>2</sup> situada no centro-oeste do concello, que conta con 78 habitantes repartidos nos lugares de Casbarreiro, O Outeiro, As Pedreiras, Ramelle e O Salgueiro. A súa densidade de poboación é de 31,2 hab/km<sup>2</sup>.

As primeiras noticias documentais desta feligresía datan do ano 1290, cando Pedro Menéndez lle entregou as posesións que tiña en Ramelle, aínda que mantivo o seu usufructo de por vida. Posteriormente, no ano 1891, esta feligresía foi suprimida eclesiasticamente.

En Friol, Ramelle é un lugar que lle deu nome á parroquia. Ademais, tamén se atopa na parroquia de San Martiño de Corvelle (A Pastoriza) e na de San Pedro de Busto (Santiago de Compostela).

Pénsase que o nome de **Ramelle** pode proceder do xinecómico visigótico *\*Ramildi>Ramille*, tal e como expón Nicandro Ares (2011: 870). No século XIII xa está documentado o lugar como *Ramele*. Durante esta época, os termos que se empregaban para referirse a este lugar oscilaban entre o antes mencionado, *Remele* e *Remelle*. Outros profesores como Joseph M. Piel establecen unha relación entre a raíz *ram-* (presente neste topónimo) e o significado de «forte».

En canto ós lugares, **Casbarreiro** equivale a Casa Barreiro, unha forma composta polos termos *casa barro+-ariu*, un sufixo que garda os significados de «relativo a, propio de». Este vocábulo pódese referir a un apelido e ao oficio consistente en traballar co barro. **O Outeiro** é unha forma que se explicou amplamente en apartados anteriores (v. n.º 11), ao igual ca **As Pedreiras** (v. n.º 17). Por último, **O Salgueiro** é un fitónimo procedente de *Salix* (nome latino da especie común) ao que se lle engadiu o sufixo *-ariu*. A forma simple latina que se corresponde a *salgueiro* é *salice*, pero en galego non se mantén.

## 20. Rocha (San Cosme)



Rocha é unha parroquia ubicada ao oeste do concello cunha superficie de 6,2 km<sup>2</sup>. Está poboada por 89 habitantes repartidos en 5 lugares (O Alto, O Carregal, A Casanova, Malpica e Regüela) e presenta unha densidade de poboación de 14,35 hab/km<sup>2</sup>.

O topónimo **Rocha** é un caso particular dentro deste estudo polas complicacións que abrangue explicar as súas raíces etimolóxicas. O substantivo rocha podería vir do latín *rupes*, aínda que semella difícil a evolución. Sobre este aspecto, a Real Academia Española aclara sobre o termo en castelán «roca» que ten unha orixe incerta e bastante dubidosa. Pola súa parte, J. Corominas comenta que presumiblemente sexa unha voz prerromana, quizais céltica (Joan Corominas, 2012: 510). O que é seguro é que A Rocha era un lugar onde abundaban estas pedras ou tiñan unha certa importancia, xa fora pola súa abundancia, tamaño ou historia.

No tocante aos lugares, **O Alto** refírese ao nivel topográfico e provén do latín *altus*. **O Carregal** ofrece varias explicacións: por unha parte, J. Caridad Arias relaciónao con outros topónimos como Carrasquedo, Carragal ou Carragoso (dos cales afirma que proveñen da raíz latina *carr-* que significa «pedra») e atribúelle o significado de «pedregal». Por outra parte, Gonzalo Navaza defende que é un fitónimo baseado no latín *carrex*, *-icis* «carrizo/a», unha planta da división das briófitas que cobre como unha capa os lugares nos que hai humidade, tamén coñecida co nome de *musgo* ou *mofo*. Esta última teoría fundaméntase na unión da raíz *carric-* máis o sufixo *-ale* (*carric-ale*), que co paso do tempo iría sonorizando a oclusiva xorda /k/ para convertela en /g/. Polo tanto o seu significado sería o de «lugar onde prolifera a carriza ou carrizo».

**A Casanova** é outro topónimo do que xa falamos, moi abundante na nosa xeografía. Provéen do latín *casa nova*. En canto a **Malpica**, hai unha serie de dúbidas sobre a súa orixe. Son moitas as teorías e os autores que informan sobre este tema, como tamén o son os nomes que gardan relación co desta parroquia: existe na comunidade autónoma de Galicia un concello co nome de Malpica de Bergantiños, en Toledo atopamos Malpica de Tajo, en Zaragoza Malpica de Arba e incluso no Portugal temos outro Malpica do Tejo (concello de Castelo Branco). Sobre estas catro localidades hai un nexo común, que é a existencia de muíños. Pascual Riesco afirma que serían polo tanto folktopónimos resultantes da «fórmula narrativa ou satírica pertencente á cultura oral» (Riesco 2006: 197) que farían alusión á mala calidade da moenda. Como di o refrán castelán, «el molino que pica mal el grano es el molino de Malpica». A pesar de que esta teoría é válida para os casos mencionados quizais non o sexa para a aldea friolense, xa que nesta non existe tal muíño e ademais o único caudal fluvial que discorre por esas terras é o dun pequeno regato. Outra posibilidade é a que mostra José P. Machado baseada na existencia dunha planta (agora extingui-

da) chamada malpica, que sería moi abundante nestas terras. No tocante á visión popular, crese que vén do adverbio latino *male* e o participio *pictam*, que significa «mal pintada». Asimesmo, outra variante é a da raíz prerromana *mal-* («pedra») co mesmo participio, que viría a equivaler a unha rocha pintada. Por último, **A Regüela** sería o diminutivo da palabra latina *regula*, que significa regra, xa que en documentos medievais de Sobrado aparece nomeada unha *Villa Regulella*.

## 21. Roimil (San Xiao)



Parroquia cunha superficie de 3,1 km<sup>2</sup> situada no centro-oeste do concello, que conta con 121 habitantes repartidos nos lugares de A Alzada, O Bullo, Buxán, O Campo da Feira, Currás, Gudín de Abaixo, Gudín de Arriba, O Pazo, A Penagateira e O Piñeiro. A súa densidade de poboación é de 39,03 hab/km<sup>2</sup>.

Segundo o Catastro de Ensenada, no Antigo Réxime as terras do que hoxe é a parroquia de Roimil pertencían a Augas Santas. Unha das celebracións máis destacadas desta parroquia no pasado sen dúbida era a súa feira. Descoñécese a data exacta na que comezou, pero sábese que foi posterior a 1749 xa que non aparece no catastro mencionado anteriormente. Ao principio celebrábase o día 6 de cada mes pero, cando en Friol comezou a feira do día 4 a principios do S. XX, a de Roimil pospúxose ó día 16 xa que non tiña sentido unha separación entre ambas de tan só dous días. Naquela época había tenderetes, cantinas, gando... Porén, nos anos 50 deixou de celebrarse.

Neste caso, Roimil tan só nomea a unha parroquia do municipio de Friol. Non está presente en ningún outro lugar de Galicia, nin como concello, parroquia ou lugar.

O nome de **Roimil** provén do antropónimo gótico *Rodemirus*, o que se pensa que foi posuidor destas terras. Xa nos Tumbos de Sobrado do ano 404 aparece a forma *Riumir*, aínda que se pensa que foi un erro, xa que o lóxico sería *Ruimir*. En canto ós lugares, **A Alzada** resulta do latín vulgar *\*altiare*, verbo con base en *altus* («alto»). En ocasións, este significado asóciase cun lugar elevado no que se producen asentamentos temporais no verán, pero neste caso o topónimo garda relación cun «recurso de apelación».

Por outro lado, **O Bullo** podería estar relacionado cun suposto posuidor latino chamado *Bullius*, aínda que esta hipótese está sen confirmar. Tamén é probable o seu vínculo con bullo, lama, xa que no Catastro de Ensenada fálase del como o límite que separa dúas xurisdiccións e descríbese dun xeito no que se sobreentende este significado («sigue al bullo del prado pequeño...»). **Buxán**, segundo Joseph M. Piel, procede do antropónimo *Busianus*, derivado de *Busius*, que se documentou en Galicia no ano 812.

En canto a **O Campo da Feira**, chámase así lembrando a feira que se celebraba no lugar e da que xa falamos antes. Na parroquia de Guimarei (v. n.º 9) existe un topónimo exactamente igual que alude



ó mesmo. **Currás** aparece amplamente explicado na parroquia de Carballo (v. n.º 4). **Gudín de Abaixo** e **Gudín de Arriba** poderían ter relación co antropónimo visigótico *Gotinus*. Nos Tumbos de Sobrado do S. XX xa aparecen as formas *Gutini* e *Gudini*. Outra hipótese sostén que este topónimo ten a súa base na forma xermánica *Gothi*. De novo, a oscilación entre **Arriba** e **Abaixo** (*ripal/bassus*) débese a unha diferenza de altura entre ambos lugares.

**O Pazo**, pola súa parte, é unha variante de Pacio (v. n.º 17). **A Penagaiteira** é un topónimo composto pola forma *pena*, que procede do latín *pinna/penna*, e polo adxectivo *gaiteira*, que probablemente derive do gótico *gaitis* («cabra») xa que o fol do instrumento musical estaba inicialmente feito de pel de cabra. Por último, **O Piñeiro** é un fitónimo amplamente explicado en apartados anteriores (v. n.º 2).

## 22. San Cibrao da Pregación (San Cibrao)



Parroquia situada ao sur do concello, nos límites con Palas de Rei. Posúe unha extensión de 3,7 km<sup>2</sup> e unha poboación de 41 habitantes repartidos nos lugares de Fontedelo, Recarei, San Cibrao e O Vilar. A súa densidade poboacional é de 11,08 hab/km<sup>2</sup>.

**San Cibrao** débelle o nome ao seu patrón *Sanctus Cyprianus* (San Cibrao de Cartago), un bispo mártir do s. III moi importante na igrexa católica por ser un dos máximos expoñentes do cristianismo en Occidente. A segunda parte do termo proviría do latín *precatio-onis* que ten o significado de «pregar ou rogar».

**Fontedelo** agocha varias interpretacións Nicandro Ares afirma que «case foi aceptado por Moralejo como fonte de *gelu* («Fonte do xelo»). Porén, é preciso ver outras hipóteses, comparando por exemplo *Fontedelo* con *Castrodelo* (Láncara), no que podería albiscarse o nome persoal *Tellus*, con lenición intervocálica de t>d». Finalmente, **O Vilar** xa foi explicado en apartados anteriores (nas parroquias de Narla e Ousá) e **Recarei** procede do xenitivo do nome dun antigo posuidor xermánico: *Recaredus* (*Villa Recaredi*), que coa evolución do termo perdeu o «d» intervocálico.

### 23. Condes (San Martiño)



Parroquia cunha superficie de 17,5 km<sup>2</sup> localizada no sur do municipio de Friol, que conta con 375 habitantes repartidos en 26 lugares: Abeledo, O Aciveiro, Arriba, Arxerei, Bustelo, A Cancela, As Casas do Monte, O Castro, A Devesa, O Fondoso, A Fonte do Can, Os Fornelos, Foxaco, A Hedreira, Macedo, As Pardellas, A Picha, Quintiá, Racamonde, O Rodo do Muíño, San Martiño, Santa Eufemia, A Torre, Ximondriz, Xul e Xulacasa. A súa densidade de poboación é de 21,42 hab/km<sup>2</sup>.

O monumento máis destacado da parroquia de Condes é sen dúbida a súa igrexa, construída entre os séculos XII e XIX. Trátase dunha construción bastante grande que se sitúa no lugar de San Martiño. Tamén é preciso destacar que por esta parroquia pasa unha variante do Camiño de Santiago. Concretamente, atravesa emprazamentos como As Pardellas e Macedo.

Ademais de pertencer ó concello de Friol, Condes tamén está presente no municipio de Carballada de Avia, onde nomea a unha das parroquias (Santa María Vilar de Condes) e ademais é un lugar da mesma. Por outro lado, é un lugar da parroquia de San Vitorio da Mezquita (Allariz), de Corneda (Boimorto), de Paraños (Covelo), de Soandres (A Laracha), de Herbón (Padrón), de Punxín (Punxín) e de Vilaescura (Sober).

O nome de **Condes** vén do latín *comes comitis*. Isto coñécese practicamente a ciencia certa debido a que xa no S. XIII figura nalgúns documentos o nome de *Sancto Martino de Comitibus*. En canto ós lugares, **Abeledo** é un fitónimo derivado do latín *abellanetu* (*abellana* + sufixo colectivo *-etu*) e significa «lugar no que abundan as abeleiras». En Galicia xa se rexistrou o nome de *Avelaneto* no ano 1105. **O Aciveiro** ten relación co latín *aquifolium*, referido ás agullas das follas da planta, ao que se lle engadiu o sufixo *-ariu*, que pode darlle un valor colectivo ou referirse simplemente ó nome da planta.

Por outro lado, **Arriba** pode estar relacionado con *ripa*, como se mencionou noutras moitas ocasións, e referiríase a un lugar elevado. Outra opción é a súa procedencia a partir de *ad ripam* («na ribeira»), se o lugar se localiza na beira dun río. Neste caso, polo lugar non pasa ningún, pero si que o fai por cerca. **Arxerei** procede do antropónimo visigótico *Angeredus*, que se supón que foi o primeiro posuidor da *villa Angeredi*. **Bustelo** é o diminutivo de *Busto*, un topónimo cuxa explicación orixinou unha ampla bibliografía. Unha das hipóteses é que partise da segmentación do verbo (*com*)*burere*, que polo tanto tería como participio *bustu*, que alude á queima de montes. Outra opción é que derive de *boue* («boi»), aínda que tamén pode ser un regresivo de *bostar*, forma emparentada á súa vez con *boue*. Na actualidade, *Busto* refírese a unha extensión de terra empregada para a produción de pasto para o gando.

**A Cancela**, pola súa parte, é un topónimo moi común en Galicia formado a partir do masculino *canelo*, forma procedente do latín tardío *cancellus*. Segundo o DRAG, unha cancela é unha «porta formada

por táboas ou paus separados entre sí e unidos aos traveseiros, que pecha o paso a unha propiedade» ou unha «porta formada por barras de metal, que adoita formar parte dun cercado». A primeira vez que se rexistrou este topónimo foi nos Tombos de Lourenzá no ano 1266 (*Souto da Cançela*). **As Casas do Monte** proveñen das unidades latinas *casa* e *mons*. Este último, en xeral, na actualidade relacionase co significado de «montaña» aínda que pode conter matizacións como a de ser un lugar cuberto de broza.

Por outro lado, **O Castro**, vén do latín *castru*, que alude a unha fortaleza ou lugar fortificado. No DRAG defínese como un «poboado fortificado da Idade de Ferro ou final da Idade de Bronce, propio da Europa occidental». **A Devesa** xa se tratou en entradas anteriores (v. n.º 1, n.º 18). **O Fondoso** podería ser un equivalente de «moi profundo», de xeito que sería o contrario de *Arriba*, outro topónimo da parroquia. Ademais, sinala Nicandro Ares, outros autores prefiren relacionalo cunha *Fonte do Oso*, do latín *ursus*. Esta última forma tamén puido ser un nome persoal.

Por outra parte, **A Fonte do Can** é un topónimo composto por dúas partes, das cales a primeira procede do latín *fonte*, que significa «auga, fonte, manancial». A segunda, pola súa parte, pode proceder tanto de *can-canis* («can») como dun suposto fundador da vila chamado *Canis*. **Os Fornelos** parece ser un diminutivo da forma latina *fornus/furnus*

(«forno»), aínda que tamén se relaciona con *furna* («cova»). De tódolos xeitos, parece relacionarse cun lugar oco, con pequenas covas. **Foxaco** sería unha forma procedente de *fogiūm* («foxo») ao que se lle engadiu o sufixo despectivo *-aco*. Pode ser mesmo unha variante de *fochanca* («buraco no terreo»). Dise que ao principio era un lugar destinado á caza de animais, pero esta hipótese está sen demostrar.

En canto a **A Hedreira**, está claro que a súa orixe está no termo latino *hedera*, «hedra». **Macedo** é un fitónimo que é preciso analizar por partes. Está formado con base en *mazá*, que en latín era *matiana/mattiana*, unha voz derivada de *Matius*, o personaxe que se cre que difundiu esta árbore froiteira. A esta forma engadiuse o sufixo colectivo *-eto*

(*mattianeto*), e alude a un lugar no que hai moitas mazás. No ano 1282 rexístrase un documento no que se cita «*San Martino dos Condes que est in villa de Maçaedo*». **As Pardellas** é a forma plural do termo do latín vulgar *parietella* («parediña»).

Por outro lado, **A Picha** é o feminino de *picho* que significa «cano ou billa por onde verte a auga unha fonte» (DRAG). Ademais, tamén pode ser unha onomatopeia de *pis*, que alude ao ruído que se fai ao ouriñar. **Quintía** pode proceder dunha *villa Quintiana*, que pertencería a un tal *Quintianus*. Outra opción é a súa derivación a partir doutro posuidor xermánico, *Quintila*, cuxa raíz, ao igual ca no caso anterior, vén do gótico *\*kind-* («descendencia, familia»). O lugar naquel entón chamaríase *villa Quintilani*. **Racamonde** probablemente teña a súa orixe no antropónimo visigótico *Recamundus*. **Rodo do Muíño** fai referencia a un lugar con perímetro circular, semellante a unha *rota* («roda») de (*saxum*) *molinum*

**San Martiño de Condes** é a aldea que lle deu o nome á parroquia, e dela xa se falou ó comezo da entrada. **Santa Eufemia** é un haxiónimo grego que evoca a santa *eufemía*, un nome tirado de *eufemeo*, que significa «ben falada» ou «que ten boa fama». Esta *Santa Eufemia* foi a filla dun senador de Calcedonia e morreu mártir na persecución de Diocleciano (ano 303) e a súa festividade conmemórase o 16 de setembro segundo o santoral primitivo. **A Torre** procede do latín *turre*, e este, á súa vez, do grego *túrris* («edificio elevado, fortaleza, lugar alto»). Outras opcións céntranse na procedencia preindoeuropea do termo (raíz *\*tor-tur-* «alto»), que mesmo podería estar emparentada coa irlandesa (*tor-* «rochedo, torre»).

En canto a **Ximondriz**, resulta da mestura doutros dous topónimos, Ximondre e Mondriz. Polo tanto, parece unha redución de *Gemundi Munderici*, un nome e apelido visigótico. **Xul** vén da evolución do xentilicio latino *Iulius*. De feito, no ano 1037 hai un documento no que se cita este lugar como «*Gulí, Sancto Martino...*». Por último, **Xulacasa** pode facer alusión a «a casa de Xul» porque, precisamente na ventá desta casa hai unha inscrición na que se menciona a un tal Xoán Xul. Outra opción é que proceda de *sub illa casa*.

## 24. Santalla de Devesa (Santalla/Santa Eulalia)



Santalla de Devesa é unha parroquia do leste do concello que conta con 86 habitantes repartidos nos lugares de Armada, As Casas de Covas, As Casas do Cego, O Curral de Abaixo, Os Pedrouzos, O Sisto, Toar, Vilapedre e A Vixía. A súa superficie é de 7,5 km<sup>2</sup> e a súa densidade de poboación de 11,46 hab/km<sup>2</sup>.

Como xa se explicou con anterioridade, a primeira parte do topónimo provén da virxe Santa Eulalia (ver *Madelos*) e o segundo do vocábulo latino *defensa*. En canto ao nome de lugar **Armada**, parece participio do verbo latino *armare*, e seguramente se referiría a unha trampa para cazar animais, como afirma N. Ares. **As Casas do Cego** serían vivendas (do lat. *casa*) dun posuidor *Caecus*, e **As Casas de Covas** virían da palabra latina vulgar *covas*, de idéntico significado ao actual.

**O Curral de Abaixo** designa un curro (lat. *currale*) situado nun lugar baixo; neste caso fórmase co adxectivo *bassum*. **Os Pedrouzos** fai referencia a grandes pedras non traballadas; provén do latín *petra* máis o sufixo *-uceus*, e seguramente teña relación co tumulto prehistórico achado nestas terras: unha mámoa composta de varias rochas de considerable tamaño. **O Sisto**, pola súa parte, xa foi explicado nalgunhas das anteriores parroquias (ver Anxeriz e Prado). **Toar** asemella ser unha *villa Teodari*, é dicir, unha vila pertencente a un personaxe gótico chamado *Teodarius*.

**Vilapedre** ten unha orixe sinxela: é o conxunto do substantivo latino *villa* e o xenitivo do antropónimo *Petro*; polo tanto sería *villa Petri* (Vila de Pedro). Por último, **A Vixía** podería gardar relación cun antropónimo *Vigilius* ou tamén coa palabra avesía, que se refire a unha zona sombría e apartada da luz do sol. Asimesmo, Nicandro Ares facilita tamén outra solución baseada na existencia dunha «torre vixía», aínda que ningunha das mencionadas teorías está máis argumentada que as demais.

## 25. Seixón (San Paio)

Parroquia cunha superficie de 6,2 km<sup>2</sup> situada no norte do municipio de Friol, que conta con 86 habitantes repartidos nos lugares de A Abelaira, Cela, A Pedranegra, Seixón de Abaixo, Seixón de Arriba, Subcampo e O Vilar. A súa densidade de poboación é de 13,87 hab/km<sup>2</sup>.

O monumento máis destacado da parroquia é de novo a igrexa, neste caso de estilo románico e construída no século XII grazas ó mestre *Iohannes*. Tamén ten unha área recreativa moi natural pola que pasa o Camiño Norte a Santiago de Compostela. Ademais, no tramo do río Parga que atravesa esta parroquia hai dous muíños, o do Gabino e o do Roque.



Neste caso foron dous lugares os que lle deron nome á parroquia. Ademais de localizarse neste concello, Seixón tamén é un lugar da parroquia de San Salvador de Sabadelle, en Portomarín.

O topónimo de **Seixón** vén do antropónimo étnico *Saxonius* («de Saxonia»), aínda que hai quenes defenden a hipótese da súa procedencia a partires de *saxum* («rocha, penedo»). De tódolos xeitos, o certo é que nos Tombos de Sobrado do século X xa se menciona esta vila (*Saxoni*), e nos séculos posteriores aparece como *Saixom* (S. XIII) e *Seixom* (sen data).

En canto ós lugares, **A Abelaira** procede da voz *abelá* (*abellana nux*), que se acepta como un derivado da cidade latina de Abella. A esta voz engadíuselle o sufixo *-aria* (*abellanaria*). Co tempo, dito sufixo mudou a *-aira* e o *-ll-* transformouse nunha soa consoante *-l-*. **Cela** vén do latín *cella* e, na opinión de Nicandro Ares (2011: 872), podería aludir á existencia dalgún celeiro de orixe monástica. **A Pedranegra** procede de termos tan transparentes como *petra* e *nigra*.

Por outro lado, **Seixón de Abaixo** e **Seixón de Arriba** diferéncianse na diferenza de altitude presente entre ámbolos dous lugares. **Sucampo** procede do termo latino *campus* («campo») ao que se lle engadiu o prefixo *su-* («sub-, debaixo»). Por último, **O Vilar** xa foi explicado na parroquia de Narla (v. n.º 14).

## 26. Seoane da Pregación (San Xoán)





Parroquia cunha extensión de 6,2 km<sup>2</sup> situada ao sur do concello. Conta con 56 habitantes distribuídos nos lugares de A Escaravella, Mundín, O Pedroso, Seoane e Tralacorda. A súa densidade de poboación é de 9,03 hab/km<sup>2</sup>.

O topónimo de **Seoane** (que da nome tanto á parroquia como a un dos lugares) ten a súa orixe no latín *Sanctus Iohannes* (San Xoán) que, debido á evolución fonética, derivou no termo que hoxe coñecemos. Trátase polo tanto dunha dobre referencia ao patrón da vila, San Xoán, que se fixo necesaria coa evolución do mencionado haxiotopónimo. A parte final deste, como xa se explicou no apartado de San Cibrao da Pregación, provén do latín *precatio-onis* que significa pregar, orar ou rezar, e que seguramente se referiría a un antigo santuario ou monumento relixioso construído na honra de San Xoán.

En canto aos nomes das entidades poboacionais, **A Escaravella** semella vir da mesma raíz ca o insecto escaravello (do lat. *scarabeus*) aínda que tamén é certo que podería derivar do verbo escarbar, pero é de difícil explicación. **Mundín** sería o xenitivo do antropónimo *Mundinus*, voz latina ou gótica, pero hai discrepancias entre os autores. **O Pedroso**, pola súa parte, fai referencia a un terreo onde as pedras son abondosas, do latín *petrosus*. Por último, **Tralacorda** designa un lugar que se atopa «de trás da corda», ou sexa, detrás do cordal dunha montaña. É preciso dicir que esta é unha fórmula moi común na conxunción dos topónimos galegos, xa que hai un bo número deles que están compostos pola partícula *tras-*, como por exemplo a parroquia de Trasparga en Guitiriz, Trascastro en O Incio, ou mesmo a veciña parroquia de Trasmonte.

## 27. Serén (Santa Cruz)



Parroquia cunha superficie de 3,1 km<sup>2</sup> situada no leste do concello de Friol, que conta con 26 habitantes repartidos nos lugares de A Casanova, A Ferreira e Serén. A súa densidade de poboación é de 8,38 hab/km<sup>2</sup>.

O que hoxe é a parroquia de Serén estivo ocupado por persoas desde fai moitos anos, tal e como indica o Castro de Paradela. Varias guías eclesiásticas din que o seu patrón é San Cibrao no lugar de Santa Cruz. Isto pode deberse a que Silvarredonda antes agrupábase no conxunto desta parroquia. Malia a súa pequena extensión, conta cunha igrexa bastante importante.

No municipio, Serén é un lugar que lle deu nome á parroquia. Ademais, tamén está presente en Santa María de Piñeira (Taboada).

O nome de **Serén** procede do antropónimo latino *Serenus*, que fundou aquí a súa *villa*. No século XI xa hai documentos nos que se refiren a este lugar como *Seren e Serene*, mesmo se pensa que aparece

a forma *Serenis* nun do S. XIII. En canto ós lugares, **A Casanova** explicouse detalladamente no apartado correspondente a O Pacio (v. n.º 17). **A Ferreira** (v. n.º 2).

## 28. Silvela (Santa María)



Silvela é unha parroquia do oeste do concello, de 10,6 km<sup>2</sup>, que conta con 129 habitantes repartidos en 16 aldeas: Busto, Campelo, O Cango, Os Carrelos, O Cibreiro, Corteporcós, A Covariza, A Eirexe, O Espiño, A Marcela, A Pallota, O Pardiñeiro, Pedramaior, As Petas, Reción e Silvela. A súa densidade de poboación é de 12,16 hab/km<sup>2</sup>.

Silvela e paso obrigado para os camiñantes que se dirixen a Santiago antes de entrar na provincia de A Coruña, polo que foi sempre un enclave de confluencia relixiosa. A este respecto, chama a atención que na igrexa desta parroquia se conserven unha serie de lápidas que evidencian a importancia histórica que deberon ter estas terras, xa que os sepulcros datan de moi antigo e aínda teñen grabados os escudos de varias liñaxes como poden ser os Varela ou os Seixas.

O nome de Silvela (que designa tanto a parroquia como un dos lugares) é claramente un diminutivo do substantivo latino *silva* que significa arbusto, máis concretamente o espécime galego que todos coñecemos, polo que, seguramente se referiría á abundancia do mesmo nesta zona. **Busto** é un caso peculiar, xa que é un termo moi evolucionado, no que case se perdeu totalmente a semellanza coa raíz inicial. Hai dúas solucións propostas para o termo; unha consiste na relación co verbo latino *burere* (sería o participio *bustum*) que significa «queimar», e a outra co substantivo *bos* «buey». A primeira etimoloxía deriva da práctica común entre os campesiños de queimar a maleza para obter pastos para o gando. No segundo caso, está ligada ao desenvolvemento da gandería de bois, xa que na época medieval proliferaron os establos e pasteiros adicados a este gando.

**Campelo** e **Os Carrelos** proceden de sendos diminutivos das raíces iniciais *campus* e *carrus*, que significan «campo» e «carro» respectivamente. **O Cango**, como explica Nicandro Ares, podería vir da palabra celta *cambo*, que designa unha forma curva, e, polo tanto, relaciónase coa morfoloxía do terreo, concretamente cunha depresión. **O Cibreiro**, pola súa parte, aparece xa nos documentos medievais dos Tumbos de Sobrado. O seu desenvolvemento é moi discutido pero crese que seguramente estea ligado a *equos feros* «cabalos salvaxes», ou como se dicía no latín vulgar, *eciferus*. Esta proposta quizais teña bastante que ver coa orixe doutros topónimos como o do concello de O Cebreiro, que parece ser o resultado de *montem equiferarium*, é dicir, un monte onde abundan estes animais salvaxes, o que tamén podería ser válido para o termo a analizar, xa que se trata dun terreo elevado con características comúns ás do

concello. O mesmo sucede con outra proposta de N. Ares que remite á acepción que, coloquialmente, se lle aplica en galego a esta palabra: golpe forte de vento e chuvia fría.

**Corteporc** alude a dous nomes latinos, *cohors* («cuadra») e *porcus* («porco»). **A Covariza** sería a vila dun posuidor gótico chamado Quedericus, aínda que tamén cabe a posibilidade de que estea vinculado con cova, xa que na xeografía galega hai numerosos nomes coa terminación -iza (Pastoriza, Vacariza, etc.). **A Eirexe** xa foi explicada con anterioridade (ver Guinarei). **O Espiño** deriva da planta co mesmo nome, do latín *spinus*. **A Marcela** provén do antropónimo latino Marcellus (que dá nome a outros lugares cercanos ao concello de friol como pode ser o lugar de Marcelle, no concello de Outeiro de Rei), e neste caso evolucionou como un feminino ata os nosos días. **A Pallota** referiríase a unha palloza, ou sexa, unha cabana co teito de palla, construción típicamente galega (do latín *palea*, «palla»).

**O Pardiñoiro**, que en galego significa edificio en ruínas e deshabitado, evoluciona de *parietinae-arum*, con base en *paries-etis* (parede). **Pedramaíor** é un composto de orixe latina nas palabras *petra* e *maior*. **As Petas** probablemente proveña do verbo latino *peditare*, aínda que tamén existe a posibilidade, como así afirma N. Ares, de que o faga de *petita*, plural de *petitum*, que significa demandas xudiciais. Finalmente, **Reción** é un dos poucos nomes que provén dun antropónimo de muller; neste caso parece ser de *Ricilone* (outro caso témolo nesta mesma parroquia, concretamente en A Marcela).

## 29. Trasmonte (Santiago)



Parroquia cunha superficie de 8,1 situada no nordeste do municipio de Friol, que conta con 91 habitantes repartidos en 15 entidades de poboación: A Bouzaboa, A Bouzaboa de Abaixo, A Calle, O Curral, A Devesa, O Estanque, O Fontao, Os Mosqueteiros, A Muraza, O Pazo, A Pena, A Ramada, A Rocha, Vilariño e Vilarmende. A súa densidade de poboación é de 11,23 hab/km<sup>2</sup>.

Como noutras parroquias, o monumento máis destacado é a súa igrexa, cuxa orixe se encadra dentro do románico aínda que foi profundamente reformada no barroco. Outro resto de épocas pasadas é un sartego, que se sitúa ao redor dos séculos VII-VIII, coincidindo coa etapa na que estiveron os suevos e os visigodos. Del consérvase a tapa monolítica, algo non demasiado común xa que, ao empregarse posteriormente para usos diversos, adoitaban perdela.

Ademais de ser unha parroquia do concello de Friol, Trasmonte éo do municipio de Ames e do de Oroso (ambos en A Coruña). Tamén é un lugar das parroquias citadas, e de San Cristovo de Dombrodán (Arzúa), Santalla de Cervo (Cedeira), San Martiño de Barbude (A Estrada), San Martiño de Mondoñedo (Foz), Santa María de Neda (Neda) e San Mamede de Vilachá (A Pobra do Brollón).

O nome de **Trasmonte** alude a unha situación orográfica concreta, *trans montem* («tras dun monte»). Tamén cabe a posibilidade de que proveña do antropónimo xermánico *Trans-mondo*, que fundou alí unha *villa*. En canto ós lugares, **A Bouzaboa** é un topónimo composto pola forma prerromana *\*balcea/\*baltia* («bouza») e o adxectivo latino *bona* («boa»). Refírese basicamente a un terreo abandonado no que abunda a maleza. **A Bouzaboa de Abaixo** contén o matiz de ser un lugar situado a unha altitude inferior, grazas á forma *bassus*. **A Calle** pode proceder da forma latina *callis*, que se refire a un camiño para o gando, ou do antropónimo *Callius*, que fundaría a *villa Callii*.

Por outro lado, **O Curral** explicouse previamente (v. n.º 11), ao igual ca **A Devesa** (v. n.º 1, n.º 18). **O Estanque** ten unha orixe inicialmente prerromana, xa que parte do céltico *ektanko*, que ten *extancare* como forma latina. Concretamente, provén do lat. *stagnum* («depósito de auga»). **O Fontao** deriva de *fontanu*, un adxectivo que se basa no lat. *fonte* (<*fons*). **Os Mosqueiros** procede do latín *muscarium* (que vén á súa vez de *musca*, «mosca») e é un lugar no que abundan estes insectos. Pode tamén facer referencia a un lugar con herbas altas que medran entre a semente. Este lugar figura nos Tombos de Sobrado como *Muscarios*.

**A Muraza**, pola súa parte, é un topónimo cunha orixe bastante incerta. Unha das teorías explica a súa procedencia a partires de (*nux*) *moracia*, unha noz moi dura ou unha muralla grande. **O Pazo** mencionouse xa anteriormente como unha variante de Pacio (v. n.º 17), ao igual ca **A Pena** (v. n.º 5 e n.º 6). **A Ramada** era *ramata* no baixo latín e deriva de *ramus* («ramo»). **A Rocha** (v. n.º 20) e **Vilariño** (v. n.º 15). **Vilarmende** foi *villaris -are* de *Mendo/Menendo*, un antropónimo xermánico.

### 30. Vilafiz (Santa María)



Parroquia situada ao sudeste do concello que ocupa unha superficie de 10 km<sup>2</sup>. Conta con 64 habitantes repartidos entre 10 entidades (Acevedo, A Folgueira, Fondemera, Gonce, As Laxes, O Outeiro, Rebordelo, Remesil, Romá e Vilafiz) e unha densidade de poboación de 6,4 hab/km<sup>2</sup>.


O monumento máis coñecido é o Pazo de Remesil, unha construción magnífica de granito e de planta en forma de 'u'. Polos escudos que se conservan en varios saíntes do edificio puido pertencer a varias familias, entre elas os Novoa, os López e os Montenegro.

A aldea de **Vilafiz**, que dá nome á parroquia, parece ser unha *Villa Felicii*, é dicir, unha vila propiedade dun posuidor chamado *Felicius*, nome latino que derivaría de *Felix-icis* («feliz»). **Acevedo** parece ser unha zona onde abundan os acevos ou acivros, unhas árbores silvestres da familia das aquifoláceas, de follas brillantes elípticas ou ovais, duras e con espiñas nos bordos. Procede do latín vulgar *aquifolium*, e aparece nomeada nun documento sen data dos Tombos de Sobrado, ao igual que a aldea de **A Folgueira** (do lat. *filicaria*), un fitónimo que alude á abundancia de fentos (do lat. *felix*). Outro fitónimo

presente nesta parroquia é o de **Rebordelo**, que vén a ser un sinónimo do termo carballeira (do latín *roborotellum*, de *roboretus*).

O lugar de **Fondemera**, pola súa parte, é a fonte onde nace o río Mera, un hidrónimo prerromano e afluente do río Miño. **Gonce** ten a súa orixe noutro antropónimo, neste caso tamén feminino, que se escribiría Gundia ou Gonza. **Remesil** procede do antropónimo feminino xermánico *Remesildi*. **Romá** sería unha antiga *villa romana*, propiedade dun *Romanus*. Por último, **As Laxes** e **O Outeiro** xa foron tratados noutras parroquias (ver Miraz e Carballo, respectivamente).

### 31. Vilalvite (San Pedro)



Parroquia cunha superficie de 11,2 km<sup>2</sup> situada no leste do concello de Friol, que conta con 173 habitantes repartidos nos seguintes lugares: Bedús, As Camoiras, Carballal, Castrodá, Cerracín, Corra, As Donas, As Ferrerías, A Penalonga, As Penelas, O Rebolo, A Retorta, Santa Marta, O Sobrado e O Vento. A súa densidade de poboación é de 15,44 hab/km<sup>2</sup>.

Nesta parroquia atópanse varias mámoas e medorras que son testemuñas da existencia de poboadores no lugar dende tempos bastante remotos, aínda que na actualidade está cubertas de maleza. O mesmo ocorre con dous castros, o de Cerracín e o de Castrodá, dos que se conservan os restos pero é complexo acceder a eles. Tamén se mantén un Pazo, o das Camoiras, que era propiedade de Pedro Varela de Neira e que aínda agora conserva o escudo familiar. Como curiosidade, é importante destacar que no lugar de Cerracín se atopa un dos carballos máis antigos de Galicia.

Ademais de ser unha parroquia do concello de Friol, Vilalvite tamén está presente noutros municipios. Así, é un lugar de Santa María Madalena de Coeses (Lugo) e de Santiago de A Laxe (Paradela).

O nome de **Vilalvite** parece proceder dunha *villa Albiti*, fundada polo xermánico *Albitus*, cuxo primeiro elemento deriva do gótico *alls* («todo») ou de *alhs* («santuário»), e o segundo pode que tamén do gótico *wit(t)* («entendemento»). De tódolos xeitos, hai autores como Kreper que non dan por segura esta procedencia. Así, podería ser tamén un termo con orixe prerromana, ou derivado do latín *albus* + *-ittus*. Porén, os documentos galegos nos que aparece este topónimo dende o S. IX parecen desmentir esta hipótese. No ano 969 xa aparece a forma *Aluito* e no 989 *Aluitus*.

En canto ós lugares, **Bedús** ten tamén a súa orixe nun antropónimo latino, sexa este *Betunius*, *Vetunius* ou *Bitunius*. Tamén podería corresponder a *Bedules*, forma que coincide cun topónimo do concello de Samos. Hai documentos do S. XV nos que se fala de *Veduuus* e *Beduns*. **As Camoiras** é un topónimo non moi común na xeografía galega que se pensa que procede dunha *villa Camauria*, unha forma feminina similar ao *Camuria*, en masc. *Camurius*. Nicandro Ares (2011: 877) compárao con outros lugares



como Fontoira (*Fonteauria*), Valoira (*Vallis aurea*) e Viloira (*Villauria*). Así, sería un topónimo bitemático, quizais *cama aurea*.


Por outro lado, **Carballal** fai referencia a un lugar no que abundan os carballos (v. n.º 4). **Castro-dá** sería un «Castro de Adá», cuxa última forma procede do antropónimo visigodo *Atane*. **Cerracín** procede da forma de xenitivo do antropónimo *Sarracinus/Sarracenus*, un nome común entre os servos de Sobrado dos Monxes, aínda que tamen o era en Samos e noutros lugares. Podería estar formado a partires do subs. *sarracenus*, a través do grego bizantino *sarakenós*. Pénsase que todos os topónimos que comparten esta raíz poderían responder a repoboacións realizadas dende terras do sur, xa que hai moitos exemplos desde antropónimo latino cristián nos diferentes diplomas portugueses e asturianos.

En canto a **Corra**, é unha forma equivalente a Corda (v. n.º 15), aínda que tamén se pode comparar co asturiano *cuerna* («cercado»), da familia de *curro/curral*. **As Donas** é unha forma que se corresponde co latín medieval *domna, domina* («señora») e que ten número

plural. **As Ferrerías**, do latín *ferraria*, serían terreos onde abundaba o *ferrum* («ferro») ou lugares nos que se ferraban carros, cabalos etc. **A Penalonga** é un composto latino formado por *pinna/penna* e o adxectivo *longa*. **As Penelas** v. n.º 2.

Por outra parte, **O Rebolo** podería estar relacionado cun diminutivo do latín *robur* (en castelán, *roble*), pero tamén cabe a posibilidade de que proceda de *\*repollus* («brote dunha planta»). **A Retorta** é o participio do latín *retorqueo* («torcer») e refírese a un camiño con curvas ou á liña que pechaba o couto do que foi o bispo de Lugo. **Santa Marta** leva o nome da capela que se localiza nese mesmo lugar e que está adicada á santa hebrea. **O Sobrado** vén de *aedificium superatum*, é dicir, «edificio moi alto, que sobresa». Por último, **O Vento** podería vir do latín *ventus* («vento»), do antropónimo *Benedictus* («Benito>Bento») ou, o que é máis probable, dunha pequena *vendita* («venta» en castelán).

### 32. Xiá (Santa María)



Xiá é unha parroquia ubicada ao suroeste do concello que ocupa unha superficie de 25 km<sup>2</sup>. A súa poboación é de 359 habitantes, que se reparten entre 42 entidades que se mencionan a continuación:

- O Abeledo.
- Ascariz.
- A Bagulla.
- Bertamil.
- A Carballeira.
- A Casanova.

- Casantalla.
- Casferro.
- Caspardo.
- Casroque.
- Castorres.
- A Castronela.
- Corno do Boi.
- Currás.
- A Eirexe.
- O Enxeito.
- O Escorial.
- O Folgar.
- Fontesecca.
- O Foxo.
- O Foxón.
- Freixido.
- O Lousado.
- A Luz.
- Ordóñez.
- O Outeiro.
- A Pallota.
- A Peteta.
- Pontexiá.
- Portadornas.
- Portalamoso.
- Pousada.
- As Pozas.
- Rétede.
- San Paio.
- Sisto.
- Suouteiro.
- A Torre da Luz.
- O Toxo.
- O Vilar.
- A Xesteira.
- Xiá.

Conta cunha densidade de poboación que é das máis altas do concello, concretamente, 14,36 hab/km<sup>2</sup>.

A súa historia está ligada intrínsecamente ao seu principal monumento: a Torre de San Paio de Narla. No lugar da Castronela eríxese este edificio que actualmente forma parte da rede museística da Diputación Provincial de Lugo. A súa construción seguramente data do século XII, aínda que no XVI sufriu unha serie de remodelacións debido aos danos causados na Revolta dos Irmandiños. Pertenceu a varias liñaxes, aínda que a máis coñecida é a dos Seixas, que deixaron a súa pegada en forma de escudo grabado nos linteis de varias ventás (o seu símbolo heráldico son catro pombas que están moi presentes en todo o edificio). Ademais dos tres corpos principais, Torre da Homenaxe, corpo central e torreón, completa o conxunto unha pequena capela do século XVIII dedicada a San Pelayo (San Paio).

O nome de **Xiá** procede dunha villa Egilani (do antropónimo visigodo *Egila*) que xa aparece nomeada nos Tumbos de Sobrado en torno ao século X. A evolución da palabra permitiu a desaparición da vogal inicial e o enxordecemento da consoante principal. Coma este, tamén outros topónimos da parroquia derivan de nomes de posuidores; así

temos **Ascariz** (vila de *Ascaricus*, un posuidor de orixe visigodo), **Rétede** (de *villa Retiti*, voz xermánica), **A Bagulla** (derivada dun *villa Vaculeia*, do latino *Vaculeius*), **A Luz** e **a Torre da Luz** (unha villa

do latino *Lucius* e unha torre de *Lucius*, respectivamente), **Ordóñez** (do posuidor *Ordoño*) e **Fontesecca** (a pesares de significar «fonte da que non emana auga», procede dunha *fons Sicca*, de raíz latina).

O caso de **Bertamil** é especial, pois formouse a partir do antropónimo *Vitermirus*, rematado nas sílabras *-mirus*, derivadas do gótico *mereis*, que significa «famoso ou célebre». Aínda que a súa orixe popularmente se relaciona coa dona medieval Berta, protagonista de varias lendas da tradición friolense, o certo é que procedería de *villa Vitermiri*, que co paso dos anos mudou o «r» polo «l».

O **Abeledo** deriva do latín *abellanetu* (*abellana* + sufixo colectivo *-etu*) e significa «lugar no que abundan as abeleiras». Outros fitónimos serían os de **A Carballeira** que indica a existencia dunha grande cantidade de carballos (da voz prerromana *carbalio*); **Folgar**, que parece ser a *villa Felgaria* que aparece nos Tumbos de Sobrado (do latín *filix*); **Freixido**, conxunto de freixos (do latín *fraxinus*); ou **A Xesteira**, lugar de xestas (do latín *genista*).

Nesta parroquia son abundantes os nomes formados a partir dun composto que inclúe o substantivo latino *casa*. Algúns exemplos son **A Casanova** (conxuntos dos termos latinos *casa* e *novam*), **Casantalla** (casa de *Sancta Eulalia*), **Casferro** (derivado do lat. *ferreus*), **Casparido** («Casa de Pardo», antropónimo latino *Pardus*), **Casroque** («Casa de Roque», voz xermánica) e **Castorres** (derivado do apelido *Turris*).

**A Castronela** é o diminutivo do vocábulo latino *castrum*, polo que sería un castro pequeno. **O Foxo** e **o Foxón** comparten a mesma base latina (do latín vulgar *fogium*), pero no segundo caso trátase dun aumentativo.

**Corno do boi** era antigamente *Cornu de Bove*, e probablemente sexa un topónimo con moita historia xa que, segundo Nicandro Ares, xa se documenta arredor dos séculos XII e XIII. **Currás** é tamén outro lugar da parroquia de Carballo (v. n.º 4), polo que a súa orixe xa foi explicada nesta. **A Eirexe** é un topónimo moi común no concello de Friol, polo que xa foi analizado noutras parroquias como poden ser as de Narla, Guimarei ou Silvela. O mesmo ocorre co **Sisto** (v. n.º 2).

**O Enxeito** semella vir de *enxeitar*, que adquire o significado de abandonar. A este respecto, N. Ares reseña no seu libro sobre toponimia galega a posibilidade de que houbo un orfanato nestas terras, para aqueles nenos que as súas familias desamparaban. Etimoloxicamente procede do verbo latino *eiectare*. **O Escorial** ten varias orixes. En primeiro lugar, pode derivar do latín *aesculus* «aciñeira», polo que indicaría a abundancia desta. A evolución da palabra neste caso sería a partires de *aesculealis*>*esculeal*>*escurial*>*escorial*. Outra teoría, que defende Nicandro Ares, é a da relación coa voz latina *scoria*, que significa «residuo», e polo tanto sería un lugar onde se amontoaba o lixo ou refugallos de calquera tipo. Por último, aínda que é a solución menos probable, podería estar ligado ao adxectivo latino *obscurus*.

**O Lousado** é tamén moi común na toponimia galega debido a que procede do substantivo prerromano *lausia*, que significa «lousa», un material que foi amplamente explotado polos habitantes da zona durante anos. **O Outeiro e Suouteiro** proveñen da mesma raíz latina, o substantivo *altarium*, ao cal se lle engade, no segundo caso, a partícula *sub*>*su* que indica «debaixo de». **A Pallota** xa foi analizada na parroquia de Silvela (ver Silvela). **A Peteta**, pola súa parte, pode provir do verbo *petare*, que significa «golpear», aínda que tamén cabe a posibilidade de que sexa unha variante dalgunha das formas de *petita*, vocábulo latino empregado para referirse ás demandas xudiciais. **Pontexiá** ten unha explicación sinxela, e é provén do conxunto dos termos *pontem* é o antropónimo *Egila*, que derivaron en Ponte de Xiá e pola “forza” da consoante xorda asimiláronse os dous nomes nun.

En **Portadornas** temos unha «Porta das dornas», un composto do cal non podemos delimitar con exactitude o significado do segundo termo, aínda que segundo Joan Corominas ten que estar moi relacionado cunha medida de capacidade que seguramente equivalese a un xarro ou ola. **Portolamoso** é outro dos compostos do latín *portus* máis, neste caso, a prelatina *lama*.. **Pousada** sería un lugar onde poder pausar o camiño (do latín *pausata*) para descansar. **As Pozas**, como o seu propio nome indica, é o plural do latín *putea* «poza», que á vez é o plural do substantivo *pozo* (*puteum*). **San Paio** vén de

*Sanctus Pelagius* e dá nome á Fortaleza que existe en dita parroquia, seguramente na honra do mártir galego. **O Toxo** pode ser tanto o nome da planta (voz prerromana) ou o derivado do antropónimo *Tosius*. Finalmente, **O Vilar** repítase como topónimo noutras parroquias deste concello como poden ser Narla ou Trasmonte e vén do latín *villa*.

### ➤ 3. Bibliografía

- ARES VÁZQUEZ, Nicandro. *Estudos de toponimia galega I*. A Coruña: Real Academia Galega, 2011.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro. *Estudos de toponimia galega II*. A Coruña: Real Academia Galega, 2011.
- ARES VÁZQUEZ, Nicandro. Xián e Xiá: notas histórico-etimolóxicas. En: *Grial* [en liña]. Editorial Galaxia. 1983, vol. 79, 97-101 [consulta: 15 xuño 2016]. Dispoñible en: [http://www.jstor.org/stable/29750165?seq=1#page\\_scan\\_tab\\_contents](http://www.jstor.org/stable/29750165?seq=1#page_scan_tab_contents)
- BASCUAS LÓPEZ, Edelmiro. *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002.
- CABEZA QUILES, Fernando. Algúns topónimos da parroquia de Guimarei. En: *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* [en liña]. Museo Manuel Reimóndez Portela. 2005, vol. 8, 21-29 [consulta: 24 xuño 2016]. Dispoñible en: <http://dspace.aestrada.com/jspui/bitstream/123456789/300/1/Alguns%20toponimos%20da.pdf>
- CABEZA QUILES, Fernando. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Editorial Toxosoutos, 2000.
- CARIDAD ARIAS, Joaquín. *Los fenómenos de homonimia y homofonía en la toponomástica y su repercusión en las etimologías cultistas y populares de la Europa Occidental*. Servicio Publicaciones Universidad de La Laguna.
- CARIDAD ARIAS, Joaquín. *Toponimia céltica de Galicia*. Publicaciones Deputación Provincial de Lugo, 2006.
- COROMINAS, José. *Diccionario Crítico Etimológico Castellano e Hispánico*. Madrid: Gredos, 1986.
- FRANCO GRANDE, Xosé L. *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*. Vigo: Editorial Galaxia, 1980.
- GARCÍA de DIEGO, Vicente. *Diccionario etimológico español e hispánico*. Madrid, 1954.
- GARCÍA ROLDÁN, Alberto. Pazo-Torre de Miraz, Friol. En: *Galicia pueblo a pueblo* [en liña]. [consulta: 4 xullo 2016]. Dispoñible en: <https://galiciapuebloapueblo.blogspot.com/2014/09/pazo-torre-de-miraz-friol.html>
- GONZÁLEZ, Xosé. Apuntes de toponimia do concello de Alfoz. En: *Toponimia do concello de Alfoz* [en liña]. 25 marzo 2014 [consulta: 17 xuño 2016]. Dispoñible en: <http://toponimiaalfoz.blogspot.com.es/>
- GONZÁLEZ, Xosé. Compilación de toponimia de Xermade. En: *Toponimia do concello de Xermade* [en liña]. Xaneiro 2014 [consulta: 16 xuño 2016]. Dispoñible en: <http://toponimixermade.blogspot.com.es/>
- GONZÁLEZ, Xosé. Estudo da toponimia de Cervo. En: *Toponimia do concello de Cervo* [en liña]. Febreiro 2014 [consulta: 8 xullo 2016]. Dispoñible en: <http://toponimiacervo.blogspot.com/>
- LÓPEZ REAL, M.A. et al. Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Friol. En: *Concello de Friol* [en liña]. Marzo 2013 [consulta: 6 xullo 2016]. Dispoñible en: [http://www.concellodefriol.es/pxom/archivos/01%20Memoria/07019\\_MEMORIA%20FRIOL\\_INF-AI.pdf](http://www.concellodefriol.es/pxom/archivos/01%20Memoria/07019_MEMORIA%20FRIOL_INF-AI.pdf)
- LÓPEZ REAL, M.A. et al. Tea, planes y proyectos. En: *Concello de Friol* [en liña]. Xuño 2008 [consulta: 6 xullo 2016]. Dispoñible en: [http://www.concellodefriol.es/pxom/archivos/01%20Memoria/07019\\_MEMORIA%20FRIOL\\_INF-AI.pdf](http://www.concellodefriol.es/pxom/archivos/01%20Memoria/07019_MEMORIA%20FRIOL_INF-AI.pdf)
- MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés. *Sobre apertura de mámoas a principios del S. XVII* [en liña]. Real Academia Galega. Marzo 1910, vol. 34 [consulta: 16 xuño 2016]. Dispoñible en: <http://academia.gal/boletins#paxinas.do?id=495>
- MENÉNDEZ PIDAL, Ramón. *Manual de Gramática Histórica Española*. Madrid: Espasa-Calpe, 1968.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE. *Catastro de Ensenada*. Dispoñible en: <http://pares.mcu.es/Catastro/>
- MORALEJO LASSO, Abelardo. *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago: Pico Sacro, 1977.

- MORALEJO, Juan J. *Callaica Nomina*, Estudios de Onomástica Gallega [en liña]. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2007 [consulta: 20 xuño 2016]. Disponible en: [https://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Callaica\\_Nomina.pdf](https://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Callaica_Nomina.pdf)
- Nomenclator de Galicia*. Xunta de Galicia [consulta: 15 xuño 2016]. Disponible en: <http://www.xunta.gal/nomenclator>
- PIEL, Joseph M. *Respiga de antropo-toponimia galega de oríxem latina*. Universidade de Colónia. Real Academia Española. *Diccionario de la lengua española* [en liña]. 2014, ed. 23 [consulta: 15 xuño 2016]. Disponible en: <http://dle.rae.es/?w=diccionario>
- RIVAS QUINTAS, Eligio. *Lingua galega, niveis primitivos*. A Coruña: Edicións Laivento, 1994.
- RIVAS QUINTAS, Eligio. *Toponimia de Marín*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1982.
- VEIGA ARIAS, Amable. *Algunas calas en los orígenes del gallego* [en liña]. Editorial Galaxia, 1983 [consulta: 18 de xuño de 2016]. Disponible en: [https://books.google.es/books?id=3Mmb5o-N5L4C&pg=PA69&dq=anafreita+top%C3%B3nimo&source=bl&ots=fvzpCyUhWn&sig=7Ou26D6erYG1\\_2s-FE6e4JQsF9fY&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwiGi6qVoarNAhXMWBQKHwttDA4Q6AEIMTAD#v=onepage&q=anafreita%20top%C3%B3nimo&f=false](https://books.google.es/books?id=3Mmb5o-N5L4C&pg=PA69&dq=anafreita+top%C3%B3nimo&source=bl&ots=fvzpCyUhWn&sig=7Ou26D6erYG1_2s-FE6e4JQsF9fY&hl=es&sa=X&ved=0ahUKEwiGi6qVoarNAhXMWBQKHwttDA4Q6AEIMTAD#v=onepage&q=anafreita%20top%C3%B3nimo&f=false)





# AS MÁMOAS E OS PETRÓGLIFOS DO CONCELLO DE FRIOL

BRAIS RODRÍGUEZ ROMERO

XABIER MOURE SALGADO

2º Premio de investigación do Concello de Friol Xullo 2016

## ➤➤ Presentación

A riqueza do patrimonio arqueolóxico do concello de Friol xa foi recollida, en parte, polo traballo de investigación de Juan F. Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela a finais dos anos oitenta e principios dos noventa do século pasado e plasmada nas súas publicacións *Prospección e inventario de túmulos megalíticos do Concello de Friol* (1992), e *Arqueoloxía en Outeiro de Rei: mámoas e outros restos*, na revista CROA nº5 (1995). Tamen é de salientar os traballos levados a cabo por outros investigadores que puxeron no mapa da arqueoloxía de Galiciamoitos dos petróglifos do municipio.

A nosa intención é a de continuar e completar, na medida do posible, o labor levado a cabo por eles, contribuíndo ao seu estudo, divulgación e posta en valor. Máis tamén queremos alertar do perigo que corren por tratarse duns dos bens patrimoniais máis vulnerables á acción humana. Estámonos a referir ás mámoas e ás gravuras rupestres ao aire libre, máis coñecidas como petróglifos que, por primeira vez, humanizaron, entre o 5000 e 2000 a.C., a paisaxe de Galicia.

Dende o ano 2015, os autores percorremos o municipio na súa procura, comprobando que o estado de conservación queda lonxe de ser óptimo, sendo testemuñas, moitas veces, de innecesarias agresións, sexa por descoñecemento ou causadas de forma premeditada. Sería desexable que as Administracións Públicas, atendendo á súa importancia, levaran a cabo as actuacións necesarias para protexelos e divulgálos, unha iniciativa que, de seguro, axudaría a revitalizar o concello, cultural e economicamente.

Tamén queremos chamar a atención sobre un patrimonio, non visible, que se está a perder. Trátase das lendas e tradicións que, ao longo dos séculos, os nosos antepasados teceron ao seu redor, folclore que tamén forma parte da Historia do concello de Friol e que cómpre preservar.

Para entender mellor a función e significado dos monumentos obxecto deste traballo, incluímos un glosario coas palabras máis frecuentes.

E por último, ademais das coordenadas de situación de cada ben patrimonial que relacionamos ao final (Anexo I), achegamos, cando figura catalogado pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, o código GA correspondente.

## ➤➤ Xeografía

Segundo o nomenclátor da Xunta da Galicia, o concello de Friol, que pertence administrativamente á comarca de Lugo, conta con 344 entidades de poboación, algunhas abandonadas (unhas vinte) e outras en proceso claramente regresivo, distribuídas por 32 parroquias. Cunha extensión de 295 km<sup>2</sup>, sitúase na zona centro-occidental da provincia de Lugo. Polo norte limita cos concellos de Begonte e Guitiriz, polo sur con Guntín de Pallares e Palas de Rei, polo leste con Outeiro de Rei e Lugo, e polo oeste cos concellos da provincia da Coruña de Sobrado dos Monxes e Toques.

Morfoloxicamente, obsérvase unha zona central bastante chá, cunhas altitudes que rondan os 500 metros, delimitada por unha serie de elevacións que marcan, en gran parte, os límites naturais do concello: serra do Careón, serra da Cova da Serpe, Corno do Boi e Cordal de Ousá, con altitudes que oscilan entre os 700 e os 800 metros.

Canto á hidrografía, o municipio aparece drenado polas cuncas dos ríos Parga polo norte, o Narla no sector central e meridional, e o Ladra, tributario do Parga. O Parga, que recolle as augas do sector septentrional, entra no concello pola parroquia de Miraz. O Narla, o máis representativo do concello, descende polas vertentes do Corno do Boi recollendo as augas das elevacións circundantes e dos cursos de auga do Vilariño, Cotón, Golmar, Lodoso, Reboredo, das Xuntas, etc, desembocando no Miño pola parroquia de Ombreiro, en Lugo.

Dende o punto de vista xeolóxico, presenta unha gran variedade litolóxica: granitos, areniscas, grandioritas, etc.

Canto á vexetación, as árbores autóctonas (carballos, castiñeiros, bidueiros ou ameneiros) están a perder terreo en favor das árbores alóctonas como o piñeiro e, en menor medida pero en clara expansión, o eucalipto. O monte baixo cúbrese de toxos, xestas, etc.



Ubicación do concello de Friol en Galicia e na provincia de Lugo

## ➤➤ O Neolítico: As mámoas

O período cultural do Neolítico (de *neos*, novo, e *lithos*, pedra), que en Galicia adoita asociarse ao Megalitismo (de *mega*, grande, e *lithos*, pedra), comeza cara o 5000 a.C., rematando tres mil anos despois. A melloría climática fai que as sociedades nómadas do Paleolítico restrinxan progresivamente as áreas destinadas á caza e á recolección, asentándose en lugares máis ou menos fixos, comezan a domesticar o gando e a traballar a terra, incorporando novas técnicas como o traballo da pedra puída (que substitúe á pedra tallada), os téxtiles e a cerámica (algunha con decoración), o que lles permitirá perfeccionar as ferramentas agropecuarias, domésticas e as armas, facer pezas de vestir co procesado da la e o liño, e mudar o xeito de cociñar os alimentos. Aínda que en menor medida con respecto ao período anterior, a caza e a recoleita de especies silvestres continúan a xogar un papel importante. Nas zonas costeiras a alimentación complementábase coa pesca e o marisqueo. Apenas se conservan restos dos sitios onde vivían,

aínda que é probable que as casas estarían feitas con materiais perecedoiros (madeira e palla). En Galicia coñécense algúns asentamentos en acubillos rochosos e covas.


Cara finais do V milenio a.C., estas sociedades comezan a construír unhas estruturas arquitectónicas que nos amosan o reflexo dunha certa prosperidade e dunha incipiente xerarquización social. Trátase duns enterramentos funerarios onde os cadáveres son depositados en compañía de enxovais. Son as coñecidas como mámoas, túmulos artificiais feitos de terra ou de terra e pequenas pedras, case sempre de forma próxima á semiesfera, que sinala e garda o lugar dun ou varios enterramentos; no seu interior pódense atopar estruturas dolménicas (antas) formadas por chantos de pedra e cubertas por unhas tampas que configuran a cámara mortuoria. A profusión destes enterramentos ao longo de Galicia dánolo a gran cantidade de nomes polos que son coñecidos: anta, mámoa, medorra, madorra, modia, arqueta, arquela, casa dos mouros, medoña, tomba, tumba, etc. En ocasións, os esteos das cámaras funerarias gravábanse e pintábanse con distintos signos de temática simple pero enigmática: figuracións antropomorfas, ondulados, coviñas, zigue-zagues... En varias mámoas atopáronse pequenos obxectos simbólicos e de adorno (ídolos, puntas de frecha, machados puídos e enxovais cerámicos) que se identifican con crenzas relixiosas do culto aos mortos. Ademais de lugares asociados a rituais da morte, estes monumentos funerarios tamén puideron ter outras finalidades, relacionadas coa orientación nas rotas, lindeiros ou ambas as dúas a un mesmo tempo.

As mámoas espalladas polo país cóntanse por miles, a pesares de que un alto número delas foron destruídas polos traballos agrícolas, apertura de pistas e estradas, repoboacións forestais, etc. (desfeita que aínda continúa), ao que temos que engadir o espolio que sufriron ao longo da historia, que foi sistemático a partir do 1609, cando Felipe III autorizou, por Real Cédula outorgada en Madrid o día 26 de maio dese ano, ao crego e fidalgo do couto de Recimil de Parga, Vázquez de Orxas, para buscar tesouros nas tumbas dos *“gentiles galigrecos que poseyeron el Reyno de Galicia”*, iso si, a cambio de que a Coroa recibira unha parte: *“...hay algunas sepulturas de gentiles en que se entiende hay oro, plata y otras riquezas de mucho valor, y que esto lo sabe por algunas señales y larga experiencia que tiene de la materia por haberse criado en las Indias, da licencia al dicho Pedro Vázquez de Orjas para que las abra por si o por su apederado...”*. O efecto de dito permiso ocasionou, segundo denuncia diante da Real Audiencia de Galicia, que en menos dun ano *“muchas personas, con poco temor de Dios y desacatando al Rey nuestro señor (cuyo nombre debiera bastar para no tocar en ellas), se han atrevido y atreven a abrir, cabar y robar las dichas sepulturas, y lo que en algunas de ellas hallan lo esconden y ocultan... porque se tiene noticia de más de tres mil abiertas en el Reino desde el Registro de su parte y no se tiene noticia de hombre ninguno que esté preso por ello... Hay pocas comarcas en que no se hayan atrevido a cabar, descubrir y robar dichas sepulturas...”*.

No Neolítico tamén nos atopamos con outras construcións megalíticas rituais como as pedrafitas e os círculos líticos. Unha pedrafitas é un elemento de carácter megalítico formado por unha pedra monolítica chantada verticalmente; correspóndese co termo de orixe bretona *menhir*. Un círculo lítico (*cromlech*) é unha construción megalítica formada pola disposición, en círculo, de pedrafitas.

Cómpre salientar que da etapa megalítica o que mellor se coñece é o referente ao mundo funerario e espiritual, pero pouco sobre o seu hábitat o que nos impide coñecer como era realmente o seu modo de vida. Semella que os megaliteiros concedían máis importancia á morte, ao Máis Alá, que á vida. Do que non cabe dúbida é que a construción destes enterramentos vai a significar a primeira humanización da paixase de Galicia, asistindo a unhas transformacións non vistas ata entón co desenvolvemento da gandería e a agricultura, a sedentarización e a especialización, adaptando o medio ao home, mentres que no Paleolítico era o home quen se adaptaba ao medio.

Para facernos unha idea do número de mámoas que se estenden por Galicia, só na provincia de Lugo, dos 67 concellos existentes, 65 contan con algún enterramento deste período.



Proceso de construción dun dolmen.

## ➤➤ As mámoas no concello de Friol

No ano 1991, no inventario da Xunta de Galicia, só figuraban catalogadas no concello de Friol pouco máis dunha vintena de mámoas distribuídas por seis parroquias. Será entre finais dos anos oitenta e principios dos noventa cando Juan F. Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela, por medio dunha subvención da Xunta de Galicia, aínda que non fan unha descrición pormenorizada dos enterramentos, saquen á luz a riqueza megalítica do concello, inventariando 174 medorras, 29 das cales xa desapareceran. Na actualidade temos información de preto de 270 enterramentos que aínda se conservan e doutros 80 que foron destruídos repartidos por 30 parroquias.

A violación e a destrución de tumbas neolíticas ao longo do municipio vén de vello, xa se fai referencia no proceso aberto pola violación de mámoas producida a raíz da cédula real outorgada ao citado Vázquez de Orxas. Só nas xurisdicións de Friol, San Paio de Narla e noutras próximas, “*que todos lindan entre si y con los del obispo de Lugo*”, abríronse unhas 400, “*de noche y ocultamente, de modo que no se sabe quienes las abrieron ni lo que en ellas encontraron, pero es cosa pública que de algunas de ellas se sacaron tesoros, y de estos rompimientos de mámoas se hicieron de un año a esta parte*”, relataron varias testemuñas chamadas a declarar ante a Real Audiencia de Galicia. Cítanse, entre outras, a mámoa dos Castelos da que era dono Alonso Ordóñez das Seixas; a mámoa de Anafreita de cuxo couto era dono Pedro Ares; a mámoa de Porto Angueiro, en Anxeriz, propiedade de Alonso López de Saavedra; e a mámoa da Reigosa, situada entre as xurisdicións de Sampaio, Friol e Miraz, asegurando unha testemuña que esta fora a primeira medorra que se abriu na comarca.

A súa distribución é desigual ao longo dos pouco máis de 295 km<sup>2</sup> do municipio, se ben en todas as parroquias se documenta algún enterramento, cunha densidade media de 1,11 mámoas por quilómetro cadrado.

As medorras do concello de Friol, ademais de como enterramento na antigüidade, cumpriron outras funcións miles de anos despois. Nos interrogatorios do catastro de Ensenada, celebrados no ano 1752, cítanse arredor de trinta medorras que actuaban como límite entre as distintas freguesías do actual municipio.



Situadas nas proximidades de vellas vías de comunicación, a altitude onde se emprazan ronda os 500 metros, sempre en penchairas con bo dominio visual sobre a contorna. Os grupos máis numerosos atópanse nas parroquias de Carballo, Ousá, Narla, Guimarei, Cotá, Miraz, Santalla de Devesa, Vilafiz, Guldriz e Xiá . Algunhas necrópoles repártense por máis dunha parroquia.

Segundo a información que manexamos, Friol é, xunto coa Fonsagrada, Guitiriz, Vilalba e Xermade, un dos concellos da provincia de Lugo con máis enterramentos do período Neolítico. Lamentablemente, o estado de conservación da maioría das medorras do municipio é, en xeral, bastante deficiente, ao que temos que sumar o alto número de agresións que duns anos para aquí se están a producir debido á apertura de pistas e cortalumes, repoboacións forestais, actividades agrícolas, construcións, actuacións furtivas, etc. A pesares da espectacularidade de moitas medorras, ningunha goza, como tal (só si posúen algún gravado), da máxima protección legal, os expedientes abertos hai anos para declarar Ben de Interese Cultural (BIC) o dolmen da Moruxosa e algunhas medorras da necrópole do Monteirón, que pasan por ser as de maiores dimensións de Galicia, non acabaron de callar.

As últimas mámoas documentadas no municipio foron descubertas polos autores no mes de decembro de 2017 na parroquia de San Martiño de Bra que non contaba con ningunha, en xaneiro de 2018 en San Xiao de Friol, e en xuño e xullo de 2019 en San Cibrao da Pregación e Anxeriz, respectivamente.

Canto ás pedrafitas (menhires), ata o presente documentamos tres fitos singulares de cronoloxía indeterminada dos que deixamos constancia neste traballo, unha achega que pode servir de base a futuras investigacións. Sen embargo, puideron existir outras pedrafitas colocadas en época prehistórica e que logo foron reutilizadas, como aconteceu con moitas mámoas, como marcos divisorios de freguesías, tal como nolo achegan os interrogatorios do catastro de Ensenada: “*Piedra de la Madorra*” (que pode indicar o esteo dun dolmen ou unha pedra situada sobre unha mámoa), “*Pena de la Erradura*” (con gravuras), “*Marco de Mamoas Reigosa*”, “*Marco de Mamoas*”, “*Marco de Mamoas*”, etc.



Distribución das mámoas no concello de Friol (Elaboración propia).

## ➤➤ A Idade do Bronce: Os petróglifos

A Idade do Bronce é o período intermedio entre o Neolítico e a Idade do Ferro. Considérase o seu comezo cos inicios da metalurxia do cobre, o Calcolítico, arredor do 2200 a.C., rematando cara o 700 a.C., que desemboca nunha transformación substancial cando, mediante a aliaxe do cobre co chumbo ou co estaño, se obtén o bronce, fabricándose instrumentos e armas dunha calidade descoñecida ata entón, non semellando ser aptas para o traballo pola súa brandura, supoñéndosele unhas funcións de tipo cerimonial ou de troco. Deste tempo son as lanzas e espadas pistiliformes, alabardas, puntas de frecha tipo Palmela e brazais de arqueiro. A introdución da metalurxia asóciase tamén á cultura do vaso campaniforme que se localiza en Galicia entre o 2100 e o 1800 a.C. A riqueza artística no tocante á confección de pezas de ouro é extraordinaria (diademas, cascos, pulseiras ou gargantillas).

As comunidades deste período practicarían unha economía semellante á do Neolítico. Os seus poboados serían de carácter temporal, as casas construíríanse con materiais precededores. Nalgunhas partes de Galicia consérvanse restos do que poderían ser as vivendas.

A forma de enterrar aos mortos varía a respecto do período anterior, apreciándose unha certa desigualdade social e económica. Os enterramentos son agora individuais, practicados en pequenas mámoas e en estruturas rectangulares de pedra que en Galicia coñecemos como cistas. Os mortos entérranse con enxovais moi elaborados (machados de bronce, obxectos de adorno...), o que mostra a existencia de certas elites.


É neste período cando aparece a manifestación máis peculiar da prehistoria de Galicia: a Arte Ruprestre ao aire libre, máis coñecida como petróglifos, gravuras sobre pedra que configuran distintas representacións, a maioría enigmáticas debido ao seu simbolismo, e que a maior parte das veces ocultan o seu significado. Aparecen tanto illados como formando conxuntos, con representacións de armas, animais, esceas de caza e monta, coviñas, labirintos, esvásticas, serpes, círculos, espirais, reticulados, etc.

Aínda que a área máis fecunda nesta arte son as Rías Baixas, nos últimos tempos estamos a asistir a aparición de numerosos motivos espallados por toda Galicia, a provincia de Lugo incluída, con figuracións de elaborada técnica e complexa factura. Na provincia de Lugo, en 52 dos 67 concellos hai penas con petróglifos.

## ➤➤ Os petróglifos do concello de Friol

Ata o momento, os motivos documentados no concello de Friol (unha ducia localizados polos autores deste traballo) limítanse, polo xeral, a coviñas, cadrados, ferraduras, cruciformes e algunhas combinacións de círculos concéntricos. Se ben son as representacións máis sinxelas da arte ruprestre ao aire libre, quizais son, tamén, as máis enigmáticas. Dada a diversidade onde aparecen, temos que pensar que non terían un único significado. Ao tratarse dunha arte simbólica, son para nós, en principio e como acontece co resto das representacións, de natureza inintelixible e co único que xogamos son con hipóteses xa que este sistema de comunicación desapareceu xunto coas persoas que os xeraron, incluso cabe a posibilidade de que o seu significado só sería comprensible a determinados membros daquela sociedade.

Respecto do seu emprazamento, os petróglifos do concello adoitan situarse a carón de antigas vías de tránsito e, en varios casos, nas inmediacións de campos de mámoas, documentándose algúns cruciformes, coviñas e ondulados sobre os esteos das propias medorras.



Distribución das gravuras rupestres no concello de Friol (Elaboración propia).

## ➔ Parroquia de Anafreita (San Pedro)

A parroquia ten unha superficie de 8,1 km<sup>2</sup>. Sitúase ao norte do concello.

### Medorras

No término parroquial localízanse oito enterramentos do período Neolítico.

#### **Necrópole do Alto da Mámoa (GA-238)**

A 600 metros de altitude, está composta por tres medorras, pero só unha, a número 2, está en Anafreita. As outras dúas atópanse en Nodar. Ten unhas medidas de 27 metros no eixo N-S e 27,5 no E-O, cunha altura máxima de 1,3 metros. Do cráter de violación asomán dous esteos da cámara.

#### **Mámoa de Arón ou Alto da Mámoa (GA-319)**

Conta cun cráter central de espoliación de forma alongada e bastante colmatado de onde asoman dous chantos da cámara megalítica. Ten 22 metros de diámetro e 1 de altura. Afectada por un cortalumes e camiños.

#### **Mámoa do Colado (GA-239)**

En Pena Ventosa, ten 21 metros de diámetro e 1,5 de altura. Non se observan restos de coiraza nin da cámara.

#### **Mámoa do Monte do Seixo (GA-242)**

Ten unhas dimensións de 17 x 19 metros e 1 altura. Vense restos de coiraza. Moi arrasada.

#### **Mámoa da Pena dos Amoraos ou Amorangos (GA-240)**

É a máis pequena da parroquia xa que non pasa dos 15 metros de diámetro e 0,40 de altura. Con restos de coiraza sobre o túmulo, atópase moi arrasada.





Mámoa de Arón



Mámoa do Colado  
(Fonte: Celso Rodríguez Cao)

#### **Mámoa da Pena do Mixón (GA-234)**

Posúe un gran cono de violación central, ten 27 metros de diámetro e 1,5 de altura. Restos de coiraza sobre o túmulo.

Da Mámoa de Anafreita existe noticia dende o século XVII, no expediente da Real Audiencia de Galicia aberto a raíz da singular campaña do licenciado Vázquez de Orxas co fin atopar tesouros “*y otras riquezas de mucho valor*”, xa que tiña noticia de que, reza a cédula asinada por Felipe III, “*ay*

*algunas sepulturas de gentiles en que se entiende ay oro y plata*”, “Y que esto lo sabe por algunas señales y larga esperiencia que tiene desta materia, por averse criado en las Indias, y que podrían ser de mucho fruto y beneficio a mi Real Hazienda...”. Andrés Martínez Salazar, nun artigo publicado no Boletín da Real Academia Galega no ano 1909, titulado *Sobre apertura de mámoas a principios del siglo XVII*, escribe que a medorra “se abriu de noche, como otras muchas de esta feligresía y jurisdicción... Es voz pública que en esta mámoa de Anafreita se halló oro; que la abrieron Pedro dos Santos y su hermano Juan, vecinos de San Mamed de Nodar, que hallaron gran cantidad de oro y que algunas de ellas fueron a los plateros de la ciudad de Santiago”. “Catalina dos Santos, vecina de San Mamed de Nodar, declara que un hijo de Hilario de Pardiñeira, que vive junto la iglesia de San Pedro de Anafreita, hallara en esta mámoa una pieza como hechura de un machado y entendiendo que era de oro lo fuera a mostrar a un platero que le dijo que era metal”. “Otros testigos, vecinos del mismo coto de Nodar, declaran que se dijo que Pedro dos Santos andando arrancando piedra para cerrar un prado levantara una grande a modo de sepultura que tenía unas letras, abajo de dicho prado y casa del clérigo de San Mamed, y un día se halló debajo de la dicha piedra cierto oro y piezas de oro o monedas; que se dijo que dos plateros de Santiago estuvieran pocos días después en casa de Pedro dos Santos y le cambiaran monedas de oro”. “Juan dos Santos, vecino de la feligresía de Santalla, niega que haya abierto la mamoa de Anafreita ni encontrado nada, ni vendido na a plateros, ni a nadie”.

Nos interrogatorios do castastro de Ensenada celebrados no ano 1752, ao sinalar os límites da freguesía, cítanse a “Mamoa da Bentosa”, a “Pena Bentureira” e a “Mamoa de Anafreita”.

## Folclore

A parroquia de Anafreita limita, polo oeste, coa serra da Cova da Serpe onde, segundo a lenda, habitaba un enorme e temible ofidio. As xentes do lugar tentaron destruír a serpe mediante a maxia e implorando a protección celestial pero non foron quen de facelo, só foi posible pola forza do amor entre a filla do señor da torre de San Paio e un mozo de clase inferior, amoríos que non permitiu o pai que a encerrou na fortaleza, prohibíndolle velo. Os amantes, contrariados, fuxiron xuntos unha noite de inverno, perseguidos de cerca polas xentes do señor feudal. Ocultáronse na Cova da Serpe onde o réptil atacou e estrangulou cos seus aneis ao mozo ao defender á namorada, non sen antes conseguir darlle morte ao ofidio co seu puñal. Alí os atoparon os perseguidores que levaron á doncela, que perdera a razón, de volta para a fortaleza. Ao cabo do tempo, recuperado o siso e co permiso do pai, ingresou nun mosteiro de monxas do que chegou a seren abadesa, situado no lugar que aínda hoxe en día se coñece co nome de Freiría. Como o nome da muller era Berta, o sitio no que coñeceu ao seu namorado bautizáronno como Bertarmiráns. O mozo foi enterrado no adro da igrexa de Friol; sobre a anónima lápida que cobre a sepultura graváronlle unha espada, sinal de nobreza.





Cova da Serpe

## Petróglifos

### **Petróglifos da Pena do Meixón (GA-320)**

Nunha penchaira de monte baixo e monte arborado. Consta de dúas penas próximas entre si, cada unha cunha cazoleta. A cazoleta nº 1 presenta un aspecto moi desgastado na súa meirande parte e, por estar parcialmente cuberta de vexetación, resulta difícil saber as súas medidas exactas. A cazoleta nº 2 ten 5 cm de diámetro e as paredes bastante verticais. Sitúase preto dunha serie de pías naturais, produto da erosión.

### **Petróglifos do Marco de Anafreita (GA-Ref. 33)**

En Paredes. Situada nunha gran rocha rente ao chan. Vese a letra “A” maiúscula, unha cruz grega e o que semella a letra “V” maiúscula. Segundo o presidente da comunidade de montes, estas marcas, xunto con algunhas outras cruces, son referentes dos límites da parroquia, recollidos nun expediente do ano 1828 do que existe copia no Arquivo do Reino de Galicia.

## ➤➤ Parroquia de Anxeriz (Santa María)

Situada ao noroeste do municipio, a parroquia ten unha superficie de 7,95 km<sup>2</sup>.

## Medorras

### **Necrópole do Monte Espiño**

Formada por dúas medorras que, erradamente, figuran situadas nas fichas do catálogo da Xunta de Galicia na parroquia de Anafreita. A mámoa 1 (GA-235) ten unhas medidas de 25 x 28 metros, e unha altura de 1,90 metros. Aínda que algo rebaixada, o seu estado de conservación é bo, apreciándose parte da coiraza pétreo que a recubría. A mámoa 2 (GA-236) ten unhas medidas de 15,5 x 18 metros, e 0,80 de altura. Na superficie do túmulo vense as pedras que formaban parte da coiraza.



Mámoa 1 do Monte Espiño  
(Fonte: Celso Rodríguez Cao)

### **Necrópole do Sabugueiro**

Composta por tres medorras. A mámoa 1 (GA-245) ten 25 metros de diámetro e 1,5 de altura. Conserva, moi enterradas, pedras da cámara, e en superficie restos da coiraza. Cráter de violación. Afectada na parte N-E por un camiño. A mámoa 2 (GA-247) ten unhas medidas de 15,5 x 17,5 metros, e 1,2 de altura. Do cono de violación asoman dúas pedras da cámara. Vese un terceiro esteo que, segundo Parco Oubiña e Otero Vilariño, podería tratarse dun marco posterior. A mámoa 3 (GA-246) é de pequeno tamaño, cunhas medidas de 15 metros de diámetro e 1 de altura.

### **Mámoa da Braña (GA-328)**

Núñez Jato e Rodríguez Varela sitúan esta medorra non moi lonxe da Casa de Rozobai, na aldea da Pedreira. A aldea, na actualidade, está abandonada e as casas en ruínas, nós só vimos unha habitable aínda que sen xente. Visitada polos autores, sitúase nunha penichaira a máis de 500 metros de altitude. Ten unhas medidas duns 25 metros de diámetro e 3 de altura e un gran cráter de violación producido hai uns sesenta ou setenta anos cando os veciños escavaron a mámoa para extraer as pedras da cámara megalítica para usar noutras construcións e, a un tempo, para ver se atopaban “tesouros”. Ao parecer, un dos esteos do dolmen tiña pinturas (“números”, dixéronnos) de cor vermella. Nas inmediacións da mámoa, que posteriormente foi atravesada por unha pa escavadora, aínda se ve un gran chanto partido que pertenceu á cámara. Sobre o túmulo vense gran cantidade de pequenas pedras que formaban parte da coiraza que o recubría e parte de dous esteos. Despois de comunicarllo a Patrimonio no ano 2018, o enterramento xa foi incluído no inventario de bens culturais da Xunta de Galicia.



Mámoa da Braña

**Mámoa de Pola (GA-337)**

Ten unhas medidas de 18 metros de diámetro e unha altura de 1,30 metros. Do cráter de violación asoman catro esteos da cámara.

**Mámoa xunto Porto Angueiro**

No expediente aberto pola Real Audiencia de Galicia a principios do século XVII, a raíz do espolio sufrido polas mámoas para buscar tesouros, cítase a medorra de Porto Angueiro como unha das máis importantes da parroquia; a día de hoxe non se puido localizar, quizais porque foi destruída ou coñécese con outro nome. Non se di que se atopara tesouro algún, tampouco na chamada Rana que estaba dentro da xurisdición de Alonso López de Saavedra.

**Folclore**

Cóntase que nunha mámoa do Sabugueiro os mouros agochaban moedas de ouro.

**Petróglifos****Petróglifos da Medorra da Pola ou da Braña (GA-328)**

A mámoa foi destruída polos veciños escavando cunha pa que desmontou a cámara. Sufriu unha segunda escavación furtiva que desfixo o corredor. Dise que cando aínda se conservaba o dolmen cabía unha persoa de pé. Nunha visita ao xacemento localizamos restos dos esteos dispersos polo lugar, un deles con gravuras de ondulado e zigue-zagues. Núñez Jato e Rodríguez Varela, no seu inventario, relatan que os veciños os informaran da existencia duns “números” pintados en cor vermella nunha das pedras do corredor que se atopaba enterrada.

No Catastro de Ensenada de mediados do século XVIII menciónase, entre outros límites da parroquia, A Cruz do Crego, que suxire a presenza dunha pena cunha cruz gravada.





Gravuras nun esteo da mámoa da Braña

## ➤➤ Parroquia de Bra (San Martiño)

A parroquia localízase ao norte do concello, ten unha superficie de 4,3 km<sup>2</sup>.

### Medorras

As **Medorras de Bra** son inéditas, foron localizadas polos autores no mes de decembro de 2017. Están situadas a carón dun antigo camiño que une as poboacións de Bra e Rosende. Trátase de dúas mámoas de 11 e 10 metros de diámetro. Con cráter de violación central, non se observan restos de coiraza nin de cámara megalítica. Alteradas e cubertas pola maleza.



Medorra en Bra

Na parroquia consérvase o topónimo de Medorra dos Castros. Neste lugar, situado a uns 500 metros dos citados enterramentos, non localizamos ningunha mámoa. O sitio atópase moi preto dun castro, de aí o nome.

## Petróglifos

### **Petróglifos da Pena da Moura ou Pena de Bra**

O xacemento sitúase á saída da aldea de Bra, cara o N, nunha zona achairada. A pena ten unhas medidas de 9 x 6 metros na base, e unha altura entre 5 e 1 metros, situándose no centro o maior espesor. Asenta sobre outra pedra de forma barquiforme. Sobre a parte superior obsérvanse tres cavidades, dúas unidas entre si, e unha terceira independente de forma oval, de 1,40 x 1,20 metros, cunha canle que serve de prolongación cara o borde da pena. Os bordes están cortados perpendicularmente, formando un ángulo recto co fondo plano. Das cavidades unidas, a maior ten forma elipsoidal irregular, que comunica coa terceira, de forma circular, cunha saída ao exterior por outra canle. Vense escavacións máis pequenas que alternan coas irregularidades da pedra.

Segundo as indicacións do traballo de E. Álvarez Carballido, *Un altar druídico en Bra*, publicado en *Galicia Diplomática* (1889), na chaira situada a continuación do Alto dos Castelos, preto do límite das parroquias de Bra e Carlín, atopamos A Pena da Moura que semella corresponderse coa descrita polo autor. Nos últimos desbroces feitos en torno á pedra apareceron fragmentos de tellas, posiblemente medievais.



A Pena Moura

No Catastro de Ensenada cítanse varias penas que actuaban como marcos da freguesía de Bra, entre outras a Pena Bicuda, Pena da Coxa e Pena do Alto dos Castelos onde aínda se ve un foxo ben conservado que se podería corresponder coas defensas dunha torre ou castelo.



## ➤ Parroquia de Carballo (San Xiao)

Parroquia cunha superficie de 18,65 km<sup>2</sup>, sitúase ao oeste do concello.

### Medorras

#### Necrópole da Galgueira

Formada por tres túmulos, dous pertencentes a Carballo e un a Xiá. A mámoa 1 (GA-265) atópase moi achandada, cunha medidas de 11,5 x 9 metros, e 1,30 de altura. A mámoa 3 (GA-268) foi practicamente arrasada polas roturacións agrícolas o que fai case imposible determinar as súas medidas; apenas levanta do chan 45 cm.

#### Necrópole das Gándaras de Relucín

Conxunto de dez medorras que actúan como límite entre as parroquias de Carballo e Xiá. A mámoa 2 (GA-11), ten unhas medidas de 14,5 x 24 metros e unha altura de 2 metros. Presenta un importante cráter de violación que deixou ao descuberto dúas pedras da cámara que foron desprazadas. Mo afectada por un camiño e un valado. A mámoa 3 (GA-9) é de considerables dimensións, cunhas medidas de 32 x 38,5 metros, e 3 de altura. Non se aprecian restos de coiraza nin de cámara. Atravesada por un cortalumes. A mámoa 5 (GA-12) ten unhs medidas de 31 x 30 metros e 1,60 de altura. Vese un pequeno cráter de violación pouco profundo. Afectada polos labores forestais. A mámoa 8 (GA-22) mide 28 x 26 metros e 1,70 de altura. Cráter de violación. A mámoa 9 (GA-23) ten uns 20 metros de diámetro e 1 de altura. Moi afectada polos labores agrícolas que removeron a superficie, deixando á vista fragmentos de coiraza e algunha pedra de maior tamaño que podería corresponder á cámara megalítica.

#### Necrópole do Monte Candaíde

Formada por seis enterramentos. A mámoa 1 (GA-3) ten unhas medidas de 20,5 x 26,5 metros e unha altura de 1,80. Presenta un cono de violación duns 0,70 metros de profundidade. Non se aprecia cámara e pouco queda da coiraza. Afectada por unha pista forestal. A mámoa 2 (GA-4) mide 22,5 x 25 metros e 1,30 de altura. A mámoa 3 (GA-5) ten unhas medidas de 13 x 20 metros e 1,80 de altura. Presenta un gran cráter de violación. Afectada por unha pista. A mámoa 4 (GA-6) ten 20 metros de diámetro e 2,20 de altura, con cono de violación central. A mámoa 5 (GA-7) é de pequeno tamaño, duns



Mámoa 4 da necrópole de Candaíde

14 x 15 metros e 1,10 de altura. Posúe cráter de violación. Afectada por unha pista forestal. A mámoa 6 (GA-8) ten unhas medidas de 19 x 20 metros e 1,5 de altura. Presenta cráter de violación central.

#### **Necrópole do Monte do Cordal**

Actúa como límite entre as parroquias de Silvela e Carballo. Está formada por tres enterramentos, dous en Carballo. A mámoa 1 (GA-262) ten uns 14 metros de diámetro e 0,80 de altura. Na parte superior aprécianse dúas lousas semienterradas da cámara. Cráter de violación. O túmulo 2 (GA-263) sitúase no medio dun prado. Ten unhas medidas de 24 x 26 metros e 0,70 de altura. Afectada polas roturacións agrícolas que dispersaron boa parte da masa tumular. A mámoa 3 da necrópole (GA-307) mide 12 metros de diámetro e 0,80 de altura. As repoboacións forestais afectaron á masa tumular.

Un vértice xeodésico que hai no cume do monte do Cordal pode que se chantara sobre unha mámoa.

#### **Mámoa do Foxo do Cabrito ou da Porta Carballeira (GA-309)**

En fichas anteriores de catalogación da Xunta de Galicia aparece ubicada, erroneamente, en San Xurxo de Lea ou en Santa María de Brañas, no concello de Toques (A Coruña), pero a súa situación definitiva é a de San Xiao de Carballo. Moi afectada polos traballos para facer un pasteiro que rebaixou de forma considerable a masa tumular. Ten uns 16 metros de diámetro e 0,50 de altura.



Mámoa do Foxo do Cabrito

#### **Mámoa da Gándara (GA-261)**

De 32 metros de diámetro e 1,5 de altura. Atópase moi achandada.

#### **Medorra de Albeiro (GA-266)**

Destruída, nada queda do enterramento.

Nos interrogatorios do catastro de Ensenada de mediados do século XVIII, ao delimitar a freguesía de San Xiao de Carballo, fálase da "*Piedra de la Madorra*" que probablemente se refira a un dos túmulos do Monte Cotón.

## Folclore

Do interior dunhas das medorras de Candaíde saía unha galiña con pitos.

## Petróglifos

Nos interrogatorios do catastro de Ensenada cítase na parroquia de Carballo a “*Pena de la Erradura*” que actuaba como marco. O nome débello, posiblemente, á gravura dunha ferradura.

## ➔ Parroquia de Carlín (Santa María)

Cunha superficie de 10,25 km<sup>2</sup>, a parroquia localízase ao norte do municipio.

## Medorras

### Necrópole da Devesa

Formada por tres enterramentos. A mámoa 1 (Ref. 7), a pesar da referencia proporcionada por Juan Núñez Jato e Laura Rodríguez, non fomos quen de localizala; o mesmo lle aconteceu a Parcerro Oubiña, polo que é probable que desaparecera. As mámoas 2 (GA-226) e 3 (GA-227) foron destruídas.

Juan e Laura recollen no seu inventario que os veciños da zona afirman que antigamente había alí unhas medorras con grandes pedras que se foron desfacendo co tempo. Eles non as lembraban pero oíran falar aos vellos cando lles contaban “cousas de mouros”.

### Necrópole do Pedrido

En Argá de Arriba, compartida coa parroquia de Narla. A mámoa 3 (GA-216), situada a carón dunha pista, ten unhas medidas de 21 x 18 metros e 1,20 de altura. Moi alterada. A mámoa 4 (GA-217) foi cortada por unha pista que deixou á luz a existencia dunha coiraza pétrea. Mide 16 x 25 metros e 1,6 de altura. Presenta cono de violación, cunha profundidade de 0,80 metros, onde se ve algunha pedra fincada que puido formar parte da cámara. A mámoa 5 (GA-219) ten 22 metros de diámetro e 1,10 de altura. A mámoa 6 (GA-220) foi destruída.



Mámoa 3 do Pedrido GA 216 , cortada por un camiño.



## Círculo lítico

E. Álvarez Carballido, nun artigo titulado Memorandum histórico. *La villa de Mellid y su comarca*, publicado en Galicia Diplomática (1888), fai mención a que na veciña parroquia de San Xurxo de Lea existe un círculo lítico completo ou *cromlech* no monte Pedrido, preto do alto de Nosa Señora. A Chousa do Toxo está no alto do Carqueixal, a tiro de pedra do anterior, polo que non resultaría aventurado que se tratase do mesmo xacemento.

Na finca da Chousa do Toxo, preto de Taín, Núñez Jato e Rodríguez Varela recolleron dos veciños información acerca da existencia en épocas pasadas de varios círculos de pedra de cuarzo que foron desfeitos cando se fixo a estrada que vai de Friol a Parga. Sobre o terreo non puideron recoñecer resto algún, aínda que no sitio constataron a existencia dun burato pouco profundo, duns 12 metros de diámetro, rodeado en parte por un muro de pedra.

Na memoria dos veciños pervive a existencia dun círculo no monte do Pedrido. Contáronnos que as derradeiras pedras que quedaban facendo de marco divisorio entre as fincas levantáronse cando a última repoboación forestal, e que aínda se vían tiradas contra un muro. Dende o sitio gózase dunha ampla panorámica dende onde se divisa a Pena de Vilariño.

## Folclore

Preto da mámoa 5 de Vilariño atópase un vértice xeodésico (Pedrido). Ao seu carón pasa un antigo camiño, coñecido como Camiño do Crego. Segundo recollen Núñez Jato e Rodríguez Varela, por aquí pasaban os cregos que dende Narla ían misar a Carlín. Noutros tempos foi un camiño moi transitado e algunhas persoas de idade avanzada lembran que o utilizaban as xentes dos arredores para ir á festa do San Bieito, na parroquia de Carballo.

O lugar onde chantaron o vértice xeodésico chámase o Alto de Nosa Señora porque, segundo contan, a Virxe que estaba na igrexa de Carlín escapaba para este lugar ata que lle construíron unha capela, situada preto da igrexa parroquial. Nas inmediacións da ermida está A Fonte do Ermo. No santuario celébrase todos os anos unha romaría o 25 de marzo en honra de Nosa Señora do Ermo, considerada protectora contra varias enfermidades, as nerviosas principalmente. Antigamente os romeiros acostumaban a mollar os seus panos na fonte e despois pasábannos pola fronte e outras partes do corpo.

## Petróglifos

### Petróglifos da Cabana

Inédito. Situado nun prado, a uns 45 metros da Casa da Cabana. Trátase dunha pena alta e alongada que na cara que mira ao prado presenta unha serie de coviñas aliñadas en vertical, unidas por canles a un grupo de tres pías máis grandes situadas na parte superior.

## ➔ Parroquia de Cotá (San Martiño)

Parroquia cunha superficie de 11,9 km<sup>2</sup>, sitúase ao leste do concello.

## Medorras

### Necrópole do Monteirón na Gándara de Narla

Esténdese polas parroquias de Cotá, Narla e Santalla da Devesa. Hai anos foi proposta como Ben de Interese Cultural (BIC), expediente que foi arquivado. A mámoa máis espectacular é a coñecida como A Medorra Aberta (GA-128). No mes de outubro de 2017, os autores comprobamos que varios paneis que sinalizaban esta necrópole e os sinais de dirección da "Ruta arqueolóxica" foron derrubado de forma premeditada. A mámoa 4 (GA-133) foi parcialmente destruída ao facer un muro de separación de propiedades. No centro do túmulo, cunha altura de 1,60 metros, vese unha pedra da cámara. A mámoa

4 (GA-131, coñecida como Medorna do Zancón, foi rebaixada en altura. Ten unhas medidas de 30 x 50 metros, e dous de altura. Na cima tiña un chanto que facía de marco entre as parroquias de Cotá e A Devesa. A mámoa 9 (GA-137) ten 35 metros de diámetro e 2,5 de altura. Núñez Jato atopou anacos cerámicos en superficie. A mámoa 10 (GA-138) ten un diámetro de 27 metros, e 1,5 de altura. Rebaixada polos traballos forestais.



Medorna do Zancón  
(Fonte: Núñez Jato, 1988)

### **Necrópole da Pena de Cotá**

Consta de tres enterramentos. A mámoa 1 (GA-120) está alterada por un cortalumes, que lle pasa por riba, e por un valado que a circunda polo S-E. Presenta cono de violación bastante profundo. Parcero Oubiña e Otero Vilariño achegan a existencia de dúas pedras no cumio que asomaban do cráter de violación; na actualidade non puidemos verificar a súa existencia. A mámoa 2 (GA-121), de 21 metros de diámetro e 1,20 de altura, foi afectada polas roturacións forestais. Na súa superficie hai unha lousa fincada, pertencente posiblemente á cámara. A mámoa 3 (GA-122) destaca na paisaxe. Ten unhas medidas de 25 x 28 metros e 1,8 de altura. Afectada polas repoboacións forestais na periferia.

### **Necrópole de Portasueiro**

Estaba formada por dúas mámoas. A catalogada como GA-63 foi destruída no ano 1988. A GA-74, de 33 metros de diámetro e dous de altura, ten piñeiros plantados sobre o túmulo; no cono de violación vese unha pedra da cámara. Hai anos utilizaron unha pa escavadora para coller a terra e utilizala nunha pista, pero ao atopar o dolmen desistiron, tapándoa de novo.

### **Necrópole da Rexidoira**

Nas Gándaras das Beiras. Formada por catro túmulos. A mámoa 1 (GA-152) ten un diámetro de 26 metros e 1,60 de altura. Asoman dúas pedras da cámara megalítica. A mámoa 2 (GA-150), máis pequena ca anterior, non presenta ningunha característica salientable. A mámoa 3 (GA-151) é de medianas dimensións. Non se aprecia cámara, con fragmentos de cuarzo sobre a superficie. A mámoa 4 (GA-156) desapareceu.

### **Necrópole do Vieiro**

Consta de catro enterramentos. A mámoa 1 (GA-75) ten 27 metros de diámetro e 1,5 de altura. No centro ten unha pedra da cámara. O enterramento número 2 (GA-76) é o máis coñecido do concello.





Dolmen da Moruxosa ou Capela do Vieiro

Trátase da Anta do Vieiro, Dolmen da Moruxosa ou Capela do Vieiro. Está situado a carón do antigo camiño real que comunicaba Friol e Santiago. Conserva a anta poligonal con seis esteos e tampa cobertoira. Un dos ortostatos atópase apoiado na tampa o que fai pensar que non está na súa posición orixinal. Nun dos esteos, sobre unha base de cor branca, apareceron restos de pintura vermella e negra trazando figuras en zigue-zague e puntos illados. A mámoa foi cortada parcialmente por un camiño. Parece ser que houbo un tempo en que o dolmen foi cristianizado e utilizado como capela, o que permitiu conservar. A mámoa 3 (GA-80) foi destruída cando se ampliou a estrada Friol-Lugo. A mámoa 4 (GA-308) é de pequenas dimensións, non apreciándose ningunha característica salientable.

### Pedrafita

Situada na parte posterior da Casa do Vieiro, non moi lonxe do dolmen da Moruxosa. Foi chantada no lugar, a xeito de menhir, hai uns sete ou oito anos. Descoñecemos a procedencia. De conoloxía indeterminada, foi traballada artificialmente. Hai uns anos vimos varias laxes de boa feitura amontoadas na finca da casa, unha delas con dúas coviñas. É probable que algunhas procederan dun dolmen. Tempo despois, a finca foi pechada e as laxes desapareceron.

### Folclore

Na desaparecida mámoa 1 de Portasueiro dise que apareceu unha prenda de ouro.

Arredor da necrópole de Monteirón existe a seguinte lenda: Un veciño que vivía nas inmediacións dunha medorra decatouse de que unha das súas cochas sempre desaparecía durante o día e regresaba ao anoitecer. O home, intrigado, decidiu vixiar ao animal para aclarar o misterio. Ao día seguinte, cando a cocha saía da corte, seguiuna, vendo como se ía introducir polo furado que había nunha medorra. Cando xa estaba a piques de desaparecer, o home conseguiu collela polo rabo e tirou con todas as súas forzas para que non desaparecera no interior. Estaba nesas cando escoitou unha voz que saía da mámoa, dicíalle que se deixaba quedar a cocha recibiría unha recompensa que consistía en levar un saco de carbón para a casa. O home aceptou o trato e cargou co saco ao lombo. Pero, o camiño que levaba á casa era moi costento e o saco pesada cada vez máis. O home, encabuxado, tirou o saco ao chan, e como xa estaba a caer a noite, díxose, arrepentido do trato, que volvería pola cocha á mañá seguinte. Cando se deitou comprobou que un dos carbóns se lle coara por debaixo da roupa. A súa sorpresa foi grande cando viu que o carbón se convertera en ouro. Saltou da cama e volveu polo saco, pero xa desaparecera.



Pedra chantada xunto a casa do Vieiro

En Lagouzos, cara o monte Picoto, hai unha fonte coñecida como A Fonte do Ouro onde se di que había unha pita cos seus poliños, mais un veciño tapounos cun manto que lle deran na misa e os pitos e os polos convertéronse en ouro. Outra versión, recollida do blog *Friol, algo máis que pan e queixo* por Lucía Cabado, a quen lla contou a súa avoa Oliva Pena, da Reixidoira, di que “saía unha pita cos seus pitiños da cor do ouro. Cando os veciños intentaban velos, agochábanse na fonte. A xente ía mirar nela, pero alí non se vía nada, só a auga nacer”.

Preto de Cotá pasaba un antigo camiño cara Portasueiro e Facoí, cruzando o río Narla, coñecido como o Camiño dos Mouros.

## Petróglifos

### **Petróglifos da Pena do Pío**

Na Pena. Inédito, documentado polos autores. Non lonxe da Pena dos Merleiros, situada ao pé do río Narla onde apareceu un molde para a fabricación de machados de talón, hai un conxunto de bloques graníticos coñecido como Pena do Pío coa gravura dun cadrado de 20 cm de lado, cunha cruz inscrita que o divide en catro partes. Un informante da aldea contounos que de pequeno xogaba con outros rapaces nesta pena e que un deles fora o autor do gravado. Inclinámonos a pensar que o neno puido remarcar algo que xa existía. Tamén se ven unhas coviñas.

### **Petróglifos do Monte das Medorras**

Na Pena, no límite das parroquias de Vicinte (Outeiro de Rei) e Cotá. Inédito, descuberto polos autores. Nesta zona existen, ao menos, tres medorras, e entre elas localízanse varias rochas con coviñas de, aproximadamente, 2 cm de diámetro.



Coviña no monte das Medorras

### Machado

Na Pena dos Merleiros, na beira esquerda do río Narla, apareceron uns moldes bibalvos utilizados na elaboración de machados de tope de dúas arnelas. Depositados no Museo Provincial de Lugo, están adscritos á Idade do Bronce, á mesma época que os petróglifos.



Arriba, moldes de fundición da Pena dos Merleiros

### Folclore

Asegúrase que o petróglifo da Pena do Pío foron os mouros.



## ➤➤ Parroquia de Friol (San Xiao)

A parroquia, de 4,76 km<sup>2</sup> de superficie, dálle nome a todo o concello.

### Medorras

#### Necrópole das Tenzas

A necrópole, situada xunto o parque empresarial de Friol, tiña catalogadas, ata o verán de 2017, catro mámoas. Lamentablemente, unha, a 1 (GA-49) foi destruída, desaparecendo totalmente; tiña 30 metros de diámetro. A Xunta de Galicia abriu dilixencias para esclarecer os feitos. As outras tres medorras (GA-48, GA-50 e GA-61), de 37, 25 e 20 metros de diámetro, e unha altura que oscila entre os 0,40 e 1,5 metros, atópanse moi alteradas. No mes de xaneiro de 2018, os autores documentamos outra, inédita, nas inmediacións; duns 14 metros de diámetro perdeu en altura gran parte da masa tumular; sobre ela colocaron un poste de madeira do tendido eléctrico..



Mámoa na necrópole das Tenzas

#### Mámoa das Casas da Noite (GA-45)

Destruída polos labores agrícolas.

#### Mámoa dos Castelos (GA-44)

Practicamente arrasada polos labores agrícolas, faise alusión no expediente da Real Audiencia de Galicia aberto pola busca de supostos tesouros a principios do século XVII. Os veciños manifestaron que viran a Gabriel de Lamas cavando nela, quen asegurara en repetidas ocasións que atopara gran cantidade de ouro en pezas e moeda, “... *que antes de que se dijera que Gabriel de Lamas había hallado dicho tesoro, era pobre y ahora vino a enriquecerse y comprar muchas cosas*”. Outras testemuñas declararon que a mámoa dos Castelos aparecera aberta o día de San Miguel do ano 1608. Conta Andrés Martínez Salazar, nun seu artigo publicado no Boletín da Real Academia Galega (1909) que “*sospechábase que otro hidalgo vecino, D. Fernando Ares de Prado, señor de Friol, de quien, según él, era vasallo Gabriel de Lamas, pretendió adquirir el tesoro, pero habiendo sabido que Gabriel se lo había entregado a D. Alonso Ordóñez, tomó odio y enemistad contra él y le denunció y aún trató de convencer a algún testigo para que dijese lo que se*

*había hallado en el envoltorio*". Di o denunciante que o tesouro que Gabriel de Lamas deixara a D. Alonso eran moitas bolas e anacos de ouro macizo cun valor de máis de 50.000 ducados.

#### **Mámoa de Lamas ou Medorna da Reigosa (GA-28)**

De grandes dimensións, cun túmulo de 60 metros de diámetro e cinco de altura. Sobre a mámoa plantaron piñeiros, cando os talaron utilizando maquinaria pesada afectaron ao enterramento; cortada parcialmente por unha pista. Só se conserva esta, as outras tres que había desapareceron. A medorra figura no expediente da Real Audiencia de Galicia de principios do século XVII, aberto polo espolio causado a raíz da cédula outorgada a Vázquez de Orxas, asegurándose que foi a primeira que se abriu na comarca, *"... los que la abrieron trajeron un adivinador que les indicase por donde habian de entrar en la mámoa, por lo que, siguiendo sus indicaciones, la abrieron de lado a lado, con una zanja y no por arriba como era habitual... Que era dun tal Arnao (Juan Rodríguez) que sabía adivinar; que estaba metido en la iglesia de Santa María de Ramelle a donde le llevaban de comer, y que se decía que no salía de la iglesia por temor a Fernán Gómez das Seixas, Abad de Ramelle"*.



Medorna da Reigosa

#### **Mámoa do Pinar de Quiroga ou da Zarra**

Situaríase na estrada que vai de Friol a As Pedreiras, no conxunto de mámoas da Reigosa. Juan Núñez Jato, no seu inventario, dá conta dunha información acerca da existencia desta medorra, aínda que non puido atopala. Parece ser que servía de marco do límite que divide a parte do monte que pertence a Friol coa veciña parroquia de Ramelle. Cremos que se trata da que localizamos na mesma finca, a carón do valado que a separa do prado veciño, unha vez que os pinos que lle daban nome foron talados. Aínda conserva dous chantos dentro do cráter de violación.

#### **Mámoa do Monte Silverte ou Medorra de Teixilao (GA-303)**

Nas Casas da Noite. De mediano tamaño, ten unhas medidas de 19 metros de diámetro e 1,70 de altura.

No catastro de Ensenada de mediados do século XVIII cítanse os marcos de *"mamoá Reygosa"* e da *"Mamoá"*.





Mámoa da Zarra



Mámoa de Teixilao

## Folclore

Na mámoa de Casas do Noite había un corno de boi con ouro dentro. Nunha das medorras do monte das Tenzas está enterrado un mouro que posuía un gran saber.

## Petróglifos

### Petróglifos do paseo fluvial de Friol

Nunha pena lisa de 5 x 5 metros, case rente ao chan, na beira do río Narla, existe un conxunto formado por unhas gravuras, moi erosionadas, de 4 círculos concéntricos. Dun sae un trazo rectilíneo dende o círculo máis interior cara fóra. O círculo exterior mide 32 cm de diámetro e consérvase en bo estado. Un segundo conxunto está formado por unha combinación de tres círculos concéntricos con coviña central. O círculo exterior ten 30 cm de diámetro. Un terceiro conxunto fórmano unha combinación de 2 círculos concéntricos con coviña central. O círculo máis exterior mide 22 cm de diámetro. O xacemento foi descuberto no ano 2013 polo veciño de Friol Diego Viñas Santos.



Círculos concéntricos no Paseo Fluvial de Friol



Coviñas nunha pena do Paseo Fluvial de Friol



A poucos metros metros atópase unha segunda pena de 3 x 1,7 metros. Nela atópase un terceiro conxunto de oito cazoletas cuxo diámetro oscila entre 7 e 26 cm. Algunhas poderían ser pías de orixe natural.

Os autores dirixímonos a Patrimonio da Xunta de Galicia para que procederan á súa catalogación. Os técnicos que se achegaron non puideron ver as combinacións circulares debido a que o fixeron cando as condicións de luminosidade non eran as idóneas. Para velas hai que facelo á caída do sol, con luz artificial indirecta ou coa técnica da fotogrametría.

## ➔ Parroquia de Guimarei (Santa María)

Parroquia cunha superficie de 8,9 km<sup>2</sup>, situada ao sur do municipio.

### Medorras

#### **Necrópole do Monte das Lamas**

No Campo da Feira. Estaba composta por nove enterramentos, na actualidade consérvanse, en desigual estado, seis. A medorra 2 (GA-90) está moi rebaixada en altura. Cuberta por mesta vexetación. A mámoa 3 (GA-91) presenta un cono de violación moi amplo, cunha prolongación cara o S. A mámoa 6 (GA-85) ten un profundo cráter de violación. A medorra 7 (GA-112) ten un diámetro de 32 metros e unha altura de 1,80. A mámoa 8 (GA-113) é de pequenas dimensións, cunha altura de 1 metro. A Mámoa 9 (GA-114) foi practicamente destruída, só quedan restos da súa contorna marcados no terreo. As medorras 1, 4 e 5 foron arrasadas.



Mámoa 7 do Monte das Lamas

#### **Necrópole de Guimarei**

En Guimarei de Arriba, está composta por tres medorras moi alteradas. O túmulo 1 (GA-287) é coñecido como A Medorna. Mide 34 x 23 metros, e 2 de altura. Presenta un cono de violación impor-

tante. O túmulo 2 (GA-288) ten un diámetro duns 22 metros e 1 de altura. O túmulo 3 (GA-289) ten un diámetro de 20 metros e unha altura que non chega ao metro.



Mámoa 7 do Monte das Lamas

No Catastro de Ensenada cítase *“una medorra chamada de Fontes... y de allí va a Pena de Pizarra, de allí a una medorra nombrada Gándara da Avella...”*.

### Folclore

Un dos túmulos do monte das Lamas agocha un año de ouro. Noutro hai un tesouro custodiado polos mouros.

### Petróglifos

#### **Petróglifo 1 do Monte das Lamas (GA-86)**


No Campo da Feira. Afloramento rochoso situado nunha zona de monte inculto, nas terras altas de Friol. Conxunto de máis de 20 cazoletas, de entre 6 e 11 cm de diámetro unidas por trazos lineais, curvos ou rectos, duns 3 cm de grosor. Algunhas coviñas aparecen rodeadas por un círculo. Obsérvanse tamén dúas cruces, unha sinxela e outra cos brazos rematados en lóbulos. A rocha mide 5,75 x 5 metros, cunha altura máxima de 1,10 metros que semella cortada lonxitudinalmente.

#### **Petróglifo 2 do Monte das Lamas (GA-87)**

O mesmo emprazamento que no caso do petróglifo 1. Aprécianse, ao menos, seis cazoletas duns 10 cm de diámetro, aliñadas sobre a rocha. Dunha coviña parte un suco rectilíneo.

#### **Petróglifo 3 do Monte das Lamas (GA-88)**

O mesmo tipo de emprazamento que nos dous casos anteriores. Sobre unha rocha de 3,2 x 2,14 metros aprécianse tres cazoletas duns oito cm de diámetro.



Debuxo do petróglifo 1 do Monte das Lamas (Guimarei)  
(Fonte: César Parcero e Carlos Otero)



Petróglifo 3 do Monte das Lamas



### **Petróglifo 4 do Monte das Lamas**

O mesmo tipo de emprazamento que nos casos anteriores. A rocha semella ter sido movida polos labores agrícolas e aparece medio soterrada. Obsérvanse dúas coviñas de 5 cm de diámetro, unidas por un trazo recto duns 20 cm. Vense outros trazos illados, quizais pertencentes a motivos desaparecidos pola erosión. A rocha mide 1,22 x 0,7 metros.

Nos interrogatorios do catastro de Ensenada, de mediados do século XVIII, faise mención na parroquia de Guimarei á *"Pena da Formiga"* e á *"Pena Pizarra"*, ambas as dúas gravadas cunha cruz.

## ➔ Parroquia de Guldriz (Santiago)

Cunha superficie de 8,7 km<sup>2</sup>, a parroquia atópase no sudeste do concello.

### **Medorras**

#### **Necrópole da Costa de Mera**

Composta por tres medorras. A 1 (GA-64) é a de maiores dimensións. Ten unhas medidas de 33 x 39 metros e 2 de altura. No centro vese unha pedra da cámara e sobre o túmulo restos da coiraza; atópase moi alterada. A mámoa número 2 (GA-65) ten 34 metros de diámetro e 2 de altura. Foi descuberta por Juan Núñez Jato a finais dos anos oitenta do século pasado. Conserva sete pedras da cámara megalítica, sen tampa cobertoira, removidas da súa posición orixinal. Posteriormente foi visitada por Parcero Oubiña e Otero Vilariño que documentaron nun dos esteos uns cruciformes de factura posterior. No mes de maio de 2021, os autores localizamos na cara interna inferior dun dos esteos do dolmen un motivo inexistente na provincia de Lugo e moi escaso no megalitismo galego. Trátase dunha magnífica representación do sol formado por catorce liñas radiais que parten dun círculo. Na comunicación enviada a Patrimonio da Xunta de Galicia solicitamos que por posuír este excepcional gravado, o enterramento sexa declarado Ben de Interese Cultural. A última do conxunto, a número 3 (GA-66), mide 28 x 30 metros e 1,5 de altura; no centro vese unha lousa da cámara e restos de coiraza sobre o túmulo.

#### **Mámoas da Boleta (GA-62)**

Arrasada, só se adiviña unha pequena elevación no terreo. A 270 metros, pola pista que leva á Pena do Gas, hai un prado nun de cuxos laterais se ve unha medorra, inédita, de boas dimensións aínda que bastante rebaixada en altura.

#### **Mámoa de Penelas (GA-58)**

Duns 38 metros de diámetro e unha altura aproximada de 2 metros. Ten cráter de violación. Está cortada por un valado. Nas inmediacións, no Monte dos Pedrouzos, hai varias penas con petróglifos.

#### **Mámoa do Robellón (GA-58)**

A simple vista semella pouco alterada polo que aínda conserva certa monumentalidade, perceptible nos seus dous metros de altura. No resulta doado precisar as dimensións pola mesta vexetación que a cubre.

#### **Mámoa de Rolfe (GA-68)**

En Cardide. Ten 23 metros de diámetro e 1,5 de altura. Aprécianse dous esteos da cámara funeraria

#### **Mámoa de Seixalbo**

Segundo Juan Núñez Jato, foi destruída pero cando a viu conservaba varios chantos no medio do túmulo.

En Seixalbo existe unha capela adicada ao San Antón. Mencionada por Fontán, ten uns 300 anos de antigüidade. Nunha foto de Núñez Jato aparece co seu antigo aspecto, con teito de lousa. Quizais se edificou para cristianizar un lugar considerado como pagano.

Os interrogatorios do catastro de Ensenada, celebrados na freguesía o vinte de setembro de 1752, di: *"Principia su demarcación en el foxo do Cabrito, seguindo a la fuente dos Moimentos... y de allí al Pico*



Soliforme na mámoa 2 da Costa de Mera



Medorras 1 e 2 da Costa de Mera





Mámoa da Boleta



Medorra das Penelas

*de Pías... y al marco de Mámoas*". O *Pico de Pías* refírese ao lugar onde se atopa a medorra do Pico das Pías. Chama a atención o microtopónimo *Fuente dos Moimentos* que ben podería facer alusión a un monumento megalítico.

### Machado

No ano 1963 despositouse no Museo Provincial de Lugo un machado de pedra puída procedente duns terreos de labradío situados xunto o castro de Guldriz. Presenta unha forma trapezoidal de sección oval, cunhas dimensións de 6,9 cm de longo, 2,6 de ancho e 1,8 de espesor na parte máis grosa. Ramón



Machado puído depositado no Museo de Lugo

Fábregas Valcarce, en *Para una tipología de los útiles de piedra pulimentada de la cultura megalítica de Galicia*, publicado no Boletín do Museo Provincial de Lugo no ano 1984, di que podería incluírse na categoría de Machados de tipo II. A peza ingresou no Museo Provincial o 4 de abril de 1963 e foi adquirido por 24 pesetas.

## Petróglifos

### **Petróglifo 5 de Campo da Feira (GA-105)**

Monte baixo de toxos e rochas cubertas de abundante lique. No afloramento de xisto, dividido en dúas rochas, sitúanse unha gran cantidade de cazoletas, de entre 3 e 10 cm de diámetro, unidas por trazos rectilíneos e curvos. Existe algunha cazoleta oval duns 20 cm de diámetro. A rocha está moi desgastada nalgúns zonas e noutras, non ocupadas por cazoletas, existen motivos cuadrangulares, presumiblemente modernos.

### **Petróglifo 6 do Campo da Feira (GA-106)**

Monte baixo de toxos e herbáceas. A rocha aparece recuberta de liques. Existen máis de 20 coviñas de diferentes tamaños, algunhas unidas entre si por trazos lineais. O seu tamaño oscila entre 4 e 10 cm de diámetro e sitúanse no punto máis alto do afloramento.

### **Petróglifo 2 de As Penelas (GA-60)**


Nos Pedrouzos. Sitúase no punto máis alto da pendente do val do río Lodoso, sobre un esporón que domina dito val e a ladeira leste do monte Cotón. Trátase dunha área de repoboacións de piñeiros. Está formado por un conxunto de dúas rochas de granito de pequeno tamaño, con cazoletas gravadas de entre 3 e 11 cm de diámetro e 2 ou 3 de profundidade.

### **Petróglifo 3 de As Penelas (GA-63)**

O mesmo entorno que para o petróglifo 2. Aprécianse, ao menos, catro cazoletas de diferentes tamaños, dúas sensiblemente máis grandes, de 10 cm de diámetro e 4 de profundidade, e dúas máis pequenas de 5 cm de diámetro e 2 de profundidade que se sitúan na parte máis elevada do afloramento granítico.

### **Petróglifo da Costa de Mera (GA-67)**

Lugar Castro de Mera-Cardide. Sitúase nun outeiro a media altura sobre o val do Narla, nunha rocha cuberta de musgo. Sobre un afloramento granítico, na súa parte máis elevada apréciase claramente unha cazoleta. A intensa erosión non permite apreciar se existen máis. A cazoleta ten 7 cm de diámetro e 3 de profundidade.



Debuxo das gravuras do Campo da Feira  
(Fonte: César Parceros e Carlos Otero)

## ➔ Parroquia de Lamas (Santa María)

Parroquia cunha superficie de 5,95 km<sup>2</sup>, situada no centro do municipio.

### Medorras

#### **Mámoa do Monte de Fofe (GA-209)**

A 300 metros da medorra do Sucasro de Sabino. Trátase dun túmulo duns 40 metros de diámetro e 2,5 de altura. Destaca na contorna. Segundo os veciños, nas inmediacións había outras mámoas que foron destruídas.

#### **Mámoa de Reigosa (GA-28)**

Situada no límite coa parroquia de Friol, descríbese nesta última.

#### **Mámoa do Sucasro de Sabino (GA-325)**

De boas dimensións, ten un diámetro de 45 metros, e unha altura de 3 metros. Presenta cráter de violación no sector oriental.





Medorra do Monte Fofe



Fonte de Xonza

No Catastro de Ensenada menciónase como marcos de límites parroquiais, entre outros, a “*mámoa da Reigosa*”, o “*marco de Fofe*” e a “*Mámoa de Fem... (?)*”.

## Folclore

Non moi lonxe da mámoa do monte de Fofe está a Fonte de Xonza ou Fonte da Fame. Din que as súas augas abren o apetito. Un veciño consultou a varios médicos en Lugo sen que atinaran a curarlle a súa enfermidade. O home comezou a beber da fonte e sandou. Dise que a auga mana quente en inverno e fría no verán. Malia as súas supostas propiedades curativas, afírmase que a auga é moi mala para os que padecen algunha enfermidade do fígado.

## ➔ Parroquia de Lea (San Xurxo)

Situada no centro do concello, a parroquia conta cunha superficie de 6,8 km<sup>2</sup>.

## Medorras

### Necrópole do Corral de Abaixo

Con dous enterramentos. A Medorra 1 (GA-223) atópase cuberta pola vexetación polo que non é posible establecer as súas dimensións. A mámoa 2 (GA-224) coñécese co nome do Forno da Moura. Segundo informan Juan Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela, foi destruída a finais dos anos oitenta do pasado século XX. Algunhas das pedras que formaban o dolmen aínda permanecían, partidas, a carón do valado da finca no ano 1992.



Mámoa 2 do Forno da Moura

### Necrópole de Porta Carballeira

Formada por dous túmulos. A mámoa 1 (GA-309) atópase moi rebaixada debido aos labores agrícolas. Ten un diámetro de 16 metros e unha altura de 0,50 metros. A mámoa 2 (GA-310) atópase en si-



tuación semellante á anterior no que respecta ao estado de conservación. Ten un diámetro de 18 metros e unha altura de 0,50 metros.

#### **Mámoa da Zarra do Catuxo (GA-218)**

Destruída. Na actualidade só se conservan dous chantos pertencentes á cámara.

Na parroquia documentábanse dúas medorras, a do Corral de Abaixo ou Forno da Moura, destruída polos labores agrícolas, e a da Zarra do Catuxo, que conservaba o dolmen, que tamén foi destruído.

Nos interrogatorios do catastro de Ensenada cítanse dous marcos de nome suxestivo: a “*Pena Moura*” e a “*Pena encavalgada*”.

### ➔ Parroquia de Madelos (Santalla)

Situada no noroeste, a parroquia conta cunha superficie de 1,45 km<sup>2</sup>, a de menos extensión do concello de Friol.

#### **Medorras**

##### **Mámoa de Córneas**

A finais do ano 2020 puidemos documentar a primeira medorra da parroquia, a coñecida, segundo nos contou un informante do Cotón, como Medorna de Córneas. Bastante deteriorada, presenta un cono de violación e unhas gabias que a cortan feitas, probablemente, para a extracción dos chantos da cámara. De reducido tamaño, ten unhas medidas de 7 metros e 1 de altura.

Segundo Juan Núñez e Laura Rodríguez, baseándose na información recollida dos veciños, na parroquia de Madelos houbo restos de interese arqueolóxico, entre outros varias mámoas que sufriron importantes agresións.



Mámoa de Córneas

Na parroquia consérvase o topónimo de A Casiña dos Mouros.

Nos interrogatorios do Catastro de Ensenada do ano 1752 sinálase como límite da freguesía de Madelos a “*mamo a o modorra Prazadoyro Pequeño*” que sitúa no monte do mesmo nome, e que dende alí ía a unha pena nomeada “*Moura*”.

### Petróglifos

Nos citados interrogatorios faise mención na parroquia ao marco da “*Pena Escrita*”, quizais porque tiña gravado algún símbolo. Dnde esta ía ao marco da “*Boca do Castro*”, e deste a outro que chamaban do “*Pucheiro*”.

## ➔ Parroquia de Miraz (Santiago)

Parroquia cunha superficie de 11,45 km<sup>2</sup>, situada no noroeste do municipio.

### Medorras

As actuacións antrópicas, principalmente as repoboacións forestais, danaron gravemente a maioría das medorras da parroquia de Miraz.

#### **Necrópole do Monte Vilaldar**

Formada por seis túmulos, todos situados á carón do Camiño do Norte a Santiago de Compostela. A mámoa 1 (GA-228) mide 23 x 27,5 metros, e 1,2 de altura. Na superficie asoma unha das pedras da cámara. A mámoa 2 (GA-229) ten unhas medidas de 28 x 18 metros e 1,4 de altura. Na parte superior asoman dúas pedras da cámara, véndose tamén cantidade de pedras graníticas que formaban a coiraza. A medorra 3 (GA-230) ten unhas dimensións de 28 x 18 metros e 1 de altura. Presenta cráter de violación. Restos de coiraza. Moi arrasada, está atravesada por un valado. A mámoa 4 (GA-231) é a de maiores dimensións da necrópole, cunhas medidas de 29 x 30 metros e unha altura de 2 metros. Ten un gran cráter de violación onde se poden ver varios esteos, dous na posición orixinal, e outro que pechaba un corredor bastante desenvolviddo. Restos de coiraza. Tiñamos referencia de que nun dos chantos contaba con gravados, pero descoñeciamos de que tipo. Grazas á coidadosa limpeza realizada polo veciño de Miraz, Carlos Pena, puidemos comprobar que, en efecto, hai unha pedra da cámara con gravados ondulados e outros de difícil interpretación, nova que comunicamos a Patrimonio que xa os incluíu no seu inventario, ademais de comunicarllo á Subdirección Xeral en Santiago para ver a posibilidade dunha intervención arqueolóxica para determinar se posúe máis gravuras. A medorra 5 (GA-232) ten unhas medidas de 27 x 26 metros e 1,8 de altura. Presenta cono de violación. A mámoa 6 (GA-233) ten uns 18 metros de diámetro e 0,70 de altura. No centro vense dúas pedras de 48 x 12 cm e de 53 x 26 cm.

#### **Necrópole da Pontella**

Cemiterio formado por cinco enterramentos. A mámoa 1 (GA-186) ten unhas medidas de 18 x 19 metros e 1,70 de altura. A mámoa 2, segundo Núñez Jato, atópase no Monte Curveiro, nas proximidades da Pena Fugal. De boas dimensións, está sen catalogar. A medorra 3 (GA-187) ten unhas medidas de 30 x 19 metros e 1,70 de altura. Foi moi rebaixada e está afectada por dous camiños. Presenta un cono de violación non moi profundo. A mámoa 4 (GA-191) está situada a 50 metros da pista que vai dende Casa Cavadas á Pontella, nada máis pasar o regato de Ponte Saltillo, segundo referencia de Núñez Jato e Rodríguez Varela, confirmada pola inspección ocular do xacemento levada a cabo por Rodríguez Cao. O túmulo 5 (GA-190) ten uns 20 metros de diámetro e 1,60 de altura. Había outra mámoa que foi destruída polos labores forestais.

#### **Necrópole da Rocha**

Formada por tres enterramentos. A medorra 1 (GA-192) ten unhas medidas de 30 x 25,5 metros e unha altura de 1,80. Na parte superior asoman as arestas do que semellan ser dúas pedras pertencentes

á cámara. Na parte superior presenta unha fosa rectangular que segundo Parcero Oubiña e Otero Vila-riño non é un cráter de violación, senón que foi feita con outros propósitos. A mámoa 2 (GA-193) mide 24,5 x 23 metros e unha altura de 1,60 metros. Presenta restos de coiraza pétreo e cráter de violación. A mámoa 3 (GA-194) está moi alterada pola presenza dun foxo de 2,10 metros de ancho. Un camiño atrávesaa polo medio. A altura está moi rebaixada e as súas medidas son difíciles de precisar.



Mámoa 4 do Monte Vilaldar



Mámoa 1 da Pontella  
(Fonte: Celso Rodríguez Cao)





Mámoa 1 da Rocha

## Folclore

Cóntase que en tempos remotos unha enorme serpe baixaba da serra da Cova da Serpe a beber nunha fonte próxima a Miraz, coñecida como o Pozo da Serpe, que foi morta polos veciños dándolle de comer un burro cuberto de alcatrán.

## Petróglifos

### **Petróglifos no túmulo 4 do Monte Vilaldar (GA-231)**

Nun dos esteos da cámara megalítica da mámoa número 4. Documentado polos autores no mes de xullo de 2018. Descritos máis arriba.

### **Petróglifos de Pedrouzos-Ribón**

Nos montes de Miraz. Documentados polos autores grazas á información facilitada polo veciño de Miraz Carlos Pena. Trátase dunhas penas situadas nun sitio que na actualidade non é de fácil acceso debido á mesta maleza que o cubre. Na parte superior da pena, sobre a superficie horizontal, localizamos varias coviñas artificiais insculpidas xunto varias pías naturais. Pero a descuberta máis chamativa foi a dunha gran cabeza humana orientada cara o leste, perfectamente definida, gravada na cara vertical dunha das rochas. De perfil, aprécianse claramente o nariz, a boca, un ollo, unha orella, o queixo e os ombros. Ten unhas medidas aproximadas de 1 por 0,50 metros. Cremos que se trata dunha representación moderna. Segundo nos contou o noso informante, os seus antepasados xa a coñecían se ben ninguén sabe porque foi gravada, non conservándose folclore ao seu redor. Non nos atrevemos a facer conxecturas, pero teña a antigüidade que teña, non podemos deixar de preguntarnos porque a figura desta cabeza, de boa feitura, se atopa, precisamente, nun lugar elixido polos prehistóricos moradores para enterrar aos seus mortos (non moi lonxe está a necrópole do monte Vilaldar) e gravar os enigmáticos petróglifos. Neste mesmo monte de Miraz apareceron hai anos tres morteiros de pedra coma os atopados en varios castros galegos (un foi colocado na área recreativa), e unha ara romana depositada no Museo Provincial de Lugo.



Gravuras no dolmen número 4 do Monte Vilaldar



Cabeza de Pedrouzos-Ribón

#### **Petróglifo da Pena de Mira ou Ventureira (GA-317)**

Nunha penichaira de monte baixo e repoboación forestal sitúase unha rocha que serve de marco divisorio de tres parroquias, que xa figura como tal no Catastro de Ensenada. Ten gravadas unha cruz inscrita nun círculo e unha ferradura.





Pena de Mira ou Ventureira

### **Petróglifos de Pena da Uz (GA-189)**

No lugar da Pontella. Situado no tramo medio dunha ladeira que descende cara o río Parga, rodeado de monte baixo repoboado de piñeiros e preto dunha canteira de granito. Constituído por tres cazoletas de 15, 12 e 11 cm de diámetro, localízanse no lado dun afloramento granítico algo elevado sobre o chan.

### **Petróglifo da Pontella**

Atópase nas proximidades da mámoa 3 da necrópole da Pontella. Segundo Parcero Oubiña trátase dun afloramento no que aparece gravada unha coviña.

## ➔ Parroquia de Narla (San Pedro)

Parroquia con 17,05 km<sup>2</sup>, localizada ao nordeste do concello.

### **Medorras**

#### **Necrópole da Eirexe**

Formada por dúas mámoas. A 1 (GA-212) ten unhas medidas de 34 metros de diámetro. A 2 (GA-213) mide 21 metros de diámetro. Ambas as dúas presentan cono de violación.

#### **Necrópole da Gándara da Espiñeira**

Cemiterio con dous túmulos. A medorra 1 (GA-157), coñecida como Mámoa do Francés, está moi alterada, cun profundo cráter de violación que afectou tanto á cámara como ao probable corredor. Aparece cortada en máis dun tercio por un valado. Ten unhas medidas de 30 x 26 metros e 1,60 metros de altura. A mámoa (GA158), mide 30 x 24 metros e 1,70 de altura. Afectada por unha pista.

#### **Necrópole do Monteirón**

Na Gándara de Narla. A necrópole do Monteirón, con vinte enterramentos, está compartida coas parroquias de Cotá e Santalla de Devesa. A Narla pertencen oito medorras. O túmulo 3 (GA-313), descuberto por Núñez Jato e Rodríguez Varela, tiña unhas medidas de 29 x 31 metros e 2,10 de altura. Na actualidade está parcialmente destruído e cuberto de maleza. A mámoa 6 (GA-136) ten uns 20 metros de diámetro e 1,10 de altura. Mal estado de conservación. A medorra 13 (GA-134) ten 20 metros de diámetro e 1 de altura. Mal estado de conservación e cuberta pola maleza. A mámoa 15 (GA-135) atópase moi rebaixada e cortada por un camiño. Ten 20 metros de diámetro e 1 de altura. A mámoa 17 (GA-132) ten unhas medidas de 40 x 34 metros e 1,70 de altura. Presenta restos de coiraza pétreo. Unha pedra de



Mámoa na necrópole do Monteirón

granito que aparece desprazada no medio dun cortalumes pode que pertencera á cámara. O túmulo 18 (GA-126) atópase moi afectado por un cortalumes que o atravesa, arrasándoo case nun tercio e cubrindo a metade con cascallos. Mide 23 x 18 metros e unha altura de 1,20. A mámoa 19 (GA-125) ten unhas medidas de 24 x 20 metros e unha altura de 1,20. A medorra 20 (GA-127) é de medianas dimensións que non se poden precisar debido á mesta vexetación que a cubre na súa totalidade.

#### **Necrópole do Monte Ameneiros**

Ao parecer está formada por tres mámoas, pero non atopamos a número 3 polo que pode que desaparecera. A mámoa 1 (GA-210) ten unhas medidas de 24 metros de diámetro e 2 de altura. Presenta un amplo e profundo cono de violación, alongado cara o S-E o que fai pensar que contou con cámara megalítica. De feito, Núñez Jato, despois de inspeccionala, afirma que un veciño lle dixo que as pedras do dolmen foran extraídas facía anos. Restos de coiraza. A medorra 2 (GA-211) atópase moi alterada, cunhas dimensións de 24 metros no eixo-N-S e 12 metros no E-O, cunha altura aproximada de 0,90 metros. Aparece cortada por un valado e foxo. O túmulo 3 está situado, ao parecer, a uns 360 metros do número 2. Segundo a ficha da Xunta de Galicia, tería unhas dimensións de 16 x 15 metros, e unha altura de 0,50. Como sinalamos ao principio, non fomos quen de atopalo.

#### **Necrópole do Pedrido**

Composta por seis túmulos, dos que a metade pertencen a Narla. A mámoa 1 (GA-214) mide 25 x 22 metros e 1,10 de altura. O túmulo 2 (GA-215) mide 15 metros de diámetro e 0,80 de altura. A medorra 3 (GA-216) ten 18,5 metros de diámetro e 1,2 de altura. Totalmente cuberta pola vexetación.

#### **Necrópole da Porreira**

Formada por dous túmulos. A mámoa 1, coñecida como Medorra dos Crollos Brancos, ten unhas medidas de 37 x 27 metros e 1,80 de altura. Rebaixada por un camiño que discorre ao seu carón. Debeu ser de grandes dimensións, cunha estrutura constituída por bloques de cuarzo branco (que lle deu o nome), cinco dos cales permanecen nos arredores. Mámoa 2 (GA-159), coñecida como Medorra das Pallotas, conserva gran parte do dolmen, formado por unha cámara poligonal con sete esteos e un corredor con dúas pedras. Carece de tampa cobertoira. O túmulo ten unhas medidas de 24 metros de diámetro e 2 de altura.



Medorra das Pallotas

#### **Mámoa da Chousa do Muíño (GA-177)**

Afectada por un valado na cara sur. Foi desmontada en parte por unha pa mecánica. En superficie vense cinco grandes lousas que pertencían á cámara. Ten unhas medidas de 22 metros de diámetro e 1,20 de altura.

#### **Mámoa de Lente (GA-221)**

De 32 metros de diámetro e 1,70 de altura. Núñez Jato e Rodríguez Varela achegan unha fotografía de dúas grandes pedras que apareceron despositadas en superficie, posiblemente pertencentes á cámara.

#### **Mámoa da Pedra do Couto (GA-175)**

No lugar había tres medorras, pero na actualidade só se conserva unha cunhas medidas de 30 metros de diámetro e 1,95 de altura. No centro asoman dúas pedras pertencentes á cámara.

En Montecelos, preto da lendaria Pena Castrela da que falamos no apartado adicado aos petróglifos, estaba a desaparecida mámoa do Petón da Picheta cuxos esteos foron reaproveitados para facer unha pista.

Nos interrogatorios do catastro de Ensenada, celebrados na parroquia de Narla no mes de decembro de 1752, entre os microtopónimos que se citan como marcos da freguesía, noméanse, ademais da “Pena Castrela” (a marca de ferradura que presenta pode ser indicador do seu carácter de marco), a “Cova dos Encusados”, o “Marco dos Cousiños” (posible petróglifo), as “Mámoas de Carreira e do Corno” e o “Marco de Ferro Blanco”, que poden indicar posibles lugares de interese arqueolóxico.

### **Folclore**

Nunha das desaparecidas mámoas da Pedra do Couto, que tiña cámara megalítica, un criado atopou un tesouro o que o converteu no amo da casa á que servía. Non moi lonxe da anterior están as As Penas Botureiras onde hai unha gran cavidade que pode acoller a varias persoas. Un home, que se resgardara alí da choiva, comezou a fedellar no chan, atopando varias moedas de ouro. Outra versión di que atopou unha ola de barro, tapada cun prato, onde había moedas antigas; as moedas eran dun material branco, non se sabe cal.

Na mámoa das Pallotas contan que apareceron pucheiros e carbóns.





Esteo na mámoa da Pedra do Couto

## Petróglifos

### **Petróglifos da Pena Castrela ou Pena da Bruxa**

Atópase no monte do Pedrido, en Montecelos, sobre unha pena duns 12 metros de altura de onde se divisa toda a contorna. Baixo ela existe un acubillo de 1,60 metros, formado por unha profunda fenda inclinada, e na pena que o pecha pola dereita aprécianse, baixo o abrigo da rocha, dúas profundas coviñas das que parten dúas acanaladuras paralelas que van cara o chan. Ademais, por riba delas, aparecen outras cinco coviñas máis pequenas, coma se foran as marcas dos dedos dunha man. A lenda di que son a pegada da man dunha bruxa que deixou marcados na rocha os profundos rabuños dos seus dedos.

Á esquerda da pena Castrela existe outra rocha, separada da principal por unha profunda fenda vertical, no interior da cal atópase encaixada unha pedra que, dise, foi tirada pola bruxa.

Na cara oeste da pena hai unha rocha con 5 entalladuras de forma oval, catro aliñadas e a quinta situada por baixo das anteriores, cunhas medidas cada unha de 30 x 20 cm. Debaixo da última, case a ras do chan, vese unha cazoleta de sete centímetros de diámetro. Na parte superior hai unhas grandes pías, produto da erosión, e unha marca en forma de ferradura a carón delas. A quinta entalladura (as outras catro foron descubertas por Núñez Jato e Rodríguez Varela), a coviña e a ferradura foron documentadas polos autores. A ferradura aparece citada como marco de límites parroquiais no Castastro de Ensenada. A carón da Pena Castrela, espaxados polo chan xunto unha pia de forma cadrada, vense restos de tellas e ladrillos

Preto da Pena Castrela sitúase a A Pena Moura e un campo de mámoas.



Pias naviculares artificiais na Pena Castrela

## Folclore

Hai non se lembra canto tempo, unha moura ía camiñando coa súa filla polo monte do Pedrido. A filla levaba unha ola de mazar o leite (tamén se fala de que a ola ía con auga), e a nai, ao tempo que fiaba, transportaba unha enorme pedra sobre a cabeza. Cando chegaron ao sitio onde hoxe en día se atopa a Pena Castrela, a moura esvarou e, ao caerlle a pedra da cabeza, matou á filla e rompeu a ola.

A moura, encabuxada, colleu unha gran pedra e lanzouna contra a pena ao tempo que exclamaba: “Pena Castrela,/rompíchesme a ola/matáchesme a nena/heiche fender dende o rabo á orella” (outras versións rematan: “o demo te fenda/dende o rabo á orella”, ou “malo raio te fenda/do rabo á orella”). A pena quedou partida tal como a podemos ver na actualidade. As entalladuras das que falamos máis arriba dise que son as pegadas dos pés que deixou a moura cando rachou a pedra, as coviñas das que parten os sucos que son as unllas cando, rabiosa, arrabuñou a pedra, e as pequenas cazoletas que hai ao seu carón as marcas dos dedos.

Unha segunda versión da lenda, recollida do blogue “*Friol: Algo máis que pan e queixo*”, é a seguinte: Hai moitos anos unha meiga e a súa filla vivían na Pena Castrela. Un día, sen que se saiba o motivo, a filla cortoulle a cabeza á nai. Pero antes de morrer, a meiga conseguiu atravesarlle o corazón cunha unlla. Morreron as dúas. Entón, a pena abriu polo medio, quedando a filla entalada entre as dúas metades da rocha, e a meiga desapareceu debaixo da pena.

Alba Lamas achega a seguinte versión, recollida dun seu avó: Contan que hai moitos anos vivía unha bruxa coa súa filla nunha pena. Un día, a filla cortoulle a cabeza á nai. Entón esta, cunha unlla, atravesoulle o corazón á filla. Morreron as dúas. Nese momento, abriuse a pena á metade. A filla quedou entalada entre as dúas metades da rocha. A nai desapareceu, quedando soterrada debaixo da pena. Ao morreren nai e filla, toda a súa casa se volveu de pedra. Debaxo da casa, que está sen tellado, hai unha cova na que se ven cinco marcas de dedos e rabuñaduras. Nesa cova hai un túnel soterrado. Antes de subir á casa, nunha pena, están as pegadas da bruxa.





A Pena Castrela



As marcas das “unllas” e os “dedos” da bruxa na Pena Castrela

## ➤➤ Parroquia de Nodar (San Mamede)

Parroquia cunha superficie de 20,35 km<sup>2</sup>, situada no oeste do concello.

### Medorras

#### Necrópole do Alto da Mámoa


Do conxunto de tres túmulos que a compoñen, dous están en Nodar e outro en Anafreira. A mámoa 1 (GA-237) foi destruída en parte pola construción dunha estrada e pola extracción de terra que a eliminou nun tercio da súa masa. En superficie vense restos da coiraza. Mide 41,5 metros no eixo N-S e 24,5 no E-O, cunha altura aproximada de 2 metros. O túmulo 3 (GA-241) está cuberto por unha mesta vexetación o que fai imposible a súa inspección, mais aparenta posuír grandes dimensións.

#### Necrópole de San Mamede

Con dous enterramentos. A mámoa 1 (GA-243) mide 30 x 32 metros e 1,70 de altura. Conserva numerosas pedras de granito que formaban parte da coiraza. O túmulo 2 (GA-244) foi destruído.

#### Necrópole de Vilariño

Composta cinco enterramentos. A mámoa 1 (GA-197) mide 20 metros de diámetro e 1,60 de altura. En superficie quedan restos da coiraza pétreo. A mámoa 2 (GA-198) presenta unhas dimensións de 30 metros no seu eixo N-S e 28,5 metros no eixo E-O, cunha altura de 1,8 metros. Segundo a ficha de catalogación da Xunta de Galicia, confeccionada por Parcero Oubiña, trátase dun "Túmulo de buenas dimensiones en cuyo centro se conserva una cámara casi completa". A mámoa 3 (GA-199), destruída, pertencía á parroquia de Carlín. O túmulo 4 (GA-200) e 5 (GA-201) foron destruídos ao acondicionar o terreo para prado.



Planta da mámoa 2 do Monte Vilariño  
(Fonte: Núñez Jato e Rodríguez Varela)

**Mámoa de Cabana (GA-250)**

Destruída, unha vivenda foi construída por riba. Pode dicirse que os vivos cohabitan cos mortos.

**Mámoa de Cerdeira (GA-248)**

De 26 x 29 metros e pouco máis de 1 metro de altura. Perdeu parte da masa tumular e non se observan restos de estruturas pétreas.

No Catastro de Ensenada cítase como límite da freguesía a “Mámoa de Anafreita” o “Pozo do Mouro” e a “Fuente encayada”.



Mámoa de Cerdeira

**Folclore**

Na mámoa 2 de Vilariño vivía un mouro. Para que deixara en paz aos veciños levábanlle alimentos.

**➔ Parroquia de Ousá (San Xiao)**

A parroquia, cunha superficie de 13,1 km<sup>2</sup>, localízase ao nordeste do municipio.

**Medorras****Necrópole do Castelo**

En Mazcarelle. Formada por catro túmulos A mámoa 1 (GA-174) ten unhas medidas de 19 x 20 metros e unha altura de 1,20. Profundamente alterada polos labores agrícolas. A mámoa 2 (GA-153) mide 26,5 x 19 metros e 1,40 de altura. Unha pista afectou a unha sexta parte do seu volume. A mámoa 3 (GA-154), de 37 x 27 metros e 1,70 de altura, está afectada por labores de repoboación forestal que eliminou unha quinta parte do seu volume, rebaixándoa considerablemente en altura. Núñez Jato e Rodríguez Varela documentaron varios fragmentos cerámicos. A mámoa 4 (GA-154) foi destruída. Segundo referencias orais estaba formada por grandes chantos de pedra que foron retirados nun carro e que, ao desfacela, apareceu un coitelo de cobre.



### **Necrópole do Cordal de Ousá**

Dous enterramentos. A mámoa 1 (GA-49) está situada no concello limítrofe de Begonte. Sobre ela levantouse un vértice xeodésico. A mámoa 2 (GA-323), duns 20 metros de diámetro e 1,5 de altura, atópase moi arrasada polos sucesivos traballos de repoboación.



Medorra 2 do Cordal de Ousá  
(Fonte: Carmen Álvarez e Manuel Lestón)

### **Necrópole das Lamelas**

Os catro túmulos que formaban o cemiterio foron destruídos, o último a principios dos anos oitenta pasado século XX.

### **Necrópole do Mozón**

A mámoa 1 (GA-144) foi destruída. O túmulo 2 (GA-145) tamén desapareceu. Parcero Oubiña, baseándose en referencias orais, di que puído ter cámara xa que durante a súa destrución apareceron “dous dinteis”.

### **Necrópole da Purreira**

Con catro medorras, dúas en Ousá e outras dúas en Narla. A mámoa 1 (GA-162) foi destruída. A mámoa 4 (GA-161) ten 19 metros de diámetro e unha altura de 1,40 metros. Foi rebaixada en altura debido ás repoboacións forestais.

### **Necrópole de Quintá**

Formada por dúas mámoas duns 25 metros de diámetro e 0,50 de altura. Nunha aprécianse dous esteos da cámara megalítica que foron removidos da súa posición orixinal.

### **Necrópole do Verdellón**

As medorras do Verdellón forman parte da necrópole das Barreiras, en O Vilar. Constaba de seis mámoas dispostas cunha alineación que segue a direccións E-O, rematando nunha moi visible por situarse no entorno do Monte do Pico, a 630 metros de altitude, que fai de marco divisorio entre os concellos de Friol e Outeiro de Rei. No seu entorno apareceron restos cerámicos pertencentes a dúas vasillas e unha punta de frecha lítica. A mámoa 1 (GA-166) ten unhas medidas de 24 x 23 metros e 1,70 de altura. Presenta un cráter de violación que deixou ao descuberto dúas pedras fincadas no centro. A mámoa

2 (GA-165), ou medorra de Barreiras/Verdellón, mide 41 x 37,5 metros e 1,70 de altura. Moi afectada por un prado na cara norte que rebaixou nunha sexta parte a masa tumular e polas labores de repoboación. A mámoa 3 (GA-168) ten unhas medidas de 25 x 28 metros e 1,30 de altura. Afectada por unha estrada no lado oeste que a rebaixou. Aprécianse dúas pedras que puideron pertencer á cámara. A mámoa 4 (GA-167), coñecida como Forno dos Mouros, mide 33 x 39 metros e 1,30 de altura. Na descrición de Juan Núñez e Laura Rodríguez, o túmulo tería unha cámara constituída por sete esteos de ata 1,70 metros de altura e 1,50 de ancho, e un corredor formado por catro chantos, un facendo de tampa e outro de peche. A mámoa 5 (GA-169) ten 33 metros de diámetro e 1,10 de altura. Moi rebaixada polas roturacións. A mámoa 6 (GA-170) tiña 21 metros de diámetro e 0,90 de altura, con catro pedras da cámara funeraria que foron reaproveitadas. Na actualidade xa non existe.



Dolmen do Forno dos Mouros/Verdellón


#### **Mámoa da Pena da Cabra ou Medorra do Pico (GA-172)**

Ten unhas medidas de 30 x 39 metros e 2 de altura. Do cráter de violación sobresaen cinco esteos pertencentes ao dolmen. Nunha esquina colocaron un fito que actúa como límite entre os concellos de Friol e Outeiro de Rei.

#### **Mámoa de Portonovo (GA-139)**

De 20 x 27 metros e dous de altura. Afectada por un camiño que a cortou na parte sur.

Na parroquia de Ousá consérvanse os topónimos de Mámoa de Abaixo e Mámoa de Arriba onde non se documenta ningún enterramento, probablemente porque foron destruídos ao acondicionar os terreos para pasto. Nun informe do xeógrafo José Cornide (1734-1803), *Advertencia a tener presente para la dirección del camino que va de Betanzos a Lugo*, di que dende Quintá “... al salir del lugar hay que hacer un puentecillo para el arroyo, desde él se iba a la casa de un labrador llamado Núñez a donde hay unas mámoas o modornas...”. Non moi lonxe está o lugar coñecido como A Casa da Mámoa.



Mámoa da Pena da Cabra

No Catastro de Ensenada cítanse os marcos de “*O Casal das Pallotas*” e o “*Porto de Golmar*”, en cuxas inmediacións hai unha mámoa e un conxunto tumular, respectivamente.

## Petróglifos

### **Petróglifo da Pena da Cabra (GA-172)**

A gravura dun cadrado cunha cazoleta no centro, de 8,5 cm de lado, atópase nunha das laxas superiores da Medorra do Pico, situada no lugar da Pena da Cabra e que serve de marco entra as parroquias de Friol e Outeiro de Rei. Aínda que a medorra está catalogada, o petróglifo non o está. Sen embargo, dita gravura foi descrita por Juan F. Núñez Jato e Laura Rodríguez na súa memoria de “*Prospección e inventario de túmulos megalíticos do concello de Friol, Lugo*” do mes de maio de 1992.



### **Petróglifos da Pena da Auga (GA-149)**

No Cordal de Ousá. Monte baixo composto de toxo e repoboado de piñeiros. Sobre un afloramento de xisto ben visible localízanse unha serie de cazoletas profundas e dúas pias naturais unidas por un suco ou canle, e unha terceira pía da que parte un suco curvo que a une ás outras dúas. Debaixo desta rocha, a máis alta do conxunto, confórmase un abrigo en cuxa base localízase un enorme conxunto de máis de cen pequenas cazoletas aliñadas e outras de maior tamaño nos extremos, formando algunha delas claros taboleiros de xogo ou alquerque como o “tres en raía”.


Existen outras cazoletas illadas nas rochas da contorna, así como unha moderna cruz latina de suco ancho e profundo feita por un veciño de Quintá.




Petróglifos da Pena da Auga



Petróglifos da Pena da Auga



Debuxo dos petróglifos do Cordal de Ousá  
(Fonte: Carmen Álvarez e Manuel Lestón)



Debuxo dos petróglifos de Quintá (Ousá)  
(Fonte: César Parceró e Carlos Otero)



### **Petróglifos do Cordal de Ousá**

Na Casa do Pazo. Monte baixo composto por toxo e carrasco e repoboado de piñeiros. Gravuras de cazoletas de entre 2 e 4 cm de diámetro, e entre 1 e 2 cm de profundidade. Neste mesmo afloramento obsérvanse unha serie de rebaixas de entre 3 e 6 cm de profundidade e 6 e 10 cm de longo, sen que se poida determinar se son froito da acción antrópica ou se trata de formacións naturais.

### **Petróglifo 5 de Quintá (GA-148)**

Situado nun terreo de monte baixo composto por toxo e repoboación de piñeiros. Trátase dun conxunto de afloramentos rochosos de xisto, en catro deles atópanse gravuras, especialmente cazoletas de diferentes tamaños unidas entre si por canles. Nunha das rochas apréciase un trazo oval unido por unha canle a unha das cazoletas. Os afloramentos aparecen próximos a dous túmulos que se atopan ladeira abaixo.

## **➔ Parroquia de O Pacio (Santa María)**

Parroquia cunha superficie de 8,65 km<sup>2</sup>, situada no sureste do concello.

### **Medorras**

Nas fichas de catalogación da Xunta de Galicia (Ref. 21)), tomada do *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, faise mención á existencia de “madornas” preto do lugar do Burgo. Na ficha GA-109, as mámoas 5 e 6 do Monte das Medornas sitúannas, erradamente, na parroquia de Guimarei, cando en realidade están na do Pacio. Núñez Jato di que o propio palista encargado da roturación do monte lle confesara que destruíran a número 6 “para ver o que tiña dentro”, non podendo localizar a mámoa número 5 que ao parecer tiña cámara dolménica, se ben só puído identificar unha parte lateral do túmulo.

## **Petróglifos**

### **Petróglifos da Pena Cabaleira (GA-15)**

No Burgo de Negral. Nun afloramento de xisto con vetas de seixo branco aparecen cazoletas de diversos tamaños unidas en parte por canles. Na terminal e na cima desta altichaira, que corre en dirección NO-SE, sitúanse varias mámoas.

### **Petróglifos de Pena Porreira (GA-16)**

No Burgo de Negral. Monte baixo de toxos, musgos e liques. Conxunto de cazoletas de diferentes tamaños unidas por diferentes trazos, sendo dificultoso precisar o número e tipo de todas as gravuras pola abundancia de liques. A meirande parte concéntrase na rocha central e máis alta do afloramento. De todo o conxunto destaca un motivo oval de grandes dimensións que semella ser o eixo central da composición. As cazoletas que o rodean destacan dentro dunhas superficies circulares en alto relevo, as outras disemínanse arredor. Moitas delas están unidas por canles. Outros motivos representados son cruciformes e un posible antropomorfo esquemático. Na contorna hai varias medorras.

### **Petróglifo 1 da Pena do Zapato (GA-14)**

No Burgo de Negral. Monte baixo de toxo e repoboación de piñeiros. O estado de conservación é bo, agás o desgaste natural. Trátase dun conxunto de cazoletas de diferentes tamaños, vinculadas por trazos máis ou menos rectilíneos. Divídese entre tres rochas, a central de 5,5 x 2,5 x 1 metros e as dúas restantes de 5,8 x 7,5 x 0,6, e 5,5 x 3,09 x 0,8 metros.

### **Petróglifo 2 da Pena do Zapato (GA-110)**

No Burgo de Negral. Monte baixo de toxos alternando con praderías. Agrupación de varias cazoletas de diferentes tamaños das que seis alíñanse paralelamente de tres en tres. O tamaño oscila entre 2 e 5 cm de diámetro.



Petróglifo 1 da Pena do Zapato

Nos interrogatorios do Catastro de Ensenada de 1752 cítanse, entre outros, a “*Mámoa da Pedragosa*”, “*Pena do Zapato*” e “*Un marco alto*” que actuaban como límites de parroquias.

### ➔ Parroquia de Prado (San Martiño)

Parroquia cunha superficie de 7,37 km<sup>2</sup>, ubicada no centro do concello.

#### Medorras

##### **Mámoa do Monte Vixide**

Era o único enterramento documentado na parroquia. Desapareceu, destruído polos labores agrícolas.

No Catastro de Ensenada menciónase, entre outros, o “*Marco de Reigosa*”, “*Marco de Piedra Pizarra con una cruz encima*”, o “*Boqueiro de Castro*”, “*Marco de Relucín donde se halla otra piedra con una cruz*”, “*otra piedra pizarra con una cruz y de aquí a la mamua de Esperela... la carreira dos Castelos donde se halla otra piedra pizarra con una cruz*”.

### ➔ Parroquia de Ramelle (Santa María)

Situada no centro do municipio, a parroquia ten unha superficie de 2,55 km<sup>2</sup>.

#### Medorras

##### **Necrópole do Monte Carballido**

Compartida coa parroquia de Rocha, a Ramelle pertencen catro medorras. A mámoa 2 (GA-25) ten unhas dimensións de 30 x 28 metros e 0,80 de altura. A mámoa 5 (GA-31) mide 21 metros no eixo N-S e 19 metros no eixo E-O, cunha altura de 1,80 metros. Presenta cono de violación cuxa forma fai pensar que posuía cámara e corredor, aínda que as pedras están desaparecidas. A medorra 8 (GA-38), comida

pola mesta vexetación, non resulta doado establecer as medidas pero semella ter unhas considerables dimensións. A mámoa 9 (GA-37), de pequenas dimensións, ten 15 metros de diámetro e 0,80 de altura.

#### **Necrópole da Reigosa**

Orixinalmente estaba composta por catro mámoas, situadas entre as parroquias de Ramelle e Friol. Na actualidade só quedan dúas nesta última, as de Ramelle foron destruídas.

#### **Mámoa da Poza de Cabanas (GA-27)**

En Garabolos. Tiña uns 3 metros de altura. Foi destruída polos labores agrícolas.

No catastro de Ensenada fálase dun “*marco de cantería nombrado Mamoa de Allí*” e do “*marco da Mamoa*”.

### ➔ Parroquia de Rocha (San Cosmede)

Parroquia situada ao oeste do concello, ten unha superficie de 6,2 km<sup>2</sup>.

#### **Medorras**

##### **Necrópole do Monte Carballido**

Compartida coa parroquia de Ramelle. A Rocha pertencen catro. A medorra 1 (GA-24) ten unhas dimensións de 31 x 25 metros e 2 de altura. Presenta un importante cono de violación duns 0,60 metros de profundidade. A mámoa 3 (GA-29) ten unhas medidas de 23 x 25 metros e 1,20 de altura. A mámoa 4 (GA-30) mide 23 x 25 metros e 1,20 de altura. O túmulo 7 (GA-33) non é fácil saber as súas medidas orixinais xa que as roturacións forestais téñenna afectado profundamente, ademais dun valado que a corta pola metade en dirección NO-SE.



Mámoa 7 do Monte Carballido

No Catastro de Ensenada, nos límites da parroquia de Rocha, menciónase, entre outros, o “*Seixo da Regoela*”, a “*piedra de mámoa dulce*”, “*Camino Real*”, “*Marco de Castro*”, e “*Marco do Porto do Crego*”.



## ➤➤ Parroquia de Roimil (San Xiao)

Situada no centro-oeste do concello, a parroquia ten unha superficie de 3,7 km<sup>2</sup>.

### Medorras

#### A Mámoa

Un informante da Alzada achegounos a existencia dunha mámoa situada na finca veciña á súa casa, coñecida como "A Mámoa", ao igual que as colindantes. Sobre o túmulo, de considerables dimensións, construíron un tranformador da luz. Foi cortada nun dos seus lados cando o desmonte realizado para a construción das casas. O feito de que unha finca colindante reciba o nome de Mámoa de Abaixo leva a pensar na existencia dunha Mámoa de Arriba.



Mámoa de Abaixo

No Catastro de Ensenada aparecen citados como marcos de referencia da primeira das dúas xurisdicións na que se divide a parroquia, isto é: "Castro de Agodín", "Moura de Porticelo", "Reguela", "Pena Longa", "Pena da Buyza" e "Castiñeiras"; para a segunda: "Viguía", "Pena Cova", "Puerto de Pradedá", "Fuente Cuatro Arañas", "Mámoa do Couto", "Pena do Pozo Mouro", "Marco da Escripta" e "Pena Moura".

## ➤ Parroquia de San Cibrao da Pregación (San Cibrao)

Parroquia cunha extensión de 3,07 km<sup>2</sup>, que se sitúa ao sur do concello.

### Medorras

#### **Dolmen de San Cibrao (GA-336)**

Atópase á dereita da pista que pasa preto da Pena da Ferradura. O túmulo resulta difícil de ver debido á vexetación, ten un 14 metros de diámetro e 1 de altura. Ao longo da parte N esténdese unha gabiá ou rebaixe do terreo moi marcada. Na parte superior hai un cono de espoliación duns catro metros no eixo E-O e 2,50 metros no eixo N-S, cuns 0,60 metros de profundidade. Dentro do cráter vense os restos dunha cámara megalítica poligonal de 3,90 metros onde se observan sete esteos, algúns na posición orixinal.



Dolmen de San Cibrao

#### **Mámoa da Aurela (GA-286)**

Existen referencias desta mámoa que foi destruída.

#### **Mámoa de Fontedelo**

Na actualidade está moi achandada polos labores agrícolas. Parece ser que no lugar apareceu un pucheiro moi vello durante unha das profanacións a que foi sometida.

#### **Mámoa da Zuruxana**

Na Chousa da Zuruxana, a 700 metros ao O de San Cibrao. No lugar onde as fontes orais sitúan un túmulo obsérvase unha certa elevación do terreo, aínda que moi alterada pola vexetación e as destru-



cións. O dono do terreo conta que a mámoa desfixose fai poucos anos ao preparar o terreo para cultivo. Segundo a súa descrición tiña tampa e sete ortostatos que permanecen tirados xunto a finca e cubertos pola maleza. Juan Núñez e Laura Rodríguez contan que cando a destrución do túmulo apareceron anacos cerámicos.

## Folclore

Núñez Jato e Rodríguez Varela recollen unha historia relacionada coa finca e a súa propiedade: “Cóntase que en certa ocasión, ao antigo propietario da Chousa da Zuruxana saíulle unha *nacida* (inflamación producida pola picadura dalgún becho que, se non cura en nove días, pode producir a morte) e foi ver a Matilde, unha meiga curandeira que vivía nos arredores para que lla curase. Así foi, despois do tratamento de herbas ao home desaparecéulle a inflamación antes de nove días. Cando lle preguntou a Matilde canto lle debía, esta respondeu: Pagar non tes que me pagar nada, pero hasme de firmar este papel. Pasado o tempo, e cando o señor xa falecera, estaban os fillos deste traballando na finca cando se lles presentou a Matilde e botounos dalí, asegurando que a finca era dela. O pai firmáralle á curandeira o documento de propiedade!”

## ➤ Parroquia de San Martiño de Condes (San Martiño)

Parroquia cunha superficie de 16,05 km<sup>2</sup>, localízase no sur do concello.

### Medornas

#### **Necrópole da Fonte do Can**

Composta por seis enterramentos. A mámoa 1 (GA-278) ten unhas medidas de 21 metros de diámetro e 1,40 de altura. A medorra 2 (GA-279), situada a 100 metros da anterior, perdeu gran parte da súa masa tumular a causa dos labores agrícolas. A mámoa 3 (GA-280) atópase moi alterada, conservando algunhas pedras de xisto que poderían corresponder á cámara. Mide 32 x 25 metros e 1 de altura. O túmulo 4 (GA-281) figura destruído na ficha da Xunta de Galicia, información claramente inexacta xa que puidemos comprobar que aínda conserva parte da masa tumular. A mámoa 5 (GA-282) está moi alterada, se ben conserva varias pedras da cámara, tres fincadas pero movidas, e o resto sobre o túmulo. Mide 20 x 17 metros e 0,90 de altura. Parcero Oubiña e Otero Vilariño recollen unha lenda que cremos está relacionada con este túmulo. A medorra 6 (GA-283) ten unhas medidas de 26 x 27 metros e 1,2 de altura. No centro localízanse catro grandes chantos de xisto que puideron formar parte da cámara aínda que non están na súa posición orixinal.

#### **Necrópole do Monte Cotón**

Con tres túmulos. A mámoa 1 (GA-46) está practicamente destruída. O pouco que queda está oculto pola maleza. A medorra 2 (GA-47) atópase case desaparecida. A mámoa 4 (GA-55) ten un carácter monumental debido ao emprazamento onde se atopa, nun esporón do monte Cotón dende onde se domina unha ampla panorámica do río Lodoso e das parroquias de Guldriz, Serén e Devesa. Ten unhas medidas de 21 x 18 metros e unha altura de 1,2 metros. Posúe un cráter de violación ao longo do corredor e un chanto fincado no centro que puído pertencer á cámara.

#### **Mámoa do Abrigueiro (GA-284)**

En Santa Eufemia. Moi alterada, ten unhas medidas de 14 metros de diámetro e 1 de altura.

#### **Mámoa da Pena Moura**

No volume II (inédito) do inventario dos túmulos megalíticos do concello de Friol de Juan Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela falan dunha medorna de grandes dimensións, hoxe totalmente destruída, que se levantaría no lugar que aínda se coñece como A Pena Moura. Segundo as testemuñas recollidas dos veciños, estaría constituída por catro ou cinco ortostatos inclinados cara o interior, de entre 2,5 e



Mámoa 6 da Fonte do Can

3 metros de altura. Sobre eles descansaba outra pedra horizontal de aproximadamente 1,5 ou 2 metros que tiña unha fendadura ou pileta na súa cara superior. Non cabe dúbida de que o peso da tampa debeu ser considerable pois, aseguran os informantes, a pa mecánica empregada na demolición do túmulo non puído con ela e foi necesario troceala a base de dinamita. Tamén se afirma que dentro da cámara cabían ata dez homes de pé. Os ortostatos estaban afianzados con pedras de menor tamaño. Un dos chantos, de 3 metros de longo por 1,5 de anchura máxima, permanece apoiado sobre un valado de peche da finca no seu extremo O, e restos dos outros e da tampa atópanse tirados na cuneta, preto da entrada da pista e da outra mámoa. Segundo Núñez Jato esta é unha das destrucións máis lamentables, xunto coa da Zuruxana, en San Cibrao da Pregación, das que hai constancia na zona.

No Catastro de Ensenada menciónase, entre outros, a “*Pena da Vella*” e a “*mámoa o modorra nombrada da Abella*”.

## Folclore

Dise que mentres a moura trasladaba a pedra da Pena Moura sobre a cabeza, ía fiando ou mazando o leite.

Un home que andaba a buscar tesouros nunha mámoa da Fonte do Can atopou unha ola que baleirou por crer que eran cinsas. Mais, cando o po se espaxou, viu que brillaba: era po de ouro.

## Petróglifos

### **Petróglifos da Pena do Freire ou da Pena Moura**

No monte da Zarra. Documentados polos autores, quen llo comunicaron a Patrimonio da Xunta de Galicia para a súa catalogación. Presenta unhas coviñas e uns sucos, probablemente de orixe antrópica. A parte inferior da pena forma un abrigo que, ao parecer, foi utilizado despois da Guerra Civil. O nome de Pena do Freire podería deberse a unha posible utilización como eremitorio. Non moi lonxe está a evocadora Pena Pedideira, e tamén a Pena da Revolta, disque con coviñas.



A Pena do Freire

## Folclore

A Pena do Freire trátase dunha pedra moi grande posta enriba de tres pés. Tiña forma circular, dise que debaixo dela viviran os romanos e que había ouro aínda que ao final non se atopou nada. Outros din que a pena superior fora traída na cabeza por unha moura mentres fiaba o liño na roca. Algúns aseguran que rodeando a pedra había unha especie de muralla.

Unha segunda versión, recollida por Cristina Cabado, Carlota Grandío e Sandra Fraga, conta que nela viviron os mouros. “Todo está recuberto de grandes pedras e alí refuxiábanse e manexaban moedas de ouro e prata. Comunicábanse con mouros doutros castros, coma o de Lobengos. As xentes dos lugares próximos tíñanlles moito medo porque, cando chegaba a noite, os mouros saían do refuxio e ían roubar, ameazando á xente para que lles desen máis moedas ou cousas valiosas. As persoas, aínda que lles daban o que pedían, tíñanlles medo pois volvían noite tras noite, mentres que polo día refuxiábanse na pena”.

Terceira versión, contada pola señora Consuelo e recollida pola súa neta, Alicia Penelas, das Pardellas, no mes de febreiro de 2008. “Cóntase que nas Pardellas, preto de Carboeiro, nun lugar que se chama A Zarra, había unha moura que era moi rica e non tiña onde esconder o ouro. Ela pensou que para que ninguén llo roubase era mellor enterralo nunha pena. Como era nugallá e non lle gustaba traballar, secuestrou a dous homes para que lle cavasen a rocha. Era moi esixente e mandoulles que fose ben redonda. Cando a tiñan cavada, ela enterrou o ouro e mandoulles que a tapasen ben. Como lle podían dicir á xente que alí estaba o ouro, matou aos homes e enterrounos aló lonxe. Pero a xente viu enterrar o ouro e a moura pensou en que non ía poder matar tanta xente, pois co nugallá que era non lle ía quedar tempo para descansar. Entón gravou dúas cabezas, coma dicindo que alí tamén estaban enterrados os homes e de achegarse alguén correría a mesma sorte. Ninguén se achegou, pero como no inverno se enchía de auga o burato onde estaban as cabezas e ela quería todo ben visible, fíxolle un reguño por onde saíse a auga e uns circuliños enroscados (que son os petróglifos) de adorno”.

## ➤ Parroquia de Santalla de Devesa (Santalla)

Parroquia cunha superficie de 6,45 km<sup>2</sup>, situada ao leste do municipio.

### Medorras

#### **Necrópole do Monteirón**

Situada na Gándara de Narla, está compartida con Cotá e Narla. A mámoa 1 (GA-123), coñecida como Medorra do Monteirón ou Medorna de Toare, é unha das máis grandes de Galicia. Afectada por unha pista forestal no seu lado N, presenta un gran cono de violación que contribuíu ao seu rebaixe. Mide 55 metros de diámetro e 4 de altura. A mámoa 2 (GA-124) mide 26 x 24 metros e unha altura de 1 metro. Moi rebaixada polos labores de repoboación. O túmulo 5 (GA-131), chamado Medorna do Zancón, ten unhas medidas de 35,5 x 50 metros. A principios dos anos noventa do século pasado, Núñez Jato informa de que a mámoa tiña no seu cumio unha pedra que non pertencía ao dolmen, senón que fora colocada moito despois para facer de marco divisorio entre as parroquias de Cotá e Devesa; a pedra foi derrubada ao roturar o terreo para acondionalo como terras de cultivo. A mámoa 7 (GA-130), de 23 x 20 metros e unha altura de 1,40, foi rebaixada. A medorra 8 (GA-129), cun amplo cono de violación, mide 40 x 32 metros e unha altura de 1,6 metros. A medorra 16 (GA-128), coñecida como Medorra Aberta, aínda que rebaixada polos sucesivos labores de roturación, presenta unhas dimensións considerables, cunhas medidas de 79 x 74 metros e 2,5 de altura. Núñez Jato e Rodríguez Varela atoparon nas súas inmediacións un anaco cerámico.



A Mámoa de Toare





Esteo con coviñas na medorra 7 de Monteirón



Mámoa 2 dos Pedrouzos

### **Necrópole dos Pedrouzos**

No monte Traloagro, está composta por cinco medorras. A mámoa 1 (GA-52) mide 25 x 26,5 metros e 1,70 de altura. Moi rebaixada polos traballos forestais. A mámoa 2 (GA-53) ten 35 metros de diámetro e 2,5 de altura. No cumio apareceu unha laxe con gravuras. O túmulo 3 (GA-54) mide 28 metros de diámetro e 1,70 de altura. Moi rebaixado polo paso dunha pista forestal. A mámoa 4 (GA-56) atópase en mal estado de conservación debido ás roturacións forestais e á existencia dun valado que a atravesa polo E. Presenta un cono de violación de importantes dimensións. Mide 28 x 23 metros e 1,5 de altura. Restos de coiraza pétreo.



**Mámoa do Corzo (GA-51)**

Ten unhas medidas de 32 x 28 metros e 1,80 de altura. Atravesada polo medio por unha pista forestal que rebaixou o túmulo nuns 30 cm aproximadamente.

**Mámoa do Forno da Moura**

No Curral de Abaixo. Foi destruída.

**Mámoa da Xoana (GA-57)**

No Sisto. Pouco alterada, ten 18 metros de diámetro e 1,5 de altura.

Ao longo do tempo, todas as medorras da parroquia sufriron actuacións furtivas ou foron alteradas de forma antrópica.

Nos interrogatorios do Catastro de Ensenada, celebrados na freguesía o 9 de outubro de 1752, ao marcar os límites parroquiais, cita: “*Marco de Mamoas*”, “... *al marco da Picha de Silva Redonda*”, “... *la Pontella do Frade y de aquí al castro Merleiro y a la mamoá de Outeiro do Corno*”.

**Folclore**

Da Medorra de Monteirón, Núñez Jato recolle a seguinte lenda: “Un veciño, que vivía nos arredores da mámoa, notou que sistematicamente unha das súas cochas desaparecía durante o día e voltaba á casa a última hora da tarde. Un día decidiu seguila para aclarar o misterio e viu como a cerda se dirixía á medorna e se introducía polo furado de profanación cara o interior. No último instante conseguiu coller ao animal polo rabo, e cando se atopaba turrando del para sacalo escoitou unha voz que saía dende dentro da mámoa. A voz dicía que deixara quedar a cocha, feito polo que sería longamente recompensado. Para elo non tiña máis que levar un saco de carbóns ata a súa casa. O paisano aceptou o trato e cargou co saco ao lombo. Sen embargo, o camiño cara a casa era costento e o saco pesaba polo que, encabuxado, decidiu tiralo, e como xa estaba a caer a noite, continuou ata a casa e ao día seguinte xa regresaría pola cerda. Ao deitarse comprobou con admiración como un dos carbóns que se lle coara polo lombo transformouse en ouro. Voltou ao lugar onde tirara o saco pero xa non había nada. Nin que dicir ten que tampouco recuperou a cerda”.

Na Medorra do Forno da Moura, no Curral de Abaixo, vivía unha moura que custodiaba unhas barras de ouro.

**Petróglifos****Petróglifos da Pena Grande (Ref. 01)**

Núñez Jato e Rodríguez Varela, no seu traballo de prospección e inventario dos túmulos megalíticos do concello de Friol fala dunhas penas con piletas, con aparencia de coviñas, localizadas na chamada Pena Grande. Na ficha de catalogación da Xunta de Galicia, Parcero Oubiña e Otero Vilariño localizan a referencia que lles fixo un paisano do Sisto acerca da existencia dunha “especie de momias escavadas na pedra”, referindo que as supostas estruturas eran ben coñecidas pola xente do lugar. Fan constar que despois de examinada a pena, que sitúan no monte Pedrouzo, non puideron atopar ningún indicio sospeitoso de identificación coa descrición que lles fixera o informante.

Atendendo a ditas referencias, un veciño do lugar levou aos autores deste traballo ata a Pena Grande, no monte Ouceira, onde situaba unha pena con sartegos na que xogaban os nenos da aldea. Trátase dunha pedra que presenta seis coviñas dispostas sobre unha superficie horizontal, cunhas medidas que oscilan entre os 6 e 11 centímetros, cunha profundidade de entre 3 e 0,5 centímetros. Na pena vense pías naturais producidas pola erosión que semellan sartegos antropoides, sobre todo unha parte que correspondería á cabeza do defunto, hipótese que desbotamos.

**Petróglifos do túmulo 2 de Pedrouzos (GA-53)**

No monte Traloagro. Ocupa unha chaira algo elevada respecto das terras baixas de Friol, sobre unhas estribacións que descenden ata o río Narla dende o monte Cotón, nunha zona de monte baixo. Trátase dun grupo de catro medorras. No ano 1988 foi localizado por J. Núñez Jato y L. Rodríguez Varela



Petróglifos da Pena Grande

Gravura nun esteo da mámoa 2 de Pedrouzos  
(Fonte: J. Núñez Jato)

un gravado composto por dous motivos: unha coviña da que parte unha fonda acanaladura e outra, algo máis pequena, situada á esquerda da primeira, da que parte outra canle paralela, cruzada perpendicularmente por outra liña máis longa e algo curvada cara abaixo no seu extremo dereito.

Cando a principios dos anos 90 os investigadores regresan ao lugar, o petróglifo xa desaparecera, presumiblemente enterrado polo movemento de terras efectuado para as repoboacións forestais. Testemuñas orais constataron que “a moderna” tiña, anos atrás, un cumio máis elevado e un cráter de profanación máis fondo, que permitía meterse dentro.

## ➤➤ Parroquia de Seixón (San Paio)

Localizada ao norte do concello, a parroquia ten unha superficie de 6,2 km<sup>2</sup>.

### Medorras

#### **Necrópole de Ponte Leixoso**

Composta por catro medorras. A mámoa 1 (GA-185), coñecida tamén como Medorna da Valiña, mide 40 metros de diámetro e 2 de altura. Presenta un gran cráter de violación de 1,80 metros. A mámoa 2 (GA-184) foi destruída. A medorra 3 (GA-183) tamén desapareceu. A mámoa 4 (GA-182) mide 36 x 26 metros e unha altura de 0,40 metros.



Mámoa 4 da necrópole de Ponte Leixoso

### Folclore

Cóntase que un home, ao efectuar o ensanche da estrada que discorre cara Parga, atopou unha espada nunha das mámoas de Ponte Leixoso que “brillaba como o ouro”. Levouna a Parga, no concello de Guitiriz, para vendela.

Nunha medorra que había na aldea de Pedranegra atoparon carbóns.

### Petróglifos

#### **Petróglifos de Ponte Leixoso**

Descuberto por Parcero Oubiña e Otero Vilariño ao N-E da mámoa 4 de Monte Leixoso, nuns afloramentos de pouca altura situados ao seu carón. Vense dúas cazoletas e unha cruz.

No Catastro de Ensenada, entre os marcos que actuaban como límites da parroquia, menciónanse “*La Pena Negra*” e “*El Pozo de Juan Mourán*”.

## ➤ Parroquia de Seoane da Pregación (San Xoán)

Parroquia cunha extensión de 6,29 km<sup>2</sup>, sitúase ao sur do concello.

### Medorras

#### **Necrópole das Medornas**

En Tralacorda. A medorra 1 (GA-290) trátase dun túmulo precariamente conservado, cunhas medidas de 7 x 22 metros e 1,50 de altura. Perdeu dous tercios da masa tumular pola roturación dun prado e apertura dunha pista. A medorra 2 (GA-291) ten 20 metros de diámetro e 1,60 de altura. A mámoa 3 (GA-292) mide 34 x 38 metros e 2,20 de altura, cun gran cráter de violación de 1,10 metros de profundidade. Conserva restos da coiraza. A mámoa 4 (GA-293) mide 14 x 18 metros e 1,70 de altura. Bastante rebaixada, atópase case pegada a outro enterramento. O túmulo 5 (GA-294) conserva abundantes pedras da coiraza. Moi arrasado, cunhas medidas de 11 x 22 metros e 1,10 de altura. Cráter de violación de 0,50 metros. A mámoa 6 (GA-295) é pouco prominente, cunhas medidas de 23 x 12,50 metros e unha altura de 0,90. A medorra 4 (GA-296) mide 24 x 29 metros e 1,5 de altura. Pouco alterada.



Mámoa na necrópole das Medornas

#### **Necrópole de Rebordelos**

Composta por catro medorras situadas entre Friol e a parroquia de San Romao da Retorta, no concello de Guntín de Pallares. A mámoa 1 ou Medorna de Rebordelos (GA-17) ten unhas medidas de 42 x 47 metros e 3 de altura. Ten un cráter de violación duns 2 metros de profundidade. A vexetación non permite saber se conserva restos de dolmen. A mámoa 2 (GA-18), de 11 metros de diámetro e 0,90 de altura, atópase en terras de Guntín de Pallares. A medorra 3 (GA-19) atópase moi achandada polos labores agrícolas. Ten unha altura de 0,90 metros. A mámoa 4 (GA-20) foi afectada polas roturacións do terreo. Ten unhas medidas de 24 metros de diámetro e 1,5 de altura. Apareceron dúas pedras de pizarra pertencentes, posiblemente, á cámara sepulcral que foron removidas da ubicación orixinal.

#### **Mámoa de Mundín ou Medorna da Revolta (GA-298)**

Recortada en toda a súa superficie por prados e polo paso dunha pista que a corta pola marxe esquerda. Presenta unha considerable violación. Mide 20 x 24 metros e unha altura de 1,5. Preto localizouse un fragmento de cerámica grosa de cor negro polo interior e de ton parduzco polo exterior.





Enterramento destruído en Rebordelos  
(Fonte: Parcero Oubiña e Otero Vilariño, 1997)



Medorna do Pico

**Mámoa do Pico (GA-297)**

En Tralacorda. De 20 x 10 metros e 1,50 de altura. Restos de coiraza. Foi cortada por unha estrada.



## Folclore

Juan Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela recolleron a seguinte lenda: “Crían os habitantes do lugar que na medorra da Revolta agochábase un caldeiro de ouro. Certo día os veciños de Mundín e Seoane puxéronse de acordo para traballar no túmulo, localizar o caldeiro e, así, facerse ricos. Despois de traballar todo o día chegaron á gran lousa da cuberta do dolmen e, como xa case era de noite, acordaron deixar a tarefa para o próximo día. Sen embargo, uns e outros desconfiaban dos veciños e, separadamente, acordaron continuar traballando durante a noite, encamiñándose cara a mámoa. Chegaron antes os de Mundín e, en estado de faena, oíron que chegaban os de Seoane. Para non ser descubertos saíron correndo, pero xa os de Seoane os viran e pensaron que escapaban co caldeiro. Pola súa parte, os de Mundín pensaron que os de Seoane seguían traballando toda a noite e tamén o atoparan. Nin uns nin outros conseguiron a codiciada peza de ouro, mais ambos os dous sempre pensaron que estaba en poder dos seus veciños”.

Dise que en tempos utilizaban a Medorna do Pico como escondedeiro os pequenos que non querían ir á escola.

## ➔ Parroquia de Serén (Santa Cruz)

Parroquia cunha superficie de 3,5 km<sup>2</sup>, localizada no leste do municipio.

## Medorras

### **Medorna da Zanca, do Zancón ou Forno dos Mouros (GA-326)**

No mes de outubro de 2017, apareceu na prensa a noticia de que o enterramento fora descuberto polos traballadores dunha brigada de incendios cando, en realidade (tal como aclaramos os autores deste traballo ao día seguinte), xa estaba documentado por F. Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela, e publicado no xornal *El Progreso* do 4 de xaneiro de 1989 baixo o título de *Hallazgo de un túmulo megalítico en Villalvite (Friol)*, e no 1996 no número 6 da revista *Croa* da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga. Daquelas xa escribían que este dolmen era un dos máis interesantes do municipio. Consultado o inventario de bens culturais no Servizo de Patrimonio de Lugo, comprobamos que o enterramento xa tiña aberta unha ficha dende o ano 1997, coa clave de identificación GA27020REF13, se ben estaba sen catalogar, só constaba unha referencia. A cámara megalítica ten unha altura de 1,20 metros e ao redor vense os restos dun túmulo moi rebaixado, cunhas dimensións no eixo norte-sur de 6,30 metros e menos de 1 metro de altura. O dolmen está composto por sete esteos e pedra cobertoira. Vese outra pedra depositada no chan que puido formar parte da tampa.

### **Mámoa do Cordal do Chao (GA-327)**

Trátase dun túmulo semiesférico algo achairado. Ten unhas medidas de 20 x 15 metros e unha altura de 1,5 metros. Na parte superior presenta un cráter de violación de 2 x 2 metros. No sector E hai un chanto que sobresaí do chan 35 centímetros.

### **Mámoa 1 do Monte do Chao (GA-79)**

De 25 x 21 metros e 1,6 de altura. Conserva varias laxes da cámara, unha desubicada.

### **Mámoa da Mouruxoxa (GA-69)**

Non debemos confundila coa anta da Mouruxoxa, na parroquia de Cotá. Sitúase no Pico das Pías. Trátase dun gran túmulo, con restos de coiraza, que na actualidade está moi achandado. Da cámara funeraria consérvanse seis esteos moi removidos.

### **Mámoa do Pico das Pías (GA-70)**

Ten unhas medidas de 20 x 33 metros e 1 de altura. No cono de violación vese unha pedra da cámara.



Medorna da Zanca  
(Foto: Alex Negreira)

Nos interrogatorios do Catastro de Ensenada de mediados do século XVIII faise alusión ao “*Pozo das Moas*”, quizais pola proximidade a uns enterramentos megalíticos.

## Pedrafitas

### A Pena das Cazolas

Trátase dunha enorme pedra chantada no interior dun prado, a carón da estrada local ao seu paso pola aldea de A Ferreira. Contamos con dúas versións sobre a orixe desta pedra. A primeira vez que visitamos o sitio dixéronnos que hai máis de vinte anos estaba tumbada; cando os propietarios do terreo quixeron esnaquizala para reaproveitar os anacos nun muro, alguén lles advertiu de que se trataba do esteo dunha anta megalítica, de aí que optaran por fincala no lugar. A segunda versión, recollida no mes de marzo de 2015, é bastante diferente. Os propietarios actuais aseguráronnos que sempre estivo ergueita. Na parte que sobresa do chan ten unha altura de algo máis de tres metros (a parte soterrada debe de andar polos dous metros). Na base da cara principal, onde se ve unha pía duns 40 cm de diámetro, mide arredor de 1,35 metros. Vese claramente que o fito perdeu parte da cara posterior, quizais cando pretenderon rachalo, ou pode que noutro momento, pero si nunha época relativamente recente. Na parte superior chama a atención unha fendadura en forma de U aberta, cos bordos totalmente lisos. Descoñécese de onde veu a pedra, e si formaba parte dun dolmen. Só como conxectura apuntamos que tamén se pode tratar dunha pedrafitas do mesmo período que os enterramentos megalíticos.

## Folclore

Unha moza que estaba a coidar as ovellas nas proximidades da mámoa do Pico das Pías, cuxos esteos foran levados alí por unha moura, dixo: “Moura, dáme a túa riqueza”. Foi pronunciar estas palabras cando se lle apareceu este mítico ser quen lle dixo que se quería ver o seu desexo cumprido tiña que ir para a casa, pero que de ningunha maneira podía ver o que levaba envolto dentro do cesto. Pero á rapaza superouna a curiosidade e polo camiño quixo comprobar o que agochaba. Nada máis abrílo, o único que viu foron un montón de cagallas de ovella. Amolada, sacudiu o trapo para limpalo. Pero cal foi a súa sorpresa que, cando chegou á casa, viu que un par de cagallas que lle quedaran dentro do cesto se converteran en moedas de ouro. Ela máis a nai volveron a onde sacudira o trapo, pero xa non atoparon nada.



A Pena das Cazolas

## ➔ Parroquia de Silvela (Santa María)

Parroquia cunha extensión de 10,05 km<sup>2</sup>, situada no oeste do concello.

### Medorras

#### **Necrópole do Cotón das Moas**

Formada por dúas medorras. A mámoa 1 (GA-253) ten 28,5 metros de diámetro e unha altura de 1,9 metros. Presenta cráter de violación. A mámoa 2 (GA-254) mide 17 x 14 metros e unha altura de 1,4.

#### **Necrópole do Monte do Cordal**

Fai de límite entre as parroquias de Silvela e Carballo, está formada por tres mámoas, das que só unha pertence a Silvela. A medorra 1 (GA-262) está xusto no límite entre parroquias. Mide 14 metros de diámetro e 0,80 de altura. A medorra 2 (GA-263) está situada no medio dun prado cuxo acondicionamento dispersou boa parte da masa tumular. Ten 24 x 26 metros e 0,70 de altura. A medorra 3 (GA-307) ten 12 metros de diámetro e 0,80 de altura. Rebaixada en altura.

#### **Necrópole do Monte do Cotón 1**

Composta por tres medorras. A mámoa 1 (GA-258) trátase dun túmulo de 31 x 28 metros e 1,2 de altura. Rebaixado por un cortalumes. A mámoa 2 (GA-259) foi afectada polos camiños que pasan ao seu carón e polas repoboacións forestais. Ten unhas medidas de 19 x 18 metros e 1,3 de altura. Cráter de violación. A mámoa 3 (GA-260) está afectada por dous camiños e as repoboacións. Ten 19 metros de diámetro e 0,80 de altura.

#### **Necrópole do Monte Cotón 2**

Con tres túmulos. A mámoa 1 (GA-255) ten 20 metros de diámetro e 1,6 de altura. Aparece cortada. A mámoa 2 (GA-255), de 14 metros de diámetro e 1,4 de altura, atópase moi alterada. A mámoa 3 (GA-257) mide 19 x 28 metros e 1,7 de altura. Alterada e recortada.





Mámoa do Cotón das Moas



Mámoa 1 da necrópole da Pallota

### **Necrópole da Pallota**

Con tres túmulos. A medorra 1 (GA-249) ten 40 metros de diámetro e 2 de altura. Presenta un gran cono de violación. Rodeada por un camiño. A medorra 2 (GA-251) ten 15 x 16 metros e 1,5 de altura. Afectada polas repoboacións. A medorra 3 (GA-252), de 10 x 11 metros e 0,80 de altura, tamén está afectada por labores de repoboación.

**Mámoa da Gándara (GA-261)**

De 32 metros de diámetro e 1,70 de altura. Rebaixada polos labores de roturación.

No castastro de Ensenada cítanse como marcos lindeiros da freguesía a “*medoña de Riego Travieso*”, a “*medoña de Piedra maior*” e o “*marco das Pallotas*”, este último situado xunto a necrópole megalítica da Pallota.

**➔ Parroquia de Trasmonte (Santiago)**

Cunha superficie de 6,25 km<sup>2</sup>, a parroquia ubícase no nordeste do municipio.

**Medorras****Necrópole da Pedra do Couto**

Con catro enterramentos, un na parroquia de Narla. A mámoa 2 (GA-176) ten 10 x 13 metros de diámetro e 1 de altura. A medorra 3 (GA-178) ten 13 x 9 metros e entre 0,50 e 1 de altura. A medorra 4 (GA-163) ten 20 metros de diámetro e 2 de altura.

**Mámoa da Penela (GA-180)**

En Vilariño, ten unhas medidas de 17 x 24 metros e 1,5 de altura. Do cráter de violación asoman uns esteos da cámara megalítica, con restos de coiraza sobre o túmulo. Cortada por un camiño.

Nos interrogatorios do Catastro de Ensenada cítase, entre os marcos de límites parroquiais, a “*Piedra do Couto*”, “*Fuente do Mouro*”, “*Marco de la Cruz do Crego*” e “*Pena Ventureyra*”.



Mámoa da Penela (Trasmonte)

**Petróglifos****Petróglifos de Bouzaboa ou de Pena Bicuda (GA-181)**

En Bouzaboa. Atópase nun entorno de prados e repoboación de piñeiros. Presentan un bo estado de conservación. As cazoletas sitúanse na súa meirande parte a carón dunha gran pía que, pola súa pro-



fundidade e fondo plano, semella ter unha orixe antrópica. Son 10 en total e teñen uns 5 cm de diámetro. A rocha levántase 6 metros sobre o chan. Preto da pía atópase un cadrado duns 20 cm de lado, cunha cruz inscrita no seu interior que o divide en catro partes, semellante ao que se atopa na Pena dos Peixes, na parroquia de Cotá. Cadrado e cruz foron descubertos polos autores. Por riba da pía atópase, en precario equilibrio, a chamada Pena Bicuda pola súa forma de pico de paxaro. Na cara interior/inferior da devandita pena existen diseminadas tres coviñas.



A Pena Bicuda



Coviñas e pía na Pena Bicuda

### **Petróglifo da Pedra do Couto (GA-164)**

Trátase dun afloramento de rochas descomposto polos labores de cantería e agrícolas polo que resulta pouco visible e complicado de analizar.

Nos interrogatorios do catastro de Ensenada cítase na parroquia de Trasmonte o “*Marco de la Cruz do Crego*”, quizais porque tiña gravada unha cruz ou símbolo semellante.

### **Folclore**

Cóntase que no lugar onde se atopa a Pena Bicuda vivía unha bruxa coa súa filla. Un día a nena subiu á rocha, esbarrou e morreu. Entón a bruxa berrou: “Pena Bicuda, heite ceibar unha pedra que te ha fender dende o rabo á orella;”, provocando unha profunda fenda na pedra que inspira a lenda.

## **➔ Parroquia de Vilafiz (Santa María)**

Parroquia cunha extensión de 10,25 km<sup>2</sup>, situada ao sudeste do concello.

### **Medorras**

#### **Necrópole do Monte Leboeiro**

Composta por sete enterramentos. A medorra 1 (GA-104) resulta complicado concretar as medidas por estar totalmente cuberta pola maleza. Presenta un cono central de violación do que asoman catro lousas fincadas no centro e outra desprazada do seu lugar. Restos de coiraza en superficie. A medorra 2 (GA-102), de 17 x 20 metros e 1 de altura, conserva varias lousas fincadas no centro e restos de coiraza na superficie. A medorra 3 (GA-101) mide 18 x 20 metros e 1,50 de altura. No centro vense varias lousas agrupadas da cámara e fragmentos de coiraza na superficie. A mámoa 4 (GA-100), de 20 x 23 metros e 1,20 de altura, resultou moi achandada polas roturacións do terreo. Cráter de violación central. A mámoa 5 (GA-99), de 20 x 22 metros e 1 de altura, tamén foi afectada polas roturacións. Vense varias lousas que puideron pertencer á cámara, unha fincada no centro. A medorra 6 (GA-98), as roturacións desmontaron o dolmen, quedando só dous esteos no sitio. Restos de coiraza. Mide 20,5 x 25 metros e 0,40 de altura. A medorra 7 (GA-103) está practicamente arrasada, observándose só unha acumulación de pedras.

#### **Mámoa do Castro (GA-95)**

Recibe o nome polo castro que se atopa nas inmediacións. Mide 37,5 x 40 metros e unha altura de 1,8 metros.

#### **Mámoa de Gonze (GA-96)**

Desaparecida. Sobre o túmulo construíron unha vivenda.

#### **Mámoa do Monte Acevedo (GA-117)**

O seu emprazamento nunha pendente semella que pareza máis voluminosa vista dende abaixo. Atravesada por un valado na parte S corta un tercio do seu volume. Mide 25 x 23,5 metros e 1,5 de altura.

#### **Mámoa do Regueiro, Medorna do Regueiro do Salgueiro, do Parapeito ou Pico de Gonze (GA-97)**

Trátase dun enterramento cunhas dimensións de 40 metros de diámetro e 2 de altura. Sobre o túmulo, cuberto de maleza e algúns piñeiros, levantaron un vértice xeodésico. Os veciños coñecen estas construcións co nome de “Parapetos”.

#### **Mámoa de Resemil (GA-315)**

Moi alterada polas repoboacións forestais, a metade septentrional atópase practicamente arrasada. Mide 16 metros de diámetro e 0,60 de altura.



Mámoa no Monte Leboreiro



Mámoa do Pico de Gonze



## Folclore

Os esteos dos enterramentos do monte Leboreiro foron levados por unha moura.

## Petróglifos

### **Petróglifos da Medorra do Salgueiriño (GA-97)**

No mes de xuño de 1920, na triangulación xeodésica da provincia de Lugo, partido xudicial de Lugo, reséñase o vértice do Salgueiro, situándoo no alto da medorra do Salgueiriño ou de Ribadoterreo, chamado tamén Cotón de Gonce, na parroquia de Vilafiz. Dise que dista da poboación de Gonce un cuarto de hora “*por rodera*” que sube ao alto, estando o vértice por riba do “castro” que hai no máis alto. A sinal definitiva está constituída por un cadrado feito a cicel en pedra truncada que presenta tres cruces gravadas en pedra.

### **Petróglifos da Pena das Verrugas**

En Romá. Documentado polos autores. Atópase nunha rocha situada á beira do rego de Guimarei, á que se accede por medio de tres chanzos feitos artificialmente sobre a pena. Na parte superior da rocha existen dúas pías de 20 e 29 cm de diámetro e 39 e 38 cm de profundidade respectivamente. Aínda que a pena está recuberta de abundante vexetación, o noso informante díxonos que existen máis pías similares na mesma rocha, de diversos tamaños, sendo estas as máis grandes.



Pena das Verrugas

## Folclore

Un dos buratos da Pena das Verrugas ten sempre auga mentres que o outro permanece baleiro, mudando a auga dun burato ao outro cada ano. A auga alí depositada posúe propiedades medicinais que curan as verrugas. A persoa debe meter a man na pía que contén a auga e recitar ao tempo o seguinte ensalmo: “Verruguiñas traigo, verruguiñas vendo, déixoas eiquí e voume correndo”. Para que produza o efecto desexado acostúmase a deixar unha moeda na pía. Para rematar o ritual deberase marchar do lugar sen voltar a cabeza cara atrás

## ➤➤ Parroquia de Vilalvite (San Pedro)

Cunha superficie de 10,6 km<sup>2</sup>, a parroquia sitúase ao oeste do municipio.

### Medorras

#### **Mámoa do Cangallón (GA-81)**

Nas Ferrerías. Non se aprecian as medidas por estar cuberta de maleza.

#### **Mámoa de Castrodá (GA-78)**

Alterada por unha plantación de piñeiros, ten unhas medidas de 34 x 27 metros e 1,7 de altura.

#### **Mámoa de Corra (GA-118)**

De 30 metros de diámetro e 1,8 de altura. Conserva algúns esteos, desprazados, do dolmen. Restos de coiraza pétrea sobre o túmulo.



Mámoa da Corra  
(Fonte: Celso Rodríguez Cao)

#### **Mámoa do Monte do Chao (GA-79)**

Cunhas dimensións de 25 x 20 metros e 1,5 de altura, conserva cinco ortostatos da cámara moi removidos da súa posición orixinal. Alterada por un cortalumes.

#### **Mámoa de Penalonga (GA-77)**

De 44 metros de diámetro, perdeu gran parte da masa tumular en altura.

#### **Mámoa das Penelas (GA-Ref. 12)**

Citada por Núñez Jato e Rodríguez Varela. Tiña unhas medidas de 21 metros de diámetro e restos de cámara funeraria. Sobre un dos esteos estaba gravada unha cruz. Descoñecemos se desapareceu ou non se pode localizar debido á maleza que cubre o lugar.



## Pedrafitas

### **Pedrafitas das Ferrerías**

Trátase dun fito de 3,30 de altura á vista e uns 3 metros soterrados. Foi colocada no sitio polo señor Cesáreo. Atopouna hai uns 20 anos, enterrada na finca que estaba a acondicionar para pasteiro. Traballada artificialmente, pola tipoloxía ben puidera corresponderse cun menhir prehistórico. Situada preto dun campo de mámoas.



Pedra chantada nas Ferrerías

## Petróglifos

### **Petróglifo da Mámoa das Penelas (GA-Ref. 12)**

No monte de Portonovo. Nunha das pedras verticais da mámoa, de sección triangular, aparece no seu interior unha pequena cruz. O brazo vertical mide 10 cm e o horizontal 7 cm. A mámoa estivo catalogada no seu momento pero foi descatalogada no ano 1997, quizais por ter desaparecido a causa dos labores agrícolas.

No Catastro de Ensenada, entre os marcos de límites de freguesías, menciónase a “*Pena da Ferradura*”, “*Pena do Couto*” e “*Pena do Carneiro*”.

## Folclore

Na aldea de Bedús estaba a Pena do Muíño de Piñeiro. Ao parecer era abaladoira e foi derrubada por uns rapaces. Na aldea da Retorta hai unha pena que recibe o nome de Banco dos Mouros, con pías naturais.



Cruz nun esteo da mámoa das Penelas  
(Fonte: Núñez Jato e Rodríguez Varela)

## ➔ Parroquia de Xiá (Santa María)

Con 23,25 km<sup>2</sup>, sitúase ao suroeste do concello. É a parroquia de maior extensión.

### Medorras



Mámoa nas Gándaras de Relucín

### **Necrópole das Gándaras de Relucín**

Conxunto de dez medorras que actúan como límite entre as parroquias de Xiá e Carballo, catro situadas na primeira. A mámoa 1 (GA-1) ten 18 x 17 metros e 2,20 de altura. Conserva dúas lousas do dolmen



na súa posición orixinal, e outra desprazada. Restos de coiraza en toda a superficie. Cráter de violación de considerables dimensións. A mámoa 4 (GA-10), de 17 x 26,80 metros e 1 de altura, atópase moi deteriorada, afectada por unha pista forestal. A mámoa 6 (GA-13), de 27 metros de diámetro e 1,50 de altura, está afectada polas roturacións forestais. A mámoa 7 (GA-21) ten unhas medidas de 20 x 13 metros e 1,50 de altura, con sinais de ser rebaixada polo arado. Fáltalle a metade do volume debido a un cortalumes.

#### **Necrópole do Monte do Alto**

En Casferro. Composta por dous enterramentos. A mámoa 1 (GA-277) ten 30 metros de diámetro e 1,5 de altura. Restos de coiraza. No ano 1989 foi achandada pola apertura dunha pista forestal. A mámoa 2 (GA-314) está atravesada por un cortalumes.



Mámoa 1 de Cebal



Medorra 5 de Cebal

### **Necrópole do Monte Cebral**

Está composta por cinco enterramentos. A mámoa 1 (GA-271) mide 22 x 21 metros e 1 de altura. Presenta cono de violación. A mámoa 2 (GA-272) ten unhas medidas de 20 x 21,5 metros e unha altura de 1,6. A mámoa 3 (GA-273) ten unhas medidas de 22 x 20 metros e 1,10 de altura. A mámoa 4 (GA-274), coñecida como Mámoa do Torreiro, ten unhas dimensións de 25 x 26 metros e 1,80 de altura. Presenta cráter de violación da que asoman varios esteos, un cunha cruz gravada. A mámoa 5 (GA-275), de 24 x 24,5 metros e 1,10 de altura, conserva catro lousas de xisto da cámara funeraria, tres fincadas. Presenta cráter de violación.

### **Necrópole do Monte da Galgueira**

Con dous enterramentos. A medorra 1 (GA-267) ten 21 metros de diámetro e 2 de altura. A medorra 2 (GA-321), de 17 metros de diámetro e 0,50 de altura, perdeu gran parte da masa tumular debido aos labores agrícolas.

### **Mámoa da Pena da Armada (GA-276)**

Pequeno túmulo moi alterado de 8 metros de diámetro e 0,50 de altura.

### **Mámoa das Peniñas (GA-269)**

En Ascariz. De 24 metros de diámetro e 2 de altura, non se aprecian restos de coiraza nin de cámara. Intentaron destruíla cando se fixo a estrada, impedíndollo os veciños.

### **Mámoa de Xiá (GA-285)**

Na ficha da Xunta de Galicia, confeccionada por Parcero Oubiña e Otero Vilariño, sitúan un túmulo a uns 100 metros ao N-O da igrexa parroquial de Xiá, afirmando que fora destruído. Malia o anterior, os autores localizámolo a uns 115 metros da súa ubicación inicial. A mesta vexetación impídenos comprobar as medidas, así como se posúe restos do dolmen.

Entre Casanova e Trastorres temos referencia á Modorna da Chomiña.

Nos interrogatorios do catastro de Ensenada de mediados do século XVIII, ao delimitar os lindes da parroquia, cítase unha “*Mamoá nombrada da Esperela*”, a “*Mamoá o Modorra nombrada da Furada*”, a “*Modorra da Espiñeira*”, “*Modorra da Cabra*”, “*Medorra de Mosteiro*”, “*Medorra dos Torrentes*” e o “*Marco de pedra pizarra das Modias*”.

## **Folclore**

Na medorra 4 do Cebral víase unha vella fiando; cando alguén se achegaba esfumábase.

A desaparecida pedra cobertoira da medorra 5 do Cebral tiña unhas pías; cando se depositaba a auga da choiva os veciños utilizábanna para curar enfermidades relacionadas cos ollos.

## **Petróglifos**

### **Petróglifo da medorra 4 do Cebral ou mámoa do Torreiro (GA-274)**

Na única lousa de cámara da medorra que se conserva en pé hai unha cruz gravada e pintada de vermello na parte inferior. Dita cruz non aparece mencionada na primeira catalogación da medorra que data do ano 1990. Sen embargo, na ficha do ano 1997 aparece, aínda que sen citar a pintura. Na ficha de 2004 cítase de novo a cruz e engádese que está pintada de vermello. Dado que a mámoa serve de marco de límite entre dúas provincias (A Coruña e Lugo) e tres concellos (Toques, Palas de Rei e Friol), é posible considerar que a marca con pintura teña relación con esta función sinalizadora.

Nos interrogatorios do Catastro de Ensenada celebrados na freguesía no ano 1752, ademais de varias medorras e un castro, cítase a “*Pena da Ferradura*” e a “*Pena da Cruz*”, posible alusión a insculpturas rupestres.

## ➤➤ Glosario de termos

**Abrasión:** Técnica empregada para gravar os petróglifos raendo ou desgastando a pedra por frición.

**Acubillo:** En arqueoloxía, conxunto de pezas agochadas nun xacemento.

**Agricultura:** A agricultura e a gandería (domesticación de animais) comezaron no Neolítico.

**Aixola:** Peza de metal ou pedra puída empregada como elemento cortante.

**Alabarda:** Arma de pedra tallada, con forma triangular, do período megalítico. Tamén se coñece con este nome un tipo de arma da Idade do Bronce cunha gran punta, enmangada nunha hasta, representada nos petróglifos galegos.

**Aliñamento:** Sucesión rectilínea de megalitos, xeralmente pedrafitas, dispostos formando fileiras.

**Animismo:** Adoración das forzas da natureza.

**Anta:** Construción megalítica de carácter funerario formada por varios ortostatos verticais cubertos por un ou varios horizontais a modo de tampa.

**Antecámara:** Sala que precede a unha habitación principal e que acostuma a utilizarse para denominar o espazo situado diante das cámaras megalíticas.

**Antrópico:** Alusión ao que resulta alterado ou modificado pola actividade humana.

**Antropoloxía:** Disciplina que ten por obxecto as características físico-biolóxicas do ser humano, así como as súas producións culturais.

**Antropomorfo:** Representación que suxire a forma do corpo humano e que se aplica á escultura, motivos decorativos, etc.

**Apotropaico:** Que serve para atraer ou alonxar a influencia dos malos espíritos. Pequenas esculturas e amuletos prehistóricos interprétanse con esta finalidade.

**Arqueoloxía:** Ata non hai moito tempo considerábase á arqueoloxía como unha ciencia auxiliar da Historia que estudaba a Antigüidade a través dos restos materiais deixados polo home. Mais hoxe en día cómpre concibilala como unha ciencia de seu, que complementa á Historia con documentos materiais. Ao mesmo tempo a metodoloxía arqueolóxica enfocábase cara a Prehistoria e a Antigüidade, mais na actualidade abrangue etapas máis recentes como a Arqueoloxía Medieval, a Arqueoloxía Moderna ou a que se centra no estudo, tan dos nosos días, dos restoballos urbanos que deu orixe á Arqueoloxía Industrial.

**Arte rupestre:** Arte en que os motivos foron gravados ou pintados en superficie rochosa.

**Betilo:** Peza prehistórica, tipo ídolo, de aspecto antropomorfo.

**Calcolítico:** Do grego calcos, cobre, e lithos, pedra. Período da Prehistoria na que se inicia a metalurxia, sendo o cobre o primeiro material traballado. En Galicia xurde arredor do 2300 a.C. Coñecido tamén como Eneolítico.

**Cámara megalítica:** Na mámoa, cámara composta por ortostatos, variables en número e tamaño.

**Campaniforme:** Denominación que se lle dá a un tipo de cerámica pola súa forma de campá invertida e decorada con bandas. Aparece ao final do Megalitismo.

**Carbono 14:** Isótopo radiactivo do carbono natural, cuxo período de desintegración é coñecido, e que se atopa en toda materia orgánica. Dende o instante en que esta deixa de vivir, o C14 comeza a desintegrarse, podéndose, polo tanto, medir o tempo que fai da morte do material que se estuda.

**Carpoloxía:** Disciplina que estuda os restos de sementes e froitos que aparecen nos depósitos arqueolóxicos.

**Cata:** En arqueoloxía, zona reducida en extensión que se escava co fin de orientar ao arqueólogo sobre as características xerais da área a escavar con máis amplitude.

**Cerámica:** Obxecto fabricado con arxila húmida que se endurece por cocción ou secado.

**Cicel:** Peza de pedra puída alongada cun extremo cortante.

**Ciprianillo:** Libro composto por receitas e rituais máxicos onde salienta o título VIII, Da busca de tesouros, onde se localizan 148 lugares. Para usalo con éxito hai que buscar a herba cabreira, ademais dun cura que, vestido de estola, non só debe saber ler, senón tamén desler. O crego debe ter, ademais,



moito valor xa que cando saía o encantamento en forma de serpe, co tesouro, non debe nin fuxir nin suspender a lectura, xa que se fai algunha desas cousas quedan encantados el e os seus acompañantes.

**Círculo lítico:** Construción megalítica formada pola disposición, en círculo, de pedrafitas. Comlech.

**Cista:** Estrutura funeraria individual de forma cadrada ou rectagunlar, xeralmente megalítica, que en Galicia se asocia á Idade do Bronce.

**Civilización:** Características culturais, sociais ou de desenvolvemento material que distinguen a unha sociedade ou grupo de sociedades e que pode abarcar ámbitos xeográficos e etnográficos máis amplos.

**Clase social:** Conxunto de individuos que comparten unha situación económica e social.

**Combinación circular:** Na arte rupestre, teñen como base o círculo ou a liña curva, con numerosas variantes.

**Contexto arqueolóxico:** Refírese a todo o que arrodea un achado arqueolóxico, achegando información para a súa situación nun espazo e nun tempo determinado, facilitando a súa comprensión.

**Coiraza:** Estrutura en pedra que envolve a mámoa, tanto para protexela da erosión como para facela visible na paisaxe.

**Coitelo de sílex:** Peza que ten un bordo sen retoque, cortante, mentres o outro conserva o córtex ou foi retocado de xeito que non corte.

**Corredor:** Paso que emboca no dolmen.

**Coviña:** Na arte rupestre, oco semiesférico escavado na pedra.

**Cronoloxía:** Ciencia que fixa a orde e a data en que sucedeu un feito. En Arqueoloxía trabállase habitualmente con dúas dimensións: Cronoloxía absoluta e Cronoloxía relativa. Para datar os achados arqueolóxicos existen varios medios que permiten establecer unha cronoloxía máis ou menos exacta.

**Cultura material:** Relativo a todos os obxectos que fan posible a vida humana nunha contorna determinada.

**Denticulado:** Termo utilizado en tipoloxía prehistórica, aplicable a útiles que presentan unha serie de escotaduras obtidas por retoque.

**Dolmen:** Termo bretón co que se denomina á construción megalítica de carácter funerario. Anta.

**Eixo:** Liña real ou imaxinaria que determina a división de algo en dúas partes iguais ou proporcionadas.

**Eneolítico:** Período prehistórico no que se une ao traballo da pedra o descubrimento do cobre, do bronce, do ouro e a prata, que se traballa con técnicas líticas.

**Enxoval funerario:** Conxunto de elementos, tanto de tipo utilitario coma votivo que acompañaban ao defunto. En Galicia son particularmente importantes e numerosos os enxovais megalíticos.

**Escavación arqueolóxica:** Método consistente en desenterrar os obxectos realizados polo home en épocas pasadas.

**Escultura:** Arte de modelar, tallar e esculpir en pedra, madeira, metal ou outro material.

**Espiral:** Liña curva que dá voltas arredor dun punto alonxándose progresivamente del.

**Esquemático:** Reducido ás súas liñas fundamentais, aos elementos imprescindibles ou máis significativos.

**Esteo:** Pé ou soporte vertical ou oblicuo, de pedra ou madeira, que se coloca para estear. Ortostato.

**Estratigrafía:** Estudo dos distintos niveis dun xacemento arqueolóxico que permite datar os distintos materiais atopados en cada estrato.

**Figurativo:** Dise da arte que presenta algo identificable, en oposición ao abstracto.

**Folclore:** Conxunto de tradicións, coñecementos e crenzas populares expresados en proverbios, contos, danzas ou cancións. O folclore de carácter arqueolóxico emprégase coma un medio complementario da prospección pero a súa interpretación non debe ser nunca ao pé da letra nin rixidamente lineal, senón peneirada cos criterios da antropoloxía cultural.

**Furna cineraria:** Recipiente destinado a conter as cinzas dos defuntos.

**Historia:** Ciencia que estuda os feitos importantes que aconteceron no pasado e protagonizados polos seres humanos.

**Historiografía:** Disciplina que estuda de modo crítico os escritos sobre historia, polo que se refire á exposición dos seus contidos e as fontes en que se basean.

**Idade do Bronce:** Período da Prehistoria que vai dende o 1800 ata o 600 a.C., caracterizado por importantes cambios sociais, económicos e políticos e a aparición da metalurxia coa fabricación de armas e xoias de cobre e ouro. Apoxeo dos petróglifos. Sociedade precursora da cultura dos castros.

**Incineración:** Rito funerario consistente na cremación do cadáver, depositando as cinsas en urnas.

**Industria lítica:** Relativo á fabricación de útiles en pedra.

**Inhumación:** Rito funerario que consiste no enterramento ou deposición do cadáver baixo terra.

**Inscultura:** Gravura rupestre realizada cunha técnica de piqueteado ou frotamento continuo, que proporciona incisións anchas e profundas.

**Labirinto:** Decoración que lembra o debuxo en planta das liñas dun conxunto, xeralmente intrincado e cheo de recovecos e pasadizos.

**Lítico:** Referido á pedra.

**Lousa:** Pedra plana que se utiliza, entre outros cometidos, para empedrar.

**Machado:** Ferramenta de pedra ou de metal enmangada para cortar ou fender.

**Mámoa:** Túmulo artificial feito de terra ou de terra e pequenas pedras, case sempre de forma próxima á semiesfera, que sinala e garda o lugar dun ou varios enterramentos. No seu interior pódense atopar estruturas pétreas (antas). En Galicia, as súas dimensións son variables.

**Megalítico:** Do grego megas, grande, e lithos, pedra. Etapa prehistórica caracterizada pola construción con grandes pedras destinadas, fundamentalmente, a usos funerarios que implica unha primeira monumentalización da paisaxe.

**Mesolítico:** Período prehistórico situado entre o Paleolítico e o Neolítico.

**Metodoloxía:** Método de investigación utilizado pola Arqueoloxía.

**Microlito:** Do grego micros, pequeno, e lithos, pedra. Denominación dada a pezas de pequeno tamaño, aplicada ao os períodos Paleolítico e Neolítico.

**Mitoloxía:** Narración sobre divindades e heroes fabulosos. Como obxecto de estudo das estruturas sociais é moi apreciada poloa antropoloxía e a etnoloxía.

**Molde:** Peza que reproduce en negativo a forma que quere darse á figura que se trata de reproducir.

**Monolito:** Monumento ou columna feito dun só bloque de pedra.

**Motivo:** Na arte rupestre, calquera grafismo ao que se atribúe unha intención simbólica. As súas formas son moi variadas, e os usos e significados deberon de ser múltiples, sen que ata o momento haxa unha interpretación particular acerca deles.

**Mouros/as:** As mouras son seres fantásticos con poderes sobrenaturais do folclore galego e portugués. Son de gran beleza e encantan aos que se cruzan no seu camiño mentres peitean os longos cabelos louros cun peite de ouro. Adoitan aparecer xunto as fontes, pontes, ríos, covas, castelos e onde hai tesouros ocultos. Leite de Vasconcelos di que eran deusas locais, espíritos da natureza. Os mouros custodiaban fabulosos tesouros. Os homes, ao contrario que as mulleres, eran escuros.

**Necrópole:** Lugar de enterramento de carácter colectivo. En Galicia sobresaen as mámoas e antas megalíticas.

**Neolítico:** De neos, novo, e lithos, pedra. Período da Prehistoria caracterizado pola existencia da agricultura, da sedentarización e xerarquización da sociedade. En Galicia adoita asociarse ao Megalitismo.

**Ortostato:** Monolito disposto verticalmente.

**Panteísmo:** Doctrina filosófica que identifica a Deus coa natureza.

**Pedrafitas:** Elemento de carácter megalítico formado por unha pedra monolítica chantada verticalmente. Correspóndese co termo de orixe bretona menhir.

**Peristalítico:** Anel de pedras que arrodea un túmulo megalítico.

**Petróglifo:** Gravado rupestre ao aire libre realizado sobre granito e que ten diversas funcións e significados. A maioría dos petróglifos galegos adxudícanse principalmente á Idade do Bronce e parte da do Ferro aínda que un bo número son de factura histórica.

**Prehistoria:** Aplícase ás etapas coñecidas fundamentalmente pola Arqueoloxía, é dicir, estuda o período da actividade humana anterior á Historia polos restos materiais con ausencia doutras fontes.

**Prospección arqueolóxica:** Traballo arqueolóxico destinado a recoñecer ou a identificar os xacementos.

**Puír:** Técnica característica do traballo da pedra.

**Rexistro arqueolóxico:** Refírese aos depósitos arqueolóxicos no seu conxunto, a todo o que aparece nos depósitos arqueolóxicos.

**Rupestre:** Feito na pedra ou sobre ela. Aplícase especialmente a pinturas e gravuras prehistóricas. En Galicia este tipo de arte está representado en acubillos rochosos, nas cámaras dalgunhas antas e nas gravuras rupestres ao aire libre (petróglifos).

**Sartego:** Sepulcro de pedra que contén o cadáver dunha persoa.

**Sedentario:** Relativo aos pobos cuxa actividade económica fundamental é a agricultura, polo que permanecen asentados nun territorio.

**Serpentiforme:** En forma de serpe.

**Sílex:** Variedade do seixo que permite facer lascas cortantes. Útil prehistórico.

**Simbolismo:** Calquera tendencia que na arte utilice frecuentemente símbolos, buscando o coñecemento intelectual e a expresión conceptual.

**Símbolo:** Signo gráfico con que se representa unha idea por razón de certa semellanza existente entre o símbolo e o simbolizado.

**Talón:** Tipo de machado de bronce.

**Tipoloxía:** Técnica que ten por obxecto clasificar determinadas creacións segundo a súa forma.

**Toponimia:** Designación das localidades polos seus nomes. Estudo lingüístico da orixe das localidades. Pode resultar de grande axuda na prospección arqueolóxica, sobre todo cando se trata de entidades ou lugares menores (microtopónimos).

**Túmulo:** Montaña artificial que cubre unha sepultura. Mámoa.

**Xacemento arqueolóxico:** Lugar onde se documentan pegadas significativas da acción humana no pasado. Para os restos somerxidos emprégase o termo pecio.

**Xeografía:** Ciencia que estuda a superficie terrestre, a distribución espacial que se dá nela e as relacións entre os seus fenómenos físicos e sociais. Naceu na antiga Grecia e resulta de grande axuda para a historia.

**Xeométrico:** Dise da arte cuxos elementos decorativos e ornamentais están formados por motivos xeométricos fundamentalmente.

**Zigue-zague:** Decoración composta de liñas que forman, sucesivamente, ángulos entrantes e saíntes.

## ➔ Bibliografía

Arias Vilas, F.: En Gallaecia: *Un documento de J. Cornide a propósito do tramo viario Lucus-Brigantium*. (1980)

Baños Rodríguez, X.: *Antas e pedrafitas de Galicia, guía para a súa localización*. (1996)

Blanco Prado, J. M. e Martínez de la Vega, H.: En Lucus: *Mámoas, castros y leyendas de Friol*. (1976)

Boga Moscoso, R.: *Dólmenes de Galicia: Arquitectura das grandes pedras*. (1997)

Boletíns da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Lugo.

Boletíns do Museo Provincial de Lugo.

- Cabrejas Dominguez, E.: En *Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio (CAPA): As paixaxes culturais de montaña en Galicia: coñecemento e xestión en parques eólicos*. (2010)
- Calo Lourido, F.: *Das orixes á romanización*. (1990)
- Caridad Arias, J. 1995: *Toponimia y mito; el origen de los nombres*. (1995)
- Carrera Ramírez, F., Costas Goberna, F. e Peña Santos, A.: *Grabados rupestres en Galicia: características generales y problemática de su gestión*. (2002)
- Cegarra, B.: *Guía da arte de Galicia*. (1992)
- Coira Sanjurjo, J. M.: Inédito. *Friol y su comarca a través de los siglos. Apuntes históricos sobre el ayuntamiento de Friol*. (1972)
- Costas Goberna, J. e Novoa Álvarez, P.: *Los grabados rupestres de Galicia*. (1993)
- Criado Boado, F.: En *Brigantium: Catalogación de mámoas en los municipios de Curtis, Sobrado y tierras adyacentes*. (1980)
- Fábregas Valcarce, R.: *Los petroglifos y su contexto*. (2001)
- Fariña Jamardo, X.: En *Os Concellos Galegos, tomo IV: Concello de Friol*. (1993)
- Fatás, G. e Borrás, G.M.: *Diccionario de Términos de Arte*. (1980)
- Ferro Couselo, S.: *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*. (1952)
- García Alén, A. e De la Peña Santos, A.: *Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra*. (1981)
- García Martínez, M.C.: *Sobre la tipología de los grabados rupestres lucenses*. (1970)
- Gómez Vila, J.: En *Actas do III Congreso del Neolítico en la Península Ibérica: Caminos y túmulos. Aproximación al estudio de los caminos megalíticos en el noroeste peninsular*. (2005)
- González Aguiar, B.: *Grabados rupestres en el sur de la provincia de Lugo*. (2012)
- González Reboredo, X.M.: No *Boletín da Comisión provincial de monumentos Históricos e Artísticos de Lugo: Miscelánea Arqueolóxico de terras lucenses*. (1970)
- Martínez Salazar, A.: No *Boletín da Real Academia Galega: Sobre apertura de mámoas a principios del siglo XVII*. (1909)
- Núñez Jato, J. F. e Rodríguez Varela, L.: *Arqueoloxía en Outeiro de Rei: mámoas e outros restos*. (1995)
- Núñez Jato, J. F. e Rodríguez Varela, L.: *Prospección e inventario de túmulos megalíticos e outras informacións sobor de xacementos prehistóricos no concello de Outeiro de Rei*. (1989)
- Núñez Jato, J. F. e Rodríguez Varela, L.: *Prospección e inventario de túmulos megalíticos do concello de Friol, Lugo. Zona oriental*. (1992)
- Núñez Jato, J. F. e Rodríguez Varela, L.: En *Croa: Prospección no concello de Friol (I): mámoas e folclore arqueolóxico*. (1996)
- Parceros Oubiña, C., Ayán Vila, X.M., Fábrega Álvarez e Teira Brión, A.: En *Los pueblos de la Galicia céltica, coordinado por F. J. González García: Arqueología, paisaje y sociedad*. (2007)
- Peña Santos, A.: *Los petroglifos gallegos: grabados prehistóricos al aire libre*. (1992)
- Rodríguez Casal, A.: *O megalitismo: a primeira arquitectura monumental de Galicia*. (1990)
- Romero Masiá, A. e Arias Vilas, F.: *Diccionario de termos de Arqueoloxía e Prehistoria*. (1995)
- Santos Estévez, M.: En *TAPA: Petroglifos y paisaje social en la prehistoria reciente del Noroeste de la Península Ibérica*. (2007)
- Secretaría Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal da Xunta de Galicia: *Mapa de parroquias de Galicia*. (2001)
- Suárez Otero, J.: En *Gallaecia: Metalurgia y cultura en el Bronce Final gallego*. (2002)
- Valcarce, R.: No *Boletín do Museo provincial de Lugo: Para una tipología de los útiles de piedra pulimentada de la cultura megalítica de Galicia*. (1984)

Valiña Sampedro, E.: *Inventario artístico de Lugo y su provincia*. (1976)

Vázquez Seijas, M.: No Boletín da Comisión de Monumentos de Lugo: *Insculturas rupestres. Aportación de la provincia de Lugo*.

Vázquez Seijas, M.: *Notas sobre túmulos lucenses*. (1953)

Vázquez Seijas, M.: *Lugo en los tiempos prehistóricos*.

Vázquez Seijas, M.: No Boletín da Comisión de Monumentos de Lugo: *Curioso molde para la fundición de hachas de talón*. (1994)

### Páxinas web

[www.concellodefriol.es](http://www.concellodefriol.es): Concello de Friol

[www.galiciaencantada.com](http://www.galiciaencantada.com): Galicia Encantada

[www.xunta.gal/nomenclator](http://www.xunta.gal/nomenclator): Nomenclátor de Galicia

<http://onosopatrimonio.blogspot.com>: O Noso Patrimonio

<http://terrasdefriol.blogspot.com>: Friol: algo máis que pan e queixo

### Cartografía

*Iberpix*

*Sixpac*

*Visor de Aproveitamentos Forestais da Xunta de Galicia*

*Visor do Plan Básico Autonómico da Xunta de Galicia*

### Croquis e fotografías:

Os croquis e algunhas fotos incluídas no presente traballo proceden das fichas de catalogación do patrimonio da Xunta de Galicia, revisadas e ampliadas por Parcero Oubiña e Otero Vilariño no ano 1997, sobre as precedentes elaboradas por Juan F. Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela no ano 1992. As fotos incluídas sen máis referencia son dos autores. Grazas ao rexistro fotográfico e os planos, así como aos pormenorizados informes levados a cabo polos nosos predecesores, podemos ter hoxe en día unha idea moi precisa de moitos xacementos que foron destruídos ou gravemente danados no decorrer das últimas décadas.



## ➔ Anexo 1

CÓDIGO	NOME	PARROQUIA	LUGAR	X	Y
GA27020001	Mámoa 1 das Gándaras de Relucín	Xiá (Santa María)	Portadornas	593.616	4.763.724
GA27020003	Mámoa doMonte Candaíde 1	Carballo (San Xiao)	Froxelle	592.161	4.763.310
GA27020004	Mámoa doMonte Candaíde 2	Carballo (San Xiao)	Froxelle	592.120	4.763.286
GA27020005	Mámoa doMonte Candaíde 3	Carballo (San Xiao)	Froxelle	592.105	4.763.326
GA27020006	Mámoa doMonte Candaíde 4	Carballo (San Xiao)	Froxelle	592.123	4.763.349
GA27020007	Mámoa doMonte Candaíde 5	Carballo (San Xiao)	Manxadoiro, O	591.797	4.763.537
GA27020008	Mámoa doMonte Candaíde 6	Carballo (San Xiao)	Froxelle	592.007	4.763.282
GA27020009	Mámoa das Gándaras de Relucín 3	Carballo (San Xiao)	Portadornas	593.764	4.763.845
GA27020010	Mámoa 4 das Gándaras de Relucín	Xiá (Santa María)	Portadornas	594.061	4.763.948
GA27020011	Mámoa das Gándaras de Relucín 2	Carballo (San Xiao)	Penelas, As	593.539	4.763.785
GA27020012	Mámoa das Gándaras de Relucín 5	Carballo (San Xiao)	Portadornas	594.208	4.764.126
GA27020013	Mámoa 6 das Gándaras de Relucín	Xiá (Santa María)	Portadornas	594.337	4.764.075
GA27020014	Petróglifo de Pena do Zapato 1	O Pacio (Santa María)	Retorta, A	601.304	4.756.208
GA27020015	Pena Cabaleira	O Pacio (Santa María)	Retorta, A	601.260	4.756.647
GA27020016	Pena Porreira	O Pacio (Santa María)	Retorta, A	601.105	4.756.761
GA27020017	Mámoa de Rebordelos 1	Seoane da Pregación (San Xoán)	Rebordelo de Arriba, O	601.289	4.758.380
GA27020018	Mámoa de Rebordelos 2	Seoane da Pregación (San Xoán)	Rebordelo de Arriba, O	601.335	4.758.345
GA27020019	Mámoa de Rebordelos 3	Seoane da Pregación (San Xoán)	Rebordelo de Arriba, O	601.355	4.758.325
GA27020021	Mámoa das Gándaras de Relucín 7	Xiá (Santa María)	Portadornas	594.226	4.764.043
GA27020022	Mámoa das Gándaras de Relucín 8	Carballo (San Xiao)	Portadornas	594.298	4.764.269
GA27020023	Mámoa das Gándaras de Relucín 9	Carballo (San Xiao)	Portadornas	594.219	4.764.318
GA27020024	Mámoa doMonte Carballido 1	Rocha (San Cosmede)	Barallobre	594.256	4.764.941
GA27020025	Mámoa doMonte Carballido 2	Ramelle (Santa María)	Barallobre	594.479	4.765.062
GA27020026	Mámoa da Reigosa 4	Friol (San Xiao)	Pedreiras, As	596.929	4.765.618
GA27020027	Mámoa de Poza Cabanas	Ramelle (Santa María)	Pedreiras, As	596.875	4.765.610
GA27020028	A Medorra de Reigosa 1	Friol (San Xiao)	Reigosa, A	597.332	4.765.832
GA27020029	Mámoa doMonte Carballido 3	Rocha (San Cosmede)	Carregal, o	594.533	4.765.126
GA27020030	Mámoa doMonte Carballido 4	Rocha (San Cosmede)	Barallobre	594.498	4.765.106
GA27020031	Mámoa doMonte Carballido 5	Ramelle (Santa María)	Ramelle	594.732	4.765.077
GA27020033	Mámoa doMonte Carballido 7	Rocha (San Cosmede)	Carregal, o	594.672	4.765.171
GA27020034	Mámoa da Reigosa 5	Ramelle (Santa María)	Pedreiras, As	596.478	4.766.026
GA27020035	Mámoa da Reigosa 2	Ramelle (Santa María)	Pedreiras, As	596.650	4.765.910
GA27020036	Mámoa da Reigosa 3	Ramelle (Santa María)	Pedreiras, As	596.950	4.765.710
GA27020037	Mámoa doMonte Carballido 9	Ramelle (Santa María)	Ramelle	594.805	4.765.068
GA27020038	Mámoa doMonte Carballido 8	Ramelle (Santa María)	Carregal, O	594.611	4.765.128
GA27020041	Mámoa doMonte Vixide	Prado (San Martiño)	Empalme, O	596.222	4.763.465
GA27020044	Mámoa dos Castelos	Friol (San Xiao)	Outarelo	598.475	4.763.485
GA27020045	Mámoas de Casas da Noite	Friol (San Xiao)	Outarelo	598.700	4.764.410
GA27020046	Mámoa doMonte Cotón 1	San Martiño de Condes (San Martiño)	Casas do Monte, As	600.250	4.763.960
GA27020047	Mámoa doMonte Cotón 3	San Martiño de Condes (San Martiño)	Casas do Monte, As	600.025	4.763.610

GA27020048	Mámoa do Monte das Tenzas 3	Friol (San Xiao)	Casas do Monte, As	599.826	4.765.211
GA27020049	Mámoa do Monte das Tenzas 1	Friol (San Xiao)	Casas do Monte, As	599.860	4.765.137
GA27020050	Mámoa do Monte das Tenzas 2	Friol (San Xiao)	Campo da Torre, O	599.740	4.765.112
GA27020051	Medorra do Corzo	Santalla de Devesa (Santalla)	Casas do Cego, As	600.677	4.765.424
GA27020052	Mámoa de Pedrouzos 1	Santalla de Devesa (Santalla)	Casas do Cego, As	600.936	4.764.945
GA27020053	Mámoa de Pedrouzos 2	Santalla de Devesa (Santalla)	Casas do Cego, As	600.877	4.764.831
GA27020054	Mámoa de Pedrouzos 3	Santalla de Devesa (Santalla)	As Casas do Cego	600.933	4.764.757
GA27020055	Mámoa do Monte Cotón 4	San Martiño de Condes (San Martiño)	Casas do Monte, As	600.166	4.763.465
GA27020056	Mámoa dos Pedrouzos 4	Santalla de Devesa (Santalla)	Casas do Cego, As	601.073	4.764.947
GA27020057	A Medorra de Xoana	Santalla de Devesa (Santalla)	Sisto, O	601.042	4.766.311
GA27020058	Medorra de Robellós	Guldriz (Santiago)	Leboreira, A	602.105	4.764.009
GA27020059	Medorra de Penelas	Guldriz (Santiago)	Guldriz de Abaixo	601.643	4.763.828
GA27020060	Petróglifo das Penelas 2	Guldriz (Santiago)	Guldriz de Abaixo	601.611	4.763.847
GA27020061	Mámoa do Monte das Tenzas 4	Friol (San Xiao)	Campo da Torre, O	599.459	4.765.013
GA27020062	Mámoa da Boleta	Guldriz (Santiago)	Boleta, A	602.050	4.763.560
GA27020063	Petróglifo das Penelas 3	Guldriz (Santiago)	Guldriz de Abaixo	601.755	4.763.795
GA27020064	Mámoa de Costa de Mera 1	Guldriz (Santiago)	Guldriz de Arriba	602.260	4.762.722
GA27020065	Mámoa de Costa de Mera 2	Guldriz (Santiago)	Boleta, A	602.413	4.762.865
GA27020066	Mámoa de Costa de Mera 3	Guldriz (Santiago)	Guldriz de Arriba	602.384	4.762.810
GA27020067	Petróglifo da Costa de Mera	Guldriz (Santiago)	Boleta, A	602.409	4.762.956
GA27020068	Medorra de Rolfe	Guldriz (Santiago)	Guldriz de Arriba	602.452	4.762.592
GA27020069	Medorra daMoruxosa	Serén (Santa Cruz)	Seixalbo	602.741	4.762.248
GA27020070	Mámoa do Pico das Pías	Serén (Santa Cruz)	Seixalbo	602.850	4.762.106
GA27020073	Mámoa de Portasueiro 1	Cotá (San Martiño)	Portasueiro	603.292	4.764.857
GA27020074	Mámoa de Portasueiro 2	Cotá (San Martiño)	Portasueiro	603.620	4.765.037
GA27020075	Mámoa do Vieiro 1	Cotá (San Martiño)	Castrodá	603.945	4.765.499
GA27020076	Mámoa do Vieiro 2 - Capela do Vieiro	Cotá (San Martiño)	Castrodá	603.937	4.765.545
GA27020077	Mámoa de Penalonga	Vilalvite (San Pedro)	Penalonga, A	604.906	4.764.524
GA27020078	Mámoa de Castrodá	Vilalvite (San Pedro)	Castrodá	604.567	4.764.979
GA27020079	Mámoa doMonte de Chao 1	Serén (Santa Cruz)	Rebolo, O	603.957	4.763.534
GA27020080	Mámoa do Vieiro 3	Cotá (San Martiño)	Portasueiro	603.822	4.765.380
GA27020081	Mámoa do Cangallón	Vilalvite (San Pedro)	Ferrerías, As	605.200	4.764.785
GA27020085	Mámoa doMonte de Lamas 6	Guimarei (Santa María)	Meigonte	601.375	4.761.050
GA27020086	Petróglifo de Monte das Lamas 1	Guimarei (Santa María)	Abelleira, A	601.338	4.761.240
GA27020087	Petróglifo doMonte das Lamas 2	Guimarei (Santa María)	Meigonte	601.339	4.761.147
GA27020088	Petróglifo doMonte das Lamas 3	Guimarei (Santa María)	Meigonte	601.327	4.761.155
GA27020089	Petróglifo doMonte das Lamas 4	Guimarei (Santa María)	Meigonte	601.402	4.760.850
GA27020090	Mámoa doMonte das Lamas 2	Guimarei (Santa María)	Eirexe, A	600.590	4.761.115
GA27020091	Mámoa doMonte das Lamas 3	Guimarei (Santa María)	Eirexe, A	600.658	4.761.053
GA27020092	Mámoa doMonte das Lamas 5	Guimarei (Santa María)	Eirexe, A	600.507	4.761.142
GA27020093	Mámoa doMonte das Lamas 1	Guimarei (Santa María)	Eirexe, A	600.825	4.760.985
GA27020094	Mámoa doMonte das Lamas 4	Guimarei (Santa María)	Eirexe, A	600.535	4.761.275
GA27020095	Medorra do Castro	Vilafiz (Santa María)	Laxes, As	603.611	4.761.460

GA27020096	Mámoa de Gonce	Vilafiz (Santa María)	Laxes, As	604.045	4.761.265
GA27020097	O Parapeto	Vilafiz (Santa María)	Gonce	604.479	4.761.393
GA27020098	Mámoa doMonte Lebureiro 6	Vilafiz (Santa María)	Laxes, As	604.318	4.760.491
GA27020099	Mámoa doMonte Lebureiro 5	Vilafiz (Santa María)	Laxes, As	604.295	4.760.430
GA27020100	Mámoa doMonte Lebureiro 4	Vilafiz (Santa María)	Laxes, As	604.270	4.760.382
GA27020101	Mámoa doMonte Lebureiro 3	Vilafiz (Santa María)	Laxes, As	604.208	4.760.330
GA27020102	Mámoa doMonte Lebureiro 2	Vilafiz (Santa María)	Laxes, As	604.181	4.760.315
GA27020103	Mámoa doMonte Lebureiro 7	Vilafiz (Santa María)	Laxes, As	604.333	4.760.588
GA27020104	Mámoa doMonte Lebureiro 1	Vilafiz (Santa María)	Laxes, As	604.385	4.760.756
GA27020105	Petróglifo 5 de Campo da Feira	Guimarei (Santa María)	Abelleira, A	601.338	4.761.636
GA27020106	Petróglifo 6 de Campo da Feira	Guldriz (Santiago)	Abelleira, A	601.337	4.761.768
GA27020107	Mámoa 1 doMonte Medorra	Seoane da Pregación (San Xoán)	Rebordelo	600.810	4.758.941
GA27020108	Mámoa doMonte Medorra 1	Seoane da Pregación (San Xoán)	Rebordelo	600.716	4.758.559
GA27020109	Mámoa 2 doMonte Medorra	O Pacio (Santa María)	Vilar de Salgueiros	600.975	4.757.660
GA27020110	Petróglifo doPena do Zapato 2	O Pacio (Santa María)	Retorta, A	601.310	4.756.189
GA27020112	Mámoa 7 doMonte das Lamas	Guimarei (Santa María)	Eirexe, A	600.142	4.761.428
GA27020113	Mámoa 8 doMonte das Lamas	Guimarei (Santa María)	Fondoso, O	600.030	4.761.406
GA27020114	Mámoa 9 doMonte das Lamas	Guimarei (Santa María)	Fondoso, O	600.056	4.761.343
GA27020117	Mámoa doMonte Acevedo	Vilafiz (Santa María)	Acevedo	604.475	4.762.605
GA27020118	Medorra de Corra	Vilalvite (San Pedro)	Corra	607.241	4.765.599
GA27020120	Medorra 1 doMonte da Pena de Cota	Cotá (San Martiño)	Pena, A	605.568	4.767.973
GA27020121	Medorra 2 do Monte da Pena Cotá	Cotá (San Martiño)	Pena, A	605.478	4.768.244
GA27020122	Medorra 3 do Monte da Pena de Cotá	Cotá (San Martiño)	Sancroio	605.437	4.768.317
GA27020123	Medorra de Monteirón - Mámoa 1 da Gándara de Naria	Santalla de Devesa (Santalla)	Toar	600.783	4.767.081
GA27020124	Mámoa da Gándara de Narla 02	Santalla de Devesa (Santalla)	Toar	600.896	4.767.295
GA27020125	Mámoa da Gándara de Narla 19	Narla (San Pedro)	Toar	600.405	4.766.848
GA27020126	Mámoa da Gándara de Narla 18	Narla (San Pedro)	Toar	600.389	4.766.913
GA27020127	Mámoa da Gándara de Narla 20	Narla (San Pedro)	Eirexe, A	600.240	4.767.497
GA27020128	Mámoa da Gándara de Narla 16 - Medorra Aberta	Santalla de Devesa (Santalla)	Vilapedre	601.364	4.767.545
GA27020129	Mámoa da Gándara de Narla 08	Santalla de Devesa (Santalla)	Vilapedre	601.359	4.767.421
GA27020130	Mámoa da Gándara de Narla 07	Santalla de Devesa (Santalla)	Vilapedre	601.453	4.767.416
GA27020131	Mámoa da Gándara de Narla 05 - Medorra do Zancón	Santalla de Devesa (Santalla)	Vilapedre	601.593	4.767.564
GA27020132	Mámoa da Gándara de Narla 17	Narla (San Pedro)	Vilapedre	601.341	4.767.699
GA27020133	Mámoa da Gándara de Narla 04	Cotá (San Martiño)	Agruñá	601.643	4.767.760
GA27020134	Mámoa da Gándara de Narla 13	Narla (San Pedro)	Agruñá	601.700	4.768.035
GA27020135	Mámoa da Gándara de Narla 15	Narla (San Pedro)	Portonovo, O	601.706	4.768.103
GA27020136	Mámoa da Gándara de Narla 06	Narla (San Pedro)	Vilapedre	601.478	4.767.658
GA27020137	Mámoa da Gándara de Narla 09	Cotá (San Martiño)	Vilapedre	601.740	4.767.471
GA27020138	Mámoa da Gándara de Narla 10	Cotá (San Martiño)	Vilapedre	601.809	4.767.321
GA27020139	Mámoa de Portonovo	Ousá (San Xiao)	Portonovo, O	601.732	4.768.702
GA27020140	Mámoa 1 das Lamelas	Ousá (San Xiao)	Lamelas, As	601.975	4.769.026
GA27020141	Mámoa 2 das Lamelas	Ousá (San Xiao)	Lamelas, As	601.905	4.769.082
GA27020142	Mámoa 3 das Lamelas	Ousá (San Xiao)	Lamelas, As	602.075	4.769.266

GA27020143	Mámoa 4 das Lamelas	Ousá (San Xiao)	Lamelas, As	602.145	4.769.406
GA27020144	Mámoa 1 de Mozón	Ousá (San Xiao)	Mozón, O	602.556	4.769.959
GA27020145	Mámoa 2 de Mozón	Ousá (San Xiao)	Mozón, O	602.529	4.770.062
GA27020146	Mámoa 1 de Quintá	Ousá (San Xiao)	Quintá	601.940	4.770.605
GA27020147	Mámoa 2 de Quintá	Ousá (San Xiao)	Quintá	601.954	4.770.653
GA27020148	Petróglifo 5 de Quintá	Ousá (San Xiao)	Casa de Parga, A	602.037	4.770.690
GA27020149	Pena da Auga	Ousá (San Xiao)	Casa de Parga, A	602.157	4.771.282
GA27020150	Mámoa 2 da Rexidoira	Cotá (San Martiño)	Rexidoira, A	603.038	4.766.473
GA27020151	Mámoa 3 da Rexidoira	Cotá (San Martiño)	Dombrollo	603.148	4.766.471
GA27020152	Mámoa 1 da Rexidoira	Cotá (San Martiño)	Rexidoira, A	602.901	4.766.684
GA27020153	Mámoa 2 do Castelo	Ousá (San Xiao)	Pedra do Couto	601.312	4.771.603
GA27020154	Mámoa 3 do Castelo	Ousá (San Xiao)	Pedra do Couto	601.277	4.771.573
GA27020155	Mámoa 4 do Castelo	Ousá (San Xiao)	Pedra do Couto	601.195	4.771.699
GA27020156	Mámoa 4 da Rexidoira	Cotá (San Martiño)	Dombrollo	603.355	4.766.435
GA27020157	O Francés - Mámoa 1 de Espiñeira	Narla (San Pedro)	Espiñeira, A	600.247	4.769.530
GA27020158	Gándara da Espiñeira - Mámoa 2 de Espiñeira	Narla (San Pedro)	Espiñeira, A	600.284	4.769.507
GA27020159	Medorra das Pallotas - Mámoa 2 da Purreira	Narla (San Pedro)	Pedra do Couto	600.436	4.771.436
GA27020160	Mámoa 1 da Purreira	Narla (San Pedro)	Lagoa	600.380	4.771.123
GA27020161	Mámoa 4 da Purreira	Narla (San Pedro)	Pedra do Couto	600.500	4.772.035
GA27020162	Mámoa 3 da Purreira	Ousá (San Xiao)	Pedra do Couto	600.575	4.771.636
GA27020163	Mámoa 4 da Pedra do Couto	Trasmonte (Santiago)	Pedra do Couto	600.356	4.772.733
GA27020164	Petróglifo da Pedra do Couto	Trasmonte (Santiago)	Ramada, A	600.138	4.773.004
GA27020165	Medorra das Barreiras - Mámoa 2 do Berdellón	Ousá (San Xiao)	Casa do Pazo, A	603.432	4.771.133
GA27020166	Mámoa 1 do Berdellón	Ousá (San Xiao)	Vilar, O	603.536	4.770.920
GA27020167	Forno dos Mouros	Ousá (San Xiao)	Casa do Pazo, A	603.747	4.771.340
GA27020168	Mámoa 3 do Berdellón	Ousá (San Xiao)	Casa do Pazo, A	603.568	4.771.396
GA27020169	Mámoa 5 do Berdellón	Ousá (San Xiao)	Lourido	603.876	4.771.350
GA27020170	Mámoa 6 do Berdellón	Ousá (San Xiao)	Lourido	603.867	4.771.319
GA27020172	Mámoa da Pena da Cabra	Ousá (San Xiao)	Insua, A	604.531	4.771.200
GA27020174	Mámoa 1 do Castelo	Ousá (San Xiao)	Casa de Parga, A	601.393	4.771.503
GA27020175	Mámoa 1 da Pedra do Couto	Narla (San Pedro)	Pedra do Couto	600.448	4.772.387
GA27020176	Mámoa 2 da Pedra do Couto	Trasmonte (Santiago)	Pedra do Couto	600.525	4.772.486
GA27020177	Chousa do Muíño	Narla (San Pedro)	Ramada, A	599.659	4.771.935
GA27020178	Mámoa 3 da Pedra do Couto	Trasmonte (Santiago)	Pedra do Couto	600.316	4.772.796
GA27020180	Mámoa da Penela	Trasmonte (Santiago)	Vilariño	598.435	4.772.164
GA27020181	Petróglifo de Bouzaboa	Trasmonte (Santiago)	Bouzaboa de Abaixo, A	598.077	4.774.018
GA27020182	Mámoa 4 de Ponte Leixoso	Seixón (San Paio)	Sucampo	595.636	4.774.804
GA27020183	Mámoa 3 de Ponte Leixoso	Seixón (San Paio)	Sucampo	595.415	4.774.816
GA27020184	Mámoa 2 de Ponte Leixoso	Seixón (San Paio)	Sucampo	595.385	4.774.856
GA27020185	Mámoa 1 de Ponte Leixoso - Medorra da Valiña	Seixón (San Paio)	Sucampo	595.285	4.775.073
GA27020186	Mámoa 1 de Pontella	Miraz (Santiago)	Pontella, A	593.775	4.774.575
GA27020187	Mámoa 3 de Pontella	Miraz (Santiago)	Pontella, A	593.917	4.774.969
GA27020189	Petróglifo da Pena da Uz	Miraz (Santiago)	Pontella, A	593.924	4.775.184
GA27020190	Mámoa 5 de Pontella	Miraz (Santiago)	Pontella, A	593.905	4.775.045
GA27020191	Mámoa 4 de Pontella	Miraz (Santiago)	Pontella, A	593.845	4.774.965
GA27020192	Mámoa 1 da Rocha	Miraz (Santiago)	Corveiros	592.919	4.775.439

GA27020193	Mámoa 2 da Rocha	Miraz (Santiago)	Corveiros	592.958	4.775.425
GA27020194	Mámoa 3 da Rocha	Miraz (Santiago)	Corveiros	592.963	4.775.386
GA27020197	Mámoa 1 de Vilaríño	Nodar (San Mamede)	Ponteliñeira, A	594.296	4.769.582
GA27020198	Mámoa 2 de Vilaríño	Nodar (San Mamede)	Ponteliñeira, A	594.316	4.769.592
GA27020199	Mámoa 3 de Vilaríño	Carlín (Santa María)	Ponteliñeira, A	594.200	4.769.865
GA27020200	Mámoa 4 de Vilaríño	Nodar (San Mamede)	Vilaríño	593.995	4.769.455
GA27020201	Mámoa 5 de Vilaríño	Nodar (San Mamede)	Vilaríño	593.745	4.769.175
GA27020209	Mámoa doMonte de Fofe	Lamas (Santa María)	Golmar	599.025	4.766.755
GA27020210	Mámoa 1 doMonte Ameneiros	Narla (San Pedro)	Toar	599.711	4.766.836
GA27020211	Mámoa 2 doMonte Ameneiros	Narla (San Pedro)	Golmar	599.534	4.766.945
GA27020212	Mámoa 1 daEirexe	Narla (San Pedro)	Seidoiro	599.418	4.768.367
GA27020213	Mámoa 2 daEirexe	Narla (San Pedro)	Eirexe, A	599.635	4.768.202
GA27020214	Mámoa 1 do Pedrido	Narla (San Pedro)	Montecelos	597.712	4.769.079
GA27020215	Mámoa 2 do Pedrido	Narla (San Pedro)	Montecelos	597.603	4.769.205
GA27020216	Mámoa 3 do Pedrido	Narla (San Pedro)	Argá de Arriba, A	597.561	4.770.141
GA27020217	Mámoa 4 do Pedrido	Carlín (Santa María)	Argá de Arriba, A	597.292	4.770.074
GA27020218	Mámoa da Zarra de Catuxo	Lea (San Xurxo)	Curral de Arriba, O	595.755	4.768.105
GA27020219	Mámoa 5 doMonte Pedrido	Carlín (Santa María)	Argá de Arriba, A	597.334	4.770.235
GA27020220	Mámoa 6 doMonte Pedrido	Carlín (Santa María)	Argá de Arriba, A	597.455	4.770.225
GA27020221	Medorra deLente	Narla (San Pedro)	Portela, A	598.364	4.769.752
GA27020223	Mámoa doCorral de Abaixo	Lea (San Xurxo)	Curral de Abaixo, O	596.946	4.767.830
GA27020224	Forno da Moura	Lea (San Xurxo)	Curral de Abaixo, O	596.876	4.767.766
GA27020226	Mámoas daDevesa 2	Carlín (Santa María)	Carlín	595.715	4.769.985
GA27020227	Mámoas daDevesa 3	Carlín (Santa María)	Carlín	595.655	4.769.905
GA27020228	Mámoa 1 doMonte Vilaldar	Miraz (Santiago)	Vilaldar	593.318	4.773.232
GA27020229	Mámoa 2 doMonte Vilaldar	Miraz (Santiago)	Vilaldar	593.282	4.773.145
GA27020230	Mámoa 3 doMonte Vilaldar	Miraz (Santiago)	Vilaldar	593.248	4.773.247
GA27020231	Mámoa 4 doMonte Vilaldar	Miraz (Santiago)	Vilaldar	593.058	4.773.029
GA27020232	Mámoa 5 de Monte Vilaldar	Miraz (Santiago)	Vilaldar	592.926	4.773.019
GA27020233	Mámoa 6 doMonte Vilaldar	Miraz (Santiago)	Vilaldar	593.039	4.772.926
GA27020234	Mámoa daPena do Mixón	Anafreita (San Pedro)	Cerdeiras	589.018	4.771.683
GA27020235	Mámoa doMonte do Espiño 1	Anxeriz (Santa María)	Loureiro, O	592.011	4.770.597
GA27020236	Mámoa doMonte do Espiño 2	Anxeriz (Santa María)	Loureiro, O	592.084	4.770.598
GA27020237	Mámoa 1 do Alto da Mámoa	Nodar (San Mamede)	Loureiro, O	591.313	4.770.345
GA27020238	Mámoa do Alto da Mámoa 2	Anafreita (San Pedro)	Fontes, As	591.201	4.770.387
GA27020239	Mámoa de Pena Ventosa - Mámoa do Colado	Anafreita (San Pedro)	Pereira, A	589.704	4.772.732
GA27020240	Mámoa da Pena dos Amoraos	Anafreita (San Pedro)	Pardiñeira	589.675	4.770.905
GA27020241	Mámoa 3 do Alto da Mámoa	Nodar (San Mamede)	Fontes, As	590.838	4.769.865
GA27020242	Mámoa do Monte do Seixo	Anafreita (San Pedro)	Pardiñeira	590.228	4.770.652
GA27020243	Mámoa 1 de San Mamede	Nodar (San Mamede)	Samede	592.217	4.769.947
GA27020244	Mámoa 2 de San Mamede	Nodar (San Mamede)	Samede	592.450	4.770.164
GA27020245	Mámoa do Sabugueiro 1	Anxeriz (Santa María)	Sabugueiro, O	592.939	4.770.556
GA27020246	Mámoa do Sabugueiro 3	Anxeriz (Santa María)	Sabugueiro, O	592.964	4.771.007
GA27020247	Mámoa do Sabugueiro 2	Anxeriz (Santa María)	Cuíña	592.875	4.771.145
GA27020248	Mámoa da Cerdeira	Nodar (San Mamede)	Cerdeira, A	592.126	4.768.262
GA27020249	Mámoa 1 da Pallota	Silvela (Santa María)	Pallota, A	589.153	4.767.039



GA27020250	Medorra da Cabana	Nodar (San Mamede)	Cabana, A	587.855	4.768.645
GA27020251	Mámoa 2 da Pallota	Silvela (Santa María)	Pallota, A	589.377	4.766.913
GA27020252	Mámoa 3 da Pallota	Silvela (Santa María)	Busto	589.629	4.766.805
GA27020253	Mámoa 1 do Cotón das Moas	Silvela (Santa María)	Covariza, A	590.611	4.766.567
GA27020254	Mámoa 2 do Cotón das Moas	Silvela (Santa María)	Covariza, A	590.660	4.766.607
GA27020255	Mámoa 1 do Monte Cotón	Silvela (Santa María)	Casanova, A	591.702	4.765.642
GA27020256	Mámoa 2 do Monte Cotón	Silvela (Santa María)	Casanova, A	591.707	4.765.626
GA27020257	Mámoa 3 do Monte Cotón	Silvela (Santa María)	Casanova, A	591.589	4.765.887
GA27020258	Mámoa 1 do Monte do Cotón	Silvela (Santa María)	Espiño, O	588.432	4.764.778
GA27020259	Mámoa 2 do Monte do Cotón	Silvela (Santa María)	Espiño, O	588.413	4.764.743
GA27020260	Mámoa 3 do Monte do Cotón	Silvela (Santa María)	Espiño, O	588.394	4.764.752
GA27020261	Mámoa da Gándara	Silvela (Santa María)	Gándara, A	590.059	4.764.092
GA27020262	Mámoa do Monte do Cordal 1	Carballo (San Xiao)	Silvela	591.008	4.763.666
GA27020263	Mámoa 2 do Monte do Cordal	Silvela (Santa María)	Silvela	591.189	4.763.608
GA27020265	Medorra da Galgueira - Mámoa da Galgueira 1	Carballo (San Xiao)	Albeiro, O	590.514	4.762.239
GA27020266	Medorra de Albeiro	Carballo (San Xiao)	Albeiro, O	590.035	4.761.925
GA27020267	Mámoa 2 da Galgueira	Xiá (Santa María)	Albeiro, O	590.951	4.762.459
GA27020268	Mámoa da Galgueira 3	Carballo (San Xiao)	Albeiro, O	590.966	4.762.505
GA27020269	Medorra das Peniñas	Xiá (Santa María)	Ascariz	591.555	4.761.085
GA27020271	Mámoa de Cebra 1	Xiá (Santa María)	Castorres	589.792	4.758.839
GA27020272	Mámoa de Cebra 2	Xiá (Santa María)	Castorres	589.759	4.758.908
GA27020273	Mámoa de Cebra 3	Xiá (Santa María)	Castorres	589.759	4.758.958
GA27020274	Mámoa de Cebra 4	Xiá (Santa María)	Castorres	589.166	4.758.780
GA27020275	Mámoa de Cebra 5	Xiá (Santa María)	Castorres	590.184	4.758.974
GA27020276	Mámoa da Pena Armada 1	Xiá (Santa María)	Casferro	589.335	4.759.685
GA27020277	Medorna do Monte do Alto 1	Xiá (Santa María)	Casas de Ferro	588.918	4.760.530
GA27020278	Mámoa 1 da Fonte do Can	San Martiño de Condes (San Martiño)	Fonte do Can, A	594.895	4.758.525
GA27020279	Mámoa 2 da Fonte do Can	San Martiño de Condes (San Martiño)	Fonte do Can, A	594.915	4.758.485
GA27020280	Mámoa 3 da Fonte do Can	San Martiño de Condes (San Martiño)	Fonte do Can, A	595.255	4.758.285
GA27020281	Mámoa 4 da Fonte do Can	San Martiño de Condes (San Martiño)	Fonte do Can, A	595.633	4.758.699
GA27020282	Mámoa 5 da Fonte do Can	San Martiño de Condes (San Martiño)	Fonte do Can, A	595.548	4.758.523
GA27020283	Mámoa 6 da Fonte do Can	San Martiño de Condes (San Martiño)	Fonte do Can, A	595.611	4.758.741
GA27020284	Mámoa do Abrigueiro 1	San Martiño de Condes (San Martiño)	Ximondriz	599.908	4.760.205
GA27020285	Mámoa de Xia	Xiá (Santa María)	Xiá	594.315	4.762.685
GA27020286	A Aurela	San Cibrao da Pregación (San Cibrao)	San Cibrao	596.316	4.757.641
GA27020287	A Medorra - Mámoa 1 de Guimarei	Guimarei (Santa María)	Abrigueiro, O	599.942	4.759.182
GA27020288	Mámoa 2 de Guimarei	Guimarei (Santa María)	Abrigueiro, O	600.033	4.759.525
GA27020289	Mámoa 3 de Guimarei	Guimarei (Santa María)	Abrigueiro, O	599.992	4.759.570
GA27020290	Mámoa 1 das Medorras	Seoane da Pregación (San Xoán)	Escaravella, A	600.068	4.758.610
GA27020291	Mámoa 2 das Medorras	Seoane da Pregación (San Xoán)	Escaravella, A	600.006	4.758.576
GA27020292	Mámoa 3 das Medorras	Seoane da Pregación (San Xoán)	Escaravella, A	599.882	4.758.500
GA27020293	Mámoa 4 das Medorras	Seoane da Pregación (San Xoán)	Escaravella, A	599.876	4.758.567

GA27020294	Mámoa 5 das Medorras	Seoane da Pregación (San Xoán)	Tralacorda	599.780	4.758.557
GA27020295	Mámoa 6 das Medorras	Seoane da Pregación (San Xoán)	Tralacorda	599.748	4.758.509
GA27020296	Mámoa 7 das Medorras	Seoane da Pregación (San Xoán)	Tralacorda	599.706	4.758.466
GA27020297	Mámoa de Tralacorda	Seoane da Pregación (San Xoán)	Tralacorda	599.295	4.758.361
GA27020298	Mámoa de Mundín	Seoane da Pregación (San Xoán)	Mundín	598.809	4.758.303
GA27020303	Mámoa do Monte Silvente	Friol (San Xiao)	Campo da Torre, O	599.542	4.764.263
GA27020307	Mámoa 3 da Silvela	Silvela (Santa María)	Silvela	591.048	4.763.636
GA27020308	Mámoa 4 do Vieiro	Cotá (San Martiño)	Dombrollo	603.813	4.765.507
GA27020309	Mámoa de Porta Carballeira 1	Lea (San Xurxo)	Curral de Arriba, O	596.539	4.768.291
GA27020309	Foxo do Cabrito	Carballo (San Xiao)	Foxo do Cabrito, O	588.059	4.763.263
GA27020310	Mámoa da Pena Armada 2	Xiá (Santa María)	Casferro	589.295	4.759.717
GA27020310	Mámoa de Porta Carballeira 2	Lea (San Xurxo)	Curral de Arriba, O	596.498	4.768.331
GA27020313	Mámoa da Gándara de Narla 03	Narla (San Pedro)	Vilapedre	601.500	4.767.730
GA27020314	Medorna do Monte do Alto 2	Paradela (San Paio)	Montelén	588.923	4.760.531
GA27020315	Mámoa de Resemil	Vilafiz (Santa María)	Remesar	604.058	4.758.438
GA27020317	Pena da Mira ou Ventureira	Miraz (Santiago)	Carballosa, A	590.492	4.773.624
GA27020319	Mámoa do Alto da Mámoa	Anafreita (San Pedro)	Cerdeiras	588.860	4.771.601
GA27020321	Mámoa da Galgueira 4	Xiá (Santa María)	Albeiro, O	590.869	4.762.421
GA27020322	Petróglifo do Cordal de Ousá	Ousá (San Xiao)	Casa do Pazo, A	602.380	4.771.681
GA27020323	Mámoa do Cordal de Ousá 2	Ousá (San Xiao)	Xulfe	602.327	4.772.166
GA27020325	Medorra de Sucastro	Lamas (Santa María)	Lamas	598.732	4.766.764
GA27020326	Medorna da Zanca - Forno dos Mouros	Serén (Santa Cruz)	Rebolo, O	603.583	4.764.064
GA27020327	Mámoa do Cordal do Chao	Serén (Santa Cruz)	Serén	603.936	4.763.296
GA27020328	Medorna da Pola	Anxeriz (Santa María)	Anxeriz	593.162	4.772.432
GA27020336	Dolmen de San Cibrao	San Cibrao da Pregación (San Cibrao)	San Cibrao	597.136	4.758.170
GA27020337	Túmulo de Xuro	Anxeriz (Santa María)	Anxeriz	593.057	4.772.206

# FRIOL PREHISTÓRICO. UN ESTUDO DOS PETRÓGLIFOS, TÚMULOS E CASTROS DO CONCELLO DE FRIOL

ANA FARIÑAS RODRÍGUEZ

2º Premio de investigación do Concello de Friol Xullo 2016

A Blanca Castro e a José María Carricoba,  
por ensinarme moito máis do que estaba nos libros.

A meus pais, ós avós, a María e a Ricardo  
por todo o apoio recibido.

“Non existe coñecemento que non sexa poder”.

RALPH WALDO EMERSON.

## ➔➔ 1. Introducción

O traballo que presentamos é unha viaxe ó Friol prehistórico. Trasladarémonos especificamente á etapa do Megalitismo, a cal corresponde ó Neolítico; á Idade do Bronce a cal ten como símbolo máis significativo os Petróglifos, e por último, á Idade do Ferro, onde falaremos do mundo castrexo. O traballo complementarase coas fichas dos xacementos que poderemos sacar de Patrimonio dos xacementos procedentes do Arquivo de Patrimonio Xeral da Xunta.

Por fortuna, formamos parte dun concello e dunha comarca culturalmente rica; non obstante, son poucos os valentes que se atreven a facer un estudo patrimonial, histórico ou memorial. Ben por falta de financiación, ou por falta de interese por parte das diversas institucións ou mesmo dos seus habitantes, non contamos con moitos estudos sobre a nosa terra. Por iso quixera destacar o inmenso labor que fan asociacións como *Carballo Vivo* ou *Friol, Algo máis que pan e queixo*, proxecto levado a cabo polos profesores do C.P. I Doutor López Suárez, Xosé María Carricoba e Blanca Castro, a través das cales tratan de trasladar ós veciños e ás veciñas de Friol o valor do noso patrimonio.

É fundamental o labor de todas estas iniciativas e o interese das distintas institucións para que o noso pasado non se perda, pois é algo que nos une e que forma parte da nosa identidade como pobo.

Este traballo será un intento de recuperar ese pasado tan importante, concretamente o noso pasado prehistórico. Ó longo deste traballo discutiremos sobre os distintos períodos da Prehistoria e engadiremos a información que poidamos atopar que sexa relativa a Friol, colocando a información de forma cronolóxica para mellor comprensión deste traballo. O feudalismo mantívose ata case finais do século XVIII e, xa a partir do século XIX, estableceuse o concello de Friol como orde administrativa tal e como a coñecemos hoxe.

Un dos capítulos máis esixentes deste traballo foi a recopilación e revisión de todo o material escrito sobre a Prehistoria. Atopámonos unha inxente cantidade de horas de traballo na revisión de todas as redaccións susceptibles de conter información directa ou indirectamente relacionada co tema que aquí nos ocupa. Aínda así conseguimos reunir as obras e estudos máis relevantes e ordenalos de forma cronolóxica, de xeito que poidamos ver a súa evolución, así como o medre do interese polo estudio da Prehistoria.

## ➔ 2. O espazo xeográfico

O primeiro paso é situarnos no espazo. Atopámonos pois, no concello de Friol, pertencente á comarca de Lugo.

Limita ó norte cos concellos de Guitiriz e Begonte; ó sur con Palas de Rei e Guntín, ó leste con Lugo e Outeiro de Rei, e o oeste, coa Provincia de A Coruña.

Conta cunha superficie de 295 km<sup>2</sup> e uns 4.000 habitantes. A Serra da Cova da Serpe é a serra máis coñecida, e separa a Provincia de Lugo da Provincia de A Coruña. Trátase dun pequeno cordal montañoso duns 25 quilómetros de lonxitude e forma parte da chamada dorsal atlántica.

Ademáis, enfrontámonos a un concello de moitos ríos e regatos. O máis longo é o río Narla, que atravesa a vila.

No rexistro de mámoas feito por Pedro Vázquez de Ornas en 1609 menciónase como a de maior importancia do concello a dos Castelos, na xurisdición da Torre de Narla, propiedade de Alonso Ordóñez das Seixas. Tamén se menciona, entre outras, a de Anafreita, a de Porto Angueiro (Anxeriz) e a de Reigosa.

Na Rocha de Narla, onde estivo a casa e castelo dos Ulloas, posiblemente houbera con anterioridade un poboado castrexo.

Durante a romanización esta zona estivo baixo o convento xurídico de *LucusAugusti*.

Na época visigótica creouse o condado de Narailiensis (de Narla), definido no concilio lucense en 569. Estendíase entre as provincias da Coruña e Lugo, e descoñécese a súa capitalidade, aínda que o topónimo de San Martiño de Condes permite supor que era alí.

Daquela época quedan topónimos como Arxerei, Ascariz, Gimondriz, Guldriz, Nobigilde, Recarei, Remesil ou Guimarei.

A raíz dese condado xurdiron outras ramas, como os de Mera, Parga ou Presares.

Este último, se ben non acadou tanta sona como o da Casa de Parga, tiña unha gran extensión territorial, desde o monte da Cova de Serpe pasando por Aranga, Melide e as terras de Montaos e Bergantiños.

A finais do século X Dona Tareixa, monxa do mosteiro de Sobrado dos Monxes e sobriña de San Rosendo, deu liberdade aos habitantes de Anafreita, sobre os que exercía señorío.

O rei Afonso IX hospedouse en San Martiño de Condes, desde onde enviou unha carta a Lugo ordenando que non recoñecesen a outro señor máis que ao bispo.

En abril de 1362 Vasco Pérez, fillo de Pedro López de Rodeiro, deu ao bispo de Lugo as súas posesións do couto de San Martiño dos Condes e no lugar da Mota *en correge mento e enmenda de moytos maes e dannos e queyxumes de paes, e de casas e roubos de gaados e de outras cousas mobles... e mortes de homes que eu fize e cometi por miña autoridade en o seu couto de Lugo contra a dita igrexa e os vasallos dela sen sua culpa...>*.

Na Idade Media as familias Ulloa, Parga e Seixas repartíronse o poder neste termo. Daquela época queda a torre de Friol, a fortaleza de San Paio de Narla, a torre de Miraz, o pazo de Remesil e o pazo de Trasmonte. Estas terras foron obxecto de loitas e preitos, como quedou reflectido nas chancelerías e nos escritos de Vasco da Ponte. O xenealoxista menciona que nas revoltas do século XV entre os nobres galegos, Gonzalo Ozores de Ulloa gañou Narla, sendo sucedido por Lope Sánchez de Ulloa, da casa de

Monterrei, quen o cedeu ao bispo de Lugo, xunto cos coutos de San Martiño dos Condes e Ferreira de Negral. Esta cesión foi confirmada por Sancho de Ulloa, fillo de Lope.

Durante o século XV as terras estaban repartidas entre a casa de Parga (da que foi sucesora a casa de Miraz), a de San Paio de Narla (propiedade dos Vázquez de Seixas), a casa de Ulloa (sucedida pola dos condes de Monterrei) e o bispo de Lugo, cos mosteiros de Sobrado dos Monxes e Santo Antoniño de Toques, e a orde militar de Santiago (pasando despois as súas propiedades á coroa).

A fortaleza de San Paio de Narla foi reconstruída no século XVI por Vasco de Seixas, señor da Casa Solar e Castro de Seixas e do Pazo de San Paio de Narla; era fillo de Vasco de Seixas “o vello” e de María Álvarez de Soutomaior, e neto de Vasco de Seixas, quen no século XIV fora señor de San Paio, Osera, Chantada, Ferreira, Samos, Sobrado e Eiré. Participou na loita dinástica dos Trastámara en favor de Don Henrique. O espazo señorial lucense estaba daquela repartido entre cinco familias: os Vázquez de Seixas, Ulloa, Lemos, Saavedra e Pardo.

As terras constituíronse como concello a comezos do século XIX. O 9 de agosto de 1834, durante as guerras carlistas, un destacamento da provincia de Pontevedra foi atacado por un grupo de carlistas dirixido polo canónico Martínez Villaverde. Os carlistas incendiaron a casa de Bañales, onde se resgardara a guarnición. O 19 de xullo de 1839 a columna liberal de Friol matou o faccioso Manuel Perdiz, vingando nel aquel desastre. En 1874 houbo un motín popular co gallo do sorteo da quinta de 125.000 homes, que provocou a queima dos documentos do arquivo municipal.

## ➤➤ 3. Os petróglifos

### 3.1. Historiografía

Como dixemos ó inicio deste traballo, non é moita a bibliografía que podemos atopar sobre a historia do noso concello.

A primeira mención do noso patrimonio prehistórico é unha pequena mención no *Corpus Petroglyphorum* de Sobrino Buhigas (Sobrino Buhigas, 1935) que recolleu Vázquez Seijas (Vázquez Seijas, 1945). Fai unha comparación coas coviñas portuguesas presentes na Citania de Briteiros, nos dólmenes de Locmariaquer e de Pierres Plates da Bretaña francesa; nos dolmens de Lough - Crew, Dowth, Knockmany, Muff, Sess Kilgreen en Irlanda e cos situados en Escocia, Inglaterra ou en Escandinavia. No momento en que escribe Vázquez Seijas danse varias interpretacións para as coviñas, sendo tomados como símbolos, ideogramas, xeroglíficos ou altares de relixións primitivas nas cales se practicaban artes máxicas.

Atopamos algunhas referencias no Boletín da Provincia de Lugo por parte de Carré Alvarellos que data de 1949, pero ata esa data o que atopamos son pequenas mencións que carecen de valor histórico ou/e científico.

En 1971 Manuel Carlos García Martínez na súa obra “Sobre la tipología de los grabados rupestres lucenses”, que publica no Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, ofrécenos unha catalogación dos gravados rupestres. Dun xeito pesimista fálanos dos poucos petróglifos que podemos atopar no interior galaico, ademais da súa escasa variedade tipolóxica.

Outra mención a destacar faina Xosé Manuel González Reboredo na súa colaboración no Boletín Auriense publicada en 1976 (González Reboredo, 1976). No seu artigo para esta revista fala do escaso valor que posúen os petróglifos lucenses, aínda que poidan aportar algún dato novo para resolver a problemática cronolóxica, simbólica e tipolóxica. Para intentar solucionar este conxunto de problemas, González Reboredo propón unha comparación con outras zonas de Galicia, como a zona das Rías Baixas. E seguindo esta liña fai unha clasificación dos petróglifos lucenses. Fala de deseños solares, que nese momento se reducían á Pedra de Samarugo. Os antropomorfos e cruciformes estarían máis repartidos pola xeografía galega xerando ademais un debate sobre a súa cronoloxía.



Dentro do mesmo artigo inclúe un rexistro das estacións rupestres lucenses coñecidas no momento da publicación do artigo, 1976. Menciona as estacións rupestres de Proendos (Sober), a do Incio, do Pena Castrillón, Pena do Samarugo (Vilalba), Buriz (Guitiriz), ou outras estacións en Pantón e Guntín. Outra estación de relevancia mencionada neste artigo foi a atopada en 1972 no lugar de As Mezoiras (parroquia de Buriz). Esta estación consta de dous penedos de granito, un coberto por coviñas de diferentes tamaños, e o outro que presenta na súa cara Oeste un deseño de catro círculos concéntricos con coviña central e radio que os corta.

A valoración que fai González Reboredo das estacións que inclúe neste artigo é que non hai seguridade na cronoloxía e interpretación dos petróglifos. Remata facendo unha interpretación propia das formas cruciformes, chegando á conclusión de que esta figura cruciforme podía ser resultado dunha cristianización tardía ou dunha simple marca divisoria entre dúas zonas.

No ano 1984, Solla Fontán realiza un estudo centrado na estación rupestre do concello de Sarria (Solla Fontán, 1984). Sobre a zona de Sarria tamén traballaron Filgueira Rey e Rodríguez Fernández (1994).

Nos anos noventa xorden novos traballos sobre zonas concretas como o traballo feito por Costas Goberna sobre Antas de Ulla (Costas Goberna 1993/94). Tamén cabe mencionar os traballos feitos sobre a zona do Deza (Pontevedra), comarca contigua á de Sarria onde se atoparon numerosas representacións de armas, modificándose así, tal como apunta Fábregas Valcarce (2009) a distribución destes motivos, que ata ese momento eran moi escasos no interior.

No 2008 Rodríguez Rellán, Fábregas Valcarce e Gorgoso López publican un artigo no que falan especificamente do conxunto de petróglifos do Campo da Uz. Máis adiante faremos unha pausa para falar deste interesante conxunto rupestre.

Xa nos últimos anos, González Aguiar (2012) ofrece unha introdución ós petróglifos ao sur da provincia de Lugo, concretamente nas comarcas de Chantada, Terra de Lemos e Quiroga.

Os traballos realizados na provincia de Lugo centráronse na prospección e catalogación das estacións rupestres, obtendo resultados moi positivos. A potencialidade da zona fai que aficionados locais se interesen por eses paneis e axuden á identificación dos mesmos. Con toda probabilidade os futuros traballos de investigación na provincia aumentarán o número, a calidade e a distribución das estacións.

### 3.2. Qué son os petróglifos?

Para comezar, debemos explicar o que son os petróglifos ou gravados ao aire libre. Chamamos petróglifos ó conxunto de gravados ao aire libre sobre rocha característicos da arte rupestre galega. Constitúen a manifestación artística máis importante da Prehistoria recente da nosa rexión, e tamén unha das máis importantes da Europa Occidental, en claro parangón con outros exemplos europeos como o alpino, o británico ou o escandinavo, os cales contan cun maior recoñecemento e consideración. (Peña Santos e Rey, 2001).

A arte rupestre conta hoxe en día con máis de tres mil rochas gravadas cun elenco de figuras moi variado. Presenta unhas características propias que nos permite individualizala sen ningún problema. Rey García e Peña Santos (2001) inclúen dentro da arte rupestre tanto os monumentos megalíticos como os gravados en rocha ou petróglifos. Os primeiros son unha representación centrada e relacionada cunha preocupación transcendental: a morte. Pola súa parte, os petróglifos, comezan a ter un gran recoñecemento entre o público e forman o denominado Grupo Galaico da Arte Rupestre.

Son parte integrante da nosa paisaxe dende fai uns cinco mil anos. Non obstante, unha das tarefas pendentes por parte da arqueoloxía galega é a do establecemento duns límites cronolóxicos claros para a arte rupestre ao aire libre. Tal circunstancia débese á dificultade para obter datacións absolutas dos gravados executados nas superficies graníticas nas que, por outra banda, as superposicións son escasas e difíciles de avaliar.

Nos últimos anos xurdiron propostas alternativas como a de Santos e Seoane (2010) nas que se contempla a posibilidade de que unha boa parte dos motivos pertencen á Idade do Ferro, pero resulta

complicado asegurar que o groso dos gravados pertencen a esta etapa. A cronoloxía máis aceptada pola comunidade investigadora é a proposta recentemente por autores como Fábregas Valcárce e Rodríguez Rellán (2012), que centrarían o núcleo principal da arte rupestre no Calcolítico e principios da Idade do Bronce, considerando a posibilidade dunha extensión temporal deste fenómeno ata mediados do II Milenio a.c e, no límite inferior, cara os séculos centrais do IV.

Os petróglifos atópanse en maior número na zona das Rías Baixas, cun núcleo central na zona do Río Lérez no que destaca Campo Lameiro. Os estudos publicados por Aparicio Casado, Carrera Ramírez e Peña Santos (2013) chegan á conclusión de que amosan unha certa preferencia polas zonas a media altura na que destacan os outeiros, elementos da paisaxe natural que rompen a uniformidade da paisaxe; creando espazos, diferenzas de cota e vexetación que condicionan os cursos das augas e as vías de paso.

Estamos ante unha elección completamente consciente. Tampouco é casualidade a superficie escolida para gravar os motivos. O máis probable é que optaran polo gravado porque buscaban a permanencia da obra no tempo, algo que dificilmente se pode conseguir coa pintura, o que supón empregar unha gran cantidade de tempo e esforzo. (Vázquez Varela, 1990).

Atendendo á súa tipoloxía Peña Santos e Vázquez Varela (1979) dividen os petróglifos en dous grandes grupos moi relacionados entre si: un grupo de temática naturalista e outro grupo de carácter xeométrico. Para a mellor comprensión dos gravados rupestres, faremos a continuación unha breve descrición dos motivos máis frecuentes en cada un dos dous grupos mencionados anteriormente.

Cando falamos de figuras cun carácter naturalista dámonos conta de que a maior parte deste tipo de gravados representan animais cuadrúpedes. O conxunto dos cérvidos é o máis numeroso e son representados en actitudes características do seu comportamento natural, tanto illados coma en grupos. Adoitan aparecer representados pequenos grupos de femias e/ou machos trotando e presididos polo macho dominante. As súas cornamentas son esaxeradamente grandes. Tamén se representan escenas relacionadas co carácter reprodutor, resaltando os xenitais de forma explícita e berrando. Mesmo podemos atopar algunha escena de cópula. Un exemplo representativo é o gravado de Pedra da Beillosa en Campo Lameiro (Rodríguez Rellán et al, 2010).

A representación da figura humana non é moi numerosa, e tampouco conteñen moitos detalles nas superficies graníticas. As que xeran máis polémica son as figuras cruciformes, que en numerosas ocasións foron interpretadas como figuras antropomorfas. Debemos ser coidadosos con estas afirmacións, pois poden levarnos a erros, como ven sucedendo ó longo dos anos.

Neste punto debemos mencionar a obra de Ferro Couselo, Sobre os petróglifos de término (1952), na que fai unha mención explicando os posibles significados das cazoletas e os cruciformes.

As representacións de armas tampouco son moi abundantes pero son de gran interese pola posibilidade de comparar os gravados con modelos metálicos, o que nos permitiría establecer unha cronoloxía fiable ó fenómeno da arte rupestre ó aire libre. Pero a falta de rigorosidade, tal como apuntan Costas Goberna e Novoa Álvarez (1993), a ausencia de detalles e a súa desproporción pode levarnos a confusións.

Polo que se refire ós conxuntos xeométricos, moitos autores como Rey García e Peña Santos (2001) destacan a súa similitude cos grupos coñecidos das Illas Británicas, xa que existían caracteres comúns derivados dos contactos frecuentes entre as Illas Británicas e o Noroeste da Península Ibérica. Aparicio Casado e Peña Santos teñen relacionado as figuras dos labirintos e as espirais cos atopados na zona mediterránea, aínda que estes últimos teñen unha datación máis antiga (Aparicio Casado e Peña Santos, 2011). O labirinto é a forma máis coñecida, a pesar de non ser moi abundante.

É unha figura enigmática que podemos atopar noutras zonas de Europa e incluso en América do Norte. Chama a atención tanto polo seu deseño como pola súa distribución xeográfica. Como exemplo máis destacado debemos mencionar o Labirinto de Mogor, sito en Marín (Pontevedra) (Peña Santos, 1981) ou a Pedra do Cribo, estudada por Rodríguez Casal e Grandío de Fraga (1978).

As espirais non son moi numerosas e aparecen a miúdo en compañía das combinacións circulares. Podemos distinguir dous tipos en función da dirección do seu xiro: dextroxiro ou levoxiro. Sobre o seu significado apareceron as máis variadas teorías. Podemos relacionar a súa orixe co megalitismo,

que podemos constatar nas cámaras megalíticas da fachada atlántica, como a coñecida en Newgrange (Irlanda). Pero en Galicia atopamos exemplos claros no Castro de Santa Tegra ( A Garda) estudado por Costas Goberna e Novoa Álvarez (1993), ou na zona de Muros estudada por Eiroa García e Rey Castiñeira (1984).

As combinacións circulares son o motivo máis abundante; a forma máis numerosa de presentación son composicións a base de círculos concéntricos que oscilan entre dous e seis círculos, aínda que temos casos onde se supera esa cifra, como pode ser o grupo do Monte Tetón de Tebra (Tomiño), onde atopamos dezaoito círculos concéntricos. Tamén se poden representar de forma simple ou con covañas no seu interior. En ocasións estas figuras aproveitan as protuberancias da rocha soporte. (Costas Goberna e Novoa, 1993).

Hai outras figuras minoritarias como as esvásticas, que se poden tratar de gravados feitos con instrumentos metálicos e que se diferencian dos tipos que podemos clasificar como castrexos. Peña Santos e Vázquez Varela xa en 1979 databan estes gravados nun momento avanzado da Idade do Bronce sen poder ser moito máis precisos. É moi posible que estean relacionados coa simboloxía solar e contan con equivalentes no Mediterráneo prehistórico e protohistórico.

### 3.3 Os petróglifos de Friol: unha visión de conxunto

Agora pasaremos a estudar os motivos máis frecuentes, a superficie sobre os que están grabados e a súa situación xeográfica. O concello de Friol conta con 16 petróglifos rexistrados na Dirección Xeral de Patrimonio, aínda que hoxe sabemos que o número de petróglifos é maior. A maioría dos petróglifos sitúanse en altitudes medias (arredor dos 300 m de altitude máis ou menos), sendo escasos nas altitudes medias altas.

Xeralmente, o soporte escollido para realizar os gravados son lousas de esquisto horizontais de superficie plana, case sempre orientadas ó sur. Son afloramentos de esquisto que se distribúen por toda a provincia de Lugo. A inmensa maioría das covañas están gravadas sobre esquisto. O substrato xeolóxico en Galicia é predominantemente granítico, especialmente nas Rías Baixas e Altas. No caso da provincia de Lugo, dáse unha importante concentración de substrato xistoso. Debemos ter en conta, que o feito de que en Lugo haxa un predominio de xisto, vai condicionar o soporte empregado, aínda que se nos




Figura 1. Gráfica dos gravados máis comúns na Provincia de Lugo. Fonte: Elaboración propia.

remitimos aos feitos, naquelas zonas onde hai abundancia de xisto e algún afloramento granítico, os gravadores van recorrer a ese soporte granítico. Polo tanto, aínda que en Lugo seguimos tendo un importante número de soportes gravados en granítico, tamén, atopamos un gran número de petróglifos gravados en xisto ou pizarra, especialmente no sur lucense.

En todas as estacións rupestres da provincia de Lugo se documenta o mesmo tipo de representación: cazoletas con diámetro variable, normalmente inferior ós 14 cm, e dunha profundidade media duns 6 cm. Este motivo está presente en máis do 90% dos petróglifos do concello de Friol. A diferenza dos petróglifos sobre granito, é relativamente sinxelo averiguar se as cazoletas son de orixe natural ou artificial. Hai que apuntar que a degradación natural do xisto se produce por exfoliación, polo que na maioría dos casos se pode descartar que estes gravados sexan o resultado de procesos erosivos naturais (Filgueiras Rey e Rodríguez Fernández, 1994).

É frecuente atopar gravados onde só se conserva o fondo das cazoletas, que polo xeral son circulares, mais tamén atopamos cazoletas de forma rectangular, elípticas ou cuadrangulares. En numerosas ocasións as cazoletas están unidas entre sí por canles (normalmente de escasa profundidade), xa sexan rectos ou curvos, chegando a formar representacións de gran complexidade. Outros motivos representados son os reticulados e as cazoletas inscritas nun rectángulo.

Tamén están presentes as formas cruciformes, en moitas ocasións relacionándoos con motivos antropomórficos ou cunha cristinización temperá.

Son inexistentes outros motivos como as ferraduras, espirais ou antropomórficos, máis típicos doutras partes de Galicia como a zona das Rías Baixas en Pontevedra, onde estes motivos son máis frecuentes. Están completamente ausentes as representacións de animais como poden ser os cérvidos.




Figura 2. Tipoloxía dos petróglifos galegos. Peña Santos, 1999.




Figura 3. Cronoloxía dos petroglifos de Galicia. Peña Santos, 1999.

Como podemos observar, segundo este cadro cronolóxico, establécese que xa podemos datar as cazoletas no Neolítico-Megalítico e que chegarían ata a Idade do Ferro, polo que establecer unha cronoloxía exacta das cazoletas lucenses resultaría moi complicado. No eneolítico aparecen, espirais, cérvidos e o grupo das armas (todos eles ausentes na provincia de Lugo). Os máis tardíos serían as esvásticas, as paletas e os labirintos (tamén ausentes na provincia de Lugo), que se datarían no Bronce Final.

Non obstante, hai quen pretende darlle unha nova dimensión que inscribe os motivos dentro do discurso funerario característico do fenómeno tumular como Filgueiras Rey e Rodríguez Fernández. (Filgueiras Rey e Rodríguez Fernández, 1994). Consideran que os petróglifos non deberían verse de forma illada senón que deben ser tratados como un conxunto, xa que parecen ser composicións ordenadas e combinadas intencionadamente e poden ser máis complexos se se ten en conta a execución técnica.

Atopáronse gravados nas paredes interiores dos ortostatos das cámaras, polo que supostamente estarían relacionados co mundo funerario. Estableceríase deste xeito, unha relación metonímica entre os gravados e a morte. Así pois os gravados, tanto ó aire libre como no interior das cámaras estarían dotados de significación simbólica funeraria representando ideas abstractas de tipo relixioso (relacionándose con rituais) e ideolóxico. Sen embargo, esta teoría aínda está sen demostrar.

Pero Filgueira Rey e Rodríguez Fernández non son os primeiros en vincular as cazoletas con rituais funerarios e o culto as mortes. No ano 1952, Ferro Couselo preséntanos na súa tese de doutoramento (1952) documentación medieval e moderna que fala das cazoletas, referíndose a elas como burgarios ou pena burgata cando se empregaba o latín ou o castelán, pero en lingua romance as cazoletas eran denominadas buxeiros, facendo referencia a un burato. Dinos tamén que o Padre César Morán (1851-1882) relaciona os petróglifos coa morte, dándolles varias interpretacións, como o número de persoas que foron, depósitos que se facían para recoller o sangue de vítimas de sacrificios, sendo tomados como altares druídicos, ou como o número de persoas que foron a un enterro ou acto de relevancia, o número de fillos que deixaba o falecido, ou incluso o número de defuntos que ían ser enterrados nun dolmen. Pero Ferro Couselo inclínase por pensar que son marcas divisorias entre varios territorios, basándose na documentación medieval e moderna.

A cotinuación preséntase unha listaxe con todos os petróglifos do concello de Friol.



### 3.4. Listaxe

#### **1. Petróglifo de Pena Cabaleira.**

**Parroquia:** Pacio **Lugar:** Burgo **Coordenadas UTM:** X: 601.385 Y: 4. 756.862

**Emprazamento:** O gravado sitúase na pendente superior dunha altiplanicie, nunha zona de pinos.

**Grao de alteración:** O petróglifo atópase pouco alterado. Só hai marcas de erosión natural.

**Descrición:** Trátase dun conxunto de rochas de xisto con gravados sinxelos que consisten en cazoletas.

#### **2. Petróglifo de Pena Porreira.**

**Parroquia:** Pacio **Lugar:** Burgo **Coordenadas UTM:** X: 601.230 Y: 4.756.976 **Emprazamento:** Atópase un afloramento na parte alta duha ladeira con certa pendente. **Grao de alteración:** O petróglifo atópase pouco alterado. Só hai marcas de erosión natural.

**Descrición:** Trátase dunha serie de cazoletas, resulta complicado precisar o número. Hai unha rocha central subdividida en tres partes por diaclasas. Esta rocha mide 14,5 m de ancho, 6,25 m por longo e 2 m de alto. Destaca un motivo oval de 20 cm de longo e 5 cm de profundidade.

#### **3. Petróglifo de Penelas.**

**Parroquia:** Guldriz **Lugar:** Os Pedrouzos **Coordenadas UTM:** X: 601.736 Y: 4.764.062

**Emprazamento:** Nun espolón do val do río Lodoso.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** Trátase dunha serie de cazoletas sobre dúas rochas de granitos. As rochas miden 6,8 m de ancho por 8,5 m de longo e 1,20 m de alto; e 2,75 m de ancho por 1,80 m de longo por 0,5 m de alto. As cazoletas oscilan entre os 7 cm e 11 cm e de 2 a 3 cm profundidade.

#### **4. Petróglifo II de Penelas.**

**Parroquia:** Guldriz **Lugar:** Os Pedrouzos **Coordenadas UTM:** X: 601.880 Y: 4.764.010

**Emprazamento:** Nun espolón do val do río Lodoso.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** 4 cazoletas de distinto tamaño sobre unha rocha granítica de 7 m de ancho por 2 cm de longo e unha altura de 60 cm. Destacan dúas cazoletas grandes de 10 cm de diámetro e catro cm de profundidade, e dúas cazoletas máis pequenas de 5 cm de diámetro e 2 cm profundidade.

#### **5. Petróglifo de Mera.**

**Parroquia:** Guldriz **Lugar:** Mera **Coordenadas UTM:** X: 602.534 Y: 4.763.171

**Emprazamento:** O petróglifo atópase nunha estribación a boa altura.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** Nun afloramento granítico atópase unha cazoleta de 7 cm de diámetro e 3 cm de profundidade.

#### **6. Petróglifo I de Monte de Lamas.**

**Parroquia:** Guimarei **Lugar:** Campo da Feira **Coordenadas UTM:** X: 601.463 Y: 4.761. 455

**Emprazamento:** o petróglifo atópase sobre un espolón nunha zona de monte.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** Varias cazoletas, unidas por trazos lineais curvos. Máis dunha veintena de cazoletas unidas por surcos rectilíneos ou curvos. Ademais hai dúas cruces. A rocha mide 5,75 m de longo por 5 m de ancho e dunha altura de 1,10 m. As cazoletas miden ó redor de 6 – 11 cm de diámetro.

**7. Petróglifo II de Monte de Lamas.**

**Parroquia:** Guimarei **Lugar:** Campo da Feira **Coordenadas UTM:** X: 601.464 Y: 4.761.362

**Emprazamento:** Sobre un espolón nunha zona de monte.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** Trátase de 6 cazoletas. Unha das cazoletas ten un surco rectilíneo que parte do seu extremo.

**8. Petróglifo III de Monte de Lamas.**

**Parroquia:** Guimarei **Lugar:** Campo da Feira **Coordenadas UTM:** X: 601.452 Y: 4.761.370

**Emprazamento:** O petróglifo atópase sobre un espolón nunha zona de monte.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** Trátase de 3 cazoletas pouco gastadas. A rocha mide 3,2 m de longo por 1,4 m de ancho. As cazoletas miden arredor de 8 cm de diámetro.

**9. Petróglifo IV de Monte de Lamas.**

**Parroquia:** Guimarei **Lugar:** Campo da Feira **Coordenadas UTM:** X: 601.527 Y: 4.761.065

**Emprazamento:** Sobre un espolón nunha zona de monte.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** 2 cazoletas unidas por un trazo recto. A rocha mide 1,22 m de longo por 0,7 m por ancho e 0,8 m de alto. As cazoletas miden uns 5 cm de diámetro.

**10. Petróglifo do Campo da Feira.**

**Parroquia:** Guldriz **Lugar:** Campo da Feira **Coordenadas UTM:** X: 601.463 Y: 4.761.851

**Emprazamento:** Sobre un espolón nunha zona de monte.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** 2 rochas graníticas con moitas cazoletas unidas por surcos rectilíneos. As rochas miden 4 m de longo por 11 m de ancho e 1,8 m de longo por 2 m de ancho e 0,5 m de alto. As cazoletas miden entre 3 e 10 m de diámetro.

**11. Petróglifo do Campo da Feira.**

**Parroquia:** Guldriz **Lugar:** Campo da Feira **Coordenadas UTM:** X: 601.462 Y: 4.761.983

**Emprazamento:** O petróglifo atópase sobre un espolón nunha zona de monte.

**Grao de alteración:** O petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** Máis de 20 cazoletas nunha rocha que mide 3,75 m de longo por 4,05 m de ancho e 1,20 m de alto. As cazoletas miden de 4 a 10 cm de diámetro.

**12. Petróglifo V de Quintá.**

**Parroquia:** Ousá **Lugar:** Quintá **Coordenadas UTM:** X: 602.153 Y: 4.770.908

**Emprazamento:** Situado a media altura no punto de maior pendente dunha ladeira.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** Conxunto de afloramento rochoso. En catro das rochas hai gravados que consisten en cazoletas de distinto tamaño unidas algunhas delas por canles. Nunha das rochas vemos un gravado con trazo oval unido a unha cazoleta. Sitúanse próximos a dous túmulos.

**13. Petróglifo da Pena da Auga.**

**Parroquia:** Ousá **Lugar:** Cordal de Ousá **Coordenadas UTM:** X: 602.282 Y: 4.771.496

**Emprazamento:** Gran afloramento na liña divisoria central dun cordal.

**Grao de alteración:** o petróglifo atópase pouco alterado.

**Descrición:** Profundas cazoletas así como 2 pías naturais unidas por un surco, ademais dunha pía que se une a outras dúas. Debaixo da rocha hai un abrigo que ten na súa base un enorme conxunto de máis de 100 cazoletas.

#### **14. Petróglifo da Pena do Couto.**

**Parroquia:** Trasmonte **Lugar:** Pena do Couto **Coordenadas UTM:** X: 600.263 Y: 4.773.218

**Emprazamento:** O petróglifo sitúase ó lado dun regato nun terreo dedicado a prados.

**Grao de alteración:** O xacemento está gravemente alterado.

**Descrición:** O grao de alteración impide distinguir os gravados.

#### **15. Petróglifo de Bouzaboa.**

**Parroquia:** Trasmonte **Lugar:** Bouzaboa **Coordenadas UTM:** X: 598.202 Y: 4.774.232

**Emprazamento:** Ó lado dun regato nunha zona de prados.

**Grao de alteración:** O xacemento atópase pouco alterado.

**Descrición:** Trátase de 10 cazoletas de 5 cm de diámetro situadas nunha rocha dun 6 m de altura.

#### **16. Petróglifo de Pena da Uz.**

**Parroquia:** Miraz **Lugar:** Pontella **Coordenadas UTM:** X: 594.049 Y: 4.775.399

**Emprazamento:** o petróglifo sitúase nun outeiro a monte baixo.

**Grao de alteración:** O petróglifo está pouco alterado.

**Descrición:** 3 cazoletas de gran tamaño de 15 cm, 11 cm e 12 cm de diámetro.

## ➔ 4. Os túmulos

### 4.1. Historiografía

Ó longo do século XIX o monumento megalítico desempeña a súa función territorial. Isto forma parte dun proceso social máis xeral, no cal a ascendencia céltica dos galegos será a tese máis esgrimida polos historiadores da época para xustificar unha singularidade, cando non unha superioridade, da poboación galega fronte á foránea.

O primeiro autor que inicia a tendencia historiográfica de corte celtista en Galicia é J. Vereá y Aguiar. A súa *Historia de Galicia*, de 1838, supón un avance en dous sentidos: en primeiro lugar porque fai proceder os monumentos megalíticos dos celtas, polo tanto, nun período prerromano; e por outro lado, porque o coñecemento do Megalitismo doutras zonas de Europa lévao a realizar comparacións e paralelismos terminolóxicos (Vereá y Aguiar, 1838, p. 136).

Pola súa parte, a *Historia de Galicia* de M. Murguía é considerada como o fito principal da historiografía galega do século XIX, tanto dende o punto de vista histórico como político. Unha das principais aportacións do autor ó estudio do Megalitismo é a de ser o primeiro en sinalar o significado territorial dos monumentos, así como a toma de conciencia do gran número de mámoas que existen en Galicia.

A obra de H. Obermaier suporá un punto de partida para moitos outros autores que continuarán engrosando o corpus historiográfico con traballos de notable rigor científico, entre quen cabe destacar a F. Maciñeira, F. López Cuevillas y G. e V. Leisner. Con eles ábrese un segundo período da historiografía do Megalitismo do século XX, unha etapa que algúns autores denominan como de “despegue da investigación”. A mediados do século XX vaise definir unha tipoloxía para os monumentos megalíticos. F. Maciñeira (1941, p. 358 y ss.) propón tres grandes tipos de monumentos (simples, de corredor e cistas), tendo en conta que “os túmulos dolménicos precederon ós simples”. Temos que esperar a 1944 para que

o Instituto “Padre Sarmiento” de Estudos Galegos, dependente del Consello Superior de Investigación Científicas, comece a súa andadura; a partir de 1957 e ata 1966 a bibliografía non recolle noticias sobre novas escavacións en túmulos, interrupción de case dez anos motivada polo cambio xeracional que se estaba producindo na investigación arqueolóxica do país. Ese cambio non se dará ata que novos arqueólogos, vinculados á Universidade de Santiago de Compostela e ó Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, comecen a desenvolver a súa actividade a finais dos anos sesenta.

Por outra parte, e xa nos anos oitenta, A. A. Rodríguez Casal (1983-1984) publica un estado da cuestión onde destaca o estudio da relación entre Megalitismo e medio físico, proponendo unha síntese da distribución dos monumentos en toda Galicia que parte da división xeomorfolóxica como marco analítico.

Xa nos anos noventa, e ata a actualidade destacan os traballos de Rodríguez Casal (1990), Fábregas Valcarce (1991), Bradley (1998) ou Núñez Jato (2008).

#### 4.2. Que é o megalitismo?

Os monumentos funerarios de tipo tumular están documentados en gran número en Galicia e Norte de Portugal, entre fins do IV milenio e a primeira metade do II milenio a.C. Aínda que as súas características cambiaron ó longo do tempo, ocuparon sempre un lugar visible na paisaxe. Polo contrario, os lugares de habitación, ben abrigos rochosos ou asentamentos ó aire libre, tiveron un carácter efímero e nunca destacaron na paisaxe. Esa tendencia continuou ata o Bronce Final, cando comenzaron a emerxer asentamentos fortificados e de carácter estratéxico, ó tempo que os monumentos funerarios aparentemente desapareceron por completo. Así, construcións monumentais dedicadas ós vivos, reemplazarían ás anteriormente dedicadas ós mortos. Sen embargo, podería non ser unha tendencia xeneralizada, pois en áreas interiores do NO onde o hábitat permanente parece ser algo máis tardío, ou en rexións veciñas como Asturias, onde o “vacío habitacional” continúa incluso ata a Conquista Romana, os monumentos funerarios tumulares poderían terse prolongado máis que no resto.

Os comezos do Megalitismo en Galicia poden rastrearse desde finais do V milenio e xa máis claramente desde inicios do IV milenio, momento caracterizado pola construción de monumentos pétreos, fundamentalmente sepulturas colectivas recubertas por un túmulo. Este momento é considerado o primeiro na Historia da Humanidade no que a paisaxe é estruturada conforme a criterios culturais, polo que é frecuente que se caracterice como o primeiro período de antropización real da paisaxe. O desenvolvemento do Neolítico e o Megalitismo no Noroeste da Península Ibérica parece corresponderse cunha sucesión de factores e ideas chegados desde o centro de Portugal. A evidencia arqueolóxica débúxanos unha situación de continuidade e identidade entre os últimos cazadores recolectores epipaleolíticos e as primeiras comunidades produtoras de alimentos. A finais do V milenio podemos falar xa dun Neolítico Medio, momento da eclosión do Megalitismo. Os asentamentos deste período son escasos e mostran unha continuación do poboamento anterior. (Fábregas Valcarce, 1991).

A modo de sínteses, podemos propoñer catro estadios cronolóxico-culturais, acordes coas datacións radiocarbónicas dispoñibles:

- Fin do V milenio. Primeiras ocupacións esporádicas premegalíticas.
- IV milenio. Megalitismo inicial, desde ca. 4.000 ó 3.500 a.C. asistimos á construción de dólmenes simples sen corredor e enterramentos en fosa con industrias arcaicas.
- Mediados do IV milenio. Megalitismo pleno, desde o 3.500 ó 2.500 a.C. temos os primeiros dólmenes de corredor, con procesos de modificación e complexización.
- Mediados do III milenio. Megalitismo final, desde o 2.500 ó 800 a.C., caracterizado por enterramentos en cista e fosa con presenza de cinceis, machadas ou mazas perforadas.

Algúns destes túmulos foron reempregados máis tarde, en época romana, como postos de vixilancia. Exemplos disto son o campamento da Cidadela (Sobrado). Bastantes deles foron destruídos en época recente co obxecto de atopar supostos tesouros de ouro ou como consecuencia das actividades agrícolas (labradíos, repoboacións forestais), apertura de estradas, establecemento de industrias etc. De moitos fica xa só a lembranza na toponimia.

### 4.3. Os túmulos de Friol: unha visión de conxunto

Os túmulos de Friol comparten plenas características co resto de túmulos de provincia de Lugo. Adoitan emprazarse en grandes unidades orográficas como coedos, ladeiras, outeiros etc... Tamén se localizan algúns túmulos preto de vías de paso. No referente a recursos hídricos, a maioría dos túmulos atópanse preto dun río ou regato. Por outra parte, a análise do alforamento rochoso e o substrato sobre o que se asentan os monumentos megalíticos dinos que a maioría dos túmulos se asentan sobre afloramentos de xisto, algo natural se temos en conta que é o material máis abundante na provincia de Lugo, aínda que debemos destacar que hai unha porcentaxe de túmulos que se asentan sobre alforamentos graníticos. Tamén debemos destacar a abundancia de cuarzos e cuarcitas que se atoparon sobre a superficie nestes xacementos.

Por outra banda, debemos ter en conta que a maioría dos túmulos se atopan en moi mal estado de conservación. Na maioría dos casos débese á actividade agrícola (arados, tractores, etc) levada a cabo sobre os xacementos. Sen embargo, nalgúns casos consérvanse pedras fincadas e restos que poden pertencer á cámara e á coraza, incluso hai algún exemplar que conserva a cámara completa, como pode ser o Dolmen de Muruxosa, en Cotá. Trátase dunha pequena anta de estrutura poligonal tendente a circular cunha pedra cobertora monolítica e sen vestixios do corredor de entrada. Conserva seis esteios e a tampa esta apoiada en tres deles. O esteio número seis atópase apoiado na tampa oblicuamente e sobresa por encima dela, polo que é doado supoñer que non está na súa posición orixinal.



Figura 4. Fotografía que mostra o Dolmen de Muruxosa, en Cotá.

En canto ó tamaño, case todos teñen un tamaño medio, semellante ó resto dos túmulos da provincia de Lugo, non obstante, contamos con algúns túmulos de gran tamaño, os cales están recollidos na listaxe que se presenta a continuación.



#### 4.4. Listaxe

##### **1. Túmulo I das Gándaras de Relucín.**

**Parroquia:** Carballo/**Xiá Lugar** Gándaras de Relucín

**Coordenadas UTM:** X: 593.747 Y: 4.763.952

**Emprazamento:** O túmulo atópase no inicio dunha pequena estribación nunha zona baixa, situada nunha zona de repoboación forestal e de monte baixo.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase case destruído. 2/3 partes do túmulo foron arrasadas por un cruce de pistas forestais.

**Descrición:** O que se conserva da cámara presenta un profundo cono de violación. Conservase algo máis da terceira parte dun túmulo de grandes dimensións. Presenta unha cámara formada por grandes lousas de ata, 1,50 m de altura, pero non se pode precisar a súa altura ou a existencia de corredor, debido ó seu estado de conservación. Presenta coraza e restos de cuarzo e cuarcitas duns 20 cm de diámetro. Apréciase un cono de violación central de 4 m no seu eixo Norte – Sur; 6 m no eixo Este – Oeste e 2,20 m de altura e 1,50 m de profundidade.

##### **2. Túmulo I de Monte Candaide.**

**Parroquia:** Carballo **Lugar:** Monte Candaide

**Coordenadas UTM:** X: 592.289 Y: 4.763.560

**Emprazamento:** O túmulo sitúase no sudeste dunha dorsal do Monte do Cordal, emprazado nunha pendente suave. A zona está afectada por unha repoboación forestal.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase gravemente alterado.

**Descrición:** Presenta un cono de violación central de pequeno tamaño. Está cortado na zona sudeste por unha pista. No seu eixo de Norte a Sur mide 20,5 m, no eixo de Este a Oeste de 26,5 m, e unha altura de 1,80 m. Ten un cono de violación de 6,80 m de Norte a Sur; 5,70 m de Este a Oeste e 70 cm de profundidade.

##### **3. Túmulo II de Monte Candaide.**

**Parroquia:** Carballo **Lugar:** Monte Candaide

**Coordenadas UTM:** X: 592.251 Y: 4.763.515

**Emprazamento:** O túmulo sitúase no sudeste dunha dorsal do Monte do Cordal, emprazado nunha pendente suave. A zona está afectada por unha repoboación forestal.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase gravemente alterado.

**Descrición:** Mide no seu eixo de Norte a Sur 22,5 m, de Este a Oeste 25 m e unha altura de 1,30m.

##### **4. Túmulo III de Monte Candaide.**

**Parroquia:** Carballo **Lugar:** Monte Candaide

**Coordenadas UTM:** X: 592.223 Y: 4.763.542

**Emprazamento:** O túmulo sitúase no sudeste dunha dorsal do Monte do Cordal, emprazado nunha pendente suave. A zona está afectada por unha repoboación forestal.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase gravemente alterado.

**Descrición:** Mide no seu eixo de Norte a Sur 13 m, de Este a Oeste 20, 5 m e unha altura de 1,80m. Presenta un cono de violación de 4,20 m no seu eixo Norte – Sur, 5,40 m no seu eixo Este oeste, e unha profundidade de 40 cm.

##### **5. Túmulo IV de Monte Candaide.**

**Parroquia:** Carballo **Lugar:** Monte Candaide

**Coordenadas UTM:** X: 592.243 Y: 4.763.567

**Emprazamento:** O túmulo sitúase no sudeste dunha dorsal do Monte do Cordal, emprazado nunha pendente suave. A zona está afectada por unha repoboación forestal.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase gravemente alterado.

**Descrición:** Mide no seu eixo de Norte a Sur 20 m, de Este a Oeste 20,5 m e unha altura de 2,20 m. Presenta un cono de violación de 5,80 m no seu eixo Norte – Sur, 7 m no seu eixo Este – Oeste, e unha profundidade de 80 cm.

#### **6. Túmulo V de Monte Candaide.**

**Parroquia:** Carballo **Lugar:** Monte Candaide

**Coordenadas UTM:** X: 591.918 Y: 4.763.723

**Emprazamento:** O túmulo sitúase no sudeste dunha dorsal do Monte do Cordal, emprazado nunha pendente suave. A zona está afectada por unha repoboación forestal.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase gravemente alterado.

**Descrición:** Aprécianse pedras que poden pertencer á coraza. Mide no seu eixo de Norte a Sur 15,20 m, de Este a Oeste 14,80 m e unha altura de 1,10 m. Presenta un cono de violación de 4,50 m no seu eixo Norte – Sur, 5 m no seu eixo Este – Oeste, e unha profundidade de 30 cm.

#### **7. Túmulo V de Monte Candaide.**

**Parroquia:** Carballo **Lugar:** Monte Candaide

**Coordenadas UTM:** X: 592.180 Y: 4.763.530

**Emprazamento:** O túmulo sitúase no sudeste dunha dorsal do Monte do Cordal, emprazado nunha pendente suave. A zona está afectada por unha repoboación forestal.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase gravemente alterado.

**Descrición:** Mide no seu eixo de Norte a Sur 19,5 m, de Este a Oeste 20,5 m e unha altura de 1,50 m. Presenta un cono de violación de 5,80 m no seu eixo Norte – Sur, 5,50 m no seu eixo Este – Oeste, e unha profundidade de 40 cm.

#### **8. Túmulo III de Relucín.**

**Parroquia:** Carballo/Xiá **Lugar:** Gándaras de Relucín

**Coordenadas UTM:** X: 593.889 Y: 4.764.060

**Emprazamento:** O túmulo atópase no inicio dunha pequena estribación nunha zona baixa, situada nunha zona de repoboación forestal e de monte baixo.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase case destruído.

**Descrición:** É un túmulo rebaixado 40 cm. Trátase dun gran túmulo que mide no seu eixo de Norte a Sur 32 m, de Este a Oeste 38,5 m e unha altura de 3 m. Presenta un cono de violación de 4,20 m no seu eixo Norte – Sur, 5,40 m no seu eixo Este – oeste, e unha profundidade de 40 cm.

#### **9. Túmulo III de Relucín.**

**Parroquia:** Carballo/Xiá **Lugar:** Gándaras de Relucín

**Coordenadas UTM:** X: 593.889 Y: 4.764.060

**Emprazamento:** O túmulo atópase no inicio dunha pequena estribación nunha zona baixa, situada nunha zona de repoboación forestal e de monte baixo.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase case destruído.

**Descrición:** Trátase dun gran túmulo que mide no seu eixo de Norte a Sur 32 m, de Este a Oeste 38,5 m e unha altura de 3 m.

**10. Túmulo V de Relucín.**

**Parroquia:** Carballo/Xiá **Lugar** Gándaras de Relucín

**Coordenadas UTM:** X: 594.186 Y: 4.764.163

**Emprazamento:** O túmulo atópase no inicio dunha pequena estribación nunha zona baixa, situada nunha zona de repoboación forestal e de monte baixo.

**Grao de alteración:** O túmulo atópase case destruído.

